





ANTONIO COUCEIRO FREIJOMIL

HISTORIA DE PONTEDEUME E A SÚA COMARCA



ANTONIO COUCEIRO FREIJOMIL

**HISTORIA
DE
PONTEDEUME
E A SÚA COMARCA**

CUARTA EDICIÓN

1995

Edita:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
Dirección Xeral de Política Lingüística

Dep. Legal: C-750/95
I.S.B.N.: 84-453-1437-8

Deseño e maquetación: Marga Lamas
Imprime: Talleres Gráficos LOPEZ TORRE (Pontedeume)

PRÓLOGO

Esta **HISTORIA DE PONTEDEUME E A SÚA COMARCA** arrinca das múltiples notas que durante longos anos fun recollendo nas miñas continuas lecturas de traballos referentes a Galicia, sen abrigar outros propósitos que o de satisfacer-lo impulso sentimental de reunir e estudar, con particular curiosidade e satisfacción, todo canto se relacionase co pasado da terra natal. Segundo o tempo transcorría aquelas notas medraron tanto que houbo un momento no que as considerei documentación abonda para ousar tratar algúns puntos illados da historia local, máis como recreo que co ánimo de que algún día subministrasen materiais para un libro. Como moitas veces non me chegase ben coas noticias sacadas de distintos autores, nin aínda coa axuda das encontradas nos documentos que a bondade dalgúns amigos me permitiu consultar, decidín entregarme ó rexistro dos arquivos da vila, nos que agardaba atopar elementos cos que podería enche-los ocos percibidos no meu labor, e coido que non fun desafortunado na pescuda. Créndome xa posuidor dos materiais precisos, dei en depuralos e ordenalos consonte a un plano, e, por fin, completando uns temas, tratando outros de novo e encadeando uns noutros do mellor xeito que souben, acabei por constituí-lo corpo da presente obra.

A amizade coa que me honraba o sabio bibliotecario da Real Academia Gallega, don César Vaamonde Lores, insigne investigador da historia rexional a quen tanto debe o coñecemento pretérito da bisbarra do Eume, deume azos para someter ó seu alto xuízo o meu nada pretensioso ensaio. E en carta de 7 de abril do 1926 dignouse dedicar a esta HISTORIA as seguintes bondadosísimas palabras, nas que, sen dúbida, fala moito o afecto: *“Hoxe dei por rematada a lectura, que fixen de vagar, e, con toda sinceridade e sen que isto constituía adulación nin afago, direille que considero a súa obra coma un verdadeiro modelo de historias locais: escrita con toda a elegancia que esta clase de traballos permite, ben investigada e admirablemente metodizada. Por tan útil e fermoso libro quero felicitalo de todo corazón e escuso repetirlle que, fóra daquelas circunstancias, agrádame a HISTORIA por se tratar dun lugar dos meus devanceiros, dos que teño estudiadas as súas vicisitudes, que sempre pensei en relatar; desistindo agora de intentalo porque xa o fai vostede, e con moita máis vantaxe, acerto e extensión do que au puidese facelo”*. O mesmo

ilustre amigo, encariñado con esta HISTORIA e non querendo que permanecese inédita, promoveu a súa inserción no “Boletín da Real Academia Gallega”, onde veu aparecendo desde outubro do 1927, cos títulos de **PUNTEDEUME Y SU COMARCA. APUNTES HISTÓRICOS**. Xa en curso de publicación, en carta de 27 de decembro do devandito ano 1927, expresábame o benevolentísimo don César: “*O seu traballo -dígollo con verdade e sinceridade, e non adulación- é moi lido, estimado e gabado. As miñas impresións, que Vde. coñece desde antes de comeza-la publicación, vense agora confirmadas pola crítica.*”

O pasamento do douto e bo amigo, acaecido o 1 de xuño do ano 1942, privao da satisfacción que, de seguro, experimentaría ó poñer eu agora nas súas mans, retocada como convén e aumentada nalgúns puntos, a obra que tan xenerosamente acollera, e me dá a min a triste ocasión de render desde aquí un sentido e obrigado tributo de gratitude e veneración á súa imperecedoira e esclarecida memoria.

Na devandita carta, de 7 de abril do 1926, engadía aínda: “*Moito de lamentar é que a súa vila natal non patrocine tan preciosa obra, que sería o máis fermoso ornamento histórico de que se podería gabar Pontedeume.*” O patrocinio que don César Vaamonde Lores botaba de menos -patrocinio que nunca eu pensara solicitar- chega, á fin, espontaneamente: un antigo amigo, don Miguel López Torre, que harmoniza as súas actividades industriais na vila co gusto polas exquisiteces da cultura, pensou que a obra podería ser editada polo Concello de Pontedeume coa axuda dos outros do Partido e mais da Deputación Provincial; e o entusiasta e emprendedor alcalde, don Juan Sarmiento Patiño, bo amigo tamén, secundado polo celoso secretario da Corporación e inesquecible compañeiro dos anos de mocidade, don Ramón Álvarez Placer, acolle compracido a indicación e pon a empresa en marcha, solicitando con éxito a axuda económica destas entidades e fomentando a suscripción entre particulares, co fin de lle facer fronte ós gastos dunha edición coidada, elegante e profusamente ilustrada, coa intención de que, polo número de suscriptores, resulte cada exemplar a un prezo moderado. Para este fin traballan tamén algúns excelentes compañeiros, dos que me comprazo en rexistrar aquí os seus nomes: Alberto Leira Varela, Francisco López Quiveu, Dimas Tenreiro del Río, Román Piñeiro Carrillo e Adolfo Rey Martínez. O autor -que non escribiu este libro con propósitos de lucro, senón obedecendo a estímulos puramente afectivos, avivados pola ausencia da terra nai- ten recompensa abonda con poderlle ofrecer ó seu lugar de nacemento unha HISTORIA da que os seus feitos sirvan de nobre orgullo a cantos alí tiveron a sorte de nacer, e consigna rendidamente o testemuño da súa gratitude os que colaboraron para que estas páxinas vexan agora a luz.

O AUTOR

PRÓLOGO Á CUARTA EDICIÓN

Galicia ten a súa parcela máis viva nas súas poboacións urbanas de onte e de hoxe. As nosas antigas cidades episcopais voltas á vida económica e social coa súa restauración eclesiástica nos séculos altomedievais déronlle-la man ás novas vilas nos séculos XII e XIII para forma-lo primeiro mapa municipal de Galicia, dentro do reino de León. Partindo das “cartas-pueblas” e foros recibidos de reis e señores que definían o seu perfil institucional, desenvolvéronse como concellos e rexementos viarios e portuarios nos séculos baixomedievais e cristalizaron en recintos amurallados e disciplinados cara ós que se dirixiron os nosos camiños medievais e modernos. O mar e mailo Camiño de Santiago son os lazos que vencellaron e irmandaron o seu destino e definiron a súa vocación.

Esta Galicia urbana coa súa forza creativa e comunicadora no careceu de memoria histórica. Con esforzo tenaz foi creando a súa arca municipal, o primerio arquivo e tesouro dos nosos municipios ata os tempos modernos en que sentiron a necesidade de organiza-lo seu patrimonio documental, tanto municipal coma notarial, e crearon os seus minúsculos arquivos. O paso seguinte será o da historiografía urbana que só chegou a ser unha realidade notable ó longo do século XX. Parcelas e relatos da nosa vida municipal atópanse ó longo da modernidade nas crónicas e historias das igrexas galegas, titulares do señorío de gran parte das nosas vilas e cidades. Pero o relato da vida municipal e urbana con esquema e contexto autónomo só se abre paso tralas desamortizacións do século XIX que, coa normativa municipal e urbana, abríanlles a conciencia do seu destino e convidábanos a realizalo.

Compre recoñecer que a primeira historiografía urbana galega débese á iniciativa privada, ós veciños cultos e entusiastas de cada cidade e vial que sentiron a ilusión de presenta-lo cadro da vida municipal antiga e moderna da súa vila. A estes historiadores locais e cronistas municipais cultos, entusiastas e sacrificados debemos as decenas de historias das nosas vilas na primeira parte deste século. Desde Ribadeo ata Baiona e desde Monforte ata Ribadavia van xurdindo estes alicerces historiográficos ós que agora mesmo recorreremos para informarnos de cada municipio e a súas poboacións menores. Galicia debe admiración e recordo a estes infati-

gables obreiros da pluma e oxalá poida contar moi pronto coa súa Asociación de cronistas e historiadores locais coma outras terras españolas.

Neste concerto de vilas con memoria e con historia está a nosa entrañable vila e terra de Pontedeume. E a vila dos Andrade, como se ten recordado sempre, acaso como realidade adxectiva fronte ó substantivo desta gran casa e estirpe nobiliaria.

Desde os primeiros anos deste século e gracias ós esforzos dos seus grandes fillos podemos afirmar que Pontedeume é moito máis que a vila dos Andrade: un porto, caracterizado pola súa ría e pola súa ponte monumental, un municipio con gran iniciativa propia, unha vila turística de primeira categoría nos tempos presentes.

Pontedeume ten historiadores de primeiro rango: César Vaamonde Lores, exemplo de investigadores ben documentados e aquilatados; Antonio Couceiro Freijomil, autor do presente libro e benemérito das letras galegas; Isidoro Millán González-Pardo, Conde de Quirós, senlleiro filólogo e editor do Foro de Pontedeume e da toponimia comarcal. Coñéceos e apréciaos. Testemuña desta cotización é Antonio Couceiro Freijomil e a súa obra que atoparon na vila acollida e promoción. Así a súa gran obra HISTORIA DE PONTEDEUME E A SÚA COMARCA acada hoxe a cuarta edición, unha cota de éxito case nunca lograda en obras de carácter local e rexional. Folleando estas páxinas ninguén dubidará de que a obra de Couceiro Freijomil merece estes honores de ver multiplicáda-las súas edicións e de contar cunha versión galega que a faga máis sabrosa ós lectores. E esixente na metodoloxía, sólida no uso da información, aquilatada e serena nos xuízos e apreciacións e moi completa na temática. Couceiro Freijomil narra con tersura e comunica con grande naturalidade, como corresponde a un home que tanto manexou a pluma. A medio século longo da súa primeira aparición, esta obra resulta plenamente actual e mesmo nova na súa presentación.

Como Presidente de Galicia non podo esquecer os grandes servizos culturais que Antonio Couceiro Freijomil fixo á nosa terra. Encárnaos e exprésaos sobre toda ponderación o seu gran Dicionario Bio-bibliográfico, hoxe por hoxe único e non superado e ó cal recorreremos constantemente para a nosa información bibliográfica. Por estes méritos singulares tódolos galegos aplaudimos hoxe esta iniciativa das institucións eumesas e sentímonos veciños da vila dos Andrade e de Couceiro Freijomil para brindar de admiración e gratitude ó autor desta meritoria HISTORIA DE PONTEDEUME E A SÚA COMARCA.

MANUEL FRAGA

P R I M E I R A
P A R T E

TEMPOS PRIMITIVOS ATA A CASA DE ANDRADE

CAPÍTULO I OS ANTIGOS POBOADORES

- I. POBOACIÓN PRE-CELTA.-
- II. OS CELTAS E OS OUTROS POBOADORES COETÁNEOS DA PENÍNSULA; OS CELTAS NA TERRA EUMESA: CASTROS, TORQUES, TOPONIMIA, LUBRES, CIDADES CELTAS; O PORTO DOS ÁRTABROS.-
- III. RECTIFICACIÓNS SOBRE A COLONIZACIÓN FENICIA, GREGA E CARTAXINESA.-
- IV. OS ROMANOS: TOMA DE LÁMBRICA E LIBUNCA; RESTOS ROMANOS EN PONTEDEUME; AS MOEDAS DE ALGARA; A VÍA ROMANA DE LÁMBRICA A LIBUNCA; PONTUMIO.-
- V. O CRISTIANISMO: A SÚA PREDICACIÓN NA TERRA EUMESA; PRIMITIVAS AGRUPACIÓNS MONÁSTICAS.-
- VI. SUEVOS E VISIGODOS; OS TERRITORIOS DE PRUZOS E BEZOUÇOS AGREGADOS Á DIÓCESE DE IRÍA.-
- VII. OS ÁRABES: O NOME ALGARA; BATALLA DE PONTUMIO; AS EXPEDICIÓNS DE ALABER E MELICH; A IRRUPCIÓN DE ALMANZOR; PIRATERÍAS DOS ÁRABES; O TRIBUTO DAS CEN DONCELAS.-
- VIII. OS NORMANDOS.-
- IX. A ESTADÍA DE ÁRABES E NORMANDOS NA TERRA EUMESA.

Historia de Pontedeume

I. POBOACIÓN PRE-CELTA

Non son moi abondosas as noticias concretas referidas ós tempos máis antigos da comarca eumesa.

Os celtas son os primeiros poboadores históricos de Galicia, onde entraron no século VI antes de Xesucristo; mais antes ca eles houbo aquí outras xentes, a poboación **prehistórica**, sobre a que nestes últimos tempos comenciamos a saber algo de certo.

O achado dos máis vellos obxectos prehistóricos de Galicia realizouse en Camposancos, preto de A Guarda (Pontevedra). Consiste en materiais da industria chamada asturiense (5.000 a 4.000 anos antes de Xesucristo), que corresponde a un período preneolítico desenvolvido no Norte da Península durante a fase do **optimum post glacial**¹.

Os obxectos de Camposancos son, polo momento, os únicos da súa clase existentes no noso país. Non temos ata o de agora outro testemuño material da existencia do home preneolítico galego.

Mais isto nada quere dicir en contra da súa presenza en Galicia, aínda a contar desde os máis afastados días do paleolítico. Para o eminente profesor Hugo Obermaier, ben coñecido como unha das primeiras autoridades do mundo en materias prehistóricas, non cabe dúbida de que o home cuaternario viviu xa na nosa rexión durante as épocas glaciais e interglaciais². Agardemos, xa que logo, novos descubrimentos que veñan dar máis luz sobre o particular.

Ó paleolítico séguese o neolítico (moderno período da pedra), que remata no eneolítico (3.300 a 2.500 anos antes de Xesucristo), caracterizado polo emprego de materiais puros, especialmente o cobre.

Hai en Galicia moitos obxectos do neolítico, pero non se coñecen estacións nin poboados.

1.- Vid. **La estación paleolítica de Camposancos**, polo Dr. JOAQUIM FONTES, "Boletín de la Comisión de Monumentos de Ourense", t. VII, páxinas 244-245, e mais **El asturiense en Galicia**, por EUGENIO JALHAY, S.J., id., páxinas 341-352. O Dr. Fontes interpretou, de primeiras, como chelense a industria de Camposancos.

2.- Vid. **Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia**, "Bol. de la Com. de Mon. de Ourense", t. VII, páxs. 1-21 e 25-47.

Historia de Pontedeume

Ó eneolítico corresponden os monumentos megalíticos: dolmens, mámoas, menhires, cromlechs, aliñacións, etc. Tamén é deste tempo a arte rupestre estilizada, da que contamos con curiosas mostras, das que algunhas pertencen, probablemente, á idade do bronce.

A terra eumesa non foi explorada prehistóricamente e, polo tanto, nada podemos dicir dela neste sentido; pero sabemos que o home eneolítico non viviu moi lonxe como o proban os descubrimentos realizados por don Federico Maciñeira no planalto de As Pontes de García Rodríguez (partido de Ortigueira), onde -expresa³- *“temos a estación prehistórica máis importante do norte de Galicia, cun cen túmulos dolménicos, dous notables círculos líticos ou **cróm-lechs** dominándoa e dous curiosos castros, dela partían cara á costa varios camiños de montaña flanqueados por estes característicos monumentos, indicios evidentes da existencia dun primitivo centro de actividades neses campos...”*

A cultura da idade do bronce (anos 2.500 a 900 antes de Xesucristo) tamén se desenvolveu en Galicia, onde acadou grande importancia, aínda que ningún dos achados rexistrados ten relación coa comarca da que estamos a tratar.

Segue, por último, a idade do ferro, dividida en primeira idade ou de Hallstatt (anos 900 a 500 antes de Xesucristo) e segunda idade ou de La Tène (de 500 ata a época romana).

A cronoloxía desta división non se axeita a Galicia. A cultura da idade do ferro chéganos da man dos celtas no século VI. Ata esa data perdura no noso país a civilización do bronce, da que non existen entre nós nin a súa época final nin a inicial do ferro. Os achados demostran que a cultura do ferro aparece en Galicia de súpeto, xa feita, manifestándose ben evolucionada na totalidade das súas formas.

E agora cómpre preguntar: ¿cal era a filiación dos arredadísimos poboadores pre-celtas de Galicia?

Aínda que é imposible contestar de modo seguro, procede recolle-la opinión considerada hoxe como máis verosímil.

O sabio hispanista alemán Adolfo Schulten, profesor de Arqueoloxía clásica na Universidade de Erlangen⁴, supuña que aquelas xentes foran lígures, como tamén as que habitaban no resto da Península, mesmo a poboación vasca.

3.- Vid. **Algunas consideraciones en torno a la más exacta ubicación del golfo gallego de los ártabros**, tan mentado por los antiguos textos geográficos, “Boletín de la Real Academia Gallega”, t. XX, páx. 301.

4.- SCHULTEN dedicou a España, nun período de vinte anos (1905-1925), medio cento de estudos moi variados. O que máis interesa ó noso propósito é **Hispania**, Enciclopedia Real de la Antigüedad Clásica (1913), traducción de P. BOSCH GIMPERA e M. ARTIGAS FERRANDO, cun Apéndice sobre **Arqueoloxía prerromana hispánica**, por P. BOSCH GIMPERA.

Os Antigos Poboadores

Mais os achados arqueolóxicos fixeron precisas algunhas rectificacións á teoría de Schulten, aínda que permanecendo, e mesmo afirmando, o básico dela. O autor destas rectificacións foi o ilustre catedrático da Universidade de Barcelona don Pedro Bosch Gimpera⁵. Este non admite a denominación de lígures para os pobos indíxenas pre-iberos e pre-celtas da Península, e considera que esta designación provén, ó parecer, de que os gregos estenderan indebidamente o nome dos verdadeiros lígures da Liguria a tódolos pobos indíxenas occidentais. Estes pobos indíxenas, na nosa Península, pódense reducir, segundo o referido autor, a dous elementos fundamentais: un europeo e outro africano. O primeiro, denominado tamén pirenaico, permanece puro no país vasco, dentro do que cabe a pureza en etnoloxía; o segundo elemento, o africano, é o **capsiense**, diferenciado durante o neolítico en occidental -que chega ata Galicia- e central.

Isto é, en resumo, o pouco que, hoxe por hoxe, se pode conxectar sobre a etnoloxía pre-celta de Galicia.

II. OS CELTAS E OUTROS POBOADORES COETÁNEOS DA PENÍNSULA

Xa dixeramos que os celtas foran os nosos primeiros poboadores históricos e, en efecto, acerca deles existen bastantes referencias nos textos dos autores clásicos, hoxe ben depuradas⁶.

Os celtas, de orixe europea indo-xermánica, entraran na Península, como xa se indicara, no século VI antes de Xesucristo, establecéndose na meirande parte dela, menos Asturias, Cantabria, Vascongadas, Navarra e unha franxa considerable do litoral levantino e do meridional, ata a Serra Morena.

Polo Este, e igual tamén polo Sur, quedaban os iberos, de orixe africana, que en tempos moi afastados, se cadra neolíticos, establecéranse primeiro na Turdetania e avanzaran despois pola costa oriental cara ó Norte, ata se asentar na rexión do Ebro.

5.- Unha síntese dos estudos de BOSCH pódese ver no traballo deste autor **Los pueblos primitivos de España**, "Revista de Occidente", Madrid, núm. XXVI, agosto 1925, páxs. 153-190.

6.- Sobre a época celta véxase **A idade do ferro na Galiza**, por FLORENTINO L. CUEVILLAS, na revista "Nós", Ourense, núms. 19 a 35, anos 1925-26. **O celtismo de Galicia**, do que falara por primeira vez VERA Y AGUIAR (Historia de Galicia, Ferrol 1838), admitido pola case totalidade dos historiadores galegos, os que, aínda a través dos erros comúns do seu tempo, tiveron a clarividencia do problema, atopou un teimudo impugnador no pontevedrés DON CELSO GARCÍA DE LA RIEGA, segundo se pode ver no seu **Galicia Antigua** (Pontevedra 1904). A personalidade deste escritor quedou analizada por ELADIO OVIEDO ARCE, no **Informe presentado a la Real Academia Gallega sobre el valor de los "Documentos pontevedreses" considerados como fuente del tema "Colón español"**, "Boletín" desta Academia, t. XI, páxs. 25-28.

Historia de Pontedeume

No Sur da Península había outro pobo, os Tartesios, dos que a súa filiación está aínda por determinar, pois tanto poden ser indíxenas, confundibles cos outros poboadores pre-iberos e pre-celtas, como tamén iberos, ou como, mesmamente, un pobo novo que acabara de chegar a España ó pé do ano 1000, opinión esta que parece máis aceptable⁷.

O territorio non ocupado por celtas, iberos nin tartesios era indíxena, ou sexa lígur para Schulten, e pirenaico e tamén capsense para Bosch.

Máis adiante, novos núcleos de iberos, que de España pasaran ó Sur de Francia, foron expulsados desta polos galos, pobo tamén celta, e penetraron na nosa Península onde, non podendo, ou non querendo, entrar en loita cos seus irmáns os iberos do Este, dirixíronse, desde o val do Ebro, á rexión central, e aquí venceron e desaloxaron ós celtas que a poboaban, e estes procuraron refuxio principalmente en Galicia e no ángulo S.O. de España.


Estes iberos, vencedores dos celtas da rexión central, parece que foron os que despois se denominaron celtíberos.

Por máis que na terra eumesa non se fixesen investigacións sobre este período, hai probas abondas de que os celtas existiron nela.

Unha desas probas dánnola os castros, de indubidable orixe celta.

A un deles debe o seu nome a parroquia de Santa María de Castro; en Andrade hai outro no lugar “dos Castros”, e un terceiro, composto por tres corpos, áchase no monte Prismos, entre Maniños e San Martiño do Porto⁸.

Detalle ampliado do torqués de Centroña



7.- Vid. BOSCH GIMPERA, revista citada, páx. 172

8.- Cítao don LEANDRO SARALEGUI Y MEDINA, Vid. **Los castros**, no seu libro Estudios sobre Galicia, A Coruña, 1888, páx. 68.

Os Antigos Poboadores

Non son estes os únicos castros do país: os de Cambre, San Fiz, Orto, Cines, Espenuca e Guísamo, emprazados fóra do partido xudicial, *“pechan en liña concéntrica, sobre a rexión do Eume, cos de San Martín do Porto, Megalofes e Fene, en relación cos que simultanean os montes da Capela e Capelada, ata encadeárense cos da provincia de Lugo pola banda das Pontes de García Rodríguez”*⁹.

Compróbase, así mesmo, a existencia dos celtas na comarca por algúns obxectos atopados aquí, como un torques de ouro, que apareceu na parroquia de Centroña, no ano 1912, no lugar de Castrelo, nome ben significativo xa en por el¹⁰.

Non menos confirmaría a permanencia dos celtas en terras do Eume o considerable número de palabras toponímicas que, malia os séculos transcorridos, manteñen unha estrutura pola que, se cadra, non sería aventurado buscarlles filiación na lingua daquel pobo. Así, **Breamo**, altura na que, na súa aba, se asenta a vila de Pontedeume, fai lembra-lo irlandés *bri*= monte. Viñéronse considerando como probablemente celtas as palabras rematadas en bre, e na bisbarra atópanse bastantes: **Barallobre**, **Sillobre**, **Boebre**, **Callobre** e **Lubre**.

O nome co que se denomina a esta última localidade podería ser sinal para sospeita-la existencia alí dun **lubre** ou bosque sagro dos celtas, onde se xuntaban, habitualmente polas noites, para lle render culto á Divinidade.

Para maior abondamento, lembremos que varios historiadores localizan preto do partido de Pontedeume catro cidades de orixe celta, que son **Brigantia**, **Lámbrica**, **Libunca** e **Ardóbrica**.

Brigantia ou Brigantium atribúese ó primitivo Betanzos; pero non deixa de haber quen reclame aquela designación para A Coruña¹¹. Téñase en conta que o emprazamento do Betanzos actual non corresponde ó primitivo: foi este na parroquia de Tiobre, no lugar que aínda hoxe se chama Betanzos **o vello**, e de aquí pasou esta cidade ó castro de Unta ou Untia, onde está ó presente, en virtude de privilexio expedido por Alfonso IX de León en Valencia de Campos, a 13 de febreiro do ano 1299¹².

A situación da vella Lámbrica, Lámbriga ou Lambriaca ten sido moi discutida e aínda permanece sen aclarar. O P. Flórez supón que sexa a Abobrica de Plinio, que

9.- RAMÓN BARROS SIL-VELO, *Antigüedades de Galicia*, A Coruña, 1875, páxina 109. Véxase tamén *Los castros gallegos*, por ANGEL DEL CASTILLO, 2ª Ed., A Coruña, 1908.

10.- Vid. *El torques de Centroña*, por MANUEL MURGUÍA, “Boletín de la Real Academia Gallega”, t. VI, páxs. 137-139.

11.- RAMÓN BARROS SIL-VELO, *Antigüedades de Galicia*, Coruña, 1875, páxina 109. Véxase tamén *Los castros gallegos*, por ANGEL DEL CASTILLO, 2ª ed. Coruña, 1908.

12.- Vid. *El torques de Centroña*, por MANUEL MURGUÍA, “Bol. da Real Acad. Gall.”, t. VI, páxs. 137-139.

Historia de Pontedeume

algúns sitúan en Ourense; o P. Sarmiento, con que están de acordo o P. Fita e don Aureliano Fernández Guerra, lévaa a Pontevedra; Vossio supón en Muros; Cornide en O Grove e A Lanzada e Murguía na desembocadura do Umia, preto de Cambados¹³. Don Salvador Golpe colócaa, non sen fundamento, á beira do Lambre, na parroquia de San Tirso de Ambroa, partido de Betanzos, pola que pasa este río, e mais no lugar tamén denominado **Lambre**¹⁴, aínda que puidese ser no propio Ambroa.

Libunca estivo emprazada primeiramente no cumio do monte de Ancos ou **dos Coroados**, preto de Xubia, no concello de Neda, pertencente ó partido de Ferrol. Alí os distinguidos arqueólogos don Leandro de Saralegui e mais don Santiago de la Iglesia tiveron oportunidade de ver e estudar -di don Ángel del Castillo¹⁵- "*centos de construcións circulares que formaban unha cidade murada, que xa no século IX se chamaba Vila vella*". Esta cidade de Libunca fora trasladada, segundo o señor Saralegui¹⁶, ó lugar que na actualidade ocupa a vila de Neda.

Ardóbrica, onde a forma celta **-brica** por **-briga** pode ser unha variante dialectal ou simplemente gráfica, corresponde, segundo unha pasaxe de Pomponio Mela, á ría de Ferrol, se cadra a Valdoviño. Como indica Américo Castro¹⁷, o primeiro elemento **ardu-** pode ser celta, segundo se deduce da comparanza co irlandés **ard**=grande; mais tamén é igual ó tema latino **ardu-** en **ardus**. O aludido texto de Mela¹⁸ non ofrece dúbida para o señor Saralegui y Medina, que chama **Adrovico** á referida cidade. Reproducimo-lo texto en cuestión de igual maneira que o publica o citado escritor¹⁹: "*No distrito dos ártabros hai un seo que recibe o mar por estreita boca, que despois arrodea en non estreito ámbito, onde contén a cidade Adrovico e mailas bocas tamén de catro ríos: das que dúas, aínda entre os naturais, son de cativa estima, e polas outras dúas entran no mar o Mearo e mailo Narío, preto da cidade de Libunca*".

Finalmente debemos aínda engadir que no chamado polo antigos **Portus magnus artabrorum** estaban comprendidas as costas da comarca eumesa, pois, segundo interpretan a maioría dos historiadores, abranguíaa, cando menos, as rías de A Coruña, Sada, Betanzos, Pontedeume, Ares e Ferrol, estendéndoo algúns desde o cabo San Adrián ata o Prior, tendo ó seu Oeste ós **nerios**, co seu sonado promontorio o cabo Fisterra, ó Sur os **arrotrebas**, ó Este os **jadóns** ou **iadóns** e ó Norte o grande Océano, e comprendendo a tribo dos **brigantinos**, constituíndo todos unha parte principal da

13.- Vid. Civitas Limicorum, por MARCELO MACÍAS, Ourense, 1904, páxina 32, nota.

14.- Vid. Lámbrica, A Coruña, 1907

15.- Orígen y antigüedad de las "pallazas" del Cebreiro, "Bol. da Real Academia Gall.", t. VII, páx. 245.

16.- La futura historia de Ferrol, Lugo 1911, páx. 12. Véxase tamén Libunca, polo mesmo autor, en "Almanaque de Ferrol para 1910", Ferrol, 1909.

17.- Algo sobre celtismo, en "Revista de Libros", Madrid, novembro de 1919.

18.- De situ orbis, III, 1

19.- Tómao da versión española de DON JOSÉ GONZÁLEZ DE SALAS, Madrid, 1644. Vid. La futura historia de Ferrol, páx. 8.

Os Antigos Poboadores

grande confederación **ártabra**, poderosa agrupación celta á que a tradición atribúe unha antiquísima relación coas Illas Británicas, especialmente Irlanda²⁰.

Visto o que antecede pódese afirmar que a terra eume-sa é de puro avoengo celta. A través dos tempos perduran sinais abondas para soste que nela se estableceran, consoli-daran e floreceran aquelas xentes que tan perennes pegadas deixaron na inconfundible maneira de ser do pobo galego.

III. RECTIFICACIONES SOBRE A COLONIZACIÓN FENICIA, GREGA E CARTAXINESA

V iñeron coincidindo os historiadores rexionais en admitir unha colonización fenicia, grega e cartaxinesa en Galicia, ó que hoxe se están a poñer grandes reparos, dos que cómpre facérmonos eco aquí.

Dáse por certo que os fenicios arribaron ás costas españolas polo ano 1000 antes de Xesucristo.

Non temos constancia por ningún testemuño valioso que chegasen ata Galicia.

Crese que os fenicios e tartesios foron os primeiros navegantes históricos que viaxaron polas costas do Atlántico e, de ser isto así, non sería estraño que chegasen a ter contacto co noso país e coñecesen ós seus antigos poboadores. Mais nada disto se pode admitir de maneira certa. Sabido é que os fenicios, ó igual cós seus irmáns de raza os cartaxi-neses, ós que se supón aquí polo século II antes de Xesucristo, trataron sempre de agacha-las conquistas do seu comercio, e dos tartesios é tan pouco o que se coñece que nin tan sequera se deu determinada a súa filiación.

É indubidable que desde tempos moi remotos, se cadra desde o alboxear da idade do bronce, explotábase o estaño e probablemente o ouro de Galicia, e que ámbolos dous pro-ductos eran obxecto dun activo comercio, que ó primeiro se fixera por terra e despois por vía marítima deica Tartesos ou Gadir, de onde aqueles metais partían para o Oriente nas naves tartesias.

20.- Vid. **Relaciones maríti-mas entre el Norte de Galicia y las Islas Británicas en tiempos prehistóricos**, por FEDERI-CO MACÍNEIRA, "Bol. da Real Acad. Gal.", t. XIV, páxs. 73-81, 104-147, e **Galicia y las Islas Británicas en tiempos remotísimos**, polo P. CELESTINO GARCÍA ROMERO, S.J., id., t. XV, páxs. 39-43 e 80-84.

Historia de Pontedeume

As illas do estaño, as tan controvertidas Casitérides, hai que buscalas en Galicia -en opinión de Obermaier²¹- onde había moitas minas, a maior parte delas no interior, sendo de supoñer que o mineral en bruto fose recollido nos depósitos das illas e tamén das rías, mentres non era conducido cara ó Sur, a Tartesos, ben polo mar, ben por camiños que ían ó longo da costa.

Este comercio atribuíuselle ós fenicios, e por esta razón fáiselles chegar a Galicia e establecerse nela; mais non carece de probabilidade a hipótese de que os propios naturais fosen quen transportaban os metais que beneficiaban ata os emporios meridionais, dos que Tartesos era o principal.

Máis amplos alcances viñéronselle dando á colonización grega, e non hai motivos para iso, senón, máis ben, para deducir que non se chegou a dar, como se tira da seguintes razóns, abondo concluíntes: porque a tal colonización non se menciona en ningún historiador anterior á conquista romana; porque Asclepiades e mailos seus seguidores atribúen aquela colonización a personaxes fabulosos e nunca a gregos históricos, e porque nos varios puntos de Galicia que se dan como poboados polos gregos non apareceu obxecto algún desta civilización e si da post-hallstática.

Todo, xa que logo, leva a admitir que os gregos non se estableceron en Galicia. Sabido é que, contra o ano 630 antes de Xesucristo, puxéranse en contacto coa costa atlántica de Andalucía, contacto que é moi posible que ocorrese daquela por primeira vez. De crer a Schulten²², a colonia máis occidental que tiveron na Península foi Mainake, localizada sobre o Peñón, na beira dereita do río Vélez, cabo da pequena vila de Torre del Mar, a trinta quilómetros de Málaga.

Polo exposto, ben se ve que nada importante sobre estes supostos colonizadores se pode apuntar no que toca á terra eumesa.

21.- **Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia**, "Bol. de la Com. de Mon. de Ourense", t. VII, páx. 47.

22.- **Tartessos**, "Revista de Occidente", núm. 1, Madrid, xuño do 1923, páxina 74.

IV. OS ROMANOS: TOMA DE LÁMBICA E LIBUNCA

Despois dos celtas, o único pobo que chega a deixar vivas pegadas en Galicia son os invasores romanos.

Os Antigos Poboadores

Estes dominaron en España desde o século II antes de Xesucristo ata o V da nosa era, data das invasións bárbaras.

Non é moi arriscado supoñer que as lexións romanas nas súas conquistas chegasen a penetrar en terras eumesas.

Polo de pronto, sábese que o pretor Decio Xunio Bruto, alcumado despois **o Galaico**, asediou, a finais do século II antes de Xesucristo, á célebre e disputada Lámbrica, que, como xe podemos ver, non deixa de haber quen a sitúe, fundadamente, moi preto da terra eumesa.

Os habitantes desta cidade, carecendo de abastecementos e vista a tenacidade do cerco inimigo, pediron capitulación, que lles foi concedida, obrigándoos a satisfacer a correspondente contribución de guerra e a se declarar amigos de Roma.

Despois da conquista de Lámbrica pasou Decio Junio Bruto a somete-las outras cidades indíxenas e, suposto o indicado emprazamento da primeira, é forzoso que cruzase a terra eumesa para cercar e vencer a Libunca.

Non se fixou a orde coa que Bruto someteu as cidades galaicas, nin os autores antigos mencionan moitas delas, como Libunca, e así todo canto disto se diga é moi pouco seguro.

Algún historiador supón²³ que despois puxo cerco a Cinnania ou Cinninia, á que sitúa á beira do Landrove, preto de onde hoxe está Viveiro²⁴. Aquela heroica cidade, negándose a admiti-lo ofrecido rescate en troques do tributo que se lle demandaba, contestou: *“Os nosos pais deixáronnos ferro para defende-los nosos fogares, pero non ouro para mercar a liberdade a un xeneral avarento”*; palabras das que di Valerio Máximo²⁵ que mellor lles fose ós romanos pronuncialas eles que non escoitalas.

E afirmase que, sabedora Lámbrica desta resistencia e afouta por causa de tan valoroso exemplo, acorda rebelarse non recoñecendo a soberanía de Roma. Volveron as lexións de Bruto poñer cerco a esta cidade que, falta de socorros ó non podelos recibir por vía marítima como era o caso de Cinnania, viuse obrigada a se render de novo. O conquistador romano esixiulles a entrega de todo canto tiñan: as armas, os cabalos, o gando e mesmo as moedas do común ou da cidade.

23.- BENITO VICETTO, **Historia de Galicia**, t. II, Ferrol, 1866, páx. 38.

24.- A propósito do emprazamento de Cinnania escribe don MARCELO MACÍAS, (**Civitas Limicorum**, páxs. 31 e 32, nota): “Masdeu e Cornide, seguindo a Contador de Argote, reducen a cidade de Cinnania (ou Cinninia como outros queren) ó lugar de Gitania, entre Braga e Guimaraens; o P. Sotelo, a Cangas na baía de Vigo; Cea Bermúdez a Santa Comba, concello de Bande, e outros, entre eles MURGUÍA, a San Martiño de Araúxo, afastado, ó pé dunha legua, de Santa Comba. A redución do P. Argote non nos parece aceptable. Gitania soamente dista como legua e media de Braga, e non é de crer que tan preto dela se erguese unha poboación tan importante como parece que Cinnania o fose. Murguía, tendo en conta que nas montañas de Bande había moitas minas de estaño, observa que Cinnania se cadra non significase outra cousa que cidade do estaño”.

25.- Lib. VI, capítulo IV, 1.

Historia de Pontedeume

A comarca eumesa debeuse romanizar de maneira semellante á do resto de Galicia, pois non lle faltan recordos de tan arredada época.

No que a isto toca, paga a pena citar, en primeiro termo, o descubrimento, ó traballar nunha canteira, de restos de edificacións romanas no lugar de Sopazos, por baixo da estación do ferrocarril de Pontedeume, nuns terreos que declinan cara a beira da ría. Dá conta da aparición destes restos Don Ángel del Castillo²⁶, e di que son *“coma un lugariño formado, ata o de agora, por unhas sete casas pequenas, de feitura rectangular e muros de cachote, todas con escaleiras de entrada, a que máis con tres chanzos, algúns de 1,45 metros de longo e todos de cantería labrada. Polo medio do entullo destas casiñas -agrega- apareceron canterías (algunha de 0,36 metros de ancho), a clave dun arco coa batente para a folla da porta, unha pedra de lareira aínda con cinza de vidres (segundo quen a atopou), algo semellante á base dunha semicolumna adosada, restos de ánforas romanas e unha chea de anacos de cerámica sinxela e de tellas de rebordo con distintos trazos dixitais, así como ladrillos cadrados, uns de 19 centímetros de lado por 6 de groso e outros de 28 por 5,2”*.

Así mesmo cómpre anota-lo achado, ocorrido o 18 de marzo do 1916, de mil cincocentas moedas romanas no sitio chamado Algara, lugar de Bermaño na freguesía de Perbes. Estaban estas moedas, que eran de prata de baixa lei e de bronce que pasaban por prata, nun muriño a xeito de urna e dentro dun recipiente de barro²⁷.

Ó labrar aquí a terra atopáronse despois, case a rente do chan, ruínas dun antigo poboado, e de continuo aparecen ladrillos, tellas, etc.

26.- Lib. VI, capítulo IV, 1.

27.- Estudiounas DON ANDRÉS MARTÍNEZ SALAZAR no “Bol. da Real Acad. Gall.”, **Del tesoro de monedas de Algara**, t. IX, páxs. 217-230 e 249-253.


28.- **Hallazgos arqueológicos**, por ÁNGEL DEL CASTILLO, “Bol. da Real Acad. Gall.”, t. XXII, páx. 327.

29.- **Por tierras del Eume**, artigo publicado no número 1.255 do xornal coruñés “El Ideal Gallego” (18 de marzo do 1921).

Anotemos aínda o achado, na parroquia de San Pedro de Grandal, concello de Vilarmajor, a empregos do 1938, dunha lápida sepulcral romana, de Afrodita, dedicada, desde logo, ós “deuses Manes”, con curiosos relevos, entre eles a roda solar e mailo cuadrante luar²⁸.

Tamén é de lembrar unha vía romana secundaria que atravesaba este territorio. Sobre ela escribe Don Eugenio Carré Aldao²⁹: *“De Flavium Brigantium (Betanzos) viña a vía romana que, por Lámbrica, seguía a pasa-lo Eume, senón por Pontedeume, si polos seus arredores, e marchaba a Libunca, no seo da ría de Ferrol, onde empataba coa*

Os Antigos Poboadores



Moedas romanas de Algar

que, desde Asturias, chegaba polo Norte da actual provincia de Lugo a dar naquela cidade”.

Segundo noticias que nos facilitou o culto médico de Pontedeume Don Constantino Amado, esta vía “*poderíase dar como moi probable desde Tiobre a Ambroa (Lámbrica); atravesaba o Lambre pola Ponte Vella (hai outra, tamén antiga, preto da Ponte do Porco, que chaman “nova”); cruzaba as parroquias de Vilamateo, Torres, Vilachá, Queixeiro e baixaba cruza-lo Eume por unha ponte que houbo ó pé da desembocadura neste río do afluente de San Bartolomé; subía á Capela e, ó pasa-lo lugar de Gouxel outro afluente, o Sesín, existe aínda a ponte; cruzaba a Capela, Cabalar, Narahío e seguía a Libunca (Neda). Este camiño consérvase case todo, agás a baixada ó Eume desde Freixeiro, que, ó falta-la ponte, coñécese que non o utilizaban e quedou oculto; pero da banda de Capela case se conserva desde o estribo da ponte derrubada”.*

Afirman algúns que en tempos dos romanos existía xa Pontedeume co nome de **Pontumio**, do que se quere que sexa aquel unha derivación; mais é de avisar que o emprazamento do antigo Pontumio foi moi discutido, e hoxe non se pode asegurar que con aquel nome se quixese nunca designar á vila do Eume.

V. O CRISTIANISMO: A SÚA PREDICACIÓN NA TERRA EUMESA

Galicia, xa sometida a Roma, recibiu, no século I da nosa era, as ensinanzas do Cristianismo. O Apóstolo Santiago, despois de atravesala Bética e maila Lusitania, chega a Galicia, onde consegue, de contado, numerosos adeptos³⁰. A nova relixión axiña se espallou polo noso chan. Abonda para probalo, prescindindo doutros testemuños, o feito de que case tódalas igrexas rurais galegas daten dos séculos IV ou V, segundo asevera López Ferreiro³¹.

A predicación do cristianismo en terra eumesa quizais se remonte ós tempos apostólicos. Isto non é unha conxectura infundada. Aínda que non se queira admitir, con Gándara, que o Apóstolo Santiago evanxelizou en terras de Betanzos e que nelas deixou ó seu compañeiro Natael, varón xustísimo, xudeu de nación, que morreu santamente retirado en Brigondo ou Bergondo, non está de máis lembrar que o referido López Ferreiro, tras mencionar algunhas cidades importantes da diocese de Iria nos primeiros séculos da Igrexa, como **Brigantia**, **Lámbrica**, **Libunca**, etc., tan ligadas ó pasado da terra que andamos a historiar, pregúntase³²: “¿*Non se deberán contar algunhas destas cidades no número de aquelas moitas sés que, segundo Alfonso VI, edificaron os Apóstolos nestas partes occidentais de España, ou daqueles moitos tabernáculos e habitacións que, segundo San Hilario de Poitiers, dedicaron estes Apóstolos ó nome do Señor, atanas illas do Océano? Polo menos -contesta- é moi verosímil.*”

30.- A predicación de Santiago en Galicia, posta en dúbida por diversos historiadores, foi luminosamente defendida polo doutísimo DON ANTONIO LÓPEZ FERREIRO. Vid. **Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela**, t. I, Santiago, 1898.

31.- Op. cit., t. I, páx. 341.

32.- Op. cit., t. I, páx. 388.

33.- Verbo de Prisciliano e as súas doutrinas levan fantasía do longamente moitos historiadores. Este famoso herejarca foi tratado discretamente por ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, **Estudios histórico-críticos sobre el Priscilianismo**, Santiago, 1878. Vid. **Historia de la Filosofía Española**, por ADOLFO BONILLA Y SANMARTÍN, t.I. Madrid, 1908, páxs. 194-206.

Chega o século IV e coa herexía de Prisciliano e mailos seus discípulos, produciuse en Galicia un considerable movemento de axitación relixiosa que revela unha cultura excepcional para aquela época³³.

Se Prisciliano era galego, tamén era galego un dos seus máis sabios e incansables impugnadores: Santo Toribio, mal chamado de Liébana, bispo de Astorga, autor do **Commonitorium**, exposición dos erros contidos nos libros apócrifos, e mais do **Libellus**, impugnación dos principais desvaríos priscilianistas; libros que enviara ó Papa San León

Os Antigos Poboadores

por conducto do diácono Pervinco e que, desgraciadamente, se perderon. Fano moitos historiadores, como Gándara, Argaiz, etc., natural de Betanzos, onde, en memoria disto, se lle dedicara un vitor colocado na antiga cátedra de latinidade, desaparecido cando foi derrubada no ano 1862³⁴; pero don Marcelo Macías³⁵ inclínase a telo por fillo de Astorga, onde fora elixido bispo polo clero e o pobo, o que non se opón á recoñecida orixe galega do noso Santo, xa que Astorga era, daquela, cidade de Galicia, **Galleciae civitas**, como lle chama Idacio.

Parece ser que o priscilianismo trouxera como consecuencia graves disturbios, e non falta quen atribúe a iso, polo menos en parte, o desenvolvemento da vida monástica en Galicia. Dise que considerablemente espallada aquela herexía e perseguidos a morte os católicos e expulsados das cidades, recluíranse nos lugares máis tristes e arredados, constituíndo a base de moitas antigas agrupacións monásticas. E mesmo hai quen sospeita se en Breamo, Caaveiro e Monfero vále xa vida relixiosa en tan remotos días..

VI. SUEVOS E VISIGODOS

Despois das irrupcións bárbaras constitúese en Galicia o reino dos suevos, que dura preto dos dous séculos, desde empezos do V ata fins do VI, e que rivalizara co dos visigodos, ata que o sometera Leovixildo³⁶.

Se non por terras do Eume, moi preto delas chegaran os suevos nas súas andanzas. Os naturais do país loitaron duramente contra eles e nunca se identificaron con tan estraños dominadores. Murguía cre que os territorios de ámbalas dúas Mariñas foron “os lugares que máis padeceron en Galicia nos primeiros tempos da dominación sueva”³⁷. Aínda máis, algúns historiadores consignan, non sabemos con que fundamento, que o rei Maldras, coa súa muller Ilderica, fixou a residencia en Betanzos, mentres deixaba ó seu primeiro ministro Ayulfo en Ourense, onde radicaba a capital da monarquía; que o propio Betanzos foi asaltado e destruído polo conde Frumar ou Frumario, que disputaba a coroa a Maldras; que Carriarico emprendera un ataque contra os anacoretas que habitaban no cume do Breamo...

34.- Vid. **Historia de la ciudad de Betanzos**, por MANUEL MARTÍNEZ SANTISO, Betanzos, 1892, páx. 119, nota.

35.- **Requiario, rey de los suevos**, “Bol. da Com. de Mon. de Ourense”, t. X, páx. 228, nota.

36.- Vid. **Galicia y el reino de los suevos**, por MARCELO MACÍAS, Ourense, 1921.

37.- **Galicia, sus monumentos y artes**. Su naturaleza e historia, Barcelona, 1888, páx. 1152.

Historia de Pontedeume

Á dominación dos suevos sucede a dos visigodos, e esta parece ser que transcorreu en paz. Agroman outra vez as vilas que a bárbara invasión dos suevos destruíra. Medra a fundación de casas relixiosas. Varias localidades próximas prosperan tanto que dalgunha delas, como Mabegondo (no concello de Abegondo, partido de Betanzos) crese que bate moeda reinando Chindasvinto³⁸.

A terra eumesa, xa no tempo dos suevos, figura agregada á diocese de Iria, que, debido á incorporación doutras, abranguía amplos dominios, pois *“además de comprender todo o territorio que hoxe pertence á Compostelá, incluía, polo Norte, desde o río Xubia ata o mar Cantábrico e, polo Leste, grande parte da comarca que vai desde o río Iso, que pasa preto de Arzúa, ata máis aló do Deza”*³⁹.

A primeira noticia que atopamos da terra eumesa como agregada á diocese iriense remóntase ó ano 569, época na que o rei suevo Teodomiro, desexoso de amaña-lo estado de anarquía imperante en Galicia no referido ós dominios eclesiásticos, demarca, nun concilio celebrado ese ano en Lugo, os termos do territorio de cada diocese, sinalando á de Iria, entre outros que se consignan no **Cronicón Iriense**, os de **Prutios e Bisancos**, cos que, na súa meirande parte, está formado o partido de Pontedeume e que, aínda hoxe, constitúen os arciprestados de Pruzos e Bezoucos, ó Sur e Norte, respectivamente, do río Eume.

Esta demarcación podería ser, se cadra, unha ratificación da que en tempos anteriores abranguía a diocese de Iria, probablemente case desde a época apostólica.

38.- Hai moedas visigodas de traza galega cuñadas en Mave, localidade dubidosa que HEISS atribúe ó citado Mabegondo, sen que este emprazamento se poida dar por seguro. Vid. **Las monedas visigodas acuñadas en la Suevia española**, por PÍO BELTRÁN, “Bol. da Com. de Mon. de Ourense”, t. V, páxs. 119-120.

39.- LÓPEZ FERREIRO, **Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela**, t I, páx. 388.

VII. OS ÁRABES: O NOME ALGARA

Todo isto trastornouse coa invasión dos árabes, que, como é sabido, se aseñoraron da Península despois de derrotar, no ano 711, ó último rei visigodo Don Rodrigo.

Non se pode nega-la chegada dos árabes a terra eumesa, aínda que nela, como na meirande parte de Galicia, permanecesen por pouco tempo.

Os Antigos Poboadores

Sinais do seu paso quedan nalgúns nomes, como Algara, na freguesía de Perbes, que provén do árabe algar e significa cova ou caverna⁴⁰.

Os historiadores dos primeiros séculos da reconquista falan dunha batalla contra os árabes, gañada en Pontumio polo rei Don Fruela, na que as hostes deste caudillo mataran 54.000 homes, facendo prisioneiro ó fillo de Abderraman I, Haummar (Omar), que era o que os mandaba e a quen decapitaron por orde do propio Don Fruela; se ben, segundo outros autores, Haummar fora apresado e levado a Betanzos, onde morrera, colocándose no seu sartego unha fantástica lápida que se di descuberta no ano 1761, por baixo do altar maior de Santa María do Azogue⁴¹. Así e todo, como xa deixamos indicado máis atrás, ignórase a verdadeira situación de Pontumio, pois aínda que non falta quen o coloque en Pontedeume, uns, pola contra, queren que sexa en Beja, correspondente á Lusitania; outros entre o Miño e o Douro, e, finalmente, algúns, entre eles Don Antonio López Ferreiro⁴², nas beiras do río Umia.

No reinado de Alfonso II el Casto déronse dous importantes feitos de armas contra os árabes, que varios historiadores localizan preto da comarca eumesa⁴³: foron as derrotas sufridas polos caudillos *Aboade-el-Kerím*, chamado nas nosas crónicas *Alaber*, e *Abdalá-ben-Maleki* ou Melich, o ano 820, combates ós que algúns autores supoñen que asistira o mesmo Alfonso II.

Viña o caudillo Alaber percorrendo a costa, seguindo sempre cara ó Norte, e cruzara xa a comarca eumesa, entrando no actual territorio de Ferrol, cando fora derrotado, segundo tódalas posibilidades, en Narón, punto próximo a esta cidade departamental.

Melich mandaba outro exército que seguía ó de Alaber e, vencido este, puxéronse os cristiáns a perseguilo. Coutáronlle o paso, por fin, á beira do río Mero, e comezaron a combatelos preto de Anceis, entre Cambre e Carral, onde hoxe é San Xoán de Anceis. Priváronlle así o avance ó longo da costa e a posibilidade de se internar en terras do Eume, devastándoas como fixeran as hostes de Alaber. Melich viuse obrigado a se retirar cara ó interior, conseguindo atravesar as montañas do Bocelo, para ser derrotado en Furelos, preto da actual vila de Melide, nome que se quere relacionar co do referido caudillo.

40.- MARTÍNEZ SALAZAR, *Del tesoro de monedas de Algara*, "Bol. da Real Acad. Gal.", t. IX, páx. 219, nota.

41.- Vid. *Las inscripciones árabes sepulcrales halladas en la iglesia de Santa María del Azogue, de la ciudad de Betanzos*, por BERNARDO BARREIRO DE W., "Galicia Diplomática", t. I, núms. 19, 20, 30 e 45; e *Un dato más sobre las inscripciones árabes sepulcrales halladas en la iglesia de Santa María del Azogue, de la ciudad de Betanzos*, por CALIXTO LEYES PONTE, id. t. IV, núm. 36.

42.- *Galicia en los primeros siglos de la Reconquista*, en "Galicia Histórica", Santiago, núm 10, xullo-agosto do 1903, páx. 667.

43.- Vid. *Dos episodios de la Reconquista*, por EDUARDO ÁLVAREZ CARBALLIDO, "Bol. da Real Acad. Gal.", t. II, 2 edic., páxs. 242-248. Neste traballo confírmase o exposto por VICETTO na súa *Historia de Galicia*, t. IV, Ferrol, 1871, páxs. 16-19.

Historia de Pontedeume

Non foi soamente nestas ocasións cando os invasores mahometanos penetraron en terras do Eume ou se achegaron a elas. Os cronistas árabes que relatan as fazañas de Almanzor, ó falaren das súas expedicións a Galicia, no ano 997, época na que se apoderara da cidade de Compostela, refiren que avanzara co seu exército deica San Cosme de Maianca, nome que corresponde á península situada entre as rías de Coruña e Betanzos, atacando as dúas cidades. Consta tamén que, polo ano 1115, os sarracenos que habitaban na costa, desde Sevilla ata Coímbra, adoitaban exercer-la piratería nos portos do Norte, citándose, entre os territorios castigados, os de Pruzos e Bezoucos. Exercía, daquela, funcións de almirante en Galicia Don Rodrigo Froila, irmán do célebre conde de Traba, Don Pedro, e, como fose que aquí non se construían máis barcos que os que eran propios para a navegación de cabotaxe, non daba contido, cos escasos medios dos que dispuña, o ímpeto das acometidas sarracenas. Así e todo a sorte non nos fora adversa e, sobre todo desde a intervención do grande bispo Xelmírez enviando mensaxeiros a Xénova e Pisa para a adquisición de naves de guerra, segundo as circunstancias demandaban⁴⁴. Da época árabe quedáanos a lenda dun episodio referido ó cobramento do tributo das **cen doncelas**, que os reis de Asturias tiñan que entregar ós árabes; tributo que, aínda que moitos autores considéranlo apócrifo, non deixa de ter abondosos caracteres de verosimilitude⁴⁵.

Di a lenda en cuestión que o rei Mauregato comprara a liberdade do seu reino comprometéndose a lles pagar ós árabes un tributo anual de cen doncelas, cincuenta nobres e outras cincuenta de clase popular, algunhas delas eran gardadas na torre de Bordel ou Peito de Bordel, emprazada na parroquia de Sarandóns, do concello de Abegondo, no partido de Betanzos⁴⁶. Dunha vez na que cincuenta mouros ían buscar a unha das damas nobres para pechala na torre, foron atacados e vencidos por cinco irmáns dela, dentro do **Campo das Figueiras**, que está cabo da casa de Armuño, lugar da parroquia de San Xoán de Lubre, no concello de Bergondo, tamén do partido de Betanzos, rescatando deste xeito á doncela, asaltando e destruindo despois a torre e salvando ás outras súas compañeiras de cativerio. Segundo esta lenda, os cinco irmáns, rotas as armas na batalla, servíronse das pólas esgazadas das figueiras que no campo había e, en lembranza deste feito, mudaron o seu apelido polo de **Figueroa**⁴⁷.

O mesmo feito de armas, común, por outra parte, a varios lugares, localízase tamén na cidade de Betanzos, no

44.- **Historia Compostelana**, lib. I, cap. CIII. Hai unha tradución publicada en "El Eco Franciscano", anos 1925-29, sen nome de autor, debida ó P. MANUEL SUÁREZ, Bibliotecario do convento de San Francisco de Santiago.

45.- DON ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, no t. II da súa monumental **Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela**, Santiago, 1899, páxinas 119-130, defende a existencia do citado tributo. Entre outros traballos paga a pena rexistrar aquí **El tributo de las cien doncellas**, por LUCIANO CID HERMIDA, no libro do mesmo autor *Leyendas, tradiciones y episodios de Galicia*, Coruña, 1891, páxs. 143-197.

46.- É tradición que a esta cidade correspondíalle satisfacer seis doncelas ó ano, tres do estado nobre e tres do pobo.

47.- Vid. **La Casa de Armuño**, por CÉSAR VAA-MONDE LORES, "Bol. da Real Acad. Gall.", t. IV, páxs. 29-35 e 60-63. A lenda de Pedro Bordel serviu ó escritor DON GALO SALINAS RODRÍGUEZ como argumento para un drama en verso galego, **A Torre de Pedro Burdelo**, (Coruña, 1891), que foi escrito en Pontedeume onde, daquela, residía o autor.

Os Antigos Poboadores

punto coñecido por **Valdoncel**, comprendido entre as rúas de Feira Nova e Galera, da que se di que antes se chamaba **Campo das Figueiras**.

VIII. OS NORMANDOS

Terribles foron as acometidas ós lugares do litoral galego por parte dos piratas normandos.

Aparecen por primeira vez atacando as costas de Galicia no ano 846, reinando Ramiro I, e tócalle á Coruña a triste primacía de que nas súas augas veñan fondea-las naves invasoras. Aquelas feras xentes destrúen e saquean a cidade, percorren os arredores sementando por todas partes a desolación e maila morte, e mesmo se arriscan a entrar no interior do país, pois consta que, xa daquela, puxeran lume á igrexa de Santa Eulalia de Curtis (concello hoxe de igual nome, no partido de Arzúa). Mais os galegos son quen de vencelos nalgúns encontros, obrigándoos a se retirar cara á Coruña, ata que, por fin, un exército enviado polo rei Ramiro dorrótaos totalmente, tomándolles 60 naves.

Pouco tempo despois, no ano 859, outra escuadra normanda chega ás praias mariñáns, que volven ser saqueadas. Xurde entón un valente caudillo galego, o conde Pedro, que, á fronte dunha aguerrida multitude de naturais do país, pon en fuga ós feros fillos do Norte.

A partir desta época son numerosas e máis ou menos importantes as expedicións normandas que atacaron Galicia; e entre elas salienta a do ano 968, de cen naves e oito mil guerreiros, ó mando de Gudroed -o Guderredo das crónicas cristiás- que desembarcou na costa da provincia de Pontevedra. Os galegos opoñen unha decidida resistencia capitaneados por Sisnando, bispo de Iria; mais este é derrotado e morto na triste xornada do río Fornelos, quedando Galicia aberta, deste xeito, ó invasor, que a cruza de parte a parte e chega mesmo a penetrar nas escabrosidades dos montes do Cebreiro, na provincia de Lugo.

Mais deixemos esta cuestión, sobre todo porque as piraterías normandas que suceden ás dúas que primeiro mencionamos encamiñáronse preferentemente á conquista de Compostela por causa da grande sona da que gozaba esta

Historia de Pontedeume

cidade, e isto é asunto que está fóra do obxecto que nos compete.

Limitaremonos a consignar que, despois das primeiras acometidas dos normandos, os habitantes da costa retiráranse, atemorizados, cara ó interior, como fixeran os de A Coruña, que se acolleran ó Burgo; polo que é de supoñer que Pontedeume, acochado no fondo da ría do seu nome, vise daquela, por esta causa, considerablemente acrecentada a súa poboación.

IX. A ESTADÍA DE ÁRABES E NORMANDOS NA TERRA EUMESA

Nin árabes nin normandos chegaron a se consolidar en terra eumesa.

O certo é que, xa desde os primeiros tempos da reconquista, esta comarca debeu estar libre dos invasores sarracenos como se desprende da primeira das dúas escrituras de Odoario, bispo de Lugo, coñecidas polo nome de **testamentos**, da era 785, que corresponde ó ano 747, na que se fai doazón á igrexa de Santa María desta cidade, entre outras moitas, de dúas igrexas do distrito de Bezoucos e unha do de Pruzos, que son expresamente citadas no documento: *“In Besancos S. Mamete de Larido et S. Georgio de Castrobomir ad integro stipatas de familia mea. In Prucios Ecclesia S. Thirso de Ambrona cum adjuntionibus ab integro”*.

Proba segura, así mesmo, de que os citados distritos non coñecían extraño dominio vén se-la consignación que Truccino, ou Tructino, comisionado por Alfonso II, fai a Adulfo, bispo de Iria, no ano 830, de varias igrexas entre as que figuran as seguintes de terra eumesa: *“In besaucos ecclesie sce. eulalia in caurio. scm. uincentium in carois. scm. tirsum in magobre. sca. eulalia in lubre. scm. iulianum in siliobre. scm. iacobum iuxta siliobre. In comisso de plutios. scm. xpoforum ad eume, latum portum, scm. martinum in tiobre”*⁴⁸.

48.- Insírese o documento íntegro no apéndice núm 2 do t. II da **Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela**, por ANTONIO LÓPEZ FERREIRO.

49.- Véxase, a propósito desta data, LÓPEZ FERREIRO, op. cit., t. II, páxs. 154-155, nota.

Comprobante tamén da tese que nós vimos mantendo é a doazón que Alfonso III, cara ó ano 866⁴⁹, fixera a

Os Antigos Poboadores

Sabarico I, bispo de Mondoñedo, das comarcas de Trasancos, Bezoucos e Pruzos, cos seus termos e homes ata a auga de Xunqueiras, e aínda as igrexas de Sealla.

Indubidablemente as anteditas doazóns constitúen un claro testemuño da liberdade das terras ás que se refiren.

Mais, se isto non abundase, aínda hai outros feitos que claramente nolo confirman.

Ninguén ignora que algúns bispos, ó seren invadidas as súas dióceses, fuxiran delas para írense refuxiar noutras libres da furia sarracena. Así ocorrera coa de Iria, onde consta que se acolleran, polo menos, o bispo de Tui e mailo de Lamego en Portugal, ós que o de Iria concedera transitoriamente territorios e granxas cos que puidesen atender ás súas necesidades. Sábese que en Xubia viviu retirado o bispo de Lamego, Argemiro, e que na bisbarra de Nandos e Faro tiña a súa residencia o de Tui, Diego.

Os éxitos das armas cristiás contra os musulmáns arrincaran, por fin, das súas mans os territorios que no eclesiástico rexían os bispos fuxitivos, e chegou o tempo de que as cousas volvesen o seu antigo ser e estado. E así, no reinado de Ordoño II, e nun Concilio celebrado no ano 915, se cadra en Santiago, dispuxo o monarca que os distritos que daquela estaban esgazados da diócese de Iria volvesen a ela integramente por teren desaparecido as causas do desmembramento. Estes distritos eran os de Nendos, Faro, Bergantiños e Soneira, dos que disfrutaba os beneficios o bispo de Tui; os de Trasancos, Lavacengos, Nemancos, Célticos e Carnota, que tiña o bispo de Lamego; e Don Ordoño fala tamén dos distritos de Pruzos e Bezoucos, que, ó parecer, estaban asignados á diócese de Oviedo⁵⁰.

50.- Vid. LÓPEZ FERREIRO, op. cit., t. II, páx. 63.

TEMPOS PRIMITIVOS ATA
A CASA DE ANDRADE

CAPÍTULO II
OS SEÑORÍOS

- I. CONDICIÓN DAS PERSOAS NESTE PERÍODO.-
- II. SÍNTESE DO MESMO.-
- III. LITIXIOS ENTRE O BISPO DE SANTIAGO E OS DE LUGO E MONDOÑEDO SOBRE OS DOMINIOS DE PRUZOS E BEZOUÇOS.-
- IV. DON PEDRO FROILA, CONDE DE TRABA.-
- V. DON BERMUDO PÉREZ DE TRABA E O MOSTEIRO DE NOGUEIROSA.-
- VI. DON FERNANDO PÉREZ DE TRABA, OS TEMPLARIOS E A IGREXA DE MIÑO.-
- VII. MOSTEIRO E IGREXAS ANTIGAS: BREAMO, DOROÑA, ANDRADE E VILANOVA; LUBRE E AS NEVES.-
- VIII. FUNDACIÓN DA VILA DE PONTEDEUME.

Historia de Pontedeume

I. CONDICIÓN DAS PERSOAS NESTE PERÍODO

Os xermanos, co seu individualismo, impuxeron a variedade, o fraccionamento, o pequeno señorío característico do período feudal.

A invasión dos bárbaros sinala o comezo dunha nova idade histórica porque o espírito xermánico da variedade, que se ve informado en toda a Idade Media, é o que máis contrasta coa manifesta tendencia da Idade Antiga a construír grandes imperios, algo semellante a monarquías universais.

As anteriores invasións tiñan como obxectivo preferente a colonización; os xermanos, pola contra, viñeron para a guerra e maila conquista. Eran fortes, e pola forza se apoderaron da terra invadida, repartírona entre eles e mesmo chegaron a porfiar por ela. Eran fondamente individualistas, e cada señor eríxese en pequeno rei, que manda e dispón ó seu antollo, a penas sen trabas nin atrancos, e co que moitas veces teñen que contemporiza-los verdadeiros monarcas.

Así, deste xeito, dous poderes chegan a existir ó mesmo tempo: o poder real e mailo poder señorial; é dicir, por unha parte o rei, xefe do Estado e, como tal, con poder sobre tódolos individuos do reino e, por outra parte, os nobres e señores, e tamén os bispos e abades, ós que o rei, dun xeito expreso ou tácito, recoñecía como donos das terras, con dereito a que as rexesen en por eles, libremente, con moi poucas limitacións.

Os nobres constituían a clase superior da sociedade e nomeábanse **príncipes**, **condes**, etc. Había, así mesmo, unha especie de nobreza inferior ou subalterna, ou, polo menos, unha clase privilexiada, a dos **milites** ou **cabaleiros**, que eran os homes libres que podían, pola súa conta, custear cabalos e armas coas que ir á guerra, a cambio do que se lles concedían diversos privilexios.

Os bispos e abades, posuidores de territorios, eran verdadeiros señores, iguais ós nobres, e, coma eles, concorrían á guerra coas súas xentes, mandando moitas veces ás tropas.

Historia de Pontedeume

Existía a servidume, dividíndose os servos en **persoais**, como prisioneiros de guerra, descendentes de escravos ou mercados, pagando por eles, e **adscritos á gleba**, ou suxeitos á terra, da que non se podían separar, sendo vendidos ou doados canda ela, coma se fosen un dos seus produtos. Estes estaban obrigados a doar ó señor, fose nobre, igrexa ou mosteiro, unha parte dos froitos que apañaban, pagando distintos tributos, polo xeral en especie, e tendo, ademais, que presta-lo seu traballo ó señor cando este llelo demandase.

Era frecuente que os homes libres, non xa de maneira illada, senón tamén tratándose de poboacións e de comunidades relixiosas, se encomendasen a algún nobre ou señor que os protexese, a cambio de varios tributos e prestacións persoais. Cando se trataba de individuos illados, estes constituían os homes de **benefactoría**, chamada despois **bebetría**, e á dependencia colectiva chamábaselle **encomenda**. Os patrocinados podían libremente abandonala protección do señor e permanecer independentes ou procurar outra.

Polo tanto, e dado o común destas proteccións, pódese dicir que a única clase social verdadeiramente libre era a dos nobres ou señores. A Idade Media a penas coñeceu outros estados sociais fóra da nobreza e a servidume.

II. SÍNTESE DO MESMO

Mandando unha ollada ó conxunto da época feudal vemos que nobres e eclesiásticos aseñoreanse da terra eumesa case na súa totalidade e que ese señorío, a penas interrompido pola dominación árabe, aparece prontamente consolidado, xa desde os primeiros tempos da reconquista.

Os bispos signifícanse, non só coma xefes espirituais, senón coma os amos materiais das igrexas; e así encontramos litigando ós de Santiago cos de Lugo e Mondoñedo por causa da posesión de varias delas no territorio ó que se cingue a nosa historia.

Aparecen tamén os **commissos** ou condados de Pruzos e Bezoucos, e mesmo chegou ata nós a memoria dalgúns dos titulados condes neste territorios. Mais este señorío queda, moi axiña, escurecido polo dos de Traba, sobre todo en tem-

pos do célebre Don Pedro Froila, conde de Caamouco, como ás veces se lle chamaba, posuidor de amplos dominios que abranguían tamén as terras do Eume.

Ós anteditos señoríos hai que axunta-lo que exercían as casas relixiosas que agromaran na bisbarra: Nogueirosa, Miño, Breamo, Caaveiro, Monfero...

O indicado non supuxo atranco ningún para que algunhas terras se conservasen libres ou para que, andado o tempo, disfrutasen desa condición. Así pasa coas freguesías que se dirixen a Alfonso X para constituí-la vila e xurisdicción de Pontedeume.

Mais, por fin, a terra eumesa vaise xuntar nas mans dun só señor. A casa de Andrade, herdeira da de Traba, imponse a todo outro señorío. Desque Enrique o de *las Mercedes* doa a Fernán Pérez o Bóo os dominios de Pontedeume, Ferrol e Vilalba, os Andrade son coma soberanos independentes nestes territorios.

A casa de Andrade, a partir desta época, ten importancia abonda como para constituir, en por ela, outra parte da nosa historia.

Agardemos, xa que logo, o lugar oportuno para falar dela e fagamos agora por detallar, ata onde nos sexa posible, as vicisitudes dos tempos medievais anteriores á preponderancia da citada ilustre casa.

III. LITIXIOS ENTRE O BISPO DE SANTIAGO E OS DE LUGO E MONDOÑEDO

Inevitabilmente arrastrados polas ideas imperantes, os bispos, ó tempo que eclesiásticos -e aínda, ás veces, máis ca neste aspecto-, destacaban como señores da terra.

Nin as propias igrexas quedaban libres de formar parte do dominio señorial, pois é sabido que, daquela, habíaas propiamente diocesanas ou **canónicas**, que estaban en todo suxeitas ós bispos, e **offertionales**, que eran de propiedade particular dos reis ou magnates -sen excluír ós propios bis-

Historia de Pontedeume

pos- que, por este motivo, percibían cada ano un canon ou pensión chamada **offertio**.

Probablemente fosen igrexas **offertionales** as que se mencionan na doazón de Odoario, bispo de Lugo, verificada no ano 747, e da que xa tratamos, á igrexa de Santa María desta cidade. Igrexas **offertionales** debérono ser, así mesmo, as xa referidas que Truccino ou Tructino, comisionado de Alfonso II, consigna ó bispo de Iria, Adulfo, no ano 830. E tamén comprendía soamente as igrexas **offertionales** a doazón, igualmente citada, que Alfonso III, polo ano 866, fixera a Sabarico I, bispo de Mondoñedo.

A cesión de igrexas **offertionales** a dióceses distintas da de Iria ocasionara confusións que deran pé a litixios entre os respectivos bispos.

Non abundara para evitar estas confusións a clara pertenza á diocese de Iria das igrexas da bisbarra que estamos a historiar; pertenza confirmada, como xa se viu, polo rei suevo Teodomiro no ano 569 e, máis tarde, por Ordoño II, no 915.

O tempo, que todo entolda, debeu borra-la idea das citadas demarcacións, por canto o litixio acaba aparecendo, primeiro entre os bispos de Santiago e Lugo e máis tarde entre aquel e o de Mondoñedo.

A cuestión entre os bispos de Santiago e Lugo resolveuse definitivamente no ano 922, cando ocupaba a cadeira lucense Recaredo e Gundesindo a de Iria.

A cuestión non afectaba ós límites da diocese de Iria, senón soamente a certos dereitos civís e políticos sobre os habitantes dos **commissos** ou condados de Pruzos e Bezoucos.

Se cadra os dereitos reclamados polo bispo de Lugo databan da primeira doazón de Odoario á igrexa da citada cidade.

Ventilouse o preito en León, coa presenza dos reis Don Ordoño e Dona Elvira e mais dos bispos Fronimio, lexionense, e Fortis, asturicense, e de moitas outras persoas, tanto seculares coma eclesiásticas, fallándose que mentres vivise o prelado de Lugo, Recaredo, gozase de metade das rendas que no civil tributasen estes condados e que á súa morte pasasen íntegras ó señorío do bispo irense⁵¹.

51.- Vid. **Historia de la S. A. M. de Santiago de Compostela**, por ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, t. II, páxs. 278-279.

Máis longo e complexo fora o litixio habido entre a cadeira de Mondoñedo e maila de Compostela.

A orixe da contenda está na xa citada doazón que Alfonso III fixera ó bispo mindoniense Sabarico de varias igrexas nas comarcas de Trasancos, Bezoucos e Pruzos. A doazón referíase soamente ás igrexas **offertionales**, pois no diploma de cesión declárase que o rei deixa de contar estas igrexas como propias del para que as posuísen integramente os bispos de Mondoñedo.

Co paso do tempo foise escurecendo, sen dúbida, o carácter desta doazón, contribuindo a que así fose algúns feitos como o de que, durante os catorce anos nos que, despois da prisión do bispo Don Diego Peláez, a igrexa compostelá estivo, en certo modo, vacante, os bispos da bisbarra fosen os que ordenaban ós cregos e consagraban as igrexas, segundo fixera o de Lugo, Don Amor, que consagrara, o 6 de decembro do ano 1092, a igrexa de San Sidro de Callobre.

Tomada por Xelmírez posesión da Cadeira compostelá, á que pasaran, por bula do Papa Pascual II, de 31 de decembro do 1101, tódolos dereitos e atribucións dos que gozara a iriense, reclamou amigablemente do bispo de Mondoñedo Don Gonzalo Froila os arciprestados de Bezoucos, Trasancos e metade do de Seaia, que el administraba, sen conseguí-la devolución.

Daquela Xelmírez interpuxera demanda no concilio nacional que se celebrara en Carrión, a finais do 1102 ou empezos do ano seguinte. O bispo de Mondoñedo non asistira por enfermidade e o arcebispo de Toledo e presidente do concilio, Don Bernardo, escribíralle desde León, o 4 de febreiro do 1103, mandándolle que volvease á igrexa de Santiago o reclamado, obrigándose a traballar con Xelmírez para obter del algunha compensación.

Como o bispo de Mondoñedo non quixese acceder, mandou Xelmírez dous procuradores a Roma, para se querear diante de Pascual II, e este ordenou, o 1 de maio do ano 1103, que se cumprise o acordado en Carrión.

Recibida por Don Gonzalo a disposición pontificia, despachou para Roma a dous dos seus cregos. O Papa, o día 15 de outubro do 1103, avisou a Xelmírez para que mandase outros dous legados que se haberían entrevistar cos de Don Gonzalo o 1 de outubro do ano seguinte. Despois da comparecencia, resolveu o Papa, por carta dirixida ó bispo

Historia de Pontedeume

de Burgos, Don García, o día 14 dese mesmo mes, que acudisen a Astorga cinco ou tres dos máis vellos da igrexa de Mondoñedo para que xurasen que había corenta anos que a súa igrexa estaba en posesión deses arciprestados, debendo concorrer así mesmo procuradores composteláns.

Presentouse Don Gonzalo cos seus homes na data fixada, que era a empezos do ano 1105, e tamén o fixeron os cregos procuradores composteláns; pero como non estaba en Astorga o prelado de Burgos fórono procurar a Castrojeriz, onde tamén se achaba Alfonso VI, e alí Don Gonzalo negouse a presenta-la proba testifical que se lle esixira. Comunicóuselle así ó Papa e, daquela, Pascual II escribira ó bispo de Mondoñedo, o 24 de outubro do 1105, ordenándolle que non inquietase á igrexa compostelá na posesión dos tan disputados arciprestados e ameazándoo co rigor da xustiza.

O bispo de Mondoñedo non fixo caso deste requirimento, polo que se volveu expoñe-la cuestión no concilio reunido en León a finais do 1107. Concorreran a el ámbolos dous bispos, e alí discutiran con tantas razóns por unha e outra parte que o presidente, Don Bernardo, arcebispo de Toledo, houbo de nomear unha comisión de prelados para que decidisen a contenda, acordando, finalmente, que o bispo de Ourense quedase como administrador dos disputados arciprestados e deixando para o Papa a solución do preito.

O concilio deu cartas ós comisionados de Santiago e Mondoñedo para que llelas presentasen ó Papa; pero en Roma soamente se presentou o comisionado de Xelmírez. Pascual II non quixo resolve-la cuestión pola única carta recibida e escribiu ó arcebispo de Toledo para que sinalase a ámbolos dous contendentes un termo perentorio, dentro do que deberían comparecer diante do citado arcebispo, e este, aínda que calquera das dúas partes estivese ausente, resolvese en definitiva. Por máis que o arcebispo debeu recibila carta a mediados de 1108, o certo é que foi atrasando o seu cumprimento ata que, por fin, decidiu pronuncia-lo xuízo definitivo a favor de Santiago.

Daquela o clero e mailo pobo dos arciprestados discutidos recoñeceron que estiveran separados indebidamente da súa verdadeira cabeza, que era a sé compostelá, e prometeron ser, para o tempo vindeiro, fillos submisos dela e acudir cada ano cos tributos ós que estaban obrigados.

Fíxose, ó parecer, o correspondente acto de acatamento da decisión en Santiago, onde deberon acudi-los abades, cregos e cabaleiros, non só dos arciprestados de **Bezoucos** e **Trasancos**, senón tamén de Lavacengos e Arros.

Asinou primeiro a declaración, o día 7 de febreiro do ano 1110, Munio, abade de Xubia, baixo fórmula especial, e despois tódolos demais, baixo unha mesma fórmula máis extensa, o día 7 de marzo dese mesmo ano.

Resulta interesante, para o noso obexectivo, a relación dos párrocos de Bezoucos que, por eles e mais polos ausentes, subscriben a acta de obediencia: Pelayo Almóndiz, de **Cervalles** (Cervás); Diego Fulgencio, de Santa Eulalia de Xubia; Vimara, de Santiago de **Francia** (Franza); Rodrigo Sinándiz, prelado do mosteiro de San Vicente (¿de Caamouco?); Pelayo Bermúdez, de San Xoán de **Pinnario** (Piñeiro), Gutierre Osóriz, de San Salvador de **Magnios** (Maniños); Rodrigo Muniz, de San Vicente de **Mediano** (Meá); Oduario, de Santa Eulalia de **Courio** (Coiro, anexo Maniños); Froila, de Santiago de **Baraliobre** (Barallobre); Froila, de San Mamede de **Laragia** (Laraxe); Juan, de Santa Marina de **Seliobre** (Sillobre), e Ordoño, de San Salvador de **Seliobre**.

Os cabaleiros de Bezoucos son: Bermudo Asmódiz, Bermudo Ragéliz, Fernanado Suárez, Férveo Hólmiz, Gonzalo Menéndez, Juan Vimaraz, Menendo Hólmiz, Munino Oduáriz, Oveco Fróilaz, Pedro Bermúdez, Vistrario Hólmiz e Vistrario Peláez.

A acta fora tamén asinada polo conde Don Pedro de Traba, pola súa muller Dona Mayor e mais polas súas irmás Dona Munia, monxa en Xubia, e dona Visclavara⁵².

O convenio anterior fora ratificado o día 8 de agosto do ano 1122, asinándose un acordo polo que Munio, novo bispo de Mondoñedo, cede ó de Santiago todo o dereito que lle puidese corresponder sobre os arciprestados de Bezoucos e Seaia, quedando Mondoñedo desde aquela cos de Trasancos, Lavacengos e Arros⁵³.

O territorio de Pruzos resúltanos menos coñecido co de Bezoucos.

No ano 889 había en Pruzos un titulado conde de Silo, que asistira á consagración da igrexa de Santiago de Compostela con outros seis condes e nove bispos, gobernan-

52.- Para máis detalles sobre este litixio, vid. LÓPEZ FERREIRO, op. cit., t. III, Santiago 1900, páxs. 258-268.

53.- LÓPEZ FERREIRO, op. cit., t. IV, Santiago, 1901, pág. 58.

Historia de Pontedeume

do Sismundo a Cadeira iriense e concorrendo tamén o rei Alfonso III. O conde Silo é un dos que subscriben a acta de consagración.

IV. DON PEDRO FROILA, CONDE DE TRABA

Xa dixeramos que este señorío de condes e cabaleiros aparece eclipsado polo da poderosa familia dos Traba, especialmente nos tempos do célebre conde Don Pedro Froila de Traba.

O bispo de Mondoñedo Don Gonzalo, que tan longa e teimudamente litigara con Xelmírez, era irmán do dito Don Pedro Froila, e este e mailos seus outros irmáns, incluíndo ó bispo, estaban en posesión do territorio disputado e, xa que logo, das igrexas offercionales nel situadas. Sen dúbida por pertencer Don Gonzalo á familia dos Traba procedese como xa dixemos, cun tesón non moi explicable sen o apoio de bos valedores.

O máis importante personaxe da casa de Traba é o citado Don Pedro Froila.

Era fillo primoxénito dos condes Don Froila Bermúdez e Dona Elvira de Faro, dos que tamén eran fillos Don Rodrigo, Dona Munia, que fora monxa en Xubia, Don Gonzalo, Dona Hermesenda e Dona Mayor.

Don Pedro Froila fora criado e educado polo rei Alfonso VI.

Casou moi novo con Dona Urraca Froila, da que enviudara ó pouco tempo, volvendo casar con Dona Mayor Armengol.

Do seu primeiro matrimonio tivera os fillos seguintes: Don Bernardo, Don Fernando, Don García e Dona Lupa. Do segundo a Don Rodrigo e Dona Toda.

Uns e outros emparentaran coas familias de máis alta liñaxe da Península.

Don Pedro titulárase conde, ora de Galicia, ora de Traba, ora de Trastamara, ora de Ferreira, ora de Caamouco. Con este último título aparece cualificado nun documento do ano 1117 pola súa cuñada Dona Guncina, casada co seu irmán Don Rodrigo.

En concepto de conde de Galicia viña ser algo semellante a gobernador ou adiantado, cargo que lle fora outorgado polo rei Alfonso VI.

Sabido é que educou ó emperador Alfonso VII en Caldas de Reis, e mais no alcázar de Castrelo, polo que adquirira grande prestixio entre tódolos nobres galegos.

Fora o personaxe máis importante de Galicia no seu tempo, e sóbose sempre manter á altura debida, calquera que fosen as circunstancias nas que se atopase.

Os seus dominios eran considerabilísimos, chegaban desde as fontes do Tambre ata o Océano e desde o porto de Noia ata Pontedeume.

Inmerso en tódalas incidencias que se deran en Galicia no seu tempo, non é cousa de seguilo nelas, pois non é este un asunto que interese ó obxecto particular que perseguimos neste traballo.

Soamente lembraremos que con ocasión da chegada a Galicia de Alfonso **el Batallador**, rodeado dunha grea de aventureiros, na que non faltaban os mouros, e seguido da súa esposa, a tristemente célebre raíña Dona Urraca, víronse os estados de Don Pedro Froila invadidos por estas xentes, que todo levaban pola brava, saqueando os seus pazos e destruindo as súas fortalezas. O conde Don Pedro, consecuente defensor dos dereitos de Alfonso VII, o fillo de Dona Urraca, mesmo en contra dela e mais do seu segundo marido Alfonso **el Batallador**, era o obxecto principal da carraxe deste rei. ¿Entraran en terra eumesa as hostes que se agrupaban baixo as bandeiras do aragonés Alfonso? A isto non se pode contestar concretamente. O certo é que Alfonso, despois dunha durísima campaña de tres meses, foi expulsado desastrosamente de Galicia, dándose a victoria a mediados do ano 1110.

Morreu o conde Don Pedro Froila en idade avanzadísima en Santiago, sendo depositados os seus restos mortais na catedral, como tamén os da súa muller Dona Mayor, sen

Historia de Pontedeume

que hoxe sexa posible determinar de fixo os que son os seus sepulcros.

Don Pedro Froila demostrara a súa esplendidez con importantes doazóns á Igrexa de Santiago de Compostela e a San Martiño de Xubia. Faremos mención dalgunha das que afectan á terra eumesa.

A comezos do século XIII, polo ano 1113, ofrecera á igrexa de Santiago “*unha abondosa doazón, máis propia de reis que dun particular, por opulento que este fose*”⁵⁴. Nesta doazón comprendíanse, entre outras moitas dos seus dominios, as igrexas de San Xulián de **Carantonía** (Carantoña), San Pedro de Grandal e Santa María de Castro, en terra de Pruzos, e en **Bisancos** (Bezoucos), as de Santiago de **Francia** (Franza) e San Estebo de **Erens** (Eirís).

Isto non fora impedimento para que, unha miga máis adiante, no 1125, cedese algunha destas localidades ó mosteiro de Xubia, como San Pedro de Grandal e Santiago de Franza, a máis doutras igrexas, como San Pedro de **Pernigil** (¿Perlío?), Santa María de Sada, Santiago de Valebre, Santiago do Abade e San Paio de Ferreira⁵⁵.

Entre os fillos de Don Pedro Froila teñen especial interese para a nosa historia Don Bermudo e mais Don Fernando: o primeiro por se-lo fundador da granxa ou mosteiro de Nogueirosa e o segundo porque se cre que trouxo ós templarios a Galicia, que posuíron na bisbarra do Eume a igrexa de Santa María de Miño.

Dos demais sucesores dos Traba, por outra parte non moi ben coñecidos, nada importante se pode recoller aquí.

V. DON BERMUDO PÉREZ DE TRABA

Os xenealoxistas consideran a Don Bermudo Pérez de Traba como orixe e tronco da casa de Andrade.

A meirande notoriedade desta casa arrinca de Fernán Pérez **o Bóo**, e a cronoloxía dos antecesores deste personaxe é coñecida soamente en parte, sen que se poida prestar moito creto ás noticias contidas nos nobiliarios.

54.- LÓPEZ FERREIRO, op. cit., t. III, páx. 404.

55.- Vid. **San Martín de Jubia**, por LEANDRO SARALEGÜI Y MEDINA, 3ª edic. Ferrol, 1899, páx. 13.

Estivera Don Bermudo casado varias veces, descoñecendo os nomes das súas primeiras mulleres, e no ano 1122, volveu casar coa infanta de Portugal Dona Urraca Enríquez, irmá do rei Afonso I, á que dotara esplendidamente no 25 de xullo daquel ano.

Acompañando ó seu irmán Don Fernando marchara por dúas veces á conquista de Terra Santa.

No ano 1148, despois das súas fazañas guerreiras en Portugal axudando ó seu irmán Don Fernando para se alzar con este reino, fundou o mosteiro de Nogueirosa, preto de Pontedeume, baixo a regra de San Bieito, con monxes que pedira a Don Pelayo, abade do mosteiro de Toxosoutos, pertencente hoxe á parroquia do seu nome, no concello de Lousame, partido de Noia. Este abade mandáralle varios relixiosos e mais a Frei Rodrigo como superior da nova casa.

A infanta Dona Urraca, no ano 1151, fixera doazón ó novo mosteiro do que ela e mailo seu home Don Bermudo tiñan en Vilar, Nogueirosa e Bañobre, para que a admitisen nel como relixiosa, na compañía doutras catro señoras, e Don Bermudo doara, para mantenza e vestido delas, canto tiña na vila de Santiago, como se chamaba daquela Pontedeume.

No 1160 o conde Don Bermudo tomou o hábito de relixioso cisterciense en Sobrado, e a súa muller a infanta Dona Urraca, con outras señoras da súa liñaxe, fixo igual en Nogueirosa, despedindo ós monxes que viñeran de San Xusto, e alí acabou humildemente os seus días, sendo sepultada na igrexa daquel pobre e afastado mosteiro, no que, desde aquela, non se volveu facer vida regular.

Don Bermudo cedera despois a Don Exidio, abade de Sobrado, as amplas facendas que posuía en terra de Pruzos, e a isto opuxéranse enerxicamente os monxes de Toxosoutos, baseándose nas anteriores doazóns que a eles se lles fixeran. Esta oposición cesara por transacción entre os abades dun e outro mosteiro, quedando o de Sobrado na pacífica posesión de todo canto Don Bernardo lle doara.

Oito anos fora monxe Don Bermudo en Sobrado, finando no 1168 e sendo enterrado, coma os outros relixiosos, no claustro do mosteiro.

Os sucesores de Don Bermudo continuaron cedendo ós de Sobrado outros bens por riba dos que xa tiñan e que,

Historia de Pontedeume

con outros adquiridos por medio de compra a diferentes persoas, producíanlles altísimas rendas.

Así as cousas, Fernán Pérez de Andrade o **Bóo**, no último tercio do século XIV, interferiu nos bens que os de Sobrado tiñan en Nogueirosa. O primeiro paso para iso foi a construción da torre e fortaleza de Nogueirosa, chamada vulgarmente **castelo de Andrade**, obras que quixo comezar a primeiros do ano 1369, riba de pena de Leboreiro, que era propiedade do mosteiro, cos lugares e terras da súa rodeada.

O prior, Frei Esteban Sexas, requirírao, o 8 de xuño dese ano, con todo o seu convento, para que renunciase ó seu propósito e, de seguido, púxolle preito. Fora este moi disputado, e rematara cun amaño polo que o mosteiro daba permiso a Fernán Pérez para construí-la fortaleza, coa condición de que pagase polo sitio dez maravedís cada ano.

Desde aquela o de Andrade foise apoderando pouco a pouco das fincas lindeiras, e xa se apropiara de moitas terras cando, no ano 1380, unha real cédula de Juan I obrigouno a deixalas libres e desembargadas.

Fernán Pérez quedou coas mellores terras da granxa de Nogueirosa, polo que os monxes volveron reclamar novamente; mais, diante do dereito da forza e tendo medo a perder de todo estas propiedades, cederon ás imposicións de Fernán Pérez, aforándoa polo canon que el mesmo sinalara.

Os sucesores de Fernán Pérez seguiron a se apoderar dos bens da granxa de Nogueirosa e mesmo doutros máis, pertencentes ós monxes de Sobrado, conducta que imitaron os pequenos cabaleiros.

Isto produciu a ruína da citada granxa, que, á vista dos numerosos e cuantiosos preitos que con tanta frecuencia se suscitaban, determinou ir pouco a pouco aforando as terras e casais que a compoñían. A finais do século XVII estaba aforada na súa maior parte, e así a posuiron os relixiosos ata os tempos da exclaustación.

Hoxe non quedan xa restos do citado mosteiro, e soamente se conserva unha imprecisa tradición da súa existencia⁵⁶.

56.- A propósito da granxa de Nogueirosa, véxase **Ferrol y Puente deume**, por CÉSAR VAAMONDE LÓRES, páxs. 46 e seguintes.

VI. DON FERNANDO PÉREZ DE TRABA

Don Fernando Pérez de Traba é un dos máis ilustres guerreiros que combateran por Alfonso VII, o Emperador.

Separado da súa lexítima muller Dona Sancha González e morto o conde de Portugal Don Enrique, vivira maritalmente durante bastante tempo coa esposa deste, a infanta ou raíña Dona Tereixa.

Co seu irmán Don Bermudo quíxose alzar co reino de Portugal, pero foi derrotado polo príncipe portugués Afonso Enríquez no ano 1152.

Tivo goberno en Galicia, titulándose conde, como xa fixera seu pai.

Contribuíu á fundación e dotación de moitas casas relixiosas, e suponse que foi el quen trouxo a Galicia ós templarios.

Así como seu pai criara e educara ó emperador Alfonso VII, así tamén Don Fernando tivera ó seu coidado ó fillo do emperador, chamado tamén Fernando, que despois sería rei de León e Galicia.

Finou en Santiago, nos primeiros días de novembro do ano 1155, e foi enterrado na catedral; pero seis anos máis tarde o seu irmán Don Bermudo, monxe en Sobrado, fixo traslada-lo seu cadáver a este mosteiro.

A sonada orde dos templarios, fundada no 1118 por Hugo de Paganis, supona o señor Murguía⁵⁷ traída a Galicia pola casa de Traba, e, se cadra, polo mesmo Don Fernando.

Estableceran os templarios a bailía de Faro, preto da Coruña, onde aínda se conserva, co nome de Santa María do Temple, parte da igrexa románica que alzaran na segunda metade do século XII, nunha das beiras da ría do Burgo.

Dependente da bailía de Faro era a igrexa e couto de Santa María de Miño.

57.- Galicia, páx. 259, nota.

Historia de Pontedeume

A igrexa que os templarios erixiran en Miño non é a que chegou ós nosos días. Esta, da que soamente se conserva a ábsida, que, por outra banda, é o que máis mérito tiña, foi alzada con posterioridade á extinción da orde, se cadra no mesmo sitio. A ábsida, cadrada, de tradición románica, cuberta con bóveda de crucería, é obra, probablemente, da segunda metade do século XIV, e pertence ó estilo oxival⁵⁸.

Extinta a orde dos templarios no ano 1312 por bula do Papa Clemente V, foron repartidos os seus bens entre a orde de San Xoán de Xerusalén e mailos reis. Don Alfonso XI cedera a Don Pedro de Castro, da poderosa casa de Lemos, os bens que os templarios posuían nos reinos de León e Galicia. E o que pertencera ós templarios do Burgo aparece máis tarde nas mans dos señores de Andrade, que, non sen resistencia e combate por parte dos da orde, chegaran a se apoderar destes bens.

Cre Don Ángel del Castillo que da enorme importancia que os templarios chegaran a acadar e da fermosa igrexa que tiveran no Burgo *“naceu a teima das xentes desta comarca mariñá de atribuírlles ós templarios todos cantos monumentos medievais se conservan, desde a igrexa de Cambre, antigo mosteiro cluniacense, ata a do monte Breamo, priorado dos cóengos regulares de San Agustín, chegando a se-los **templarios** pouco menos que os famosísimos **mouros**, ós que en Galicia, como en Portugal e nalgúns rexións do Norte de España, hai o costume, por parte do vulgo ignorante, de lles atribuír cantos restos deixaron as antigas civilizacións”*⁵⁹.

VII. MOSTEIRO E IGREXAS ANTIGAS

Abundantes foran na bisbarra as casas relixiosas na época á que se cingue o noso estudio.

Algúns desapareceran sen deixar rastro, coma o mosteiro de San Vicente, se cadra de Caamouco, do que hai constancia da súa existencia por subscribi-lo seu prelado a acta de avinza entre Xelmírez e mailo bispo de Mondoñedo Don Gonzalo, e tamén o mosteiro de San Isidoro de Callobre. O P. Argaiç cre que estes mosteiros⁶⁰ son as igrexas doadas no ano 1152 por Don Pedro Froila de Traba á

58.- Vid. **Santa María de Miño**, por ANGEL DEL CASTILLO, artigo publicado no núm. 71 do semanario de Pontedeume “Breame” (3 de outubro do 1915).

59.- **Burgo del Faro. Sus iglesias antiguas**, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páx. 192.

60.- Citado por SARALEGUI, en **San Martín de Jubia**, páx. 13.

abadía de Xubia, entre as que, como xa se viu, se conta a de San Pedro de Grandal e a de Santiago de Franza.

Estes pobres mosteiros, atendendo ás azarosas circunstancias nas que houberon ser erixidos, ben pouco significaban como obras de arte. Ó pé dunha pobre capela alzábanse unhas poucas celas, bastas, de forma cadrangular as máis das veces, nas que, moi estreitamente, se albergaba a comunidade relixiosa.

Xa entrado o século XII a maioría destas casas foran anexionadas a outras máis prósperas. Comeza así a época dos grandes mosteiros con fermosas construcións románicas que aínda permanecen ergueitas, mentres se foi perdendo a memoria daquelas humildes igrexas primeiras. Foi daquela cando adquieren importancia Caaveiro e Monfero, centros relixiosos que, polo súa brillante historia, precisan de ser tratados á parte.

Desta época quedan, ademais, algúns curiosos exemplares da arquitectura románica nas igrexas de Breamo, Doroña, Andrade e Vilanova. E de tempos máis recentes merecen recordarse as de Lubre e As Neves. De todas elas crémonos na obriga de tratar a continuación.


Igrexa románica de Breamo



A historia de Breamo, a máis interesante destas igrexas, é moi pouco coñecida.

Aínda que deixemos á parte ós que, entrando polos reinos da fantasía, quixeron ver en Breamo un castro alzado polas xentes do fabuloso rei Brigo, non por isto hai razón para rexeitar radicalmente a hipótese dos que supoñen que


Historia de Pontedeume



Interior da Igrexa de Bremao

aló, coma no cumio de outros montes, tivesen culto as divindades pagás. O celta habitou, se non neste lugar, si noutros que están ó seu carón: evidentes pegadas do seu paso deixou na cercana fegresía de Centroña.

Pranta da igrexa de Breamo



Vindo a tempos máis recentes, lembremos a moi espallada crenza de que Breamo pertenceu á orde do Temple, aínda que non sexa máis que para afirmar que non existe motivo algún no que se poida apoiar tal aseveración.

O que si sabemos de certo é que Breamo estivera habitado polos cóengos regulares de San Agustín.

Tal sucedía xa no ano 1236. Nesta data suscitárase un preito entre o mosteiro de Sobrado e os cóengos de San Miguel de Breamo sobre os bens de Mandres, preito que fora fallado contra Breamo. Renovárase o preito poucos anos

Historia de Pontedeume

máis adiante, e os referidos bens foran adxudicados definitivamente a Sobrado, en virtude de sentencía dictada no 1244 polo arcediago de Abeancos e Xoán Pérez Lombardo, xuíces sinodais de Lugo⁶¹.

A igrexa fora levantada con medio século de anterioridade ó citado ano 1236.

Sábese da data “*por unha inscrición bastante clara que ten gravada en dúas liñas e en grandes caracteres monacais no perpiaño do contraforte da esquerda máis preto da porta principal, que di: E: M: CCXX: V; é dicir, **era mil douscentos vintecinco**, ou sexa o ano 1187*”⁶².

Crese que os cóngos regulares de San Agustín aínda ocupaban Bremao no ano 1569. Pouco tempo despois debeu quedar abandonado, ó igual que outros moitos mosteiros. Por causa deste abandono fóronse derrubando tódalas edificacións, agás a igrexa, sen que na actualidade se conserve o menor vestixio delas.

É de supoñer que o convento estivese unido á igrexa polo Sur, pois aparece modernamente reedificado parte do alzado da nave principal por aquel punto.

Da importancia que Bremao acadara pouco se pode conxectar.

A igrexa, de planta de cruz latina, formada por dúas naves que se cruzan en **tau** grega, abríndose na transversal as tres ábsidas, que se conservan en perfecto estado, sen rastro ningún de ter experimentado modificacións de consideración⁶³.

A súa importancia artística é moi grande. Segundo Don Ángel del Castillo⁶⁴, “*temos en San Miguel de Bremao un fermosísimo exemplar da arquitectura románica, cunha das primeiras bóvedas oxivais que se construíron en España, igrexa que reúne en sí elementos constructivos (bóveda de crucería e de canón apuntado) que soamente se ven soltos noutros templos da mesma época en Galicia, polo que representa un enorme adianto na nosa arquitectura cristiá medieval*”.

Esa importancia salienta aínda máis, ó dicir do mesmo autor, se se considera que é única na nosa rexión pola súa planta e que das 34 igrexas mediavais que, máis ou menos íntegramente, se conservan nas bisbarras de Ferrol,

61.- Ferrol y Puentedeume, por CÉSAR VAAMONDE LORES, páx. 58, nota.

62.- El Priorato de San Miguel de Bremao, por ÁNGEL DEL CASTILLO, núms. 23 e 24 de “Bremao” (1º e 8 de novembro do 1914).

63.- Descríbea DON ÁNGEL DEL CASTILLO no “Bol. da Real Acad. Gal.”. Vid. San Miguel de Bremao, t. II, 2ª edic., páxs. 272-276.


64.- El Priorato de San Miguel de Bremao.

Os Señoríos

Betanzos, Pontedeume e a Coruña, ningunha, agás a de Santa María do Campo, nesta última poboación, ten nin tivo abovedadas as súas naves.

Despois da de Bremao, a máis notable das igrexas antigas da comarca é a de Santa María de Doruña, freguesía do concello de Vilarmajor, aínda que se trata dunha pequena construción, pois cubre soamente 58 metros cadrados. É dunha nave, cunha ábsida semicircular agregada a un estreito corpo de presbiterio, e constitúe un perfecto exemplar do estilo románico, como construído na “*era mil duascentas*”, ou sexa o ano 1162, segundo consta nunha inscrición que hai dentro da nave, no muro da fachada e á esquerda da porta⁶⁵.

Igrexa románica de Doruña



65.- Vid. **Santa María de Doruña**, por ANGEL DEL CASTILLO, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. XI, páxs., 193-198.

Historia de Pontedeume

Notable é tamén a igrexa de San Martiño de Andrade, que foi dunha soa nave e de puro estilo románico, levantada probablemente a finais do século XII, e da que non queda senón a ábsida, de planta semicircular, na que son de salientar uns moi curiosos canzorros⁶⁶.

Tamén de finais do século XII ou empezos do XIII é a obra da igrexa románica de San Xoán de Vilanova, da que queda únicamente o semicírculo da ábsida⁶⁷.

Este son os restos que aínda quedan das antigas igrexas da comarca pertencentes ó período da arte románica. Certamente non son escasos e ben permiten sospeita-lo que debeu se-lo florecemento relixioso do país nos escuros séculos medios.

De tempos bastante posteriores non podemos deixar sen mencionala igrexa de Santa Eulalia de Lubre, á que se lle atribuíra, inxustamente, unha antigüidade remotísima. Se cadra isto se deba á indubidable importancia que esta igrexa e mailos seus beneficios deberon ter, como se desprende de que no ano 1134 o bispo Xelmírez, coa finalidade de poñer remate a unha violenta discordia que mantiña coa casa de Traba, cedese a Don Fernando, o fillo de Don Pedro Froila, co asentimento do cabido e mais o do rei Alfonso VII, a vila de Lubre, trocando despois o dito Don Fernando con Xelmírez, nese mesmo ano, a herdade de Santa Eulalia de Lubre por outros bens.

Igrexa de Lubre




66.- Vid. **Andrade, Villanueva y Las Nieves**, por ÁNGEL DEL CASTILLO, núm. 17 de "Breamo" (20 de setembro do 1914).

67.- Vid. **Andrade, Villanueva y Las Nieves**, por ÁNGEL DEL CASTILLO.

A igrexa de Lubre disfrutara, igual que moitas outras, do dereito de asilo ou de acollerse a sagrado.

É un curioso monumento digno de estudio, “*pois, á parte das súas amplas e boas proporcións* -di Don Ángel del Castillo⁶⁸- *acusa o tránsito do oxival ó renacemento, caso pouco frecuente en Galicia*”.

Pranta da igrexa de Santa Eulalia de Lubre



A igrexa de Nosa Señora das Neves, situada na parroquia de A Capela, é a menos importante de todas cantas levamos mencionadas. Considerablemente modificada por obras posteriores, denota, non obstante, pertencer ó século XVI, e o máis notable que conserva é o arco triunfal, semicircular, enfeitado con molduras⁶⁹.

VIII. FUNDACIÓN DA VILA DE PONTEDEUME

A historia de Pontedeume non comeza dun modo positivo ata o ano 1270, data na que, por virtude dunha representación que ó rei Alfonso X fixeran os veciños dunhas trinta parroquias queixándose das tropelías que con eles cometían os cabaleiros, escudeiros e outros *omes malfechores*, que lles tomaban o deles contra da súa vontade, outorgoulles privilexio, expedido o 30 de decembro dese ano, para que poboasen o lugar que chamaban **Ponte do Eume** e fixesen vila nel e gardasen alí o seu pan e o seu viño, concedéndolles un mercado mensual e o foro de Benavente para se xulgar.

68.- Santa Eulalia de Lubre, “Bol. da Real Acad. Gal.” t. XI, páxinas 107-110.

69.- Vid. Andrade, Villanueva y Las Nieves, por ÁNGEL DEL CASTILLO.

Historia de Pontedeume

Estes privilexios foron confirmados por varios monarcas, o que demostra o progresivo melloramento da vila.

Na Casa do Concello de Pontedeume gárdanse coidadosamente dúas cartas reais expedidas neste sentido: unha do 1434, de Don Juan II, na que a sinatura e selo do monarca están acompañadas polas do condestable de Castela Don Álvaro de Luna, almirante maior do mar Don Fadrique e arcebispos, ou bispos de Santiago, Burgos, Palencia, Sigüenza, Ávila, Murcia, Cartagena, Córdoba, Cádiz, Jaén, Calahorra e Plasencia, na que se ratifican e reproducen os privilexios outorgados a favor de Pontedeume por Alfonso X, Fernando IV, Alfonso XI, Pedro I, Enrique II, Juan I e Enrique III; e outra do 1464, que leva o selo e maila sinatura de Enrique IV, na que este confirma a de seu pai Don Juan II, facendo tamén referencia ás concesións dos seus antecesoros, desde Alfonso X.

As terras que se mencionan no foro outorgado polo Rei Sabio como peticionarias dun lugar no que formar vila, son as de Pruzos e Bezoucos e fegresías “*que dizen de sancta maria de **centrona**, de santiago de **boeuie**, et sancta maria de **castro**, et san saluador de leyro et san giao de **carantoña**, et sca. maria de **doroña**, et san pedro de **grandal**, et sca. maria de **catairade**, et san juno et santiago de **villa matheu**, et san xpistouoo de **goymir**, et santiso **dambroa**, et sca. uaya **danigna**, et sca. eufemea **dignioa**, et sca. maria de **mantaras**, et san martiño de **chorio**, et san saluador de **curugion**, et **asperela**, et sayoane de **uilla mourel**, et santiago de **dragonte**, et **paderne**, et sca. uaya de **coyco**, et sayoane de **pineyro** et santiago de **frança**, et san saluador de **maninos**, et san jurio de **magalofes**, et sca. maria de **selloure**, et san saluador de **selloure** et san mamede de **lariua**, et santiago de **perlio**, et sca. maria de **mareyo***”⁷⁰.

70.- Insírese o documento íntegro na “Colección Diplomática” do t. I de **Galicia Histórica**, por ANTONIO LÓPEZ FERREIRO. Este documento que o Sr. López Ferreiro dá como inédito, fora publicado moito antes, segundo nos advirte Don César Vaamonde Lores. No arquivo da catedral de Santiago existe a confirmación deste privilexio dada por Alfonso XI nesta cidade, o 24 de xullo do 1345. Vid. **Colección de documentos perteneciente al archivo de la Santa Iglesia Catedral Compostelana** (Siglos XII al XVIII), por ALFONSO VÁZQUEZ MARTÍNEZ, “Bol. da Com. de Mon. de Ourense”, t. XIII, páx. 41.

No mesmo privilexio delimitáanse os termos libres polos lugares que se citan, a saber: “*pelo couce de **mijino** et por entre anbas ueas. et pola boca **doofia**, et pela pena de **nande** et uen ferir en **frança** et per **Riilo** et pelo rio de **louiille** et desi como uay aa pedra de **lidoraa**, et desi como uay pela ribeira de agoa de **Juna** et uay ferir ena agoa de **coutes** et per ese Regeyro a cima a o logar que chaman o castiñeiro caluo de **san giao**. et como uay denfenito per sobrela pegariña adicuçada monta per so a pena curua et aa pedra chantada doutra a porta de **iohan martis** alende o uillar de **gaudeisto**, et como uay ferir aa pedra chanta da fonte de **salgeyro**, et uay **ferir** a ayroa que chaman de bidueyro. et como se departe do rego de **bidueyro** et uay ferir dese Rego*

ao Riio de **belelle** et como uay ferir aa **danta** et ende ao porto de **lignares** et des ende ao caruallo arrancado, et uay ferir aa pena uidreyra, et uay ferir aa peno do caniço et des ende aa iglesia de **biztoruel** como se uay a dereyta a **castromao**, et ende a **bidueyro frio** et como se uay ferir pelo camiño a **enfesto** aa pena forcada que esta sobre **carual da infante**. et como se uay ferir ao couto que esta chantado aa fonte de **carboeyro** et como se uay en proo pelo Regeyro et uay ferir a en proo pelo Regeyro et uay eno Regeyro de **mogonde** et como se uay ferir aa ponte de **mogonde** et uay ferir aa pedra chantada que esta sobre **cornas** et como uay ferir ao porto dos **frades** et como se uay ferir ao porto **despae**, et de porto **despae** como uay ferir en uilla er uay ferir eno **eume** et uay ferir ao **enfesto** ena agoa de **cerueyra** et ende eno camino como departe do couto de **uilla alua** ao couto de **Sancho**. et uay ferir aa cabeza de **noue**. et uay ferir ao couto de **peras del conde** et ende eno camino como se uay aa **pedraço**. et ende ao castelo **daranga** et des ende aa ueiga et ende a agoa de mandeu. como se sal ao couto de **cena** per u se departe o couto de **betanços** e uay ferir entre **touriñao** et **uillouzas**, et ende como uay ferir entre teoufe e o couto de o **souto** et ende como uay ferir eno mar et uay ferir aa ponte de **iunquaras** et uay ao couce de **miño** sobredito”.

Dilles o monarca ós peticionarios: “Et nos, por les fazer bien et merced et porque la tierra sea meor poblada et se mantenga mas en justicia, demosles et otorgamosles los nuestros realengos et todos los nuestros derechos que auemos et deuemos auer en esta tierra et esas feligresias sobre dichas, que los ayan libres et quitos para siempre jamays. Saluo ende el padronadgo de las nuestras aglesias que retenemos para nos et ellos que ayan la renda dellos, la que solian dar a nos o al Rico home que la tierra tenia por nos, et saluo portadgo de baxeles et de los otros nauios que y aportaren o que y uinieren a pescar de otra parte, pero los pobladores desta puebla et su alfoz que pudieren pescar libremente por la mar que pesquen libremente sin otro embargo, et que non den portadgo nin derechos ningunos de lo que pescaren con los sus nauios en la uilla nin en su alfoz. Et estos derechos et estos Realengos les damos en tal manera que ellos pueblen en el lugar que dicen **ponte deume** et que fagan y uilla, et que todos los que y poblaren que tengan y las mayores casas pobladas et encierren y su pan et su uino. Et otrosi les otorgamos que fagan y mercado cada mes et que todos aquellos que y uinyeren, que uengan et uayan seguros, asi como a todos los otros mercados de nuestro Reyno. Otrosi les otorgamos el fuero de **benavente** porque se

Historia de Pontedeume

iudgen, et los que se alçaren de los iuzes desta puebla que se alcen a nos et non a otro logar ninguno.”

Máis adiante expresa: “*Et por estas cousas sobreditas que les damos an de dar cada año a nos ou a quen a terra touer por nos la martiniega como manda foro de benauente et quinze mrs. al Ricome que la tierra teuer por nos quando y for vna uez en el año, et otros tantos al merino que y andu-diére por nos vna uez en el año quando y for, et mando non seer poderoso de aconcellar en nuestra uilla nen predeer nen matar, et por esto que sean escusados de todos os otros pechos et todos los otros foros et derechos que nos fazian, saluo moneda. Et defendemos a nengun merino nin otro non sea osado de yr contra este priuilegio para quebrantarlo, nin para minguarlo en ninguna cosa, ca cualquier que lo fiziese aurie nuestra yra et pechar nos ye en coto diez mill mrs., et a los pobladores del logar sobredicho o a quien su uoz touyese todo el danno doblado.”*

Tal é a orixe histórica da vila de Pontedeume, que se gobernara en por ela, sen dependencia de ningún outro señorío que non fose o de El Rei, ata que entrara Fernán Pérez de Andrade, **o Bóo**, en posesión dela.

TEMPOS PRIMITIVOS ATA
A CASA DE ANDRADE

CAPÍTULO III
CAAVEIRO

- I. ORIXE DA PALABRA CAAVEIRO.-
- II. FUNDACIÓN DO MOSTEIRO.-
- III. SAN ROSENDO.-
- IV. ALGUNHAS DOAZÓNS FEITAS A CAAVEIRO.-
- V. A SÚA EXTINCIÓN.-
- VI. A SÚA RESTAURACIÓN.

Historia de Pontedeume

I. ORIXE DA PALABRA CAAVEIRO

A antiga colexiata de Caaveiro áchase na parroquia de Capela, pertencente ó termo municipal deste mesmo nome, no partido de Pontedeume e a uns 14 quilómetros desta vila.

Está situada riba dun alto penedo, que case forma unha illa, rodeada polo Eume e mailo seu afluente o Sesín, e non tendo outro acceso máis ca unha ponte de cantería sobre este último. Altas montañas rodean o penedo, e este, ó igual que aquelas, erguéndose case verticalmente por riba da valgada pola que corren as augas, ofrécese cuberto dunha vexetación exuberante, de orixinal e marabilloso aspecto.

Na singular topografía de Caaveiro é onde parece máis lóxico fundamenta-la orixe desta palabra, tan discutida e á que tantas extrañas significacións se lle atribuíron.

O nome **Caaveiro** (que así se debe escribir e non **Cabeyro** nin **Caabeiro**, como algúns fan) procede de **Calauario**, segundo consta en documentos latinos medievais, palabra que máis adiante se transformou en **Calaveyro** ou **Calaveiro**, como se le en escritos galegos, e, posteriormente, por perda do **l** intervocálico, no actual **Caaveiro**. A voz **Calauario** é, á súa vez, metátese de **Cavalario**, derivada do termo latino **cava**, equivalente a **gabia** ou foxo, que vale tanto coma **oco**, **cóncavo**, **afondado** ⁷¹.

E, en efecto, gabia profundamente afondada é toda esta parte da pintoresca comarca do Eume, e en especial o lugar no que se atopan os restos da extinta colexiata, á que se descende, coma ó fondo dunha cova, salvando unha encosta rapidísima.

A semellanza da palabra **Caaveiro** co termo **Cabirus**, denominación que recibían uns deuses que adoraban os pelagos e fenicios, fixo supor a Vereas y Aguiar a existencia do cabirismo na bisbarra eumesa.

*“¿Qué memoria más clara -pregúntase⁷²- puede presentarse de origen griego que el nombre de **Caabeiro**, que tiene un país cerca de Puente de Heume? En la Samotracia había los dioses Cabyros, en cuyos misterios*

71.- Vid. **Orígen de la palabra Caaveiro**, por ÁNGEL DEL CASTILLO, número 57 de “Breamo” (27 de xuño do 1915).

72.- **Historia de Galicia**, páxs. 196-197.

Historia de Pontedeume

fué a iniciarse Cadmo, extendió este culto y el de los demás dioses de la Fenicia por los países que dominó. No sólo el nombre de Caaveiro que tenemos con el diptongo griego, sino también el sitio de la muy antigua colegiata, que se distingue con aquel nombre, asegura este origen.”

O propio Murguía tamén se inclina a participar desta opinión, hoxe enteiramente inadmisíble, aínda que diga que Vereia y Aguiar se basea soamente en “*débiles conjeturas*”⁷³.

Don Leandro de Saralegui y Medina⁷⁴ fixo notar que esta hipótese carecía de fundamento; pero atribúe ó nome **Caaveiro** unha etimoloxía equivocada, porque chega a sospeitar que a voz **Calauario**, dada a súa semellanza con **Calvario**, provén deste vocábulo, sobre todo se se ten en conta o parecido do penedo de Caaveiro coa montaña na que fora crucificado o Redentor.

Caaveiro é un refuxio especialmente axeitado para a vida ascética. Por iso non son de extraña-las opinións dos que lle atribúen unha orixe misteriosamente relixiosa, que se perde na mourenza das máis afastadas idades. Lugar de marabilla, a imaxinación teceu lendas mesmo ó redor do seu nome. Mais a poesía non é a historia. E esta, friamente, manda couta-lo voo da fantasía e aterse á serena contemplación da realidade, certamente non exenta de fermosura.

Fálese, xa que logo, do fantástico cabirismo, ou véxase o apaixonado fervor dos primeiros cristiáns procurando nas asperezas de Caaveiro unha reprodución da santa montaña do Gólgota, para nós terá sempre máis valor a forza imponente e asoballadora da paisaxe, a extraña topografía do lugar, deixando a súa pegada inmorredoirá no vocábulo inventado para nomealo.

II. FUNDACIÓN DO MOSTEIRO

Nada certo se sabe sobre a primitiva fundación de Caaveiro.

Rexeitadas as súas orixes pagás coas que enredan algúns historiadores, sen razón ningunha na que se apoiar, cabe pensar que fose unha das máis humildes ermidas erixidas polos cristiáns dos primeiros séculos, que querían mellor os lugares afastados, de difícil acceso, para se sentir menos

73.- **Historia de Galicia**, t. I, Lugo, 1868, páx. 546.

74.- **San Martín de Jubia**, páx. 10.

en contacto co mundo e darse así mellor á vida contemplativa, de incesante aspiración ultraterrea.

Isto, así e todo, non pasa de ser unha simple presunción. O que xeralmente se cre é que na Idade Media estivo poboado polos monxes da orde de San Bieito.

¿Foron estes os seus fundadores? ¿Cando se estableceran aló? Non se pode contestar concretamente.

Se cadra se deba a estes monxes a fundación de Caaveiro e neste caso non pode ser anterior ó século VI, época desde a que estes frades se estenderon considerablemente, chegando a establecer en Galicia moi importantes casas relixiosas.

A noticia máis antiga, concreta, de data determinada, que se coñece relativa a Caaveiro di que no ano 930 residían naquelas soidades o abade Exum e mailos monxes Velasco, Frugulfo e Astrupidio.

Seis anos máis tarde, ou sexa no 936, aparece San Rosendo, xunto co bispo de Lugo Don Ero, os abades Rodrigo e Anaxildo e mailo crego Sisnaldo, facendo unha importante doazón, nas persoas dos citados relixiosos, ó cenobio de Caaveiro⁷⁵.

*“Doan cortinas, vestiduras, **misteria**, que serán caixas para garda-las Sagradas Formas, cruces, cálices e coroas de prata, un candelabro, un incensario e unha coroa de metal. Forneceran a igrexa dalgúns libros sagrados, como dous Salterios, un completo e outro máis pequeno (**psalteriolo**), un **ordinum**, un oracionario e un manual. Non esqueceron a biblioteca do convento e regaláronlle un Códice intitulado **Explanatio**, que sería a exposición de San Gregorio Magno sobre Ezequiel, as obras do abade Smaragdo, que florecera a empezos do século IX e compuxera varias obras esexéticas e místicas, Homilias, probablemente de San Gregorio, os Diálogos tamén deste santo, as Sentencias, Etimoloxías e Sinonimias de San Isidoro, unha colección de **Vidas** dos antigos padres (**Geruntiquorum**), as obras de San Próspero, o **Liber Prenosticorum** de San Julián de Toledo, un Códice rotulado **Glosomatorum**, que, se cadra, contiña a obra do Venerable Veda sobre a explicación dalgunhas palabras escuras da Sagrada Escritura, os catro ou cinco primeiros libros dos **Morales** de San Gregorio, outro Códice **Octo vitia**, outro intitulado **Questionum** e por último, a Regra de San Bieito.*

“Conceden tamén as casas que edificaran arredor da igrexa e dispensan ó mosteiro de toda voz real e episco-

75.- Insírese este documento, do que existe unha copia do século XII na igrexa de Soaserra, no apéndice núm. LVI do t. II da **Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela**, por ANTONIO LÓPEZ FERREIRO.

Historia de Pontedeume

*pal. Sinalan, por último, o couto do mosteiro que comprendía as parroquias de San Baudilio (hoxe San Braulio) de Caaveiro, Santa María de Cabalar, Santiago de Capela, Santa Eulalia de Soaserra, San Martiño de Goente e San Pedro de Unia, bens que os outorgantes adquiriran por doazóns e compras que eles mesmos, en especial San Rosendo, fixeran*⁷⁶.

Esta considerable doazón marca o comezo dunha nova era de prosperidade para Caaveiro. O antes mísero cenobio vaise converter, de contado, en importante centro relixioso, que nada terá que envexar en riqueza e poder a moitos dos seus semellantes daqueles tempos.

San Rosendo, aínda que non sexa materialmente o fundador de Caaveiro, é quen, en realidade, o veu sacar da súa insignificancia, poñendo os alicerces da súa florecente vida posterior.

Caaveiro, probable residencia, ó primeiro, de monxes da orde de San Bieito, aparece máis tarde convertido en convento de cóngos regulares de San Agustín, sen que se poida precisar cando se chegou a producir esta transformación.

Se cadra foi obra do propio San Rosendo.

Así debía ser xa antes de remata-la primeira metade do século X, como se pode tirar dun notable documento, que debeu ser outorgado entre os anos 924 e 942, polo que un rei de Galicia, chamado Don Bermudo, fai unha valiosa doazón ós xa citados abade Don Exum e monxes Velasco, Frugulfo e Astrupidio, e ademais a outros seis chamados Sisnando, Hermenexildo, Ero, Vimara, Xeremías e Anaxildo, ós que na escritura se lles denomina **canonicos**⁷⁷.

76.- ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, op. cit. t. II, páxs 361-362. Onde di San Pedro de Unia débese entender, con toda seguridade, San Pedro de Eume.

77.- Vid. **Importante escritura de donación otorgada por Don Bermudo, rey de Galicia, a favor del Monasterio de Canónigos de San Juan de Caaveiro**, por CÉSAR VAAMONDE LORES, "Bol da Real Acad. Gal.", t. XIV, páxs. 49-58. Trata tamén desta escritura o mesmo autor no apéndice núm. 2 do seu libro **Ferrol y Puertedeume** y, así mesmo, en **Escritura de la infanta Doña Paterna al abad Don Sabarigo**, traballo publicado no t. IV do "Boletín" citado, páxs. 265-274 e 286-295.

Ademais do rei Don Bermudo tamén a subscribe, entre outros, o propio San Rosendo.

Consistía a doazón na vila enteira de Bermui, lugar e parroquia hoxe do concello de Capela, coas súas dúas igrexas de Santiago e San Xurxo, demarcadas polos seus termos e lugares antigos.

A igrexa de Santiago é a mesma parroquia de Bermui, e a de San Xurxo, aínda que hoxe descoñecida, estaba cabo da anterior, pois aparece comprendida dentro dos límites que para ámbalas dúas se determinan na doazón.



Historia de Pontedeume

Velaquí os límites de referencia: *“per urbi intrat aqua de riuulu ardili in flumini eume, e inde infestum per ipsam aquam de riuulu ardili usque sancti petri de faeira. quomodo se diuidat de ipsa hereditate de sancto petro de faeira. e quomodo uadit in infestum ipse aqua ad castrum de faeira. et inde infestum quomodo ascendit ad summum de plano de monte alto. e inde quomodo descendit ad cabeza do rego de pena de transtao. e uadot inferius inter ipsa pena de trastao. e cuina. e inde quomodo uadit inferius ipso rego e intrat in flumine eume.”*

Caaveiro seguiu habitado polos cóengos regulares de San Agustín, e máis tarde aparece erixido en colexiata, servida por seis cóengos e un abade, deica a súa extinción a finais do século XVIII.

III. SAN ROSENDO

Non falta quen sospeite que Caaveiro fora algo semellante a un eremitorio dependente do mosteiro de Dumio, co obxecto de se acoller nel, ás veces, aqueles primitivos monxes, para se entregar máis humildemente ás súas prácticas relixiosas.

E non leva mal camiño esta suposición por canto que, establecido primeiramente o mosteiro de San Martiño de Dumio preto da cidade de Braga, no Norte de Portugal, fora trasladado despois polo bispo Sabarico I, por causa da invasión dos árabes, na segunda metade do século IX, cara ó lugar onde hoxe está Mondoñedo. Caaveiro quedaba, xa que logo, relativamente próximo ó mosteiro principal.

San Rosendo, cando aínda non fixera os doce anos, fora enviado a Dumio, para que se formase espiritualmente baixo a dirección do seu tío o bispo Sabarico II.

Daquela San Rosendo debeu coñecer Caaveiro por primeira vez.

A tradición conserva a memoria de que alí residíu en calidade de monxe e de que, polos seus extraordinarios dotes de talento e virtude, foi elevado, antes dos dezoito anos, ata a cadeira abacial.

Recollendo esta tradición, quere ver Don Antonio López Carballeira⁷⁸ unha ampla influencia de Caaveiro en San Rosendo. *“A Caaveiro -di- debe San Rosendo todo canto é. Non soamente **estivo** aló, como apuntan, como dato de simple curiosidade e erudición, tódolos seus biógrafos e cronistas: alí foi onde se modelou o seu admirable carácter; alí se **formou** o grande home; alí lle foron impresos os rangos todos da súa fisonomía interna; alí o seu temperamento apto e disposto por natureza, quedou modelado plenamente e a súa xigante personalidade marcada para sempre.”*

Dise que, estando San Rosendo ocupando a cadeira episcopal de Iria, na que o colocara o rei Sancho Ordóñez, despois de botar dela a Sisnando, fora deposto violentamente daquela dignidade polo mesmo Sisnando, ó fuxir este, despois da morte do rei, da prisión na que o tiñan pecho.

Asegúrase que San Rosendo retirárase daquela a Caaveiro, non sen antes ameazar a Sisnando con estas palabras: *“¿A ferro matas? Pois a ferro has morrer”*.

E dase por realizado este vaticinio co feito de morrer Sisnando na batalla de Fornelos, defendendo a Galicia contra os normandos invasores.

A crítica histórica nega rotundamente esta actitude de Sisnando para con San Rosendo.

A memoria de Sisnando, prelado exemplarísimo e martir glorioso da independencia de Galicia, foi rehabilitada polo douto agustino P. Flórez⁷⁹, contra as inexactitudes que arrincan da **Historia Compostelana** e mais do **Cronicón Iriense**, así como tamén, modernamente, polo sabio López Ferreiro⁸⁰.

Para este obxecto abondaría con consignar que o rei Don Sancho Ordóñez morrera 23 anos antes de que Sisnando fose bispo, que a este rei confúndeno con Don Sancho el Craso que gobernaba daquela, que nada acredita que este mandase prender a Sisnando e, finalmente, que canto se coñece deste prelado leva ó convencemento de que nunca concibira o propósito de executa-la fazaña que se lle atribúe.

Semellantes andrómenas, se cadra polo ben que se axeitan ó férreo marco do século X, téñense repetido con moita frecuencia. Por iso cremos que non estará fóra de lugar a lixeira refutación que aquí apuntamos.

78.- **San Rosendo**, Santiago, 1909, páx. 28.

79.- Vid. **España Sagrada** t. XIX.

80.- Vid. **Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela**, t. II, páxs. 341-351.

Historia de Pontedeume

Tamén a tradición asegura que fora en Caaveiro onde San Rosendo se debeu sentir inspirado para levar a efecto a súa grande obra de Celanova.

“Conta a crónica -refire o Sr. López Carballeira⁸¹- que unha noite estaba en Caaveiro orando con máis intensidade que de cotío, mentres o mundo estaba entregado ó sono e repousaba en silencio. De súpeto a noite darredor del virouse en día. Parecéralle que nun intre se esclarecera algo que longo tempo, mergullado en densa escuridade, soamente algún que outro perfil descubrira, moi debuxado e indeciso; mais ese algo era moi extraordinario, era a súa obra, a súa misión, o monstro colosal que levaba, había moito, dentro del, como feto, pero que un día tería que saír á luz, triunfando en toda a súa magnificencia, para gloria da súa patria e admiración do mundo. Reveláraselle a fundación do grande mosteiro de Celanova, que habería levar a cabo no lugar de Vilar, preto de Limia e non lonxe de Ourense, como monumento de homenaxe ó Salvador.

“Desde esa mesma hora comezou a ser aquela obra inmortal a obsesión e mailo soño dourado do Santo Bispo, que absorbeu o mellor da súa enerxía fecunda durante toda a súa vida.

“Grande foi co tempo Celanova, e constitúe, sen dúbida, un dos nosos máis excelsos timbres.

“Máis grande é Caaveiro, que fixo agromar entre as súas fragosidades, como muxica de luz sobrehumana, a idea nai e mailo impulso xerador.”

Caaveiro estaría a piques, daquela, de se-lo que Celanova foi, e así o fai sospeita-la abundosa doazón que lle fixera San Rosendo no ano 936.

Unha fermosa e inxenua lenda perdura a través dos séculos falándonos daqueles afastados días nos que o noso grande Santo vivía austeramente nas recónditas fragosidades de Caaveiro.

Asomárase un día o Santo Monxe á fiestra da súa cela e, no tempo no que unha impresionante tempestade parecía conmover co seu bárbaro estrondo a soberbias moles montañas que rodean o cenobio, exclamou impensadamente: -”¡ Oh, que día tan malo!” Mais, arrepentido de contado de ter abrigado na súa mente unha efémera idea de protesta contra os decretos do Eterno, quitou o seu anel abacial e tirando con el no canle das bravas e revoltas augas, suplicou ó Deus das misericordias que se dignase devolverlle aquela prenda cando o seu pecado lle fose perdoado. Á volta de sete anos o

81.- San Rosendo,
páxs. 101-102.

anel fora recobrado polo cociñeiro do convento no ventre dun peixe pescado nas augas do Eume.

Gardábanse en Caaveiro varios obxectos que pertencían a San Rosendo; pero foron trasladados a Santiago, con ocasión dunha visita feita polo arcebispo da Diócese.

Na capela de Santa María das Neves, da parroquia de Capela, gárdase aínda hoxe unha alba antiquísima da que se atribúe o uso a San Rosendo. Está gardada nun armario-reta-blo do século XVII que, como a alba, procede da igrexa de Caaveiro. A alba, segundo López Ferreiro⁸² *“É un dos rarísimos exemplares que se conservan en Europa daquela época”. Figurou na exposición de Lugo celebrada no 1896, co gallo do Congreso Eucarístico alí organizado, e as súas dimensións son “2 metros de longo e 7 de voo por baixo, reducido, por miúdo e pregado, a un metro na cintura, distante 1,42 do borde inferior e 0,10 nas mangas, que teñen unha entrada cun ancho de 0,45”*⁸³

San Rosendo é unha das preeminentes figuras de Galicia, e constitúe un deber para tódolos galegos decatarse de todo canto esta figura supón no grandioso cadro da nosa historia rexional⁸⁴.

O citado Sr. López Carballeira traza un elocuente paralelo entre San Rosendo e Cisneros, ós que denomina xenios xemelgos⁸⁵.

“Cisneros, desde a súa adolescencia, comeza por asistir ás escolas de Alcalá e Salamanca para se impor na ciencia e formarse para o estado eclesiástico; San Rosendo, ós doce anos, diríxese á catedral-mosteiro de Dumio, onde os sabios fillos de San Bieito preparáno para recibirla sagrada tonsura; malia lles sorrir a ámbolos dous un brillante porvir eclesiástico e maila esperanza de ocupar distinguidos postos, ambos renuncian ás pompas mundanaís e ingresan na vida relixiosa, un na Orde franciscana e o outro na beneditina; en relixión fan unha vida austera e contemplativa, más ca de cenobitas de solitarios do deserto; Cisneros habita unha cova entre as asperezas dos montes de Toledo e pasa as noites orando; Rosendo retírase ó grandioso deserto de Caaveiro, onde recibe radiosas ilustracións celestiais; ámbolos dous pasan, como de súpeto e sen grande resistencia, da súa illada vida oculta á vida pública: Cisneros é nomeado confesor de Isabel a Católica e provincial da súa Orde; Rosendo é proclamado bispo de Dumio ós dezaioito anos; os dous se aplican, como principio do seu goberno, a restaura-la disciplina relixiosa, moi relaxada nas súas respectivas Ordes, con grande enerxía; Cisneros é nomeado arcebispo de Toledo, e funda a famosa universidade de Alcalá, foco brillante da

82.- **Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela** t. II, páxina 363, nota.

83.- **Antiguos ornamentos de las iglesias gallegas**, por JOSÉ VILLA-AMIL Y CASTRO, “Bol. da Com. de Mon. de Ourense”, t. I, páx. 216. En Celanova existen varias reliquias que se atribúen a San Rosendo. Vid. **Objetos de la antigua liturgia que se conservan en el Monasterio de Celanova**, por EUGENIO MARQUINA, “Bol. da Com. de Mon. de Ourense”, t. IV, páxinas 60-68 e 90-95.

84.- Vid. **Biografía de San Rosendo**, por ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, Mondoñedo (1907).

85.- Vid. **Sermón del voto pronunciado en la Coruña en las fiestas en honor de María Pita**, Coruña, 1916.

Historia de Pontedeume

*cultura patria, de onde saen obras como a **Biblia políglo-
ta complutense**; San Rosendo funda o admirable mosteiro
de Celanova, con escola universitaria, centro de toda a
cultura galega, da que saen notables mestres e escritores;
Cisneros emprende á fronte das súas tropas a gloriosa
conquista de Orán, que consegue arrincar das poutas dos
sarracenos e cingue a súa testa co loureiro da gloria béli-
ca; San Rosendo, mandando tamén persoalmente ás súas
hostes, vence ós mouros en Portugal e libra a Galicia da
formidable invasión dos normandos, aniquilando o seu
exército e queimando as súas naves, e é recibido en triun-
fo en Compostela; Cisneros recibe o título de rexente de
Castela durante a minoría de Don Carlos, refrea á nobre-
za e fomenta a xustiza por todas partes; San Rosendo é
nomeado vicerrei de todo o territorio galego na minoría
de Ramiro III, e, como rexente de Galicia, resolve as con-
tendas dos grandes señores, castiga tódolos abusos e
ampara tódolos dereitos; Cisneros non practica outra
política que a que chama o noso Feijóo a política máis
fina: verdade nas palabras e xustiza nos propósitos; San
Rosendo non ten outra orientación que a rectitude da súa
elevada santidad; ámbolos dous aparecen dotados dun
conxunto de cualidades en aparencia contradictorias:
contemplación e acción, afección ás armas e ás letras, á
política e mais ó claustro monacal; ámbolos dous repou-
san á sombra dos grandes monumentos nos que encarna-
ran os seus ideais, un en Alcalá e outro en Celanova; un e
outro, á fin, fanse acredores das homenaxes que os pobos
dedican ós seus benfeitores máis insignes.”*

IV. ALGUNHAS DOAZÓNS FEITAS A CAAVEIRO

Despois da doazón de San Rosendo, no ano 936, e mais da do rei de Galicia Don Bermudo, efectuada a mediados do século X, máis nada volvemos saber de Caaveiro ata entra-
do xa o século XI.

Don Ángel del Castillo rexistra as seguintes importan-
tes doazóns que en diversas épocas recibiu a referida casa
relixiosa⁸⁶:

*“A condesa Dona Sancha concedeulle, no ano 1096, o
beneficio de San Miguel de Laraxe, e Bermudo Atériz o de
Santiago de Franza no 1100.*

*“Por escrituras de doazón sabemos que, polo menos
desde o 1118 ata o 1125, figura no citado mosteiro o bispo
Don Pedro Amíguiz e mailos seus cóengos (“Vobis epis-
copo donnus Petrus et canonici vestri”).*

“Desde antes do século XII aparece protexido pola impor-

86.- La Colegiata de
Caaveiro, núm. 78 de
“Breame” (21 de novembro
do 1915)

tante casa de Traba; no ano 1098 facíalle unha doazón Dona Visclavara Fróilaz, irmá do conde (comite) de Caamouco Don Pedro Fróilaz de Traba, que tamén suscribe o documento, e ámbolos dous fillos de Don Froila Bermúdez, o fundador do mosteiro de San Martín de Xubia, fundación, ó que parece, dos seus devanceiros; no ano 1104 Don Rodrigo Fróilaz, irmán tamén de Don Pedro, que co título de conde de Trastámara subscribe así mesmo o documento, e maila súa muller Dona Guncina González, facían outra importante doazón a esta colexiata; e a propia Dona Guncina, anos adiante, no 1125, volvera facer outra importante doazón ós mesmos cóengos; e, por último, no testamento outorgado no ano 1199 por Dona Urraca Fernández, filla do célebre prócer galego o conde Don Fernando Pérez de Traba, figura unha manda para este mosteiro, tan favorecido por esta nobre casa.

“Abondan tamén nesta centuria as doazóns particulares, figurando entre elas unha de Lucio Guimaraz, no 1102; outra de Florián Floriaz, no 1114, concedéndolle o beneficio de San Xiao de Mugar dos; outra de Euxenia Eufrez e mailas súas fillas Adosinda e María, no 1133, pola que sabemos que neste ano eran abade e prior, respectivamente, de Caaveiro Don Pedro (o que como bispo figura noutros documentos) e Don Pelayo; outra de Sancho Sánchez, no ano 1133, concedéndolle dous casais en San Vicente de Caamouco; outra de Rodrigo Floran e maila súa muller no 1147, outorgándolle o beneficio de Maniños; outra de Florián Gutierrez, concedéndolle o beneficio de Santa María de Castro, e outras tantas das que, polo momento, non se ten noticia.

“No ano 1135, para que tampouco os reis non deixasen de favorecer a esta colexiata, o emperador Don Alfonso e maila súa muller Dona Berenguela, grandes e decididos protectores de todos cantos mosteiros existían daquela en Galicia, sendo moitos os que deben a estes reis a importancia que adquiriran, outorgaron, en Palencia de San Antonio, o 6 de maio dese ano, unha carta de doazón ó prior e cóengos de Caaveiro, da propia herdade na que se estaba a edificar e construí-lo mosteiro, entre os ríos Eume e Sesín; datos interesantes para o estudo dos restos románicos que se conservan das dúas antigas igrexas que os cóengos tiñan. Da importancia que tivera esta doazón pódese xulgar pola rotunda e non exacta de todo afirmación que fan de que fundan o mosteiro.

“Máis adiante, o propio Don Alfonso, a súa muller e mailos seus fillos, Don Sancho e Don Fernando, confirman o anterior documento, conceden a Caaveiro outras mercés e delimitan o seu couto que, segundo cédula librada, comprendía desde Porto Pereira por Caidar, Comba de Ricardo, Mámoa de Toróns, Vila Furada, Castro Rairiz, Castro Mao, Trucida Mala, Carballo de Fructuoso, Pousadoiro de Nazarios, Quintián, Entrambosmontes, Porto de Veedo, Grandaoi, Santa Cruz, Castro Carvío, Nazarios, Castro de Moe, Fonte de Gunturis, Aliande, Prada, Incrucilladas de Cruvillón, Darma de Illarca,

Historia de Pontedeume

Monte Longo, Rego de Vidueiro, Rego de Sanguñedo a Porto Pereiro.

“Aínda, anos máis adiante, os mesmos reis, nunha nova cédula, concédennlle entre outras cousas, o couto con todas as súas pertenzas, confirmando, ademais, cantas mercés levaban outorgadas.

“E, por último, Fernando II de León, concedeulle, no ano 1185, os beneficios de Santa María de Centroña, Santiago de Boebre e tres cuartos do de Santa María de Doroña.”

Tense memoria doutros moitos privilexios reais⁸⁷: Don Fernando III **el Santo**, o 12 de outubro do 1232, confirmou as mercés outorgadas polos seus antecesores; Don Alfonso **el Sabio**, o 12 de outubro do 1254, confirmara a cédula anterior de seu pai; o propio don Alfonso, o 17 do referido mes do ano 1267, confirmou todo o outorgado polo Emperador, e o 19 de marzo do 1281 confirma a cédula dada por este no 1135 e manda que se garde; Don Fernando IV **el Emplazado**, o 15 de novembro do 1302, confirma os privilexios dos seus devanceiros, e libran cédula semellante Alfonso XI o 17 de novembro do 1312, Don Pedro **el Cruel** o 1 de abril do 1361, e o 30 de xuño do 1369, Don Enrique II algo máis tarde, Don Juan I o 8 de abril do 1381, Don Enrique III **el Doliente** o 18 de setembro do 1390, Don Juan II o 8 de marzo do 1420, Don Enrique IV o 8 de outubro do 1460 y mailo 15 de marzo do 1467, e os Reis Católicos o 8 de outubro do ano 1480.

Polas mencionadas doazóns ben se ve a importancia excepcional que debeu ter Caaveiro.

O cabido desta colexiata gozara dunha grande consideración na orde relixiosa. Boa proba disto é o feito de nomea-lo Papa xuíz apostólico ó prior de Caaveiro para sentenciar-lo preito, no 1527, en favor da igrexa de Santiago da cidade da Coruña, por virtude do litixio seguido entre o seu rector e mailo de Santa María do Campo, sobre a antigüidade e presidencia de Cruz desde que a segunda fora erixida igrexa abacial e colexial.

A colexiata de Caaveiro era de real padroado e constaba de sete dignidades.

Exercía servizo espiritual e temporal na xurisdicción do seu nome, composta de dezasete freguesías daquela contorna.

87.- Dos que se citan a seguir dá conta FRANCISCO TETAMANCY Y GASTÓN en **Diego de Samboulo**, lenda histórica, Lugo 1903, nota 3ª, páxs. 60 e 61, onde di que se ten informado nun preito comezado o 8 de agosto do 1692, habido entre o mosteiro de Monfero e Don José Vergara, prior da colexiata de Caaveiro, sobre libre posesión de certos bens.

V. A SÚA EXTINCIÓN

Todo o esplendor de Caaveiro veuse derrubando pouco a pouco. O predominio acadado pola casa de Andrade na comarca do Eume reduciu cada vez máis os antes considerables dominios daquel centro relixioso⁸⁸.

E así aconteceu que, chegados os últimos anos do século XVIII, Caaveiro non era xa senón unha pobre sombra da súa pasada grandeza.

Fora daquela cando o goberno, de acordo co Papa, pensara en trasladala colexiata coas súas rendas á parroquial de Ferrol; pero este proxecto, aínda que sancionado por real orde de 30 de xaneiro do ano 1788, non se deu levado á práctica⁸⁹.

Caaveiro esmorecía visiblemente. Desde aquela quedara de feito suprimida a colexiata, pois non se volvera prover ningunha das súas dignidades.

Promúlgase despois a lei do 1841, en virtude da que, declarados os seus bens como do clero secular, son alleados a particulares, deixándose o templo baixo a garda da Comisión de Monumentos da Coruña e asignándoselle a xurisdicción da igrexa ó arcebispo de Santiago.

Daquelas o valor das rendas de Caaveiro era bastante considerable. No quinquenio de 1836 ó 1840 ascendera a 49.916 reais ó ano. E se a isto se engade o que antes da supresión dos dezmos lle correspondía percibir en tódalas parroquias da xurisdicción, poderíase formar unha idea das riquezas das que disfrutara a célebre colexiata.

Ultimamente, no ano 1849, desposuírona mesmo das reliquias que tiña de San Rosendo, para levalas a Santiago; e as imaxes e campás trasladáronse ás igrexas próximas de Capela e Soaserra.

As últimas dignidades de Caaveiro foran o prior Don Juan Mon Valledor e dous cóngos: Don Miguel Mon Valledor, sobriño do prior, e mais Don Miguel Freire de Fraga.

88.- Segundo inventario do ano 1545 que tiña DON CESAR VAAMONDE LORES, ó que se refire TET- TAMANCY en **Diego de Samboulo**, nota 6ª, páxinas 72-74, a familia de Andrade apoderárase das seguintes propiedades de Caaveiro: “*Tres partes do beneficio de Santa María de Doroña, cos casais pertencentes á igrexa que rendían 13.000 mrs.; o beneficio de Santa María de Centroña, sinecura que valía 18.000 mrs. e mailo de Santiago de Boebre, que valía 8.000 mrs., estes tres beneficios foran doados á colexiata polo rei Don Fernando no ano 1185 ás 10 das kalendas de agosto. O beneficio de San Mamede de Laraxe, que rendía 6.000 mrs., e que fora doazón da condessa Dona Sancha no ano 1096; a cuarta parte do de Megalofes que valía 3.000 mrs.; o de Santa Eulalia de Coiro, coa súa igrexa e outros bens, doados no ano 1247, e que valían 8.000 mrs.; o de Maniños, doado por Rodrigo Floiran, o ano 1147, que rendía 14.000 mrs.; o de Santiago de Franza, con outros bens, que rendían 20.000 mrs., e que foran doados por Bermudo Atériz no ano 1100; o de San Xulián de Mugardos, con outros bens, que daban 15.000 mrs., doados por Florián Floriaz no ano 1114; o de Santa María de Castro, con outros bens, doados por Floiran Gutiérrez no ano 1150, que daban moito máis de 15.000 mrs.; o de San Martín de Andrade, que daba de produto 6.000 mrs.; o de Santa María de Ombre, que daba 16.000 mrs.; o de San Vicente de..., que rendía 5.000 mrs.; e a cuarta parte do de San Xurxo de Queixeiro, que daba de renda 3.000 mrs.* “O casal de Macarreira, en San Pedro de Grandal, que rendía 3.000 mrs., doazón de Pedro Bermúdez de Andrade no ano 1234, e mailos casais de San Vicente de Caamouco, que daban 10.000 mrs., doados por Sancho Sánchez no ano 1133. “Item o couto de Vellelle; este couto deixara Fernán Pérez cando o rei Don Juan e Don Enrique lle sacaran a merindade que posuía do couto de Caaveiro e quedara con moitas cousas del, que agora posúe”.

89.- Sobre isto escribe MONTERO Y AROSTEGUI (**Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol**, Ferrol, 1859, páxs. 393 e 394): “*Fixéranse xestións para trasladar ó Ferrol a colexiata de San Xoán de Caaveiro, o convento de relixiosos Franciscos Terceiros de Montefaro, e aínda, no ano 1813, solicitara tamén o concello a traslación da catedral de Mondoñedo. Por R. O. do 30 de xaneiro do 1788 dignárase S. M.*

Historia de Pontedeume

Vivía o primeiro, xa moi velliño, polos anos de 1782 ó 86, na residencia prioral de Cabanas, e os outros dous, no 1790, ausentes en ocasións, un en Monfero e outro en Soaserra.

Non parece que prestasen servicios de consideración á colexiata, desanimados, se cadra, pola súa decadencia.

Finado o citado prior Don Juan Mon no ano 1787, sucedeuno, como decano ou sub-prior, o seu sobriño Don Miguel, que deixou de existir no 1806.

Pertencia Caaveiro daquela á catedral de Mondoñedo, e esta administraba os bens e rendas da colexiata, sendo naquel tempo delegado do bispo naquela diócese para tal concepto o cóengo Doutor Don Francisco de Paula Serrano.

Crese que as antigas edificacións estaban compostas por dúas igrexas, unha delas destinada a colexiata, e mais de cinco ou sete casas de cóengos.

O Sr. Montero y Aróstegui⁹⁰ consérvanos algunhas noticias das ruínas daquelas edificacións, que, no seu tempo, reducíanse á igrexa principal e a unha capela, ademais de varios restos das casas dos cóengos.

prestar conformidade á traslación da colexiata de Caaveiro, con tódalas súas rendas, para a creación de curatos e beneficios; e pode ser que así se efectuase daquela se non fose polas cuestións que apareceran entre o bispo e mailo concello. O prelado quería que as rendas se investisen na creación de catro curatos, e o corpo municipal solicitaba a traslación á igrexa de San Xulián, consonte ó xa acordado por S. S. Pío VI, sendo abade da dita colexiata o mesmo cura párroco do Ferrol. Estas cuestións, reproducidas nos anos 1802, 1807, 1813 e 1816, atrancaron a realización do pensamento, pois aínda que por R. O. do 27 de setembro do 1834 mandárase levar a efecto a real cédula do 2 de setembro do 1805, para a erección das novas igrexas coa dotación das rendas da colexiata de Caaveiro, xa daquelas extinta, quedara sen cumprimento por causa da marcha do bispo Don Francisco López Borricón y mais por teren pasado despois ó Estado aquelas rendas, con tódolos demais bens do clero".

90.- **Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol,** páxs. 654 e 655.

A igrexa principal era dunha soa nave, coa porta cara ó Oeste. No altar maior estaban as imaxes de Santa Sabela, raíña de Hungría, con outras máis pequenas de San Pedro e San Pablo; á dereita figuraba a de San Xoán Bautista e á esquerda a de San Agustín. Daquela os altares colaterais estaban xa destruídos. Había tamén un coro cun cadeirado de nove asentos e no centro un facistol; cara ó lado dereito conservábase un corredor, onde, se cadra, puido estar colocado o órgano. Dentro do templo víanse varias sepulturas, algunhas delas con timbres heráldicos. Por baixo da sancristía abríanse uns escuros subterráneos a xeito de calabozos, e igual por baixo do grande patio situado á entrada do edificio, se ben estes eran de maiores dimensións, con máis luz e rellas que daban ó exterior. A torre da igrexa estaba, daquela, sen campás. Sinalando o padroado real, baixo o que estaba a colexiata, non faltaba tampouco o escudo coas armas dos soberanos.

Cara á entrada desta igrexa e pola banda do Norte, erguíase unha capela arruinada, independente, de construción máis moderna, cun altar do ano 1623, segundo consta nunha inscrición que nela hai.

As ruínas das casas dos cóengos estaban aínda en estado máis lamentable.

Despois, todas estas edificacións desapareceron, ata o punto que a penas se hoxe queda nada delas.

VI. A SÚA RESTAURACIÓN

A restauración de Caaveiro fixéraa un veciño de Pontedeume, Don Pío García Espinosa, quen, por esta razón, merecera do arcebispo de Compostela o padroado da excolexiata para el e mais para os seus sucesores.

O restaurador recibira sepultura nas gradas do altar maior da única capela reedificada.

O Sr. García Espinosa, ó dicir dun escritor, *“convertiera esta obra no poema da súa vida”*. Fora un temperamento artístico, unha alma delicadamente soñadora, e ó seu esforzo débese que Caaveiro non desaparecera para sempre. Os amantes das cousas fermosas lembrarán o seu nome con verdadeiro cariño.

Das dúas igrexas que había en Caaveiro soamente se reedificara a máis pequena, e das casas dos cóengos consérvanse unicamente dúas, destinadas a vivenda dos padroeiros.

Ademais, no lugar da sancristía que pertencera á igrexa principal, hai un pabillón ameado por baixo do que se abren aínda os primitivos subterráneos ou calabozos.

A igrexa, como hoxe está, é dunha nave e unha ábsida semicircular engadida a un corpo de presbiterio. *“Cobre a nave con madeira e a ábsida con bóveda de cuarto de esfera e de canón semicircular peraltado que se apoia en arcos sostidos á súa vez por semicolumnas de bases tóricas e capiteis labrados con follas en volutas. Conserva restos de pinturas murais moi antigas. Petence esta igrexa a finais do século XII, e é un exemplar moi fermoso no seu estilo”*⁹¹

Das dúas casas dos cóengos, unha está destinada a residencia dos padroeiros. Ten na súa parte baixa a cociña, o comedor e mailas dependencias do servizo. Sóbese ó único andar por unha escaleira de pedra que desemboca nun amplo

91.- La colegiata de Caaveiro, por ÁNGEL DEL CASTILLO, impreso número 3 da sección excursionista da Universidade Popular da Coruña.

Historia de Pontedeume

salón, do que cómpre salienta-lo artesonado, copia, segundo se di, do que tivera o pazo dos Andrade en Pontedeume. Ó pé da sala hai dous amplos dormitorios, nun deles consérvase unha cama decorada en ouro e azul, que se dá por pertencete ó arcebispo Rajoy.

A outra casa reedificouse para ser destinada ó capelán.

Gárdanse en Caaveiro algúns curiosos obxectos, coma pedras labradas, mobles antigos, armas, etc., co que se constituíu un pequeno museo.

Ó falar-lo señor Castillo⁹² da importancia de Caaveiro, di que *“aínda que é grande a que ten pola súa antigüidade e a súa historia, meirande é aínda pola súa pintoresca e fermosísima situación, o que fai de Caaveiro un dos puntos de España máis dignos de seren visitados polos amantes da arte e da natureza”*.

Así son moitos os excursionistas que durante o ano acoden a Caaveiro. Un deles dise que fora Lord Byron, seguramente ós vinte anos, polo tempo da súa viaxe a Lisboa. Outro ilustre turista, Eduardo VII de Inglaterra, estivera alí sendo príncipe de Gales, procedente de Ferrol, con ocasión de visitar este porto a escuadra na que viaxaba.

A restauración de Caaveiro fíxose baixo a deirección do eminente arqueólogo Don Antonio López Ferreiro. Remataran as obras en agosto do ano 1896. O 30 dese mes verificouse solemnemente a inauguración do templo restaurado. Celebrara a santa misa o Reverendo Padre Frei Juan Manuel Castellanos, da orde de San Francisco. Aquel día recibira a comunión un vello de oitenta anos, nado nas dependencias da colexiata, da familia dos caseiros.

92.- Loc. cit.

T E M P O S P R I M I T I V O S A T A
A C A S A D E A N D R A D E

CAPÍTULO IV
MONFERO

- I. A SÚA FUNDACIÓN.-
- II. PRIVILEXIOS E DOAZÓNS.-
- III. A IGREXA E MAILLO CONVENTO.-
- IV. MILAGRES DA VIRXE DA CELA.-
- V. OS RELIXIOSOS DE MONFERO.-
- VI. CONCORDIA ENTRE O ARCEBISPO DE SANTIAGO E MAILLOS MONXES DESTE MOSTEIRO.-
- VII. DESPOIS DA EXCLAUSTRACIÓN.

Historia de Pontedeume

I. A SÚA FUNDACIÓN

O célebre mosteiro de Monfero está situado a uns vinte quilómetros de Pontedeume, a máis de trescentos metros sobre o nivel do mar, no medio das esgrevias de Cela e Moncoso, quee deixan entre elas un pequeno val cruzado polos ríos Lambre e Eume.

A estrada de Vilar a Curtis remata no lugar chamado **As Travesas**, a tres quilómetros do mosteiro.

A paisaxe é pintoresca, pero sen que poida competir coa doutros lugares onde están situados os demais monumentos da bisbarra.

Atribúese a fundación de Monfero ó emperador Alfonso VII, que, segundo se di, colocou a primeira pedra o 3 de maio do ano 1114, a petición dos nobres cabaleiros Don Alfonso Bermúdez e Don Pedro Osorio, tío e sobriño, descendentes da casa dos Osorio, despois marqueses de Astorga, e naturais e señores daquel couto; que, deixando o servicio do monarca, tomaron alí hábito relixioso e fixeron edificar á súa conta a igrexa, fermosa e ampla, de tres naves, que existiu ata o ano 1620. Ademais dos bens que no momento de profesar cederan ó mosteiro, ofrecéranlle un sobriño deles chamado Juan Peláez, fillo dun Pedro Osorio viúvo e de Dona María Pérez.

Segundo o P. Argai na súa **Soledad Laureada**, dous poderosos irmáns, Fruela e Sueiro Bermúdez, mataran a coiteladas ó mordomo da raíña Dona Urraca, polo que o fillo dela, Alfonso VII, confiscáralles a facenda, coa que edificara o mosteiro; facenda que se vira aumentada coa voluntaria renuncia do mundo do antedito Alfonso Bermúdez, que era irmán dos matadores, e o seu sobriño Pedro Osorio.

Despois de que comezara a construción do convento, e por rogos da infanta Dona Sancha, irmá do monarca, pedíronse monxes a Don Florencio, abade que era do mosteiro de Santa Marina de Valverde, en terras do Bierzo, trasladado tres anos despois ó de Carracedo. Mandou aquel seis relixiosos, dos que se ignoran os nomes, sabéndose soamente que o primeiro abade se chamaba Don Munio, cargo que

Historia de Pontedeume

desempeñara desde ano 1114 ata 1132, data do seu pasamento, e o prior Don Froila, por sobrenome **o Ermitán**.

Viviron estes monxes, ó primeiro, nunhas pobres chozas, pois na construción da primeira igrexa e convento botárase bastante tempo, e tiveron por oratorio a pequena ermida de San Marcos, erixida vinte anos atrás polos pais de Don Alfonso Bermúdez e Don Pedro Osorio, no lugar chamado “a eira vella”, dentro do zarro do mosteiro.

A mesma advocación de San Marcos tería despois a igrexa, ata que, fundado o mosteiro en honra da Santísima Virxe, comezara a se lle chamar de Santa María de Monfero.

Cedendo Alfonso VII ó requirimento dos citados cabaleiros Don Alfonso Bermúdez e Don Pedro Osorio, subscribiu o privilexio de fundación e confirmouno o 5 de decembro do 1135.

Demarcou a xurisdicción da maneira seguinte⁹³:
“Desde a Pena Medrazo, que está fronte da Heiva e extrema xurisdicción de Pruzos, da que a vía camiña á Cancela de Mourente, e segue polo camiño á Cova de Salgueiro; deste ó Campo de Flores, que chaman Mámoas de Trigo; deste camiñase pola Pena dos Castrelos e ven á Mámoa dos Paos de Moncoso que chamaban Paos de Cómite; e dalí segue ó Porto Paial, deste á Pena Fera de Xove e como vai auga abaixo ó Porto Cortella, ás Vigas de Lagares, ó Río Grande de Eume e polo río abaixo ó Porto Losio; dalí auga abaixo ó Pozo das Pombiñas, deste ó Porto de San Pedro; deste segue polo monte ó Seixo da Teixeira, deste ó Marco do Rego de Feal; deste a Pena Cruzada; deste ó Porto Labagua, deste descende, polo Campo de Irís e Porto de Laxe, ó río, fronte da serra de Louriña, polo Porto Pequeno de Coira; deste ó río que descende da igrexa de Santander; e polo río que sobe ata o Pozo de Caldeirón riba da Ponte Velosa; deste sobe polo monte da Correira, Cernadas das Cortizas, á Pena Cruzada; deste ó Marco de Xunqueira da Serra, que divide as tres xurisdiccións do Couto Pequeno, Vilachá e Monfero. Deste baixa á igrexa de Queixeiro e segue dereito polos lugares de Vilaxoán e Prada; deste camiña á Mámoa de Escalares de Vilachá, que hoxe se chama Mámoa das Cabras, preto de Augas Roibas; deste segue dereito ó foxo de Vilariño, máis abaixo do Seixo, ó Marco da Lobeiras; deste camiña polo foxo abaixo dereito ó Marco de Rioi, onde se xunta coa xurisdicción de Vilamateo; de aquí sobe dereito polo lugar de Cirquido ó de Escañoi, e deste ó río Lambre, ata dar no Porto dos Carros; deste pasa

93.- Segundo un manuscrito composto por un relixioso arquivado de Monfero no século XVIII (1787) e engadido por outro ata a exclaustración. O orixinal deste manuscrito estaba en poder de Don Andrés Carballeira, veciño de Betanzos, e unha copia de tan interesante documento foinos facilitada polo avogado de Pontedeume Don Carlos Pardo Rodríguez, pertencente ó seu avó Don Rodrigo Pardo, quen se distinguira traballando por restablecer, despois da expulsión dos frades, a comunidade de Monfero.

ó Porto de Viriz, pola cabeza de Vilar da Viña, ó Carballo da Viña; deste vai as Filgueiras, á Mámoa de Pereiro, sobre Santalla da Viña; por este segue dereito ás Mámoas de Monte das Furas, Seixas, Daural, unido ó paso de Grixoa, sobre Gulfar e Alberiza; deste a Porriños, Fonte dos Pelouros, por riba do Carboeiro, que se atopa por riba da Ponte de Paio; deste segue á Pena de Montante e de aquí á Pena Medrazo.”

Así fora o antigo couto e xurisdicción; mais o descoi-
do dos relixiosos, por unha banda, e, sobre todo, a violencia
dalgúns cabaleiros, deixaron aqueles termos reducidos, a
finais do século XVIII, a estes fitos e sinais⁹⁴: *“Tomando a
vía polo Campo Sánchez, que está no Buriz, que vai dereito
ó Río Grande; por esta baixa a Porto Loño e segue ó Pozo
das Pombiñas, onde nos sacan os de Caaveiro o lugar de
San Guñedo, a quen se debe poñer demanda de contado;
por aquí vai ó porto de San Pedro de Eume, e por este, polos
demais fitos arriba indicados, deica a Pena Medrazo. Pois
sacan toda a parroquia da Viña, o que hai desde a demar-
cación das Lobeiras por baixo do lugar de Seixo, seguindo
os lugares de Vilaxoán e Prada, ata saír á igrexa de
Queixeiro.”*

O monxe anónimo que apuntara as anteriores noticias
recoñece que era xa difícil recupera-lo perdido e que, de se
face-las xestións precisas, quizais se alcanzasen os foros da
mentada facenda e se conseguise algunha cousa.

Monfero, no tempo da súa fundación, estivo baixo da
regra de San Bieito, e transcorridos trece anos, nos tempos
do abade Don Munio, muda o hábito negro polo branco do
Císter.

Con tal obxecto, sabedor Don Munio de que o mostei-
ro de Sobrado florecía na observancia cisterciense, que el
desexaba adoptar, chamou ó abade daquela casa Don Pedro,
discípulo de San Bernardo, e presentado sen perda de tempo
no cabido de Monfero, tódolos relixiosos recibiron da súa
man a nova institución, someténdose ás condicións e parti-
cularidades que se expresan na carta de caridade, en virtude
da que este mosteiro quedou desde aquel día por fillo de
Sobrado e independente do de Carracedo, ó que ata daquela
debía obediencia.

Mais, anos andados, o abade de Carracedo Don Amico
puxo demanda no cabido xeral do Císter, en Francia, contra
o abade e mailo mosteiro de Sobrado, sobre a filiación de

94.- Mss. cit.

Historia de Pontedeume

Monfero, alegando que Sobrado se erguera con ela. Desexoso o cabido de facer xustiza, remitira a indagación deste asunto ó abade de Oseira Don Frei Lorenzo e mais ó de Meira Don Frei Ordoño, como xuíces árbitros desta diferenza. Desque recibiran a orde, emprazaran ás partes, e feita a conseguente información, coñeceron e viron que a xustiza estaba da parte de Sobrado, a favor do que pronunciaron sentenza, declarándoo na posesión do prelado de Monfero, en virtude do voto e profesión que con esta casa se obrigara, reservando a Carracedo o seu dereito salvo no que tocaba ó xuízo da propiedade e dando autoridade a Sobrado para compeler con censuras ó abade e monxes de Monfero no caso de que non quixesen obedece-la sentenza dictada a nome do cabido xeral, o 21 de maio do ano 1214⁹⁵.

II. PRIVILEXIOS E DOAZÓNS

Se non se segue inédita a historia de Monfero que compuxera no ano 1618 o insigne P. Frei Cardillo de Villalpando, relixioso de Sobrado, e que despois completara, ata o ano 1668, o P. Frei Bernardo de Armuño, monxe de Monfero⁹⁶, e se visen a luz, así mesmo, os memoriais que o propio Villalpando deixara escritos deste mosteiro, teríamos coñecemento exacto da importancia que debeu acadar polas moitas doazóns e privilexios dos que disfrutara.

Consta, desde logo, que moitos Romanos Pontífices o ennobreceran, recibindo ó mosteiro e mais ós seus relixiosos baixo a protección da Sé Apostólica, e sábese tamén que o citado Villalpando, nun dos seus memoriais, dá un resume de nada menos que de trinta e tres privilexios reais concedidos a Monfero polos monarcas españois, desde Alfonso VII ós Reis Católicos; privilexios aclarados, algúns deles, con notas interesantísimas, como a que conta que Don Bermudo II **el Gotoso**, sendo mozo e andando fuxido do seu reino, vivira na aldea de Vilachá, pertencente á parroquia de Xestoso, no concello de Monfero, ata que o foran procura-los grandes do reino para colocalo no trono⁹⁷. Cómpre advertir que este Don Bermudo probablemente non fose **el Gotoso**, senón o Don Bermudo, rei de Galicia, que doara a Caaveiro a vila de Bermui e mailas igrexas de Santiago e San Xurxo⁹⁸.

Un privilexio importante é o que Don Fernando II de León expedira na vila de Jema a favor de Monfero, no ano

95.- Trata extensamente deste litixio FREI TOMÁS DE PERALTA na súa obra **Fundación, antigüedad y progresos del Imperial Monasterio de Nuestra Señora de Osera**, de la Orden del Cister, Madrid, 1677, cap. V, núms. 19 ó 24. Nós seguimo-lo relato do antes aludido relixioso arquiveiro de Monfero, onde se observan algunhas discrepancias con aquel autor.

96.- A Real Academia Galega ten en proxecto a publicación desta obra.

97.- Vid. **Ferrol y Puente deume** por CÉSAR VAAMONDE LORES, páxina 89.

98.- Vid. **Importante escritura de donación otorgada por Don Bermudo, rey de Galicia, a favor del monasterio de canónigos de San Juan de Caaveiro**, por CÉSAR VAAMONDE LORES. t. XIV do "Bol. da Real Acad. Gal.", páxs. 49-58.



Monfero: Vista xeral do Mosteiro

1177, dándolle as granxas de Buriz e Labrada, sendo abade Don Juan, monxe que fora de Oseira, e acoutando os termos desde o porto que está entre o Campo Galiñeiro e Vilar de Boade pola Fonte dos Sagrados, Porto de Lea, Porto Largo, Porto dos Carres, Pedra de Vasquas, Arca de Vilar Silbestro, Monte Pedrasola, Mámoa de Corviti, Monte de Curatelu, Arca de Tascais, Porto de San Pedro, Mámoa de Afonso, Niño de Cornelia, Pedra de Xove e Couto de Lestido⁹⁹.

Outro privilexio outorgado na mesma vila de Jema e na mesma data por Fernando II confirma ó mosteiro na posesión de todo canto lle doara o emperador seu pai, facéndoo, ó mesmo tempo, libre de pechos reais e de canto por mar e terra se trouxese e portase.

Nas notas dun monxe anónimo de Monfero, escritas na segunda metade do século XVII e dadas a coñecer por Don Andrés Martínez Salazar¹⁰⁰, fálase doutros moitos privilexios reais e de bastantes dos Papas.

Citaremos algúns daqueles, a saber: no ano 1180 o citado Fernando II de León faille doazón da freguesía de San Vicente de Manares; Don Alfonso **el Sabio**, no 1268, dispón que os vasalos do mosteiro non tributen os xantares ó adiantado de Galicia, e no 1274 manda que, en diante, non paguen servicios; Don Sancho IV, no 1291, sentencia contra da xustiza de Pontedeume, para que os vasalos do convento non concorran a ela, senón ó meiriño posto polo abade ou prior; o mesmo Don Sancho, no 1294, ordena que certas contribucións que a el correspondían pasen ó abade; Don Fernando IV, no 1309, ratifica o dereito a que o abade ou

99.- Publicou unha tradución do texto íntegro deste privilexio, con notas e un gravado, DON ANTONIO A. REY ESCARIZ, no t. III do "Bol. da Real Acad. Gal.", páxs. 229-234: **Privilegio rodado de Fernando II de León por el que acota los términos de las granjas de Buriz y Labrada, pertenecientes al monasterio de Monfero.**

100.- **Apuntes para la historia del Monasterio de Monfero**, por A. M. S., "Bol. da Real Acad. Gal.", t. I, 2ª edic., páxs. 172-176.

Historia de Pontedeume

101.- Publica este documento DON CÉSAR VAAMONDE LORES, con notas e un gravado, no t. I. da **Colección de Documentos Históricos** do “Bol. da Real Acad. Gal.”, páxs. 108-109.

Nesta Colección de Documentos Históricos pódense ve-las seguintes doazóns a Monfero: De María Díaz, no 1260, as herdades que tiña en Mugardos e en Obaña (publicaa ANDRÉS MARTÍNEZ SALAZAR, t. I, páxs. 220-221); de Pedro Leal, no 1300, todo canto tiña de seu, por voz de seu pai, en Pousadoira, freguesía de San Xoán de Callobre (publicaa ÁNGEL NIETO, t. II, páxs. 329-330); do conde Don Bermudo Pérez de Traba e da súa muller a infanta Dona Urraca Enríquez, no 1157, metade da igrexa de San Pedro de Buriz (publ. FRANCISCO ESTÉVEZ BARBÁ, t. II, páxs. 331-333); de Domingo Joanes, no 1298, varios bens na freguesía de San Xoán de Callobre (publ. ÁNGEL NIETO, t. II, páxs. 334-335); de Domingo Martínez, no 1283, canto tiña por herdanza de súa nai no casal chamado de Cibrao, sito na vila de Barbeita, freguesía de San Xoán de Callobre (publ. ÁNGEL NIETO, t. III, pág. 177).

Doutras moitas doazóns nos informa DON ANDRÉS MARTÍNEZ SALAZAR no seu interesante libro **Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI** (Coruña, 1911): Mayor Rodríguez, no 1257, renuncia a favor de Monfero uns bens sitos en Obaña e Mugardos, cos que litigaba naquel momento; Lopo Vermuit, de alcume Tíbouba, no 1270, doa a facenda que tiña no lugar de Xove Pequeno; María Rodríguez, no 1271?, doa os seus bens na vila de San Fiz e no couto de Monfero; Pedro Muñoz e mailo seu fillo Xoán Pérez, no 1273, doan unha-herdade en Vilar de Sivil (Vilalba-Lugo); Johan Iohanes das Seixas, no 1274, doa os seus bens no couto daquel mosteiro; Miguel Martín e outros, no 1275, doan os seus bens de Santa Xuliana de Rioseco e no Vilar de Sivil; Roy Pérez e outros no 1281,

prior poña xustiza e meiriño no couto; Don Alfonso XI, no ano 1313, outórgalle, como xa o fixeran outros dos seus antecesores, os tributos que se satisfacían ó rei; no 1315 confirma o mesmo Don Alfonso tódolos privilexios e mercés anteriores, o que volve facer no 1331; e esta confirmación se repite por Don Pedro el Cruel no 1351, por Enrique III no 1401, por Juan II no 1432 e por Enrique IV no 1457.

Non con menos xenerosidade favoreceron a Monfero os Romanos Pontífices, pois Gregorio IX, no 1235, recibe a casa baixo a súa protección e, entre outras grazas, concéde-lle os dezmos das súas igrexas; Inocencio IV, no 1284, declara que non pague este mosteiro dezmo ningún, o que confirma, con distintas mercés, Alexandre IV no ano 1259 e Urbano IV no 1263, á parte doutros moitos privilexios que os Papas lle outogaron.

As citadas granxas de Buriz e Labrada, doazón do monarca leonés Fernando II, eran o principal deste mosteiro, que contaba, ademais, con outras valiosas posesións, a saber: as parroquias de San Fiz e Santa Xuliana, doadas por Don Alfonso Bermúdez e Don Pedro Osorio; o mosteiro de San Isidoro de Callobre, debido a un crego particular chamado Sentario, que puxera nel monxes de San Bieito, e que coa súa igrexa, o que lle estaba anexo e outras herdades, pasara a Monfero por doazón de Don Fernando Pérez de Traba; as parroquias de Xestoso, Valdurexa e Baia, das que parte pertencían a Sobrado, permutadas con Monfero en troques duns bens deste en Cambás e cedida metade destas parroquias por Elvira Fortúnez; a parroquia e granxa de Ambroa, obtida por troco co cabido de Lugo e o seu bispo Don Rodrigo; a granxa de San Nicolao de Carantoña, adquirida case toda por compra, etc.

Entre as numerosas doazóns de particulares, unha das máis antigas e interesantes é a que efectúan Gonzalo Menéndez, a súa muller e mailos seus fillos, no 1142, de metade da igrexa de San Fiz, nos termos da que está situado o mosteiro, e doutros bens¹⁰¹.

Eran moi numerosos os beneficios que tiña e presentaba este mosteiro, levando os seus dezmos, ofrendas, anais, rendas, etc. Os que fora reunindo, desde a súa fundación, eran¹⁰²: San Pedro de Buriz, por doazón de Dona Lupa de Traba; San Paio de Xixón, doazón, metade de Dona Lupa e metade de Don Alfonso el **Emperador** (esta igrexa estaba no lugar chamado “da Eira”, e, por non ter condicións, agregárase á de San Fiz); Santa María de Labrada, doazón de

Don Fernando II; Santa Xuliana, doazón do Emperador; San Fiz, que estaba no interior do mosteiro e que, por privilexio da Sé Apostólica, sacouse a unha ermida baixo o nome de San Antonio Confesor; San Xoán de Callobre, doazón de Don Fernando II, e que se unira ó de San Pedro de Vilamaior; Santa María de Xestoso, doazón do Emperador, de Dona Lupa de Traba e outras persoas piadosas; San Lourenzo de Torres, con dereito a sete das doce partes dos dezmos; Santa María da Alta, trocado co cabido de Lugo polo beneficio de Ambroa; Santo Tirso de Ambroa, que se unira ó de Santa Eulalia da Viña; San Xulián de Carantoña, doazón de Leonor Bermúdez e outras persoas, con dereito a metade dos dezmos; San Salvador de Leiro, que se fora esgotando e desaparecera; Santa Eufemia de Gulfar, desaparecido coma o anterior; San Lourenzo de Irixoa, case desaparecido, con dereito a un tercio dos dezmos; Santa María de Mántaras, tamén case desaparecido; San Martín de Churío, con dereito á cuarta parte dos dezmos; San Mamede de Momán, con igual dereito; Santa María de Verís, con igual dereito; Santa Eulalia da Viña, unido ó de Ambroa; San Xoán de Paderne, que, por concordia con Fernán Pérez de Andrade, este doara toda a representación, rescatando para el a sinecura; San Xoán de Vilamorel, con dereito a metade; San Pantaleón, doazón de Nuno de Andrade; San Pedro de Vilarmar e San Xoán de Callobre, beneficios alternativos, e San Estebo de Quintas e Paderne, que tamén alternan.

O mosteiro adquiriría ás veces a obriga de misas pola alma dos seus benfeitores. Velaquí as que se viñan aplicando nos últimos tempos¹⁰³: catro misas con catro responsos pola alma de Gregorio Pígara, veciño de Betanzos, que doara metade dunha casa situada na rúa da Ribeira e unhas viñas en Caraña; unha misa cantada o día de San André Apóstolo, por Fernán D'Obre, veciño que fora de Obre, por doar toda a súa facenda ó mosteiro, onde fora enterrado; unha misa cantada de cabodano, o 30 de setembro, pola condesa Dona Lupa e mailo seu home Don Munio Muñoz, que doaran certos casais no couto do mosteiro; unha misa rezada, o 4 de outubro, por Elvira Pelayo, que dera certa cantidade en Valdruxa; unha misa diaria por Fernán Pérez de Andrade e Sancha Rodríguez, a súa muller, e polo rei Don Enrique, en atención a que o de Andrade dera ó mosteiro a granxa de Saa, no condado de Santa Marta de Ortigueira, e unha misa cantada e despois un responso tamén cantado, por Nuno Freire de Andrade, que dera corenta mil maravedís en diñeiro solto e recibira sepultura na igrexa do mosteiro, ó pé da capela maior.

doan os seus bens na vila de Maragai (Vilalba-Lugo); Pedro López de Callobre, no 1282, lega en testamento tódolos seus bens, agás un quinhón da casa de Callobre; Pedro lograr, fillo de Pedro Pérez, no 1297, doa parte do casal das Fianças, sito en Vila-Susso, freguesía de San Gurio (San Xurxo de Torres); Fernán d'Obre e maila súa muller María Paaz, moradores de Obre, freguesía de San Andrés de Obre, doan, no 1415, a súa casa de morada e os demais bens que posuían naquela freguesía, agás as súas leiras que reservan para eles.

102.- Extracto do Mss. cit. dun monxe arquivado de Monfero.

103.- Mss. cit.

Historia de Pontedeume



Monferrer: Fachada da Igrexa

III. A IGREXA E MAILLO CONVENTO

A antiga, ampla e fermosa igrexa de Monfero, como obra comezada a empezos do século XII, era de puro estilo románico e constaba, segundo xa se dixera, de tres naves.

Reedificados de todo a igrexa e maillo mosteiro por causa do seu estado ruinoso, na segunda metade do século XVII, hoxe soamente queda da antiga fábrica un lenzo da portaría, no que se ven, ó exterior, algúns canzorros e uns pesados contrafortes e que no interior é oxival.

Dispuxera o derrubamento da primitiva igrexa o insigne abade Don Frei Tomás de las Peñas, quen desempeñara esta dignidade durante os tres trienios completos que tiveran principio nos anos 1620, 1635 e 1641. O derrubamento efectuouse no trienio 1641-1643 e as novas obras remataron a mediados de febreiro do 1655, sendo abade Don Frei Nicolás García, que predicara na solemnidade da inauguración e dixera a misa pontifical o abade de Sobrado, que, co de Meira, asistira a aquel acto¹⁰⁴.

Esta nova igrexa, que aínda segue dereita pero en lamentable estado, e que merece ser eloxiada polo seu aire, amplitude e xenerosas proporcións, é dunha nave e afecta a forma de cruz latina de brazos non moi desenvolvidos.

Nunha descrición manuscrita de Monfero, redactada polo que fora celoso ecónomo daquela igrexa Don José Manuel Díaz Losada y Felpeto¹⁰⁵, atopamos unha reseña exacta e moito polo miúdo do templo actual, que estimamos que paga a pena reproducir aquí.

“A fachada principal da igrexa mira cara ó Occidente, e está constituída por un corpo de catro fermosas columnas e dúas pilastras estriadas da orde corintia, das que as súas elegantes bases asentán no propio pavimento do adro, sen outro pedestal, e van termar dos fermosos capiteis, o cornixamento de flores, estrias e modillóns co que remata, sen frontispicio ningún, mentres que na parte central ábrese a porta e catro fiestras e fornelas nos espazos entre as columnas, acompañado todo con ornamentos de casetóns nos que se engarzan negras e brunidas táboas de lousa, flanqueando, por último, dúas torres na maxestosa fachada. Por riba da porta está labrada a cruz de San

104.- Vid. **Don Fray Tomás de las Peñas**, por CÉSAR VAAMONDE LORES, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. II, 2ª edic. páxs. 7-9.

105.- O Sr. Felpeto nacera en Santa Eulalia da Viña o 13 de febreiro do ano 1828 e finara no mosteiro, onde recibiu sepultura, o 9 de abril do 1878. O gobernador eclesiástico de Santiago, o 31 de xaneiro do 1868, nomeárao coadxutor “in capite”, por causa da imposibilidade moral de Frei Jerónimo Estévez, de infausta memoria no que toca á conservación do mosteiro; entrara a rexe-la parroquia o día 2 de febreiro e o 1 de abril seguinte pasara a ecónomo, por separación do propio Estévez, e comisionado especial para tomar contas, formar inventarios e poñer partidas atrasadas, improbo cometido que emprendera tomando como punto de partida o ano 1832. Home de carácter humilde, pero dunha vontade a toda proba, abrírase paso entre os fieis ata gañar os seus corazóns e loitara valentemente contra a ingratitud, a perfidia e maila calumnias coas que pretendían esmagalo os seus inimigos. Consagrara tódalas súas enerxías en conseguir para Monfero o seu pasado esplendor. Morreu na pobreza. O mesmo día do seu enterro practicouse inventario dos efectos que posuía, que eran estes: dous pantalóns de pano negro usados, dous chalecos e dous gabáns vellos, un sombreiro, dous colariños, tres calzóns usados e dúas camisas; unha cama de madeira de piñeiro, cun cobertor vello, sobre-cama, xergón de folla de millo e outro xergón branco; dúas mesas sinxelas de madeira de piñeiro, dous bancos tamén de piñeiro, unha sella vella para carreta-la auga; un pote de metal, de dez netos, propiedade de Don Francisco Pallares; un armario de madeira de piñeiro con tres alzadeiras, pintado de azul, e tres cadros representando varias imaxes.

Historia de Pontedeume

Domingos; nas fornelas hai dúas estatuas dunha raíña e unha monxa, ocupando esta a dereita do observador.

“A torre da dereita ergue dous corpos por riba da fachada; o primeiro cadrado, co seu pedestal, un arco a cada fronte, abrazando unha fiestra rectangular, ós lados da que se coñecen oito pilastras baixas por fronte, que terminan dunha esvelta cornixa, sobre a que se ergue oitavado o segundo corpo da base e dúas pilastras de cada lado do único arco de cada cara, intermediando despois outras tres pilastras polo plano das oitavas, todo con entrepanos de floróns e picos, suspendéndose as obras antes de comezalas cornixas deste corpo. A torre da esquerda quedou tamén no remate do baseamento do segundo corpo, e ámbalas dúas torres rematadas habían ofrecer un fermoso aspecto.

“O templo é unha soberbia nave de setenta e sete varas de longo por quince de ancho, con proporcionada altura; dunha arquitectura ben desempeñada pola orde e estilo da fachada principal, ou sexa corintio e do século XVII. Deica unhas vintedúas varas da entrada esténdese o coro, sostido en alto por unha bóveda de casetóns lisos e achatada; e ás trinta e oito varas rompe o cruceiro do templo, termando da grande lanterna de oito fiestras rectangulares, oito pilastras, dúas en cada ángulo saínte, con grande cornixamento de floróns, que percorre, así mesmo, todo o ámbito do claro templo, que en forma de cruz presenta á súa cabeza a capela maior e dúas colaterais nos seus brazos. O espacio comprendido entre as portas e mailo cruceiro presenta contra o muro, de cada lado, catro pilastras e dúas en cada ángulo entrante da cruz, que, abrazando o fermoso cornixamento e riba del os arcos de compartimento das bóvedas, preséntanse estas cun aspecto de magnificencia nos seus casetóns de grande relevo a dous marcos, inserido un no outro, pasando unha faixa desde o centro de cada lado do interior ó centro de cada lado do exterior, con tal gusto no trazado e de tal mestría na realización, que deixan atrás estas bóvedas a outras de grandes templos da orde.

“En cada un dos brazos da cruz e contra a capela maior hai, ademais, unha capeliña con casetóns e ornamento de floróns pola arquivolta. Mais o que máis chama a atención é a capela da Virxe da Cela, á fronte do brazo da cruz, na parte setentrional, que presenta un rico altar de granito, formado o seu retablo por dous pedestais de catro casetóns cada un, que erguen a catro columnas da orde corintia, que é a de todo o templo, coa súa fermosa cornixa e un frontis curvo e cortado, segundo o gusto da época, cadrando nos seus lados coas columnas catro pedestais e os seus remates de urna, e por riba do frontispicio outro remate do que sae unha cruz torneada. Amosa o frontispicio un grande pergameo figurado, co escudo de armas do mosteiro en relevo, que son un brazo cunha manga de cugula termando do báculo abacial na man, dúas flores de



Detalle do interior da igrexa

Historia de Pontedeume

lis nos lados superiores, abaixo a mitra e o escudo atravesado ó nesgo por unha banda.

“Todo este conxunto abraza unha capela con bóveda de adorno de casetóns e floróns, e mais a faixa, igual que a gornición do arco alzado por pilastras sobre a imposta, amosando os pendentes a cruz semellante á de San Domingos. Aínda se ve ricamente dourado todo este corpo arquitectónico, que ha resistir algún tempo máis por ser de granito; é obra do ano 1666, segundo a inscrición, e aquí se veneraba a imaxe da Virxe da Cela, aparecida no monte deste nome no 1514, onde brota unha rica fonte. Unha capela chamada do Santo Cristo reconécese por un arco que esta por baixo da galería do órgano, á dereita despois do coro. Por tras da capela maior hai unha peza moi notable chamada Chirola, que é unha sancristía cadrada de catorce varas de lado, con catro arcos para altares e a bóveda profusamente cicelada con relevos e casetóns, representando brasóns, cruces, rostros, lúas, soles, estrelas e outros mil obxectos. Éntrase nela por dúas portas, e é obra do ano 1716.

“Hai no brazo da cruz do Sur outra sancristía; éntrase nela por unha porta; na súa fronte tiña a inscrición dos nomes de Xesús e María, é de extensión abonda, pois terá dezaoto varas de longo por quince de ancho, con tres arcos sostidos por columnas e dividida a bóveda en seis compartimentos; sendo esta obra do ano 1790, segundo a inscrición.

“Neste mesmo brazo, á banda do Sur, hai dúas portas, unha que dá paso ó coro e galería do claustro sagrado e outra ó seu interior baixo. Neste andaban as procesións, rogacións e sepultaba á fin da exclaustación, e comprendía no seu centro un fermoso pilón e xardín, hoxe convertido nun triste ermo; este claustro é moi digno de atención polas súas elegantes bóvedas e arcos que, dunha e outra parede, soben, de cada catro ménsulas graciosas e estriadas, e vanse cruzar no alto e formar catro lazos dos que sobresaen, no seu centro e máis nos cabos, cinco floróns, todo ó estilo gótico, orde á que pertence toda esta fermosa porción de arquitectura. Terá unhas corenta varas de lado e cinco luces dunhas anacrónicas fiestras con feitura de paralelogramo e elípticas a cada un; é obra do século XV, aínda que se le na porta do refectorio ano de 1611, e noutra parte 1755, co que parece que se lle deu un carácter máis moderno.”

Faise mención, a seguir, de catro sepulcros góticos, máis antigos ca obra actual da igrexa, entre eles os de Fernán Pérez e Nuno Freire de Andrade, que non reproducimos porque hemos falar destes sepulcros no seu momento, e remátase cunha alusión ó amplo adro, cos seus muros desaparecidos e lápidas extraídas, desde onde se vai dar ó cruceiro, situado fóra do zarro, que era o lugar das procesións.

O propio autor, seguindo ó monxe arquivista autor do manuscrito do que xa deramos conta, infórmanos das obras que sucesivamente se foran practicando en Monfero. Con estes dous escritos á vista e outros datos formamos a seguir unha relación destas obras.

No trienio 1665-68, sendo abade Don Basilio Valentín, edificárase a capela de Nosa Señora, na parede do Norte, preto do altar de San Bieito.

No do 1674-77, correspondente a Don Felix de Aparicio, fíxose o retablo maior, o cadeirado do coro, rebaiouse a bóveda por diante del, reparárase a ruína que causara por terceira vez unha chispa caída no cimborrio, adquirírase a lámpada de Nosa Señora, erguérase a casa da panadería e púxerase zarro ó monte nunha lonxitude de preto de tres mil brazas.

No ano 1683 fíxerase a fonte do claustro segregar e mailo estanque-muíño.

No 1689, e sendo abade Don Andrés Olivares, achumbáronse os lenzos do claustro de hospedería, ergueuse a parede do dormitorio cos esteos de cantería, lousárase o pórtico da igrexa, comezárase a doura-lo retablo maior (20 de marzo do 1692) e pagáranse mil ducados a conta dos vinte mil reais que se axustaran co mestre.

No 1710, en tempos de Don Marcelino Alcalde, alongárase o dormitorio, fíxerase un cuarto alto e outro baixo que ocupan as necesarias, cun esteo de cantería no recanto; sacáranse outros dous cuartos, alto e baixo, nos que estaban o arquivo e mailo calefactorio neste dormitorio, formándose un sete para seguir ó terceiro claustro deica a Chirola.

No 1713, gobernando Don Ignacio Cuadrillero, construírase esta.

No 1738, con Don Ignacio Pestaña, pisáranse as celas da hospedería, adornándoas con camas penduradas, colchóns novos de terliz, cortinas en portas e ventás, e fíxéronse cadeiras e tallos de moscovia para a sala.

No ano 1741, con Don Malaquías Insausti, electo por terceira vez, erguérase a parede da sancristía que dá ó Oriente, porque caera, e engadíranselle dous esteos de cantería para máis seguranza; fíxerase o artesoado do antecoro,

Historia de Pontedeume

botáranselle ceos rasos ós dous claustros de hospedería e segregar e adquiríranse seis candeeiros grandes de prata para o altar maior e maila sobrecoroa de Nosa Señora.

No 1744, sendo abade Don Malaquíás Junquera, desmontárase e volvérase edifica-la hospedería, cun esteo que se lle achegara pola parte que mira á horta.

No 1750, baixo Don Anselmo Fernández, desmontárase e fixérase de novo a nave da igrexa, que estaba aberta e ameazando ruína, no que se gastaron 16.000 reais a maiores da cantidade mandada sacar polo P. Xeneral.

No 1753, con Don Manuel Insausti, fixéranse as paredes do novo dormitorio ata a Chirola, coas súas portas e ventás.

No 1756, gobernando por segunda vez Don Ignacio Pestaña, fíxose o arquivo no cimo da antesancristía.

No ano 1763, con Don Cristóbal Losada, botáronselle pisos novos ós dormitorios e faiado, portas, ventás e cheminea ó calefactorio; colocáronse portas novas na igrexa e portería e fíxose un vestido de tisú en campo carmesí para Nosa Señora, e tamén o seu retablo.

No 1767, con Don Lorenzo Romate Montañez, rematouse a galería e maila parede do terceiro claustro do dormitorio e fíxose o muíño dentro da clausura, no que se colocaron pedras albeiras.

No ano 1771, con Don Mauro Albarrán, fixéranse os libros de coro, facistol e candil; engadíranselle catro rexistros ó órgano; mercáranse cinco casulas e dúas dalmáticas de medio tisú, un terno de tisú con frontal, pano de púlpito, capa de coro, facistois e ofertorio, traballado e bordado de agulla, e mitra para a misa pontifical; douráranse os cálices e mailo copón; fixéranse dous ciriais, o oratorio e mesa da antesala e pano de defuntos; retirárase o zarro para dar máis folganza ás celas baixas da obra nova da banda do Oriente, e edificárase o cárcere da xurisdicción.

No 1775, con Don Luís Fernández, fíxose a obra da cociña, coas dúas celas que están por riba dela; canalizárase novamente, desde o seu nacemento, a fonte do claustro e sacárase un brazo para a antesancristía; colocárase o reloxo de torre co seu cuarto e escada; retellárase a igrexa e mailos claustros e botáranselle bastidores e vidros ó ciborio.

No 1779, con Don Juan de Lago, fixéranse balcóns de ferro ás dúas celas da cociña, faiárase unha delas e botárese-lle ceo raso á outra, á parte doutros amaños anteriores. Neste cuatrienio dera un devoto a Nosa Señora de Cela un vestido de tisú en campo branco, seis pequenos candeeiros e mais unha cruz de prata, e, tamén por conta del, fixérase a tribuna da igrexa.

No 1783, con Don Fernando Berbeo, fixéranse e pintáranse os catro altares da Chirola, os dous dos patriarcas San Bieito e San Bernardo e outros dous na nave maior, a lámina do retablo maior e a reixa do presbiterio; lousárase o piso do cruceiro da igrexa e encaixáranse as sepulturas; retirárase o coro baixo e abríranse dúas portas na reixa dos segrares; pecháranse os claustros e puxéranse cristais en tódolos maineis; fixéranse mesas, asentos, respaldo e cancelo no refectorio, decorándoo co cadro da Cea; fíxose a cimentos a cela abacial de inverno e mailo comedor da media hora e outras moitas obras menores no interior e no exterior.

No 1787, baixo Don Anselmo Baquero, fíxose a obra da sancristía e maila librería.

No ano 1803, baixo Don Ruperto Martínez, fíxose a hospedería, co lenzo do claustro correspondente e maila escaleira. O 5 de febreiro do 1805, ás oito e media do serán, caera por cuarta vez, unha chispa no ciborio, e, por causa dela, o día 24 do mesmo mes do seguinte ano, derrubárase a media laranxa, estragando os tellados das capelas e da nave da igrexa, producindo graves deterioros na fábrica toda.

No 1807, baixo Don Gregorio Rodríguez, principiárase o arranxo da ruína da media laranxa e chegárase ata os cristais das súas ventás; mais houbo que desistir das obras ó se produci-la invasión francesa polo estado precario ó que chegara a comunidade xa que os caseiros, vítimas dos estragos ocasionados polas tropas estranxeiras, non puideran contribuir ó mosteiro coas rendas acostumadas e, ademais, porque o abade, movido dun fervoroso patriotismo, decidira mandar á Xunta de Goberno de Betanzos, para axudar nos gastos da guerra contra os invasores, unha importante doazón efectuada con carácter voluntario, sen ningún requereamento previo, consistente en 33.000 reais en metálico, 100 fanegas de centeo e 50 cabezas de gando vacún. Isto determinara tamén a necesidade de poñer á comunidade a media ración.

Historia de Pontedeume

Outras entregas, pero estas forzosas, seguiran á anterior, realizadas polo mesmo abade Don Frei Gregorio Rodríguez diante da citada Xunta de Betanzos, a saber: 2.286 onzas de prata labrada, 2.000 reais en metálico, 4.734 reais importe da prata labrada de uso particular dos monxes, outros 8.000 reais (entrega de 20 de novembro do 1810), e 5.626 reais máis (última entrega coñecida, do 30 de xuño do 1811). Con esta contribución á guerra non soamente non se puideron segui-las obras, senón que a comunidade houbo de seguir a media ración¹⁰⁶.

Estas obras rematáranse, polo 1816 e 1817, a conta de Frei Pedro Llanos, fillo do mosteiro de Monfero, que fora prior varias veces nas mellores granxas.

O 19 de febreiro do 1879, á noite, derrubárase polo medio a torre do lado Norte, de riba abaixo.

Tanto a igrexa como o mosteiro seguen hoxe en moi lamentable estado e en perigo de que, se como por desgracia non é probable, non se amañan convenientemente, veñan dar en terra, desaparecendo así para sempre unha moi estimable mostra da arte neo-clásica en Galicia.

IV. MILAGES DA VIRXE DA CELA

A Virxe da Cela gozara en todo tempo de sona moi milagreira. O monxe arquivado de quen xa faláramos di que *“son tantos os milagres que Nosa Señora leva feitos por medio da Virxe da Cela que se poderían escribir algúns libros se se fosen relatar tódalas doenzas que sandou, os cegos que, pola súa mediación, recibiron a vista, os mancos e tolleitos que recobraron brazos e pernas, endiañados libe-rados, os xustos o aumento de gracia e os pecadores o perdón dos seus pecados”*.

Conta varios destes milagres, algúns deles relativos a sorprendentes curacións, e deles recollemo-lo seguinte, como máis relacionado coa historia da nosa vila:

“Na parroquia de Vila Alba (ou sexa Vilalba), no bispado de Mondoñedo, no ano 1616, estando Alonso Ramos, sol-teiro novo, cun paroxismo, ofreceuno súa nai a Nosa Señora da Cela, prometendo presentalo na súa capela se acordaba daquela letarxia. Desque mellorara, contoulle

106.- Vid. VAAMONDE LORES, **Don Fray Tomás de las Peñas**.

súa nai que o ofrecera á Virxe Santísima de Cela e que, por iso, debера quedar recoñecido e ir aló para da-las gracias. Contestou o rapaz: “Miña nai, se vostede prometeu visitar esa Santa, cumpra coa palabra; mais eu non, porque non lembro de facer promesa semellante, nin de sufri-lo tal paroxismo”. Despois de tres anos volveulle repeti-la mesma enfermidade, toma coñecemento e fai voto de cumpri-la promesa que fixera súa nai. Sae da súa casa na compañía doutras persoas que ían en romaría a Nosa Señora dos Remedios, a Pontedeume, e polo camiño convenceráno de que fose canda eles, pois tamén estaba alí Nosa Señora, e que no ceo todo era unha. Chegaron, xa que logo, á vista do mosteiro e, levado o rapaz polas razóns que escoitara dos seus compañeiros, decidiu non deixalos quedar e ir el tamén a Pontedeume. Estaba xa no lugar que chaman Visura, sitio no que se separan os camiños que van cara a ela e cara ó mosteiro, cando, de

Monfero: Altar da Virxe da Cela



Historia de Pontedeume

107.- Velaquí a lista completa deles, con expresión da data de elección: **Abades perpetuos:** Munio, 1114; Juan, 1132; Nuno, 1168; Xoán Muñiz, 1171; Gonzalo Suárez, 1202; Xoán III, 1211; Gonzalo II; Martín Ordóñez, 1215; Pelayo Obezo, 1216; Martín II, 1219; Pelayo II, 1221; Martín Ordóñez, segunda vez, 1223; Martín Fernández, 1224; Xulián, 1231; Pedro Martínez, 1236; Xoán Yáñez, cuarto deste nome, 1244; Fernando, 1245, que renunciara; Juan V, 1245; Fernando II, 1246; Pedro Peláez, 1248; Lorenzo Martínez, 1256; Pedro Peláez, 1267; Pariz ? Yáñez, 1271; Xoán Pérez, 1276; Pedro Martínez, 1284; Pedro Yáñez, 1285; Nuno Pérez, 1288; Pedro Peláez, 1295; Nuno III, 1304; Pedro Peláez, 1305; Nuno, segunda vez, 1308; Martín Fernández, 1310 e 1328; Xoán García, 1331; Martín, 1338; Rodrigo Yáñez, 1346; Pedro Martínez, 1352; Xoán Lorenzo, 1389; Lope García de Gúlfar, 1418; Xoán de Medina, 1480; vacante desde 1490 ata 1492; Xácome Carlos, 1492; Lorenzo de Valbuena, 1497; Benito Gavilanes, 1503. **Abades trienais:** Pedro de la Cueva, 1506; Gregorio de Herrera, 1507; Benito Gavilanes, 1510; Gregorio de Herrera, segunda vez, 1511; Miguel de Sevilla, 1514; Gregorio de Herrera, terceira vez, 1517; Alonso Muradela, 1520; Alonso de la Torre, 1523; Alonso Aldereste, 1526; Alonso de la Torre, segunda vez, 1528; Alonso Aldereste, segunda vez, 1529; Bernardo Belaños, 1532; Miguel Arias, 1534; Xoán Bautista Endrinos, 1540; Diego de Porras, 1546; Gabriel Bocalán, 1549; Martín Aguado, 1549; Hernando de Xabara, 1550; Xoán Bautista Endrino, segunda vez, 1554; Pedro Gudiel, 1557; Antonio Hernández, 1560; Euxenio Guerrero, 1563; Cipriano Gutiérrez, 1566; Miguel Velázquez, 1569; Bernardo de Escobar, 1572; Miguel Velázquez, segunda vez, 1576; Pedro Viñuste, 1579; Leonardo de Cortés, 1581; Gaspar de los Reyes, 1584; Atanasio Corriero, 1587; Gaspar de los Reyes, segunda vez, 1590; Máximo de Medina, 1593; Atanasio Velázquez, 1596; Gregorio de Santiago, 1599; Miguel Velázquez, 1602; Atanasio Velázquez, segunda vez, 1605; Crisóstomo Martínez, 1608; Andrés de Soto, 1611; Cristóbal Martínez, 1614; Diego del Castillo, 1617; Tomás de las Peñas, 1620; Diego del Castillo, segunda vez, 1623; Leandro Badillo, 1626; Diego del Castillo, terceira vez, 1629; Dionisio García, 1630; Marcos Moreno, 1632; Tomás de las Peñas, segunda vez, 1635; Ignacio de Belmonte, 1638; Ambrosio Negrete, 1640; Tomás de las Peñas, terceira vez, 1641;

súpeto, quedou o rapaz inmóbil, sen poder seguir adiante nin atrás. Berra e chama polos seus compañeiros, que ían máis adiante; volven estes ó escoita-los berros e vén que o mozo non se pode mover. Algúns deles fanlle sabe-lo erro da súa determinación de querelos seguir, deixando de visitar Nosa Señora de Cela, de quen pregara a axuda, e mesmo daquela quedou libre e san. Baixa cos seus compañeiros para dar grazas a Deus e mais á súa Santísima Nai, por medio da que tantos prodixios realizara. Cumprida a promesa, e manifestándose este caso a algúns segundo se ten referido, volveu ó seu lugar moi satisfeito, indo despois moitos anos visita-la Virxe polo día da súa festa.”

No aspecto que estamos a considerar é merecente de lembranza unha fonte chamada de Nosa Señora, que está onde nun tempo estivera a súa ermida, entre os penedos dos montes de preto do mosteiro, á que acoden os fieis con distintas doenzas, “*da que a prodixiosa auga -di o monxe arquivreiro- foi abonda en por ela para apagar nunha ocasión todo o incendio do monte da Cela, que ardera todo ata chegar a esta fonte; pois coma se acudise cun mar de auga, xa de súpeto se apagara, sen seguir adiante, aínda que estivese daquela moi mesto e medrado o que a fraga producía.*”

V. OS RELIXIOSOS DE MONFERO

Dise que eran setenta os monxes que normalmente formaban a comunidade de Monfero.

Desde o ano 1114, data da fundación (un ano despois de que San Bernardo tomase o hábito do Císter), ata o 1836, no que se suprimira, gobernárono preto de 150 abades¹⁰⁷.

En todo tempo gozaron os fillos da comunidade de Monfero de sona moi xustificada pola súa ampla cultura.

O **scriptorium** deste convento, ó dicir de Martínez Salazar¹⁰⁸, “*distinguírase entre os outros de Galicia ata finais do século XIII, principalmente; os seus notarios e escribáns, igual que os de Sobrado, legaron as súas escolas de escrita e mailas receitas das súas tintas, negras e brillantes, ós notarios, escribáns e amanuenses segrares dos seus extensos coutos e xurisdiccións e tamén ós das do seu carón*”.

A biblioteca tiña sona de posuir moitos libros e curiosísimos manuscritos. Dun dos relixiosos desta casa cóntase que percorrera as principais bibliotecas de Europa e que trouxera carros de libros e manuscritos para Monfero. Aquela magnífica biblioteca desaparecera a raíz da exclaustación.

Moitos monxes ilustres houbo en Monfero.

Un dos seus fillos máis destacados fora o sabio Frei Agustín Vázquez Varela, bispo de Solsona e “émulo, pola súa grande erudición, dos grandes escritores do seu tempo e da súa orde en Europa”, como asegura Murguía¹⁰⁹. Defendera con grande saber o rito do Císter no seu libro **Ilustración apologética al breviario, misal y ritual cisterciense de la congregación de San Bernardo en los reinos de Castilla**, editado en Madrid, na imprenta de Don Antonio de Sancha, no ano 1783. O seu autor titúlase abade que fora dos mosteiros de San Pedro, Palazuelos e Santa Ana de Madrid, tres veces definidor, procurador da Corte romana e xeneral da mesma Congregación, e, ademais, fillo do Imperial de Nosa Señora de Monfero.

Xenerais da orde foran tamén dous abades: Frei Atanasio Velázquez e Frei Tomás de las Eras.

VI. CONCORDIA ENTRE O ARCEBISPO DE SANTIAGO E MAILOS MONXES DESTE MOSTEIRO

Entre as páxinas da vida interna de Monfero resulta digna de se recoller a referente a unha curiosa concordia que tivera lugar no 1235 entre o arcebispo de Santiago Don Bernardo e mailos monxes deste mosteiro.

Pretendía o prelado que os monxes concorresen a sínodo cando fosen convocados, o que se debía celebrar dúas veces ó ano; que o recibisen a el ou ó arcediogo cando andasen de visita e que recoñecesen a xurisdicción e dereitos do diocesano nas parroquias e ermidas que lles estaban anexadas. Os relixiosos negábanse a todo isto, dicindo que gozaban das exencións da orde do Císter.

Ambrosio Negrete, 1644; Juan de la Homa, 1647; Miguel de las Heras, 1650; Nicolás García, 1653; Miguel de la Eras, segunda vez, 1656; Nicolás García, segunda vez, 1659; Marcos de Piña, 1662; Basilio Valentín, 1665; Manuel de Lama, 1668; Alonso Gorbálón, 1671; Juan de Porras, 1674; Francisco de Salamanca, 1674; Felix de Aparicio, 1677; Alonso Gorbálón, segunda vez, 1680; Francisco de Salamanca, segunda vez, 1683; Lorenzo de Salto, 1686; Andrés Olivares, 1689; Joaquín de Lora, 1692; Ignacio Queirano, 1695; Joaquín de Lora, segunda vez, 1698; Juan de Elvira, 1701; Joaquín de Lora, terceira vez, 1704; Jacinto Muñoz, 1705; Ángel Manzanares, 1707; Marcelino Alcalde, 1710; Ignacio Cuadrillero, 1713; Bernardo García, 1717; Malaquías Insausti, 1721; Marcelino Alcalde, segunda vez, 1724; Malaquías Insausti, segunda vez, 1727; Raimundo González, 1730; Ignacio Cuadrillero, segunda vez, 1735; Anselmo Fernández, 1736; Ignacio Pestaña, 1738; Malaquías Insausti, terceira vez, 1741; Malaquías Junquera, 1744; Sebastián Redondo, 1747; Anselmo Fernández, 1750; Manuel Insausti, 1753; Ignacio Pestaña, segunda vez, 1756. **Abades cuatrienais:** Gabriel Valladolid, 1759; Cristóbal Losada, 1763; Lorenzo Romate, 1767; Mauro Albarrán, 1771; Luis Fernández, 1775; Isidoro Meruédano, 1779; Bernardo Berbeo, 1783; Anselmo Baquero, 1787; Ruperto Martínez, 1790; Geroteo Higuera, 1791; Rafael Otero, 1795; Sebastián Pacheco, 1799; Ruperto Martínez, 1803; Gregorio Rodríguez, 1807; Lorenzo de la Sierra, 1815; Ignacio Liaño, 1819; Raimundo Álvarez, 1824; Blas Antón, 1828; Antonio Iglesias, 1832.

Entre estes abades cóntanse dous que morreran de morte violenta: Jácome Calvo, asasinado no 1497 por unha frecha que lle dispararan cando viña de Betanzos, na cruz que despois se chamou “do Abade”, máis abaixo do lugar de San Mamede; e Benito Gavilanes, no 1511, a quen, estando de lecer, disparáralle Juan Maceira outra frecha desde a porta do arco, e mataba tamén a outro relixioso.

108.- **Pacto curioso de retroventa en 1238**, t. X do “Bol. da Real Acad. Gal.”, pág. 32.

109.- **Galicia**, pág. 1145.

Historia de Pontedeume

Dividíranse por esta causa os monxes entre eles, e alporizáranse os ánimos ata tal punto que máis dunha vez se apelara á violencia.

“Interveu a autoridade do Sumo Pontífice, que nomeou xuíces delegados ó bispo de Lugo Don Miguel, a un arce-diago e mais a un xuíz da mesma igrexa. Para facilita-la concordia, o arcebispo Don Bernardo renunciara a toda demanda sobre as violencias e atropelos que xa se produ-ciran, e non puxo reparo para que no mosteiro se aplica-se a orde cisterciense, mais coas seguintes condicións: 1ª, a de vir tódolos anos a sínodo e observar tódalas consti-tucións sinodais que non fosen contra da regra do Císter; 2ª, a de recibir e hospedar ó arcebispo e mais ó arcedia-go da terra (o de Nendos) cando andasen de visita; 3ª, a de se perdoar mutuamente e amigarse con amor sincero os monxes dos dous partidos, é dicir, os que estaban polo abade cos que estaban polo arcebispo e a igrexa compos-telá, e 4ª, a de recoñece-la xurisdicción e dereitos do dio-cesano en tódalas ermidas e parroquias agregadas ó mos-teiro. Subscribiran a concordia, cos xuíces delegados, o arcebispo Don Bernardo e mailo abade de Monfero Don Julián, e varios cóengos e monxes de Monfero”¹¹⁰.

VII. DESPOIS DA EXCLAUSTRACIÓN

Axiña sentiu Monfero os efectos devastadores da exclaustación: roubos da madeira dos pisos e tellados, saqueos no arquivo e biblioteca, aproveitamento de grandes cantidades de pedra, apropiación de imaxes e retablos, alfaías, vestidu-ras, etc. Nunha visita pastoral efectuada o día 2 de xuño do 1854, dispuxo o cardeal arcebispo de Santiago, impresiona-do por tanta ruína, que os retablos da igrexa se lles distribuí-sen a algunhas parroquias en calidade de reintegro, e que para evita-los roubos de madeira, pedra e outras cousas, se puxese un home de confianza, ó que se gratificaría por este concepto. Xa daquela do edificio do convento case que non quedaban máis que as paredes ó aire, sen acceso ós corredores altos.

O cura vicario, Frei Jerónimo Estévez, non fixera caso ningún das instrucións do prelado, polo que, anos adiante, foi separado moi merecidamente da cura de almas, sendo substituído polo señor Felpeto. Procedera este a facer inventario dos efectos pertencentes a Monfero, resultando que levaran os seguintes:

110.- *Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela*, por ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, t. V, Santiago, 1902, páxs. 143-144.

Capela de Santa Eulalia de Porto Lago, en Xestoso, propiedade de Dona Carme Casdelo, viúva de Don Romualdo Vila: unha imaxe de Nosa Señora dándolle o peito ó seu Divino Fillo.

Capela de San Pedro de Canedo, propiedade dos veciños do Val de Xestoso: o altar colateral de San Bernardo, que fai de principal na capela, cos seus ornamentos e mesa, o seu patrón San Pedro e San Pablo, de vulto, e un escapara-te para o seu patrón menor; dous retablos novos de madeira de nogueira, dedicados un á Virxe dos Remedios e outro a San Antonio, e restos do coro.

Santa María de Doroña: o púlpito completo da Epístola, de madeira, con escaleira e tornavoz, e dúas tarimas do coro baixo.

San Pedro de Grandal: un anxo que serve de Neno Deus, de media vara de alto.

San Martín de Andrade: o retablo completo de San Bieito, agás esta imaxe; pero si incluída a da Virxe do Leite, e outro retablo completo máis pequeno procedente da Chirola.

San Salvador de Vilouzás: o retablo completo do Santísimo Cristo e Dores, coa súa tarima, agás as imaxes.

San Xurxo de Queixeiro: a imaxe de San Antonio Abade.

Santiago de Pontedeume: a do Ecce Homo.

O órgano distribuírase por varias parroquias, para recomposición e vendas.

O reloxo pasara á torre de San Domingos de Betanzos, cunha campá; a dos cuartos leváranla para a igrexa de Santa Xuliana e a maior para San Fiz.

Santa María de Xestoso: a cruz procesional de prata.

San Xurxo das Torres: o retablo completo de San Xosé, coa súa tarima; a custodia maior, que estaba na Chirola, coas súas gornicións; as imaxes de San Cristovo e Santa Bárbara e mailos seus catro atrás; dous cingulos, un de fio dourado, con peras deste material, e outro de seda azul,

Historia de Pontedeume



Monfero: Patio do mosteiro

pertencentes ós vestidos de primeira e segunda clase da Virxe da Cela.

Santa Eulalia da Viña: tres lenzos do altar maior, representando á Santísima Trindade, Noso Señor Xesucristo abrazando a San Bernardo e Nosa Señora, con dúas mesas de cantería dos colaterais, catro pedras de ara, un escaparate do órgano e restos de altares e gornicións para colocalos; seis pedras de lousa das sepulturas, para tarima dos altares.

San Martín do Porto: a imaxe de San Bernardo, levada da capela do antigo priorado e que antes fora da igrexa de Santa María; tamén no priorado de Labrada estaban case abandonadas as imaxes da Virxe do Rosario, San Bernardo e San Bieito, que pertenceran á igrexa de Santa María, co servicio de culto e misa, que recollera o crego de San Pedro de Buriz.

Santa Xuliana de Monfero: dous retablos pequenos da Chirola, completos, coas súas mesas; outro pequeno que estaba na sancristía, con seis cadros de escultura, custodía e restos de altares e gornicións, para forma-lo maior coas imaxes de San Xoaquín e Santa Ana e un cadro do Agnus Dei sobre o libro, rodeado de anxos, colocado no centro; a imaxe de Nosa Señora da Mercé, dedicada á Virxe das Dores; un atril maior e dous menores para os libros de misa do altar; as dúas portas laterais da sancristía; a cruz procesional de metal cobreado, coa súa vara e gornicións; a caixa de prata do Viático, coa súa bolsa; cordón e mesa de corporais; un cáliz, patena e culler de prata dourada; tres albas de lenzo ordinario e un ornato completo de seda floreada.

San Fiz de Monfero: o fermoso retablo completo da Virxe da Cela, coa súa imaxe, vestidos de primeira e segunda clase, coroa, diadema e media lúa de prata, imaxes de San Bieito e San Bernardo, con báculo de prata, servicio da misa e altar, andas maiores e menores, mesas e dous candelabros de madeira, seis candeiros, o triangular, dúas arañas e unha lámpada de cobre, entregado todo por Frei Jerónimo Estévez; un terno completo de damasco negro e tres albas; os seis candeiros e maila súa cruz de metal, que estaban no altar maior do convento, e sete menores con varón de ferro; o retablo do Santísimo Cristo, cos seus catro anxos, imaxe maior do mesmo Crucifixo e menores de San Xoán Evanxelista e Magdalena ó pé da Cruz, e a de vulto de San Sebastián colocada no altar maior; a pedra de alabastro que estaba na sancristía nova; o balaústre ou enreixado de madeira, coas súas portas, do coro alto; as rodas co seu eixe, para as obras do mosteiro; a pía da auga bieita, de cantería; dous confesionarios maiores e dous atrás menores; a campá maior da torre do convento co seu badal, cepo e mailas ferraxes en uso; a urna do monumento, tenebrario, incensario e naveta de metal marelo; o palio, terno branco e negro completo, as súas fronteiras, catro albas, cáliz, dúas casulas, unha capa de coro, alfaias e gandos; catro bancos de respaldo maiores, do corpo da igrexa; a mesa abacial e catro bancos, que levaron á casa do concello; dous ciriais de folla de lata, con hastas de madeira pintadas, o hostiario ou ferros para face-las hostias. Recollera Frei Jerónimo Estévez: a diadema, corazón e espada de prata da Virxe das Dores; o viril, peso cinco libras, e mailo copón, que pesaba tres, ámbolos dous de prata dourada; o prato, viñateiras, campaiña e palmatoria de prata do servicio pontifical do santuario da Cela; varias roupas, ornamentos e cálices; e mesmo se apropiara da pedra do limiar da porta da igrexa para a cociña rectoral, das portas da igrexa que daban ós claustros para colocalas na casa, da pía da fonte da Cela para vertedeiro da cociña, e, coma se todo isto non abondara, aínda lles entregara a terceiras persoas unha mesa, tres bancos con respaldo, algúns roupeiros e caixóns de roupa, andeis de libros, parte do cadeirado e librería e reixas e varanda das tribunas.

Santa Cruz de Porzomillos: recibira do dito Estévez un terno completo de tisú branco floreado, con gornición dourada, e mailo viril pequeno que usaba o convento nas funcións de segunda clase.

Santiago de Franza: unha alba, amicto, cingulo de liño fino e casula completa con pano de cáliz e mesa de corporais de tisú floreado de ouro e prata e cáliz, patena e culler de

Historia de Pontedeume



Monfero: Interior do claustro baixo

prata dourada, de trinta onzas de peso, levado todo por Frei Hugo, conventual e escusador do citado Franza.

Don Silvestre López, presbítero de Cambás, levava da igrexa de Santa Xuliana, por orde do vicario, o precioso cadro do Nacemento do Señor e a súa Adoración. Don Pedro Buceta, ecónomo de Taboada, levava un cáliz, patena e cullerriña e encargou que se volvesen cando estes obxectos fosen reclamados. Don Tomás Couto, capelán de Canedo, parece ser que levava o cáliz e ornamento dun relixioso finado en Santa Xuliana. Don Juan Fernández Pardo, capitán de nacionais, levava para a súa capela de San Antonio de Carboeiro, en Irixoa, procedentes do oratorio do abade, un precioso ornamento de tisú floreado de ouro e prata, co seu cáliz, alba e misal e demais anexos, mesmo manteis de altar, candeeiros e cruz, así como tamén a maristela de prata do santuario da Cela.

Declárase ignora-lo paradoiro doutros moitos efectos pertencentes á igrexa e culto do convento.

Máis adiante tratárase de restablece-la comunidade de Monfero, empresa na que puxera especial interese o cardeal Payá, contando coa axuda moral e material do veciño de Pontedeume Don Rodrigo Pardo González, que profesaba especial devoción á Virxe da Cela, de quen solicitara protección con motivo dun naufraxio que sufrira na Marola.

O 27 de febreiro do ano 1882 chegara a Pontedeume, de camiño para Monfero, o P. Frei Manuel Antonio Díez, con cinco novicios. Estes saíran ó seguinte día para o seu destino e, o 7 de marzo, marchara aquel, acompañado do párroco de Pontedeume Don Celestino Pazos e mais de Don Rodrigo Pardo González. En Monfero saíralles ó encontro o coadxutor e habitante do convento Don Manuel Saborido García. O P. Díez recibiu do Sr. Pazos a posesión.

Veulles daquela a afección ós rapaces de Pontedeume de se iren ó convento, ata o punto de que marcharan catro o citado 7 de marzo e despois outros tres. Para evitar que fosen máis puxéronse atrancos, ben por falla de persoal para o ensino, xa que o P. Díez non os daba atendido a todos, ben por carencia de sitios onde durmir coas separacións precisas.

Vivira precariamente a incipiente comunidade e, segundo parece, non moi gustosa no medio daquelas ruínas, imposibles xa de restaurar e que non permitían ningunha comodidade. Dispuñan os relixiosos de recursos materiais

Historia de Pontedeume

abondos, e outorgáraselle a parroquia ó abade, que non se aviña co seu desempeño. Dérase por aquel tempo un terrible andazo de vexigas, que dera motivo á seguinte curiosa carta do P. Díez, ben reveladora do seu estado de ánimo un tanto apoucado, ó que, sen dúbida, tamén contribuía a desolación do mosteiro.

A ruína de Monfero ía moi avanzada, e o intento de restauración resultara inútil, quedando todo abandonado ó pouco tempo.

Monfero, 16 de marzo de 1882.

Sr. Don Rodrigo Pardo.

Muy Sr. mío y apreciable amigo:

El azote de la viruela ha sacudido un latigazo en esta zona, y son tantas las víctimas que hace que raro es el día que no se presentan dos féretros en esta dismantelada iglesia; la enfermedad no decrece, por el contrario, aumenta y recrudece, amenaza y el peligro está sobre nosotros; y si yo fuera prelado de esta casa y no tuviera el estorbo de la parroquia, que de nada me sirve y de mucho me perjudica, me haría fuerte con mis monjes y nadie penetraría en mis muros, pero aquí no se me envía otra cosa que los miasmas de un camposanto infestado; cien razones me asisten para quejarme y tocar con el grito en las nubes; yo no sé donde se encuentra la causa de la muerte; no la he tratado, no sé si en el aire que se respira o en el agua que se bebe o en el alimento que se toma; lo que sé que hay un diezmo en los invadidos. Catorce son los súbditos que tengo, y abrigo serios temores si seguimos en las condiciones de hoy; si el novicio sacristán ha de concurrir con el Viático o Unciones con el Sr. Saborido, desde luego nos han de regalar la epidemia y acaso el gaje de la muerte; este es el lenguaje de un monje que ya ha cerrado el libro de la experiencia y que ya ninguno le puede enseñar más; el mismo Saborido puede esparcirnos la muerte, sin ser causa de ello, acarreándola del lecho del paciente, envolviéndola entre sus ropas; yo mismo me he de revestir con sus ropas sagradas, y ¿por qué he de ser yo víctima de esa imprudencia, haciendo yo tanta falta en mi orden a mis hijos y a mis hijas, que soy la única esperanza de todo? Así he dispuesto desalojar este edificio enviando a los pequeños, a esa víctima más próximos acaso, y después enviar los mayores a Samos, para precaverles acaso de una muerte cierta.

Jamás me abandonó la prudencia, y en estos momentos me anima; he sabido ser prelado y también hombre de gobierno; sin embargo, por de pronto he prohibido entrar ningún cadáver en la iglesia, apoyado en las reales órdenes e instrucciones vigentes sobre la materia; muchos son los estorbos que se presentan a nuestra empresa; yo nunca sucumbiría si encontrase apoyo, si las cosas fueren verdad y si el monasterio e iglesia se hubiese entregado a los monjes; pero aquí son dos jurisdicciones opuestas, y por eso no puede haber uniformidad, y como la vida es lo más interesante para el hombre, porque sin ella no se adquiere el Cielo, estamos en el deber de conservarla; yo presentaba mi orden en apoyo y Monfero adelantaba a paso de gigante; pero el temor ha seguido y me ha alcanzado, y tocando a mi hombro, me ha dicho "hoy tienes catorce; cuéntalos y verás mañana los que te faltan", y antes de que esto me suceda alejo a los pequeños con alto sentimiento mío y preparo los mayores para salvarlos y me quedo al frente para luchar con la muerte y el peligro. Mi camino está andado, y, por consiguiente, sorteo el peligro; yo seré abad y superior de este monasterio, pero no quiero parroquia; jamás he vivido de carne muerta como los grajos y ni tampoco me he mantenido con el "Dominos vobiscum". Quiero tener monjes, quiero enseñar, quiero vivir como vive la Compañía de Jesús con esos medios libres e ilustradores. Así Monfero será lo que V. desea, así habrá monjes, beneficencia, colegio y cuanto puede apeteecer; pero conforme estamos hoy, todo es imposible. No quiero molestar a V. más, y lea detenidamente mi carta, que aquí le digo lo que esto es hoy y lo que puede ser mañana; los monjes son solitarios de Dios y sus monasterios las universidades del mundo. Toda la gente que tengo hoy es buena y suficiente para ir más allá de los esfuerzos de Don Rodrigo, y son muchos, porque yo los que deseo son malos y hacerlos buenos en el claustro. Jesucristo cuando eligió a San Pablo no eligió a un tonto; eligió un hombre sutil. Apeles no domesticaba ovejas; domesticaba lobos; así, envíeme V. lo más malo que yo así lo tendré un colmo de bienes. Don Rodrigo, la viruela nos ha perdido, y si nos invade, no tenemos médico ni para el médico, ni botica ni para la botica; hay que morir como salvajes. Triste cosa a los sesenta y siete años ser un ciego que conduce a otros ciegos y que tropezando en un cadáver todos fuimos para el precipicio. En fin, Dios sobre todo y también sobre las torres de Monfero, debajo de las cuales habita el más atribulado de sus amigos.-

El Abad.

S E G U N D A
P A R T E

A C A S A D E A N D R A D E A T A A
S Ú A F U S I Ó N C O A D E L E M O S

CAPÍTULO I
INDICACIONES
XERAIS

- I. FERNÁN PÉREZ O BÓO E OS SEUS SUCESTORES.-
- II. OS SEÑORES DE ANDRADE E A HISTORIA DE PONTEDEUME.-
- III. ORIXE DESTA CASA.-
- IV. A SÚA IMPORTANCIA.-

Historia de Pontedeume

I. FERNÁN PÉREZ *o Bóo* E OS SEUS SUCESTORES

A casa de Andrade non aquire verdadeira notoriedade ata Fernán Pérez *o Bóo*, despois das doazóns que lle fixera Enrique II de Trastámara dos señoríos de Ferrol e Pontedeume, con tódalas súas aldeas, termos e xurisdicións, segundo o privilexio de 19 de decembro do ano 1371, e así mesmo do señorío de Vilalba, cedido o 3 de agosto do 1373.

Os señores que sucederon a Fernán Pérez ata o entroncamento desta casa coa de Lemos, foron, sucesivamente, os seguintes:

Pedro Fernández de Andrade, sobriño do anterior.

*Nuno Fernández de Andrade **o Mao**, fillo deste.*

Pedro Fernández de Andrade II, fillo do precedente.

Dona María de Andrade, filla de Pedro Fernández.

Fernán Pérez II, tío de Dona María.

Diego de Andrade, fillo de Fernán Pérez.

E Don Fernando de Andrade, fillo de Diego de Andrade.

Don Fernando de Andrade tivera a Dona Tereixa de Andrade, na que, por medio do seu casamento con Don Fernando Ruíz de Castro Osorio, primeiro marqués de Sarria e máis adiante conde de Lemos, entronca esta casa coa dos Andrade, fundíndose as dúas en Don Pedro de Castro Andrade, fillo do de Castro e Dona Tereixa, quen non chegara a herda-lo señorío de seu pai porque morrera en vida deste.

Esta é a lista exacta dos oito señores que tivera a casa de Andrade mentres existira independentemente, sen se fusionar, contando a partir do parcial de Don Enrique *el de las Mercedes*.

A presente relación non cadra coas noticias que dan algúns historiadores, dando creto ás contidas nos **Nobiliarios** que, polo que a este particular toca, teñen moi pouco valor¹¹¹.

111.- Formamos esta lista seguindo a DON CÉSAR VÁAMONDE LORES en **Ferrol y Puente deume**, que fixara a cronoloxía exacta dos señores de Andrade, ata o daquela descoñecida.

II. OS SEÑORES DE ANDRADE E A HISTORIA DE PONTEDEUME

A historia dos señores da casa de Andrade, a partir de Fernán Pérez o Bóo, constitúe o cerne esencial da historia de Pontedeume.

A nosa vila vive tan intimamente unida a esa casa e florece tanto á sombra dela que, ó se fundi-la familia de Andrade coa de Lemos, asentando noutro lugar, Pontedeume esmorece visiblemente e para queda, no tanto que outras localidades próximas e de menor nome adquiren unha meirande prosperidade.

O esplendor do señorío doado polo de Trastamara vén se-lo esplendor dos seus sucesivos señores. Eles eran a base principal da vida toda desa bisbarra.

Ó deixa-la terra eumesa tan importantes persoeiros do feudalismo galego, a vida de Pontedeume tivo que se limitar ós únicos elementos que atopaba no campo e mais no mar.

O que sucedera coa nosa vila é, neste aspecto, unha reprodución deses casos, tan repetidos na historia, de localidades nas que se paraliza a vida ou que van esmorecendo, porque mudan radicalmente, segundo a natureza diversa dos tempos, as condicións que esas colectividades precisan para se desenvolver.

Perdidos os factores que determinaran a súa prosperidade na Idade Media, Pontedeume entra nos tempos modernos sen ser quen de substituír aqueles factores por outros novos. Por iso, desque pasara a época do dominio directo da casa de Andrade, vémolos deterse e non realizar progresos importantes.

III. ORIXE DESTA CASA

Ata Fernán Pérez o **Bóo** pouco interese teñen para nós os anteriores personaxes da casa de Andrade.

É imposible precisar as orixes desta familia, se cadra a máis ilustre de Galicia no período feudal. *“Temos para nós -di o Sr. Murguía¹¹²- que era unha daquelas das que as súas orixes se perden na mourenza dos tempos e das que as súas raíces afondan tanto no chan da patria, que non se enganaría moito o que dixese que era, naquel tempo, a máis xenuína representante das antigas dinastías celtas e, polo tanto, nacionais; e mesmo que viña directamente da que asentara no país das dúas Mariñas e amplo territorio de Bergantiños.”*

Comentando este autor¹¹³, a propósito da antigüidade da casa de Andrade, o feito de ter esta escollido por divisa ó xabarín, lembra que Costa, no seu **Mitología y literatura celto-hispana**, ó falar de certas tribos españolas que, segundo Strabón, se mantiñan con landras as dúas terceiras partes do ano, adiantábase a indicar que *“se cadra por isto sexa símbolo da raza céltica a aciñeira e mailo cocho que se mantén do seu froito”*. *“Se o distinguido escritor soubese -apunta o Sr. Murguía- que os Andrade tiñan por símbolo ó xabarín, non deixaría de aproveita-la noticia para dar máis forza ás súas opinións; e aínda que, como é ben doado advertir, a adopción do símbolo fora o que se di cousa a posteriori, vese ben que non procederon ás cegas, e si obedecendo á tradición ou, se mellor se quere, á sabedoría popular.”*

Xa noutro lugar apuntáramos que os xenealoxistas fan derivar ós Andrade de Bermudo Pérez de Traba, fillo do ilustre conde Don Pedro Froila.

112.- Galicia,
páxs. 1157-1158.

113.- Op. cit. páx. 1158, nota.

IV. A SÚA IMPORTANCIA

A historia da casa de Andrade é moi brillante, aínda que en moitos dos seus puntos non se coñeza dabondo.

“Unha verdadeira historia da casa de Andrade -escribe o Sr. Murguía¹¹⁴- mellor aínda ca de Lemos, malia ser tan interesante, explicaría moitos puntos escuros da nosa historia provincial.”

“Se houbese luz posible que alumase os seus limbos -apunta máis adiante-, se polo momento se fixesen patentes os seus gloriosos anais, as tebras que agachan tanto os antigos coma os primeiros e dolorosos séculos da reconquista do país galego xa se terían aclarado.”

Polo que toca ó importante papel da casa de Traba, unha coa de Andrade, non soamente no que se refire á historia da rexión, senón mesmo para a historia de España, xa sabemos como os membros de tan sonada familia estiveran en varias ocasións emparentados con reis e unidos a emperadores, e como interviran no goberno de Portugal, e loitaran cos mouros en Galicia e fóra dela, e formaran nas expedicións a Terra Santa. Nos levantamentos feudais do século XV figuran seguido os Andrade, e no século XVI toman parte nas guerras de Italia e obteñen os máis sinalados privilexios de reis e pontífices, aparecendo así ligados ós grandes acontecementos de España.

Unida a casa de Andrade coa de Lemos, rival doutros tempos, *“ben axiña -di Murguía¹¹⁵- desertara do vello fogar; abandonando para sempre o sagrado chan no que botara raíces durante longas xeracións. Ben axiña tamén -ó xeito daqueles abondosos ríos que ó se introducir no mar perden caudal e nome- ó procurar máis amplo escenario para as súas fazañas, perderon os de Andrade o seu glorioso apelido e maila súa personalidade doutros tempos”*.

Así vemos que por causa do casamento de Dona Tereixa de Andrade con Don Fernando Ruiz de Castro Osorio de Portugal, primeiro marqués de Sarria, engadiran o título do dito marquesado, e a seguir, no reinado de Carlos I de España, entra a casa de Andrade a formar parte da de

114.- Op. cit. páx. 1158.

115.- Op. cit., páx. 1159.

Indicacions xerais

Lemos, seguindo con este título por moitos anos, ata que, nestes últimos tempos, se incorpora coa do actual duque de Alba.

A CASA DE ANDRADE ATA A
SÚA FUSIÓN COA DE LEMOS

CAPÍTULO II
FERNÁN PÉREZ
‘O BÓO’

- I. NOTICIAS XENEALÓXICAS.-
- II. DOAZÓN DOS SEÑORÍOS DE PONTEDEUME,-
FERROL E VILALBA.-
- III. O FRATRICIDIO DE MONTIEL.-
- IV. BENEFICIOS DO DE ANDRADE ÓS SEUS ESTADOS.-
- V. A SÚA INTRUSIÓN NOS BENS DOS RELIXIOSOS.-
- VI. FEITOS DE ARMAS DE FERNÁN PÉREZ.-
- VII. A SÚA PERSONALIDADE NOUTROS ASPECTOS.-
VIII. O SEU PASAMENTO.-
- IX. A PONTE DE PONTEDEUME E MAILAS DE PONTE DO PORCO, XUBIA E SIGÜEIRO.-
X. A TORRE E MAILLO ALCÁZAR DE PONTEDEUME.-
XI. O CASTELO DE ANDRADE.-
XII. O CASTELO DE MOECHE.-
XIII. O CASTELO DE NARAÍO.-
XIV. O CASTELO DE VILALBA.-
- XV. AS IGREXAS DE SANTA MARÍA DO AZOUGUE E SANTIAGO E MAILLO CONVENTO DE SAN FRANCISCO
NA CIDADE DE BETANZOS.
XVI.- MONTEFARO E CHANTEIRO.-
- XVII. O CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE FERROL.

Historia de Pontedeume

I. NOTICIAS XENEALÓGICAS

Fernán Pérez de Andrade **o Bóo**, primeiro señor de Pontedeume, fora fillo de Roi Freire de Andrade e de Inés González de Soutomaior. Así consta nunha escritura outorgada a aquela vila o día 2 de febreiro do ano 1395, confirmación doutra do 21 de marzo do ano 1373, polas que se doaran ó mosteiro de Monfero as facendas que tiña en Súa e noutras partes da bisbarra de Ortigueira. Por liña paterna era neto de Xoán Freire¹¹⁶.

De Roi Freire de Andrade refire Vasco da Ponte¹¹⁷ que por que a súa casa comezara a prevalecer, andaba a guerrear frecuentemente con outro nobre, algo parente de seu, chamado Gil Rodríguez de Lago ou Gil Pérez de Lago, que tiña moito señorío de vasalos, e que dunha vez fora cerca-la casa do pai de Fernán Pérez e a lle reclamar ó seu fillo, pois este burlárase do de Lago; e como Roi Freire vise que viña contra del de tal xeito, colleu moito medo e dixo que o seu fillo non estaba na casa ou fortaleza, conseguindo así que se retirase o ofendido cabaleiro, mais non sen deixalo ameazado.

Roi Freire de Andrade outorgara testamento no ano 1362¹¹⁸, declarando herdeiros de seu, a máis de Fernán Pérez, a outros cinco fillos, que eran Nuno Freire, mestre de Christus ou da Orde de Cristo de Portugal, Xoán Freire, Lopo Núñez, Marina Peláez y Sancha Núñez.

Estas son as noticias certas máis importantes que nos foi dado recoller sobre a xenealoxía de Fernán Pérez **o Bóo**.

II. DOAZÓN DOS SEÑORÍOS DE PONTEDEUME, FERROL E VILALBA

Fernán Pérez era o amo dun moi amplo señorío. Así nolo di o seu célebre capelán Fernán Martís, que por mandado del e para o seu uso copiu en galego a **Crónica Troiana**, atribuída a Benoist de Saint More¹¹⁹. Nesta copia sinala intere-

116.- **Ferrol y Puente-deume**, por CÉSAR VAA-MONDE LORES, páx. 76.

117.- **Casas y linajes del reino de Galicia**. Casa de Lago. Desta crónica de VASCO DA PONTE coñécense tres edicións: a primeira é a de Vicetto, apéndice ó t. VI da súa **Historia de Galicia** (Ferrol, 1872), páxs. 404-485; a de Don Bernardo Barreiro de W, reprodución da anterior, na revista “Galicia Diplomática”, que dirixira en Santiago, t. IV, núms. 4 ó 25; y maila da “Revista de Historia y Genealogía española”, que fixera unha separata (Madrid, 1918). Sempre que teñamos que citar esta crónica valerémonos da transcripción de Vicetto, que consideramos a máis exacta.

118.- Publicara un traslado de dúas cláusulas deste testamento, cun gravado, don ANTONIO A. REY ESCARIZ, no t.I da **Colección de documentos históricos** do “Boletín da Real Academia Galega”, páxs. 66-69.

119.- Publicouno DON ANDRÉS MARTÍNEZ SALAZAR, en dous tomos en folio, con vocabulario, precedida duns apuntes gramaticais por MANUEL R. RODRÍGUEZ (Coruña, 1900).

Historia de Pontedeume

santísmas noticias referentes ó seu señor. Velaquí algunhas delas:

“Et sabede que este fernã perez foy fillo de Roy freire dandrade et por muy creede de çerto que aeste tenpo que este liuru foy scripto que este fernã perez era omellor hom que auia entonce en galiza dos condes ou rrico homes afora. Et sabede que el aeste tenpo era hom de duzetos homes de caualo armados a todo punto. Et era señor da uila da Cruña et da uila de Betãços. et da pont deum. Et ferrol et apont deum derallas el rrey por sua herdade, et outrossi tâben era señor de neda et de çedeira. et de sta marta et de Viueyro et de uillalua et de todos seus terminos de todas estas uilas et lugares et tâ ben das terras chaas en todas estas comarquas...”¹²⁰.

Por privilexio, datado en Burgos o 19 de decembro do 1371, Don Enrique II, chamado **el de Trastamara e de las Mercedes**, fixera doazón a Fernán Pérez de Andrade, polos seus *“muchos e buenos e leales e grandes servicios”*, dos señoríos de Pontedeume e Ferrol, *“con sus términos e con sus aldeas e jurisdicciones, e con montes e prados e pastos e agoas corrientes e non corrientes, e con todas las rentas e derechos que nos habemos e nos pertenecen haber en los dichos logares e aldeas e términos e en cada uno de ellos, e con la justicia alta e baja, e para que los podades vender e empeñar e dar e trocar e enajenar e facer de ellos e en ellos todo lo que vos quisierdes, como de vuestra casa propia, pero que non lo podades facer con hombre de orden nin de religión nin de fuera de vuestro señorío sin nuestra licencia e sin nuestro mandado”*, retendo para a coroa os *“mineros de oro e de plata o de otro cualquier metal si los hi hay, e alcabalas e monedas e tercias”*, e mandando tamén que *“nos acojades en los dichos lugares e en cada uno de ellos cada que ahí llegaremos irados é pagados, con pocos e con muchos, e que fagades guerra por nuestro mandado”* segundo era costume¹²¹.

120.- Op. cit., t. I, páx. 12.

121.- Publica todo o documento VICETTO, **Historia de Galicia**, t. V, páxs. 368-370 (Ferrol, 1872).

122.- Publica o documento íntegro VICETTO, op. cit. t. V, páxs. 378-381.

123.- CATALINA Y GARCÍA, **Castilla y León durante los reinados de Pedro I, Enrique II, Juan I y Enrique III**, t. I, apéndices, páx. 149, núm. 3.

Por outro privilexio datado tamén en Burgos o 3 de agosto do ano 1373, faille mercé o tal Don Enrique do señorío de Vilalba, que *“fue de Don Fernando de Castro”*, en termos semellantes ós da cesión anterior¹²².

Fernán Pérez recibira anteriormente varias doazóns de Pedro **el Cruel**. Unha delas fora a freguesía de Santa María de Recimil e outros bens, o 12 de abril do 1356, estando Don Pedro en Monforte de Lemos, vila que era de Don Fernando de Castro¹²³, e outra, a máis importante, que se efectuara en Murviedro, o 1 de maio do 1364, concedéndolle *“por juro de heredade, para siempre jamás, las feligresías de Villalba,*

Puente Deume et Santa María de Narahío”, doazón na que se invocan os “*muchos, buenos et leales servicios que me habedes fecho et facedes de cada día*”¹²⁴.

Fernán Pérez acompañara no mesmo ano ó rei Don Pedro na súa expedición a Aragón, e sen dúbida o monarca, coa doazón ultimamente citada, quixera recompensa-los servicios que daquela lle prestara, e, se cadra, outros máis dos que non se ten referencia.

Vemos, xa que logo, que Fernán Pérez, de quen a lealdade para con Don Enrique está por todos recoñecida e louvada, xa se significara, non obstante, primeiro a favor de Don Pedro, a quen debeu axudar moito vistas as sinaladas recompensas que lle outorgara. O de Andrade, respondendo ó carácter daqueles duros tempos nos que a inconstancia dos nobres e os seus propósitos de atender sobre todo a facer medra-los seus dominios levaba a que, sen escrúpulo, mudasen de señor pasando ó bando que máis lles prometía, non podía ser unha excepción, e así non hai razón para censuralo. A veleidade non era del, era da súa época, do medio que o rodeaba.

Dise que, declarado xa Fernán Pérez decidido partidario de Don Enrique **el Bastardo**, acolléao na torre de Andrade dunha volta que andaba fuxindo de Don Pedro, que pretendía matalo, e que lle facilitara unha nave para que, coas súas xentes de armas, embarcase en Ferrol, desde onde o acompañara a Asturias e dalí a Biscaia, seguindo despois por mar deica La Rochelle para se alistar alí Don Enrique baixo as bandeiras do rei de Francia, que estaba en guerra con Inglaterra, recibindo soldo del. E engade a tradición que o pai de Fernán Pérez, Roi Freire das Mariñas, cando vira partir ó seu fillo na compañía de Don Enrique, exclamara: “*Se bóo, que bóo compañeiro levas*”¹²⁵. E disto se quere facer arrinca-lo alcume de o Bóo co que a historia o coñece e ó que se fixera merecente por dedicar unha grande parte das súas rendas á creación e sostemento de importantes obras de utilidade pública.

O episodio antes relatado non se corresponde coas doazóns que o de Andrade recibira de Don Pedro **el Cruel**. Este, que impuxera terribles castigos aínda a persoas levemente sospeitosas de amizade co Bastardo, ¿como había perdoar a Fernán Pérez a protección dada a Don Enrique, e aínda favorecerlo con importantes concesións? Só se Don Pedro ignorase todo, cousa non moi probable aínda que posible. Polo demais, o tempo no que o de Andrade se declarara

124.- CATALINA Y GARCÍA, op. cit., t. I, apéndice 1, núm. 319.

125.- Esta frase servira de lema a un romance histórico que se titula **Andrade el bueno**, do que é autor DON VICTORINO NOVO Y GARCÍA, e que fora premiado nos Xogos Florais da Coruña organizados polo Liceo “Bretón de los Herreros”, o 2 de xullo do ano 1877. Inclúese no libro deste autor **Romancero de Galicia** (Coruña, 1887).

Historia de Pontedeume

abertamente partidario de Don Enrique, acompañándoo nas súas loitas contra Don Pedro e mailos seus parciais, non consta de xeito evidente que sexa anterior ós privilexios que o dito Don Pedro lle outorgara, polo que estes non se fan xa tan estraños.

De tódolos xeitos, a explicación satisfactoria das tantas veces citadas doazóns de Don Pedro constitúe un dos puntos máis escuros da biografía de Fernán Pérez.

III. O FRATICIDIO DE MONTIEL

Unha tradición, moi discutida, coloca ó de Andrade na cruenta traxedia de Montiel (23 de marzo do 1369) que serve de epílogo ó turbulento reinado de Don Pedro I, axudando a Don Enrique na morte de seu irmán. Dise que fora Fernán Pérez e non o aventureiro bretón Du Guesclín, quen, estando Don Pedro loitando con Don Enrique, fora en axuda deste, pronunciando aquelas famosas palabras: **No quito ni pongo rey, pero ayudo a mi señor**, palabras que, a primeira vista, poden parecer máis propias en boca do de Andrade que non na do ambicioso cabaleiro francés.

En paga da amizade que lle profesara o de Andrade e en atención, sobre todo, á axuda que este lle prestara nunhas circunstancias tan críticas, asegúrase que Don Enrique, xa no trono de Castela, favorecera amplamente a Fernán Pérez, outorgándolle tódolos señoríos antes citados e mesmo concedéndolle a mercé de que puidese facer moeda.

Cre Martínez Salazar¹²⁶ que este privilexio é de todo inadmisíble, pois non hai constancia de que Enrique II fixera tal con ninguén. Así e todo, falouse insistentemente de moedas de coiro cuñadas por Fernán Pérez, e aínda que esta cuñación non se ten comprobado, non hai dúbida de que esta caste de moedas circulara en Galicia nos séculos XIII e XIV, atopándose algunhas delas en distintos puntos, entre eles preto de Monfero¹²⁷; tamén se cita unha moeda de ouro daquel persoeiro, que a tiña un veciño da Coruña¹²⁸.

Os historiadores galegos non queren admitir para Fernán Pérez a negra mancha de Montiel, e o certo é que a razón está da parte deles¹²⁹.

126.- Vid. **Las doblas de Fernán Pérez**, no “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. I, 2ª edic., páxs. 15-23.

127.- Un veciño de Gulfar, freguesía de Viña (Irixoa) tiña dúas moedas de coiro; no lugar de Torres, parroquia deste nome (Monfero), na parede dunha casa, aparecera unha pota con moedas destas.

A estes achados non se lles dera importancia, por careceren de valor intrínseco e mais pola ignorancia dos interesados (Vid. **Monedas de cuero**, por MANUEL VÁZQUEZ SELJAS, “Bol. da Real. Acad. Gal.”, t. XXI, páxs. 15-17).

128.- Este veciño era Don José Yáñez, que -conta TET- TAMANCY en **Diego de Samboulo**, pág. 69, nota- lla amosara a Don Manuel Murguía, Don Eugenio Carré Aldao e mais ó citado escritor, considerándoa Murguía como lexítima e das fabricadas por Fernán Pérez. Don César Vaamonde aseguraba tamén que este persoeiro cuñara moeda.

129.- Vid. no **Album histórico, científico y literario de Galicia**, publicado por “El Correo Gallego” (Ferrol, 1883) un notable traballo de DON VICTORINO NOVO Y GARCÍA, co título de **Vindicación de Andrade “o Bóo”**, que formaba parte dunha Historia de Ferrol, en publicación naquel tempo.

Ata o século XIV nada din as historias nin crónicas no que toca á intervención do de Andrade en Montiel a favor de Don Enrique. A acusación contra Fernán Pérez parece que se formulara por primeira vez nesta época, na **Descripción del Reino de Galicia** que publicara o licenciado Molina no ano 1550, na que se le:

*“La casa de Andrade, también os lo digo,
porque su hecho también se publique,
que un muy privado del rey Don Enrique,
contra Don Pedro, su hermano y abrigo,
en una batalla le fué tal amigo,
que viéndole estar caído, le quiso
dar tal ayuda, socorro y aviso,
que, dando la vuelta, mató su enemigo.”*

“Este linaje de los Andrade es de los más ilustres deste reino, y entre ellos ovo aquel buen caballero que llamaron Fernán Pérez de Andrade el Bueno, el cual, siendo muy privado del rey Don Enrique el Bastardo, en una batalla y desafío que persona por persona ovo este rey Don Enrique con el rey Don Pedro su hermano, estando caído en tierra el Don Enrique, y Don Pedro sobre él, ya para le matar, se halló allí este Fernán Pérez, el cual diciendo: “Yo no quito rey ni pongo rey, mas ayudo a mi señor”, tomó el brazo al Don Enrique, el cual, dando la vuelta sobre su enemigo y hermano el rey Don Pedro, le mató; y por este tan buen hecho le dió el rey Don Enrique las villas de Puentes Deume y Ferrol y otras muchas tierras deste reino.”

Cómpre salientar que acontecendo o suceso de Montiel no ano 1369, pasan nada menos que dous séculos ata que se fala por primeira vez da intervención do de Andrade no drama.

A antes citada afirmación do Licenciado Molina, de todo gratuíta, pasou sen protesta ata moitos anos despois; e non falta quen participase do erro, crendo se cadra que con el, igual que o crera Molina, engadía un timbre de gloria máis á casa de Andrade.

Non se pode admiti-lo afirmado por Molina, porque, en primeiro termo, a fazaña de Montiel non cadra co carácter nobre e cabaleiroso que unanimemente se lle recoñece ó noso heroe, e mais porque, en segundo termo, mentres os cronistas contemporáneos nada consignan que poida lixa-la honra do de Andrade, pasan preto de douscentos anos ata que, por primeira vez, se lle considera autor da fazaña.

Non cabe dúbida de que Molina, ó calificar de “*tan buen hecho*” a suposta intervención de Fernán Pérez, quixo

Historia de Pontedeume

sobrancea-la súa gloria, con lixeireza semellante á que levára a un autor anónimo catalán, contemporáneo dos acontecementos e citado por Zurita nunha nota posta na **Crónica de Ayala**, ata o punto de afirmar que o aragonés “*Vizconde de Rocaberti dió un golpe de la daga al rey Don Pedro, e le trastornó de la otra parte, y el rey Don Enrique estuvo sobre él y le mató*”.

Case tódolos historiadores españois, e mesmo os estranxeiros, están de acordo en indicar como autor da axuda dada a Don Enrique, aínda que non o afirmen tallantemente, agás o señor Lafuente, ó aventureiro francés Beltrán Du Guesclin.

¿Fora, certamente, Du Guesclin o autor da traición referida?

É esta unha cuestión que non nos toca a nós resolver, aínda que nos inclinemos máis ben cara a unha resposta afirmativa. Beltrán Du Guesclin era, ó cabo, un soldado mercenario que, por cartos, servía a Don Enrique, como o servían por cartos todos cantos formaban nas hostes do francés. Por outra banda, vencedor Don Pedro, todo estaría perdido para o aventureiro bretón. ¿Que ten, xa que logo, de raro que este axudase ó seu señor Don Enrique, para facerse coas mercés prometidas, que, ó cabo, acabou vendendo por 240.000 dobróns, para se retirar á súa patria?.

IV. BENEFICIOS DO DE ANDRADE ÓS SEUS ESTADOS

Tantos foron os beneficios que fixo o de Andrade ós seus estados, que se proclamara del aquela lenda segundo a que “*edificara sete igrexas e sete mosteiros e sete pontes en sete ríos caudalosos e sete hospitais*”.

A historia non chega tanto aló como a lenda; pero, no que a isto toca, o certo é que non queda moito atrás. Sábese, en efecto, que gracias ó de Andrade fixéranse, entre outras, as seguintes importantísimas obras: as pontes de Pontedeume, Ponte do Porco, Xubia e Sigüeiro; unha capela na ponte de Pontedeume con fundación de misas pola alma do rei Don Enrique e un hospital no que se puidesen acoller os pobres que por alí pasasen; a torre e mailo alcázar de

Pontedeume; os castelos de Andrade, Moeche, Naraio e Vilalba; grande parte das igrexas de Santa María do Azougue e de Santiago en Betanzos e mailo convento de San Francisco nesa mesma cidade; o convento de Montefaro e maila ermida de Chanteiro, e o convento de San Francisco de Ferrol, dotando, ademais, espléndidamente, ás institucións piadosas por el fundadas e facendo doazóns a algúns mosteiros, como o de Monfero, de abondosas rendas e propiedades.

Por estes feitos, a historia do primeiro señor de Pontedeume ten unha importancia excepcional; e, por iso, xa nos ocuparemos máis adiante e co debido detalle das citadas obras.

A prodigalidade de Fernán Pérez fundando casas de relixión e enriquecéndoas xenerosamente, e concedendo, ademais, abondosos bens no favor doutras, se cadra fose motivada pola intención de restituirlles ás ordes monásticas os bens que, en distintas ocasións, lles arrebatara.

Favorecera especialmente, como xa se dixo, ó mosteiro de Monfero, ó que cedera tódalas súas inmensas fincas de Ortigueira para o establecemento da granxa que despois se chamou de Sáa. *“Levárase a cabo esta cesión -di o Sr. Vaamonde Lores¹³⁰- por escritura do 21 de marzo do ano 1373; mais como o abade non cumprise co estipulado nela, por outra, outorgada en Pontedeume o 2 de febreiro do ano 1395, pola súa devoción e pola súa ánima, confirmara Fernán Pérez e dera outra vez ó mosteiro tódolos bens e xuros que tiña en terra de Santa Marta e o demais que constaba na primitiva escritura, coa condición de que o dito abade fundase alí unha graña e puxese nela un monxe para o coidado e bo goberno da súa facenda, dándolle tanto gando grande e miúdo para que o monxe quedase contento; que había, así mesmo, plantar viñas; que os bens expresados -indícaos- non poderían ser vendidos, empeñados, trocados, cedidos nin arrendados; que de non cumpri-lo referido abade co contido na escritura, fose esta nula”*. Esta doazón levaba canda ela a obriga de dicir cada día unha misa rezada pola alma de Fernán Pérez e maila súa muller Sancha Rodríguez, e tamén polo rei Don Enrique, o que se veu facendo ata o século XVIII.

Outra doazón a Monfero, anterior á expresada, é a que Fernán Pérez e maila súa muller Dona Sancha efectuaron por escritura do ano 1370, na que, ademais da granxa de Santa Marta, ceden o couto de Santo Tirso de Ambroa, coa súa

130.- Ferrol y Puente deume, páx. 85.

Historia de Pontedeume

xurisdicción, tomando o abade de Monfero posesión destes bens e celebrando audiencia pública no mencionado couto.

V. A SÚA INSTRUSIÓN NOS BENS DOS RELIXIOSOS

Grande parte das riquezas do de Andrade teñen unha orixe non moi loable, por certo. Sen outra razón que non fose a da forza apoderárase dos coutos, granxas e bens de varios mosteiros, apurando a súa ruína.

Nunha real cédula expedida polo rei Don Juan I en Medina del Campo o 23 de decembro do 1380¹³¹ dise que Fernán Pérez tiña en encomenda, contra a vontade do abade e convento de Sobrado, as seguintes propiedades que ó convento pertencían: o couto de San Paio de Aranga, parroquia do concello deste nome no partido de Betanzos; o couto de Cambás, parroquia deste concello de Aranga; o couto de Cerdelo, lugar da parroquia de San Cristovo de Muniferral, no referido concello; o couto e granxa de Nogueirosa; a granxa de Carballo Torto na citada parroquia de Aranga, e así outras granxas e lugares do dito mosteiro.

Fora expedida esta real cédula por causa de acudir Frei Juan Lorenzo, **soprior** de Sobrado, no nome do abade Don Frei Fernando, ós xuíces nomeados polo rei Don Juan I, a teor das Cortes celebradas en Soria no ano 1380, querelándose de varios cabaleiros, entre eles o de Andrade, que lles usurpaban os bens, e dictando sentenza estes xuíces pola que se mandaba deixar libres e desembargados os bens do mosteiro. Nesta real cédula cominábase con 6.000 maravedís de multa a cada cabaleiro se non se cumprisen os termos da sentenza.

Fernán Pérez, por virtude da real cédula xa citada, deixara libres e desembargadas as propiedades antesditas, agás as que pertencían á granxa de Nogueirosa e mais ó seu couto, pois desta soamente cedera o de menos valor.

E non só se apoderara Fernán Pérez dos coutos, granxas e bens de moitos mosteiros, como xa vimos que fixera coas mencionadas propiedades de Sobrado, senón que mesmo chegara a se apoderar das igrexas e casas relixiosas dalgúns deles. Así vemos que noutra real cédula de Juan I,

131.- Publicouna DON CÉSAR VAAMONDE LORES, no t. I da **Colección de documentos históricos** do "Bol. da Real Acad. Gal.", páxs. 235-239.

expedida nese ano do 1380, mándaselle deixar libres e desembargados ó abade de Bergondo o couto e vasalos do seu mosteiro e mesmo o propio mosteiro.

Por causa disto non faltara quen discutira a Fernán Pérez o alcuño de **o Bóo** co que o seu nome chegou ata nós. Ben se lle pode, así e todo, perdoar aquela falta, dados os costumes da época -e desculpable ata certo punto, diante do medo ó excesivo poderío que ían adquirindo os frades- en atención ó excelente uso que dera ás súas rendas e propiedades¹³².

VI. FEITOS DE ARMAS DE FERNÁN PÉREZ

Moitas son as empresas guerreiras nas que os historia-dores fan intervir a Fernán Pérez **o Bóo**.

Fiel á súa amizade con Don Enrique de Trastamara, loitara, no ano 1366, contra Don Fernando de Castro, da casa de Lemos, e parcial de Don Pedro el Cruel, diante dos muros de Lugo, desexoso de conquistar esta praza para o Bastardo¹³³. E, como di un poeta¹³⁴,

*“... allí en la sangrienta liza
al hallarse dos gallegos,
por no prolongar la lucha
ni ensangrentar más el suelo,
se alejó el uno del muro
y aquietó el otro su acero,
y los dos para la historia
una página escribieron.”*

Aludindo a este episodio escribe o cronista Ayala¹³⁵:

“ El rey Don Enrique tuvo cercado dos meses a Don Fernando de Castro en la cibdad de Lugo; e vino con el rey el marqués de Villena e el prior de San Juan e el conde Don Alonso; e todos los de Galicia tomaron voz por el rey Don Enrique.

“E Don Fernando de Castro ovo su pleitesía con el rey de esta manera:

“1º.- Que si el rey Don Pedro non le acorriese el día de Pascua de Resurreccion que era fasta cinco meses, que Don Fernando le dejase el regno e que todas las fortalezas que tenía las entregase al rey Don Enrique.

132.- Vid. CÉSAR VAA-MONDE LORES, **Ferrol y Peuentedeume**, páxs. 45-49.

133.- Este episodio servira ó inspirado poeta lugués AURELIANO J. PEREIRA de argumento para un romance histórico, **Los dos Fernandos**, que forma parte do **Romancero de Lugo**, obra premiada no certame da Asociación de Escritores e Artistas desa cidade no 1891.

134.- VICTORINO NOVO Y GARCÍA, no romance **Andrade el Bueno**.

135.- Cit. por VICETTO, **Historia de Galicia**, t. I, pág. 357.

Historia de Pontedeume

136.- “A entrada do rei lusitano na Coruña fora moi solemne. Tan axiña como chegara á vista da poboación, tódolos veciños saíran recibilo, e canda eles o despois tan sonado Xoán Fernández de Andeiro, natural da vila e gobernador da praza, que non coñecía ó rei de Portugal, ía berrando e dicía: “*¿Hu ven aquí meu señor el rei Don Fernando?*” El Rei, ó escoitar isto, dera esporas ó cabalo no que montaba, e respondera: “*¿Eu son, eu son!*”. Daquela o de Andeiro bicáralle a man, e igual fixeran os que o acompañaban. Deste xeito tomara posesión da Coruña o monarca portugués”

(CÉSAR VAAMONDE LORES, *De monetaria gallega*, “Bol. da Real Acad. Gal.” t. XXII, páx. 250).

Desde aquela entrara Andeiro a formar parte da corte do monarca luso e medrara tanto a súa fortuna como as enveixas e odios que espertara entre o pobo e os persoeiros portugueses. Fora un dos máis hábiles políticos daquel tempo. A raíña Dona Leonor, que se namorara del, conseguira que se lle outorgase o título de conde de Ourem, coa fortaleza, terras e vasalos adscritos a esta vila. Esta concesión -escribe Vaamonde Lores, loc. cit. páx. 252- “*fixo subir de punto a carraxe dos portugueses, que, sen poder aturar máis tempo que a súa raíña fose a eterna manceba dun estranxeiro, nin que este, coa súa grande prinzanza, fose amo dos destinos de Portugal, e, por outra parte, temendo pola independencia da súa patria, dispuxéronse a se desfacer como fose do home a quen consideraban tan funesto e causante de tódalas desgracias, e así, despois de varias conspiracións, entrando os conxurados no propio alcázar, fora Andeiro barbaramente asasinado polo mestre de Avis nunha das dependencias do pazo -“acerca das miñas faldras”, di a propia raíña- o día 6 de decembro do 1383.*”

“*Aló quedara, só e abandonado, o corpo irto de Andeiro, ata as altas horas da noite seguinte na que a aflixida raíña mandou que lle desen sepultura nunha igrexa próxima, axudando ela mesma, alagada no pranto e con mans trementes, a coloca-la pedra do sepulcro sobre o cadáver do único home a que namara de verdade*”.

O mesmo día da morte de Andeiro estralara en Lisboa unha revolución que dera a coroa portuguesa ó asasino co nome de João I.

137.- “Nuno Freire debeu pasar ó servizo de Portugal nos tempos de Alfonso XI, e é moi probable

“*2º.- Que si Don Fernando de Castro quisesse quedar en la merced del rey Don Enrique, que el rey le dejase el condado que el rey Don Pedro le había dado, ca le diera a Castro Geriz, por cuanto decía Don Fernando que aquella villa fuera de su linaje, e que de aquel lugar se llamaban ellos de Castro, e del día que el rey Don Pedro ge la dió, se llamaba Don Fernando conde de Castro.*”

“*3º.- E que fasta aquel plazo Don Fernando non ficiese mal ninguno a los que estaban por el rey Don Enrique, e que ellos non ficiesen guerra ninguna a Don Fernando, nin a los que por el estoviesen.*”

“*E el rey Don Enrique, esta pleitesía fecha, partió por Todos los Santos de sobre Lugo, e fuese para Burgos, ca ya había nuevas como el rey Don Pedro fallara gran esfuerzo en el principe de Gales, e que se aparejaba para venir a Castilla con muchas gentes a dar batalla.*”

O de Andrade acompañara a Don Enrique no desterro e en todas, ou na meirande parte, das súas empresas guerreiraras -acontecidas fóra de Galicia- na contra de Don Pedro, ata que se dera o tráxico desenlace de Montiel.

Alzado xa o Bastardo ó trono de Castela, moitos nobres galegos non quixeron prestarlle vasalaxe, e ofreceran a coroa ó rei Don Fernando de Portugal, que entrara en Galicia polo ano 1370, sendo recibido con grandes aclamacións de entusiasmo en Tui, que fora a primeira cidade na que entrara, Baiona, Salvaterra, Redondela, Ourense, Compostela, A Coruña e outros moitos lugares¹³⁶.

Sabido isto polo rei Don Enrique, que viñera sobre Zamora, partira para Galicia disposto a loitar co rei de Portugal, acompañado de tódolos grandes señores e cabaleiros do seu reino, e tamén, sen dúbida, do de Andrade.

O rei de Portugal, desque soubo que Don Enrique estaba en Galicia, non quixo loitar contra del, indo á Coruña, onde embarcara nas súas galeras, que o levaron ó seu reino, e despedindo ó seu séquito, que seguira viaxe por terra; mais deixara na Coruña a algúns dos seus parciais, entre eles ó irmán de Fernán Pérez, Nuno Freire, mestre da orde de Cristo de Portugal, de quen descenden os Andrade do veciño país¹³⁷.

Daquela Don Enrique, visto que o rei de Portugal volvera ós seus estados, acordadra, cos señores e cabaleiros do seu séquito, invadirlle o reino, e así o fixo, entrando pola comarca de Entredouro e Miño, e sitiando e tomando varias prazas, como Braga, Guimarães, e Bragança, para volver

despois a Castela, sen que o monarca portugués lle presentase batalla.

Rematada ou esmorecida así a guerra con Portugal, volvérase agravar porque o rei Don Fernando apresara en augas de Lisboa uns buques españois, en virtude da alianza que pactara co duque de Lancáster, que aspiraba ó trono de Castela ó estar casado con Dona Constanza, filla segunda de Don Pedro el Cruel¹³⁸.

Don Enrique reunira as súas tropas en Zamora, entre as que non faltaría o de Andrade coas súas hostes, e penetrando en Portugal, fixérase amo de moitas prazas, ata se aseñorar dos arrabaldes de Lisboa. O rei de Portugal tampouco non lle fixera fronte nesta ocasión, optando por aceptala paz que o cardeal de Bolonia, legado do Papa, trataba entre el e Don Enrique. Como froito desta paz, os portugueses deixaran A Coruña, que pasou a ser gobernada por Fernán Pérez de Andrade.

É ben coñecida a defensa que desta cidade e porto fixera o de Andrade contra o duque de Lancaster. Ocorrera este feito no reinado de Juan I, sucesor de Enrique **el Bastardo**, ó se ter suscitada a grave cuestión da herdanza do reino de Portugal, solicitado polo monarca castelán, alegando o seu matrimonio con Dona Beatriz, filla do rei defunto.

“En tal extremo -refire Enrique de Vedia y Goossens¹³⁹- aqueles naturais (os de Portugal), constantes sempre en rexeita-la suxeición a España, ergueron e puxeron no trono ó infante mestre de Avís, co nome de Don João I, e el asegurou a coroa na súas tempas coa victoria de Aljubarrota. A favor desta contenda aparecera un pretendente á coroa de Castela, que era o duque de Lancaster (ou Alencastre, como lle chaman os nosos cronistas), como casado con Dona Constanza, filla segunda do rei Don Pedro: determinado o duque a defender coas armas o dereito que o asistía, saíra de Inglaterra cunha forte armada, collera rumbo á Coruña, e o día 25 de xullo do ano 1386 acometera a cidade: traía canda el á súa filla Dona Catalina, e consistían as súas forzas en mil e cincocentas lanzas e outros tantos arqueiros, “boa xente”, segundo di a historia. Conseguiu apoderarse de seis galeóns de Castela, que estaban fondeados no porto; mais a resistencia heroica da vila, promovida e sustentada por Fernán Pérez de Andrade, burlara os esforzos do inglés e salvara á cidade dos seus ataques. Fracasado este intento, o duque tomara terra nun lugar que non ofrecía dificultade e entrara en

que sexa o Mestre de Christus que tan heroicamente se comportara na batalla de El Salado. Fora moi estimado polo rei Don Pedro I de Portugal, que lle dera a criar ó seu fillo Don João, nado da relación cunha nobre señora galega chamada Dona Tereixa Lorenzo de Andrade. A este neno, de sete anos de idade, conseguira facelo mestre de Avis (1364). Este príncipe é o Mestre que, anos adiante, habería de asasinar a Xoán de Andeiro. O noso compatriota fora tamén moi querido polo rei Don Fernando I, e era tanto o seu prestixio e poderío no veciño país, que ó se asina-las paces de Santarem entre Don Enrique II de Castela e Don Fernando de Portugal, o de Castela esixira que Nuño Freire, xunto con outros dous cabaleiros, lle fose entregado en refen por tres anos como garantía do cumprimento daquel tratado”.
(CÉSAR VAAMONDE LORES, **De monetaria gallega**, “Bol. da Real Acad. Gal.” t. XXII, páx. 253, nota.)

138.- Era o duque de Lancaster fillo do rei Eduardo de Inglaterra; chamábase Xoán de Gante, e, ademais daquel título, posuía os de duque de Aquitania e conde de Derby. Desde as súas pretensións ó trono castelán “se nombraba rey de Castilla e de León e de los otros regnos que los reyes de Castilla se suelen llamar”, segundo o cronista Ayala.

139.- **Historia y descripción de la ciudad de la Coruña**, páxina 21, (Coruña 1845).

Historia de Pontedeume

*Santiago, onde fora ben recibido; usaba título e armas de rei de Castela e fôranselle unir moitos cabaleiros e escudeiros do país, ata que a contenda rematara nunha composición conciliatoria que irmandaba o dereito de posesión co de xustiza: o casamento do infante Don Enrique, despois III de Castela, coa súa sobriña Dona Catalina de Lancaster; neta do rei Don Pedro, feito que restablecera a sucesión legal e hereditaria dos nosos reis, interrompida por Don Enrique **el Bastardo**.*"

O castelo da Coruña, que viñera resistindo ós británicos, donos da vila cos seus arrabaldes e bisbarra, entregouse ó cabo, despois dun longo cerco, cando xa o fixeran outras cidades, vilas e castelos de Galicia, ata o punto de poderse dicir que toda a nosa rexión quedara da parte do inglés, que chegara a entrar en terras de Castela aproveitando que o seu monarca quedara moi debilitado despois do desastre de Aljubarrota¹⁴⁰

Así era na guerra o primeiro señor de Pontedeume, aquel bravo caudillo que, podendo labrar un trono para el, esforzase en manter no seu a Don Enrique, sen faltar nin por un intre á fe de cabaleiro.

VII. A SÚA PERSONALIDADE NOUTROS ASPECTOS

Dábase nel a feliz circunstancia -escribe Murguía¹⁴¹- de que xuntaba ós seus grandes dotes de valor e xenerosidade os dunha intelixencia viva e cultivada. Émulo e continuador da ilustre serie de trovadores cos que contara Galicia no século XIII, e dos que os últimos acentos tiñan aínda na corte de Castela aquela forza e predominio que tardarían máis de cen anos en se perder de todo, era o noso Fernán Pérez, digno irmán en armas e letras, aínda que non tan infortunado, do sonado conde de Ourem, o seu conterráneo e case veciño. Un e mailo outro amaban a poesía e sentían semellante predilección, propia daquel tempo, por toda caste de ficcións cabaleirescas, tanto que, segundo parece, chegara o de Andrade a xuntar na súa casa un bo número de libros pertencentes ós diversos ciclos da epopeia francesa. Polo de pronto consta que para o seu uso copiárase aquel especial monumento da nosa literatura medieval, isto é, a redacción galega da **Crónica Troiana** de Benoist de Sainte-More, o que (coa **Crónica Galega** e mailas traducións do

140.- Durante o asedio ó castelo da Coruña quedáballes ós británicos "tempo abondo para celebrar festas e rexoubas, pois as señoras e mailos palacianos que formaban parte da expedición, máis semellaba que viñan en plan de pasalo ben que non no de sufrir-los traballos e sufrimentos dunha guerra. O seu principal pasatempo era o exercicio da caza, para o que as damas e mailos cabaleiros ingleses trouxeran canda eles cans e falcóns. Tamén se dedicaban a outras ledas expansións, como se pode ler con máis detalle nos escritos de Froissart". (CÉSAR VAA-MONDE LORES, **De monetaria gallega**, "Bol. da Real Acad. Gal.", t. XXII, páx. 285).

141.- Galicia, páxs. 1162-1163.

pseudo Turpino e do Fuero Juzgo, feitas, é de pensar, xusto despois do florecemento da nosa poesía trobadoresca) vén probar que o movemento literario de Galicia no século XIII non parara, senón que seguira no seu natural desenvolvemento e primacía durante o triste período das nosas revoltas comunais e as que as ambicións da corte mantiñan no corazón deste antigo reino.”

“Fora embaixador moitas veces -relataremos con Vaamonde Lores¹⁴²-, y como proba da confianza que lle inspiraba a Don Enrique, citaremos soamente unha das súas viaxes a Portugal, onde, con poderes do citado monarca e mais do seu fillo Don Fadrique, casara en Leiría coa infanta Dona Beatriz, filla de Don Fernando I, e tomáraa por muller para o dito Don Fadrique. Calebrárase este casamento o 24 de novembro do ano 1373 e, de contado, o infante Don João, mestre da cabalería da orde de Avis -que despois fora rei-, os seus irmáns, condes, ricos homes, prelados, cabaleiros, escudeiros e xentes dos concellos, fixeran preito e homenaxe en mans de Fernán Pérez de Andrade o Bóo e mais dos titores da infanta, de que se o rei Don Fernando morrese sen fillo varón, haberían recibir a Dona Beatriz e mais a Don Fadrique por reis e señores de Portugal e do Algarve.”

Gozara de grande estima na corte do país veciño, especialmente por parte do infante Don João, a quen mandara como agasallo, desde Pontedeume, un fero e magnífico alán. A tan grande estima axudaba a circunstancia de ter en Portugal ó seu irmán Nuno Freire e tamén a un sobriño, Roi Freire de Andrade, que tiña un alto cargo na armada lusitana.

VIII. O SEU PASAMENTO

Fernán Pérez de Andrade, por non ter descendentes, deixara por herdeiro de tódolos seus estados ó seu sobriño Pedro Fernández de Andrade, fillo de seu irmán Xoán Freire de Andrade.

Enterráranos na igrexa de San Francisco de Betanzos, onde estivera o sepulcro do lado da Epístola e á entrada da capela maior, e no lado do Evanxeo o da súa esposa.

142.- El caballero Fernán Pérez de Andrade dicta sentencia en un pleito litigado entre Pero Vello y el convento de Montefaro sobre la posesión del terreno llamado dos Queimados, colindante con el atrio de la iglesia de San Martín do Porto, documento inserido no t. III da Colección de documentos históricos do “Bol. da Real Acad. Gal.”. Véxanse páxinas 94-95, nota.

Historia de Pontedeume



Sepulcro de Fernán Pérez o Bóo en San Francisco de Betanzos

Chámalle a esta o Sr. Murguía¹⁴³ Dona María Pardo de Figueroa, cando o certo é que de Fernán Pérez coñécese dúas mulleres, a primeira Dona Sancha Rodríguez, filla do sonado cabaleiro Aras Pardo, de quen se conserva o suntuoso sepulcro, custeado sen dúbida polo seu xenro, na mesma igrexa de San Francisco de Betanzos, e a segunda chamada Dona Constanza, da que ignoramos outras noticias¹⁴⁴.

Polos lenzos desta capela corrían os baixorrelievos que se ven na fronte do sepulcro, referentes, segundo algúns, ás cacerías ás que en vida se dedicara o ilustre defunto, e alusivas, segundo outros, ó tránsito das almas e á persecución que a morte emprende contra dos vivos ata vencelos¹⁴⁵. Hoxe está este sepulcro fóra da capela maior e colocado do lado do Evanxeo.

O Sr. Murguía descríbeo nestes termos¹⁴⁶:

“Preséntase en alto, descansando sobre os animais simbólicos adoptados polos de Andrade, e así vese que un enorme xabarán e mais un oso de igual tamaño serven de sopor-tes e contribúen á ornamentación xeral do monumento. Como xa queda dito, a caixa presenta na súa fronte parte do baixorrelievo referente á cacería, e na súa cabeceira e pé o escudo de armas do morto. A estatua xacente que o representa -con tódolos sinais de que se quixo reproducir nela ó personaxe en cuestión- dánolo vestido de guerreiro e como se fose escoltado por tres cans deitados ós seus pés e costados; por un crego que, de xeonllos e en actitude de pregar, se ergue ó medio e no borde da urna funeraria, e

143.- Galicia, páx. 1170, nota.

144.- Vid. **Quien es el Aras Pardo que está sepultado en la iglesia de San Francisco de Betanzos**, por CÉSAR VAAMONDE LORES, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. XIII, páxs. 333-342.

145.- O distinguido arqueólogo DON RAFAEL Balsa DE LA VEGA, nun artigo que co título de **Notas arqueológicas** publicara no t. V do “Bol. da Real Acad. Gal.”, páxs. 242-247, declara, tratando do sepulcro do de Andrade, que as escenas cinexéticas de San Francisco non teñen, ó seu xuízo, valor simbólico, e si, e moi grande, arqueolóxicamente consideradas.

146.- Galicia, páx. 1171.

Fernán Pérez ‘o Bóo’

por un anxo colocado á cabeceira, tamén axeonllado, altas as ás, as mans do xeito de quen está en oración e ten baixo do seu amparo a alma do defunto.”No sepulcro lese o seguinte epitafio:

*FERNAN PZ. DANDRADE
AQUI JAZ FERNAN PEREZ
DANDRADE CAVALEIRO QUE
FEZO ESTE MOESTEIRO ANNO
DO NASCIMENTO DO NOSO SENNOR
IHESUCRISTO DE MIL ET TRESCENTOS
ET OITENTA ET SETE ANNOS¹⁴⁷*

Esta data non se refire á morte de Fernán Pérez, senón ó remate da igrexa de San Francisco de Betanzos, porque se sabe que outorgara testamento dez anos despois, isto é, o 23 de febreiro do ano 1397.

Finara nos últimos días de xullo ou nos primeiros de agosto do citado ano. Sábese que aínda vivía o 28 de xullo e que o 21 de agosto xa morrera¹⁴⁸.

IX. A PONTE DE PONTEDEUME E MAILAS DE PONTE DO PORCO, XUBIA E SIGÜEIRO

A ponte máis salientable das construídas por Fernán Pérez fora a de Pontedeume, unha das mellores de España naquel tempo.

Consta que a edificara este persoeiro, por canto nun privilexio dado en Segovia polo rei Don Juan I o 20 de marzo do ano 1384, aprobando e confirmando as doazóns feitas por aquel para a capela e hospital construídos no

147.- *El idioma gallego*, por ANTONIO DE LA IGLESIA, t. II, páx. 57 (Coruña, 1886).

148.- Consta o primeiro, segundo consigna o Sr. VAA-MONDE LORES en *Ferrol y Puente deume*, páx. 85, por un documento que cita o erudito Don Andrés Martínez Salazar nunha das súas interesantísimas notas inseridas no primeiro volume da Crónica Troiana, e o segundo dedúcese dunha carta dirixida polo arcebispo de Santiago ó prior da colexiata de Caaveiro.

Historia de Pontedeume

medio da ponte, lese: “*que auedes fho a buestra propia costa e mesion la puente deume*”¹⁴⁹.

Á entrada da ponte pola vila, e entre os arcos segundo e terceiro, había un oso dun lado e un xabarín do outro, colocados no oco das tallamares e postos riba duns pedestais; emblemas que hoxe se gardan no portal da casa do concello. Nun deles hai unha inscrición que Don Antonio de la Iglesia lera así ¹⁵⁰:

EN NA ERA DE MIL E CCCLXXX. ANOS,
DA NACENZA DE
NOSO SNOR IESU XUO
POR ABRIL COMEZADA E
ACABARONA EM SEIS ANS ESTA
PONTE.

149.- Vid. integro o documento en Ferrol y Pontedeume, por CÉSAR VAAMONDE LORES, páxs. 77-79. Ninguén discute que a ponte de Pontedeume sexa obra de Fernán Pérez. Así e todo, nas Memorias que escritas polo côengo, dignidade de cardeal, Don Jerónimo del Hoyo, visitador da diócese de Santiago, existen no arquivo arceobispal de Compostela, lese esta equivocada apreciación:

“*También ay en esta puente el oso y el jabalín, que son las armas de fernán perez de Andrade, por lo qual algunos quisieron decir quel avia fundado esta puente, con ayuda del rrey don enrique, pero esto es falso, porque ni el ni el rrey tenían potencia p^a poder edificarla: quando mucho, como paso tanto tiempo dende que la ycieron los rromanos asta el tiempo del dho fernan perez de Andrade, que debio de ser como de 1800 años, pudo estar algo desmoronada y desecha en algunas partes de lo superior, y el dho fernan perez las debió de reparar y por esta raçon estan en la dha puente sus armas*”.

O nome de Pontedeume ou Pontes do Eume cos que antes de Fernán Pérez se lle chamaba á vila, demostra, sen dúbida, a existencia dunha ponte anterior; pero non construída polos romanos - aseveración que non se encontra en ningunha parte, sen que haxa indicios nos que baseala- nin tampouco constituíndo unha verdadeira ponte, senón, con toda seguridade, reducida a uns pasais, se cadra con algúns engadidos de madeira, que permitían pasa-lo río, polo menos coa marea baixa.

150.-El Idioma gallego, t.II. páx. 58.

Coidamos que esta lectura está enganada, xa que a era 1380 corresponde ó ano de Xesucristo 1342, e nesta data aínda vivía o pai de Fernán Pérez, xa que fora enterrado en Monfero no 1370. Madoz, no seu **Diccionario Geográfico**, anda máis atinado, pois sinala a data 1382 ó 1388, se ben no citado privilexio de 20 de marzo do 1384 fálase xa da referida ponte como se estivese construída. Arrincaba da chamada Porta da Ponte e remataba na outra beira da ría, nun cruceiro que aínda existe, aínda que mudado do seu primitivo emprazamento.

O oso e maillo xabarín de Fernán Pérez



A descrición de como era aínda a mediados do século pasado aparece en diversos escritos, como no referido **Diccionario de Madoz** e a **Crónica de la provincia de la Coruña**, de Fulgosio. A mellor de todas cantas nós examinamos figura nunha antiga reseña manuscrita de

Pontedeume, da que temos a copia, e a ela pertencen os seguintes párrafos:

“Tiene de largo 1015 varas castellanas y puede dividirse en dos partes. La primera, saliendo de la villa, tiene una extensión de 2.340 pies de Burgos, y se compone de 50 arcos con sus tajamares en las cepas por uno y otro costado, con asientos en los huecos de algunos de ellos; en el día están reducidos los arcos a 49, por haberse cegado uno de resultas de la avenida que le destruyó. La segunda parte, que es de 705 pies, carece de tajamares y sólo tiene 8 arcos pequeños; había antes muchos más, pero se han ido cegando porque amenazaban ruina y faltaban medios de repararlos¹⁵¹.”

“Saliendo de la villa tiene el puente 24 pies de altura, la cual va disminuyendo según se eleva el terreno, pues el último arco de tajamar tiene 14, y en el extremo, donde hay un crucero, sólo tiene 9.

“Su ancho es de doce pies, incluso dos de los antepechos, y además relieves los tajamares seis y medio cada uno.

“La dirección del puente es en línea recta hacia el NO., por espacio de unas 700 varas, contando desde la villa, y allí hace un ligero recodo, tomando la dirección E., circunstancia que le hace salvar un terreno bajo y pantanoso si siguiese en línea recta.

“Entre el arco 20 y 21 hay una capilla dedicada al Espíritu Santo, y junto a ella hubo un pequeño hospital, en el cual había siempre cuatro camas para los peregrinos que viajaban a Santiago; pero hoy, aunque existe la capilla, desapareció del todo el hospital, habiéndose sacado sus últimas piedras en el año 1841, para embaldosar, en parte, la plaza de San Roque de la villa.”

Na ponte actual nada queda da primitiva, senón é o lugar do emprazamento e parte dos materiais cos que estaba construída.

Outra antiga descrición da vella ponte di que riba do pilar ou cepa de entre os arcos oitavo e noveno había un torreón que se chamaba **Torre da Ponte**, de cinco metros de altura, e por riba da porta da vila e mirando cara a ela un oratorio dedicado a San Antonio de Padua, e que despois de destinara a capela de San Nicolás de Tolentino.

En poder que outorgara o concello, o 15 de agosto do 1804, a favor de Don Francisco Bermúdez de Sangro, tenente de fragata retirado, señor das casas de Piñeiro e outras e rexedor das vilas de Santiago, Lugo e Coruña, coa finalidade de que, pasando a Madrid fixese, no nome da corporación, as pretensións conducentes á reedificación da ponte,

151.-Nunhas vellas ordenanzas de Pontedeume do ano 1622, que están no arquivo municipal, hai unha relativa á ponte, pola que consta que tiña daquela **setenta e oito arcos**. Reproducimos, por resultar moi curiosa, a ordenanza en cuestión, que di: “Primeramente. que por quanto en la dicha u^a ay un gran brazo de mar para pasar y en el una de las mas insignes puentes de cantería de toda hespaña que te, setenta y ocho harcos muy espaciosos y en medio della un hospital de mucha consideración y hes transito y pasaje de grandissimo concurso de gente de a pie e de acaballo y Reuas que concurren de todo este rreyno y de castilla portugal y otras partes que traxinan en los puertos de la mar y si se cayese o arruinase no ay posibilidad en todo el dho rreyno de g^a p^a poderse rredificar y pereceria la dha v^a y rresultarian otros muchos ynconbenientes y usando de dha costumbre ynmemorial la just^a y rregimiento de la dha vi^a hordenaron y mandaron que ning^a Persona sea ossada de passar por la dha puente con carros ni rrastreros cargados ni bacios sino fuere los carros bueltos al rrees con las ruedas encima arrastrando sin otra carga ni peso alguno y que ansimismo ning^a Persona sea ossada de sacar ni desarraygar el marisco que esta pegado debajo de la puente y cimientos della ni al derredor porque no se mueban las piedras y se cause en ellas alguna daño so pena de tres mill mrs y perdimiento de los carros rrastreros y bueyes y de los mas que llebasen aplicado todo ello por quartas partes Camara de su Ex^a el ssor. conde de lenos y de andrade cuya hes la dha vi^a y estados juez y denunciador y obras publicas de la dicha vi^a”.

Historia de Pontedeume

consta que, segundo documentos que se dan como existentes no arquivo da vila, reedificárase no ano 1595, por conta das sete provincias do reino; que se arruinara en marzo do 1683; que o daquelas capitán xeneral Don Pedro Martín Cermeño dispuxera o amaño provisional de barcas, e que polo inconveniente das mareas baixas erguérase nos arcos caídos unha ponte de pao, que non permitía o paso de carros.

Conservárase así, polo que parece, deica o ano 1782, no que unha chea derrubara outros arcos, que foran reconstruídos polo ilustre mariño Don Jorge Juan.

Dise tamén que o xeneral Don Francisco Javier Abadía, no 1808 e ata o 1810, mandara lousar parte do piso, facéndose despois dous ollos de madeira.

Máis adiante, para permiti-lo paso das carruaxes, o que non consentían os arranxos de madeira, fôranse cegando os arcos que ameazaban ruína, ata que, no ano 1867, e ó se construí-la estrada de Betanzos a Xubia, tomárase o acordo de derrubala para utiliza-los materiais na actual, levantando, no en tanto, provisionalmente outra de madeira.

No ano 1870 estaba xa construída, pero fora preciso reedificala no 1887, xa que unha chea derrubara varios arcos.

Agora ten 15 ollos, de dez a doce metros de luz.

Os enxeñeiros que dirixiran a construción foran Don Francisco Cejuelo, Don Juan Vildosola e mais Don Adolfo Pequeño. Contratara os traballos o veciño da Coruña, Don José María Rey y García, que xa realizara varios en Redes, Ares e outros puntos da zona.

Investírase na totalidade das obras ó pé de un millón de pesetas. Fernán Pérez, na capela que, xuntamente co hospital para pobres, mandara edificar no medio da ponte, establecera unha fundación de misas pola alma do rei Don Enrique, doando, para o sostemento desta fundación e mais para o citado hospital, o dezmo da madeira coa portaxe e **xantar** da vila, de todo o que lle fixera mercé o citado rei Don Enrique, doazón que aprobara e confirmara Don Juan I en virtude do antes citado privilexio dado en Segovia o día 20 de marzo do ano 1384.

Fixera tamén Fernán Pérez na mesma capela outras dúas fundacións polo remedio da súa alma, e deixáraas ó

coido do convento de Montefaro, edificado por el. Consistían estas dúas fundacións, unha de dúas misas rezadas á semana, e outra nunha misa cantada tódolos anos no día do Espírito Santo. Esta segunda fundación obrigaba a que pola tarde do sábado de Pentecostes cantasen vésperas na capela da ponte o P. Ministro e maila comunidade de Montefaro, e que ó seguinte día celebrase misa solemne esta comunidade, debendo asistir a ámbolos dous actos o alcalde maior da vila, ó que habían ir busca-los frades ó pazo, acompañándoo á volta. Por esta fundación quedaban os frades obrigados a paga-las reparacións do hospital e todo o preciso para o decoro da capela.

Pasado o tempo deixaran os frades de cumprir esta fundación, polo que, no ano 1713, querelárase contra deles o conde de Lemos, ó que contestaran os relixiosos que non tiñan obriga de cumprilo que dicía a querela e que daquela en diante farían por devoción e mais por compracer ó conde. Así se viña efectuando aínda no ano 1756.

Pouco despois do pasamento de Fernán Pérez entregáraselle a administración do hospital ós ministros de Montefaro, coa aprobación do arcebispo de Santiago, que mandara que o que pertencese ós peregrinos que morresen nel fose aplicado no seu amaño e en misas. Así consta nunha sentenza do ano 1406, dada por un prior de Xubia, como xuíz conservador, contra da cidade de Betanzos e vila de Pontedeume, que querían para elas a administración dos seus respectivos hospitais.

Fora preciso amaño-lo hospital da ponte no ano 1708, amaño que correra a cargo do arquitecto Domingo Maceiras, veciño da Coruña, por virtude de contrato verificado, o 17 de xullo dese ano, co P. Frei Pedro de los Santos, exdefinidor e ministro de Montefaro. Concertárase que o referido arquitecto *“a de hacer el arco de nuebo, que esta a la parte del leuante donde uiene el rio a la mar; que tiene un arco auajo con un pilar enmedio, y este dho arco se a de labrar de nuebo, haciéndolo entero con nuevas douelas, y no a de ser de dos arcos como lo esta el uiejo...”*. Axustárase en 1300 reais e un pipote de viño para o mestre e oficiais, e os materiais correran por conta da vila de Pontedeume¹⁵².

No ano 1751 estaba o hospital ó coido dun ermitán, que tiña a súa vivenda riba da capela. Pedía esmola, e co que recollía reparaba das catro camas a que quedaran reducidas as doce que houbera ó primeiro. Así e todo, o convento de Montefaro percibía as rendas do hospital que, da ponte cara

152.- Vid. Ferrol y Puenteume, por CÉSAR VAAMONDE LORES, páxina 79, nota.

Historia de Pontedeume

á vila, viña arrendando en 900 reais, sen contar co que recibía polas da outra banda.

A portaxe da ponte pertencera a Montefaro ata o 1717, data na que pasou á coroa. No ano 1751 cobrábaa Miguel Salgado e asistía co seu producto ó depositario de papel selado da cidade de Betanzos. Consistía no seguinte¹⁵³: *“carga redonda, 6 ms.; albarda soa, 1; carga de sardiña, 2; cabeza de bois, 2; emparellados, 3; carga de viño, 4; mulas en pelo, 3; carga de aceite, 4. Non había arancel, e cobrábao soamente dos forasteiros e non ós da vila e a súa xurisdicción. O seu producto era 1153 reais no que o tiña arrendado”*.

Por causa das leis desamortizadoras fixérase inventario, o 17 de decembro do 1853, de tódolos obxectos pertencentes á capela do hospital, entre os que había unha antiga escultura de pedra de San Salvador, que estaba colocada no medio do retablo.

Derrubárase o hospital, como xa se dixera, no ano 1841, deixando queda-la capela.

Tamén construíra Fernán Pérez as pontes de Ponte do Porco, Xubia e Sigüeiro.

A primeira é unha construción de tres arcos por riba do río Lambre, á entrada da pintoresca aldea de Miño, na estrada de Betanzos a Xubia. O nome de **Ponte do Porco** débese á cabeza de xabarín que aparece no arco central. A ponte actual, edificada con materiais da antiga, data, segundo unha inscrición, do ano 1682, reinando Isabel II.

A ponte de Xubia, primitivamente construída por Fernán Pérez, fora substituída por outra de madeira, ata remata-la actual, tamén chamada de **Arce**, *“reinando el Sr. D. Fernando VII, siendo protector el Sr. Martín de Hombreiras, el año 1831”*, segundo se le na inscrición dun dos peitorís. Tivera dereito de portaxe, ata que, por orde do gobernador e capitán xeneral de Galicia, Don Francisco Javier Abadía, datada en Santiago o día 5 de xuño do 1832, suspendérase a exacción desde o 1 de xullo seguinte. É de cantería e de dous arcos, reforzados con sólidos diques, e fixa o termo da ría de Ferrol, ó pé dun pequeno peirao habilitado para unha moderna fábrica de tecidos.

A ponte de Sigüeiro, sobre o río Tambre, a 11 quilómetros de Santiago, é *“de estilo entre románico e oxival, de 58,80 metros de longo. O ancho dos seus peitorís ten unha*

153.- **Puentedeume en 1751**, documento publicado por DON FLORENCIO VAA-MONDE LORES no núm. 37 do semanario “Ecos del Eume” (16 de outubro do 1910).

media de 3,40 metros; e o que está entre os apartadoiros ten 8,35. Estes son de forma trapezoidal e triangular, que ó tempo forman as tallamares da ponte. Os triangulares están arriba e os trapezoidais augas para baixo. Consta a ponte de cinco arcos circulares de distinto radio e un oxival con sobrecarga circular”¹⁵⁴. Esta ponte estaba moi ben conservada ata hai pouco tempo, e nela existe unha inscrición orlando o escudo de armas e atributos da casa de Andrade, que di así¹⁵⁵:

FERNAN PEREZ DE ANDRADE
ACABOU ESTA PONTE

X. A TORRE E MAILLO ALCÁZAR

O torreón de Pontedeume, unido primitivamente ó pazo señorial hoxe derrubado, é o único resto que se conserva, dentro do recinto da vila, da época de Fernán Pérez **o Bóo**.

Esta torre é un fermoso exemplar da arquitectura militar na Idade Media, e ben merece ser descrito parándose niso unha miga¹⁵⁶.

É de planta cadrada, e mide 11,50 metros de lado e 18 de alto. Os seus muros, de pedra pizarrenta con esquinas de cantería, teñen preto da base 2,35 metros de ancho, e, por efecto de tres depresións graduadas, deben perder ó remate preto de 40 centímetros. Contando a planta baixa os seus andares eran catro, como o indican as fiestras e seteiras e maillos ocos interiores onde asentaran as trabes.

O corpo inferior estaba defendido e alumado por unha estreita seteira que daba a un patio que houbo ó Sur.

No seguinte andar ten dúas portas: unha ó E., de arco lixeiramente apuntado, e outra ó N., de directriz semicircular, hoxe cegada. Desta segunda porta arrincaba probablemente a ponte levadiza que se apoiaba nun muro que se erguía na fronte, a unha distancia de 4,40 metros. No limiar desta porta aínda se conservan os canzorros e maillos ocos das trabes. Ten ademais este piso un cano ou vertedeiro de augas ó E., que verte ó N., e unha seteira ó S.

154.- Datos de DON FRANCISCO PONTE Y BLANCO, publicados en *La revolución gallega de 1846*, por FRANCISCO TETTAMANCY, Coruña, 1908, páxina 74.

155.- *El idioma gallego*, por ANTONIO DE LA IGLESIA, t. II, páx. 58.

156.- Vid. *La torre del castiello señorial de Puente deume*, por ÁNGEL DEL CASTILLO, núm. 21 de “Brema” (16 de outubro do 1911). Este autor, en *La Arquitectura en Galicia*, traballo inserido no tomo *Generalidades de Geografía de Galicia* editada por Alberto Martín (Barcelona s. a.), trata deste e outros monumentos da bisbarra.

Historia de Pontedeume

No terceiro andar vese unha latrina ó O., no S. unha seteira e no N. *“unha fermosa ventá gótica de arcos lobulares, separados por un mainel ou parteluz, por riba do que ten un óculo con tracerías, acubillado todo por un arco apuntado”*. Esta fiestra daba probablemente a un balcón que corría por todo o muro, segundo fan sospeitar unha repisa e unhas ménsulas ou canzorros.

No último andar presenta nos muros N. e S. outras ventás tamén góticas, *“unha delas cun óculo calado co selo de Salomón ou cruz de cinco puntas”*.

De tódalas fortalezas de Galicia *“ningunha ten tantas ventás nin tan fermosas coma esta de Pontedeume”*.

Estaba a torre cuberta por *“unha plataforma de madeira rodeada de ameas saíntes, localizada nos ángulos e no centro das frontes, puntos nos que aínda conserva os graduados canzorros nos que asentaba o peitoril”*.

Interiormente soamente son de salienta-los restos do lucido, unha cociña no ángulo NO. do terceiro andar e unha cheminea de salón ó NO. do cuarto.

Polos detalles antes ditos dedúcese que os servicios da torre eran estes: a planta baixa, cárcere e defensa e probablemente saída subterránea; o seguinte andar, vestíbulo ou cuarto da servidume ou da garda; o terceiro, cociña, comedor, ó que alumaría unha ventá e outros servicios da vida íntima e, finalmente, dormitorio e pequeno salón no último andar.

Das obras defensivas que rodeaban a torre conservábase ata hai pouco tempo un muro do zarro, que ía polo N., de 2,50 metros de groso e no que se apoiaba a ponte lavadi-za. Nel había cegada unha porta de arco apuntado. No ángulo NO. do zarro había unha parte de torre saínte de base rec-tangular, de 3,30 metros de lado pola parte de fóra.

*“Moito antes de que Fernán Pérez de Andrade construíse a fortaleza -escribe Don César Vaamonde Lores¹⁵⁷- xa houbera outra en Pontedeume, que, se cadra, fora erixida no 1270, ó se funda-la vila por orde de Don Alfonso X. Á que nos referimos existía xa no ano 1295, e fora, seguramente, a primeira que na vila houbo. Hai noticia dela nunha escritura en pergameo que forma parte da **Colección de manuscritos inéditos** do Sr. Murguía. Pode ser que esta escritura sexa o documento orixinal máis antigo que se coñece referi-*

157.- Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes, “Bol. da Real. Acad. Gal.”, t. VIII, páxs. 68-69, nota.

Fernán Pérez ‘o Bóo’

do a Pontedeume. Os datos que nos dá son interesantísimos para a historia da localidade: consta nela o nome do alcaide da fortaleza (pero yans manaa alcayde con seus omes e con sua compana), de como tiña gornición, de que se trataba naquela época de mura-la vila (comossarrassen a villa e a villasen e a guardasen...), de como a ermaran os seus propios moradores”, etc. etc.

O dito Pero Yans Manaa, vendo que os ricos da vila a “hermaron e despoblaron sen desfframento e sen conbatiemento que lles ninguén ffezesse”, pretextando para iso que cando chegaban á vila non atopaban alí ningunha “vianda, nin fogo, nin pan, nin palla, nin outra coussa por que sse manteuesse villa e castello”, decidírase a intervir enerxicamente, e facendo responsables, diante do rei e mailo conce-llo, se se perdía a vila, ós que antes moraban nela e sen razón a despoboaran, comprometéndose, se o axudaban a gardala polo rei, a que nela houbese tanta vianda fose precisa, co que conseguira couta-la despoboación, e fora daquela cando se tratara de ergue-las murallas.

A torre de Fernán Pérez se cadra fora construída no mesmo lugar de emprazamento da primitiva.

O pazo ou alcázar dos Andrade estaba achegado á fortaleza que antes describimos e colocado na súa parte S.

Pazo dos Andrade pouco antes da súa demolición



Conservárase ata o ano 1935 en estado ruinoso.

Desde os tempos de Fernán Pérez ata daquela, experimentara o pazo bastantes modificacións e non poucas profanacións. Os máis graves danos, á parte dos producidos nas guerras dos irmandiños, deberon ser ocasionados polos

Historia de Pontedeume

incendios que destruíran case toda a vila nos anos 1533 e 1607.

Quedaban ultimamente dous corpos da súa fachada, un deles avanzaba uns cinco ou seis metros sobre do outro. Daba esta fachada á ampla praza chamada actualmente “*do Conde*”.

A parte que unía o pazo coa torre e que estivera destinada a cárcere pública ata que se edificara a actual, no ano 1856, na beira da ría, fora derrubada para construí-la estrada que vai dar á estación do ferrocarril.

Na parte S. había unha capela chamada de San Miguel, unida ó pazo por unha especie de ponte ou pasadizo pecho, de madeira. Conservárase esta capela, que non tiña mérito artístico, deica o 1909 ó 1910, en enteiro estado de ruína e descuberta, acordándose derrubala para anheamento e mellora da praza por aquel punto.

No primeiro corpo da fachada coñecíanse claramente as modificacións feitas cando se convertera a parte correspondente a aquela en sociedade de recreo, para quedar despois mudada en salón de espectáculos: o aberto das ventás cara arriba, colocando nelas vidreiras das chamadas de guillotina, e a apertura de dúas portas, unha maior, por baixo da fiestra central, e outra máis pequena correspondéndose co magnífico escudo labrado en granito, no que se ven os brasóns das familias de Andrade e Lemos, despois de que se uniran no século XVII, e doutras familias que enlazaran con elas.

Este escudo - incrustado modernamente no muro S. do torreón- é unha verdadeira obra de arte. Rodéao o colar do que pendura o toisón, e esta orlado coas 18 bandeiras que representan as que Don Fernando de Andrade, oitavo señor de Pontedeume, gañara ós franceses na batalla de Seminara. Cada bandeira ostenta no seu centro unha flor de lis, divisa dos reis de Francia. Na parte superior do escudo hai unha coroa condal e riba dela un anxo termendo dun filacterio na que se len estas palabras do Apocalipse: **nolite nocere**.

Tiña este corpo unha parede ó N., formando ángulo recto ata chegar ó segundo corpo, e nesta parede coñecíase que houbera un corredor polos canzorros de pedra que quedaban.

No segundo corpo, paralelo ó primeiro, estaba a antiga porta principal, aberta tocando case na aresta co corpo descrito. Esta porta era moi típica e característica, tanto -segundo Don Ángel del Castillo- *“que igual pode ser da época na que se cre que fora construída, século XIV, como de finais do século XII, pois é moi semellante á que teñen moitos templos románicos de Galicia, e cabe a sospeita de que ben puidera pertencer esta porta a unha construción anterior ós últimos anos do século XIV”*.

Na esquina desta fachada cunha parede que tiña ó N., paralela á que xa mencionamos como pertencente ó primeiro corpo, abríanse dúas antigas fiestras, unha en cada parede, separadas por unha pilastra de base cadrada, que formaba o batente destas fiestras.

Do interior o que en mellor estado estaba era un patio grande e cadrado, cunha galería bastante modificada, sostida por altas pilastras octogonais de granito, rematadas en curiosos capiteis. Entrábase neste patio pola porta principal da que xa falamos, aberta no segundo corpo. Da primeira porta da dereita do patio arrincaba a primitiva escaleira principal, toda de pedra de cantería e igual a súa varanda.

A empezos do presente século quedaban aínda no andar principal, nas partes que estiveran destinadas a comedor e sala de recepción, restos de trabes labradas, pinturas e dourados, isto todo desaparecera coas reformas que xa dixeramos, practicadas desde que o concello adquirira este edificio coa súa torre e maila horta que lle pertencera¹⁵⁸.

Ó quedar esta horta aberta ó pobo, da que se fixeron desaparecer moitas magníficas árbores froiteiras e unha fonte, decidírase chamarlle **Praza do Marqués de Figueroa**, porque fora el o xestor da adquisición, e desde este político deixara de representar ó distrito nas Cortes e fora substituído por Don José Lombardero, vendérase para solares unha grande parte da praza, edificándose algunhas casas dun só andar ó S. da estrada que a atravesa, converténdoa nunha especie de avenida á que se lle dera o nome do novo deputado.

Do outro lado da estrada fixéranse, no ano 1917, uns xardíns públicos.

O derrubamento da parte máis insegura comezara no 1929¹⁵⁹. No solar que ocupara o pazo iniciárase, no 1942, a

58.- Véxase **El palacio de los condes de Andrade**, por ANDRÉS A. COMERMA en “Almanaque de Ferrol para 1910” (Ferrol, 1909), con fotografías e planos.

Acordárase a adquisición en sesión de 17 de outubro do 1904, pola cantidade de 52.991,96 ptas., das que pagara 25.000 a Deputación provincial. A casa-pazo con tódalas súas dependencias, consistentes nun edificio principal e sete edificios secundarios, con patio, curral e horta, ocupaba un polígono irregular de 14.379 metros cadrados.

O concello comprometérase a que *“se conservara intacto o edificio”*; mais non fora posible conte-la súa ruína nin que se acabara por derrubalo, malia a declaración de monumento histórico-artístico acordada pola Dirección General de Bellas Artes a comezos do mes de setembro do 1924, en consideración a que se trataba dun *“exemplar de valor histórico local e interesante para a arqueología nacional, por ser un dos poucos pazos feudais do século XIV que se conserva en Galicia, e que, aínda que ten sufrido reformas, quedan nel elementos dignos de seren respectados como notables e interesantísimas reliquias, testemuñas da historia da vila de Pontedeume, como son os muros, patio e salóns, a torre da homenaxe, varias portas e mailo escudo heráldico”*.

159.- Neste ano, ó se efectúa-lo derrubamento... *“atopáranse, formando parte dos muros, diversos capiteis dobres (ó pé de doce...), correspondentes a fustes xemelgos, dos que se atoparan tamén algúns anacos, así como varias das bases destas columnas e unha ménsula ou canzorro cun rostro en relevo. Estes capiteis, fermosamente labrados, están, polo xeral, esculpídos con vieiras (sen dúbida porque Santiago é o patrón da vila) e aves monstruosas, algunhas con pescozos enrodelados, peteirando en follas e froitas. Todos estes restos, que ofrecen esa característica supervivencia románica da escultura de moitos dos nosos edificios oxivais (especialmente dos conventos dominico-franciscanos) pertencen sen dúbida ó patio central ou de honra... Estas pedras atopadas, que demostran a importancia arquitectónica que debeu te-lo primitivo pazo*

Historia de Pontedeume

construcción da praza de abastos da vila, e o resto quedara para solares e como expansión da antiga Praza do Conde.

XI. O CASTELO DE ANDRADE

O castelo de Andrade está a uns tres quilómetros de Pontedeume, na parroquia de Nogueirosa, situado riba da pena chamada **de Leboreiro**.

A súa construción data de empezos do ano 1369.

Ben sabemos que tanto a pena de Leboreiro como os lugares e terras do seu arredor eran propiedade da granxa de Nogueirosa, dependente do mosteiro de Sobrado. Por iso, xa desque estaban as obras comezadas, o 8 de xullo do citado ano 1369, o prior de Sobrado Frei Juan Esteban Seijas, con todo o seu convento, requirira a Fernán Pérez para que renunciase á construción e deixase o terreo libre ós monxes.

A este requirimento ou protesta, da que dera fe Sebastián Pérez, notario, pertence o seguinte parágrafo¹⁶⁰:

“...estando eno cabildo do moesteiro de santa maria de Saobrado da orden do Cistel que he eno arçobispado de Santiago don frey Esteban sejas Prior do dito moesteiro por si e en nome do conbento do dicto moesteiro que presente esta e outorga disso que a el e ao dicto conbento era dicto que ferman peres de andrade escudeiro queria facer hum castelo et torres en a pena que chaman do leboredo que he eno couto de Nogeysrosa açerca da ponte deume a qual pena e couto e lugares e herdades e señorío eran do dicto moesteiro de sobrado et que o dicto ferman peres de andrade non temendo a Deus e en gran daño e perjuicio de sua alma por força e contra boontade do dicto conbento e homes boos do dicto moesteiro queria facer o dicto castelo en a dicta pena de leboredo e en o dito couto da qual cousa o dicto Prior e conbento desian que abian gran medo e temor de se les seguir de daño e perda do dicto moesteiro e de seus lugares e bees et que o dicto prior e conbento abian medo e gran pa-bor do dicto ferman peres e de seus homes dos corpos e dos auenços e juraban por sua ordeem que non ousaban ir a adicta pena de leboredo nen aos dictos lugares non enreda...”

dosAndrades, foron recollidas, con bo acordo, no edificio do concello...”
(ÁNGEL DEL CASTILLO, Hallazgo arqueológico, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. XIX, páx. 136).

160.- Insireo VAAMONDE LORES en Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páxs. 106-108.

Xa viramos como despois deste requirimento principiárase preito, que fora moi disputado, para acabar nunha avinza por medio da que os de Sobrado daban permiso para

ergue-la fortaleza coa condición de que o de Andrade pagase ó convento cada ano a cantidade de dez maravedís.

Por causa disto retrasárase a construción, mais no ano 1377 estaba xa rematada.

Vexamos agora o que se conserva desta antiga edificación¹⁶¹.

O que está en mellor estado é a torre da homenaxe.

É de planta cadrada. As súas dimensións son 10 metros de lado e 20 de alto. Os muros, de pedra de cantería, miden 2,57 de groso.

Debeu ter sotos e tres andares denotados polos ocos nos que encaixaban as trabes. O máis alto, cunha fiestra ó S. e outra ó O., estaba cuberto cunha bóveda de pedra de cantería que aínda existe, e por riba dela estaba a plataforma rodeada de ameas e matabáns, á que se chegaba desde o citado andar por unha escaleira aberta na parede do O.; os andares intermedios non teñen máis ocos que algunha que outra seteira, e o fondo debeu estar destinado a depósito de auga.

Había soamente unha entrada: a que abre pola banda E., á altura do desaparecido camiño de rolda do recinto.

Circula entre o vulgo o rumor de que desde esta torre á de Pontedeume había un camiño subterráneo, o que, claramente, non é posible, pois entre a torre e maila vila hai unha grande encosta e unha considerable distancia, non menos de tres quilómetros en liña recta. Se cadra esta suposición viñera dada pola existencia dunha saída secreta ata un punto próximo, como xeralmente ocorría nas construcións desta clase.


O recinto, de forma irregular, para se axeitar ó penedo riba do que se situou a fortaleza, está hoxe reducido a algunhas ruínas dos muros exteriores.

Está aínda dereita a entrada, e ben se ve que a porta pechaba en sentido vertical fronte a outra interior de dúas follas. Defendíana ós lados dúas torres prismáticas. Na parte superior ábrese unha fiestra e por baixo dela aparece, aínda que moi borroso, o escudo dos Andrade.

Nos muros hai outras catro ventás: dúas no do E., unha de dous arcos de medio punto, indicación precisa de habita-

¹
161.- Vid. *Los castillos feudales de Moeche, Narahío y Andrade*, por ANDRÉS AVELINO COMERMA Y BATALLA (Ferrol, 1903); *Castillo de Andrade*, por ÁNGEL DEL CASTILLO, núm. 26 de "Brema" (22 de novembro do 1914), e tamén deste autor *La arquitectura en Galicia*.

Historia de Pontedeume



Castelo de Andrade

ción familiar, e outra con asentos de pedra, a xeito de corredor; e as dúas restantes no do O., unha con asentos e outra que parece máis ben de defensa.

Os apousentos desta parte tiñan dous andares, denotados polos ocos de asentamento das trabes, e a altura do último estaba limitada pola entrada da torre da homenaxe.

“Se quedasen vestixios dalgún muro no interior, daquela sería doado coñece-la amplitude da praza de armas no centro; de tódolos xeitos comprenderase perfectamente que sendo a distancia máxima de E. a O. de 20 metros e dando como mínimo un ancho de 3 metros ás vivendas laterais, quedarían soamente 14 metros ocos naquel sentido, que, cos 10 que hai desde a torre ata a porta, dan unha superficie de 140 metros cadrados, espacio no que dificilmente se poderían mover máis de 50 homes de gornición. Neste castelo non hai foxo senón é polas bandas E. e S., pois nas outras a forma da propia montaña pola que está cortada a pico a pena de asento.”

As curtas dimensións desta edificación fana moi inferior como fortaleza a outras semellantes de igual época, polo que é de supoñer que soamente se debeu usar como un baluarte destacado ou simplemente como unha atalaia.

Polo fermoso panorama que desde alí se pode ver constitúe un punto obrigado de turismo.

O castelo erixido por Fernán Pérez na pena de Leboreiro non é o primitivo dos Andrade, en opinión do Sr. Vaamonde Lores¹⁶²:

*“Erguíase este, que xa non existe, na parroquia de San Martiño de Andrade. O pai, avó e devanceiros de Fernán Pérez foran amos, señores e posuidores deste castelo. Podiamos aducir moitas probas sobre isto, pero cremos que abundará co que consta nun dos nomeamentos de encomendeiro do couto e mosteiro de Caaveiro feito polo seu prior e cóengo, no ano 1382, a favor de Pedro Fernández de Andrade, sobriño de Fernán Pérez, onde se di que unha das razóns que moveran a estes cóengos para lle outorgar a Pedro Fernández o citado nomeamento, fora o de pertencer de sempre a encomenda de Caaveiro ós señores do **Castelo de Andrade**, dos que este descendía. Se os devanceiros de Pedro Fernández, que eran os mesmos cós de seu tío, tiñan xa castelo, o edificado por Fernán Pérez é, evidentemente, distinto do daqueles.”*

162.- Ferrol y Puente deume, páx. 75.

XII. O CASTELO DE MOECHE

O castelo de Moeche está na parroquia e concello deste nome, no partido de Ferrol, e situado na beira esquerda do río Xubia.

Atribúese a súa construción a Fernán Pérez de Andrade, pois, se ben non hai documentos que demostren este feito, indícao así a súa arquitectura, propia do século XIV, e o de se-lo de Andrade señor daquelas terras.


É un dos castelos mellor conservados da rexión, ata o punto de que é moi doado reconstruílo igual que estaba nun principio.

A planta total do edificio é poligonal irregular convexa, esixida así pola configuración do terreo.

Distribúese esta planta en torre da homenaxe, patio de honra coas dependencias que o rodeaban e praza de armas.

A torre é de planta cadrada duns 11 metros de lado, 18 de alto e algún dos seus muros ten ó pé dos 4 de groso. Tiña dúas entradas: unha que dá á praza de armas e outra ó patio de honra, que se podían pechar por medio de portas de corre-diza en sentido vertical. Tiña unha poterna ou saída secreta. Constaba de baixo e tres andares. Á planta baixa, que se podía usar como depósito de víveres, seguía un andar, que debía te-lo piso de madeira, probablemente destinado a cárcere, pois soamente ten unha ventá, ó que se pasaba desde o andar superior por unha escada de man, segundo costume. Este andar superior, con dúas fiestras, unha ó patio de honra e outra de entrada á que sería cámara do señor en caso de guerra, ten acceso ó N. polo camiño de rolda e unha saída para subir ó andar superior e mais á plataforma almeada, colocada riba da bóveda de canón que cubre interiormente a torre. Por riba da porta que comunica coa praza de armas está o escudo dos Andrade.

O patio de honra está rodeado polas seguintes dependencias contando de esquerda a dereita, segundo se entra desde a torre da homenaxe: espacio destinado á xente de armas, con dúas portas ó patio e escaleira de caracol nun



Castelo de Moeche

recuncho para subir ata o camiño de rolda, protexida por unha pequena torre; comedor do castelo, cuartos, cortes dos cabalos e pezas da servidume. Todas elas están cerradas nun recinto poligonal irregular, de nove lenzos ou cortinas que arrincan da torre da homenaxe, con parapeto ameado.

A praza de armas é un espacio limitado por cinco redentes flanqueados en ángulo recto e dous saíntes unidos por outras tantas cortinas, unha á torre e outra á cortina que arrinca do O. desta torre. A praza presenta tres entradas: dúas laterais e unha principal, esta de dous metros de ancho, á que se unía a ponte levadiza que cruzaba o foxo.

Os muros da fortificación érguense ata preto dos 10 metros¹⁶³.

163.- Vid. COMERMA, **Los castillos feudales de Moeche, Narahío y Andrade**, e ÁNGEL DEL CASTILLO, **La Arquitectura en Galicia**.

Historia de Pontedeume

Este castelo, considerado como obra defensiva, é moi inferior ó de Andrade. Construído nun pequeno val, non ten moita altura, nin tampouco non é mi fondo o foxo que o rodea.

Sábese que estaba xa abandonado no ano 1603.

XIII. O CASTELO DE NARAÍO

O castelo de Naraío érguese na parroquia deste nome, pertencente ó concello de San Sadurniño, no partido xudicial de Ferrol.

Por máis que Madoz, no seu **Diccionario Geográfico**, atribúello ós árabes, é seguro que a súa edificación non se remonta máis aló do século XIV, pois aínda que en documentos máis antigos que esta data aparece o nome de **Narahío**, neles non se fai nunca mención ningunha da fortaleza.

Pertencera primeiramente este castelo a un cabaleiro chamado Gonzalo Piñeiro, que o tiña por Don Pedro I e a quen se di que llo sacara Enrique II para llo doar a Fernán Pérez. A causa disto fora que Gonzalo Piñeiro negárase a lle ceder ó de Andrade un navío que aquel tiña, para se embarcar nel cos seus homes de armas e levar a Don Enrique a Francia, para fuxir das iras de seu irmán Don Pedro. O navío que precisaba Don Enrique facilitárallo despois o pai do de Andrade, e así puido o Bastardo embarcar en Ferrol na compañía daquel, emprendendo a fuxida. Don Enrique, amo xa da coroa, vingárase do señor de Naraío do xeito que xa se dixo.

Un fillo de Gonzalo Piñeiro, chamado Pedro González Piñeiro, ó ver a seu pai privado da fortaleza, fixérase forte en Anca, resitíndose a recoñece-lo señorío dos Andrade.

Isto é o que se sabe do castelo de Naraío ata que pasara ás mans de Fernán Pérez, que debeu realizar nel algunhas obras que hoxe non podemos precisar.

Está situado riba dun outeiro de pena viva, a 400 metros por riba do nivel do mar, e coas súas cortinas do S. case verticais co río Xubia.

Fernán Pérez ‘o Bóo’


Forma o seu recinto un polígono irregular de doce lados. A entrada principal, sen ponte levadiza, que non era precisa por causa do rápido da pendente, está no E., dando paso á reixa, rodeado de muros con seteiras, e fronte dela ábrese a porta do patio de honra, que pechaba en sentido vertical. A outra das dúas únicas portas do recinto abre na banda contraria.

No medio do patio, e completamente illada, érguese a torre da homenaxe, de planta cadrada, con 10 metros de lado e 16 de alto, que se cadra pasaría dos 18, sen que hoxe se poida saber por causa da desaparición da parte superior. Da planta baixa, abovedada, saía unha poterna deica o río. Riba desta planta debeu haber un andar destinado a cadea, ou a residencia do señor en tempo de guerra, cunha entrada na cara S., a unha altura de 9 metros sobre o cimento, á que terían acceso cunha escada de man.

As outras dependencias do recinto están moi estragadas, e non é doado determinalas nin supoñer os usos ós que estarían dedicadas.

Esta fortaleza, ó igual que a de Moeche, tamén estaba deshabitada no ano 1603¹⁶⁴.

Castelo de Narahío



164.- Vid. COMERMA, Los castillos feudales de Moeche, Narahío y Andrade, e CASTILLO, La arquitectura en Galicia.

Historia de Pontedeume



Castelo de Vilalba

Castelo de Vilalba

XIV. O CASTELO DE VILALBA

A vila de Vilalba, pertencente á provincia de Lugo, fora obxecto, como xa sabemos, dunha das doazóns que Enrique **el Bastardo** fixera ó seu incondicional aliado Fernán Pérez **o Bóo**.

O castelo que alí hai é -segundo afirma o Sr. Villaamil y Castro¹⁶⁵- *“o máis curioso monumento da arquitectura militar da Idade Media, senón de toda Galicia, si en boa parte dela”*.

Non se sabe quen o edificara. Algúns atribúenllo a un Rodrigo Sánchez no século XIII, mais non está comprobado, e a mediados do século XIV pertencía a Don Fernando Ruíz de Castro.

É seguro que Fernán Pérez posuira aló unha fortaleza e que a actual torre da homenaxe, que é o único que queda dereito, pertence á época daquel cabaleiro, como o comproba a figura dun xabarín que tiña por baixo das almeas, nun dos lados.

As outras obras defensivas, ademais do asalto que sufriran no ano 1431 co gallo do levantamento dos vasalos de Nuno Freire, foran derrubadas máis adiante, no 1467, polos irmandiños.

Diego de Andrade procedera á súa restauración. A data dánola López Ferreiro¹⁶⁶ ó dicir que o castelo *“fora edificado no 1490, como se ve por esta inscrición labrada no cimo da torre da homenaxe, a carón dun xabarín, emblema heráldico dos Andrade, MCCCCLXXX”*.

A torre é de planta octogonal, coroada de matabais. A súa altura é de máis de 25 metros. Os lados miden 7,30 metros cada un pola parte de fóra, cun groso de máis de 3.

Tivera catro andares sen conta-lo soto, defendido o primeiro por tres setearas; o segundo con porta de arco semi-circular, se cadra en comunicación co valado por unha ponte

165.- **El castillo de Villaba**, en “Galicia Diplomática”, t. III, páxinas 232-233.

166.- **Galicia en el último tercio del siglo XV**, t. II, 2ª edic., páx. 305 (Coruña, 1897).

Historia de Pontedeume

e dúas ventás; o terceiro con outras dúas ventás e o cuarto tiña soamente unha.

A torre de Vilalba e mailas edificacións que tiña ó redor, conserváranse en bastante bo estado ata o primeiro tercio do século XIX. Existía daquela a muralla que pechaba o recinto,

“a planta estaba formada por un trapecio algo prolongado, con torres de nove metros en cadro ó medio de cada unha das súas tres liñas máis longas, erguéndose na parte máis estreita do dito trapecio a xigantesca torre da homenaxe. Preto dos ángulos formados pola muralla e na parte máis ancha do recinto, aparecían outras dúas torres cadradas; e achegada a aquela e case pegada á torre principal, salientaba outra torre tamén cadrada. No interior da praza fortificada erguíase un edificio composto de dous departamentos destinados, ata finais do século XVIII, a casa-audiencia e cárcere. Daban entrada á fortaleza dúas portas colocadas unha á fronte e no medio das torres do E. e O. A da primeira estaba por riba do foxo, que tiña pone levadiza; e a da segunda, que non foi derrubada, comunica coa Praza Maior da vila, tendo ademais esta torre polo lado N. un portelo estreito polo que non colle máis dunha persoa”¹⁶⁷.

XV. AS IGREXAS DE SANTA MARÍA DO AZOUGUE E SANTIAGO E MAILLO CONVENTO DE SAN FRANCISCO NA CIDADE DE BETANZOS

A fermosa igrexa de Santa María do Azougue, na cidade do Mandeo, é outra das valiosas construcións debidas á esplendidez do primeiro señor de Pontedeume.

Non faltou quen considerase esta igrexa como anterior ó século XIV, que no último tercio rexistrara os gloriosos feitos da vida do noso heroe. Na súa arquitectura conserva un sinalado gusto románico que servira de base para lle supoñer unha maior antigüidade.

Os brasóns da casa de Andrade, moi prodigados neste edificio, deixan ver ben ás claras que alí intervirá a munificencia de Fernán Pérez.

Don Antonio de la Iglesia¹⁶⁸ dá a data de consagración deste templo na seguinte lectura dunha inscrición da facha-

¹⁶⁷.- Situación del castillo de Villalba en el primer tercio del siglo XIX, por F. T. Francisco Tettamancy), “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. V, páxs. 256-257. Véxase tamén La torre del castillo de Villalba, polo mesmo autor, en id., t. V, páxs. 205-212, traballo do que se publicara unha ampliación, El castillo de Villalba (Coruña, 1913), e ÁNGEL DEL CASTILLO, La arquitectura en Galicia.

¹⁶⁸.- El idioma gallego, t. II, pág. 46.

da principal: *ESTA IGLIA. ET CIMITERIO FOY COSAGRADA O PIRMEIRO DO. D. MAYO ANNO DI. MCCCCXE VII ANOS.* Segundo Murguía¹⁶⁹ Sobreira dá unha data distinta, pois a lectura deste “*non di o primeiro domingo de maio, senón o primeiro de maio, nin ano do Señor 1417, senón 1346; deste xeito: ANO M E CCCXLVI*”.

Don Ángel del Castillo¹⁷⁰ mantén que a data de consagración da igrexa e cemiterio é a de 1447, e que, aínda que o de Andrade morrese no ano 1397, iso non supón atranco ningún para admitir que a **consagración**, que non é igual que a **construcción**, se verificase no primeiro dos citados anos, cara ó que se puidera, efectivamente, remata-lo último e non a igrexa.

Esta é de planta basilical de tres naves e tres ábsidas, carecendo de cruceiro e co teito de madeira. A nave principal está separada das laterais por aiosos arcos. Ábrese un rosetón na cabeceira de cada unha das naves.

As capelas das ábsidas están cubertas por bóvedas oxiuais, con grosos arestóns. A ábsida central é de sete lados, e nesta, coma nas outras dúas, hai longas fiestras.

Na fachada, na que se cegou un fermoso rosetón para substituílo por unha ventá cadrada, o máis salientable é a magnífica portada:

*“flanquéana oito columnas dobradas en ángulo e con fermosos capiteis historiados, e péchaa un arco abucinado de medio punto, formado por seis preciosas arquivoltas; arco verdadeiramente espléndido, porque é moi sentida e rica a súa ornamentación de follas, de figuras -son vin-tedúas, moi acusadas, as que enfeitan a segunda arquivolta- de pequenos arcos, de arcos xemelgos, fermosa e delicadamente combinados, que, arrincando de flores trifolias, aparecen ó aire coma festón colgante. A entrámbo-los dous costados e nas súas respectivas fornelas, vense a Virxe da Asunción e mailo Arcanxo San Gabriel”*¹⁷¹.

En cada un dos muros laterais hai outras portas, pero que non rivalizan coa principal: “*ámbalas dúas son oxíuais, ambas tamén flanqueadas por catro columnas dobradas en ángulo, o arco formeiro formado por dúas arquivoltas e cos seus tímpanos respectivos, nos que se ven, na do N., San Miguel pesando as almas, e na do S., tres cruces moi interesantes*”¹⁷².

A igrexa de Santiago, que xa existía no século XI, é unha das máis fermosas da cidade de Betanzos. Este templo

169.- Galicia, páx. 1166, nota.

170.- Santa María del Azogue, de Betanzos, en *La Arquitectura en Galicia*.

171.- Vid. MURGUÍA, Galicia, páxs. 1165-1166.

172.- MURGUÍA, loc. cit.


Historia de Pontedeume

debeuno reedificar Fernán Pérez, como deixan ver, ademais da súa arquitectura, que cadra coa do tempo no que vivira o noso personaxe, a profusión de escudos de armas da familia por alí repartidos. É de tres naves e tres ábsidas, ben proporcionado, esvelto e maxestoso, e del cómpre salientar, especialmente, o pórtico e maila ábsida central: o primeiro notable polas súas arquivoltas, unha delas coa imaxe de Cristo no medio dos doce Apóstolos, e polo tímpano, coa estatua ecuestre do Apóstolo Santiago, e a segunda, polas súas longas e fermosas fiestras e canzorros que terman do cornixamento.

De data posiblemente anterior á igrexa é a antiga torre do reloxo “*da vila*”, que se asenta na ábsida do Evanxeo e ten planta poligonal.

Descoñécese a data na que fora fundado o convento de San Francisco de Betanzos. O Sr. Martínez Santiso¹⁷³, dando creto de máis a unha tradición popular, cre que o Santo Patriarca estivera naquela cidade persoalmente, por máis que

Igrexa de San Francisco de Betanzos



173.- **Historia de la ciudad de Betanzos**, páxs. 220-221.

174.- **Galicia**, páx. 1172.

175.- **Los franciscanos en Betanzos**, núm. 617 de “El Eco Franciscano” Santiago, xuño do 1909).

non haxa o menor fundamento para sospeitalo así. Segundo Murguía¹⁷⁴, “*Castro quereu coetáneo do da Coruña (1214); mais, aínda que non é grande a diferenza, o común é dicir que data do provincialato do P. Frei Juan Parente, ou sexa despois de 1219*”. O P. Atanasio López¹⁷⁵ afirma que “*a súa fundación é probablemente anterior ó ano 1289*”. O que si se sabe de seguro é que Fernán Pérez de Andrade, no ano

1378, reedificáralo totalmente, investindo niso unha chea de cartos, aínda que as obras dalgunha capela fixéranse no 1501.

Do convento, no que había un fermoso claustro oxival de pequenas columnas pareadas, hoxe queda soamente a igrexa.

Esta é oxival, dunha nave soa, forma de cruz latina e tres ábsidas ou capelas na fronte, eptagonal a do centro e rectangulares as dos lados. No muro S. do cruceiro hai un grande rosetón e, correspondendo con el, ábrese no muro unha fermosa fiestra flanqueada por pequenas columnas e adornada cun arco de flores de relevo.

Na fachada salienta a porta principal, *“oxival e abucinada, con sinxelas arquivoltas das que terman de cada lado tres columnas dobradas en ángulo, con capiteis historiados e bases adornadas con escudos dos Andrade, follas e outros varios relevos. No tímpano, a Adoración dos Reis Magos de vulto, estes á esquerda, e á dereita San Francisco axeonllado, os brazos ergueitos e en actitude de adoración”*¹⁷⁶.

Hai unha porta lateral, de igual estilo á anterior, pero menos importante, *“abucinada, con arquivoltas formadas por bóvedas sinxelas, sen tímpano, e todo sen outro adorno máis ca un xunquiño que, arrincando do chan, marcha todo o longo das cambas e, desque domina a imposta, rompe en zigzag e forma a única decoración do arco. As columnas que terman do arco presentan marcados capiteis de follas e, ós lados, flanqueando a porta, vense, riba das correspondentes ménsulas, á dereita a Virxe da Asunción, e á esquerda, en lugar do Arcanxo San Gabriel, San Francisco co rolo ou filacterio na que está gravada en caracteres góticos a lenda querida dos Andrade, Ave María, gratia plena”*¹⁷⁷.

A ábsida central presenta catro longas fiestras, adornadas de puntas de diamante, e outra central, máis curta, de igual ornamentación e cun fermoso óculo.

O cornixamento é moi sinxelo, con curiosos canzorros, e na cabeza dos estribos, o oso e mailo xabarín dos Andrade.

Constitúen unha notable particularidade os dous pequenos corpos, máis baixos e máis curtos cós brazos do cruceiro, ó que están arrimados.

176.- MURGUÍA, Galicia, páxs. 1168-1170.

177.- MURGUÍA, Galicia.

Historia de Pontedeume

Os templos reseñados teñen, como ben se ve, un indiscutible valor. Non só constitúen inestimables xoias da arquitectura galega medieval, senón que, ademais, cómpre apreciálos pola singular variedade que gardan de arcos sepulcrais, estatuas e inscricións funerarias, que tanta luz prestan á historia de Galicia¹⁷⁸.

A igrexa de San Francisco, en especial, pode ser considerada como un suntuoso panteón no que se gardan as cinzas de moitos insignes persoeiros galegos. Nela repousan, como sabemos, os restos gloriosos do primeiro señor de Pontedeume; nela foron sepultados os Figueroa, Vilouzás, Aras Pardo, Ribadeneira e tantos outros que se distinguiran, no decorrer de máis de dous séculos, pola súa afouteza e mailo seu xeneroso desprendemento en favor da terra amada. San Francisco de Betanzos fora, desde a súa fundación, a igrexa preferida polos señores e fidalgos da cidade brigantina para ter nela os seus enterramentos; daquela cidade na que, ademais da súa nobreza nativa, xuntábase a dos arredores e mesmo a doutros lugares moi afastados, ata o punto de ter casa nela -como a tivera Fernán Pérez, na que, segundo se cre, é hoxe o cárcere- os señores que alí non residían usualmente, chegando por todo isto a ser chamada na Idade Media **Betanzos dos cabaleiros**.

Perda grande foi que o decorrer dos séculos, e, sen dúbida máis aínda que isto, o desleixamento e pouco sentido artístico das xentes, non permitisen que se conserven no seu estado primitivo tan prezadas xoias da nosa arquitectura nos séculos medios.

O convento de San Francisco sufrira moi considerables danos con ocasión da invasión francesa no 1808¹⁷⁹.

Tódolos libros dunha regular biblioteca foran botados á rúa; os obxectos do arquivo, con papeis e documentos interesantísimos, como eran os orixinais de fundacións e obras pías, que foran pasto das lampas; mobles, roupas, alfaías, utensilios, provisións de gra, viños, carne, aceite e peixe, todo isto tamén desaparecera.

Fixeran da igrexa corte para os cabalos e cociña para o rancho. Martínez Santiso, no seu **Historia de la ciudad de Betanzos** (páx. 398), di que *“abriran as sepulturas e nelas e mais nos altares deran de comer ós cabalos”*.

Queimaran o fermoso retablo de San Ildefonso, deixando a súa imaxe, coa da Virxe Santísima, deitada no chan,

178.- Vid. ÁNGEL DEL CASTILLO, **Reseña histórica de los monumentos y obras de arte que existieron y existen en Betanzos** (Betanzos, 1918) e tamén as notas que lles dedica en **La Arquitectura en Galicia**.

179.- Véxase na obra de FREI JUAN R. LEGÍSIMA, **Héroes y mártires gallegos. Los Franciscanos de Galicia en la Guerra de la Independencia** (Santiago, 1912) dúas curiosas relacións dos estragos e aldraxes cometidos polos franceses no convento de San Francisco de Betanzos, páxinas 148-154, unha do cronista relatada por unha testemuña e tamén vítima daqueles abusos, e a outra do gardián daquel convento no 1832, Frei Francisco Fernández.



Portada principal de San Francisco de Betanzos

Historia de Pontedeume

en postura de vestir nesta a casula da outra. Despois puxeran lume á do Beato Sebastián Aparicio, despois de maltratar a golpes de sabre a súa efixie. A imaxe de San Francisco, obra do grande escultor Ferreiro, colocada nunha carroza no segundo corpo do altar maior, fora cribada a balazos e despois queimada. Practicaran iso mesmo coa fermosa e corpulenta escultura de San Bernardino de Sena, obra do citado escultor Ferreiro, colocada nun dos laterais do altar maior. Fixeran arder, ademais, as imaxes de San Bieito de Palermo e a da Virxe das Dores; pero nesta advertírase a particular circunstancia de que cando se supuña que quedara reducida a cinza no medio das lampas, vírase despois a súa cabeza enteira, as mans sen danos de consideración e todo o seu corpo sen sinais de maior efecto. Tamén ousaron ir contra un grupo escultórico que representaba a Última Cea; ó Cristo crebáranlle as pernas e fixeran desaparecer ós Apóstolos, supoñéndose que os botaran á rúa xa que, despois dalgúns días, atopáranse uns sen brazos, outros coas cabezas rotas e todos moi impíamente maltratados. Un antigo e grande órgano, de vinteseite rexistros, fora desfeito e roubados tódolos seus materiais. Tamén roubaran un lámpada de prata que alumaba na capela maior.

Unha porta de ferro, que aseguraba con tres chaves o depósito dos cartos dunha fundación piadosa adicada a dotar orfas nobres e plebeas de Betanzos, fora forzada, desaparecendo os cartos todos, que supuñan unha importante cantidade.

Tódalas celas e oficinas do convento foran enteiramente saqueadas e igual a sancristía. Soamente se salvaran os ciriais, cruz, incensario e seis cálices, todo isto de prata; un ornato de tisú, algunhas casulas e roupa branca, debido a que as depositaran nunha parte que, sendo a menos perigosa, fose tamén a máis libre da invasión que ameazaba.

Despois da exclaustación, que tivera lugar o 28 de agosto do 1835, quedara o convento no máis completo abandono, perecendo moitas das súas riquezas artísticas. Ós poucos meses, nun informe do 9 de marzo do 1836, aprobado pola Deputación provincial da Coruña, acerca do destino que se lle debiera dar ós edificios que foran mosteiros, díxose que este de Betanzos que *“está inútil e non ten servicio, polo que se pode derrubar e da-la pedra ó Concello, para composición das rúas, de todo destragadas e intransitables; e a igrexa, que é a mellor da cidade, para parroquia de Santa*

*María, desfacéndose aquela e formando coa súa pedra unha fermosa praza*¹⁸⁰.

Nada de todo isto se levava a efecto polo momento, pero máis adiante fora derrubado o seu fermoso claustro, considerado xustamente como unha das marabillas arquitectónicas de Galicia; derrubárase, así mesmo, a sala capitular e tamén algunhas capelas, entre elas unha chamada de San Bernardino, na que se gardaban recordos da visita deste Santo a Betanzos.

Máis adiante solicitárase que este edificio fose declarado monumento nacional, e a isto contestárase que “*non reunía as condicións para ser así, nin se lle podía conceder ningunha subvención por parte do Estado para a súa restauración*”.

Despois de setenta e nove anos da exclaustación fixérase entrega ós franciscanos da súa antiga igrexa, mediante escritura outorgada polo cardeal arcebispo de Santiago, o 8 de decembro do 1914, e na festa da Ascensión do Señor do 1919 inaugurárase a nova residencia pegada á igrexa.

XVI. MONTEFARO E CHANTEIRO

Erguese o outeiro de Montefaro, entre Mugardos e Ares, ocupando a beiramar da dereita meridional da entrada da baía de Ferrol, formando o cabo ou promontorio do Segao.

Preto do cumio deste monte e nun fondal, a 265 metros por riba do nivel do mar, fundara Fernán Pérez o Bóo o mosteiro de Santa Catarina, pertencente á Orde Terceira de San Francisco, dentro da freguesía de San Pedro de Cervás.

O día 30 de agosto do ano 1393, estando en Burgos o arcebispo de Santiago, Don Xoán García Manrique, deu licencia a Fernán Pérez para fundar e construír este mosteiro¹⁸¹.

Nesta licencia hai varias prerrogativas, das que a principal é declara-lo novo mosteiro, e tamén a ermida de Chanteiro que se une a el, edificada así mesmo por Fernán Pérez e onde Deus mostraba moitos dos seus milagres, quedaban exentos dos rectores e mais da igrexa da parroquia á

180.- Informe aprobado acerca del destino que pudiera darse a los edificios de la provincia que fueran monasterios y conventos, según el espíritu de la real orden de 26 de enero de 1836, publicado en “Galicia Diplomática”, t. IV, páxs. 107-109. Non é mellor o destino que no dito Informe se propón para outros notables edificios. De Caaveiro pídesse o derrubo “*para que a pedra sirva a algún empresario que quixese construír fábricas asombrosas á beira do río Eume, que tantas vantaxes presenta para iso a propia natureza*”. De Monfero di que “*non ofrece máis vantaxe que a venda de todo para algunha fábrica de lencerías, para proporcionar ós seus habitantes o medio dunha industria que os faga máis felices, pola comodidade das abondosas augas e sitio regular de campiña que ocupa nas súas circunferencias*”. Tamén se indica o derrubo dos conventos de Montefaro, Ferrol e Pontedeume, alegando desculpas de urbanización. Asinan o tan pintoresco Informe Nicolás del Río Noguerido, José María Romay e Manuel Conde Gulasta.

181.- Esta licencia insírese no libro de VAAMONDE LORES Ferrol y Puenteume, páxs. 80-81.

Historia de Pontedeume

que pertencían, Na mesma licencia concede o arcebispo de Santiago corenta días de perdón a tódolos fieis cristiáns que fosen en romaría ó mosteiro no día de Santa Catarina e á ermida de Chanteiro, en tódalas festas de Santa María.

Fora confirmada esta licencia por bula do antipapa español Pedro de Luna (Benedicto XIII), expedida en Avignon no ano 1395, segundo do seu pontificado¹⁸².

A data de fundación de Montefaro consta igualmente por unha inscrición gravada en pedra e que estaba á esquerda da igrexa, e que di así:

ESTE :M :FEZO :FERNAND :PS :DANDRADE :ANNO :DNI : M :
CCCXCII. Esta inscrición forma un rectángulo, dentro do
que está o escudo dos Andrade no que se le: AUE : M :
GRACIA : PLENA : DNS : TECUM :BENEDITUS : FRU¹⁸³.

Desque obtivera a citada licencia, fixera Fernán Pérez, ó convento de Montefaro, moi importantes doazóns que lle habían producir rendas medradas.

Fora unha delas a da ermida de Chanteiro, con todo canto a ela pertencía, o que aprobara o arcebispo de Santiago no 1396.

Outra importante doazón fora a da vila de Mugardos, coa súa xurisdicción e señorío. Efectuárase esta doazón en San Vicente de Caamouco, o 1 de xullo do ano 1397, estando presente Fernán Pérez de Andrade, e diante dos notarios da vila de Pontedeume, Domingo Fernández e Xoán Rodríguez, comparecendo no nome do mosteiro Frei Diego Fernández, a quen dera posesión da vila de Mugardos e de todo o señorío dela, dicindo ós fregueses que asistiran en calidade de testemuñas e en por eles a tódolos demais...

182.- Reprodúcea DON LEANDRO DE SARALEGUI Y MEDINA no seu **Informe sobre el convento de Santa Catalina de Montefaro**, Ferrol, 1900, páxs. 2-3.

183.- Lida por Saralegui, loc. cit. pág. 2, nota, e reproducida en fotogravado a pedra no traballo **Las doblas de Fernán Pérez**, por ANDRÉS MARTÍNEZ SALAZAR, "Bol. da Real Acad. Gal.", t. I, 2ª edic., pág. 21. Conserva esta peza histórico-arqueolóxica, na Coruña, a Comisión Provincial de Monumentos.

184.- Vid. íntegra a escritura en VAAMONDE LORES, **Ferrol y Puente deume**, páxs. 81-82.

*"quelles quitaua todas las seruentias que lle soyan fazer por que as feçesen des y en deante ao dito mº e conuento del. Et quelles quitaua os pedidos e colleytas et tallas e tributos que lles soyan pagar de cada hun anno. Et madou aos sobreditos frygles, que pagasen de cada hun anno ao dito frey diego en nonme do dito mº ou a quen ouuese de ueer ou procurar a facenda do dito mº trezentos e sesenta e seys mrs de cada anno para senpre por dia de san mnº. Et outrossy que mandaua a estes sobreditos que estauan presentes et a todos los outros moradores da dita friglia que non estauan presentes que non tomassen outro sennor nen amos saluo o dito mº doie este dia en deant sub penna de duçentos mrs. a cada hun por cada vez que dello feçeren o contrario"*¹⁸⁴.

Fernán Pérez ‘o Bóo’

Dera tamén Fernán Pérez, ó convento de Montefaro, parte da igrexa de Santa María de Miño, que fora dos cabaleiros templarios, e mailos coutos de Miño e Bemantes coas terras que neles pertencesen ós ditos cabaleiros. Para tal fin fixéranse pescudas nos citados coutos por orde de Fernán Pérez no mes de xullo do ano 1396.

E xa sabemos que o dezmo da madeira da vila de Pontedeume e maila súa portaxe e **yantar** coas que Fernán Pérez dotara a capela e hospital situados no medio da ponte da vila, foran dados tamén ós frades de Montefaro, con outros bens na parroquia de San Martín do Porto.

Á parte destas doazóns, recibira outras moi valiosas de particulares, especialmente de Ferrol e Pontedeume.

Ademais, pontífices e reis tamén o favoreceran, como o citado Benedicto XIII, concedéndolle indulxencias ós fieis



Escudo de armas de Fernán Pérez o Bóo, procedente do mosteiro de Montefaro.

que o visitasen, e os monarcas Don Enrique III e Don Juan II. Montefaro nas súas épocas de esplendor mantiña trinta relixiosos, número que estaba reducido a dezaioito no ano 1835, data da exclaustación.

Historia de Pontedeume

Pola súa táboa de misas do 2 de xullo do 1746, consta que tiñan que se celebrar trescentas oitenta cantadas e duascenas trinta e catro rezadas, co que nos podemos facer unha idea das fundacións establecidas en Montefaro e das rendas que debían producir¹⁸⁵.

Hoxe non queda case nada da primitiva edificación de Montefaro; as restauracións sufridas ata o século XVII deixaban quedar ergueito moi pouco da antiga fábrica, e a isto viñérase xunta-lo abandono no que estaba o edificio desde a extincións das ordes relixiosas ata que o Estado decidira utilizalo con fins militares para a defensa de Ferrol.

Ocupaban as edificacións do convento un total de 2.260 metros cadrados.

A igrexa era dunha soa nave rectangular, de 10 metros de longo por 6,50 de ancho, con bóveda finxida de barrote en canón, e conservaba da época de Fernán Pérez os canzorros que termaban do beiril do tellado ó longo dos seus muros. Hoxe soamente queda a capela maior, restaurada, continuación da única nave que tiña o templo, cuberta con bóveda semicircular, que arrinca dun sinxelo cornixamento nos muros laterais, con casetóns nas pilastras e moldura corrida na arquivolta do arco toural. O máis notable que contén esta capela é un retablo churrigueresco que cubre a parede do testeiro e que ten no seu centro unha fermosa efíxie da Inmaculada.

O resto da edificación da liña do Sur, comprendendo a entrada do recinto conventual e maila portería de San Francisco -a primeira reducida a un sinxelo arco en semicírculo, repousando en pilastras curtas e cadradas, e por riba del un fornello do renacemento coa efíxie do Penitente de Asís no medio- desaparecera tamén, agás a pesada torre cuadrangular do século XVIII.

No interior quedan dous claustros da época na que se erguera Montefaro de novo, modernamente restaurados, un deles á dereita e preto da igrexa derruída, e o outro cara á parte na que estiveran o forno e maila paneira.

O primeiro e principal, de 15 metros de lado, está rodeado por oito arcos de plena cimbra por cada fronte e por riba deles ábreanse, no andar superior, unhas sinxelas ventás rectangulares, entre altas pilastras dóricas que terman da cornixa da mesma orde. Chama a atención a portada que na nave ou galería baixa do Este leva desde o claustro deica a

185.- Vid. a citada táboa nun artigo de DON ANTONIO A. REY ESCARIZ, *Santa Catalina de Montefaro*, t. III do "Bol. da Real Acad. Gal.", páxinas 202-206.

sala capitular: consta de tres arcos con catro arquivoltas, timidamente apuntados, que repousan en columnas xemelgas de curto fuste e grosos capiteis, unidos por un só ábaco de grandes proporcións e adornados con alegorías e figuras de homes e animais, entre elas a de San Francisco de Asís predicándolles ás aves. Pertence esta portada á época de Fernán Pérez.

O segundo dos claustros, que mide 19 metros de longo por 14 de ancho, non se chegou a rematar, constando as súas dúas únicas alas do Norte e Sur de igual número de corpos, dos que terman, de cada un deles, sete arcos sobre pilastras, de airoso medio punto os de baixo e rebaixados, con peito-ril, os de riba, agregados, non hai moito tempo, ó primeiro, que era o único que existía.

As outras dependencias e departamentos do mosteiro, sala capitular, celas, refectorio, panadería, fornos, etc., enteira-mente transformados en relación co servizo a que hoxe están destinados, carecen en absoluto de importancia artística e dificilmente permiten determinar como estaba distribuído o edificio antes de agora¹⁸⁶.

No patio do Instituto “*Da Guarda*”, da Coruña, foran depositadas algunhas reliquias arqueolóxicas pertencentes a Montefaro.

Un magnífico órgano que a igrexa tiña levárase, no ano 1844, á de San Xulián de Ferrol.

Cando Galicia dera o golpe definitivo ás águas francesas no memorable combate de Ponte Sampaio, os frades franciscanos, que tiveran parte moi activa nas sangrentas loitas contra o invasor, non se sentiran aínda libres dos seus deberes coa Patria, e foran moitos os que se ofreceran a seguir servíndoa ata a fin da guerra.

Así o fixeran os frades de Montefaro, como o demonstra o seguinte documento, revelador do máis alto patriotismo¹⁸⁷.


“A la Junta de Armamento y Defensa de Betanzos.

“Señores presidente y vocales representantes de esta provincia de Betanzos.- El ministro y religiosos de este convento de Montefaro, convencidos de las urgencias del Estado y deseos de hacerse útiles a su amada Patria, tienen el honor de manifestar a VV. SS. los generosos sentimientos de que se hallan animados. Apenas abrió aquél -el ministro- los labios con un breve discurso, cuando

186.- Vid. o citado Informe do SR. SARALEGUI.

187.- Insíreo o P. JUAN R. LEGÍSIMA en **Los Franciscanos de Galicia en la Guerra de la Independencia**, páxs. 749-750.

Historia de Pontedeume



Montefaro: claustr

unánime la comunidad acordó poner a la disposición de VV. SS. la poca plata que tiene su iglesia, reservando únicamente para el culto seis cálices, el viril y el copón. Aquella consiste en una lámpara, dos arañas, una cruz procesional con sus dos ciriales, otra pequeña de altar con sus candeleros, un incensario con su naveta y un par de vinajeras con su campanilla y platillo, a que se deben agregar seis cubiertos que para obsequio de personas distinguidas había comprado de sus limosnas dicho ministro.

“Todo sería poco, si a la oferta de estos cortos intereses no añadiesen la de sus personas: el R. P. ex-Provincial, Fray José Cavalo y Becerra, de edad de 53 años; el P. Predicador de tabla, Fray Luis Martínez, de 23; el P. Fray Ramón Puente, de 27; el P. Fray Ignacio Bartolomé, de

27; el P. Fray Vicente Comerciante, de 26; los coristas Fray Felipe Osorio y Espiñeira, de 23, y Fray Remigio Castellanos, de 21; y el hermano lego y panadero, Fray Domingo González, de 31; todos los que se presentaron ofreciéndose bajo sus firmas servir a su madre Patria, en el destino que tuviese a bien emplearlos, y todos sanos y robustos, según expresan en sus escritos que obran en mi poder; y cuyas personas deberán ser sostenidas de cuenta de los cortos haberes del convento, sin el menor gravamen del erario. Algunos más se ofrecieron, de quien no hago relación por constarme su poca salud.

“Sírvasse VV. SS. aceptar este corto don como efecto del patriótico afecto de estos individuos del Estado, y dar las órdenes correspondientes al que se dice menor entre ellos; y ruega al Señor, prospere en ambas felicidades sus importantes vidas para la gloria y honor de la nación. en este convento de Montefaro y enero 26 de 1810.- Señores B. a VV. SS.- L. M. su obsequioso y afecto capellán.- Fray Francisco Rodríguez, ministro de Montefaro.”

A xenerosa oferta que das súas persoas fixeran os fra- des de Montefaro non chegara a utilizarse, debido a que as hostes de Napoleón non ousaran intentar unha segunda invasión da terra galega, e por esta razón tampouco non se lev- ara á práctica a instrucción que para o armamento en masa de tódolos pobos de Galicia, dictara, o 15 de febreiro do ano 1810, a Xunta Superior deste reino.

Esta Xunta non puido menos que louvar como se merecía o nobilísimo ofrecemento daqueles franciscanos, dicindo¹⁸⁸:

“E dándose noticia a esta Superior, acordou que se inse- rise nos papeis públicos en honor do patriotismo e xene- rosidade daqueles relixiosos, mandando ó mesmo tempo que a Xunta de Betanzos lles explicase a gratitude de esta e mailo vivo interese co que había mirar sempre a aquela comunidade, da que a Xunta admitía compracida os ofre- cimentos, aplicando a doazón da prata ás primeiras aten- cións do armamento deste reino e reservando dar destino proporcionado ás persoas dos relixiosos que se ofrecen no servicio da Patria.”

A ermida de Chanteiro, unida ó convento de Montefaro e obra tamén de Fernán Pérez, é particularmente notable polo voto que fixeran os veciños de Ferrol de visita- la cada ano.

Levárase a efecto este voto por causa dun andazo sufrido a mediados do ano 1404¹⁸⁹; e en virtude del ía tódo- los anos á ermida de Chanteiro, polo segundo día da Pascua de Pentecostes, o procurador do concello de Ferrol, no nome

188.- P. LEGÍSIMA, op. cit., páxs. 750-751.

189.- MADOZ no seu **Diccionario Geográfico** di que durante os anos 1400 e 1403.

Historia de Pontedeume

da municipalidade, para ofrendar á Virxe cun cestiño de flores, coñecido por “*a flor de Chanteiro*” e un certo número de libras de cera. Montero y Aróstegui descríbenos así a cerimonia¹⁹⁰:

“Asistía a esta rogativa non soamente o cura párroco e demais cregos coa cruz e pendóns, senón tamén a do antigo convento de San Francisco e un relixioso no nome da comunidade, sen dúbida polo dereito que esta adquirira de erguer cruz parroquial cando os frades tivesen que administra-los sacramentos ós veciños, por teren morto tódolos sacerdotes naquel andazo. Presidía a rogativa o maxistrado ou outro delegado no seu nome; e antigamente era costume que, polo menos, asistise ó cumprimento do voto un individuo de cada familia. Ó desembarca-la comitiva no porto de Mugardos, saía a xustiza desta vila recibir ós que chegaban, saudando ó maxistrado de Ferrol cunha salva de arcabuces e outras armas de fogo; e xuntándose á comitiva, marchaban xuntas ámbalas dúas xustizas deica a xurisdicción da vila de Ares, da que o seu maxistrado saía tamén a recibir-la rogativa no adro do santuario de Chanteiro. Deste xeito continuaba a procesión arredor da capela pola parte de fóra, facendo tamén neste acto o xustiza de Ares igual galano de salvas de arcabuces e acompañando ó maxistrado de Ferrol á misa solemne que se cantaba. Rematado o Santo Oficio, entregábaselle á Virxe a flor e maila cera ofrecidas, retirándose a comitiva na orde e polo mesmo camiño que trouxera.”

O voto de Chanteiro viñérase practicando ata o ano 1839, no que, por se ter debilitada a fe e convertido aquel acto nunha profana diversión, e así mesmo polo perigo das tempestades que ameazaban ós que por mar ían á ermida, así como por ter esta perdido moito no seu decoro por causa da expulsión dos frades, e por outros motivos, fora conmutado o voto, o 31 de decembro dese ano, coa condición de que a solemne rogativa se levase á capela do Socorro de Ferrol, con San Xulián en procesión, e de que se ofrecesen á Virxe doce libras de cera e se celebrase unha misa no seu altar.

As xustizas de Mugardos e Ares, o párroco de Cervás e algúns veciños de Ferrol reclamaran contra a conmutación do voto, pero sen resultado positivo.

190.- Historia de la ciudad y departamento naval del Ferrol, páxs. 47 e 48.

XVII. O CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE FERROL

Atribúeselle tamén a Fernán Pérez de Andrade a construción do convento de San Francisco de Ferrol, ou, cando menos, a súa reedificación.

De crer ó historiador ferrolán Montero y Aróstegui¹⁹¹, habería que remonta-las orixes desta casa á época na que o propio San Francisco viñera en peregrinación a Santiago, pois recolle a opinión de que o fundara un compañeiro do Santo Patriarca, ou o Beato Xoán Parente, aseverando despois que Fernán Pérez de Andrade non fixera máis ca reconstruílo no ano 1377.

O máis verosímil é que a este acreditado persoeiro se lle deba a fundación do convento de Ferrol, porque no **Provinciale**, que se debeu escribir polo ano 1343, e que publicara o P. Eubel, non se fai mención deste convento, polo que resulta probable que aínda non existise daquela, e, ademais, porque o P. Castro, moi dado a lles atribuír remotas orixes a tódolos conventos, afirma, no seu **Árbol cronolóxico de la provincia de Santiago**, que o fundara, no ano 1377, Fernán Pérez de Andrade, que fora o seu patrón e mandara gravar alí as súas armas, edificándoo no 1388. Ó primeiro contaba soamente con doce relixiosos, e este era o número dos que alí vivían no ano 1587. Máis adiante chegarían a ser trinta. A humilde igrexa de San Francisco de Ferrol fora derrubada no ano 1757 para edifica-la actual.

O grande escultor Ferreiro, xunto con Juan Antonio de Estivada, construíran o retablo do altar maior coa súas imaxes, e para isto celebrárase contrato en xaneiro do 1790. Tamén se debe a Ferreiro a imaxe de San Buenaventura dun dos altares laterais.

O convento quedara abandonado no ano 1835; no 1840 derrubáranse algúns dos antigos claustros, e no 1858 instaláranse nas dependencias que aínda quedaban dereitas as oficinas do corpo administrativo da Armada¹⁹².

Cando os franceses invadiran Ferrol, respectaran o convento de San Francisco, ó que non fixeran mal ningún, en

191.- Op. cit., páx. 402.

192.- Vid. **San Francisco de Ferrol**, polo P. ATANASIO LÓPEZ, en “El Eco Franciscano” (15 de abril do 1918).

Historia de Pontedeume

contra do que fixeran con case tódalas casas relixiosas de Galicia situadas nos lugares por eles asaltados. Nunha relación enviada ó prelado e asinada por Frei Ramón Tobío, lese¹⁹³:

“Este convento, por sorte, non pode entrar, segundo a opinión de tódolos padres, na relación de desastres: os inimigos, aínda que tan crueis e impíos, respectaran esta pobre casa; ela e maila súa igrexa quedaron intactas; nada sufriron; nin na unha nin na outra puidemos ver inimigo ningún, senón unha vez dous, que marcharan de contado. Tódolos relixiosos andabamos polo medio deles para irmos a enterros e funcións, sen que se metesen con ningún. Certo é que non faltaron sustos, medos e sobresaltos, inseparables das feras que nos dominaban, fóra disto, entraron e saíron como, cando e do xeito que lles petaba.”

Un dos principais coidados dos habitantes de Ferrol nas súas capitulacións cos franceses, fora o de estipular que por ningún concepto nin circunstancia se molestase ó convento de San Francisco. Así consta no artigo 6º da capitulación, que di:

“Poranse salvagardas en tódolos establecementos piadosos e de administración; a relixión será respectada e os seus ministros protexidos no servizo do culto”. A Xunta aceptara a seguinte adición a este artigo: “Compréndese nel a única comunidade de San Francisco que hai nesta praza, tan necesaria para o pasto espiritual, e da que a X. C. recomenda ós seus individuos”¹⁹⁴

Ó abeiro daqueles claustros vivira un guerrilleiro franciscano, natural de Galicia, Frei Andrés Villageliú, famoso na guerra da independencia.

193.- **Héroes y mártires gallegos**, por FREI JUAN R. LEGÍSIMA, páx. 245.

194.- Vid. P. LEGÍSIMA, op. cit., páx. 244, nota.

A C A S A D E A N D R A D E E A
S Ú A F U S I Ó N C O A D E L E M O S

CAPÍTULO III

**PEDRO
FERÁNDEZ
DE ANDRADE**

- I. ESCASAS NOTICIAS DESTE PERSONAXE.-
- II. A GRANXA DE REPARADA.-
- III. A CAPTURA DE BALEAS EN GALICIA.-
- IV. DONA MENCÍA DE MEIRA.-

Historia de Pontedeume

I. ESCASAS NOTICIAS DESTE PERSONAXE

Morto Fernán Pérez de Andrade o **Bóo**, sucedéao, como xa sabemos, o seu sobriño Pedro Fernández de Andrade, ó que, por non ter aquel fillos, instituírao por herdeiro universal.

Este Pedro Fernández tivera por pais a Xoán Freire de Andrade e a María Afonso, e estivera casado con Dona Mencía de Meira.

Poucas noticias se teñen deste segundo señor de Pontedeume, de quen o goberno, de curta duración, carece, polo xeral, de importancia.

II. A GRANXA DE REPARADA

Seguindo Pedro Fernández a tendencia dos seus antecesoros de se apoderar dos bens pertencentes ás ordes relixiosas, metérase na granxa de Reparada, que máis adiante se chamara de Covas, e que era do dominio dos monxes de Sobrado.

Estes relixiosos fundaran unha granxa coas doazóns que o rei Don Fernando II, por privilexio dado na Coruña o 15 de febreiro do ano 1158, fixera ó abade de Sobrado Don Egidio e mais ós seus monxes, dándolles posesión dos portos de mar de Sartaxene, Partachá e Barricido, e de todo o dereito real do monte de Prioiro e de Reparada, coa súa xurisdicción así no mar coma na terra, demarcando e acoutando ó tempo os termos de Reparada; bens todos estes que o mosteiro colocara ó coido dun **Magistro** ou **Magister**.

Esta granxa de Reparada, incrementada considerablemente con outras pertenzas, chegara a ter moita importancia, sobre todo desde o rei Sancho **el Bravo**, por privilexio expedido na cidade de Lugo no ano 1286, concedera a Sobrado o dezmo da baleaxe que se matase no porto de

Historia de Pontedeume

Prioiro, atento a que este porto fose aberto en propiedade do mosteiro.

Como esta granxa proporcionase rendas moi medradas, e por estar, ademais, confinante coa xurisdicción e señorío de Ferrol, que pertencía á casa de Andrade, tratara Pedro Fernández de se apoderar dela. Nunha real cédula que a favor do mosteiro de Sobrado expedira Don Juan I en Medina del Campo o 23 de decembro do 1380, lese:

“Ett otrosi que vos el dho Pedro Fernández de Andrade, que tenedes en encomienda contra su voluntad la Graña de Reparade, con sus omes vasallos”.

Pedro Fernández, por virtude da real cédula mencionada, deixara libre e desembargada ó mosteiro a citada granxa; mais os seus sucesores fixeran todo o posible por apoderarse outra vez, senón de toda ela, polo menos da súa parte mellor, que era o monte e mailo porto do Prioiro.

Cansos os monxes de loitar cos seus poderosos rivais os de Andrade, cedéranlles máis adiante o referido porto, que os seus descendentes posuían aínda a empezos do século pasado, época na que foran abolidos os dereitos señoriais¹⁹⁵.

III. A CAPTURA DE BALEAS EN GALICIA

Falamos antes do dereito de baleaxe no porto de Prioiro que o rei Don Sancho **el Bravo** concedera ós monxes de Sobrado, e agora engadiremos que naqueles tempos era corrente a caza da balea nas costas galegas¹⁹⁶.

Alcanzara esta o seu maior desenvolvemento durante os séculos XIII e XIV, e levábana a cabo, principalmente, os pescadores biscaíños, sobre todo nos meses de novembro a febreiro, que era cando nas nosas costas aparecían máis baleas.

A coroa tiña dereito ó dezmo da baleaxe, e así vemos como o citado rei Don Sancho **el Bravo** cede ós monxes de Sobrado aquela regalía marítima.

Seguira a pesca da balea durante os séculos XV e XVI. O licenciado Molina, no seu **Descripción del Reino de**

195.- Vid. Ferrol y Puenteume, por CÉSAR VAAMONDE LORES, páxs. 6-7.

196.- Vid. La pesca de la ballena en las costas gallegas, por ANTONIO A. REY ESCARIZ, t. IV do “Bol. da Real Acad. Gal.”, páxs. 33-36. Sobre esta pesca na costa da provincia da Coruña nos séculos XV e XVI trata TETAMANCY Y GASTÓN en **Apuntes para la Historia Comercial de la Coruña**, páxs. 69-70 (Coruña, 1900). O escritor mindoniense DON EDUARDO LENCE SANTAR Y GUITIÁN, no t. I da súa obra **Del Obispado de Mondoñedo** (Mondoñedo, 1911), dedica un artigo titulado **Las ballenas** a dar conta da pesca deste cetáceo nalgúns portos da provincia de Lugo.

Pedro Fernández de Andrade

Galicia, trata de como se pescaba este cetáceo nos nosos portos e cita algúns nos que era máis florecente esta industria, entre eles o de Prioiro.

Os pescadores de baleas intentaran varias veces librar do imposto de baleaxe, e non o conseguiron despois de dar orixe a curiosos preitos.

“Pasado o século XVII extingúírase notablemente a pesca da balea no noso litoral; e no seguinte, aínda que eran moitas as embarcacións biscaíñas e mesmo francesas que frecuentaban a costa cantábrica pretendendo o beneficio deste cetáceo, o incesante aumento dos portos galegos e da navegación de altura, con especialidade no N., foran a causa de que se extinguíse rapidamente nas costas galegas a cobizada pesca”¹⁹⁷.

IV. DONA MENCÍA DE MEIRA

A esposa de Pedro Fernández de Andrade, Dona Mencía de Meira, vivía aínda en estado de viúva o 5 de novembro do ano 1433; e nesta data, estando nas súas casas de Betanzos, fixera desembargo en mans de Frei Alonso de Compostela, ovenzal ou prior da graña de Nogueirosa, dos bens que levaba en foro o mosteiro de Sobrado, na freguesía de San Cosme, coa condición de que este mosteiro tiña que lle perdoa-la cantidade de cen maravedís que debía de foro cada ano¹⁹⁸.

197.- REY ESCARIZ,
loc. cit.

198.- VAAMONDE LORES,
op. cit. páx. 7, nota.

A C A S A D E A N D R A D E A T A A
S Ú A F U S I Ó N C O A D E L E M O S

CAPÍTULO IV

**NUNO FREIRE
DE ANDRADE**

- I. CARÁCTER DESPÓTICO DESTE PERSONAXE.-
- II. A POSESIÓN DOS COUTOS DE MUNIFERRAL E FEÁS.-
- III. A SÚA INTRUSIÓN NOS BENS DO MOSTEIRO DE SOBRADO.-
- IV. A SUBLEVACIÓN DE ROI XORDO.-
- V. SERVICIOS PRESTADOS POR NUNO FREIRE E DISTINCIÓNS QUE MERECERA.
- VI.- A SÚA PROTECCIÓN A MONFERO E O SEU SEPULCRO NESTE MOSTEIRO.

Historia de Pontedeume

I. CARÁCTER DESPÓTICO DESTE PERSONAXE

A Pedro Fernández de Andrade sucedérao seu fillo Nuno Freire, a quen se lle dera o alcume de **o Mao**.

Consta que Nuno Freire era fillo de Pedro Fernández pola doazón que da vila de Mugardos e mailos seus termos fixera Andrade **o Bóo** a favor dos frades de Montefaro. No documento lese: “*Nuno freyre dandrade fillo de pero fernandez dandrade*”.

Nuno Freire de Andrade fora, por conseguinte, o terceiro señor de Pontedeume.

Vírase Nuno Freire, sendo aínda moi novo, dono dun considerable señorío, que comprendía os termos de Pontedeume, Ferrol, Vilalba e outros, poboados por milleiros de súbditos e defendidos estes dominios polas magníficas fortalezas que Fernán Pérez edificara ou restaurara.

Tan amplo poderío debeu servir, se cadra, para facer medra-la natural condición forte e dura do novo señor de Pontedeume, ata facer del, esoberbecido, un déspota cruel e sanguinario que merecera a execración da posteridade ó nomealo co triste cualificativo do **o Mao**.

E o certo é que Nuno Freire debeu comezar moi axiña, seguramente xa desde os primeiros anos, a dar sinaladas probas do seu carácter despótico e inhumano; por canto que, aínda en vida de seu pai Pedro Fernández, e en ocasión que este sostiña unha disputa de bens co cóengo de Santiago Xoán López de Vilouzás, fillo de Lope García de Vilouzás, veciño de Betanzos, ameazara Pedro Fernández a este cóengo manifestándolle que se non desistía dos seus propósitos **faría que o seu fillo Nuno Freire lle dese dúas lanzadas polo ventre**.

Esta característica deixa adiviñar o que había ser, andando o tempo, aquel futuro señor de Pontedeume, sinalado coma un dos déspotas máis implacables de Galicia nos primeiros anos do século XV.

Historia de Pontedeume

Cabaleiro de verdade lese no seu sepulcro, e non escasean os testemuños de familiares e favorecidos cualificando de **boa** a súa memoria, mais, así e todo, a historia permaneceu, insistentemente, sen rectifica-lo seu fallo.

II. A POSESIÓN DOS COUTOS DE MUNIFERRAL E FEÁS

A disputa mantida entre o pai de Nuno Freire e mailo cóengo de Santiago, Vilouzás, fora motivada porque o cabido daquela igrexa arrendara ó tal Vilouzás os coutos de Muniferral e Feás -no concello de Aranga, partido de Betanzos- que por moito tempo levara en préstamo Fernán Pérez **o Bóo**, pero que á súa morte, e por virtude do consignado no seu testamento outorgado no ano 1397 diante do notario Alvar Pérez, mandando que se lle entregasen á igrexa de Santiago, e a outras certas igrexas, os coutos e herdades que el por elas tiña, volveron outra vez pertencer á compostelá, que dispuxo deles como xa se viu.

O Pedro Fernández de Andrade, que non se resignaba á perda daquelas terras, fixo que o cóengo Vilouzás fose desposuído dos citados coutos por Fernán Díaz de Ribadeneira e mais polo sobriño deste Nuno Freire de Andrade, fillo de Pedro Fernández.

Non conforme Juan López de Vilouzás con este atropelo, quixo facer vale-los seus dereitos, e daquela fora cando Pedro Fernández escribira ó pai de Vilouzás requiríndoo para que conseguise que o cóengo desistise da demanda e proferindo a gráfica ameaza **das lanzadas**.

A demanda interpúxose por fin no ano 1405 polo referido Xoán de Vilouzás contra Fernán Díaz de Ribadeneira. Alegaba este que Fernán Pérez **o Bóo** e tamén o seu sogro Aras Pardo, posuíran os coutos en cuestión por espacio de cincuenta anos e que Fernán Pérez deixara estes coutos no seu testamento a Nuno Freire de Andrade, neto do Mestre de Christus de igual nome e apelido, e mais a Fernán Díaz de Ribadeneira, no caso de que este Nuno Freire finase sen fillos, como así sucedera. O cóengo Xoán López contestaba que o tal testamento era falso e a cláusula alegada unha pura invención. A sentenza dictouse en favor de Santiago polo alcalde maior de Galicia, o 3 de marzo do ano 1405, e, en

Nuno Freire de Andrade

virtude dela, o cóengo Xoán López fora reintegrado na posesión dos referidos coutos.

Dous anos despois, no 1407, volvera Nuno Freire de Andrade, morto seu pai Pedro Fernández, a disputarlle a Xoán López de Vilouzas os expresados coutos de Muniferral e Feás. Protestara o cóengo; pero a iso contestara Nuno Freire, desde Pontedeume, o 28 de decembro do 1407, dicindo que *“se entrara neses coutos fora porque os tiña en foro do arcebispo, como antes os tiveran outros cabaleiros polos arcebispos de quen eran”*.

E por fin Nuno Freire saíra coa súa, pois o 11 de novembro do ano 1411, en Betanzos e nas casas do arcediago de Nendos Don Xoán Rodríguez Medín, arrendara o cóengo Vilouzas, por dez anos, os coutos de referencia a Nuno Freire, por 400 marabedís de moeda vella branca en tres diñeiros cada ano, reservándose, ademais, durante os catro primeiros anos, as rendas de pan e castañas e mailo nomeamento de mordomos¹⁹⁹.

III. A SÚA INTRUSIÓN NOS BENS DO MOSTEIRO DE SOBRADO

Nuno Freire de Andrade mostrárase altivo cos relixiosos de Sobrado, a quen os señores de Pontedeume parecían ter declarada unha incesante guerra.

Xa temos noticia das intrusións que nos bens destes relixiosos, en especial na granxa e couto de Nogueirosa, efectuara Fernán Pérez; xa sabemos tamén o sucedido co seu sobriño e sucesor, Pedro Fernández, no que toca á granxa de Reparada, que houbo de deixar libre nas mans dos seus lexítimos posuidores, os de Sobrado, por virtude da real cédula de Juan II expedida o 23 de decembro do ano 1380. Nuno Freire, dado o seu carácter ben sabido con motivo da posesión dos coutos de Muniferral e Feás, non podía por menos neste punto que segui-las pegadas dos seus antecesoros, temeroso, se cadra, coma eles, do poderío que ía collendo esta casa relixiosa.

Non litixios que se deran entre Nuno Freire e mailos monxes de Sobrado atopamos un exemplo ben elocuente da

199.- Vid. *Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela*, por ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, t. VII, páxs. 22-23, nota, e pág. 27 (Santiago, 1905).

Historia de Pontedeume

condición **forte e dura** que os cronistas contemporáneos dan ó terceiro señor de Pontedeume.

“Tendo chegado a coñecemento do abade do citado mosteiro Don Frei Alonso Yáñez -refire César Vaamonde Lores²⁰⁰- que no porto de Prioiro, que era del, contruíranse certas obras e fabricáranse edificios sen el sabelo nin autorizalo, o día 1 de outubro do 1410, diante de notario e testemuñas, fixo levantar unha acta na que se consignaba a súa protesta e a manifestación de que estes edificios non lle pasasen prexuízo a el nin ó seu convento, nin que ninguén por isto tivese dereito a alegar señorío, posesión nin propiedade.

“Non ben tivera coñecemento Nuno Freire desta protesta, contestara a ela, irado, nos seguintes termos:

“Nuno Freire de Andrade lo digo. Cousa manifesta notoria he de como eu mandey fazer favores e edificios en lo porto et lugar de Prioyro que he miña herdade e meu señorío... Disseronme que o abade de Sobrado veo ao dito lugar dizendo que era seu e de seu moesteiro e que lle era feito injuria de esta obra. Os edificios lavores que eu en lo dito lugar mandey fazer, feitos son en miña herdade e en meu señorío. Don abade se quesera escusado ouver... fazer tal molestazon pois dereito non avia de a fazer. Fezo injuria, fezo exceso, protesto en... proseguir contre el meu dereito. Pezo testimoyas. Testimoyas García Prego de Montaos, Juan de Cordova, escrivano del Rey, Pedro Vello, Lopo Rodríguez Pillarte”.

“Máis forte e duro -conclúe o autor mencionado- non se puido mostra-lo noso cabaleiro na réplica transcrita”.

IV. A SUBLEVACIÓN DE ROI XORDO

Con ocasión de que, no ano 1428, viñera o infante Don Enrique de Aragón a Santiago, acompañado de moitísimos cabaleiros, percorrera a seguir moitas terras de Galicia e estivera nos estados do de Andrade, onde fora esplendidamente agasallado, pois, como se consigna na **Crónica de Don Juan II**, Nuno Freire *“le hizo mucho servicio et dio todas las viandas que hubieron menester, tanto quando ende estuvieron”*.

No ano seguinte, 1429, acompañara coas súas hostes ó rei Don Juan II na xornada de Aragón.

200.- Nuño Freire de Andrade, traballo publicado no “Almanaque gallego para 1916”, que dirixira en Buenos Aires Don Manuel Castro López.

Todo isto producíralle ó de Andrade gastos moi medrados, os que, sen dúbida, tratara de repartir entre os seus vasalos. Unido isto a outras aldraxes que deberan vir sufrindo, determinara que no 1431 apareceran formando entre eles ligas e irmandades, agoiro seguro de formidable estalido revolucionario.

O fondo malestar que, xa de tempo atrás, alí reinaba, manifestouse por fin na sublevación dos vasalos guiados por Roi Xordo.

Este personaxe era natural de Coruña, ó dicir de Vaamonde Lores, e *“home sagaz, prudente, valoroso e de grande autoridade e prestixio”*²⁰¹.

Vexamo-la narración destes sucesos na Crónica de Don Juan II:

“Entre los otros negocios que el rey había de despachar antes que para la guerra partiese (1431), era uno que pendía entre Nuño Frayre de Andrade y sus vasallos de la Puente de Heume y Ferror y Villalva, que eran suyas, y sus vasallos que se habían todos levantado contra él, diciendo que era señor muy fuerte y duro y que no lo podían comportar, y hacíanle guerra tres mil hombres y más, y le habían derribado ciertas casas fuertes, y le habían talado algunas viñas y huertas, y con estos se habían juntado otros muchos de los obispados de Lugo y Mondoñedo, que serían bien diez mil hombres y más, y habían tomado por capitán un fidalgo que se llamaba Ruy Sordo, y traían un pendón de Santiago, y hicieron todos una Hermandad, y por toda la tierra lles llamaban los Hermanos. Y andaban así poderosamente haciendo muy grandes daños y males en la tierra, que en las rentas del rey ni contra su justicia no tocaban. Y el rey, queriendo apaciguarlos, acordó enviar allá un tesorero con cartas al arzobispo de Santiago Don Lope de Mendoza, y a Don Alvaro de Sorna (Isorna), obispo de Cuenca, quien era natural de aquella tierra, y estaba allá por entonces, mandándoles y rogándoles que trabajasen como aquella gente se apaciguase sin escándalo y sin otro rompimiento, y como quiera que ellos trabajaron cuanto pudieron por lo así hacer. Los dichos Hermanos se vieron tan poderosos y estaban tan locos, que no solamente no quisieron estar por cosa de lo que por los dichos arzobispos y obispo les fué mandado de parte del rey, mas atentaron de entrar en la ciudad de Santiago, lo cual el arzobispo les defendió, y ayuntó su gente, en que pudo haber hasta trescientos de a caballo y tres mil peones, con los cuales acordó de pelear con estos dichos Hermanos, los cuales, como eran gente menuda y de poco esfuerzo, acordaron de se derramar y irse algunos dellos para el arzobispo, y como Nuño Freyle había recibido tan grandes daños desta gente, juntose con Gómez García de Hoyos, que era corre-

201.- “El caballero Fernán Pérez de Andrade dicta sentencia en un pleito litigado entre Pero Vello y el convento de Montefaro sobre la posesión del terreno llamado los Queimados, colindante con el atrio de la iglesia de San Martín do Porto”, documento incluído no t. III da **Colección de documentos históricos**, do “Bol. da Real Acad. Gal.”. vid. pág. 96, nota.

Historia de Pontedeume

gidor por el rey en aquella tierra, y fueron a Puente de Heume, que era deste Nuño Freyle, y tenían ende cercado un castillo suyo donde estaban su mujer y sus hijos. Cuatrocientos hombres y más destos que se llamaban Hermanos pelearon con ellos, y descercaron el castillo, y murieron aí algunos de Hermanos, y otros fueron presos y enforcados, y así se apaciguó este caso de Galicia.”

O alzamento popular que acabamos de mencionar é o primeiro movemento que se rexistra na historia do noso país contra a opresión dos señores.

“O seu organizador e caudillo, Roi Xordo, que soñara coa liberdade da súa patria, pasou polo duro transo de presenciar como a súa obra, con tan bos agoiros comezada e tan felizmente seguida, chegou a ter un fin tan imprevisto como desventurado. Este home extraordinario é, sen dúbida, o primeiro, verdadeiro e único heroe das liberdades galegas, e moi merecente de que se reivindique a súa memoria e se lle rendan homenaxes.”²⁰².

V. SERVICIOS PRESTADOS POR NUNO FREIRE E DISTINCIÓNS QUE MERECEIRA

Os servicios prestados por Nuno Freire ós monarcas casteláns son descoñecidos, agás a intervención, xa citada, na xornada de Aragón, no ano 1429, acompañando ó rei Don Juan II.

As noticias que o puntual e verdadeiro cronista Vasco da Ponte debeu rexistrar no seu **Relación de casas y linajes del Reino de Galicia** sobre este personaxe, están perdidas, así como as doutros señores da casa de Andrade, e ata o de agora non foi posible reparar esta lamentable perda.

Se estes servicios non tivesen importancia, non interviría neles o propio rei, como xa se viu, para acougar ós vasalos sublevados do de Andrade, nin tampouco non o chamaría para formar parte do seu consello, segundo consta no seu epitafio.

Varios autores, ó falar deste personaxe, atribúenlle o disfrute de distintas mercés, como López de Haro que, no seu Nobiliario, impreso no 1622, afirma que Nuno Freire fora comendador e Trece da Orde de Santiago; pero non é cousa de telos moito en conta, pois polo que toca á casa de

202.- VAAMONDE LORES,
en nota ó doc. cit. na nota
anterior.

Andrade incorren con frecuencia en considerables inexactitudes²⁰³.

VI. A SÚA PROTECCIÓN A MONFERO E O SEU SEPULCRO NESTE MOSTEIRO

Se Nuno Freire se amosara inimigo implacable dos monxes de Sobrado, non procedera así cos de Monfero, ós que, seguindo o exemplo de Fernán Pérez o Bóo, fixéralles moi valiosas doazóns.

Sepulcro de Nuno Freire de Andrade en Monfero



Despois de favorecelos longamente, deixáralles por disposición testamentaria “*40.000 maravedís sueltos o viejos en dinero, para que con ellos pudiesen adquirir alguna hacienda, sin otra obligación que la decirle por su alma una misa diaria, otra rezada cada mes y un aniversario cantado después de la Natividad de Nuestra Señora, que es a 9 de septiembre*”²⁰⁴.

Dispuxera no seu testamento que o enterrasen na igrexa do mosteiro e que se colocase o seu sepulcro á porta da capela maior, como así se fixo.

Nuno Freire de Andrade falecera no mesmo ano no que fora afogada a sublevación dos seus vasalos, ou sexa no 1431, segundo consta na inscrición do seu sepulcro.

203.- Vid. **Nuño Freire de Andrade**, por CÉSAR VAA-MONDE LORES.

204.- Loc. cit.

Historia de Pontedeume

Esta di así:

*O : UONE : IESU : AUEDE : PIEDADE : DA : ANIMA : DE :
NUNO : FREIRE : DE : ANDRADE : CAUALEIRO : DE : UER-
DADE : UN : DO : CONSELLO : DO : REI : QESE : FINOU :
ENO : ANO : D : MIL : CCCCXXI : ANOS.*

Lese ademais AUE MARIA, lema do apelido, e ten outros letreros moi borrosos.

“A efixie de Nuno Freire -di César Vaamonde Lores, a quen pertence a anterior lectura²⁰⁵- represéntao vestido de cabaleiro armado. Ós seus pés vese un fermoso lebreiro, e por baixo un oso e mais un xabarín, símbolos da casa de Andrade. As dimensións do monumento son 2,30 por 0,68.

*“No 1606 o abade Don Frei Atanasio Velázquez abriu este sepulcro, atopando a Nuno Freire vestido e calzado coas súas botas e esporas douradas, coma persoa que está de partida para algunha xornada, e, pechado outra vez, mandouno colocar dentro da capela maior. Así o di o famoso Villalpando na súa **Historia de Monfero**, importante manuscrito inédito.*

“Cando o abade Don Frei Tomás de las Peñas fixera derruba-la igrexa (1641-1643), levárase o sepulcro a outro lugar e, despois de volta a edificar, colocárase “entre la pared del claustro de la lición y la pared de la iglesia nueva, debajo de la entrada del coro alto, acia debajo del órgano, que era donde estaba la iglesia antigua y donde tuvo su capilla la imagen de Nuestra Señora de la Cela”, segundo consta do P. Armuño, anotador da obra de Villalpando.

“Hoxe, despois de tanta mudanza, o sepulcro está -unha miga afundido no chan- preto da porta de entrada da igrexa, cara á dereita.”

Velaquí o que queda do altivo cabaleiro a quen estivera a piques de serlle decisivamente crebado o seu poderío pola axitación popular na primeira guerra social que coñeceu Galicia.

Non deu sobrevivido ó infortunio que padeceran os vencidos. A condición “*forte e dura*” que os historiadores lle atribúen, ó se sentir atropelada pola vaga de viláns, debeuse sobreexcitar ata o punto que, se cadra, iso apresurase o remate da súa vida, máis aínda que as perdas materiais experimentadas mentres a revolución estivera triunfante.

205.- Loc. cit.

Nuno Freire de Andrade

E naquel sepulcro fora pechado -e hoxe preséntasenos, como simbolicamente, “*unha miga afundido no chan*”- cando, intensamente viva a memoria do desastre, podería parecer que enchían o espacio os dolorosos laios dos caídos ó redor da fortaleza de Pontedeume, ou nas abas de Nogueirosa, despois de racha-lo cerco ó castelo de Andrade, e cando, se cadra, aínda estaban os axustizados pendurados das almeas destas fortalezas tristemente evocadoras do cruento e prolongado martirio de Galicia nos séculos medios.

A C A S A D E A N D R A D E A T A A
S Ú A F U S I Ó N C O A D E L E M O S

CAPÍTULO V

**PEDRO FERNÁNDEZ
DE ANDRADE II**

- I. LEGADOS A MONTEFARO E MONFERO.-
- II. DIEGO DE SAMBOULO.-
- III. A PROTESTA DE PEDRO PADRÓN.-
- IV. EFECTOS DELA.

Historia de Pontedeume

I. LEGADOS A MONTEFARO E MONFERO

Nuno Freire de Andrade deixara dous fillos: Pedro Fernández de Andrade e Fernán Pérez de Andrade, herdando o señorío o primeiro deles.

Pedro Fernández de Andrade II fora, xa que logo, o cuarto señor de Pontedeume, e del, como do seu antecesor do mesmo nome, son moi escasas as noticias que se conservan.

Desde logo, mostrárase tan despótico e tirano como o fora seu pai Nuno Freire.

Na freguesía de Santa Mariña de Vilar, pertencente ó actual partido de Ferrol, onde estaba aveciñado, outorgara testamento no ano 1435.

*“Entre outros varios legados -di César Vaamonde Lores²⁰⁶- mandara ós frades de Montefaro, “en esmolda e por amor de deus”, a herdade chamada **dos Queimados** “que jaz junto con o adro da dta iglhia de samno do porto e que os dtos frayres de dto moestro que disesen por el en cada hun ano para sempre cinq^o misas cantadas con cinq^o responsos por la sua alma e da qlos a que el era teudo”. Tamén fixera algunhas fundacións con varias cargas piadosas no mosteiro de Monfero, onde recibira sepultura.*

“A súa caixa sepulcral, de pedra, coa efíxie de caba-leiro armado e cos escudos da familia, tiña unha inscrición da que o referido Villalpando soamente puidera ler “aquí jaz pedro fernández de andrade fillo deste nuno freire de andrade”. No ano 1606 abrira esta caixa Frei Atanasio Velázquez e, por atopala baleira, sen ósos nin sinais de que fora sepultada nela persoa ningunha, mandouna sacar da capela maior e poñela achegada á parede do cruceiro, e alí quedara deica a súa traslación á igrexa moderna.

“Por única e universal herdeira de Pedro Fernández quedara unha súa filla de menor idade, nomeada Dona María de Andrade, quinta persoa sobre a que recaeran os estados dos seus maiores, que gobernara baixo da tutela do seu tío Fernán Pérez.”

206.- Ferrol y Puente deume, pág. 9, nota.

II. DIEGO DE SAMBOULO

Nos tempos de Pedro Fernández II sucedera o episodio da trágica fin de **Diego de Samboulo**, que servira ó coñecido escritor Don Francisco Tettamancy de argumento para escribir unha interesante lenda en verso con aquel título²⁰⁷.

Os Andrade, ó se entremeter nos bens de varias igrexas, non habían deixar excluída a colexiata de Caaveiro, da que a xurisdicción raiaba cos estados daqueles.

O prior e mailos cóngos de Caaveiro conseguiran de Don Juan II unha real cédula expedida en Toro, o 21 de febreiro do ano 1432, dispoñendo que Pedro Fernández de Andrade volveuse ós ditos prior e cóngos os bens que lles tiña retidos, e non soamente isto, senón tamén a Diego de Samboulo, a quen o de Andrade tiña preso e que debía ser vasalo do mosteiro e mesmo persoa de calidade.

Pedro Fernández contestara o requerimento na seguinte forma, pola que coñecemos a trágica fin de Diego de Samboulo:

“Que Fernán Pérez, su hermano, sendo el dho Pero Fernández en Castilla, prendiera ao dito Diego de Samboulo, por ciertos eçesos e crimines quel avia fecho, o depois (da) venida do dito Pero Fernández, o dito Diego de Samboulo, jaçendo no castelo de Andrad preso en cadeas de ferro, para el proceder a saver a verdad por via de dereyto e (cousa?) çerta dos eçesos e crimines contra el opostos aquello que se achase por dereito de justicia, que o dito Diego de Samboulo, sentendose rreo y culpado dos ditos eçesos e crimines, fojendo do castelo, saltando de zima da bara (sic) del con as ditas cadeas, do cal salto veo a morrer, segun foy e notorio e se mostrare per notarios publicos quando mester for e por ende que a el era ynposible de o entregar.”

O citado Tettamancy comenta así a morte de Diego de Samboulo²⁰⁸.

207.- Lugo, 1903.

208.- **Diego de Samboulo**, páxs. 76-77, nota.

“Misteriosa fora a morte do noso heroe, que, segundo a nosa maneira de pensar non sería tan criminal cando reclamaba a súa entrega o prior de Caaveiro como amo e señor del.

“¿Matariase Diego canso das loitas e miserias da vida, daquela tan abondosas dado o absorbente poder do feudalismo, ou a man deste andaría nesa morte para satisfacer algunha desas venganzas tan comúns nel?”

III. A PROTESTA DE PEDRO PADRÓN

Pouco despois de que Pedro Fernández chegase a rexe-los estados dos Andrade, verificárase diante das portas do palacio real de Zamora a célebre protesta de Pedro Padrón²⁰⁹. Ocorrera este memorable feito o 18 de xaneiro do ano 1432.

O despótico goberno de Nuno Freire deixara tan triste lembranza entre os seus vasalos que, temerosos os de Ferrol de que Pedro Fernández, que viña demostrando un carácter moi semellante ó de seu pai, cometese con eles as mesmas aldraxes, designaran a Pedro Padrón para levar adiante a arriscada misión de protestar diante do rei Don Juan II da confirmación que do señorío de Ferrol -vila que se chufaba de ser realenga e que os seus foros foran confirmados polo propio Don Juan II en vida de Nuno Freire, o 25 de abril do 1429- se intentaba facer a Pedro Fernández.

Presentárase Pedro Padrón en Zamora, onde estaba daquela Don Juan II; mais nin o rei nin o seu valido, o tristemente célebre pola súa desgracia, Don Álvaro de Luna, quixeran dignarse en recibir ó decidido procurador de Ferrol; e así este, despois de requirir ó notario público Álvaro Alfonso, protestara enérxicamente diante del, as testemuñas acompañantes e mailo público que o escoitaba, xusto diante das portas do palacio real.

No arquivo municipal de Ferrol gárdase un exemplar auténtico da sonada protesta, do que a copiara Montero y Aróstegui para a súa **Historia de la ciudad y departamento naval del Ferrol**²¹⁰; pero despois fora roubada. Dela existe copia no arquivo xeral de Simancas.

É obrigado reproducir aquí tan interesante documento:

“En la cibdad de Zamora, ante las puertas de los palacios a donde posaba nuestro Señor el Rey, diez y ocho días del mes de enero, año del nacimiento de nuestro Señor Jesucristo de mill e quatrocientos e treynta e dos años, en presencia de mi Alvaro Alfon... (Hai un segundo apelido que non se pode ler), escribano del dicho Señor rey e su

209.- DON VICTORINO NOVO Y GARCÍA é o autor dun romance titulado **La protesta de Pedro Padrón**, que conseguira o primeiro premio nos xogos florais celebrados en Ferrol o 18 de agosto do 1879, e que se insire no libro deste mesmo autor **Romancero de Galicia**. DON JOSÉ MILLÁN ASTRAY é autor doutro romance con igual título que acadara “accesit” nos referidos xogos florais.

210.- Páxs. 294-296.

Historia de Pontedeume

notario público en la su corte e en todos los sus reynos, e de los testigos de yuso escriptos, pareció Pedro Padrón, vesino de la villa de Ferrol, de Reyno de Gallisia, e presentó e fiso leer por mi el dicho notario un escripto de testigos y protestación fecha en esta guisa. Notario presente, daredes testimonio a mi Pedro Padrón, procurador del Concejo de la villa de Ferrol desta protestación que por ante vos fago aquí ante las puertas del palacio de nuestro Señor el Rey, por quanto non puedo aver su presencia, e digo que por quanto yo, en nombre del dicho Concejo, he dado ciertas querellas por ciertas peticiones que ante el dicho Señor Rey presenté en el su muy alto Concejo querellándome en el dicho nombre de los muchos males e daños, cohechos, despechamientos e arranzonamientos e muertes de omes e presiones e despoblamientos de la dicha villa que de Nuño freyle Dandrade e de su hijo Pero Fernández e de sus escuderos e omes por su mandado recibimos e avemos recibido fasta aquí, e agora antes de los vesinos de la dicha villa seyeren proveydos de remedio de justicia cerca los susodichos males e robos e daños e espechamientos e prisiones de omes e mugeres e fuerzas e desaguisados que les así fueron fechos según dicho es, fisiéronme entender que dicho Señor Rey no acatando a lo susodicho, ha fecho o quiere faser merced al dicho Pero Fernandes de la dicha villa e su tierra, dándole el señório della, por ende que yo en el dicho nombre protesto que caso que al dicho Pero Fernandes sea fecho merced del Señório de la dicha villa e su tierra antes que el dicho Concejo e vesinos del sean proveydos de remedio de justicia cerca de los susodichos males, robos e daños e muertes e presiones e cohechos e arranzonamientos nin seeren punidos ni nos aver dello ni de parte dello alcanzado cumplimiento de justicia, que al dicho Concejo e vesinos e moradores del no corra tiempo al su derecho cerca los susodichos males e robos e daños por no poder al presente alcanzar cumplimiento de justicia, e que al dicho Concejo quede e esté e sea sano, e eso mismo a los vesinos del su derecho para lo seguir e acusar e demandar siempre e en todo tiempo, onde e quando e como e ante quien debieren. Otrosi por quanto la dicha villa de Ferrol pertenece a la Corona rayal de nuestro Señor el Rey, segund los previllejos que en esta razón tenemos, e que sobrello nos fueron dados por los Reyes antecesores de nuestro Señor el Rey, los quales por su alteza nos fueron e son confirmados e otorgados e por su Señoría fecho juramento por su fe rayal de los guardar e mantener segund que en ellos se contiene, e agora es venido nuevamente a noticia de mi el dicho Pedro Padrón, procurador del dicho Concejo, que su alta Señoría quiere faser merced de la dicha villa al dicho Pero Fernandes de Andrade, contra todo lo susodicho e non catando a ello. quebrantando los dichos previllejos e usos e costumbres a que fuemos e somos poblados, por ende que yo en el dicho nombre no consiento en ninguna ni alguna gracia e merced que da la dicha villa e su tierra sea fecha al dicho Pero Fernandes, e protesto que si le es o fuere fecha, que sea en sí ninguna e de ningún valor, e de como lo digo pídolo por testimonio sinado para guarda del derecho del dicho

Pedro Fernández de Andrade II

Concejo de la dicha villa e vesinos della e de su tierra e alfoges e mio en su nombre. Testigos que a esto fueron presentes, Juan Sanches de Vallid e Juan de los Santos pescador, vesinos de la villa de la Cruña, e Pero Lopes, vesino de la villa de la Ponte de ume e otros; e yo el dicho Alvaro Alfonso, escribano e notario público sobredicho, porque fuí presente a todo lo que dicho es, escrebí esta carta e fise en ella este mio signo”.

Os foros de Ferrol que na protesta se invocan foran os seguintes, de que se ten noticia: o de Alfonso **el Emperador**; o de Fernando III **el Santo**, dado en Valladolid o 15 de abril do ano 1250; o de Alfonso X **el Sabio**, expedido en Burgos o 5 de agosto do 1270; o de Sancho IV **el Bravo**, en Toro, do 22 de xaneiro do 1283, polo que se confirmaban os tres anteriores, e no que se lles reconece ós ferroláns o curiosísimo dereito de se poder defender na contra do propio rei -“*mando que vos amparedes e vos defendades también del rey como de mi, como de todos los otros que después de mi vinieren*”²¹¹”; o de Fernando IV **el Emplazado**, datado tamén en Valladolid, o 6 de abril do 1312; o de Alfonso XI en Cuenca, o 20 de xuño do 1338, e, finalmente, o de Don Juan II, o 25 de abril do 1429, xa durante o señorío da casa dos Andrade.

Con todo e os ditos foros, tan repetidamente confirmados, o certo é que os Andrade, a partir de Fernán Pérez o **Bóo**, tituláranse señores de Ferrol, e así o foran na realidade.

IV. EFECTOS DELA

Efecto da protesta de Pedro Padrón e das moitas queixas que o rei debeu recibir, non se confirmou a Pedro Fernández de Andrade no señorío da terra ferrolá. E a esta mesma protesta atribúeselle o que dous anos máis tarde, o 9 de marzo do 1434, estando o rei en Medina del Campo, elixise como corrixidor de Mondoñedo e outras dióceses galegas a Fernando González del Castillo, con poder e xurisdicción sobre tódalas cidades, vilas e lugares, tanto reguengos como abadengos e das ordes, e contra os que...

“posiesen fuego a las casas et myeses et vyñas et furtasen, contra los roubadores de los camynos et contra los que enellos ofenderen et mataren, entendendose esto mesmo con los señores de las tierras y señoríos que tomasen jurisdicción en todas las cuestiones y causas civiles y cri-

211.- Publicado por VICET-TO, **Historia de Galicia**, t. V, páxs. 242-243.

Historia de Pontedeume

*minales, obligando a las justicias a que le hagan entrega de los ladrones y matadores que hubiese en sus tierras y jurisdicciones, y que ninguno los cobije, so pena de castigos muy severos*²¹².

Non sabemos se con isto desapareceran os desacougos dos vasalos de Andrade nas terras de Ferrol, pertencentes á diócese de Mondoñedo no eclesiástico, se ben é de supoñer que esta casa, tan poderosa, seguise sobrepoñéndose a todo outro dominio.

212.- **Armas en Orense**, por
BENITO FERNÁNDEZ
ALONSO, Ourense, 1891,
páxs. 22-23.

A C A S A D E A N D R A D E A T A A
S Ú A F U S I Ó N C O A D E L E M O S

C A P Í T U L O V I

**DONA MARÍA
DE ANDRADE
E FERÁN PÉREZ II**

- I. FERNÁN PÉREZ SUCEDE Á SÚA SOBRÍÑA DONA MARÍA.-
- II. CONFÍRMASE A FERNÁN PÉREZ NO SEÑORÍO DE FERROL.-
- III. INTRUSIÓNS NAS PROPIEDADES DA IGREXA DE SANTIAGO.-
- IV. CABALEIROS QUE TIÑA FERNÁN PÉREZ Ó SEU SERVICIO.-
- V. ESTADO FLORECENTE DA CASA DE ANDRADE.-
- VI. A GUERRA DOS IRMANDIÑOS: AS SÚAS CAUSAS; CONCORDIAS E IRMANDADES.-
- VII. OS CAUDILLOS.-
- VIII. FORTALEZAS DERRUBADAS.-
- IX. A GUERRA DOS IRMANDIÑOS NAS TERRAS DO DE ANDRADE.

Historia de Pontedeume

Dona María de Andrade e Fernán Pérez II

I. FERNÁN PÉREZ SUCEDE A SÚA SOBRÍÑA DONA MARÍA

Xa dixeramos que por única herdeira de Pedro Fernández, segundo deste nome no señorío de Pontedeume, quedara unha filla de seu, Dona María de Andrade, menor de idade, encargándose do goberno no nome dela o seu tío Fernán Pérez, fillo de Nuno Freire.

Dona María debeu morrer sen sucesión, por canto os estados de Andrade pasaran ó seu tío Fernán Pérez, que os tiña xa en propiedade o 22 de febreiro do ano 1443, segundo se consigna nun foro outorgado nesa data polos relixiosos de Montefaro, no que se le:

*“Et eu john sennor not^o publico por lo sennor frnan peres dandrade ennas vilas de ponte deume e ferrol e vilalua e en todas las outrs suas terras e señorios e encomendas a esto que dto he presente foy e escriui e puge aquí este meu nome e signal que he tal en ts^o de verdade john sennor not^o”*²¹³.

Fernán Pérez, ó dicir de Vasco da Ponte, “*no había otra tacha sino que era muy dado a mujeres*”.

Casara con Dona María de Moscoso e de Montaos e de Dubra e dos Becerras de Cauces e doutra liñaxe da que viña Roi Fernández Nogueirol e doutras da súa parte de Ourense, e tiveran por fillo primoxénito a Diego de Andrade, que sería despois o sétimo señor de Pontedeume.

II. CONFÍRMASE A FERNÁN PÉREZ NO SEÑORÍO DE FERROL

O rei Don Juan II, o 9 de xullo do ano 1442, estando en Valladolid, confirmara no señorío de Ferrol a este Fernán Pérez, a quen se chamou **o Mozo**²¹⁴.

213.- VAAMONDE LORES, **Ferrol y Puente deume**, páx. 9, nota.

214.- Publicárase este documento na revista “Galicia” dirixida na Coruña por Don Antonio de la Iglesia (1860-1866), t. II, correspondiente ó ano 3^o, núm. 15.

Historia de Pontedeume

Como fose que, debido, segundo se cre, á protesta de Pedro Padrón non se confirmara no señorío de Ferrol a Pedro Fernández, pretenden algúns que esta vila non tiña señor desde Fernán Pérez o Bóo, xa que, ó morrer este sen sucesión, debían volver á coroa as doazóns recibidas, como tiña disposto Enrique II no seu testamento, ó dicir que *“todavía las hayan por mayorazgo a que finquen en su fijo legitimo mayor de cada uno de ellos; e si moriesen sin fijo legitimo, que se tornen los sus hogares a la corona”*²¹⁵.

Así e todo, o certo é que os Andrade sempre se titularan señores de Ferrol desde Fernán Pérez o Bóo, e así o fixera tamén Dona María de Andrade, como consta nun foro outorgado polos frades de Montefaro o 6 de xaneiro do 1440, no que se di:

*“Et eu john sennor notº publico por lo sennor frnan peres dandrade titor de dona mª sua sobriña ennas vilas da pontedeume e ferrol e vilalua e en todas las outs suas terras e señorios e encomendas...”*²¹⁶.

III. INTRUSIÓNS NAS PROPIEDADES DA IGREXA DE SANTIAGO

Fernán Pérez, igual que os outros nobres e persoas poderosas do seu tempo, non era demasiado respectuoso coa propiedade allea, aínda que, ás veces, lles servise de desculpa que os dereitos de cada quen sobre ela non sempre estaban ben definidos.

Vémolo así disputando coa igrexa de Santiago de Compostela sobre a posesión de distintos bens.

Os coutos de Muniferral e Feás, xa litigados nos tempos do primeiro Pedro Fernández e o seu fillo Nuno Freire, fórono despois polos fillos deste Pedro Fernández e Fernán Pérez, segundos destes nomes no goberno dos estados de Andrade. Malia o convenio de Nuno Freire tomando en arrendo do cóengo Vilouzás os expresados coutos o 11 de novembro do 1411, o seu fillo Fernán Pérez non tivera reparo en se apoderar deles, alegando que os herdara á morte de seu pai. A igrexa de Santiago insistira en facer vale-los seus dereitos, e así no ano 1433, os dous fillos de Nuno Freire celebraran unha concordia co cóengo Martín López sobre os

215.- LÓPEZ DE AYALA,
Chron. de Enrique II.

216.- VAAMONDE LORES,
Ferrol y Puente deume,
páx. 9, nota.

Dona María de Andrade e Fernán Pérez II

coutos citados, recoñecendo que, en efecto, pertencían ó cabido, de quen seu pai os levara en arrendo. Isto, case seguro, non había ser impedimento para que despois Fernán Pérez chegase a tomalos como se fosen da súa única propiedade²¹⁷.

Sería pola intrusión nos referidos coutos ou en outros bens pertencentes á igrexa compostelá, o certo é que a Fernán Pérez alcanzáralo, no ano 1445, a excomunión do Papa Eugenio IV, quen, baixo o citado castigo, mandara volverlle á igrexa de Santiago tódalas terras, coutos e xurisdicións que lle estaban usurpadas, sen que o de Andrade, coma outros moitos cabaleiros, fixese moito caso das cominacións eclesiásticas.

O 23 de setembro do ano 1449, sendo arcebispo de Santiago don Rodrigo de Luna, o deán Don Pedro Vázquez e mailo provisor Don Diego López de Enciso autorizaran ó cardeal Don Martín López, que é quen como cóengo figura na concordia antes citada, para que, sen incorrer en excomunión, conferenciase con Fernán Pérez de Andrade para ver de chegar a unha avinza.

Esta xestión non debeu producir moi bo resultado, pois os nobres, malia excomunión, seguían entrando nas igrexas; e así, o 18 de abril do 1450, Don Rodrigo de Luna publicara unha carta pastoral prohibindo ós eclesiásticos, baixo pena de excomunión e privación das súas dignidades e beneficios, e ós segrares baixo a de 2.000 maravedís para a súa cámara e quince días de prisión nas torres da praza, entrar na catedral ou en calquera outra igrexa da diocese. Ademais, o 5 de xullo dese ano 1450, dirixira Don Rodrigo unha carta a Fernán Pérez de Andrade e a moitos outros cabaleiros, ameazando con lles impoñer-la pena de 2.000 maravedís se eles esixisen pechos e servicios dos caseiros das terras pertencentes ós cóengos de Compostela, pois estaban libres deles por concesión real e eclesiástica²¹⁸.

Non sabemos cal puidese se-lo efecto destas disposicións, aínda que algo deberon contribuir para coutar certos excesos dos nobres.

217.- Vid. **Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela**, por ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, t. VII, páx. 194, nota.

218.- Vid. ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, op. cit., t. VII, páxs. 194-197.

IV. CABALEIROS QUE TIÑA FERNÁN PÉREZ Ó SEU SERVIZIO

Polo veraz cronista Vasco da Ponte, coñecemos importantes noticias do sexto señor de Pontedeume. Falando deste personaxe di no seu libro **Relación de casas y linajes del Reino de Galicia**²¹⁹.

“Ahora tornemos a contar los principales de la casa de Fernán Pérez de Andrade, padre de Diego de Andrade, que llevaban de él sueldo.

“Primeramente era Fernán Díaz de Ribadeneira, señor de casa grande y antigua, que tenía cincuenta lanzas, con mil y quinientos hombres de vasallos y behetrías; también eran sus dos hermanos, Diego Sánchez y Ruy González, que le acudían con cada diez escuderos, y tenían cuatrocientos hombres de vasallos y de behetrías, encomiendas y propiedades, ambos a dos.

“Ares Vázquez de Paraga, señor de la casa de Paraga y de Saavedra, que tenía veinte de a caballo y quinientos hombres, y de ahí arriba.

“Pedro de Paraga, padre de Fernán Pérez Paragués, que era casa de cien vasallos y de seis o siete de a caballo.

“Alonso de Lanzós, con veinte de a caballo y cuatrocientos vasallos, muchas behetrías.

“Pedro de Miranda, casa de treinta fidalgos; la mitad tenían caballos, porque era en tierra brava.

“Pedro Pardo o Mariscal, hasta que fué gran señor.

“Lope Díaz Teixeira, diez escuderos y trescientos hombres, y de ellos los cincuenta vasallos.

“Pedro de Miranda no baxaba de mandar setecientos hombres, y los que eran vasallos no podían baxar de ciento: después de muerto Lope Díaz Teixeira, vinieron con él los tres hermanos Teixeiros, los cuales mató Pedro Fernández Machado en Vilarmajor por mandado de Pedro Pardo; estos tres hermanos tenían todos treinta de a caballo y mandaban muito no obispado de Mondoñedo, que los dos de ellos eran hombres de iglesia beneficiados.

“Alonso López de Aguiar con cuatro o cinco escuderos, y mandaba ducientos hombres, muy pocos de ellos vasallos.

219.- Casa de Andrada.

Dona María de Andrade e Fernán Pérez II

“Gonzalo Sánchez de Landrove, dos o tres escuderos, y mandaba cien hombres, no vasallos, sino behetrías.

“López Díaz, de diez o doce de a caballo; non tenía vasallos; mandaba a Santa Marta con toda su tierra; este López Díaz fue el que llevó la mujer a Pedro de Andrada do Burgo, y por este caso no curó Pedro de Andrada del servicio de Fernán Pérez, y tomó por valedor a Ares Pardo.

“Pardo con siete o ocho de a caballo, pocos vasallos; mandaba muchos en Betanzos.

“Ruy Freire de Mones de Andrada, ciento y ochenta vasallos, sin behetrías y diez de a caballo.

“Juan Núñez Pardo de Cela, el que murió en Cambás; matólo Alonso de Lanzós; tenía cuatro o cinco de a caballo, cuarenta vasallos, con más otros ciento de encomiendas y behetrías; tenía mucho mando en Betanzos.

“Pedro González de Villousaz y su hijo García Pérez y López García de Villousaz su sobrino, todos tres regidores de Betanzos; tenían diez de a caballo, mas no tenían vasallos, aunque eran hombres de buena renta.

“Fernando de Andrade de Tamago, tres o cuatro de a caballo, con cien hombres, muy pocos de ellos vasallos.

“Otro que no tenía gran terra, pero tenía razonable renta, y con muy pocos vasallos, García Martiz de Barbeira; el segundo Ruy López de Aguiar, dos suyos e de los ajenos mandaba lo que quería; el día que lo mataron tenía treinta de a caballo.

“Pedro Fernández Machado, primo de Fernán Pérez, era bastardo, tenía tres o cuatro de a caballo, no tenía vasallos, pero había quinientas cargas de pan e de vino de renta en terra de Santa Marta, tenía pocos escuderos, traía muchos peones mientras fue sano.

“Ruy López de Aguiar, de quien de suso hablamos, llamábanle Ruy López de Pena, porque tenía levantada la pena de Cospeito; juró de nunca casar hasta tener treinta de a caballo; aquel día que a ello llegó lo mataron; la verdad bien sabida, no tenía para cinco escuderos.

“Todos estos de suso dichos no entraron por sus portas de Fernán Pérez todos juntos, por razón de que unos eran más viejos y otros más mozos, y unos vinieron más y otros menos; pero siempre los tres o cuatro de ellos vinieron con él en un tiempo juntamente, y también muchos se ficiéron sus amigos; el que más poco con él vivió fue Alonso de Lanzós, que, aunque eran parientes, eran enemigos ya los padres”.

V. ESTADO FLORECENTE DA CASA DE ANDRADE

Prosegue Vasco da Ponte a súa **Relación** dando detalles interesantes do florecente estado no que daquela se achaba a casa de Andrade:

*“Falemos del estado de la casa de Fernán Pérez. Tenía buenos cuarenta escuderos; estos eran de la tierra; traía continuos treinta o veinte y cinco, cuando menos veinte, cuarenta o cincuenta peones, muchos pajes y mozos de cámara con todos los oficios que entonces podía tener un señor; traía continuamente dos, tres trompetas; toda la gente de su casa comían continuo pantrigo da praza, y a cualquier villa o ciudad que llegaba, traían por refrán: **Cocer, panadeiras, que en la villa hé Fernán Pérez.**”*

“Ahora tornemos a decir de qué se mantenía su estado. Digo yo que me afirmo en que tenía de renta tres mil y quinientas cargas de pan y de vino, contando o do conde de Altamira y de Doña Violante, con la mitad de Arteixo, y os que llevó Pedro Fernández, e dos beneficios que él dio en Paraga a Fernán Pérez Parragués, por la prisión de Alonso de Lanzós, y dos beneficios que se perdieron en el foro de Bezoucos, e las cebadas que pagaban las behetrías. Tenía de dinero en menudencias al pie de ducientos mil maravedises. Tenía de tocinos, carneros, cabritos, marranas, gallinas, capones, perdices, pescado de todas maneras; ahora no se da sino el que quiere; y de bois e vacas le daban tanto presente que no había menester comprarlo; verdad es que entraban setenas. Todos los años del mundo no baxaban de darle de mano besada al pie de tres mil doblas. Tenía sogas y cuchillo sobre tres mil y cuatrocientos hombres, los dos mil y trescientos suyos, los mil y trescientos de behetrías que venían con apelaciones, y de otras jurisdicciones que no tenían juzgado. Tenía de vasallos de otros más de mil y quinientos hombres, y porque ninguno lo dude, daré la cuenta por entero.

“Tenía 730 hombres en Villalba con la villa, y 70 en los Villares, y 170 en Pruzos, 60 en Ois, 330 en la Puente de Eume o de Andrada, 110 en el faro de Bensoycos, y 400 en Ferrol y su alfoz y otros cotos que tienen juzgado, y en Serantes y Doniños y en San Mateo; 120 en Nario, sin el coto de Anca; 110 en Crobas Queixas e Bouza longa; 100 Perves e Villar mayor e o couto de Leiro que Fernán Pérez dio a Parragués por la prisión de Alonso de Lanzós; dice (dez) que se perdieron en el foro de Montouto e otros diez en Vinceira grande. Ahora conto las behetrías: Monfero e Caaveiro buenos 460 hombres; Ribera del Sor, Ruipar y a graña de Villarente, estas tres casas do mos-

Dona María de Andrade e Fernán Pérez II

teiro de Meira, 260 vasallos; todo o couto de Pedroso, 100 vasallos; Jorbazo e o couto de Anta, 60 vasallos; Santa Cecilia, 20; Villa Pedre, San Lorenzo de Arbol, Santa Aya de Rego Abeso, 60 vasallos, Muiño ferral, 30. Ahora contamos donde tenía juzgado y vivían con él: desde lo couto de Muras hasta topar con jurisdicción de Meira, que es terra de costas de Montes, bien tenía 700 hombres; do couto de Villa Juan, 40 hombres; do couto de Codesido, 30, que, aunque eran recachones, le besaban la mano; otros 30 hombres en San Pedro de Cambás, aunque de ellos tenía cargo Lope Sánchez de Ulloa; no le podían excusar otros 20 ó 30 no Val de Mariz, aunque era de Portomarín; la mitad de Betanzos con su jurisdicción; 10 ó 12 hombres en Andel, que eran de Pedro de Paraga; en el couto de Leiro, aunque los tuviese el conde Don Sancho, 80 vasallos; los más de los vasallos que tenía el conde de Lemos do ponte para mar; otros de Santa Marta e de Viveiro, que muy pocos le faltaban de 2.300 hombres. De manera que de todos éstos cada un año cogía su dobla; y de los muchos tratantes que se llamaban a él en el obispado de Mondoñedo, parte de Lugo y en parte del arzobispado, y de carracas y naos que venían a Ferrol, crímenes y homicidios, bien tenía de estos cada año tres mil doblas; y todos tenían por bien de tener de él su carta, porque cualquier que pasaba contra su carta o lo pagaba muy bien o le dexaba la terra; de manera que todos le temían, y porque él era verdadero, todos se fiaban de él. Y otra cosa tenía que valía tanto como todo esto, que era el gran tesoro de doblas y reales y moneda amonedada que fizo (fizó ou fincó) de Fernán Pérez o Bóo, de manera que todo su gran poder duró hasta que vino la gran hermandad que se levantó contra él.”

VI. A GUERRA DOS IRMANDIÑOS


Durante o goberno de Fernán Pérez II estalara a famosa guerra social que conmoviera a toda a rexión, e que se coñece co nome de **Guerra dos irmandiños ou irmáns de Galicia**.

Un precedente desta loita dos viláns contra os señores é o alzamento de Roi Xordo nos tempos de Nuno Freire; e un singular exemplo das resistencia do pobo ó dominio señorial ofrécenolo a protesta de Pedro Padrón ó herda-los dominios de Andrade Pedro Fernández II.

O estado social de Galicia naquela época non podía ser máis penoso. As aldraxes das que, por parte dos señores, eran obxecto as clases populares chegaran ó seu límite: “Non lles abundaba -escribe López Ferreiro²²⁰- con que con-

220.- *Galicia en el último tercio del siglo XV*, 2ª edic., t. I, Coruña, 1896, páxs. 90-91.

Historia de Pontedeume



Torreón de Pontedeume

Dona María de Andrade e Fernán Pérez II

tribuisen con pedidos á construción das fortalezas dos señores; era preciso que servisen persoalmente na construción do señor para carreta-los materiais. Levantada a fortaleza, comezaba para o vilán outra nova serie de aldraxes; cando pasase preto dalí había pagar peaxe, portádego ou pontaxe para a conservación da fortaleza. Da fortaleza saía o señor para rouba-la terra, coma o voitre sae do medio das penas para se botar riba da presa, e á fortaleza tornaba para se gardar e custodia-la presa. Por último, de fortaleza a fortaleza, adoitaban facer crúa guerra entre os señores, e os plebeos pagaban case sempre as custas nestas loitas fratricidas. Nunha palabra, as fortalezas eran semellantes a sombras que perseguían e maltrataban ós plebeos en todas as partes”.

Tantas eran as aldraxes das que se facía vítima ó pobo que era natural que determinasen a unión dos asoballados e, como consecuencia dela, a resistencia e loita contra dos nobres.

Primeiro atendérase a borrar diferencias que puidesen facer máis doada a trabazón entre os rebeldes ou que evitasen a propia rebeldía. Un exemplo disto é, segundo López Ferreiro²²¹, a avinza e conciliación que celebraran, o 14 de xuño do ano 1467, o arcebispo e cabido de Santiago cos moradores dos coutos de Camouco, Lubre e Cervás; contrato axustado en San Vicente de Camouco por Pedro González de Cesuras, crego de Santa María de Oís, e Fernán Suárez, procuradores do cabido, e ratificado o 26 de xuño do citado ano. Lése no documento no que consta esta avinza que, por teren reclamado os moradores dos citados coutos contra dos tributos que pagaban á igrexa de Santiago, dicindo deles que lles eran “*graves de pagar*” e que lles foran impostos por “*tiranía e potencia de homes poderosos*”, quedaban exentos desta tributación, substituíndoa a perpetuidade por outra máis doada de aturar.

Semellante sentido de avinza e conciliación inspirara a tódalas corporacións, tanto eclesiásticas como civís, para, deste xeito, xuntar xentes que servisen de barreira formidable ós abusos e atropelos cometidos polos señores feudais.

Resoltas así moitas diferencias, tratouse, ó mesmo tempo, de unir con máis forza ós asoballados.

Así vemos como se constituíra en Santiago algo semellante a unha asociación ou xunta de defensa, para a que Alonso de Lanzós consegue a correspondente carta de auto-

221.- Op. cit., t. I, páxs. 80-81.

Historia de Pontedeume

rización na corte de Enrique IV, polo ano 1465, establecéndose despois os capítulos polos que a irmandade había de se rexer, entre os que estaba o acordo de que ningún vilán ou plebeo puidese criar fillo de fidalgo, e o de derruba-las fortalezas todas dos señores e cabaleiros, acordándose tamén crear unha caixa para os gastos que se producisen, mantida por tódolos membros da irmandade.

A asociación non quedaba limitada a Santiago, senón que estaba espallada por distintos lugares, nos que se contaba con alcaldes ou delegados ós que se lles outorgaban as atribucións precisas para o mellor éxito do fins que se pretendían, ou sexa os da defensa mutua.

VII. OS CAUDILLOS

Axiña se viron as irmandades desviadas do obxecto para o que foran constituídas. Alporizadas as paixóns dos plebeos polo constante asoballamento ó que os someteran os nobres e empuxados por caudillos que se propuxeran aproveitar a irmandade para os seus intereses particulares, botáranse os oprimidos á batalla, dispostos a da-lo golpe definitivo ó odiado poderío dos señores.

Os caudillos que aparecen á fronte deste movemento son Don Pedro Osorio, Alonso de Lanzós e Diego de Lemos.

O primeiro era fillo do conde de Trastamara e irmán do marqués de Astorga Don Álvaro Pérez, de quen recibía apoio. Devecía Don Pedro Osorio por se vingar dos nobres galegos, e máis que doutros do conde de Lemos, que contribuíra en grande medida a que o irmán de Don Pedro, Don Luís Osorio, e mailo pai de ambos fosen expulsados de Santiago, onde usurpaban os bens da igrexa, aspirando a que o citado Don Luís fose designado arcebispo.

Alonso de Lanzós gardáballe un odio mortal á casa de Andrade. Fora servidor de Fernán Pérez, aínda que por moi pouco tempo, e recibira soldo del.

E, por último, Diego de Lemos, señor de Sober e de Amarante, que era cuñado do sonado conde de Camiña, tiña así mesmo xenreira a varios cabaleiros, e de maneira especial ós da casa de Andrade.

Dona María de Andrade e Fernán Pérez II

Estes señores, presentándose como afervoados irmandiños, conseguiran infundir nas masas as bastardas paixóns que os animaban. Explotando a triste condición dos plebeos, crebaran os diques que termaban deles, e os sanguinientos combates de señores e viláns sucedéranse, desde aquela, día a día.

Actuaba Don Pedro de Osorio polo centro de Galicia; Alonso de Lanzós facíao por terras de Betanzos, Pontedeume e diócese de Mondoñedo, e Diego de Lemos na rexión do Ulla ó Limia.

En Pontedeume había un importante grupo irmandiño do que eran xefes os veciños da vila Alfonso de Casal e Gonzalo Pillarte²²².

Estes sucesos ocorreran nos anos 1467 e 1468²²³.

VIII. FORTALEZAS DERRUBADAS

Abaixo as fortalezas! Esta era a consigna dos irmandiños.

Vasco da Ponte, testemuña ocular, di²²⁴: *“Logo en este tiempo se levantó la hermandad, que todos los villanos se levantaron contra sus señores, en que derrocaron cuantas fortalezas había en Galicia, excepto la fortaleza de Pambre”*.

Para nos facer unha idea de ata onde chegara esta loita, abonda con lembra-las fortalezas derrubadas, algunhas delas mencionadas polo licenciado Molina no seu **Descripción del Reino de Galicia**.

“Las de que me puedo acordar son éstas: Pico Sacro; Borrajeros, hacia Mellid; Castro Ramiro, cerca de Orense; Sandianes, junto a Allariz; la Frouseira, donde prendieron al mariscal Pedro Pardo; Baamonde, entre Betanzos y Lugo; el castillo de Hizme, en el mismo obispado; Tamego, cerca de Villalba; el castillo de Mellid; la Torre de Arcos, que es junto a Chantada; la fortaleza de Amarante, junto a Monterroso; Saavedra; Villajuán; el castillo de Anna; la torre de Malpica, en tierra de Quiroga; el castillo de Manzaneda; Roderó, en tierra de Camba; el castillo de Santa Cruz, hacia Milmanda; Celme, en tierra de Limia; el castillo de Cabadoso, junto a Ribadavia. Otros habrá que no tengo memoria, y destos

222.- **La guerra hirmandina**, por JOSÉ COUSELO BOUZAS, Santiago, 1926, páx. 28.

223.- Vid. sobre esta data **Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes**, por CÉSAR VAAMONDE LORES, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VII, páxina 125.

224.- **Casas y linajes**. Casa de Sotomayor.

Historia de Pontedeume

algunos están agora mejor reedificados que dantes y parte dellos a costa de los hermandinos”.

“Segundo Boán -consigna López Ferreiro ampliando o relato anterior²²⁵- ademais das fortalezas enumeradas, destruíran os irmandiños a de Cea, a tres leguas de Ourense; a de Cabanelas, a de Vilamarín, a de Buaños, a de Boán, a unha legua de Chantada; a da Mota, a dúas leguas de Lugo; a de Roucos, preto de Ribadavia; a de Temes; a de Viduido, a dúas leguas de Ourense; a de San Román, preto do río Búbal; a de Toldao, en terras de Chantada, e mailas de Añba, Carnoces, Formigueiros, Liñares, Osorín, Teixeira, Vilaboa e Amoeiro, na bisbarra deste nome. Dalgunhas, como Castro Caldelas e Sarria, soamente derrubaran as fortificacións exteriores.”

O reconto precedente é moi incompleto; non figuran nel senón unha mínima parte das fortalezas derrubadas.

Polos datos que o señor Couselo Bouzas sacara para o seu libro **La Guerra Hermandina** do proceso promovido contra do arcebispo de Santiago Don Alonso de Fonseca polo seu sucesor Don Juan Tabera, que lle esixía danos polos derrocamentos de tódalas fortalezas e casas fortes dos amplos señoríos da mitra, sabemos de moitas outras que caeran diante do empuxe irmandiño, aínda que as referencias do autor non acadan Ourense nin Mondoñedo, territorios dos que soamente temos as noticias que dan Molina e Boán, pois as testemuñas que declararan no proceso eran todas das dióceses de Santiago e Lugo.

Non sobra aquí, xa que logo, a relación das fortalezas que se mencionan no citado proceso.

Constan derrubadas en toda a provincia de Lugo e lugares limítrofes, agás Mondoñedo: a de Lugo, Bande, Bolaño, Ansián, do marqués de Astorga; a da Aguieira, de González Ribadeneira; as de Sarria, Monforte (fortaleza, casa e valado), Caldelas, Castro de Rei, e, no Bierzo, Cornatell, Pena Ramiro e Moeche, todas do conde de Lemos; San Vicenço de Goldrame, do comendador de Porto Marín; San Paio, de Vasco das Seixas; Santa Uxía, de Pedro Álvarez de Pallares; castelo de Arcos, do conde de Rabadavia; Castro Caldelas, de Fernán de Camba e Lopo Taboada; castelo de Grabullo, do conde de Lemos; Pena Aguieira, Vilar Mosteiro e a Barreira, de Álvaro González de Ribadeneira; Ansián, do conde de Trastamara; Bande, de Fernández de Ribadeneira, pai de Pedro Bolaño; Tamego, de

²²⁵.- Galicia en el último tercio del siglo XV, t. I, páxs. 94-95, nota.

Dona María de Andrade e Fernán Pérez II

Fernán Sanxurxo, alcalde de Vilalba por Diego de Andrade; Vaamonde, de Dona Mayor Vaamonde; Santa Uxía, de Perálvarez de Porto Marín; Ponferrada, Corillón, Serrasín e Balboa; Candaz, de Fernán de Camba e Lopo Taboada; Arcos, do conde de Santa Marta; Marante, de Rodrigo Fernández de Marante; Benquerencia, Sanxurxo de Abeancos, de Sancho de Ulloa; Xuencos e Castro Cadaboso, do conde de Ribadavia e mais do Conde Don Sancho; Moreda, de Xoán de Soutomaior; Fraxio, de Fernando de Castro o Vello; Caldelas, Dorcillón, Xuencos, Vilaboa e Figueiroa, do conde Don Sancho; Castroverde, Rocha de Narla, de Perálvarez de Porto Marín.

Caeran tamén, en terras de Coruña- Betanzos, as seguintes: Ambroa, Motrín, Andrade, Narío, de Diego de Andrade; Merín, de Rodrigo Díaz de Andrade; Vila Mourel, de Juan López Varela; Porras, de Fernando de Andrade; Cadelo, de Juan López de Cadelo; Aranga, dos Vilarullo; Seixa, Parada, Broço e outra no Val da Veiga, Cillobre, Abroço e Ozello, en terras de Parada e Miraflores, de Gómez Pérez das Mariñas; Figueroa, de Lopo Pérez de Meira ou de Xoán García Barba; Pobra de Parga, de Pedro de Parga, pai de Parragués; Guitiriz, Insua, Moreda e Samartiño, de Ares Vázquez de Parga; Osian e Outeiro de Rei, do conde de Lemos; Melide, Lama e Grovas, de Martín Sánchez das Mariñas; Morgade, de Altamira; e mailas de Ferreira e Mens, de Lope Sánchez de Moscoso.

As que debeu destruí-la irmandade en Santiago foran: as torres da Praza, da Trindade e maila Nova dos pazos vellos na cidade de Santiago, as fortalezas de Cira, Altamira, Broño e Vimianzo, do conde de Altamira; a Barreira, as Rochas Forte e Branca, a torre da ponte de Padrón, a do Oeste, a de Noia, a de Palmeira, a de Pena Fiel e Xallas, do arcebispo de Santiago; a de Rianxo, de Sueiro Gómez; a casa da Pobra do Deán, a das Xunqueiras, de Estebo de Xunqueira; a de Insua de Veá, de Sueiro Gómez de Soutomaior; a de Mesía, daquela de Pérez Gómez das Mariñas; a de Castenda, de Fernando de Castro, e maila de Morgade, de Altamira.

Finalmente, en Pontevedra caeran: as torres da capital, Lobeira, Lanzada, fortaleza de Ponte Sampaio, Penço de Vigo, Daravelo e Castro de Montes, do arcebispo de Santiago; “Tanoiro” en Cotovade, Soutomaior e Tui, de Perálvarez de Soutomaior; Gondar, de Pedrares de Aldao; Pena Flor, de Bermúdez de Castro; Lantaño, de Sueiro

Historia de Pontedeume

Gómez de Soutomaior; Sobroso, de García Sarmiento; a torre de Caldas, do arcebispo.

A anterior enumeraión de fortalezas -na que se notan algunhas repeticións e varios emprazamentos polo menos discutibles- non contén, desde logo, a mención de tódalas asaltadas nos distintos territorios polos vasalos rebeldes, que deberon chagar a ser uns 80.000.

Vencedores os señores na revolta irmandiña, volveron reedifica-las súas fortalezas, algunhas, como di Molina, a conta dos propios vencidos.

No ano 1603 existían as seguintes²²⁶:

Allariz, Altamira, Amarante, Ateáns, de Don Francisco Ozores e Soutomaior; Bolo ou Pico-Castelo, en Borraxeiros, de Juan S. Pradolongo; Burón, do conde de Altamira; Gondín (derrubada), Caldas de Reis (torre de), do arcebispo de Santiago; Castro Caldelas, do conde de Lemos; Castro Cadavoso, do conde de Ribadavia; Castro de Rei, do conde de Lemos; Castro de Ouro, do bispo de Mondoñedo; Castroverde, do conde de Altamira; Cedo-Feita, de Don Alonso Ordóñez das Seixas, residente en Zamora; Celme, de Don Álvaro de Oza Sarmiento e Zúñiga; Chantada, do marqués de Astorga; Dongos, de Don Fernando de Toledo (deshabitada); Ferreira (freguesía de Santa María), de Don Diego López e Lemos; Ferreira (en San Román de Cervantes), de Don Pedro-Osorio Marique; Fornelos, de Dona María de Urquizu; Friol, de Vasco de Prado e Ulloa; Goiáns, de Juan Varela Mariño e Soutomaior; Xustáns (torre de), de Don Gabriel de Quirós e Soutomaior; Leste, do estado de Montaos; Lestrove, id., id., casa e fortaleza principal; Lugo, do bispo; Manón (torre de), de Fernando Ares de Saavedra; Manzaneda de Limia ?, de Don Antonio de Novoa e Lemos; Maceda, do anterior²²⁷; Mens, do arcebispo de Santiago; Mirás, de Afonso López de Saavedra; Moeche (deshabitada), do conde de Lemos; Monterrei, do mesmo; Monterroso, Navia (na Póboa de), do conde de Altamira; Naraío (deshabitada), do conde de Lemos; Narla (San Paio de), do Don Álvaro Ordóñez das Seixas; Noia (torre de), Pambre, Parga, de Don Diego Rodríguez das Mariñas; Penas (San Miguel de), de Ares Conde e Taboada; Penaflor, do estado de Montaos; Penela (torre da), de tres amos descoñecidos; Peroxa (A), do conde de Ribadavia; Pontevedra, Porqueira, do bispo de Ourense; Portela (torre de), do conde de Monterrei; Pontedeume, do conde de Lemos e Andrade, marqués de Sarria; Pontes de García Rodríguez (deshabita-

226.- Reconto formado por COUSELO BOUZAS en **La guerra hermandina**, páxs. 116-117, colléndoo de **Documentos inéditos para la historia de las ciudades y villas de Galicia**, por A. MARTÍNEZ SALAZAR, na revista "Galicia" que dirixira na Coruña (1857-1889 e 1892 e 1893).

227.- Manzaneda de Limia e Maceda eran a mesma fortaleza, pois a Maceda chámase-lle tamén en documentos antigos Manzaneda de Limia.

Dona María de Andrade e Fernán Pérez II

da), do anterior; Quiroga, da encomenda de San Xoán, Don Xoán de Monsalvo, comendador; Rianxo (torre de), derrubada, do arcebispo de Santiago; Ribadavia, do conde de íd.; Ribadeo, do conde de Salinas e duque de Francavila; Rodeiro, Rocos (¿será Rocas?), do conde de Ribadavia Don Álvaro Sarmiento de Castro e Mendoza; Salgueiros (torre de), do conde de Lemos; Sande, do abade de Celanova; Santiago (torres de), do arcebispo; Sarria, do marqués de íd., conde de Lemos; Seoane de Camba, de Don Francisco Ozores de Soutomaior; Sobrán (torre de), de Dona Xenebra de Soutomaior e Haro; Sobroso, de Don Diego Sarmiento Soutomaior; Somera ?, do conde de Ribadavia; Soutomaior, de Dona María de Urquizu, como titora de Don Fernando Ianes de Soutomaior; Tebra ou Tebia, Tozes, de Don Pedro Bolaño de Ribadeneira; Travanca (torre de), de Don Felipe de Montenegro; Valdeorras; Viana do Bolo, dos veciños da vila; Vilalba, do conde de íd. e de Lemos Don Pedro Fernández de Castro; Vilamarín (deshabitada), do conde de Ribadavia; Vilanova dos Infantes (torre de), do conde de Monterrei; Vilar (do), de Don Diego López; Vilar de Francos (torre de), de García Pardiñas; Vimianzo, do conde de Altamira; Viso (do), de Dona María de Castro.

Nesta relación non aparece a fortaleza de Andrade e, sen dúbida, faltan tamén algunhas outras.

IX. A GUERRA DOS IRMANDIÑOS NAS TERRAS DOS ANDRADE

E deixando a avalancha dos irmandiños no seu ataque ós nobres por toda Galicia, ata desposuír a moitos deles das súas terras e vasalos, veñamos agora expoñe-lo acontecido nos estados de Andrade, que é o que mellor lle corresponde ó noso obxecto.

Estes estados foran os que máis padeceran nesta guerra. Alonso de Lanzós invadíraos coa súa xente e conseguira apoderarse da vila de Pontedeume, facendo fuxir ó seu señor Fernán Pérez. Ó xefe irmandiño non lle debeu faltar nesta ocasión a eficaz axuda dos subxefes da vila Afonso de Casal e Gonzalo Pillarte.

Estando o de Andrade desposuido dos seus estados, fora chamado por Pedro Álvarez de Soutomaior, que volvía

Historia de Pontedeume

de Portugal, onde fuxira perseguido polos irmandiños, e que acababa de vencer, preto de Santiago e axudado polo arcebispo Don Alonso de Fonseca e mais por Don Juan Pimentel, ó exército de Don Pedro Osorio, quen mandaba máis de dez mil homes.

Acudira o de Andrade ó requirimento do de Soutomaior, e, igual ca outros nobres como Gómez Pérez das Mariñas, Sancho Sánchez de Ulloa e Lope Sánchez de Moscoso, afoutados pola derrota de Don Pedro Osorio, e que nos primeiros momentos, diante da rexa acometida dos irmandiños, non atoparan mellor recurso que o da fuxida. O desquite, xa que logo, acababa de comezar.

O de Soutomaior unira as súas hostes ás dos mencionados señores “*e todos juntos -como refire da Ponte²²⁸- anduvieron sojuzgando cada uno sus tierras sojuzgadas por los villanos rebeldes, hasta que obedecieron todos, aunque pesó a sus capitanes Don Pedro Osorio y Alonso de Lanzós y Diego de Lemos*”.

Mais das terras conquistadas polos irmandiños, as máis difíciles de someter outra vez ó dominio señorial foran as de Fernán Pérez de Andrade.

A coalición dos señores dispúxose a da-la batalla contra Alonso de Lanzós, que seguía na posesión de Pontedeume. O de Lanzós, sorprendido pola rápida chegada dos señores, fortificárase no Castro de Gundián. Alí o combateran moi rexamente, marchando á cabeza Fernán Pérez de Andrade e Gómez Pérez das Mariñas, aínda que ámbolos dous eran avanzados en días. E se non fose polo alférez ou porta-estandarte dos señores, que morreu alí, e mais porque a noite estaba a chegar, cortaríanlle a cabeza ó de Lanzós e mais a tódolos seus.

Chegada a noite parou a loita; e Alonso de Lanzós que, ó se ver atacado de súpeto, despachara mensaxeiros en pedimento de axuda a Diego de Lemos, sospeitando que este non daría chegado a tempo e aproveitando a escuridade, emprendera unha precipitada fuxida.

Á mañá, prestos os señores a seguir co ataque, e á penas recuperados da sorpresa que lles causara a retirada do de Lanzós, atopáranse con Diego de Lemos, que viña á fronte dun amplo número de irmandiños para o axudar.

228.- Casas y linajes. Casa de Moscoso.

Dona María de Andrade e Fernán Pérez II

De fixo que aquela sería unha mala xornada para os señores se o de Lanzós, acovardado, non fuxira tan apuradamente.

Ó ver ó de Lemos, berrara Gómez Pérez das Mariñas: **Déixenos quedar, Diego de Lemos, o botín, e marche en paz.** Ó escoitar isto Diego de Lemos, alporizárase tanto contra Gómez Pérez, que xa se dispuña a loitar contra del; mais Pedro Álvarez de Soutomaior soubera acougalo, dicindo a Gómez Pérez: **Señor tío, déixeme falar co meu cuñado Diego de Lemos.** E afastándose con el, sóbolle dicir tales razóns, que o fixera volver á casa dalí a poucos días, como explica da Ponte coa súa habitual sinxeleza²²⁹. Así fóralles máis doado ós señores perseguir a Alonso de Lanzós, que, visto que non podía conserva-la vila de Pontedeume, cedeu-lla ó bispo de Santiago Don Alonso de Fonseca, cos termos da súa rodeada.

A derrota de Don Pedro Osorio preto de Santiago non soamente servira ó arcebispo Fonseca para quedar en posesión da capital da súa diocese, senón tamén para recobra-los seus anteriores dominios.

Despois de se apodera-lo arcebispo de todo o que del era, comezara, de contado, a tomar cuestión con tódolos señores, demandándolle-las terras, a uns máis e a outros menos.

A un dos que máis terra pedía era a Fernán Pérez de Andrade. A este aínda lle tiña tomada a vila de Pontedeume, na que Fernán Pérez non volvería entrar.

Mais unha noite, finado xa Fernán, foina asalta-lo seu fillo Diego de Andrade, despois de que saise da cadea na que, por espacio de dous anos, tivérao preso a condesa de Ribadavia señora Mucientes, que as xente dela prendérano, xunto co conde Don Sancho de Ulloa, cando marchaban fuxidos cara a Castela, por medo da irmandade.

Deste xeito fora volta a vila de Pontedeume ós dominios de Andrade, dos que xa non había de se separar ata a abolición dos señoríos.

Alonso de Lanzós caera, por fin, no poder de Fernán Pérez Parragués, quen o entregara a Fernán Pérez de Andrade. Suponse que este, ó ter no seu poder a tan implacable inimigo, mandaría que o colgasen dunha almea ou que o pechasen nunha cela ata a súa morte. Así debeu se-lo tris-

229.- Casas y linajes. Casa de Sotomayor.

Historia de Pontedeume

te final de Alonso de Lanzós, de quen afirmara Vasco da Ponte, co seu elocuente laconismo, que: *“xurara acabar coa casa de Andrade, e esta acabara con el”*²³⁰.

Semellante sorte correra Don Pedro Osorio, que veu dar nas mans de Diego de Andrade. Este pecháralo nas prisións da fortaleza de Pontedeume, onde, ó se ver en desgracia, colleu a doenza que lle veu causa-la morte.

Diego de Lemos fora o máis afortunado dos caudillos irmandiños. Finara de morte natural na súa casa de Ferreira, do actual partido de Monforte, no ano 1492, no que outorgara testamento, e recibira sepultura no magnífico sepulcro que mandara construír, algún tempo antes do seu pasamento, na nave absidal da igrexa de Ferreira.

Fernán Pérez recompensara con xenerosidade ós que o axudaran a sufocar nos seus estados a rebelión dos irmandiños. A Pérez Parragués doara os beneficios de Perbes, Vilarmajor *“e o couto de Leiro”*, como consigna da Ponte, e ademais cedéralle importantes rendas en Parga. E ó seu fillo Pedro Fernández de Andrade, que durante algún tempo estivera afastado do seu servicio, outorgáralle, co permiso do seu primoxénito Diego, o 3 de novembro do ano 1470, as parroquias de Monfero²³¹.

Coa prisión de Alonso de Lanzós cadra case o pasamento de Fernán Pérez, que aínda vivía na data do 3 de novembro do ano 1470, día no que outorgara testamento. Fora enterrado en Monfero e no seu sepulcro lese, segundo Don Antonio de la Iglesia²³²: AQUI JAZ EL MUY NOBLE CABALLERO FERNAN PEREZ DE ANDRADE, O JESU AVE PIEDADE.

A guerra dos irmandiños non producira os resultados apetecidos. Non tiñan unha boa organización, e deixáranse levar por xentes que obedecían a intereses bastardos. Desfeita axiña a irmandade en tódolos sitios, os nobres volveron ás súas aldraxes cos vasalos e a se agredir mutuamente. Cortas de árbores, saqueos, incendios, abusos de todas clases; así era o espantoso espectáculo que ofrecía a rexión. Aínda non era chegado o tempo de que a paz volvесе a reinar no territorio galego...

230.- Casas y linajes. Casa de Andrada.

231.- LÓPEZ FERREIRO, Galicia en el último tercio del siglo XV, t. I, páx. 103, nota.

232.- El idioma gallego, t. II, páx. 41.

A CASA DE ANDRADE ATA A SÚA FUSIÓN COA DE LEMOS

CAPÍTULO VII

DIEGO DE ANDRADE

- I. CARÁCTER DESTE PERSONAXE.-
- II. PRINCIPAIS DA SÚA CASA ÓS QUE DABA SOLDADO.-
- III. AS SÚAS RIQUEZAS.-
- IV. O SEÑORÍO ECLESIAÍSTICO DE SAN MARTÍÑO DE XUBIA.-
- V. O DE ANDRADE, DESPOIS DE SE APODERAR DE PONTEDEUME, AXUDA A LOPE SÁNCHEZ DE MOSCOSO CONTRA O ARCEBISPO FONSECA: BATALLAS DE ALTAMIRA, VIMIANZO, MESÍA, ALCOBRE E PICOSACRO.-
- VI. AXUDA DIEGO DE ANDRADE A LOPE SÁNCHEZ DE MOSCOSO CONTRA SANCHE SÁNCHEZ DE ULLOA.-
- VII. LOITA DO DE ANDRADE CON PARDO DE CELA EN SAMARUGO.-
- VIII. ESTADO ANÁRQUICO DO PAÍS GALEGO Ó COMEZO DO REINADO DOS REIS CATÓLICOS; LOITA O DE ANDRADE POLOS REIS EN VIVEIRO, PONTEVEDRA E A CORUÑA.-
- IX. A SANTA IRMANDADE E A INSTITUCIÓN DA XUSTIZA.-
- X. RESISTENCIA DOS NOBRES A OBEDECE-LO PODER REAL; O MARISCAL PARDO DE CELA; A REBELIÓN DE FERNÁN ARIAS DE SAAVEDRA.-
- XI. VIAXE DOS REIS CATÓLICOS A GALICIA; LEVAN Á CORTE ÓS CONDES DE MONTERREI E ALTAMIRA E A DIEGO DE ANDRADE; Estraño casamento de don Rodrigo Osorio; intervén o de Andrade na guerra de Granada.-
- XII. O SEU PASAMENTO.

Historia de Pontedeume

I. CARÁCTER DESTE PERSOAXE

Diego de Andrade sucedera nos estados de Pontedeume a seu pai Fernán Pérez. Este Diego de Andrade -di Vasco da Ponte²³³- “*era un verdadero católico, esforzado, justiciero y no extendía la chanca más de lo que cubría la manta*”.

Para defini-lo seu carácter, abonda coa seguinte pasaxe do mesmo veraz cronista²³⁴:

“En el tiempo que el señor Diego de Andrada comenzó a ser señor, los condes de Galicia eran los siguientes: el conde de Lemos, porque heredó la hacienda del duque de Arjona; el condado de Trastamara sucedió en la casa de Villalobos; el conde de Ribadavia y el conde de Ribadeo eran castellanos; y levántose Sancho Sánchez de Ulloa por conde de Monterrei, y levántose Lope Sánchez de Moscoso por conde de Altamira, y levántose Pedro Álvarez de Soutomaior por conde de Camiña, Suero Gómez de Soutomaior fízose mariscal no oí de donde, y Pedro Pardo de Ceta hízose mariscal; y todos a una decían al señor Diego de Andrada que se hiciese conde, y él respondía que no quería ser conde de lo suyo y que más quería ser buen caballero que ruín conde, y después lo hacía el rey conde del valle de Lourenzá, que son al pie de trescientos vasallos, y no lo quiso ser, en que digo que fue tan gran error como tomar dineros del conde de Lemos”.


Nada lles custaba ós señores, cheos de fachenda polas victorias que obtiveran contra dos irmandiños e nas loitas que despois tiveran co arcebispo Fonseca, erixírense en condes e mariscais, por máis que non prestasen servizo ningún á Patria, xa que Enrique IV, monarca reinante daquela, tiña, como moi ben expresa López Ferreiro²³⁵, “*aún que non a virtude, a pretensión de contentar a todos*”. Ben fixera, xa que logo, o de Andrade en desprezicar pompa tan va e en non se deixar engaiolar polo enganoso brillo de **ser conde do seu**.

233.- Casas y linajes. Casa de Andrada.

234.- Loc. cit.

235.- Galicia en el último tercio del siglo XV, t. I, 2ª edic., páx. 147.

Historia de Pontedeume



Escudo que pertencera á fachada principal do pazo dos Andrade

II. PRINCIPAIS DA SÚA CASA ÓS QUE DABA SOLDADO

Contando Vasco da Ponte os principais da casa de Diego de Andrade, ós que daba soldo, di que eran²³⁶:

“Ares Vázquez de Parga con veinte de a caballo, Ruy Fernández Nogueirol con diez, Ruy Freire de Miño y Álvaro de Andrada, su hijo, con diez, Ruy de Serantes con tres, Pedro de Solobre, arcediano de Trasancos, con dos de su casa. Tenía en su casa continuos cuarenta escuderos. Pedro Fernández, por se amellorar con él, alzóse con Betanzos, y hízoles tomar por valedor al conde de Monterrei, porque vivía con él, y por otra parte la ciudad no quería ver en ella otro ninguno. Después que falleció su suegro Gómez Pérez, llevó todas las Mariñas, con terra de Nendos, con dos mil cargas de pan y de vino y con cuarenta escuderos, y con Gracia Díaz Mexía con tres escuderos, y Juan García Barba con dos.

“Tornando a decir los que en un tiempo vivieran todos con él después de la muerte de su hijo: Fernán Ares, con veintitrés escuderos, Ruy Fernández Nogueirol con diez, Fernando de Andrada con ocho, Juan de Andeiro desde se trató mal con el conde de altamira, Juan Díaz con tres. En su casa tenía veinte continuos escuderos y setenta de la tierra. Fallecido Juan de Andeiro y Juan García Barba y Ruy de Sarantes, vino Fernando de San Xurxo con tres, Juan Núñez Pardo de Cella con dos, Martín Sánchez de las Mariñas con tres; después de este saliose Fernán Ares y metiose en Vilajuán, pensando de ser Pedro Pardo mariscal su suegro, y saliose pensando de ser Alonso de Lanzós; y salíose Martín Sánchez, vino logo Pedro Fernández de Andrada con diez de a caballo, y Diego de Andrada, bastardo, con dos, y Fernán Sánchez de Tovar con dos; y después que Fernán Ares se salió de Vilajuán, se pasó con él con otros cinco o seis escuderos, y todos estos susodichos eran escuderos, y todos vivían con él cuando el rey Don Fernando entró en Galicia, y tenía demás sesenta escuderos de la tierra y otros veinte continuos. Traía su estado cumplido, atimbales y tamboril, y treinta peones continuos, y todas estas cosas sin tomar, sin robar ni echar pedidos a sus vasallos”.

236.- Casas y linajes. Casa de Andrada.

III. AS SÚAS RIQUEZAS

“Ahora contemos con verdad de la renta que tenía -prosegue Vasco da Ponte- en que digo que de las tres mil y quinientas cargas de pan y vino que tenía de su padre, llevaba Doña María de Moscoso su madre las 600, y Pedro Fernández su hermano las 200, y así le vinieron a quedar 2.700. Mas por la señora Doña María su mujer tenía otras grandes 2.000; tenía vasallos propios y de behetrías 4.400 vasallos, sobre los cuales tenía sogas y cuchillo por las casas ambas; y tuvieron 5.000, sino que Pedro Fernández llevó a Mota de Ois con 70 vasallos, que al tiempo eran propios, y sacole en Villalba otros 70 de encomendada, que eran por la Concia de Santiago que él ganó, y otras 30 que llevó Parragués, y asimismo perdió en el couto de Cines 300 hombres, porque el fray Pedro Fernández, pero, con todo eso, los más le obedecían. De vasallaje tenía 15.000 maravedises y otras menudencias de diezmerías y frutas propias y prados que valerán otros 50.000, en que digo que de penas e crímenes e fianzas quebradas que valían mucho, e presentaciones de beneficios y de otros vasallos que eran fora de su juzgado, bien llegaban a valer 300.000 maravedises; en éstos entraban setenas de frutos, presentes, touciños, marranas, carneros, capones, gallinas, cabritos muy mucho ahora se lo traen, y todas las naos grosas que venían a sua terra le daban presentes, en que digo que excusado fora el señor Don Diego de Andrada tomar dineros del conde de Lemos, que también los pudiera excusar, como los excusaba su padre Fernán Pérez, que nunca de él comió nada”.

Varias veces fala Vasco da Ponte das riquezas que Diego de Andrade posuía pola súa muller Dona María das Mariñas, filla maior do célebre cabaleiro Gómez Pérez, que, aínda que fora, primeiro, moi inimigo do pai de Diego de Andrade, axudáralo despois, como xa se viu, para o poñer en posesión das súas terras contra dos irmandiños. Puntualizaremos agora estas riquezas, completando así o relato de Vasco da Ponte.

No seu testamento dispón Gómez Pérez que vaian para a súa filla Dona María tódolos bens de ámbalas dúas Mariñas, territorio comprendido entre a cidade de Betanzos e os arredores da Coruña, e dividido en Mariñas dos Freires ou de Cambre e dos Condes ou Bergondo, que, despois de unidas, formaran a xurisdicción de Miraflores, doándolle, ademais, unhas casas na Coruña.

Velaquí as cláusulas do testamento referentes a este particular²³⁷:

“Primeramente mando e quiero e es my postrimera e final voluntad que la dicha doña maria mi fija aya para sy e para los descendientes della de mys bienes para siempre jamays en su partija e herencia todas mys tierras e señoríos vasallos e judgados e meryndades e casas e casares viñas e herdades patroysios e presentaços de beneficios e derechuras e seruycios e maravedis de jur e casas fuertes e llanas con la my casa fuerte do broco alto baxo mero e misto ynperio señorío e rentas que a my el dicho gomes peres pertenescen e pertenescer deue en qual quier manera en las mariñas de los condes con el coto de oleyros e san cosme de mayanca e con la fregresia de santo andre de carnoedo e lubre e en las mariñas de los freyres e con la terra e valia de faro e con las encomyendas briues e caambre e con los cotos de san vicens e sergude e guysamo e cortiña e guyliade e ylloure e con los casares e herdades de qrendes e con toda la fregresia de ortoo e con el coto de roys e herdades e señorío del e mas todos los foros e viñas e herdades que teño e leuo e poseyo en el coto de bregondo e mays todas las herdades e viñas e señorío del coto de san fis con los casares de beldona e mas todos los maravedis de jur de herdad e otros quales quer que en las dichas terras e encomyendas tengo e todo el domynio e señorío e derechuras que en las dichas terras tengo e yo agora lleuo e poseyo. Item mas mando a la dicha doña maria las casas nuevas de la cibdad de la coruña que agora labramos en derecho de las casas de fernand garcia de valladolid freguesia de santiago de la dicha cibdad de la coruña con sus prefetos como agora estan”.

Manda tamén que se algunha das súas fillas morrese sen sucesión, os bens pasasen ás outras, e, non quedando ningunha, fosen para o seu xenro Diego de Andrade.

Fora outorgado o testamento o 4 de novembro do ano 1474.

Dona María das Mariñas adquirira, ademais, de súa nai Dona Tereixa de Haro un xuro de 20.000 marabedís, situado na renda da alcabala de viño da cidade da Coruña²³⁸.

237.-Vid. Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes, por CÉSAR VAAMON-DE LORES, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VII, páx. 230.

238.- Loc . cit.

IV. O SEÑORÍO ECLESIAÍSTICO DE SAN MARTIÑO DE XUBIA

Cando Diego de Andrade quedara ben seguro no señorío e xurisdicción dos seus estados, acreditándose como experto guerreiro nas súas loitas contra outros nobres, tentara tamén de se facer co señorío eclesiástico.

Na bisbarra ferrolá exercía o dereito da presentación dos beneficios o mosteiro de San Martiño de Xubia; e Diego de Andrade reclamou este dereito para el. Por isto os monxes do referido mosteiro “outorgaran nel, o 13 de xullo do 1472, diante de Gonzalo Flórez de Pontenova, escribán de Betanzos, unha escritura pola que cedían e aforaban ó señor Diego de Andrade e mais á súa muller Dona María de Faro das Mariñas, para eles e para os seus descendentes que herdasen a casa de Andrade, o señorío e dereito de presenta-lo beneficio de San Xiao de Ferrol, Serantes, Brión, Doniños, Esmelle, Mariña, Cobas, Vilar, Cerdido, Barbos, San Xurxo de Moeche, Ferreira, Sillobre, Maniños, Grandal, Perbes, Andrade, Narón, Franza e San Mateo. Tamén lles aforaran, ademais, as sinecuras destas freguesías, o casal de Xoane dos Abruñeiros e das Donas na parroquia de Santa Mariña do Vilar, o de Insua e Anido na de San Xulián de Ferrol, o de Padrón e o de Cambre na freguesía de Santa Eulalia de Lubre, o de Chantelos na de San Vicente de Meá e mailo de Caranza e outras leiras de herdades calvas na chousa de Vilasanche, freguesía de Serantes. Esta cesión e foro custara *“al señor Diego de Andrade cuatrocientos maravedises de moneda vella de diez cornados o maravedí, según que en este reino de Galicia se usa, pago por cada día de San Martiño de noviembre en cada un año en lo dicho monasterio, sin disputa alguna”*; palabras da escritura foral, diante das testemuñas Pedro Callobre, arcediago de Trasancos, Juan Díaz Figueiras, capelán do mosteiro de Xubia, Diego Canosa, crego, Alfonso Esquíó, Rodrigo de Serantes e Alonso Pita, escudeiros e veciños da vila de Ferrol²³⁹.

239.- Vid. **Historia de Galicia**, por BENITO VICETTO, t. VI, páxs. 127-128. e tamén **San Martín de Jubia**, por LEANDRO DE SARALEGUI Y MEDINA, 3ª edición, páxs. 19-20.

V. O DE ANDRADE AXUDA A LOPE SÁNCHEZ DE MOSCOSO CONTRA O ARCEBISPO FONSECA

Afogada a sublevación dos irmandiños e triunfante a coalición dos señores, estes pretenderan restaurar integramente o seu anterior poderío, para o que un dos seus principais coitados fora a reedificación das fortalezas.

O arcebispo de Santiago Don Alonso de Fonseca fixo por coutar estes intentos, sabendo que os nobres, xa de tempo atrás, non foran moi respectuosos coas propiedades da igrexa compostelá, e o poderío que tiñan estorbaba, naturalmente, ó do arcebispo.

O primeiro enfrontamento tivérao con Diego de Andrade, a quen, como xa sabemos, lle tiña tomada a vila de Pontedeume, por cesión de Alonso de Lanzós, que quixera mellor entregarlla ó arcebispo vendo que non era quen de defendela contra a coalición dos señores. De pouco lle valeu a Fonseca aquela cesión, xa que unha noite, como xa dixéramos, asaltara e tomara Diego de Andrade a antiga capital dos seus estados para se erixir señor dela, como lle correspondía. Se cadra por causa desta inxustificada apropiación do arcebispo aparece despois o de Andrade combatendo moitas veces contra el.

Axiña aparece o arcebispo litigando co señor de Moscoso, de quen as terras e xurisdiccións lindaban coas da igrexa compostelá.

A desculpa para facelo fora a reedificación da fortaleza de Altamira, capital dos estados de Moscoso.

Luís de Acevedo, irmán do arcebispo, quixera impedirlo combatendo contra os que estaban a ergue-la fortaleza, mais sen obte-lo resultado que pretendía; por iso preparárase un segundo ataque, xuntando entre el e mailo prelado unhas trescentas lanzas e algo máis de galegos e casteláns moi ben armados, uns cinco mil peóns e dous trabucos que disparaban noite e día.

Entón o señor de Altamira, Lope Sánchez de Moscoso, chamara na súa axuda a Diego de Andrade, Gómez Pérez

Historia de Pontedeume

das Mariñas, Sancho Sánchez de Ulloa, Pedro Álvarez de Soutomaior e Don Pedro Álvarez Osorio, conde de Lemos.

Acudiran todos ó chamamento e xuntáranse no castro de Aguapesada, dúas leguas cara ó O. de Santiago, agás o de Soutomaior, que viña de camiño, e desde alí mandaran dicir ó arcebispo que non quixese ver todo canto eles podían facer, ó que respondera o prelado, burlándose, que por todos eles non deixaría de face-los seus feitos.

Isto alporizara grandemente ós señores, que dispuñan dunhas trescentas lanzas e catro ou cinco mil infantes, forzas, máis ou menos, iguais ás do arcebispo, aínda que non mellores, pois os señores foran moi castigados polos irmandiños.

Apurábase Diego de Andrade, máis ca ningún, porque comezase o ataque, sen contar con Pedro Álvarez de Soutomaior, berrando: **¡Á batalla e non agardemos máis por el!** Pero prevaleceu o consello de Gómez Pérez das Mariñas, como home máis experimentado nas cousas da guerra, e agardárase ata o día seguinte, no que aparecera o de Soutomaior con vinte ou corenta da cabalo ben fornecidos e con trescentos ou catrocentos peóns vestidos con coirazas, metade armados con lanzas e metade con béstas, e precedido de dúas trompetas que facían grande rebumbio. O ver ós seus compañeiros exclamara: **Parentes e amigos, vodas como aquestas non era razón que se fixesen sen min, imos a elas. E Gómez Pérez dicía: Este é o home por quen eu agardaba.** Diego de Andrade, impaciente, dixo: **Non o gardemos para vello.**

E todos xuntos arremeteran contra o arcebispo e vencérano, obrigándoo a fuxir. Nestas aparecera Luís de Acevedo, que viña desexoso de lle valer ó seu irmán; mais, como vira que fuxía, deu el tamén en fuxir, deixando un e mailo outro bastantes prisioneiros e moitos mortos e feridos nas mans dos inimigos.

Este feito de armas, coñecido pola **batalla de Altamira**, sucedera o día 13 de xuño do ano 1471.

Comezada xa a desbandada, ocorrera que quedara só no campo un alférez do arcebispo, chamado Álvaro Sánchez de Ávila, que levaba o pendón de Santiago, e botáranse a el os contrarios, facendo por llo arrebatarse, sen que fosen quen de conseguilo, aínda que o feriran na cara e tamén nas mans, que non no resto do corpo porque ía moi armado. Dábanlle

grandes golpes por riba das armas, tantos que xa o terían morto se non fose pola intervención de Diego de Andrade, que, despois de lle arrinca-lo pendón, levouno canda el á tenda, fixo que o sandaran e levouno preso a Pontedeume. Desque alí o tiña, deixáralo, unha vez, ir a Santiago baixo palabra de que había volver, e como cumprira dentro do prazo establecido, ceibáralo sen lle esixir rescate ningún²⁴⁰.

Despois da xornada de Altamira cada un dos señores **“marchara folgar á súa casa”**, como expresa graficamente da Ponte, e no ano seguinte, 1472, aparecen concertados combatendo tamén ó arcebispo para repoñer a Lope Sánchez de Moscoso na posesión das fortalezas de Vimianzo a Mesía, que tiña o prelado, xornadas nas que tamén participara o de Andrade²⁴¹.

Non cedía o arcebispo no seu intento de contrarrestalo poderío que o de Moscoso ía recobrando; e no seu afán de dispoñer dos medios para hostiliza-los seus dominios, decidiu erguer dúas fortalezas, unha no monte Alcobre, da parroquia de San Salvador de Camanzo, e outra en Picosacro. Non quixo pasar por isto o señor de Altamira, e máis ca nada polo primeiro, pois tanto valía estar ergueita Alcobre como ter por perdida a súa fortaleza de Cira. Así que puxo sitio a Alcobre, sen que tampouco non lle faltase daquela a axuda de Diego de Andrade; pero despois decidiu non da-lo asalto e levantaló cerco, porque un fiel e valente partidario do de Moscoso, García Martiz de Barbeira, así llo aconsellara en vista do traballoso da empresa, prometendo ó seu señor que había conseguir do arcebispo que el mandase derruba-la fortaleza de Alcobre, o que certamente conseguira, concertando co arcebispo volverlle, en troques, a Rocha, que el lle tomara, axudándoo igualmente nesta ocasión Diego de Andrade, que para libra-la Rocha, desque fora conquistada por Barbeira, do cerco que lle poñía o arcebispo, acudira *“con ciento catorce de a caballo, habiendo pasado una fuerte noche desde Ponte Sigüeiro hasta la Mayia”*, segundo relata da Ponte aludindo a unha grande treboada²⁴². O castelo de Paiosaco caera tamén en poder do señor de Altamira.

240.- **Casas y linajes**. Casa de Moscoso y Casa de Sotomayor.

241.- Para máis detalles, véxase VASCO DA PONTE, **Casas y linajes**. Casa de Moscoso.

242.- **Casas y linajes**. Casa de Moscoso.

VI. AXUDA A LOPE SÁNCHEZ DE MOSCOSO CONTRA SANCHO SÁNCHEZ DE ULLOA

Un ano antes da xornada de Altamira axudara xa Diego de Andrade a Lope Sánchez de Moscoso contra do conde de Monterrei Sancho Sánchez de Ulloa.

Este Sancho Sánchez tíñalles tomadas ó de Moscoso as terras de Borraxeiros, Abeancos e Benquerencia, as encomendas dos mosteiros de Acebeiro e Orria e outras pertenzas en Tabeirós, nos arredores de Pontevedra.

Estas terras pertenceran á casa de Ulloa; mais ó casar o pai de Lope Sánchez de Moscoso, Vasco López de Ulloa, segundo irmán do conde de Monterrei, con Dona Inés de Moscoso, unira ós dominios de Altamira as referidas terras, que naturalmente habían pasar despois ó seu fillo, o citado Don Lope.

Sancho Sánchez de Ulloa quixo evitar isto pola forza, xa que o consideraba un esgazamento dos seus dominios, e unido co arcebispo, reconquistara aquelas posesións.

Por esta causa requirira Don Lope a axuda de Diego de Andrade, que acudira de contado, e viñéranse xuntar na ponte da Sionlla, legua e media cara ó N.O. de Santiago, e nin o de Moscoso nin Diego de Andrade quixeran marchar de aló mentres Don Sancho, que estaba cabo do arcebispo, non desembargara a Don Lope do que lle tiña tomado. Nesta ocasión, di da Ponte²⁴³:

“se falaron sete por sete de cada parte, sete de a cabalo e sete de a pie; de la una parte, el señor Diego de Andrada contra el conde Don Sancho, Fernando de Andrada contra Álvaro González, Ruy Fernández Nogueyrol contra Fernán Díaz de Ribadeneira, García Díez de Mesía contra Parragués, García Martiz de Barbeira contra Juan de Noboa, Rodrigo Alonso Saavedra contra Luís Villamarín, García López de Perbes contra Pedro Oxea de Albán; los peones eran Juan Díaz de Santa Marta contra Fernando Calvacho; no conto los peones de acá porque no conocí los de allá; en que hubieron los señores muy recias palabras, diciendo Don Diego de Andrada al conde Don Sancho que fasta que alargase a Borraxeiros e Abeancos al conde Don Lope que nunca tendría paz con él y que

243.- Casas y linajes. Casa de Andrada.

pondría todas sus fuerzas contra él; de manera que antes de que se partiesen se hizo el desembargo”.

Este levárase a cabo en Orellón, o 22 de xuño do ano 1470²⁴⁴.

VII. LOITA DO DE ANDRADE CON PARDO DE CELA EN SAMARUGO

Así como Diego de Andrade axudara a Lope Sánchez de Moscoso en tantas ocasións, este tamén lle dera compensacións ós seus auxilios polo menos unha vez, e, como expresa da Ponte, “más veces lo socorriera, si lo ficiera de menester”. Ocorrera isto cando Pedro Pardo de Cella, que se aseoñara de moitas terras no bispado de Mondoñedo, quixera fortificar Samarugo, a dúas leguas de Vilalba, vila que era do señorío de Andrade. Acudira para iso Pedro Pardo con toda a súa xente, pero foran vencidos polas hostes do de Andrade e Don Lope, forzándoo a levanta-lo campo.

Pedro Pardo de Cella fora primeiramente servidor da casa de Andrade. O seu casamento cunha filla do conde de Lemos e maila axuda que lle deran varios cabaleiros, en especial os tres irmáns Ribadeneira, deberon fomenta-la súa ambición; e así, non satisfeito con se afastar do servizo dos Andrade, quixo minora-lo poderío desta casa, aínda que non foi quen de conseguir nada neste sentido.

Os desexos de dominación en Pardo de Cella -devezos, por outra parte, comúns a tódolos cabaleiros do seu tempo- provocáranlle o triste fin de todos coñecido no patíbulo de Mondoñedo.

VIII. ESTADO ANÁRQUICO DO PAÍS GALEGO Ó COMEZO DO REINADO DOS REIS CATÓLICOS

O estado de anarquía era xeral no país galego no momento no que chegaran ó trono de Castela os Reis Católicos.

244.- Vid. VAAMONDE LORES, *Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes*, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páxs. 122-123, notas.

Historia de Pontedeume

Algúns exemplos quedan xa referidos nas axitacións que ensanguentaran o chan galego, case sempre polas razón máis nimias. Relataremos aínda outro caso, en atención a que nel tomara parte Diego de Andrade. Como fose que Fernán Díaz de Ribadeneira pretendese fortifica-la súa casa de Sobrado de Aguiar, a dúas leguas cara o N. de Lugo, tomárallo a mal o conde de Lemos, polo que o de Ribadeneira procurara a axuda de varios cabaleiros. Para lle valer viñeran estes, contándose entre eles a Pardo de Cela, e conseguiran xuntar así unhas cen lanzas e cinco mil peóns. Daquela vez, Pedro Pardo fora preso por un seu xenro, e ó se ver dese xeito pregara que o puxeran en poder de Diego de Andrade, por non se fiar de ningún outro, pois aínda que eran grandes inimigos, ben sabía Pardo de Cela da nobreza do de Andrade. A pesar de tanta ostentación guerreira non chegaran nin uns nin outros ás mans; pero isto abondo demostra a escasa tranquilidade da que daquela se podía gozar en Galicia.

Estáballes reservada ós Reis Católicos a función de pacifica-lo país, pero antes tiñan que someter ós seus rebeldes señores, e a empresa non se presentaba nada doada. De primeiras xa se produciran novos disturbios cando se declarara a Isabel herdeira de Enrique IV, pois se ben é certo que os magnates galegos recoñecerana como soberana con máis ou menos frialdade, había a excepción do conde de Camiña, Pedro Álvarez de Soutomaior, que mantiña a bandeira da rebelión nas terras de Pontevedra, sostendo os dereitos da filla do rei defunto Dona Juana a Beltranexa, á que tamén apoiaba o rei de Portugal Afonso V, e tamén se declarara rebelde en terras de Lugo o mariscal Pardo de Cela, a quen, enganadamente, se considera partidario da princesa Dona Juana, esquecendo algúns feitos que contradín tal actitude, como o de ter acudido o mariscal ó cerco de Pontevedra contra do de Camiña, único partidario decidido que aquí tivera a Beltranexa²⁴⁵.

Houbera, xa que logo, que sufoca-la rebelión, e para isto viñera a Galicia Don Ladrón de Guevara, xeneral da armada real, que batera a Pardo de Cela en Viveiro e ó conde de Camiña en Pontevedra, contando cos que loitaban ó seu carón polos reis de Castela a Diego de Andrade.

Atacara o de Guevara a Viveiro por mar e, ó mesmo tempo, o de Andrade facíao por terra, e acometera a Pardo de Cela e ás súas xentes berrando: **¡Pedro Pardo, Pedro Pardo! ¡Habedes deixar Viveiro a el rei!** E, en efecto, o mariscal vírase na necesidade de abandonar aquela vila.

245.- Todo canto atangue a Pardo de Cela foi tratado con bastante lixeireza por distintos escritores, para os que parecen estar de máis as investigacións serias, como, no que a este punto toca, as do ilustre Villaamil y Castro. Véxase o estudio deste autor **El Mariscal Pardo de Cela**, publicado en "Galicia Histórica", t. I, páxs. 83-98 e 147-163.

Tamén fora o de Andrade ó asalto de Pontevedra, que a tiña o conde de Camiña, aínda que non con tanto entusiasmo. Quéirase que non os dous eran grandes amigos, mentres que con Pardo de Cela a inimizade co de Andrade viña xa de tempo atrás. Ben o expresa da Ponte ó dicir que requirido o de Andrade por Don Ladrón de Guevara, “*como vasallo leal obedeció, aunque por otra parte le pesaba por ser el conde Don Pedro su amigo*”. E segue despois este cronista:

*“Pasábanse los días en vago por los cercadores, que no facían forza ninguna al conde Don Pedro, y fue fama que el arzobispo y el conde de Monterrey fálaron a Don Ladrón de Guevara que si quería poner por obra lo que buscaba, que prendiese al señor Diego de Andrada y al conde Don Lope y al mariscal Suero Gómez, y no se si por eso o si por al, Don Ladrón los convidó que fuesen con él a comer un jantar a su nao, y ellos otorgáronle el convite, y cuando quisieron embarcar llegó Martiz de Barbeira, y miró y vido las sillas cubiertas de seda, los almohadones lo mismo, y los remadores, todos muy gentiles hombres y muy ataviados, no tenían semillas de remadores. Dijoles entonces Gacia Martiz: **¿Y vosotros para onde is? Guardaos que no den con vosotros ahora en Vizcaya y si vos entregan al rey, grandes contas habeis de dar.** Dijéronle ellos burlando: **De tolos sale algunas veces con siso.** Respondioles él: **Juro a Dios que vosotros lo sois mas que yo.** Y todos hablaron con buen ánimo, y así no quisieron ir a la nao. A estos el conde Don Pedro no les mandaba tirar, porque sabía que venían de mala gana al cerco y sabía que no le querían mal, y los unos y los otros, viendo que no podían hacer mal al conde Don Pedro, alzaron todos el real, fuéronse, y así quedó el conde Don Pedro con su honra”²⁴⁶.*

O asedio a Pontevedra repetírase máis adiante, mais os asaltantes non solicitaran daquela a axuda do de Andrade, que tan pouco lles servira na ocasión anterior. Eran moitos e pensaban que Diego de Andrade non iría contra do rei. A coraxe do conde de Camiña deulle outra vez a victoria e quedou, de novo, dono da cidade.

Por orde do rei defendera pouco despois o de Andrade á Coruña contra o conde de Benavente. Os reis Don Fernando e Dona Isabel fixeran mercé desta cidade ó referido conde, o que -como conta da Ponte²⁴⁷:

“confeitose (axustouse) con el conde de Lemos y con el conde de Monterrey porque no le estorbasen ni ayudasen, y concertose con el conde de Altamira y con el de Camiña Don Pedro y con Suero Gómez o Mariscal prometiéndoles muchos algos, y así se vinieron derechos con él a Coruña; mas el señor Diego de Andrada, de quien el conde de Benavente no hizo mención, metiose en Coruña con

246.- Casas y linajes. Casa de Sotomayor.

247.- Loc. cit.

Historia de Pontedeume

*ochenta lanzas y mil peones y escribió al rey como haría; fuéle respondido que la defendiese. Salió un día Diego de Andrada a sacar a los condes, y díjole el conde de Camiña a Diego Andrade: **El que tiene buen caballo sépalo bien cabalgar.** Oyolo el conde de Benavente y más. Y en esto envió el conde de Camiña a Portugal por galeras, las cuales llegaron hasta Mugía, y de allí se tornaron a Portugal por el recado que les dieron. En el real de los del conde de Benavente cada día quedaban descalabrados, y gastaban su hacienda sin hacer provecho, por lo cual levantó el real, y fuese disimulando lo que quería hacer...”*

IX. A SANTA IRMANDADE E A INSTITUCIÓN DA XUSTIZA

Os Reis Católicos afirmáranse xa no trono cando aínda o conde de Camiña e Pardo de Cela se mantiñan na súa actitude rebelde.

Desexosos os monarcas de lle poñer remedio á abundancia de malfeitores que por todas partes aparecían, organizaran a Santa Irmandade, da que se tiñan precedentes en Galicia como fóra dela, institución que, aínda que arrinca das Cortes de Madrigal celebradas a mediados do ano 1476, non se establecera no noso país ata primeiros do 1480.

Case de fixo que non lles agradara moito ós señores galegos este entremetemento do poder real na xustiza que eles viñan administrando; mais de ningún consta que se opuxera abertamente, a non se-lo conde de Camiña, que fixera pregoar que tódolos malfeitores se poderían acoller ós seus estados.

A Irmandade non prosperara moito en Galicia.

Efecto maior producira a institución da Xustiza para conte-los excesos dos grandes.

Para isto mandaran os Reis Católicos, en calidade de vicerrei, gobernador ou adiantado, ó nobre cabaleiro Don Fernando de Acuña, fillo do conde de Buendía, e como correxedor ó licenciado García López de Chinchilla, acompañados por trescentos xinetes ben escolleitos, mandados

por Luis Mudarra, célebre guerrilleiro, ó que se cre de orixe francesa.

As forzas estas non eran abondas para lles meter medo ós nobres, pois pouco máis valían que as dalgún deles; mais o país estaba canso de tantas querelas e tanto sangue inutilmente verquido, e por outra parte -como observa López Ferreiro²⁴⁸- *“un poder oculto empuurraba poderosamente á nación polos camiños da prosperidade e da gloria e ía dispoñendo as cousas para chegar a este feliz resultado”*.

Tomaran os Reis Católicos a providencia de crea-la Xustiza:

*“por cuanto -segundo di a cédula que as establece, en Toledo e con data 3 de agosto do 1480- Nos somos ciertos e certificados que el nuestro Reyno de Galicia, en los tiempos pasados, se han fecho e cometido muchos males, muertes e fuerzas e robos e alborotos e escándalos e levantamientos de Pueblos e tomas de las Nuestras rentas e pechos e derechos, e otros daños y excesos, y aun que cada día se facen e cometen algunas cosas destas: lo cual ha habido logar por el gran defecto e mengua de Justicia que en el dicho Reyno ha habido: a causa de los movimientos e guerras e otras discordias, divisiones e disensiones que en estos nuestros Reynos, notoriamente en los tiempos pasados, han acaescido, con los cuales los maleficios han crecido y los malfechores se han multiplicado, e muchos de nuestros subditos e naturales, que desean bien vivir, han padecido y padecen grandes opresiones e injurias e de cada día nos es suplicado que mandásemos en ello proveer e remediar.”*²⁴⁹.

Nese mesmo ano 1480, e entrado xa o outono, chegaran a Santiago Don Fernando de Acuña e mailo licenciado Chinchilla, a alí convocaran ós procuradores das cidades, vilas e concellos de Galicia para lles dar razón dos poderes que traían dos soberanos.

Despois esixíronlle ó arcebispo a entrega das fortalezas da igrexa, ó que este se negou; daquela Don Fernando de Acuña requirira a Diego de Andrade, ós condes de Monterrei, Altamira e Camiña e mais ó mariscal Sueiro Gómez de Soutomaior para que axudasen a sitiar ó arcebispo na catedral. Acudiran estes, e o arcebispo, que desde o primeiro recoñecera a causa dos monarcas, fixo aquilo que se lle mandaba, para non parecer en rebeldía, entregando a igrexa fortificada como estaba, segundo esixían as circunstancias, quedando coas outras fortalezas e salvoconducto para os seus vasalos.

248.- Galicia en el último tercio del siglo XV, t. I

249.- Historia y descripción de la ciudad de la Coruña, por ENRIQUE VEDIA Y GOOSENS, apéndice núm. 13.

Historia de Pontedeume

Semellantes esixencias tivera cos cabaleiros, cos que concertara en que lles quedasen as casas antigas e mailos vasalos propios con tódalas encomendas e behetrías e que se lle entregasen as fortalezas novas para derrubalas.

X. RESISTENCIA DOS NOBRES A OBEDECE-LO PODER REAL

Galicia fôrase calmando, a modo, e entrando en razón os nobres, non sen que os atrancos fosen grandes. Ano e medio, di o cronista dos Reis Católicos Hernando del Pulgar, fora o tempo que precisaran o de Acuña e Chinchilla para pacificalo país todo; pero, sen dúbida, non abundara ese tempo.

En Lugo o conde de Lemos púxose na contra do de Acuña porque este se apoderara do castelo da cidade, que pertencía ó bispo, que era irmán do conde; o herdeiro do de Lemos e mailo conde de Benavente enleáranse nunha sanguinenta disputa, chegando aquel a se apoderar da fortaleza de Ponferrada e quedando con ela contra a vontade dos monarcas; o turbulento conde de Camiña igual se subordinaba como se daba á vida de aventuras á que tan dado era, e, á fin, desposuído dos seus bens polo seu propio fillo e volto a Portugal, onde se vira obrigado a fuxir, morrera desastrosamente en Alba de Tormes, esquencido de todos, non se sabe se dos carbunchos ou dun garrote ó pescozo, ou se cadra das dúas cousas, ó dicir de Vasco da Ponte. Os outros magnates acabaran por se someter de máis ou menos boa gana, agás Pardo de Cela, que fora quen máis rexamente resistira.

Seguía o indómito mariscal impoñendo a súa vontade absoluta nas terras de Mondoñedo. O de Acuña, despois de oito meses de loita teimuda, conseguira deixalo reducido a unha soa fortaleza, a célebre Frouseira, onde, con extraordinario valor, seguía a se facer forte o mariscal. Este, por traición dalgúns vasalos de seu, caera, por fin, nas mans do vice-rei e fora degolado en Mondoñedo, o 17 de decembro do 1483, dez días despois de collelo preso, aplicándosele igual pena ó seu neto político Pedro de Miranda²⁵⁰.

De Pardo de Cela apoderouse a lenda, encarnando nel os últimos latexos da independencia de Galicia contra dos Reis Católicos. Non hai razóns para iso. Pardo de Cela era un nobre rebelde e cobizoso, como tamén o eran os seus con-

250.- A xeneralidade dos historiadores di que este Pedro de Miranda era fillo de Pardo de Cela e mozo de vintedous anos; mais, segundo Villaamil y Castro, no traballo citado noutra nota, resulta que se trata dun neto político do mariscal e que se chamaba Pedro de Miranda o Mozo, e estaba casado con Dona Constanza de Saavedra, filla de Fernán Arias de Saavedra, que casara coa filla de Pardo de Cela, Dona Constanza de Castro.

temporáneos, sen mérito notable sobre moitos deles, e máis nada. Nin loitara a favor da Beltranexa, senón ó contrario, pois estivera contra do conde de Camiña, único declarado defensor que aquela tivera aquí; nin moito menos se erixira xefe dos irmandiños, como nunha novela se dixerá e en pretendidas historias, tan anacrónicas e fantásticas como a novela²⁵¹, senón que fora combatido por eles e el tamén os combatera; nin a morte do mariscal trouxera canda ela a perda da personalidade de Galicia e o comezo da súa servidume ós usos e linguaxe de Castela, senón que a significación desta morte débese limitar a un sinxelo feito que cadra coa plena intervención, que se estaba a facer de todo punto necesaria, dos Reis Católicos no goberno do noso país, mergullado na máis fonda anarquía, precisamente por causa de Pardo de Ceta e mailos seus colegas. Ós que somos celosos da nosa identidade rexional máis nos agradaría que o tal estado de anarquía fose amañado, ou intentado amañar, polos propios galegos, con moitas vantaxes para Galicia, sen que fose precisa a intervención castelá, aceptable a título de mal menor; mais desgraciadamente non sucedera así, nin con Pardo de Ceta, que traballaba soamente para as súas particulares comenencias, íase camiño diso. A súa propia desgracia e mailas especiais circunstancias que concorreran na súa prisión e morte influíran, sen dúbida, para que a tradición idealizase a súa lembranza. Polo demais, o propio Murguía, que na súa mocidade exaltara ó suposto “*mártir galego*”, concrétase a afirmar que fora decapitado “*con tan pouca prudencia como exceso de xustiza*”²⁵².

Morto Pardo de Ceta, aínda Fernán Arias de Saavedra, que casara cunha filla do mariscal, Dona Constanza de Castro, mantivera a bandeira da rebelión, entrando en Vilaxoán, cara a Foz ou Cospeito, onde resistira ó pé dun ano ó gobernador López de Haro, sucesor de Don Fernando de Acuña; e...

*“porque se le secó el pozo del agua, entrose de agua llovediza y pudrió se todo, de manera que todos adolescieron, y la señora falleció dentro, y Fernán Ares, que también adolesció, fue ferido de una piedra de trabuco, y a él y a otros tres hombres sanos los prendieron y ajusticiaron, si no los valiera Diego de Andrada, y por las cartas que se hicieron entre el gobernador y Diego de Andrada y Álvaro González, partieron toda su hacienda en tercias, y Diego de Andrada luego le dió su parte, y lo remedió, y el rey le aseguró la vida, porque le sirvió en lo de Málaga, mas nunca lo quiso ver...”*²⁵³

A morte do mariscal producira entre os magnates o medo conseguinte.

251.- Para algúns pseudo-historiadores parece que serviu de fonte a novela de VICETTO **Los Hidalgos de Monforte**, pola que anda o mariscal de todo falseado; e aínda que o propio autor recoñecerá así na súa **Historia de Galicia**, a novela seguiu “en vigor”.

252.- **Galicia**, páx. 1133.

253.- VASCO DA PONTE, **Casas y linajes**. Casa de Parga.

Historia de Pontedeume

Non se debían considerar moi seguros cando a un dos máis afectos ós reis, como era Diego de Andrade, pretendían prendelo por maña o de Acuña e Mudarra na ponte de Rábade, preto de Lugo.

Por iso, despois da execución de Pardo de Cela, reuníranse os nobres en Santiago, e alí o conde de Altamira en por el, polo de Camiña e mais polo mariscal Sueiro Gómez, e doutra parte o conde Don Sancho en por el e Diego de Andrade, tamén en por el, e todos por cada un dos seus, confederáranse...

“haciendo los unos a los otros pleito y homenaje en manos de Fernán Pérez Parragués de se ayudar a bandexar contra todo el mundo, obedeciendo al rey en caso de lealtad y de no consentir a los gobernadores todo lo que quisiesen facer, y cada uno llevó carta firmada de todos tres”²⁵⁴.

XI. VIAXE DOS REIS CATÓLICOS A GALICIA

No ano 1486, cando Galicia estaba pacificada case de todo, fixeran os Reis Católicos unha viaxe ó noso país.

A lles render acatamento presentáranse os magnates galegos; mais nin o conde de Altamira nin o de Monterrei o fixeran, de non aconsellalos prudentemente Diego de Andrade. Dispuxeran daquela Don Fernando e Dona Isabel que o de Monterrei e mailo de Andrade marchasen canda eles á corte, e ó de Altamira deixábano quedar, compadecidos del por que era groso e estaba impedido. Mais sucedera que un día dixera este anoxado a un relixioso que fora visitalo: **Frade, irse han os hóspedes e comeremol-o galo.** E soubéranos os reis e dispuxeron que o de Altamira tamén os acompañase baixo pena de morte.

Estando xa o conde de Altamira e mailos outros nobres en Castela, celebrárase o singular casamento de Don Rodrigo Osorio, fillo do sonado xefe dos irmandiños Don Pedro, cunha filla de Diego de Andrade chamada Dona Tereixa. Demandáballe ó referido conde de Altamira setecentos mil maravedís que debía,

254.- Casas y linajes. Casa de Sotomayor.


“y poníale el arzobispo en almoneda por ellos a Cira y a Montaos; no tenía blanca el conde, mais díxole el señor Diego de Andrada que casasen a su primo hermano Don

Diego de Andrade

*Rodrigo Osorio, que había de ser heredero de su casa de Moscoso, con Doña Teresa, su hija del señor Diego de Andrada, y que él daría aquellos dineros; así se hizo, y fue malo de acabar con Don Rodrigo, porque el señor Diego de Andrada había tenido preso na Ponte do Eume a Don Pedro Osorio, padre de Don Rodrigo, y por verse preso con enojo, adolesció*²⁵⁵.

Non é raro, como observa Vicetto²⁵⁶, que o seu fillo Don Rodrigo non quixese casar coa filla do verdugo de seu pai. E valaquí unha situación dramática que, aínda que o expresado autor agoirara que os nosos poetas habiana utilizar algún día, non salíu, sen embargo, dos dominios da historia.

Sepulcro de Dona Teresa de Andrade en San Domingos de Santiago



Fora Don Rodrigo Osorio un valente guerreiro que asistira á conquista de Orán no ano 1509 e morrera na toma de Bujía; fora tamén excelente poeta, ó que cita eloxiosamente Menéndez y Pelayo no tomo VI do seu **Antología de poetas líricos castellanos**. Vasco da Ponte traza o seguinte curioso retrato deste personaxe²⁵⁷:

“Este conde tenía buena persona de hombre; era delgado, bien hecho y de buena estatura, gracioso en su habla, de buena crianza, buen caballero de ambas las sillas, muy suelto de correr y saltar y tirar la barra, la lanza y el dardo; tañedor de viola y de guitarra: era muy justiciero, no se agradaba de gente ruin, algo era oscuro de condición, pocos le acababan de entender del todo, era cauteloso, a quien él quisiese mal guardárase del hasta estar bien seguro: para facer hazañas no vino en tiempo de guerras, mas en tiempo de grandes justicias, y cuando iba a la corte no comportaba cosa de que el le viniese mengua: un día en el reino de Aragón le quiso un alguacil quitar su espada, defendiose de él en tal manera que fincó con su honra, y por ello se vio en tanto peligro que si no se aco-

255.- **Casas y linajes**. Casa de Moscoso.

256.- **Historia de Galicia**, t. VI, páx. 230.

257.- **Casas y linajes**. Casa de Moscoso.

Historia de Pontedeume

giera a casa de un gran señor su pariente que se llamaba de los de Castro, él muriera. También en este reino de Galicia, so no hacía en su tierra el gobernador del reino lo que él quería, calladamente lo hacía él, y como este conde Don Rodrigo era justiciero, no quería que nadie entrase en su tierra; y donde le decían que estaba malhechor, cual fose en su tierra, cual en la ajena, levantábase a la media noche y vestía un gabán, y con coirazas y un casco secreto en la cabeza, y con su espada y ballesta, y en piernas y con zapatos doblados, andaba de noche tres o cuatro leguas, por oscura y fría que fuese, y iba a cercar la casa del malhechor hasta prenderle por la barba; y cuando más llevaba consigo eran cinco o seis hombres de a pie...”


Dona Tereixa de Andrade morrera na fortaleza de Altamira, por causa da mágoa que lle producira a marcha de Don Rodrigo para África, e fora soterrada no convento de San Domingos de Santiago.

Antes de marcha-lo de Andrade á corte obtivera xa sinaladas recompensas dos reis. Así, no ano 1477, fora confirmado na posesión de tódolos bens, terras, señoríos, vilas, castelos e fortalezas que el e maila súa muller Dona María das Mariñas herdaran de seus pais e demais devanceiros, tanto no reino de Galicia como fóra del, e mais con tódalas cartas, privilexios e mercés referentes a estas propiedades concedidas por reis anteriores²⁵⁸, e pola defensa que fixera da Coruña contra o conde de Benavente concedéransele dez mil maravedís de xuro, e despois, por privilexio expedido na Coruña o 5 de outubro do 1486, outorgáransele outros cen mil de por vida.

No ano 1476 figuraba como rexedor da Coruña e no 1477 como capitán desta cidade polo rei e maila raíña.

Xa na corte, fora chamado polos reis para formar parte do seu consello, e fixéranlo conde de Vilalba, onde reedificara o castelo.

Estatua xacente de Diego de Andrade en Monfero



258.- Publica o documento
CÉSAR VAAMONDE
LORES na *Colección de
documentos históricos* do
“Bol. da Real Acad. Gal.”, t.
III, páxs. 35-38.

A súa última operación guerreira fora a de asistir, no ano 1491, á conquista de Granada, conducindo á xente do bispado de Lugo. Polo seu comportamento nesta ocasión fixéranlle os reis mercé de vinte mil marabedís, segundo consta en libranza expedida ó seu favor en Santa Fe, o 8 de maio do 1492²⁵⁹.

XII. O SEU PASAMENTO

Finara Diego de Andrade nos primeiros meses dese ano 1492 e, igual que varios dos seus antecesoros, fora sepultado en Monfero.

“Por riba do seu sepulcro está a súa estatua xacente, que o representa vestido de guerreiro, e na orla do escudo que embraza lese este lema distintivo da casa de Andrade: AVE . MARIA . GRACIA . PLENA . DOMINUS TECVN.

“Cara ós pés, nun dos ángulos da cuberta, existe unha inscrición que di AQI. JAZ . EL MVY NOBLE CAVALLERO . DIEGO DE ANDRADE.

*“Non hai no seu sepulcro outra inscrición, nin nunca a houbo; polo tanto, as publicadas por Díaz Losada na **Novena a la Virgen de la Cela** (Santiago, 1873), por Pardo en **Galicia Diplomática** (tomo IV, páxina 183), e mais por López Ferreiro en **Galicia en el último tercio del siglo XV** (tomo II, páxina 120), nas que se fai consta-la data do pasamento de Diego de Andrade e outras circunstancias, son apócrifas”²⁶⁰.*

De Diego de Andrade di con xustiza López Ferreiro²⁶¹ que *“en grandeza de corazón e en dignidade de carácter a ningún dos cabaleiros do seu tempo era inferior”*.

Do seu matrimonio con Dona María das Mariñas tivera tres fillos, a saber: Don Fernando, Dona Tereixa e Dona Violante de Andrade.

259.- Insire o documento VAAMONDE LORES, en **Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes**, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páx. 126.

260.- VAAMONDE LORES, op. cit. páx. 127.

261.- **Galicia en el último tercio del siglo XV**, t. I, 2ª edic., páx. 162.

A C A S A D E A N D R A D E A T A A
S Ú A F U S I Ó N C O A D E L E M O S

CAPÍTULO VIII

DON FERNANDO DE ANDRADE

- I. LAMENTABLE ESQUECEMENTO NO QUE SE TIVO A ESTE PERSONAXE.-
- II. OS SEUS PRINCIPAIS FEITOS DE ARMAS.-
- III. AS SÚAS CAMPAÑAS EN ITALIA.-
- IV. RECLAMA PARA GALICIA O VOTO DE CORTES.-
- V. XESTIONA SER NOMEADO CAPITÁN XENERAL DE GALICIA.-
- VI. FUNDA O CONVENTO DE AGOSTIÑOS DE PONTEDEUME E MAILA IGREXA PARROQUIAL.-
- VII. O SEU CASAMENTO CON DONA FRANCISCA DE ZÚÑIGA.-
- VIII. PASAMENTO DE DON FERNANDO DE ANDRADE.

Historia de Pontedeume

I. LAMENTABLE ESQUECEMENTO
NO QUE SE TIVO A ESTE PERSONAXE

Don Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas, fillo e sucesor no señorío de Pontedeume de Diego de Andrade, é unha das figuras de máis extraordinario relevo na historia de Galicia, o que contrasta grandemente co inexplicable esquecemento no que os galegos tivemo-la súa memoria.

O meritísimo historiador Don César Vaamonde Lores, a quen debemos o mellor estudio acerca do glorioso caudillo de Seminara²⁶², escribe, lamentándose do esquecemento no que os galegos tivemos esta gloria rexional:

“É moi doloroso para Galicia que a memoria de Andrade, un dos seus fillos máis notables, permaneza case enteiramente escurecida, sen que houbese quen fixera por reivindicala e enxalzala, pois aínda que o fixesen a Coruña e Pontedeume -¡que non o fixeron!- sería un pequeno triunfo para aquel que, émulo do Gran Capitán, se enchera de gloria en Italia, nos espléndidos días das nosas victorias naquel país. Por iso salientamos, como triste exemplo, a indiferencia de Galicia, o esquecemento de España e maila inxustiza que todo isto supón”.

Laiándose deste mesmo particular, di un escritor da rexión, o P. Juan Rodríguez Cabrero²⁶³:

“A pesar de que Don Fernando de Andrade fora unha grande figura na arte da guerra, o seu nome non goza da popularidade merecida. Pero, ¿acaso non somos nós, os seus paisanos, os máis responsables deste esquecemento? Nós, nós somos culpables de que o seu nome non figure entre os máis grandes capitáns do seu tempo, de que sexa descoñecida a nosa meritísima historia rexional. ¡¡E aínda nos laiamos de que os historiadores nados fóra de Galicia non aprecien as nosas glorias!!! Mais, ¿como queremos que fagan os estraños aquilo que nós, os interesados, omitimos? ¿Acaso van facer eles polos desprezados galegos o que os galegos non facemos por nós mesmos?... Mais, ¿que raro é que teñamos esquecido a Don Fernando de Andrade, se non nos ocupamos nin de erguer monumento algún ó gloriosísimo Batallón Literario da Universidade de Santiago que durante a guerra da Independencia española ‘renovara nas montañas de Galicia as fazañas dos gregos nas Termópilas?’”

262.- Véxase este estudio no t. VIII do “Bol. da Real Acad. Gal.”, núms. 91 ó 95, ó tratar de **Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes**.

263.- Errores sobre la historia de Galicia, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. V, páx. 241.

II. OS SEUS PRINCIPAIS FEITOS DE ARMAS

Expoñamos agora, en resumo, os principais feitos coñecidos de Don Fernando de Andrade²⁶⁴.

Sabido é que se distinguira especialmente como guerreiro, supoñéndose que fixera as súas primeiras armas na conquista de Granada contra os árabes, loitando canda seu pai Diego, se ben cando máis salientara fora nas campañas de Italia, onde estivera tres veces.

Partira a primeira vez de Cartagena, a mediados do mes de febreiro do ano 1503, formando na expedición que mandaba Don Luís Portocarrero, na que desempeñaba o cargo de lugartenente, e desembarcara na Calabria. Dos memorables feitos de armas nos que aló tomara parte con tal ocasión -o sitio de Terranova e mailas batallas de Seminara e Garellano, que dirixira como xeneral en xefe, por morte de Portocarrero- trataremos máis adiante coa extensión que o caso precisa.

Volto Andrade ós seus estados despois desta xornada, que dera como resultado a anexión a España do reino de Nápoles e mailo remate da guerra que mantiñamos cos franceses en Italia, pagáralle o Rei Católico coa máis negra das ingratitudes, pois, receoso de que o de Andrade fose intervir nas disputas que daquela conmovían ó país por causa da gobernación do reino, dispuxera, no ano 1507, que saíse desterrado de Galicia.

“Se cadra estes receos do monarca -escribe Don César Vaamonde Lores²⁶⁵- viñesen motivados polas consideracións que o rei Don Felipe I tivera co de Andrade, a quen chegara a doa-las alcabalas das súas terras e mailas da súa muller Dona Francisca de Zúñiga, mercé que fora revocada en virtude dunha cédula despachada pola raíña Dona Juana o 8 de decembro do 1505, na que dispuña que tódalas doazóns feitas polo seu difunto marido, o citado Don Felipe, quedaban anuladas, porque foran outorgadas sen o seu coñecemento, pois ela era raíña propietaria. Así e todo, expedírase unha carta real a favor de Don Fernando para que cobrase os marabedís que valesen aquelas alcabalas desde a data na que o repetido Don Felipe llelas concedera

264.- Para isto temos á vista o citado traballo de VAA-MONDE LORES Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes.

265.- Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páxs. 154-156, nota.

Don Fernando de Andrade

ata que se publicara na cidade de Santiago a cédula mencionada”.

Volvera o de Andrade por segunda vez a Italia no ano 1511 -campaña esta da que tamén falaremos máis adiante- e ó seu regreso encomendáralle, o que daquela era rexente de España, Cardeal Cisneros, o mando das tropas reais, coas que, en máis dunha ocasión, termara dos nobres que se opoñían ó rexente: así o fixera co duque de Alba, cando este, no 1517, quixera facer valer, polas armas, os dubidosos dereitos do seu fillo ó priorado de San Juan.

Desde aquela nada se volve saber do de Andrade, ata que, no ano 1520, se persoa en Santiago por causa das Cortes que alí se proxectaban celebrar, co fin de pedir voz e asentamento para os procuradores de Galicia, ós que se lles negara este dereito, que pasara ós representantes de Zamora. Dos traballos realizados por Don Fernando de Andrade para conseguir isto, así como para obte-lo seu nomeamento de capitán xeneral de Galicia, faremos despois unha detida exposición.

Pola súa enérxica actitude nas Cortes de Santiago reclamando o voto de Galicia, fora desterrado polo emperador, e o de Andrade fórase retirar á Coruña. Chegado o monarca a esta cidade para segui-las Cortes suspendidas en Santiago, alzáralle o desterro e nomeáralo capitán xeneral da armada que o conducira a Flandes e que saíra ó mar desde a Coruña o 20 de maio do 1520. Este e outros servizos recompensárallos o monarca dándolle 100.000 maravedís anuais por real cédula expedida en Bruxelas o 18 de agosto do citado ano 1520. Nesta real cédula lese:

*“que demás de las trezientas mill maravedis que tiene de salario en cada un año por nuestro capitán et de otros cient mill maravedis que yo por una mi cedula le fize merced para librárselos en cada un año aya e tenga otros cient mill maravedis que sean por todos quinientos mill maravedis de que yo le fago merced para que los tenga en cada un año para en toda su vida”*²⁶⁶.

Axiña volvera o de Andrade a Galicia, pois a empezos do ano 1521 aparece aquí insistindo na súa xestión para que se concedese o voto en Cortes e, ó mesmo tempo, traballando para que se lle outorgase á Coruña a casa de contratación para o comercio de Indias e solicitando, ademais, ser nomeado capitán xeneral da rexión.

266.- Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páxs. 158 e 159.

Historia de Pontedeume

No mes de xullo do ano seguinte, 1522, volveira por terceira vez a Italia, onde, loitando contra os franceses, cercáraos e tomara a cidade de Arimiro; campaña da que tamén falaremos máis adiante.

En setembro do 1525 estaba na Coruña, data na que Garci Jofre de Loaisa, que con Juan Sebastián Elcano partía daquel porto para as Molucas, fixera preito e homenaxe en mans de Don Fernando.

No 1526 formaba na corte do emperador. Este, estando en Toledo, dispuxera, o 2 de febreiro do referido ano, que o de Andrade saíse con outros nobres para Badajoz, para recibir alí á princesa Dona Isabel de Portugal e levala a Sevilla, onde había casar co monarca. Efectuárase a voda o 11 de marzo, e ó acto asistira o noso cabaleiro.

Desexoso de acrecenta-los descubrimentos de España no Novo Mundo, organizara unha expedición a América do Sur, para o que mandara construír unha nave de cen toneis, un patache de vintecinco e un bergantín, ademais doutro que se levaría desfeito para podelo armar.

A expedición, ó mando de Diego García, saíra de Fisterra o 15 de agosto do 1526; e despois de tocar Madeira e Canarias e de explora-la costa de Brasil, chegara ós arrecifes de Abre-o-olho, nesta costa, poñendo despois rumbo á baía de San Vicente e dela ós ríos da Plata, Paraná e Paraguai, percorrendo os territorios que Sebastián Cabot percorrera, e outros ata o daquela descoñecidos.

Os resultados desta empresa non se corresponderan cos esforzos utilizados para organizala, debido á cobiza do xefe da expedición, que pagara a hospitalaria acollida dos indios tomando a moitos deles por escravos para levalos a España, o que produciu a lóxica hostilidade daquelas xentes, ata o punto de que precisara deixa-la terra americana no ano 1530, xunto con Sebastián Cabot.

No entanto, o de Andrade seguía a formar parte da corte, pois o 8 de xuño do 1528, acompañando ó emperador na vila de Monzón, asistira á lectura do cartel de desafío que a este lle mandara Francisco I de Francia.

No 1531 aparece de asistente en Sevilla, cargo no que seguía no 1536, e neste tempo concedera sinalados favores ós exploradores que pasaban ó continente americano.


Don Fernando de Andrade

Desde esta data deica o seu pasamento debeu vivir retirado da vida pública, residindo ás veces na Coruña e ás veces en Pontedeume, localidades nas que asinara diferentes escrituras.

Levado polos seus sentimentos relixiosos, construíra a capela maior da antiga igrexa parroquial de Pontedeume e dotara á vila dun convento de agostiños. Destas dúas obras falaremos no seu momento.

Don Fernando de Andrade fora segundo conde de Vilalba, título que herdara de seu pai, e o primeiro de Andrade. Ignórase a data de expedición destes títulos. Tamén fora Don Fernando de Andrade temporalmente Príncipe de Caserta.

Sinatura do Conde
Don Fernando de
Andrade



III. AS SÚAS CAMPAÑAS EN ITALIA

Da primeira campaña de Don Fernando de Andrade en Italia, infórmannos extensamente os cronistas Zurita e Gándara, en especial o primeiro, e é preciso que nos ateñamos ós seus relatos²⁶⁷.

O Gran Capitán Gonzalo de Córdoba perdera en Italia a batalla de Seminara, gañada valentemente polos franceses, véndose na necesidade de reclamar reforzos ós Reis Católicos.

En consecuencia, enviaran estes a expedición que, mandada por Don Luis Portocarrero, saíra de Cartagena a mediados de febreiro do ano 1503, figurando nela o de

267.- Vid. ZURITA, **Historia de Fernando V**, lib. V. cap. 24 e seguintes, e GÁNDARA, **Armas y triunfos**, cap. 34.

Historia de Pontedeume

Andrade en calidade de lugartenente, como xa dixeramos, e que desembarcara en Calabria.

Enfermara Portocarrero e delegara o mando en Don Fernando.

Daquela o de Andrade socorrera Terranova, á que lle puxera sitio o xeneral francés D'Aubigny, e conseguira que o inimigo levantase o cerco.

A morte de Portocarrero por causa da doenza que lle entrara despois do desembarco, fora causa de que se producisen algunhas dificultades no tocante á elección do caudillo que o había suceder. Polo de pronto, o vicerrei de Sicilia mandara dicir ós capitáns que mirasen preferentemente o servicio do rei, que andasen moi unidos e conformes para mellor cumpri-lo que deles se agardaba e que, visto que Portocarrero, antes da súa morte, nomeara no seu sitio ó de Andrade, quedasen así as cousas ata que se chegase a tomar un acordo definitivo. Os capitáns contestaran que se o vicerrei quixese mandalos, eles verían ben a medida, e que, de non ser así nomease a quen mellor lle parecese, que eles habían obedecer, como fixeran con Portocarrero. O vicerrei confirmou o nomeamento de Don Fernando de Andrade, *“con gran sentimento e indignación -escribe Zurita- de Don Hugo y Don Juan de Cardona, que decían que sujetarse a la obediencia de Don Fernando, que era caballero mozo y de no mucha experiencia, lo debiera excusar no menos el servicio del rey que la cuenta que se debía tener con sus honras, pues por linaje no le debían nada y por las leyes de la guerra quizá pudiera de ellos algo aprender”*. Os feitos abondo demostraran despois o infundado dos xuízos que o amor propio dictaba a Don Hugo e mais a Don Juan de Cardona.

Estando os españois acampados en Seminara, espallárase o descontento entre as tropas por causa da falla de pagamento, e aínda, como refire Zurita, por causa tamén *“del poco contentamiento y satisfacción del general”*, se ben isto último, caso de que ocorrese, ben puidera ser ocasionado polos propios envexosos camaradas do de Andrade. O certo é que, segundo o relato do citado cronista, *“estando la gente en el campo para salir, los capitanes y los hombres de armas y jinetes y los soldados gallegos dijeron que no se moverían sin que primero les dieran sus pagas, y no solamente no quisieron partir, pero juntáronse aparte más de mil y ochocientos, y dejaron sus banderas, y alzaron una bandera blanca, mostrando quererse ir por donde la ventura los guiase; pero*

Don Fernando de Andrade

Don Hugo de Cardona y el conde de Condiano, que se hallaron en aquel lugar, pusieron remedio a este movimiento, y el visorrey de Sicilia proveyó de algún dinero para que se detuviese aquella gente, y don Fernando de Andrade, Carvajal y Figueredo y otros capitanes dieron las cadenas y los collares de oro y la plata y dinero que tenían, y con esto hubo para una paga”.

Sabedor D’Aubigny destas disensións, quixera aproveitarse delas para da-la batalla en condicións favorables, e así mandou dicir a Don Fernando de Andrade que se axeitase para se defender.

Dispoñían os nosos de oitocentos de a cabalo e preto de catro mil infantes, e as xentes do caudillo francés eran preto de trescentos homes de armas e seiscentos cabalos lixeiros, entre eles cen besteiros, e ademais mil cincocentos soldados e máis de tres mil viláns.

Despois de varias escaramuzas, dérase por fin a batalla nos propios campos de Seminara o día 21 de abril do ano 1503.

“Los unos y los otros -escribe Zurita- anduvieron la mitad del campo ordenando sus escuadrones, y en aquel llano, bien ordenadas las batallas de cada parte, buscaban la ventaja de tomar el sol, y deliberó Don Fernando de Andrade con los otros capitanes que pasasen los nuestros primero el río y que su gente de a caballo y de pie se hiciese una batalla, porque todos juntamente rompiesen con los enemigos. Al tiempo que pasaban el río, antojose a los franceses que los nuestros se recogían y que el mudarse arriba era desviarse de ellos para ponerse en huida, y arremetieron primero furiosamente juntándose con la artillería puesta delante, y disparó antes que la nuestra, aunque ningún daño hizo, ni perdieron los nuestros la ordenanza en que iban. En esto se señalaron valerosamente Don Hugo y Don Juan de Cardona, su hermano, y fue muy loado su esfuerzo y gran uso de las cosas de la guerra. Iba a la mano izquierda nuestra infantería, y junto con ella la gente de caballo de las compañías de Puertocarrero y de Don García de Ayala y la de Don Fernando de Andrade, con Gonzalo de Avalos, y en medio la compañía del adelantado de Granada, y luego Antonio de Leiva y Alvarado, y más a la mano derecha todos los jinetes; y rompiendo, entraron tan bien y tan pronto, que en muy breve espacio casi no quedo hombre de los enemigos a caballo, y no osó entrar en los nuestros la segunda batalla, que si pasara recibieran gran daño los jinetes, porque

Historia de Pontedeume

rompían en ellos y los tenían ceñidos. Pero por el gran valor y esfuerzo con que los acometieron, fueron muy en breve desbaratados y rompidos, y siguieron al alcance hasta entrarlos por las puertas de Joya, y perdieron en él más de ochocientos de a caballo, sin ningún daño de los capitanes y gente española. De los nuestros no murieron en la batalla sino dos hombres de armas y un soldado de artillería, y murió gran parte de la infantería de los contrarios al alcance, la cual se reparó en un bosque a las espaldas de nuestra gente, porque al tiempo en que se rompió la batalla no se hallaron sino caballeros con caballeros, y en el número era muy poca la ventaja”.

“Aquella misma noche -conta Zurita máis adiante- se pusieron los nuestros sobre Joya, a donde se habían recogido hasta ciento cincuenta de a caballo de los contrarios, y creyose que estuviese dentro el de Aubeni (D’Aubigny), y el rey de Sicilia envió cañones para batirla; pero no estaba aquel lugar para defenderse de un ejército victorioso, y puesto que se puso en defensa, siendo batido fue entrado por fuerza, y murió la mayor parte de la gente de guerra que allí se había recogido, y fue puesto a saco y quemado, y los que se retrajeron a la fortaleza, que eran más de cuatrocientos hombres, no quisieron esperar otro tal castigo como los del lugar; y dieron a merced de las vidas, y hubieron allí seiscientos caballos y cuatrocientas acémilas y muy gran despojo.

“El de Aubeni, así como fue el primero de los que encontraron en la batalla con los nuestros, visto el rompimiento de los suyos con doce de a caballo se salió de ella y tomó el camino de Melito por un bosque; y siguiendo los nuestros al alcance, se apartó a la roca de Angito, que está cabe Cosencia; y Valencia de Benavides y Juan de Alvarado, hijo del capitán Álvaro, le siguieron hasta encerrarle dentro, a donde llegaron otro día las compañías de Figueredo y de Fernando de Quesada. Había pasado a Mesina después de la batalla; para verse con el visorrey, Don Fernando de Andrade, y teniendo nueva de que Aubeni se había encerrado en la roca de Angito y le tenían cercado, partió para allá con la mayor parte de su ejército, y se puso el cerco para combatirla, y de Mesina se pasaron dos cañones a Bivona, que está a cuatro millas de la Roca, para más estrechar el combate, y dende algunos días se rindió y dió por prisionero el señor de Aubeni. Con este suceso toda aquella provincia casi en un instante se acabó de reducir a la obediencia del rey.”

Don Fernando de Andrade

O noso Gándara, despois de relatar esta victoria de Saminara, di que os españois colleran ós franceses *“trece banderas que ponen por orla de sus armas los señores de la casa de Andrade, y el conde Don Fernando las puso por trofeo en la capilla mayor de la iglesia de Santiago de la villa de Puentes de Eume, a donde está enterrado, y allí estuvieron hasta nuestra época...”*

Estas bandeiras foran dezaioito, e figuran no escudo que campaba na fachada principal do antigo alcázar dos Andrade, e tamén no escudo do sepulcro de Don Fernando na igrexa parroquial de Pontedeume e noutro escudo que hai na porta desta igrexa, os tres de época posterior ós tempos de Andrade²⁶⁸.

O Gran Capitán Gonzalo de Córdoba, derrotado antes por D'Aubigny nos mesmos campos de Seminara, amosárase celoso da gloria conseguida polo de Andrade, ata o punto de solicitarlle ó rei que lle permitise volver a España.

O tan citado Jerónimo de Zurita, autor que, por certo, non dá a sensación de lle ser moi afecto ó de Andrade, escribe a este obxecto que os franceses *“comenzaron luego a publicar que para mayor seguridad de la paz, se vendría a España el Gran Capitán y quedaría allá hasta la conclusión de la guerra Don Fernando de Andrade. Esta fama se fue extendiendo, porque cuando supo el Gran Capitán del fallecimiento de Puertocarrero, recibió algún desagrado y descontentamiento; que Don Fernando, con la confirmación del cargo de general que le hizo el visorrey de Sicilia y después con el suceso de la victoria que hubo en Seminara, no sólo publicaba ser general en Calabria, pero aun decía que iba en lugar del duque de Terranova, y como quiera que se entendía que en lo de Puertocarrero el rey había proveído digna y convenientemente a su servicio, y decía el Gran Capitán que de tal provisión más razón era de tenerla en merced que agravarse por ella en lo de Don Fernando, aunque no fuese menos buena elección, pues el rey lo tuviese por bien, mas porque en edad no le precedía ni en servicio, envió a suplicar al rey no le mandase residir en aquel cargo, mas de cuanto cumpliese a la empresa de Nápoles. Ofreció que él sostendría aquello y que lo encaminaría hasta que Don Fernando de Andrade pudiese juntarse con él, porque dos personas en semejante cargo, según la condición y calidad de aquel reino, mayores inconvenientes le causarían que servicios. Con esto le escribió al rey pues que para su real servicio valía él poco, y para su descanso y aun salvación importaba mucho irse a su casa, no le agravase*

268.- A sonada victoria de Seminara servira de asunto ó inspirado poeta DON LUIS A. MESTRE para un fermoso romance titulado **La torre de Andrade**, que acadara premio nun certame literario celebrado en Lugo.

Historia de Pontedeume

a negarle tan justa merced, porque de él y de su persona podía ser que alguna vez se sirviese teniéndole más cerca...”

O monarca resolvera que o Gran Capitán fose o xeneral en xefe de tódalas tropas de Italia e que Don Fernando de Andrade quedase co mando da cabalería.



Escudo do sepulcro de Don Fernando de Andrade en Pontedeume

Á fronte desta asistira o de Andrade, o 29 de decembro do 1503, á famosa batalla que se dera sobre o río Garellano, mandando a retagarda. É sona que a acertada intervención de Don Fernando decidira este feito de armas en favor de España.

Despois desta victoria concluíra a guerra, quedando unido a España o reino de Nápoles.

Da segunda campaña do de Andrade en Italia poucas son as noticias que se poden apuntar.

“Rotas outra vez as hostilidades con Francia no 1511 -escribe o Sr. Vaamonde Lores²⁶⁹- e vencidas as armas da Liga Santa na famosa batalla de Rávena (12 de abril do 1512), xulgara o monarca moi comprometida a súa situación en Nápoles, e lembrando as victorias de Don Fernando de Andrade na campaña do 1503, chamouno outra vez ó seu servicio, e no nome da súa filla a rainha

269.- Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes. “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páx. 156.

Don Fernando de Andrade

Dona Juana, mandouno pasar a Italia en favor da causa da Liga.”

Consta isto nunha real cédula dada en Burgos o 27 de xullo do ano 1512, pola que se lle conceden 70.000 maravedís cada ano, a contar desde a data do documento.

Non se coñecen máis noticias sobre esta expedición, e suponse que o de Andrade fose desempeñando o cargo de capitán xeneral da Liga.

Vexamos agora a terceira e última campaña de Don Fernando de Andrade en Italia.

Por morte do Papa León X, sobrevida no 1521, fora elixido para sucedelo o cardeal Adriano de Utrech, bispo de Tortosa e un dos rexentes de Castela, que, nomeado o 9 de xaneiro do 1522, marchara en agosto dese ano para Roma, facendo que o acompañase o de Andrade.

Deixemos ó P. Gándara²⁷⁰ o relato dos feitos dos que, daquela, fora protagonista o noso personaxe: *“Polo mes de agosto dese ano -di- saíra de Tarragona o Pontífice Adriano VI, levando canda el e por capitán xeneral da Igrexa ó conde Don Fernando de Andrade, por causa das guerras que había en Italia, con catro mil soldados infantés, que os máis deles eran de Galicia, e eran parentes, criados e vasa-los del. O Pontífice entrara en Roma o 29 dese mesmo mes, e despois tratou do goberno da Igrexa, entrando de máis a máis no coidado das guerras que había; e en particular quixo mandar un bo socorro ós cabaleiros de San Xoán, que estaban moi presionados polo turco na illa de Rodas, e quixo que fose facer isto o seu capitán Don Fernando de Castro²⁷¹ coa xente que tiña; mais o embaixador de Carlos I, que era Don Luis de Córdoba, duque de Sesa, dixéralle que non con-viña sacar naquela ocasión ós españois de Italia, porque había vi-lo rei Francisco I de Francia sobre Lombardía, como así sucedera; e que xa que os quería ocupar, fíxese por ocupa-la cidade de Arimiro, que a tiña ocupada Sexismundo Malatesta. Parecéralle ben ó Papa, e mandara contra el a Don Fernando de Andrade, que se apoderara dela en moi poucos días poñéndoa baixo a suxeición do Pontífice, que lle dera despois o estado de Caserta con título de príncipe e outras mercés; pero Don Fernando vendera o estado e vol-vera para España desque finara Adriano”*. Este pasamento fora no ano 1523.

270.- *Armas y triunfos*, cap. XXXV, páx. 442.

271.- Debera dicir “de Andrade”.

IV. RECLAMA PARA GALICIA O VOTO DE CORTES

Don Fernando de Andrade, afervorado patriota e entusiasta defensor dos dereitos da súa amada Galicia, distinguírase especialmente nas Cortes celebradas en Santiago no ano 1520, reclamando diante delas, coa axuda do arcebispo Don Alonso de Fonseca e mailo conde de Benavente, voz e cadeira para os procuradores galegos que o reino estaba disposto a nomear.

As cortes mandadas convocar por Carlos I, co fin de obter subsidios cos que marchar a Alemaña para se coroar emperador, estaban xa reunidas no convento de San Francisco da cidade compostelá. Decididos a vindicala honra de Galicia e tamén a facer vale-los seus dereitos, non menos respectables que os doutras cidades peninsulares, irromperan ousadamente no local destinado ás cortes os tres xa citados personaxes, e enfrontándose co presidente e procuradores que alí se reuniran, manifestaron “*que ben sabían como Galicia era reino en por ela, que tivera voz e voto nas antigas cortes de Castela, e que desde había pouco tempo estaba suxeito a Zamora, con desdouro e descrédito da súa grandeza; que polo tanto esixían das cortes que admitisen no seu seo ós procuradores de Galicia, que estaban a piques de seren nomeados e face-lo que o rei mandase, para ben e prosperidade do reino; protestando de que se así non se lles outorgaba, afastábanse do que fixese Zamora, sen lles importa-lo prexuízo que lles causase, e concluíran pedindo testemuña do acto*”²⁷².

Descoñecese como pasara a Zamora o estraño privilexio de votar en cortes por Galicia. O Sr. Murguía refire²⁷³ que nun manuscrito da Universidade de Santiago lese que pasando os dous deputados a unhas cortes, enfermaran en Zamora e deran ós deputados desta cidade poder cumprido para que fixesen as veces deles; de onde arrinca, segundo o citado manuscrito, a pretensión daquela cidade contra o indiscutible dereito deste antigo reino.

Moita fora a enerxía posta polo de Andrade nesta ocasión co fin de que o preito do voto en cortes se amañase consono ós seus desexos; e boa proba disto é a seguinte pasaxe

272.- ENRIQUE VEDIA Y GOOSSENS, *Historia y descripción de la ciudad de la Coruña*, páx. 58.


273.- ¡Que se fuese!..., “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. IV, páx. 233.

Don Fernando de Andrade

de Sandóval²⁷⁴, onde relata o acontecido despois da protesta formulada polos tres insignes persoeiros galegos.

*“Resultó de ésto algún alboroto en las cortes -refire o escritor- porque tomó la mano a responder Garci Ruiz de la Mota, hermano del obispo Mota, que era procurador de Burgos, y atravesóse con el conde de Villalba (Don Fernando de Andrade) en palabras de mucha pesadumbre. Luego se supo en palacio, y el emperador mandó al mismo obispo Mota que fuese a remediarlo. Al tiempo que él llegaba a la puerta de la claustra, donde se hacían las cortes, salían el arzobispo y los condes. Y como el arzobispo vió enojado al conde de Villalba, fué a él para aplacarle, y comenzóle a hablar blandamente, mostrando haberle dado pena que su hermano le hubiese perdido el respeto. De algunas palabras que pasaron entre el obispo y el conde, sucedió que el conde le dijo: **Bonito hermano teneis, señor obis-***

Escudo de Don Fernando de Andrade na fachada da igrexa parroquial.



274.- Historia del Emperador Carlos V, t. I, páx. 303. Madrid, 1846.

Historia de Pontedeume

po, y que juraba a Dios que si le molestaban se juntaría con Don Pedro Laso”.

Era este Don Pedro Laso un rebelde procurador de Toledo que se opoñía ó outorgamento dos subsidios solicitados por Carlos I. Sabedor o emperador da ameaza proferida polo de Andrade, enviáralle un alcalde mandándolle que saíse desterrado de Santiago no espacio dunha hora, orde que Don Fernando cumpriu retirándose á Coruña.

Do arcebispo Fonseca -que era curmán e cuñado ademais da muller de Don Fernando de Andrade- dise que naquela ocasión andou secretamente recrutando xentes de armas para demostra-la súa carraxe.

Seguira hospedado Carlos I en Compostela, onde se abriran as cortes o 1 de abril do ano 1520, ata o 12 do mesmo mes, data na que marchara para a Coruña, onde chegara o día 14, dándolle esta cidade moitísima honra e acatamento.

Ó pouco tempo de chegar á Coruña para segui-las cortes suspendidas en Santiago, decidira levantarlle o desterro o de Andrade, e nomeáralo capitán xeneral da armada que o debía levar a Flandes, coma xa dixeramos aí atrás.

Non pararan no antes dito as xestións do de Andrade no que tocaba á obtención do voto en cortes para Galicia. O éxito non o acompañara, mais non por iso esmoreceran os seus loables propósitos.

De primeiras, redactara os famosos capítulos que Galicia dirixira ó emperador, como consecuencia da reunión que na vila de Melide tiveran, o 4 de decembro do ano 1520, algúns prelados e cabaleiros do reino; capítulos nos que naturalmente, non faltaba a cuestión do voto, e o de Andrade, despois de os asinar de primeiro, dirixira ós rexentes un memorial co fin de que traballasen preto do monarca no outorgamento do solicitado.

Corresponderan con interese os rexentes ó que deles procurara o de Andrade. Así o demostra unha carta que en febreiro do 1521 escribiran ó emperador, na que, despois de lle facer presente *“que el reyno mas fiel y mas pacífico de toda espana ha estado y esta el de Galizia”*, maniféstalle que

“entre las otras cosas que el dicho reyno le recibiria y estimaria en singular premio: es ser subtraydo del voto de çamora y tenerlo el en las cortes. o que a çamora se qui-

Don Fernando de Andrade

tase el voto como a tan delincente en estos alborotos: y que se diese al dicho reyno”.

Alúdese aquí ó levantamento das comunidades de Castela, ó que se sumara Zamora. Requirida Galicia para entrar na sublevación, non soamente se negara, senón que, a máis de protestar do levantamento, acordara concorrer con tódalas súas forzas, no caso de que llelo solicitasen, a sufoca-la revolta dos comuneiros. Así consta da reunión que o 4 de decembro do ano 1520 tiveran en Melide os principais persoeiros galegos, presididos polo arcebispo de Santiago, sen que a ela faltase o de Andrade, na que se pedira, ademais,

*“que se estableciera en la Coruña, como en Sevilla, la casa de contratación de la especiería y de las otras cosas que viniesen de las Indias nuevamente halladas, y que se vieren nuevamente los agravios expuestos en las cortes de la Coruña para que se remediasen”*²⁷⁵.

La revolución das comunidades de Castela tivera o triste desenlace de Villalar, por todos coñecido. Fora un movemento promovido por xente hostil a Galicia e que nada lle interesaba ó noso país. ¿Como se había sumar Galicia a aquela rebelión, animada por aqueles que, aínda había pouco tempo, lle negaran a súa personalidade nas cortes de Santiago?

Contestara o emperador ós capítulos citados desde Worms, en Alemaña, o 29 de marzo do 1521, accedendo ó de menos interese, mais non ó que tiña verdadeira importancia, como era, entre outras cousas, a cuestión do voto. Ó capítulo no que se formulaba esta demanda respondera²⁷⁶:

“quanto alo que suplicais que ese reyno tenga voz y voto en las cortes e que no haya de estar por lo que fuere otorgado por la cibdad de çamora porque esto es de la calidad e inportancia que veys e proveyendose desde aca no se cumplira con lo que en ello se debe mirar y pues ahora no se an de hazer cortes y mi yda plaziendo a nro. señor a esos reynos sera muy brebe yo vos ruego que en esto por ahora vos sufrays para que no se haga mudanza que ydo yo alla plaziendo e nro. señor vere y aprovehere lo que toca al bien dese reyno y e como es razon y el lo merese”.

Outra vez, xa que logo, fracasara o de Andrade na súa pretensión de reivindicar los dereitos de Galicia, a pesar do que seguira a porfiar cunha teima que moito o enxalza.

O 28 de maio dese ano 1521 escribira ós rexentes

275.- LOPEZ FERREIRO, **Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela**, t. VIII, páxs. 36-37, Santiago, 1906.

A propósito da casa de contratación escribe TETTMANCY

(**Apuntes para la historia comercial de la Coruña**, páx. 59):

“A Coruña competía con bo éxito coas cidades da importancia de Sevilla e Cádiz ó se establecer nela a casa de contratación para o comercio de Indias; de se ter conseguido este beneficio, que por desgracia durara ben pouco, debido á prianza que co poder centralizador tiñan aquelas, de seguro que a nosa cidade chegaría a ser unha opulenta praza comercial”.

276.- VAAMONDE LORES, **Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes**, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páx. 201

Historia de Pontedeume

laiándose da negativa do monarca, manifestando que Galicia, porque servira ó rei, non merecía menos privilexios que outros reinos que non o serviran. Cos rexentes seguiu a se entender co fin de obte-lo que pretendía.

Parece ser que o cardeal Tortosa e os outros señores que formaban o Goberno chegaran a concede-lo voto. Así o sospeita Murguía²⁷⁷, baseándose nunha carta de 20 de xuño do 1521, pola que Don Fernando de Andrade e mailo arcebispo Fonseca comunican ó cardeal Tortosa que chegara o comendador de Pazos de Arenteiro e que lles entregara a “*certificación de la md. del voto que tenia Zamora por este reyno en Cortes*”. Mais, como xa advirte o propio autor, todo debeu quedar en nada.

Certamente cómpre lamentar que todo o traballo de Don Fernando de Andrade e mailo seu patriótico interese neste asunto resultasen inútiles.

Ata o ano 1622 non lle fora concedido a Galicia o voto en cortes, concesión que se fixera pública o 8 de marzo do 1623, léndose no concello da Coruña unha carta do conde de Gondomar Don Diego Sarmiento de Acuña, e do confesor do rei Don Felipe IV, Frei Antonio de Sotomayor, na que se comunicaba en debida forma o outorgamento de tan desexado dereito, o que se solemnizara con grandes demostracións de alegría. Este dereito custara cen mil ducados que se pagaran 30.000 pola Igrexa e os demais pola nobreza e mailo pobo.

277.- ¡Que se fuese!..., “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. IV, páx. 259, nota.

278.- Esta parece se-la orixe da célebre **armada galega**, concedida por real cédula de 23 de maio do 1628, data na que se cre que levaba xa un século de vida, e que debía ser tripulada exclusivamente por galegos, tanto no que tocaba ós mandos como ós mariñeiros. Esta armada custara á rexión 800.000 ducados e dera grandes servizos, non soamente a Galicia senón tamén a toda a nación española: lémbrese que a bandeira de Galicia ondeara como tal nun dos buques que tomara parte na gloriosa xornada de Lepanto. Ó dicir de LABRADA (**Descripción económica del reino de Galicia**);:

“destinada a outra parte no ano 1638, ardera no porto de Guetaria en Guipúzcoa, que está a tres leguas de San Sebastián, sen que se volvese formar...”

Empregárase esta cantidade en armar oito navíos e un patache para a defensa das costas e comercio de Galicia contra dos piratas bereberes, franceses e ingleses, que acosaban de contino as embarcacións e portos, sobre todo contra o pirata alxeriano, que non conforme con entrar a saco nos lugares, poñíalles lume ó se retirar e facía prisioneiros ós seus habitantes, coa pretensión de cobrar rescate²⁷⁸.

V. XESTIONA SER NOMEADO CAPITÁN XENERAL DE GALICIA

Ó mesmo tempo que o de Andrade andaba a xestionar para Galicia, co meirande tesón, a obtención do voto en cortes e mailo establecemento na Coruña da casa de contratación para o comercio de Indias, pretendía tamén para el e mais

Don Fernando de Andrade

para o arcebispo de Santiago, Don Alonso de Fonseca, o cargo de capitán xeneral de Galicia.

Esta pretensión acadara o éxito desexado, a pesar do que primeiramente dispuxera en contra o emperador.

O nomeamento do de Andrade e mais do arcebispo Fonseca para capitáns xenerais de Galicia non fora ben recibido pola cidade de Betanzos, por medo ó de Andrade, de quen as terras raiaban coas da cidade, e do que se agardaba que resolvese ó seu favor as querelas que, xa de vello, se viñan suscitando entre as dúas xurisdiccións.

O descontento dos de Betanzos dera pé a un curioso litixio do que nos informa polo miúdo Don César Vaamonde, co que é preciso que historiemos, resumindo²⁷⁹.

“Así que -di- tan axiña como o arcebispo presentara no consistorio de Betanzos a provisión dos rexentes que contiña os nomeamentos citados, o procurador da cidade e algúns rexedores, contradecírona e desobedecérona, baseándose, principalmente, na resposta dada polo emperador ós capítulos que lle dirixira o reino de Galicia. Esta resposta, datada na cidade de Bormes (Worms, en Alemaña), o 29 de marzo do ano 1521, dicía: “quanto alo que suplicays que mande nombrar capitan general en ese reyno para que en caso de necesidad haga llamamiento de gente e las otras cosas que fuere menester cierto es que esto es del cargo de nro. gobernador en ese reyno y asy yo por la presente le nombro e doy poder para ello.”

Non parara nisto a cidade de Betanzos, senón que se apurara a solicita-lo apoio do conde de Fuensalida, gobernador e capitán xeneral de Galicia, a quen acudiran para que, pola súa mediación, os rexentes anulasen o acordado, segundo consta en dúas cartas e un memorial que lle dirixiran a este conde. Unha das cartas, con data de 4 de maio do 1521, está asinada polo rexedor da cidade Roi da Becerra, e a outra carta, que leva a mesma data, aparece asinada polo rexedor Juan Pascual.

A mesma data de 4 de maio é a que leva a mensaxe do procurador, documento curiosísimo que manifesta a enerxía desenvolvida nesta ocasión pola cidade de Betanzos. Nel di o procurador Alonso de Cella que o nomeamento de capitáns xenerais expedido a favor de Don Fernando de Andrade e mais do arcebispo de Santiago, debe ser anulado, entre outras razóns *“porque aquella (provisión) fué impetrada con*

279.- Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páxs. 160 e 193-199.

Historia de Pontedeume

siniestra relación”, e, ademais, porque “todo este dicho reyno recibiría mucho prejuicio en que los dichos reberendísimo arzobispo e conde don fernando fuesen tales capitanes generales porque el dicho reyno ha estado y syempre estubo pacifico solo con gobernarle vra. señoría como le ha gobernado quanto mas teniendo mas como agora tiene el nuevo poder que su cesarea magestad le enbio y en tiempo en que no ay necesidad de capitanes generales ni de gente pues que todas las veces que a los vezinos deste dicho reyno fuese mandado que vayan yran donde quiera que fuese seruicio de su magestad y si los dichos reberendisimo arzobispo e conde don fernando fuesen capitanes generales darse ya ocasión que los que no fuesen sus vasallos desobedeciesen especialmente teniendo como tienen competencias sobre jurisdicciones e otras cosas con algunas cibdades e caballeros comarcanos y lo que esta pacifico se podria alterar lo qual vra. señoría debe y es obligado a obiar e estorbar”.

Recibidas polo conde de Fuensalida as dúas cartas e maila mensaxe ralacionadas, remitíralas ó cardeal Tortosa, con data de 5 de maio, onde aquel se laia de que non se lle notificasen a el eses nomeamentos de capitáns xenerais, proba de que o de Andrade e mailo arcebispo procederan en segredo, á parte doutros moitos conceptos de grande interese que contén.

Velaquí un parágrafo do citado documento:

“... prqs cierto que la mayor parte de tener alteraciones en el (reino de Galicia) ha sido la gana que los vasallos del arzobispo y conde don fernando y otros caballeros han tenido de levantarse contra ellos y el muy buen aparejo que hallaban en los vecinos para ayudarlos y como ay pocos lugares realengos y tienen temor por lo que han visto los tiempos pasados que estos señores han de meter la mano e ynspirar algo de lo suyo y con esto ay gran enemistad aca con ellos y no hay muchos años que en este reyno hubo los mismos lebantamientos que agora avia en Castilla y les derribaron muchas de sus fortalezas y agora como he dicho a v. s. esto ha sido lo que mas se ha temido en este reyno”.

Noutro lugar deste mesmo documento lese:

“... los mas dan otro entendimiento a la provision de v. ss. deziendo que el arzobispo y conde los quieren enjuzgar a todos y no se porque estos señores han querido dar ocasión a esto pues que saben que de sus vasallos ny estraños no han podido sacar un peon para enviar al exercito de s. md. y bien poco ha que estuvo muy alterada la cibdad de betanzos y toda su tierra contra el conde don fernando sobre que avia prendido ciertos vasallos de la cibdad y

Don Fernando de Andrade

llevar los presos a su tierra deziendo que avian de pagar las alcabalas con losa de su tierra lo qual los de betanzos tenian por muy recio y estaba todo puesto en armas y obiera sydo ocasión de alterarse todo el reyno sino porque el licenciado uyrviesca oydor deste reyno fue a entender en ello y lo apaciguo y no con poco trabajo muchas cosas otra avria que decir cyno por no dar inportunidad a v. s."

Os parágrafos transcritos non deixan ver, certamente, cordialidade de relacións entre o conde de Fuensalida e Don Fernando de Andrade. Ademais, hai na carta unha acusación ben grave para o noso personaxe e igualmente para o arcebispo: a de que **dos seus vasalos nin estraños non deron sacado nin un peón para mandar ó exército da Súa Maxestade**.

*"Non está moi claro o sentido desta afirmación -observaremos con Vaamonde Lores-; pero se o conde quixo dar a entender, respecto de Don Fernando, que este, nas súas terras, non era quen de atopar un só soldado que o seguise, esta afirmación non é exacta, porque Andrade, polo seu carácter bondadoso, era moi benquerido polos seus vasalos, que sempre se disputaban a honra de acompañalo en tódalas expedicións militares. A proba está na do 1503, na que as tropas que conducira á conquista da Calabria estaban, na súa meirande parte, compostas de galegos, e os seus principais continxentes formábanos os veciños de Pruzos, Trasancos e outras terras de Don Fernando, que voluntariamente se enrolaran para seguir ó seu señor. E mesmo o conde de Fuensalida puidera presenciar persoalmente como nese ano 1521 organizara Andrade un exército de 5.000 homes, recrutados case todos eles entre os seus vasalos e familiares, para pasar, no seguinte do 1522, a Italia, en favor do Papa Adriano VI. "Certo é que, tomando ó pé da letra o expresado polo conde, non era raro que os vasalos ós que se refire non quixesen ser **enviados** ó exército da S. M. A súa negativa viría motivada polo feito de que Andrade non fose canda eles, e neste caso quedaría demostrado o agarimo que profesaban ó seu señor e maila confianza que el lles inspiraba, pois non se vían seguros sendo dirixidos e mandados por outro xeneral que non fose Don Fernando."*

A teimuda oposición da cidade de Betanzos dera o resultado de que o de Andrade e o arcebispo de Santiago, malia súa indiscutible influencia, quedasen sen chegar a ser efectivamente capitáns xenerais, e o conde de Fuensalida

Historia de Pontedeume

permanecese no posto que viña desempeñando, sen perder ningunha das súas atribucións.

Non parece que isto contrariase moito ó de Andrade.

Algúns anos despois -no 1525- aparece como capitán xeneral de Galicia, sen que conste que desta volta houbese oposición ó seu nomeamento.

VI. FUNDA O CONVENTO DE AGOSTIÑOS E MAILA IGREXA PARROQUIAL

Don Fernando de Andrade, seguindo o exemplo dos seus predecesores, especialmente do primeiro señor da vila, investira nos seus últimos anos amplas cantidades de diñeiro en crear e dotar institucións relixiosas, coma o convento de frades da orde de San Agostiño que existira en Pontedeume e a capela maior da actual igrexa parroquial, na que establecera varias capelanías.

A fundación do citado convento fixérase por escritura redactada en Pontedeume o 24 de setembro do 1538, diante do escribán Juan Fernández²⁸⁰.

O antigo convento de Asgostiños de Pontedeume



280.- Publica íntegra a escritura VAAMONDE LORES en **Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes**, así como as de licencia e dotación que máis adiante se mencionan relativas ó expresado convento. Vid. "Bol. da Real Acad. Gal.", t. VIII, páxs. 233-235 e 244-250.

Don Fernando de Andrade

Nela consta que Don Fernando de Andrade quedara de acordo co P. Provincial da orde de San Agostiño, Frei Diego López, e que este mandara, con amplos poderes para todo o tocante á fundación, a Frei Pedro de Salcedo. O de Andrade comprometérase a edifica-lo mosteiro e maila súa igrexa, que había te-la advocación de San Miguel Arcanxo e estar situado na horta grande que tiña fóra dos muros da vila, horta da que se fixera cesión segundo estaba pechada e murada e cunha casa. Quedárase en entrega-lo mosteiro provisto de tódalas cousas precisas para os relixiosos. Ademais, Don Fernando obrigárase a establecer, para o sustento do prior e



Claustro do antigo convento dos Agostiños

frades, “*treynta mill mrs. de Renta en cada vn año de juro de veinte mill mrs. al quitar o de beneficios o bienes patrymoniales que los balgan*”. Pola súa parte esixía o seguinte: que o P. Provincial mandase oito frades para residir no mosteiro, que seis deles fosen cregos, que se se acordase eleva-la renda tamén se aumentasen os relixiosos en igual proporción, que se dixesen tres misas cantadas co seu responso cada semana nos días que o conde e mailo prior sinalasen, que os relixiosos tivesen conta de pregarlle a Deus polo doador e dicir responsos tódalas veces que misasen e que a capela maior que se fixese no mosteiro non a puidesen ceder nin soterrar nela, agás a aqueles ós que o conde ou os seus herdeiros recomendasen. Puxera como condición tamén que os legados e obras piadosas que as persoas devotas mandasen ó convento soamente se investisen nel e mais na sustentación dos relixiosos. Todo isto fora aceptado polo delegado do P. Provincial, e este delegado, Frei Pedro Salcedo, asina a escritura xuntamente con Don Fernando de Andrade, estan-

Historia de Pontedeume

do como testemuñas “*pero mendez de sotomayor y el liçendo zamora medico e graviel de santa marina*”.

A autoridade eclesiástica, a requirimento de Don Fernando de Andrade, autorizara a referida fundación o 5 de decembro do citado ano 1538. A autorización está expedida polo licenciado Pedro Gómez de Salazar, cardeal e provisor da Santa Igrexa, cidade e arcebispado, no nome do Ilmo. Sr. D. Pedro Sarmiento, cardeal da Santa Igrexa de Roma, arcebispo de Santiago e capelán maior das SS. MM. e o seu notario maior no reino de León.

“Despois de conseguida a anterior licencia -resalta Vaamonde Lores- o 28 de marzo do 1540 outorgárase a escritura de dotación do convento, pola que, e para o seu sostemento, no canto dos 30.000 maravedís de xuro estipulados na fundación, Don Fernando de Andrade cede ós relixiosos os beneficios sen cura de Santa María de Centroña, San Martín do Porto e San Pedro de Vilar, que lle pertencían pola gracia que deles lle fixera o Pontífice León X; e como os citados beneficios estaban comprendidos no morgado que fundara -o 1 de febreiro do 1515, diante de Diego Montoto e Martín Salgado, escribáns da Coruña- a favor da súa filla Dona Tereixa, para a casar con Don Fernando Ruíz de Castro, marques de Sarria, tendo medo de que o seu sucesor non había admitir esta dotación, aínda que don Fernando de Andrade tivese, como tiña, bulas da S. S. e facultade real -concedida por Dona Juana en León, o 9 de decembro do 1514- para esgazar do citado morgado aquilo que el estimase conveniente, sinala ó convento 30.000 maravedís de xuro perpetuo sobre as rendas dos coutos de Serantes e Doniños e terra de Bezoucos no caso de que fose desposuído ou perturbado na posesión dos mencionados beneficios”.

“Os temores de Don Fernando de Andrade non eran inxustificados -segundo advirte o mesmo historiador nunha nota-. Axiña que el finou -di- o marqués de Sarria e mailo seu fillo Don Pedro de Castro e Andrade, neto e herdeiro de Don Fernando, moveran preito ó convento, alegando que o seu sogro e avó respectivo non podían telo dotado nin cos citados tres beneficios nin cos 30.000 maravedís de xuro, por canto moito antes os incluíra no morgado que fundara para a súa filla Dona Tereixa de Andrade, muller do citado marqués e nai do referido Don Pedro. Cansos uns e outros do litixio, por escritura de 21 de abril do 1548, o marqués e mailo seu fillo concertaron co convento, e por eles e mais polos seus herdeiros obrigáronse a lle paga-los 30.000 maravedís de xuro situados sobre os coutos de Doniños e

Don Fernando de Andrade

Serantes e facenda de Bezoucos, mentres non lle desen 40.000 maravedís de renda anual sobre beneficio ou beneficios que os valesen. Esta escritura, da que o seu outorgamento fora precedido de facultade real, aprobárase e confirmárase pola Orde... ”.

Volvendo á fundación do convento, engadiremos aínda que, por requirimento do de Andrade, o P. Provincial e definidores da orde de San Agostiño confirmaran e aprobaran as escrituras de fundación e dotación de que queda feito mérito por outra outorgada na vila de Dueñas, o 30 de abril do 1540, diante de Andrés Rodríguez, co que o convento quedaba definitivamente constituído.

Gozara de vida florecente ata a súa extinción, que tivo efecto no ano 1835; e máis tarde, por orde de 19 de xaneiro do 1842, fora cedido á vila, a instancia do concello, para escola de nenas, cuartel e cárcere do partido.

A igrexa conventual, moi fermosa, fora despois derrubada, coa escusa de que ameazaba ruína e de que era preciso anhea-la vila por aquel punto; e a casa, que aínda hoxe está dereita case toda ela, fora vendida a un particular polo Estado despois da lei de desamortización.

Tamén edificara Don Fernando de Andrade, no ano 1538, a capela maior da antiga igrexa parroquial de Pontedeume, capela que aínda se conserva hoxe.

Da construción desta capela e das rendas que lle foran asignadas temos noticia polo seguinte documento, no que se rexistra o resultado da visita feita no 1611 polo licenciado Jerónimo del Hoyo, cardeal da Santa Igrexa de Santiago.

“Primeramente halló su mrd. -di²⁸¹- que el conde Don Fernando de Andrade, señor del estado de Andrade y capitán genl. que fué del Papa Adriano, fundó la capilla mayor de dicha iglesia parroquial, y está sepultado en ella, y en la dicha capilla fundó y dotó seis misas cada semana para siempre jamás, cuatro cantadas con sus responsos cantados sobre su sepultura y las dos rezadas con sus responsos rezados, como todo ello consta de su testamento que otorgó en 31 de agosto de 1540; y para decir las dichas misas y responsos dejó hubiese cuatro capellanes, y para ellos y reparo de la dicha capilla dejó la renta siguiente: dejó el dicho conde de renta a cada capellán 6.000 mrs. y 3.000 al sacristán, que son todos 27.000, situados sobre su estado del condado de Andrade, y más que se repare la dicha capilla de ornamentos y más necesario. Y si hubiese limosna de las misas, que se suba la limosna a los capellanes, para que siempre se digan las

281.- Publicárase este documento no número 291 de “Ecos del Eume” (8 de setembro do 1915).

Historia de Pontedeume

dichas misas. Dejó el conde por patrón de la dicha capilla y capellanías a los condes de Andrade, los cuales suceden en el dicho estado, con obligación de nombrar los dichos cuatro capellanes.”

Máis adiante trataremos desta igrexa máis polo miúdo.

VII. O SEU CASAMENTO CON DONA FRANCISCA DE ZÚÑIGA

Casara Don Fernando de Andrade con dona Francisca de Zúñiga, condesa propietaria de Monterrei, viúva de Don Diego de Acevedo, seu curmán.

“Dona Francisca debeu pasar unha vida pouco feliz. Ó disgusto de ver a seu pai arriscado polos perigos de tantas guerras nas que tomara parte, viñérase engadi-lo de presenza-lo seu desterro de Galicia e a confiscación das súas fortalezas, que, aínda que lle foran voltas máis adiante polos reis e concedidas outras novas, non chegara este acto de desagravio para compensa-las perdas e danos que sufrira por causa de tan arbitrario castigo. Como consecuencia disto, virase Dona Francisca obrigada a vivir, polo menos algún tempo, na meirande soidade e desvaleamento, sendo preciso que os monarcas, o 15 de febreiro do 1489, expedisen unha real cédula a favor de Rodrigo Ozores, alcaide da fortaleza de Portela, pola que se lle concedían 40.000 maravedís para o mantemento de Dona Francisca e para os custos de certos peóns, que tiña para a garda da fortaleza de Cambados, onde ela residía.

“Casada co seu curmán Don Diego de Acevedo, e de segundas con Don Fernando de Andrade, pouco disfrutara da compañía dos seus homes, pois o primeiro morrera prematuramente, e Don Fernando, mentres ela vivira, andou case sempre ausente de Galicia en servizo dos reis. E para máis desgracia houbo de pasar polos desgustos que lle ocasionara o seu fillo Don Alonso de Acevedo, cos infinitos preitos que lle puxera. A indigna conducta de Don Alonso fora o que máis mancara o corazón de Dona Francisca, que, aborrecendo ó seu fillo, finara no ano 1526”²⁸².

Don Alonso, o fillo de Dona Francisca, chegara a acusar a Don Fernando de Andrade, xa morto este, de lle dar malos tratos á Dona Francisca, e que, por causa disto, fundara ela o morgado de Ulloa a favor de Dona Tereixa de Andrade. No curioso preito que se promovera por este motivo próbase, coas declaracións das testemuñas, que non hou-

282.- VAAMONDE LORES, Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páxs. 263-264.

Don Fernando de Andrade

bera malos tratos, senón ó contrario, e por elas coñécense tamén interesantes detalles da vida íntima destes personaxes, como, por exemplo, a grande afección que Dona Francisca lle tiña ó xogo.

Os condes Don Fernando e Dona Francisca tiveran por filla á citada Dona Tereixa de Andrade, que debeu nacer contra finais do século XV ou empezos do XVI.

Casara con Don Fernando Ruíz de Castro Osorio de Portugal, primeiro marqués de Sarria e máis adiante conde de Lemos, fillo de Dona Beatriz de Castro, condesa de Lemos, e de Don Dinis de Portugal, fillo este do duque de Bragança, da familia real portuguesa.

Por se produci-lo pasamento de Dona Tereixa antes da morte de seu pai Don Fernando, fora herdeiro e inmediato sucesor deste o seu neto Don Pedro de Castro e Andrade, en quen se fusionan as familias de Andrade e Lemos.

VIII. PASAMENTO DE DON FERNANDO DE ANDRADE

Descoñécese a data do pasamento de Don Fernando de Andrade.

Recibiu sepultura na capela maior da igrexa de Santiago de Pontedeume. Traladáranse os seus restos, no 1758, a outro sepulcro labrado na banda do Evanxeo desta capela. Neste sepulcro hai unha inscrición, da época do traslado, que di así:

AQVI JACE EL EXMO S. D. FERNANDO DE ANDRADE
CONDE DE VILLALVA SR. DE PVENTEDEUME Y FEROL
QUE FUE ENTERADO EN VN PANTEON DENTRO DE LA
CAPILLA MR. DE ESTA YGLEIA EN XI DE OTVBRE DE
1540 Y SE TRASLADARON SVS HVESOS EN ESTE NICH
EN 28 DE FEBRERO DEL AÑO DE 1758.

Consta, xa que logo, por esta inscrición que don Fernando finara no ano 1540; mais nun preito, que cita o Sr. Vaamonde Lores, declárase que morrera no 1541, e, ademais, preguntando este autor detalles ó duque de Alba, este contestara que no seu arquivo “*non existe noticia de data nin lugar de nacemento*”, engadindo que “*unicamente se pode*

Historia de Pontedeume



Sepulcro de Don Fernando de Andrade no altar maior da igrexa parroquial

asegurar que testara en Pontedeume o 31 de agosto do 1540 e morrera alí no 1542”.

Das tres datas anteriores, a que merece menos confianza ó Sr. Vaamonde Lores é a da inscrición sepulcral, “*por non se saber de onde foi tomada, pois aínda que é lóxico supoñer que debera ser dalgũa outra que estivese no panteón derrubado non hai, con todo, noticia de que existise nese. E aínda que isto se demostrase, sempre quedaría a dúbida de se a inscrición primitiva estaría mal ou ben lida, porque escrita cos revesgados caracteres do século XVI, é seguro que a súa lectura había ofrecer dificultades ós encargados de labrala do monumento moderno, que non poñerían grande interese en interpretala con fidelidade, cando xa non o puxeran en conservar do sepulcro antigo máis cá estatua xacente, deixándoa, por certo, bastante maltratada*”²⁸³.

283.-VAAMONDE LORES, Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes, “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. VIII, páx. 251.

T E R C E I R A
P A R T E

DESDE A FUSIÓN DA CASA DE ANDRADE
COA DE LEMOS ATA OS NOSOS DÍAS

CAPÍTULO I
A CASA DE LEMOS

- I. CARÁCTER DA HISTORIA DESTE PERÍODO.-
- II. A XURISDICCIÓN DE PONTEDEUME NOS ÚLTIMOS TEMPOS DOS SEÑORÍOS.-
- III. DEREITOS QUE RECIBÍA A CASA DE LEMOS.-
- IV. DON PEDRO DE CASTRO E ANDRADE E MAILLOS SEUS SUCESTORES.

Historia de Pontedeume

I. CARÁCTER DA HISTORIA DESTE PERÍODO

Desde a fusión da casa de Andrade coa de Lemos, a historia de Pontedeume é preferentemente interna e local. Tomando os novos señores asento noutro lugar, a vida da bisbarra experimentara unha radical transformación; perdidos os factores de prosperidade que os Andrade lle subministraban, limitábase en adiante a vivir a conta dela propia, perdendo bastante da súa antiga sona e do seu esplendor.

Ó se fusiona-las familias de Andrade e Lemos, os tempos eran moi distintos ós de antes. A unidade española tivera efecto, e esta unidade comezara a se extremar ata o punto de dexenerar no máis absurdo centralismo.

Na orde social, como na orde física, a toda acción oponse unha reacción equivalente; e o centralismo era a reacción contra aquel estado de cousas que Romisthal, viaxeiro alemán que no ano 1466 visitara Galicia, resume nesta sinxela e gráfica frase: “Esta terra non ten rei, senón que se somete ó señor que se lle antolla, e nós poidémolo ver”.

Establecida, xa que logo, a unidade e consolidado o poder real, os nobres fuxen dos seus estados e procuran na corte máis amplo campo ó xénero de vida, tan distinto, que as circunstancias imponían. Así, a terra eumesa vive desde agora desvencellada dos seus novos amos, fóra da intervención que estes tiñan no nomeamento de cargos do concello e na percepción das rendas que o señorío producía. Moi escaso interese ofrece, polo tanto, a casa de Lemos para a nosa historia.

II. A XURISDICCIÓN DE PONTEDEUME NOS ÚLTIMOS TEMPOS DOS SEÑORÍOS

A división de Galicia nas provincias de Betanzos, Coruña, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui, data de pouco tempo despois da unidade española, realizada polos Reis Católicos. Pontedeume e mailas outras terras que hoxe

Historia de Pontedeume

conforman o seu partido pertencían á provincia de Betanzos. Esta, igual cá de Santiago, quedara incorporada á da Coruña por mor da actual división de Galicia, establecida na lei de 3 de marzo do 1822 e real decreto de 30 de novembro do 1833.

A vila e xurisdicción de Pontedeume nos últimos tempos dos señoríos estaba dividida en dúas alcaldías: unha maior e outra ordinaria.

A alcaldía maior comprendía as freguesías de Santa María de Ombre, San Pedro de Vilar, San Cosme de Nogueirosa (agás o seu lugar da Rega, que correspondía a Callobre), San Martiño de Andrade, San Xoan de Piñeiro, Santa María de Miño, San Martiño do Porto, San Miguel de Breamo, Santa María de Centroña, Santo Tomé de Bemantes e San Vicente de Meá.

A alcaldía ordinaria constaba das freguesías de San Mamede de Laraxe, San Xurxo de Magalofes, Santiago de Franza, San Salvador de Maniños, Santa María de Sillobre (agás o couto de Velelle, que pertencía á xurisdicción de Caaveiro), San Salvador de Fene, San Estevo de Perlío, San Xurxo de Torres, San Cristovo de Güimil, Santiago de Vilamateo, Santiago de Barallobre, Santa Eulalia de Limodre, Santiago de Boebre, Santa María de Doroña, San Pedro de Grandal e maila vila de Pontedeume.

Estas dúas alcaldías, aínda que tiñan divididos os seus intereses materiais, xa que cada unha pagaba separadamente a renda de contribucións que lle cargaban e daba tamén con separación o número de quintos que lles correspondía, estaban rexidas, no municipal e económico, por un só concello, composto de alcalde maior, alcalde ordinario, catro rexedores, aínda que por veces chegaran a ser cinco ou seis, e un procurador síndico.

Presidía as sesións o alcalde maior, pero correspondía ó ordinario convocar a concello.

No criminal e contencioso cada alcalde coñecía nos asuntos que se lle ofrecían nas parroquias da súa demarcación, e por separado, ademais, o alcalde maior, a prevención, podía coñecer, e coñecía, na alcaldía ordinaria.

Xa dixeramos que o nomeamento das persoas que rexían o concello correspondía ós condes de Lemos, herdeiros da casa de Andrade. Estes nomeamentos facíanse do seguinte xeito: o de alcalde maior, que era letrado, por tres

anos; o de alcalde ordinario, por un ano; os de rexedores, por tempo indefinido, e o de procurador síndico, a proposta en terna que facía o concello. Tiña este, ademais, un secretario nomeado pola vila, e un escribán que nomeaba o conde, e pasaba exame no concello. Tamén nomeaba o conde, con carácter vitalicio a un alguacil maior.

Desaparecidos os señoríos nos comezos do século XIX, seguiran nesa orde as citadas alcaldías, ata que se establecera a actual organización de España, agás que a alcaldía maior era provista polo Cámara de Castela, e a ordinaria e rexedores, ben pola Intendencia da provincia, ben pola Audiencia territorial, segundo as diferentes disposicións que houbera sobre o particular.

As outras terras do actual partido xudicial eran: vila e xurisdicción de Ares, vila e xurisdicción de Mugar dos, xurisdicción de Caaveiro, xurisdicción de Monfero e coutos de Bañobre, Callobre, Leiro, Perbes, Regla, Vilachá e Vilamourel²⁸⁴.

III. DEREITOS QUE RECIBÍA A CASA DE LEMOS

No que toca a dereitos que en concepto de señorío da vila e xurisdicción de Pontedeume percibía a casa de Lemos, vexamo-lo que no ano 1751 cobraba a condesa, a título de herdeira e sucesora da casa de Andrade²⁸⁵.

Estes dereitos eran: 78 reais e 14 maravedís por razón de vasalaxe e talla que lle pagaba o concello como carga sobre os seus propios; as penas de cámara, avaliadas en 68 reais; o dereito de bens sen dono por mar e terra, que era variable; os dereitos de loitosa, que se reducían a escoller unha peza, traste ou alfaia de cada cabeza de casa que morría; os dezmos ou sinecuras da vila, a súa xurisdicción e estados, do trigo, cebada, centeo, millo, millo miúdo, liño, viño, castañas e outros produtos, o que se calculaba para cada ano en pouco máis de cen mil reais. Posuía no río Eume, na parte de riba da ponte e a unha legua de distancia, unha canle ou pesqueira de saborosos salmóns e troitas, e na beira unha casa para o garda, e era ama, ademais, de varias casas e cobraba diversas pensións.

284.- Das demarcacións do partido, interesa coñecerla eclesiástica, por se-la máis antiga, natural e permanente. Pódese ver no nomenclátor oficial. Comprende 61 freguesías que forman 37 parroquias, das que 16 pertencen ó arciprestado de Pruzos, 18 ó de Bezoucos, ámbolos dous do arcebispado de Santiago, e 3 á diocese episcopal de Mondoñedo. Todas elas distribuídas en 9 concellos. Cando pasaba visita pastoral en Pontedeume, finara repentinamente, ás dez da mañá do día 17 de xullo do 1727, o arcebispo de Santiago Don Miguel Herrera y Esgueva, e os seus restos recibiran sepultura na catedral compostelá o día 23 do mes citado.

285.- **Pontedeume en 1751**, por FLORENCIO VAA-MONDE LORES, en "Ecos del Eume", núm. 37 (16 de outubro do 1910).

Historia de Pontedeume

En troques, pagaba destas últimas, entre elas unha de 29 reais e 14 maravedís anuais ó padroado de Breamo, por un anaco de xardín do seu pazo; 72 reais para a cera da capela de San Miguel, que había ó pé do alcázar; 345 reais para libros de padróns que se facían tódolos anos, e 1650 reais polos soldos dos seus dependentes e criados na vila.

O pazo dos condes estaba nesta época alugado en 500 reais de prata. O torreón e parte das edificacións adxacentes servían de cárcere público.

O terreo pertencente ó pazo, que medía once ferrados e medio de sementadura²⁸⁶, estaba distribuído deste xeito: catro destinados a xardín de recreo, seis sementados de hortalizas e árbores froiteiras e o un e medio restante destinado a millo.

As cantidades de diñeiro citadas débense xulgar de acordo coa época na que se pagaban. Para iso cómpre facer comparanza co prezo de varios froitos, que valían daquela²⁸⁷: o ferrado de castañas, un real de prata; o de noces, dous reais; a fanega de trigo valía ordinariamente dezaoto reais, mais aquel ano, pola escasa colleita, consumo de xente e tropas polas obras e fábrica da Graña, chegara a valer 32 e 34; a de cebada branca valía 16 reais e andaba por 26; a de centeo e millo, 12 reais e andaba por 24; o centeo a 20 e o millo miúdo a 8; as fabas secas seguían o prezo do trigo; o azume de viño por maior de 20 onzas andara por un real de prata, pero vendíase ó por menor de 16 onzas a 24 e 28 cartos, e se era de parra, metade.

IV. DON PEDRO DE CASTRO E ANDRADE

Noutra parte queda consignado que Dona Tereixa de Andrade fora o último personaxe con quen esta familia deixa de existir autonómicamente. Casada a filla de Don Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas con Don Fernando Ruíz de Castro Osorio, primeiro marqués de Sarria e despois conde de Lemos, o nome, por tantos títulos ilustre dos de Andrade, comeza a ser ensumido polo dos de Castro, ós que axiña pasa o señorío de Pontedeume.

Don Fernando de Castro procedía, como xa sabemos, das máis rancia nobreza da época.

286.- O ferrado superficial de Pontedeume ten 548 metros cadrados.

287.- FLORENCIO VAA-MONDE, loc. cit.

Estimábao grandemente o emperador Carlos V, e como proba cítase o feito de que o mandara de embaixador a Roma, no ano 1555, para acougar ó Papa Paulo IV, encargo perigoso que fora quen a desempeñar con éxito.

Do seu casamento con Dona Tereixa de Andrade tivera varias fillas e un fillo, que fora Don Pedro de Castro e Andrade.

Don Fernando Ruíz de Castro e Dona Tereixa de Andrade finaran en Madrid, de onde, anos máis adiante, se trouxeran os seus restos ó convento de San Francisco de Lugo, segundo consta nun documento do que nos facilitara referencia o que fora cultísimo arquiveiro do concello de Santiago Don Pablo Pérez Costanti, que di:

Diante do escribán Juan Sanjurjo, “dentro del monasterio de San Francisco de la ciudad de Lugo, en la capilla mayor de arriba, a 7 de julio de 1577, ante el muy magnífico Sr. D. Fernando de Vellosillo, justicia mayor de Lugo por el Ilmo. Sr. Obispo... pareció Fernando Reymondez, maestresala del Ilmo. Sr. Don Lope Osorio de Moscoso, conde de Altamira: dijo que él, por mandado del dho conde había ido a la corte a pedir se le entregase el cuerpo del Ilmo. Sr. Don Fernando Ruíz Osorio de Castro e Portugal, conde de Lemos, marqués de Sarria, digunto que se había depositado en la iglesia de San Martín, priorato de San Benito de la villa de Madrid, y se le había entregado en virtud de auto del Real Consejo, y lo había traído a esta ciudad, juntamente con el cuerpo y huesos de la Ilma. Señora Doña Teresa de Andrade, su mujer, que asimismo se había depositado en la iglesia de San Francisco, monasterio de observantes de la dha villa de Madrid: por tanto, que él entregaba y entregó los dhos cuerpos de dhos señores al Don Lope, nieto de aquellos, quien hizo depósito de dhos cuerpos en dho monasterio de San Francisco de Lugo, y los mandó meter en una tumba y monumento que está en la capilla mayor más alta de dho monasterio, a la parte del Evangelio, y allí los entregó al muy Rdo. Padre Fray Francisco del Campo, guardian de dho monasterio, para que los tuviese en depósito y le acudiese con ellos cada vez que el conde o persona con poder suyo fueren pedidos para trasladarlos a otra parte”.

Dona Tereixa de Andrade non chegara a herda-lo señorío de Pontedeume, pois morrera en vida de seu pai o conde Don Fernando. O sucesor deste fora o seu neto Don Pedro de Castro e Andrade, no que quedou definitivamente incorporada a casa de Andrade á de Lemos.

Don Pedro de Castro é, xa que logo, o terceiro conde de Vilalba, título do que non fixera aprecio, e o segundo

Historia de Pontedeume

conde de Andrade, sendo el que usara deste título por primeira vez.

A lista dos seus sucesores pararámola por alto, xa que carecen de todo interese para nós, e lembraremos soamente, se ben de pasada, ó terceiro destes novos señores de Pontedeume, neto de Don Pedro de Castro e con igual nome ca el, que fora aquel célebre conde de Lemos e vicerrei de Nápoles, protector de Cervantes, Lope de Vega, os Argensola e outros esclarecidos inxenios.

Este ilustre persoeiro visitara a capital dos seus estados no ano 1619. Por acordo do concello do 15 de marzo dese ano decididárase celebrar solemnemente a súa chegada á vila,

“en donde no ha estado ha muchos años por haber estado en servicio de S. M., así en el gobierno y virreinato del reino de Nápoles como en la presidencia del de Italia y otras cosas del real servicio, e para que esta villa muestre parte del amor que tiene a S. E. como a su señor, es necesario que se hagan algunas fiestas en su recibimiento y despedida, en que se acuerda se gaste algún dinero de los propios de la dha villa en cosas que están acordadas, como son en arcos triunfales, poner las armas de S. E. en las puertas de la villa, pólvora, cohetes y cucañas de fuego, danzas, correrías de armas y otros regocijos que están acordados”.

DESDE A FUSIÓN DA CASA DE ANDRADE
COA DE LEMOS ATA OS NOSOS DÍAS

CAPÍTULO II

ACONTECEMENTOS POLÍTICOS E MILITARES

- I. AS TROPAS DE PONTEDEUME; AS MURALLAS.-
- II. OS INGLESES E O PORTO DE FERROL; BLOQUEOS DO 1800 E 1804.-
- III. GUERRA DA INDEPENDENCIA; SUCESOS ACONTECIDOS NA BISBARRA.-
- IV. CURIOSO INCIDENTE ENTRE PONTEDEUME E BETANZOS SOBRE UNHA CONTRIBUCIÓN DE GUERRA
IMPOSTA POLOS FRANCESES.-
- V. REBELIÓN DE PORLIER; PONTEDEUME AHÍRESE Ó MONARCA.-
- VI. PARTIDAS DE FACCIOSOS.-
- VII. XURAMENTO DA CONSTITUCIÓN NO 1836 E 1837.-
- VIII. OS PRONUNCIAMENTOS E A SÚA REPERCUSIÓN NO PAÍS.-
- IX. A SUBLEVACIÓN DE SOLÍS NO ANO 1846.-
- X. O LEVANTAMENTO REPUBLICANO DE FERROL NO 1872.

Historia de Pontedeume

Acontecementos políticos e militares

I. AS TROPAS DE PONTEDEUME; AS MURALLAS

Pontedeume, como vila fortificada, viña sendo residencia de tropas, en previsión de calquera eventualidade.

Consérvanse varias actas do concello nas que constan curiosas providencias para a defensa da vila.

Faremos referencia a algunhas delas.

O 27 de abril do ano 1582, e por causa da arribada ó porto de Bares e costas cercanas, de certas naves piratas, dicíase que dezasete, e que efectuaran un desembarco provocando grandes estragos e morte dalgúns homes, dispuxérase que a vila estivese avisada e disposta, e para iso mandáronse poñer sentinelas, ter dispostos os tambores, axeita-las pezas de artillería e coida-la arcabucería, sen esquecer-la correspondente provisión de pólvora e balas, e, ademais, facer porque as murallas estivesen en condicións de resultaren útiles fronte ó asedio, para o que se mandara, baixo diversas penas, que desde a porta da Ponte ata a da Salga, pechen os veciños das casas aló situadas as portas e portelos e saquen as escadas, paos e outras cousas que faciliten o gabeo por elas; que teñan limpo o andamio e maila ronda da muralla por baixo destas casas, coa finalidade de non impedir-lo tránsito; que se pinchasen as grandes nogueiras e outras árbores que había preto do valado, polas que se podía subir á muralla; que os veciños que viven riba do valado da ribeira teñan cada un na súa casa, ó pé das fiestras, doce pedras do grandor de dous puños e que os demais se coloquen no valado, onde se lles indicase, con outras doce pedras a man, e, por fin, que as portas da vila se pechen toda a noite, e polo día soamente se abran as da Ponte e San Roque, que se poña porta na da Salga “*de ancho de bordo de navío*” e que se amañen as outras²⁸⁸.

Por outro acordo do concello, do 30 de novembro do 1619, declárase ter recibida unha orde do gobernador e capitán xeneral do reino mandando ó capitán Don Francisco de Lanzós para que exerza de cabo no partido e teña ó seu cargo ós capitáns, oficiais e soldados da milicia alí residente, e a quen había acompañalo alférez Lagunilla, en aten-

288.- *Notas viejas galicianas*, por PABLO PÉREZ COSTANTI, t. I, páxs. 40-42, Vigo, 1925.

Historia de Pontedeume

ción -di a citada orde- a que *“la villa de puentes de eume hes de los lugares ynportantes deste reino y de los que hestan mas indefensos para las ynbasiones de enemigos que se pueden ofrezar; y mas en la ocasion presente de aberse descubierto algunos bajeles de enemigos en estas costas, y por los avisos que he tenido, me consta aver echado en el cabo de finisterre gente en tierra y echo algunos daños dando muestras de azerlos mayores”*. O concello determinara que, visto que a xente *“está desapercibida de pólvora, balas y otra munición necesaria que para ello conviene, se haga diligencia en la ciudad de la Coruña para que se traigan seis u ocho arrobas de pólvora y cantidad de plomo y cuerda y se recoja en las casas de consistorio”*; *“que la puerta del Pexigo se una puerta en ella, con su marco muy fuerte y recio, y que se achique la dicha puerta, de manera que no quede sin su postigo”*, e mais *“que las murallas se reparen en donde estuviesen caídas”*.

O 13 de xaneiro do ano 1620 consignárase que, traendo da Coruña *“dos quintales de pólvora, dos de plomo y trece arrobas de cuerda para la provisión de la gente de guerra de la villa, por la nueva que hubo de los moros que andan en esta costa”*, sexa recibida esta munición e que se garde ben gardada.

Da forza que na vila había recibimos importantes datos dunha carta dirixida pola xustiza e rexemento, diante do escribán Gregorio López, ó duque gobernador do reino, por causa dunha orde que del proviña.

Véxase o texto íntegro da carta:

“Exmo. Sr.-

En conformidad con la orden de V. E. de 25 de febrero de este año (1625), presentaron en este ayuntamiento los capitanes Alonso Pardo Labora y José González de Villar memoria de las dos bocas de fuego y picos que tienen sus compañías, y por ellas parece que la de esta villa, que gobierna el capitán Alonso Pardo, tiene 150 arcabuces y otros tantos picos, y la compañía de los alfoces, que gobierna el capitán José González, tiene 170 arcabuces y 126 picos, sacando de este número algunos viejos y impedidos y personas tan pobres que no pueden tener armas, a los cuales capitanes se les hizo notoria la dicha orden, para que, cumpliendo con ella, competiesen a sus soldados tuviesen las municiones en ella contenidas, y asimismo se notificó a todos los mercaderes de la villa que, en virtud de ella y debajo de las penas que contiene, tuviesen en sus tiendas de manifiesto, desde primero de marzo que viene en adelante, cada uno de ellos dos arrobas de pólvora y una de cuerda, y aunque a esta notificación dieron

Acontecementos políticos e militares

cierta respuesta excusándose de tener las dichas moniciones y venderlas a los precios contenidos en la dicha orden, se les volvió a mandar que lo cumpliesen, con apercibimiento que incurrián en las penas en ella contenidas. También se irán reparando las faltas que hay en la muralla, y se han hecho carretones para las pocas piezas que esta villa tiene, y se dará luego orden para que por cuenta de los propios se compre alguna pólvora, plomo y cuerda. Suplicamos a V. E. reciba debajo de su amparo la defensa de esta villa y la mande socorrer de gente y de lo más necesario para el tiempo que ofrezca la ocasión, pues por ser tan vecina de esa ciudad y por tener su dueño ocupado en la corte en servicio de Su Majestad, parece que puede pedir esta gracia con mejor título y más justicia que otra ninguna del reino, y este ayuntamiento queda con mucha confianza de alcanzarla, por el gran celo que todos conocemos en V. E. del servicio de Su Majestad. La divina guarde a V. E. muchos años con las salud y felicidad que deseamos.-

“Puentedeume, 30 de marzo de 1625”.

O abastecemento de municións fora obxecto, máis dunha vez, das determinacións do concello, como a do 6 de agosto do 1635, establecendo *“que por cuanto a esta villa ha venido orden del señor gobernador de este reino, como capitán general de él, para que las justicias compelan a los mercaderes de ella a que tengan de manifiesto pólvora y munición cada uno conforme a su posibilidad, con que no baje de dos quintales de pólvora, y asimismo esta dicha villa de los propios de ella tuviese cuatro quintales de pólvora y más municiones, y atento la dicha orden viene con todo rigor y aprieto por las guerras presentes que hay en estos reinos con el rey de Francia, y aunque se ha notificado a todos los mercaderes tengan la dicha pólvora y cumplan con la dicha orden, sin embargo, esta villa no puede cumplir con ella ni tener la dicha munición por no tener dineros ni propios donde los sacar, para cuyo remedio acordaron y mandaron que el procurador general de esta villa vaya a la ciudad de la Coruña y haga diligencias”*, coa finalidade de aliviar á vila da carga da munición, pois tiñana os comerciantes, e de non resultar isto, que se autorizase un reparto entre os veciños.

As defensas de Pontedeume consistían nas súas murallas, das que, por mor da súa conservación, tratan moitas veces os libros de actas do concello. Así, o 21 de marzo do citado ano 1625, mándase que as arranxen a conta dos propios; o 10 de agosto dese mesmo ano insítese no amaño, concretando que *“en las puertas, barreallas las que fuera menester, que se dé escala por la puerta de Porto, otra a la*

Historia de Pontedeume

puerta de la Carnicería, reedificar el pedazo de muralla que está a la puerta de San Roque y otro sobre la puerta pequeña que dicen del Postigo, y la piedra que fuese menester para esto se saque del torreón que está junto al señor San Agustín, para que quede en defensa y pueda servirles a los de fuera de la muralla si se ofreciere ocasión; que se aderece un pedazo de muralla que está junto a la cerca del convento; ansimismo se han de hacer cuatro troneras, dos en la puerta de Porto, que salen de palacio, que caen en las secretas, dos en el torreón de los herederos de... Maldonado; se haga un andamio sobre la primera torre de la puente”; o 11 de maio do 1630, e “por cuanto en dicho día se había caído un torreón de la muralla de esta villa contigua al convento de San Agustín de ella y que cay sobre la fuente de la dicha villa, y al tiempo que cayera había derribado la dicha fuente, muerto una criatura y lisiado una mujer, y no se podía ir a la fuente, y se esperaba que lo que quedaba de dicho torreón y muralla había de volver a caer y hacer nuevo daño”, dispúxerase proceder ó seu amaño; o 8 de xullo seguinte, e “por cuanto en este ayuntamiento se ha tratado que las murallas de la villa, como se echa de ver, se van cayendo y arruinando y están para caerse, y la causa de esto es que algunos vecinos de la villa y de fuera de ella sacan y cavan el barro al pie de la muralla, llegando hasta el cimientto de ella, haciendo muchos hoyos y cuevas, de manera que, si no se remedia, vendrá a suceder mayor daño y causará muy gran costa”, encarecérase que o vedor velase estas murallas, denunciando ós que furen ó pé delas e mais ós que provocasen danos, coa finalidade de proceder á reparación a costa deles.

O vecindario foi, pouco a pouco, invadindo as murallas e edificando nelas ou a conta do seu refugallo. Comezárase por aforar algúns anacos, sen excluír as mesmas torres.

II. OS INGLESES E O PORTO DE FERROL

Os ingleses amosaran en diversas ocasións a súa cobiza polo porto de Ferrol, e boa proba disto son os intentos de conquista realizados no ano 1800 e mais no 1804, non allos de todo á nosa historia, en especial o segundo.

Acontecementos políticos e militares

A agresión do ano 1800 tivera grande importancia. Organizárase a resistencia tomando tódalas medidas que as circunstancias permitían, e unha delas fora fortifica-lo castelo de San Felipe e leva-los buques españois ó ancoradoiro do Seixo, para evitar un posible ataque das tropas inimigas que puidesen desembarcar na ría de Ares. Ferrol defendérase heroicamente. Curto fora o asedio dos ingleses: desembarcaran en Doniños ás catro da tarde do día 25 de agosto, e, non pasadas aínda vintecatro horas, comezaran a volver ás súas naves para emprende-la retirada, que se producira na mañá do día 27.

Repetírase o bloqueo de Ferrol polos ingleses no outono do ano 1804, non rematando ata agosto do 1805, sen que tampouco non puidesen conseguir entrar na praza.

Esta expedición resulta, para nós, máis importante ca anterior. *“As posicións da escuadra inglesa neste bloqueo -di Montero y Aróstegui²⁸⁹- baixo as ordes do seu almirante Cochrand, foran na ría de Ares, fronte da praia daquel porto, cabo do de Redes e preto da costa S. desta ría, polas ribeiras do actual partido de Pontedeume, carenando nos areais desta vila algúns buques menores da escuadra británica. Os ingleses recoñeceran con tento a dirección do camiño que de Cabanas vai por Perlío a Neda, a punta do Preguntoiro na costa Sur da baía de Ferrol e mailo cume do monte que domina o castelo da Palma”*.

III. GUERRA DA INDEPENDENCIA; SUCESOS ACONTECIDOS NA BISBAARRA

A guerra de Independencia en Galicia presenta extraordinario interese.

As tropas francesas que invadiran Galicia compúñanse de dous corpos de exército: o segundo e mailo sexto. Ó primeiro deles, que constaba de 25.246 homes con 54 canóns, mandábao como xeneral en xefe o célebre mariscal Soult, duque de Dalmacia, que tiña baixo as súas ordes ós xenerais de división Merle, Bonnet, Delaborde, Hendelet e Franceschi. O sexto corpo, formado por 24.651 soldados, con 30 pezas de artillería, estaba ás ordes do mariscal Ney, duque de Elchingen, e tiña como xenerais de división a Merchand, Maurice-Mathieu e Desolles. En total veñen dar

289.- Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol, páx. 109.

Historia de Pontedeume

49.897 soldados con 84 pezas de artillería, sen contar outras forzas de cabalería francesa que chegaran despois a Galicia.

Os nosos paisanos erguéranse en masa contra as numerosas e ben equipadas hostes invasoras. Segundo frase do conde de Toreno, aquí, en Galicia, “*loitaba a poboación toda*”. Abonda con saber que se calcula en 200.000 o número de paisanos que formaban nas alarmas.

O resultado da loita non puido ser peor para os soldados de Napoleón. O xeneral francés Bigarré calcula nada menos que en cen as baixas que, de media, correspondían cada día ás tropas da súa nación. O coronel Don Manuel García del Barrio²⁹⁰ di que de 53.000 homes “*en tres meses de campaña dos paisanos, quedaran sepultados en Galicia, con pouca axuda do exército veterano, ó pé de 26.000, e 9.000 de Portugal*”.

E non se debe esquecer que a guerra fora mantida case exclusivamente polos paisanos, practicándose o sistema de guerrilla que tanta sona veu dando ós españois desde os tempos de Viriato.

Mais, cinguíndonos ó noso obxecto, cómpre preguntar: ¿que papel correspondeu á bisbarra eumesa en tan gloriosa epopeia?

A esta pregunta non se pode dar resposta cabal e cumprida, porque son moitos os acontecementos que, á forza, han quedar ignorados. ¿Quen podería arrincar da mourenza os feitos illados, individuais, daqueles homes, cada un en por el e sen obedecer plan ningún, nin consigna ningunha, declarara odio a morte ó invasor? Tratábase de verdadeiras correrías ou “*monterías de lobos franceses*”, como lles chamaban daquela, e o secreto no que estas correrías se levaban a cabo por un escaso número de paisanos dedicados a matar e saquear ós franceses que en pequenas partidas atravesaban as pontes e camiños de Galicia, non permitiu que chegasen noticias completas ata nós, xa que os valentes guerrilleiros, diante do perigo común que corrían as súas vidas, gardábanse mesmo dos seus amigos.

Non hai dúbida de que nas terras do Eume tamén se levará a cabo a guerrilla contra tropas francesas. Un texto de **El Patriota Compostelano**²⁹¹, periódico que se publicaba naquel tempo, confirma claramente. “*La actividad y secreto inseparable del corso -di- no nos permitieron averiguar hasta ahora más que lo acaecido en la Cuesta de la Sal,*

290.- **Sucesos militares en Galicia en 1809**, reprodución da obra impresa en Cádiz no 1811, aumentada cun prólogo, notas e documentos, por ANDRÉS MARTÍNEZ SALAZAR, Coruña, 1891.

291.- Citado polo P. LEGÍSIMA no seu libro **Héroes y mártires gallegos**, páx. 169. Por certo que este autor confunde un lugar da parroquia de Xestoso coñecido co nome de Ponte de Frei Bermud -pola ponte que alí hai así chamada- con outro Bermud, lugar da provincia de Lugo, freguesía de Santa María da Balsa.

Acontecementos políticos e militares

Monte Salgueiro, Puente de la Castellana, Muniferral y de Fray Bermud, montañas de Monfero, Tieira y Mesía”.

Fálase neste artigo da memorable desaparición, entre Betanzos e Coruña, de dous escuadróns do tren de artillería do exército francés, composto de douscentos homes e outros tantos cabalos, e que pertencían ó sexto corpo ó mando do duque de Elchingen²⁹²; e dinos que atacadas estas tropas pola paisanaxe, espalláranse polas montañas galegas, onde foran perseguidas en curso, e di tamén: “*en las montañas de Monfero fueron muertos o heridos cuantos osaron penetrarlas; sólo siete merecieron la compasión de aquellos bravos pero humanitarios paisanos*”²⁹³.

Pola desaparición deste tren foran castigadas a cidade de Betanzos e maila súa provincia, á que pertencía Pontedeume, cunha grande contribución, que non se chegara a cobrar na súa totalidade, e que dera orixe a un curioso incidente entre Pontedeume e Betanzos, que despois contaremos.

Do que ocorrera na vila e arredores temos noticias no libro de acordos do concello correspondente ó ano 1818.

Pedíndose, o 28 de xullo dese ano, pola cidade de Betanzos, en virtude de R. O. do Ministerio da Guerra do 6 de xuño, transmitida polo gobernador e capitán xeneral, unha relación das medidas tomadas contra os franceses, coa finalidade de consignalas nunha historia dos últimos sucesos que se dicía estar escribindo por orde da S. M., reunírase o concello da vila o 20 de novembro e levantara acta na que, despois de manifesta-la imposibilidade de relacionar tódolos feitos, por non quedar documentos que os acreditasen, que os queimara o alcalde ordinario, daquela Don José Labora e Parga, por medo ó perigo que podía resultar da entrada das tropas inimigas, expón o que segue:

“Así que fue sabedor este ayuntamiento, sus vecinos y moradores, de que las tropas francesas pisaban el terreno de este fidelísimo reino, procurando que cada palmo de él les costase un sacrificio, se alarmaron en masa general, mirando con desprecio sus vidas, familias y haciendas, y para la ejecución de sus buenos deseos, se hicieron en el modo posible con cuantas armas pudieron alcanzar. Penetrado este ayuntamiento de que no podían contener un ejército disciplinado, superiores fuerzas con la grande caballería que los acompañaba, sabedor de que ya ocupaba la ciudad de Betanzos, aproximándose a la plaza de la capital del reino, despachó este cuerpo, sin el menor retardo, sus postas por mar y tierra a los gobernadores

292.- Véxase a **Memoria** que sobre este asunto publicara DON ADRIANO LÓPEZ MORILLO no “Bol. da Real Acad. Gal.”, t. IV, páxs. 45-54.

293.- P. LEGÍSIMA, op. cit., páx. 170.

Historia de Pontedeume

del departamento de Ferrol y Coruña: al primero, para que remitiese todas las tropas que estuviesen en él, para que, reunidas con estos vecinos y paisanaje, que se hallaban animados a batirse con los franceses, en auxilio de las tropas británicas, lo que ofreció hacer así que llegasen los de Asturias, que estaban esperando; y al de la Coruña, pidiéndole siete mil fusiles, con las municiones correspondientes, para el indicado objeto, de todo lo que salía garante el ayuntamiento, y contestó que ya no se hallaba en términos de poder hacer dicha remesa, por cuanto se estaba tratando de la capitulación. Estos resultados parece serían bastante para amortiguar el espíritu de este cuerpo y domiciliarios; pero acaeció que cada vez se aumentaba más y más el ardor que les acompañaba de amor a su soberano, que, olvidándose de los riesgos a que se exponían, determinaron salir al encuentro de dicho ejército francés, como lo hicieron, apostándose en la puente llamada del Porco, términos de Santa María de Miño, a la distancia de este pueblo legua y media, con el que, a pesar de la superioridad enemiga, se tirotearon resultando algunos muertos y heridos, cuyo número no puede esta corporación asentar, por haberle faltado datos fijos, teniendo que abandonar el sitio que ocupaban, por la caballería de unos ochocientos o mil caballos que se adelantaron para franquear el paso, como lo consiguieron. Continuó dicho ejército su tránsito para el departamento del Ferrol, por no haber su gobernador y el de la Coruña, que eran en el mes de enero de 1809, prestado los auxilios que reclamó este ayuntamiento, haciendo, de consiguiente, su entrada en el departamento, que no realizarían sin una considerable pérdida de gente. En el tiempo que permanecieron en este país, nunca los franceses yentes y vinientes gozaron de tranquilidad, antes bien lo practicaban en continuo sobresalto y miedo, por los encuentros que el valiente paisanaje les hacían, cuya minoración, y la que observaron en otros parajes de este reino, les obligó a que lo evacuasen, como tuvo efecto en junio de dicho año, en el que toda la juventud, como en el anterior de ocho, tanto de esta villa cuanto de las parroquias rurales, se presentó gustosa a tomar las armas en diversas banderas del ejército español, despidiéndose los padres de sus hijos y éstos de aquellos con el imponderable gusto que las circunstancias exigían, haciendo, además, toda clase de sacrificios para su alimento, vestido y calzado, como es público, además de las contribuciones ordinarias y extraordinarias de aquel entonces, sin la menor repugnancia, ansiosos unos y otros del rescate de nuestro amado monarca. Sería larga esta relación si se comprendiesen en ella todas las ocurrencias que sobrevinieron en aquella época y la conducta de amor y lealtad observada por este vecindario, hasta el extremo de tener dos espías pagados que llevasen noticia de cuanto se observaba al ejército del señor marqués de la Romana, trayéndolas, asimismo, del estado y ventajas de éste, lo que practicaba dos veces en la semana, por cuya fiel comunicación se consiguieron muchas ventajas sobre los enemigos”.

Acontecementos políticos e militares

O episodio da Ponte do Porco, recollido no relato anterior, sucedera cando, conquistada por Ney a cidade da Coruña, da que quedara amo, mandara cara a Ferrol un corpo de exército de 7.000 homes, coa orde de acampar no piñeiral de Bermúdez, situado a unha legua, máis ou menos, das murallas de Esteiro, barrio da cidade departamental.

Velaquí como se relata este episodio nun escrito da época²⁹⁴:

“ El día (18 de xaneiro do 1809) la mayor parte del ejército de Soult se dividió tomando el camino del Ferrol y otra porción el de Santiago. Los trozos de Miño, Bañobre y lugares inmediatos se apostaron con un cañón de a cuatro que pudieron haber, antes de la cuesta de Viadeiro, e hicieron fuego el 19 a un escuadrón de caballería francesa de la vanguardia del ejército que caminaba al Ferrol, y mataron algunos y obligáronle a retroceder; pero, adelantándose la vanguardia a tomarles los flancos, tuvieron que dispersarse. Si éstos se hubieran reunido al otro lado del Eume, pasada la villa, y echado algún arco del puente abajo, se hubieran hecho allí fuertes, y los franceses hubieran tenido que tomar el camino de Pontes de García Rodríguez y retardar su empresa contra el Ferrol; pero los pobres paisanos no tenían jefes militares ni quien los dirigiera”.

Parece ser que, certamente, se quixera corta-la ponte de Pontedeume, e aínda outra nas Pontes de García Rodríguez; mais, como escribe Vicetto²⁹⁵, *“as xustizas das vilas de Pontedeume e García Rodríguez coutaron a operación coa ameaza e a desobediencia, quedando anulado deste xeito un recurso que podería proporcionar, noutras circunstancias, algún tempo máis para a provisión de víveres, xa que o río non é vadeable senón a unhas seis leguas de distancia da súa desembocadura no mar, e o inimigo tería necesidade de facer ese arrodeo, ou de construír algunha ponte militar para poder atravesalo, o que había atrasar considerablemente a súa marcha e achegamento”.*

Moitas prevencións se tomaran en Ferrol diante do perigo do asalto á praza, entre elas a de evitar que os invasores chegasen a se apoderar da artillería, consistente en 238 pezas que, por causa da guerra contra Inglaterra, gardaban os castelos e fortalezas da ría de Ares, Ferrol e maila súa beiramar toda ata o porto de Cedeira. Con esta finalidade -di Montero y Aróstegui²⁹⁶- *“acordara a xunta sacar de contado as que se puidese, e que se o tempo non o permitía, que se inutilizasen todas no momento da chegada dos franceses, recollendo os carros e cravando os canóns”.*

294.- *Los guerrilleros gallegos de 1809*, por MANUEL PARDO DE ANDRADE, t. I, páx. 57; Coruña, 1892.

295.- *Historia de Galicia*, t. VII, páx. 230.

296.- *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol*, páx. 137.

Historia de Pontedeume

Toda prevención fora inútil diante da superioridade do inimigo, e así Ferrol caeu inevitablemente en poder dos soldados de Napoleón, entrando estes na praza o día 27 de xaneiro, entre as oito e as nove da mañá, e non a deixaran deica o 21 de xuño, vivindo mentres en constante sobresalto tódolos lugares da bisbarra, de seguido cruzada polas xentes invasoras nas súas idas e vidas. Formaban as forzas asaltantes uns cinco mil homes, entre infantería, artillería e cabalería, co mariscal Soult á fronte.

En Pontedeume estivera acampado un escuadrón de cabalería francesa, ás ordes do tenente coronel Bedat, desde a tarde do día 20 de xaneiro do ano 1809 ata o 2 de febreiro seguinte, cometendo varios excesos, especialmente no arquivo municipal, no que entraran con violencia, facendo prevalece-la súa autoridade e o feito de estar de garda nas casas consistoriais, sacando toda clase de papeis, tanto de regalías da vila como doutros particulares, rachando, queimando, estragando e vendendo algúns protocolos e outros documentos, malia as queixas dadas ó citado xefe da tropa. Por causa disto abrírase información, o 23 de marzo do 1810, previo acordo do reino, a pedimento do procurador xeral da vila, resultando comprobados os extremos citados.

A vila de Pontedeume vírase forzada a contribuír, para o exército francés, con diversos efectos en cantidade considerable, que máis adiante se consignan.

O día 8 de maio do ano 1810, cumprimentando as ordes da Xunta Superior do Reino, acordouse a remesa e entrega da prata da igrexa parroquial para as necesidades da guerra, agás da esixida polo culto divino, ofrecéndose tamén a da congregación das Dores e confrarías, mesmo a do clero.

Por Pontedeume pasara o célebre **Batallón Literario de Santiago**, aquel aguerrido e valente núcleo de estudantes que polos seus feitos épicos realizados durante a longa e cruenta campaña dos anos 1808 ó 1812, a historia haberá lembrar para sempre con veneración e simpatía.

Atopamos esta noticia nun **Diario de Campaña** publicado polo Sr. Tettamancy como apéndice á súa obra, editada separadamente, **Britanos y Galos**, dedicada á epopeia da Independencia²⁹⁷.

297.- Deu a coñece-lo citado
Diario, por primeira vez,
DON CÉSAR VAAMONDE
LORES.

Rematado o memorable combate de Ponte Sampaio na noite do 8 de xuño do 1809, cunha total derrota por parte dos

Acontecementos políticos e militares

invasores franceses, pasara o Batallón Literario, que nel tomara parte, a Santiago e Coruña, despois de poucos días.

*“En esta época -di o **Diario**- ebaquaron los franceses el Reyno de Galicia, y el Batallón partió a Puente de Vme, de donde prosiguió, después de algunos días, a Lugo, Pueblo en que permaneció hasta la organización del Ejército, que volvieron a agregarle a la segunda División, mandada por el Mariscal de Campo Conde de Belbeder”.*

Novamente, en xullo do ano 1823, volveran pasar por Pontedeume as tropas francesas: eran dous batallóns que ían camiño de Ferrol, onde entraran o 15 dese mes por capitulación da praza, pertencentes ós “*cen mil fillos de San Luís*”, que, ó mando do duque de Angulema, invadiran España coa finalidade de reintegrar a Fernando VII no pleno exercicio da autoridade absoluta.

IV. CURIOSO INCIDENTE ENTRE PONTEDEUME E BETANZOS

Sobre a contribución que se lle impuxera á provincia de Betanzos pola desaparición dun tren de artillería do exército francés na xurisdicción de Mesía, xurdira entre Pondeume e a súa capital un incidente que paga a pena recoller aquí.

A cidade de Betanzos dirixírase, o 24 de febreiro do 1809, a varias persoas de Pontedeume, mediante oficio que di así:

“El Sr. Augusto Regnard, edecán del Excmo. Sr. Duque de Elchingen, fué comisionado por S. E. para descubrir los cómplices en el asesinato de doscientos soldados e igual número de caballos del ejército de su mando, que faltaron, y cuyo supone haberse cometido en varios distritos de esta provincia..

“A este efecto, se dirigió a ciertas aldeas con tropa para castigar a los culpados, abrasó cuatro aldeas y pasó en ellas por las armas a varios aldeanos y en esta ciudad a algunos que creyó culpados, dejando advertido a su ayuntamiento daba tres días de término para que se buscasen hombres y caballos, y, en caso de no parecer, la condenaba, esto es a la provincia, a pagar diez mil francos por cada hombre y mil ochocientos por cada caballo.

“Cuantas diligencias se practicaron, y que originales, con

Historia de Pontedeume

un resumen de ellas, se pasaron al caballero gobernador de esta ciudad y su provincia, fueron desatendidas como inválidas y miserables. Y habiendo convocado a los individuos de este ayuntamiento, les manifestó que la justificación no merecía crédito, y que la contribución impuesta por el Sr. Regnard debía cumplirse; señaló para cobrarla el primero del próximo marzo, en plazos de esta naturaleza: cien mil reales en el día citado y cada seis días igual cantidad, hasta el completo de los hombres y caballos que les faltan.

“En su vista y que amenazan destruir cuanto encuentren en la provincia si se falta a la contribución impuesta, acordó el ayuntamiento, para librar a la patria de este azote que le amenaza, prevenir a V. que, sin dilación, excusa ni otro arbitrio, ponga a su disposición la cantidad de 20.000 reales, de la cual se le dará el competente recibo para su resguardo, y a este efecto ha comisionado al Sr. Don Juan Lacaba, y verificado el comparto en la provincia, se satisfará a proporción lo que a V. corresponde legítimamente.

*“Dios guarde a V. ms. as.-
Betanzos, en su ayuntamiento, a 24 de febrero de 1809.-
Juan Igancio Martínez, Ignacio Mella Barbeito, Antonio Posse, Pascual Escario, Nicolás Martínez, Jacobo Couceiro, Pedro Ramón de Pazos, Secretario.”*

Este oficio mandárase ós Padres Agostiños de Pontedeume, co seguinte decreto:

“De no entregar al dador la cantidad señalada, puede prometerse esa casa ser asolada y entregada al furor de las armas francesas, según así lo manifestó con esta fecha a la ciudad el Sr. Gobernador de esta plaza”.

As outras comunicacións, de igual texto e case todas cun decreto semellante, van consignadas ós señores Don Benito Roberes, demandándolle 20.000 reais; R. P. Frei Modesto Portela, 40.000; Don Gaspar Maldonado, 20.000; Don Mateo Lalastra, 30.000; Don Pedro Álvarez, 10.000; Don Ignacio Arechaga, 12.000, e ó administrador da condesa de Lemos, 24.000, de quen consta que entregou 8.000.

O mesmo 24 de febreiro comunica a cidade de Betanzos ós alcaldes maior e ordinario de Pontedeume, que comisiona a Don Juan Lacaba para que na xurisdicción da vila *“haga efectivo para el primer pago de los cien mil reales todo cuanto dinero tengan y puedan sacar a los hombres más pudientes, interín se está haciendo el comparto”*. A resposta ó citado oficio é esta:

“En la villa de Puente deume, a veinticinco días del mes de febrero de 1809, visto por los Srs. Don Antonio Sánchez

Acontecimientos políticos e militares

Enríquez y Don José Saavedra y Parga, alcaldes mayor y ordinario de este pueblo, el antecedente oficio de la capital de esta provincia, a pesar de que carece, nos sólo de la firma del caballero Regnard, sino también de la orden del Sr. Mariscal por la que hubiere echado la contribución de los millones que refiere, y que los cien mil reales pedidos para el día primero de marzo entrante y otra igual suma para el seis del mismo mes no es posible sacarse de los naturales de esta villa y sus jurisdicciones, aunque los individuos del ayuntamiento de Betanzos procuran darle el colorido de toda la provincia, cuando, por otra parte, por oficios particulares, pidieron a los sujetos más abonados 176.000 reales sin ninguna formalidad de reparto, ni las que debían preceder para la formalización de éste: desde luego para evitar la ruina de este pueblo y familias de él, debían de mandar y mandan se despachen inmediatamente los competentes oficios a los curas y pedáneos de las parroquias sufragáneas, para que, con cuatro hombres de ellas de mayor abono, concurren a cerciorarse de que va por cabeza y consiguientemente verificar dicho repartimiento entre los pudientes, bajo el debido reintegro que se les hará a tiempo oportuno.

*“Así lo mandaron y firmaron, de que doy fe.-
Don Antonio Sánchez Enríquez, Don José Saavedra y
Parga.- Por su mandado, Ramón Sánchez Couceiro”.*

Neste día procedérase ó anteriormente disposto, quedando fóra do reparto os veciños ós que se lles reclamaran en total 176.000 reais, e diso dérase conta a Betanzos.

Como se ve polo escrito que acabamos de reproducir, non estaba conforme Pontedeume coa entrega das cantidades esixidas por Betanzos; e, aínda que polo momento non considerara de caso opoñerse abertamente ás ordes recibidas, acudira ó mariscal Ney por medio da instancia seguinte:

“Exmo. Sr. Mariscal.-

Cuando esta villa se gloriaba de que por su conducta con las tropas de S. M. I. y R. había evitado la desgracia de la guerra, que han experimentado otros pueblos, que no la observaron igual; cuando, en fuerza de ella, ha contribuído al ejército con 4.394 raciones de paja y cebada, 23.885 de vino, carne y pan, 4.136 de leña, agotando todos los arbitrios con este objeto, y cuando se llenaba de satisfacción este pueblo de haber merecido la confianza desde el más alto jefe al más infeliz soldado, se halla con la impensada novedad de haber recibido de la ciudad de Betanzos el oficio cuya copia acompaña, en el que, en pena de los doscientos soldados asesinados en las parroquias de la jurisdicción de Mesía, distante de este pueblo seis leguas, se le comprende en la contribución que por ellos se impuso a la provincia.

Historia de Pontedeume

“En este conflicto y en el supuesto de que por lo dicho se persuadiera V. E. que este pueblo, ni directa ni indirectamente, pudo contribuir a la maldad sobre que recae el castigo, no puede menos de recurrir a V. E. suplicándole, con la mayor sumisión, se sirva indemnizarle de dicha contribución, por la imposibilidad en que se halla esta villa y sus feligresías, que han contribuído con tanto esmero a la manutención de las tropas, a pesar de haber sido arruinadas en el tránsito de ellas, lo que espera merecer de V. E.-

*“Dios guarde a V. E. ms. as.
Casas consistoriales de la villa de Puente deume,
25 de febrero de 1809.-
Exmo. Sr.”.*

Para a súa resolución polo mariscal pedira Manuel Machón, intendente xeral, desde a Coruña, o 28 de febreiro, a orden ou ordes orixinais mandadas por Betanzos.

O propio Manuel Machón comunicara á vila de Pontedeume, o 2 de marzo, que o mariscal duque de Elchingen *“se ha servido disponer que este repartimiento se limite a la cantidad de trescientos mil reales, repartidos entre los citados pueblos de dicha provincia”*.

O 2 de marzo notifica Betanzos a Pontedeume que a contribución fora rebaixada a 400.000, e pide os 100.000 reais do segundo prazo, coa condición de volve-lo que pase da cota que corresponda no reparto.

A vila de Pontedeume, o 3 de marzo, presentara a Betanzos que, vista a rebaixa da contribución...

“estamos prontos, diputando persona de nuestra confianza que asista al reparto de la dicha suma entre esa ciudad, nueve villas y 254 parroquias, y no de los 400.000 reales que refieren, en el concepto de que si lo hiciesen sin dicha circunstancia o se nos agraviase en él, protestamos elevar la correspondiente queja, que será atendida, debiendo tenerse en consideración lo que somos noticiosos se entregó, con lo que conceptuamos estar cubierto el primer plazo por lo tocante a este pueblo y sus jurisdicciones, y siempre que faltase alguna cosa para su completo, de realizado aquél con las formalidades dichas, se satisfará”.

Betanzos respondera:

“Esta ciudad recibió el oficio de esa villa fecha 3 del corriente, y aunque se desentiende por ahora de contestar a un escrito tan indecoroso y falto de respeto a su capital, sólo dice que ni este ilustre ayuntamiento ni el gobernador

Acontecimientos políticos e militares

de su provincia no tienen más orden de Exmo. Sr. Duque de Elchingen que la comunicada por él a este cuerpo relativa al apronto de los 400.000 reales pagos en cuatro plazos, los que, siendo tan cortos, para su mayor prontitud, acordó en que interin no se hacía el correspondiente repartimiento, que esa villa aprontase, con calidad de reintegro, la cantidad, a lo menos, de 80.000 reales, en el concepto de que no sólo debe repartir la citada cantidad de los 400.000 reales, sino la que deba suministrarse a los señores caballeros diputados que por falta de dinero dejan de emprender su marcha a la corte con la prontitud que previene la orden: ...cuyo supuesto espera esta ciudad que esa villa cumpla inmediatamente con el apronto de la citada cantidad, porque, de lo contrario, sabrá, con su gobernador, usar de la fuerza capaz a tomar las más serias providencias para realizar sus mandatos; pero si del repartimiento que se ejecute se sintiese agraviado ese pueblo sufragáneo a esta capital, podrá, sin necesidad de anticipadas amenazas, hacer sus justas reclamaciones, mas nunca admitir sujeto de villa que asista a ejecutar dicho comparto, porque la ciudad tiene honor y con arreglo a él hará a cada pueblo proporcionalmente la justicia que le corresponda.-

*“Dios guarde a vuestra merced ms. as.-
Betanzos, en su ayuntamiento, a 4 de marzo de 1809.-
Manuel Pérez, Juan Ignacio Martínez, Manuel Roldán,
Pascual Escario, Jacobo Couceiro, Nicolás Martínez,
Blas María Ramo, Benito Manuel García Pérez.-
Señores del ayuntamiento de la villa de Puente deume”.*

Non era de aturalo ton fachendoso e despectivo utilizado pola representación de Betanzos, maiormente ó non lle asistí-la razón na totalidade do demandado nin tampouco na forma de o facer, e así Pontedeume acudira outra vez ó duque de Elchingen, o mesmo día 4 de marzo, expoñéndolle as súas obxeccións e quixándose do “*despotismo con que hasta aquí se ha conducido (Betanzos), sacrificando a los pueblos, tanto en el anterior como en el presente gobierno, del modo más irregular*”.

Betanzos, o 6 de marzo do 1809, di a Pontedeume que dos 400.000 reais, máis 60.000 que “*graduaron precisos para el viaje a la corte de los tres diputados que por la provincia pasan a ella a presentar el acta de juramento de fidelidad a S. M. el señor Don José Napoleón I y lo más que tenga por conveniente en beneficio de la misma*”, correspóndenlle no reparto, de acordo coas pagas de utensilios e outras, 36.589 reais.

Pontedeume, o 8 de marzo, replica a Betanzos que mude o reparto, en atención a que a contribución imposta fora de 300.000 reais e tendo tamén en conta que “*en la últi-*

Historia de Pontedeume

ma paga de utensilios, de 388.382 reales que correspondieron a toda la provincia, se han cargado a este pueblo y feligresías sujetas a él 30.603”.

Betanzos, o 9 de marzo, expresa que, sabedora o día anterior da rebaixa a 300.000 reais e visto que o prazo de entrega está a rematar, entregue, sen demora a cantidade sinalada, ben entendido que se lle habrá rebaixar cando corresponda a entrega do segundo prazo. Indica tamén Betanzos *“que no necesitó de hacer repartimientos ni otras formalidades que impiden la actividad que era precisa; usó sí, del ejemplo, siendo los primeros su presidente y capitulares, los que aprontaron cantidades para reprimir la vejación que tan de cerca tocaban; este camino siguieron los curas párrocos y eclesiásticos de la jurisdicción con otros particulares, a quienes se ha de reintegrar en un todo de lo que hayan anticipado y exceda del cupo del repartimiento”.*

Pontedeume, o 8 de marzo, dispuxo o reparto de 10.984 reais.

De Pontedeume a Betanzos:

“Respecto este ayuntamiento ha tenido el honor de conseguir la rebaja de la contribución impuesta a esa ciudad y pueblos de su provincia sobre lo acaecido en Mesía y sus inmediaciones y que V. S. hizo el comparto en el supuesto de que eran 400.000, procedimos a hacerlo de los 36.589 que consideraron correspondían a este pueblo y jurisdicción ordinaria; pero como en el tiempo de su cobro hubiese llegado la confirmación de la gracia del Exmo. Sr. Mariscal de que no eran sino los 300 que esta villa hizo presente a esa capital, se denegaron los vecinos (obligados de la necesidad que experimentan) entregar más cantidad de la que corresponde a esa suma, que, con arreglo a los utensilios, la es de 23.613 y un tercio; y aunque también pretendían ejecutar lo mismo sobre la de los 60.000 para los diputados, por carecer de las órdenes y formalidades prescritas para su repartimiento, conseguimos, por las activas diligencias, sujetar los de la paga, y correspondiendo de dicha cantidad a este pueblo y sufragáneos de él 4.727 y un tercio, unidos a aquéllos ascienden a 28.430 reales y dos tercios, y siendo su mitad 14.170 y un tercio; que para ello recibió el comisionado de esa ciudad Don Juan Lacaba 8.000 entregados por el criado de la condesa de Lemos, empréstito que hizo a esta villa y a quien tiene que reintegrar con descuento de lo que le toca, resulta que para dicha mitad se deben 6.170 reales y un tercio de otro, que se remiten con el dador, al cual darán recibo para que nos haga constar su entrega.-

“Dios guarde a V. S. ms. as.-

Acontecementos políticos e militares

*Puentedeume, marzo 12 de 1809.-
Antonio Sánchez Enríquez, José Saavedra y Parga, José
Benito del Río, Juan Manuel de Hombre y Varela,
Antonio Punín y Pazos, Pedro Piñeiro.- Acuerdo de
dichos señores, Ramón Sánchez Couceiro”.*

Contestando a esta comunicación o 13 de marzo di Betanzos que se non se fai efectiva ó día seguinte a cantidade pedida segundo o oficio do día 9, *“partirá cuerpo de tropa francesa que se lo haga aprontar”*, todo sen prexuízo de tomar medidas *“por invertir el orden y subordinación, haciendo por sí sola repartimientos que sólo competen a la capital”*.

Outra exposición de Pontedeume ó duque de Elchingen, acompañando ó texto do oficio antes reproducido:

*“Exmo. Sr.-
La adjunta copia del oficio que este ayuntamiento pasó al de Betanzos, informará a V. E. de la obediencia que dió a sus órdenes esta villa, aprontando el contingente que le cupo en el primer plazo señalado para la contribución de los 300.000 reales impuestos por lo acaecido en Mesía e inmediaciones, pagando por separado la parte de 60.000 más que impuso sin la superior orden de V. E. para los diputados que parece están elegidos para pasar a Madrid a rendir homenaje a S. M. Y no obstante que V. E. la ha reducido a 300.000, se empeña aquella ciudad exigir 460.000, contra sus sabias disposiciones, amenazándonos, según lo demuestra la copia número 2, con la tropa francesa, cuando ésta no ejecutará sino lo que V. E. disponga. Esta irregular conducta del ayuntamiento de Betanzos para oprimir a la provincia, se observa de algún tiempo a esta parte, como que es imposible haiga otra en este reino más agobiada por su capital, y a fin de contenerlos en sus excesos, ocurrimos a la bondad de V. E. para que se sirva tomar contra aquellos individuos las providencias que le dictare su justificación, previniéndoles hagan los repartimientos con las formalidades prescritas, con intervención del caballero intendente, como siempre se efectuó.-*

“Esta villa tiene el honor de saludar a V. E. con el mayor rendimiento.-

*Puentedeume, 14 de marzo de 1809.-
Exmo. Sr.- Antonio Sánchez Enríquez, José Saavedra y Parga, José Benito del Río, Juan Manuel de Hombre y Varela, Lorenzo Gabino Irijoa, Ramón Sánchez Couceiro.- Exmo. Sr. Mariscal Duque de Elchingen”.*

A queixa anterior, tan enérxica como fundamentada, determinara que o 24 de marzo fose chamado a Betanzos, por orde de Regnard, o alcalde maior de Pontedeume.

Historia de Pontedeume

Comparecera este e redactárase o seguinte escrito, dando a razón a Betanzos, como era natural que así sucedese, xa que traballaba a prol do francés e este era quen fallaba a causa.

“El Sr. Augusto Regnard, teniente coronel, ayudante de campo del señor mariscal duque de Elchingen, habiendo llamado a su presencia a Don Antonio Sánchez Enriquez, como alcalde mayor y presidente del concejo de esa villa, y con presencia de todos los oficios y representaciones que han mediado entre esta ciudad y esa misma villa, ha resultado declarar a este M. I. Ayuntamiento haber observado la mejor conducta y equidad en el repartimiento de la contribución impuesta a esta provincia por la falta de los soldados franceses que fueron asesinados en la jurisdicción de Mesía, y para dar a esta ciudad y a su ilustre ayuntamiento la satisfacción que merecen sus buenos procedimientos, ha dispuesto que de la copia de la representación hecha por esa referida villa en 14 del corriente a dicho Exmo. Sr. Mariscal, Duque de Elchingen, que debe existir en el libro de actas de ella, se tilden y borren todas las palabras vertidas contra esta misma ciudad y su ilustre ayuntamiento, como son desde las que empiezan “se empeña aquella ciudad exigir”, etc., hasta las de “esta villa tiene el honor”, como malsonantes, ofensivas, injuriosas, denigrativas, orgullosas y faltosas del respeto al honor y estimación de esta ciudad y su ilustre ayuntamiento. Lo que de orden de dicho Sr. Regnard noticia a V. md., para su inteligencia y cumplimineto, y que de haberlo tenido al término del segundo día remita testimonio a esta capital que lo acredite, insertando en él lo restante de la copia de dicha representación para mayor comprobación de ello.-

*“Dios guarde a V. md. ms. as.-
Betanzos, marzo 26 de 1809.-
Manuel Pérez”.*

Cumprimentara Pontedeume a disposición anterior, que non podía deixar de facelo, producíndose do xeito máis digno e valente. En acta de 29 de marzo do 1809, despois de se dar por sabedora do citado acordo e de reproducir literalmente as palabras que se mandaran borrar, consigna:

“Y sin embargo de que el oficio donde se mandan tildar se halla únicamente firmado de dicho corregidor, contra quien se dirigían, como presidente de su ayuntamiento, y que la villa las ratifica como justamente vertidas y bien apropiadas a los procedimientos de la capital, que son notorios en toda la provincia, y lo demuestran los oficios y contestaciones que las prepararon, acordaron que, para evitar los insultos y atropellamientos que son subsiguientes de no acceder al designio de aquella, por el influjo que tiene con el ayudante Regnard, se tilden del borrador de la citada representación todas las referidas palabras que

Acontecementos políticos e militares

reiteración del honor de la villa van insertas en este acuerdo, el que se reserve y tenga en sigilo hasta que, en tiempo oportuno, pueda elevar sus justos clamores a la superioridad contra dicha ciudad de Betanzos, por la extraña conducta que observó y observa desde la entrada del ejército francés en este reino, a cuyo fin se una al expediente principal el referido oficio, y remita a aquélla el testimonio de quedar ejecutado lo en él prevenido.

*“Así lo dijeron, mandaron y firman,
de que yo, el escribano, doy fe.-
Saavedra, Pardo de Lama, Río, De Hombre, Irijoa,
Pedro Piñeiro, Antonio de Punín y Pazos. Ante mí,
Ramón Sánchez Couceiro”.*

No que toca ó pagamento da contribución soamente sabemos que aínda Pontedeume, o 30 de marzo, coa desculpa de ter noticia de que o duque de Elchingen rebaixara metade da contribución ós veciños de Adragonte y que cumpría saber diso, non remite a Betanzos, cunha teima digna de louvanza, o resto do que se lle cargara, e que esta cidade, o 31 do citado mes, reclama o cupo correspondente, ameazando outra vez coa forza.

Descoñecemos se esta cominación producira efecto, a satisfacción das afrancesadas autoridades de Betanzos, ou se antes os galegos deran o golpe de gracia ós invasores na famosa xornada de Ponte Sampaio.

V. REBELIÓN DE PORLIER; PONTEDEUME ADHÍRESE Ó MONARCA

Oxeneral Don Juan Díaz Porlier, ardente partidario da Constitución do 1812, alzárase en armas contra o Goberno absoluto, encetando a rebelión na aldea de Arteixo, á que se lle permitira ir desde a súa prisión no castelo de San Antón, coa desculpa de usar daquelas saudables augas, e entrara na Coruña, o 19 de setembro do 1815, ó berro de “¡Viva a Constitución e Fernando rei constitucional!” A conspiración forxárase naquel castelo, no que, despois de se restablece-lo réxime absolutista no ano 1814, pecharan a algunhas significadas personalidades da Coruña. Sumáranselle tropas desta cidade e mais de Ferrol, Compostela e Lugo. Traizoado, fora preso en Ponte Sigüeiro, e a Audiencia da

Historia de Pontedeume

Coruña sentenciouno á forca, sentenza que tivo cumprimento o 3 de outubro do citado ano 1815.

O concello de Pontedeume, sabedor destes sucesos, acordara dirixir ó rei a exposición que reporducimos:

“Señor.

El Ayuntamiento de la Villa de Puente deume, Provincia de Betanzos, en el fidelísimo Reyno de Galicia, Puesto a los Reales pies de V. M., con el más profundo rendimiento expone que en el momento que llegó a su noticia el atentado cometido por Don Juan Díaz Porlier contra los Sagrados derechos de V. M. (en que ninguna parte han tenido los Pueblos, causando en los Corazones de sus havitantes la mayor sensivilidad) renobó esta corporación el juramento de fidelidad y defensa en favor de V. M., hasta perder la vida todos estos individuos, en cuya observancia inmediatamente han dado las más enérgicas disposiciones p^a realizar y llevar adelante sus verdaderos sentimientos y deseos, auxiliando a las tropas que estaban en esta Villa y a todos los Gefes y oficiales que se refugiaron a ella, aditos a la Rl persona de V. M., facilitándoles y proporcionándoles medios con que subsistir y viajar hasta reunirse a la Coluna de este Rn^o para vatriarse con aquel monstruo enemigo de la Soveranía y de la Patria, cuyas cantidades así entregadas ascendieron a veinte y siete mil reales, como todo ello consta del testimonio en las Actas que acompaña.- Señor. Este Ayuntamiento conoce que nada ha echo mas que desempeñar los deveres, no solo de su obligación, sino tambien de vasallos leales, y como tales felicitan a V. M., con todo el Candor que es debido, por haberse concluido un acontecimiento que, de no haberse atajado, acarrearía males de consideración, que causarían en el magnánimo corazón de V. M. el disgusto que no se oculta. Dígnese, pues, V. M. admitir esta sincera insinuación propia del amor que siempre ha pro-

Antiga Praza da Constitución. Lado este, coa Casa Consistorial e maila torre do reloxo.



Acontecementos políticos e militares

fesado y profesa esta Ayuntº a V. M., mientras que el Cielo conserve la vida que desea esta Corporación a V. M.-

*“Casas Consitoriales de Puente deume,
4 de octubre de 1815.-*

Señor. Puesto a los reales pies de V. M.- Nicolás de Bartolomé Álvarez y Pardo, José Benito del Río, José Andrés Pardo, Nicolás Ambrosio Varela, José Antonio Piñeiro de Solloso, Pedro Piñeiro, Miguel de Lamas, Bernardo Varela, Ramón Sánchez Couceiro, secretario”.

VI. PARTIDAS DE FACCIOSOS

A sombra da primeira guerra carlista, que comezara a empezos do reinado de Isabel II e que rematara co convenio de Vergara, no 1839, aínda que a loita seguira en Aragón e Cataluña ata que no 1840 fora vencido o xeneral Cabrera, alentaran as faccións, de triste lembranza, e que eran, a pesar da color política que se apoñían, verdadeiras patrullas de bandoleiros máis ca de defensores dun partido.

Non quedara a comarca eumesa allea a tan terrible calamidade. Abondo o demostran determinadas providencias tomadas pola vila o 26 de xaneiro do 1840. Delas cómpre salienta-la seguinte:

“Se acordó que, mediante la pacificación de esta provincia está casi del todo lograda, por cuya razón el Exmo. Sr. Capitán general del reino suspendió los estados de sitio, bandos y demás providencias de rigor que prudentemente se habían tomado con anterioridad, para contener y exterminar las hordas de facciosos que infestaban este territorio, que las puertas que se construyeron en esta villa, a fin de evitar cualquier sorpresa, queden abiertas, sobre lo que se oficie lo oportuno al señor comandante militar, en cuyo poder se hallan las llaves, en atención a que por hoy no se recela la más mínima invasión.- Idem se acordó que, por la misma razón, por ahora se suspendan las guardas y atalayas que cubrían los labradores en diversos puntos del distrito, hasta nueva orden, por no haber actualmente necesidad de molestar a estos pacíficos habitantes.- Idem se dió cuenta a los señores regidores, encargados de los alojamientos, que los vecinos de esta villa se les habían quejado y quejan por el vejamen que se les causa alojando de tres en tres días el oficial comandante de la fuerza de Segovia que se halla destacada en esta villa, en vista de lo que la corporación acuerda que mediante las ordenanzas militares no dan a éstos más alojamiento que por tres

Historia de Pontedeume

días, pasados los que tienen obligación de buscar posada, se cumplan en este fecha dichas ordenanzas, no dando al citado comandante desde hoy más alojamiento”.

Un dos xefes facciosos fora un tal Don Modesto Varela, natural da vila, a quen o concello, rematados xa os sucesos que o mantiñan lonxe, puxera veto para volver ó seu punto de orixe. Así consta no seguinte acordo de 9 de novembro do 1844:

“Dióse cuenta de un oficio del señor jefe político de la provincia, fecha del 3 del corriente, en que se manifiesta que para dar cumplimiento a mandatos superiores, es indispensable que esta corporación le manifieste si habrá algún inconveniente en que vuelva a este distrito, como indultado, Don Modesto Varela, actualmente en Ceuta, con lo más que allí se expresa, y se acordó: -Se diga a S. S. que habiéndose divulgado en esta villa que el Don Modesto Varela, natural de la misma y jefe de una de las facciones de Galicia, viniera mandando a los que entonces reunidos bajaron al Puente del Porco con intención de asaltar este pueblo, como de público se ha corrido, es hoy el día que algunos de estos habitantes se hallan resentidos de este hecho, que les disgustó sobremanera, causándoles un trastorno enorme; cuya presencia, por lo mismo, será bastante para que recordándolo, como es natural, haya con el sobredicho pendencias y jaranas, que no sucederán después de transcurrido más tiempo. Y que tanto por esto, cuanto porque abusando de su carácter inconsciente, acaso le comprometan los muchos enemigos del actual orden de cosas, que por desgracia abundan en este pueblo, la corporación que informa es de parecer no se le permita venir a él, mientras no calmen los ánimos y las pasiones que con demasía se hallan agitadas”.

VII. XURAMENTO DA CONSTITUCIÓN NO 1836 E 1837

Produciria grande entusiasmo na vila a noticia de que a rexente Dona Cristina restablecera a Constitución do 1812, como consecuencia da sublevación das tropas en distintos puntos da Península, e mesmo as da gornición da propia raíña, en La Granja, a noite do 12 de agosto do 1836, que proclamara aquela lei fundamental do Estado ás seis da tarde do día seguinte.

De primeiras, reunidos os señores do concello, o 20 de agosto do citado ano, dixeran que sabedores de que se ía

Acontecementos políticos e militares

publica-la Constitución en Betanzos, Coruña, Ferrol e outros lugares, marchase a última destas cidades un propio para se informar do que conviña, este tornara aquel mesmo día traendo canda el catro exemplares do real decreto que establecía a Constitución, e, de seguido, *“se convocó in voce a la milicia nacional, juez de primera instancia, comandante de armas y cura párroco, y saliendo el ayuntamiento a la cabeza de la milicia, en medio del repique general de campanas, descarga de fusilería, multitud de voladores que se arrojaron al aire y la general alegría que se conocía en los semblantes de una inmensidad de concurrentes, a las tres de esta misma tarde se publicó la Constitución de la monarquía española sancionada en Cádiz a 18 de marzo de 1812”*. E engade a acta: *“Hubo iluminaciones a la noche, volvieron a sonar los cohetes y otros fuegos artificiales; la sinfonía y gaitas gallegas, tocando canciones patrióticas, llevaban la alegría por todas partes, y los vivas y aclamaciones fueron generales. Viva la Constitución, viva Isabel II, viva la reina regente, viva la soberanía del pueblo, se oían en todos los ángulos de esta villa; pero a pesar de tanto regocijo, de haber durado hasta más de media noche y del desahogo que es propio en semejantes ocasiones, no se notó ni hubo el más pequeño insulto ni la más mínima voz ofensiva”*.

O 2 de setembro do repetido ano 1836 acordara o concello que se procedese ó xuramento da Constitución, para o que se fixara o domingo, día 4 do mes. *“Y a fin de que se efectúe con toda solemnidad y según se previene en el decreto de Cortes de 18 de marzo del mismo año de doce, se pase oficio al señor cura párroco, para que disponga se celebre una misa solemne de acción de gracias al Todo Poderoso en la iglesia parroquial, antes de cuyo ofertorio se leerá la Constitución, y se hará por aquél o por quien designe una breve exhortación correspondiente al objeto, y de conclusa, se prestará el citado juramento por todos los vecinos y el clero”*. Estipulárase que o xuramento habíase esixir nestes termos: *“¿Juráis por Dios y por los Santos Evangelios guardar la Constitución política de la monarquía, sancionada en Cádiz el año de doce, en el interin que reunida la nación en Cortes manifieste expresamente su voluntad o dé otra Constitución conforme a las necesidades de la misma?”*.

Velaquí a acta testemuñal do xuramento:

“En las Casas Consistoriales de la Villa de Puente deume, a cuatro de septiembre, año de mil ochocientos treinta y seis.-

“Reunido el Ayuntamiento en estas Casas, pasó a la

Historia de Pontedeume

Iglesia parroquial, única que hay en este Pueblo, donde también concurrió el Juez de primera instancia con sus dependencias, el Administrador de nacionales Rentas con los suyos, el Clero y porción de Pueblo en virtud de los oficios y bando que se han pasado y publicado. Y en congregados todos, se dió principio a la misa solemne, que celebró Don Juan San Jurjo, Cura párroco. Antes del ofertorio, yo, el infrascrito, leí en alta e inteligible voz la Constitución Política de la Monarquía sancionada en Cádiz el año pasado de mil ochocientos doce y Reales decretos de trece y quince de agosto próximo, por donde se manda publicar y jurar. En seguida el Sor. Cura peroró acerca de la observancia de este Sagrado Código, de su conformidad con la Religión y de la obligación que tenía todo Ciudadano de no quebrantar el juramento que se iba a prestar exhortándolos a su cumplimiento y a la unión. Siguiose celebrando el incruento sacrificio, y concluso que ha sido, se puso una mesa en medio de la Capilla mayor y en ella la efigie de un SSmo. Cristo y un libro que contenía los Santos Evangelios, y puestas las respectivas manos sobre ellos, y en las del Párroco, juraron por clases todos, por Dios y por los Santos Evangelios, guardar (y los que tienen autoridad hacer guardar) la Constitución Política de la Monarquía sancionada en Cádiz el año de doce, interín que la Nación reunida en Cortes no manifieste expresamente su voluntad o dé otra Cosntitución análoga a las necesidades de la misma, y ser fieles a la Reyna D^a Isabel segunda. Tomando el Señor Presidente el mismo juramento al Párroco, quien conforme contestaban “sí juro”, les repitió “si así lo hiciéreis, Dios os ayude, y si no, os lo demande”, a que respondían “Amén”. Siendo el orden que se ha llevado en acercarse a la precitada mesa y prestar dho juramento del modo siguiente. (Aquí inclúese a relación dos señores que constituían o concello, xulgado de primeira instancia, administración de reais rendas e clero). También prestó igual juramento Don Juan Gil Taboada, Capitán retirado graduado comandante de armas de esta Villa: Así como una porción de Pueblo compuesto de los Ciudadanos que estaban presentes. Concluso lo cual se cantó por el Clero un solemne Te Deum, regresando toda la Comitiva a estas Casas Consistoriales, donde en medio de las aclamaciones populares, hijas del más acendrado patriotismo, se hecharon vivas a la livertad, a la Constitución, a Isavel segunda Cosntitucional y a su augusta Madre.

“Y para que todo conste, lo mandó la Corporación poner por diligencia qe firman, de todo lo que yo, el Secretario, certifico.-

Manuel Punín, Antonio Nicolás Pereira, Narciso Irijoa, Santiago Abella, José Rodríguez, Juan José Lores, Secretario”.

De xeito semellante proclamárase e xurárase a Constitución do ano 1837.

VIII. OS PRONUNCIAMENTOS E A SÚA REPERCUSIÓN NO PAÍS

Pontedeume non quedara allea ós levantamentos, tan frecuentes na nación, que se produciran a mediados do século XIX.

O 11 de setembro do ano 1840 sublevárase a Coruña contra o ministerio e rexencia de María Cristina e en favor da Constitución do 1837. A este movemento, seguido por Ferrol, Vigo, Tui, Betanzos e Carballo, sumárase tamén Pontedeume. O capitán xeneral de Galicia, Don Laureano Sanz, que naquel momento estaba en Santiago, amosárase contrario ó pronunciamento e fixérase forte, con poucas tropas, no convento de Sobrado; mais, sublevadas tamén estas, viuse precisado de fuxir a Asturias, gardado por uns cen soldados, e de seguido incorporáranse ó alzamento as cidades de Santiago, Ourense e Lugo.

Déranse con relativa frecuencia esta clase de asonadas en anos sucesivos, promovidas por xenerais cobizosos que procuraban o seu medre persoal, e acadaran máis ou menos eco na nosa vila.

Sabemos que Pontedeume chegara a se pronunciar o 26 de xuño do 1843 e que niso se distinguira Don Manuel Rilo, segundo comandante graduado de tenente coronel, que pedira atestado da conducta observada naquela ocasión, ó que se refire unha acta do concello de 2 de setembro do citado ano, na que *“se acordó se le franquee certificación que acredite que el Rilo prestó entonces servicios eminentes a la causa de la libertad y a dicho pronunciamiento, acercándose con su pequeña columna de doce hombres de infantería y dos de caballería a este pueblo, y uniéndose con sus nacionales en el acto del peligro, dando el grito de libertad y haciendo con sus acertadas disposiciones y pericia militar salir de esta repetida villa cuarenta hombres del provincial de Tuy que con sus jefes querían oponerse al pronunciamiento, por cuya razón y la parte activa que ha tomado en esta memorable jornada mereció bien de la patria y que la junta provisional de gobierno instalada en aquel entonces*

Historia de Pontedeume

quisiera premiar como merecía sus servicios, a lo que se opuso el Rilo con todo patriotismo y desprendimiento”..

A situación creada por esta clase de sucesos non era nada favorecedora da vida económica do país, e así o comproba unha acta da corporación municipal, do 26 de agosto do ano 1843, na que se considera procedente a rebaixa solicitada polo arrendatario da portaxe da ponte. Velaquí o texto en cuestión:

“Dióse cuenta de una instancia de Don Antonio Quirós, arrendatario de los derechos de portazgo del puente de la villa, en que hace presente la enorme pérdida que sufre en dicho arrendamiento, pues que, además de ser excesivo en su precio el remate, casi quedaron nulos aquéllos o han sido ningunos con motivo de las ocurrencias que sobrevinieron a causa del pronunciamiento nacional y haberse hecho este país el teatro de la guerra en la provincia, y se acordó atestar, como la corporación atesta, que no cabe la menor duda, según su íntimo conocimiento que tiene del tránsito de esta villa, que los derechos del portazgo creado en el puente de la misma, no valen, ni con mucho, los seis mil reales en que por los nueve últimos meses de este año lo remató el Don Antonio Quirós; agrégase a esto la circunstancia del pronunciamiento de la provincia, ecaecido en junio próximo pasado, que siempre detiene las salidas de los que tienen que hacer viajes, por la inseguridad que ofrecen los estados de revoluciones políticas, y por desgracia haber sido este pueblo, por largo tiempo, cuartel general de tropas en alarma, a motivo de la disidencia del Ferrol, apartó la arriería de tránsitos por él y a los tratantes en ganados de llevarlos a las ferias inmediatas, por cuyas razones es seguro que, cuando no sea más, pierde al menos dicho Quirós la tercera parte del valor del arrendamiento”.

IX. A SUBLEVACIÓN DE SOLÍS NO ANO 1846

Nada importante volve suceder na bisbarra que pague a pena contar ata que se produce o pronunciamiento de Solís no 1846²⁹⁸.

Xurdira este movemento co ánimo de couta-la triste situación pola que pasaba España. As claudicacións, arbitrariedades e egoismos do poder público crearan un estado anormal que parecía predicir unha próxima desfeita. Contra todo isto erguérase a revolución galega.

298.- Véxase **La Revolución Gallega de 1846**, por FRANCISCO TETTAMANCY, Coruña, 1908, e polo que toca á bisbarra eumesa, as páxs. 175-183.

Acontecementos políticos e militares

Tivera os seus comezos o 2 de abril do ano 1846, co pronunciamento de Don Miguel Solís y Cuetos, coronel comandante de Estado Maior, en Lugo, e rematara o 26 deste mesmo mes na pintoresca vila de Carral, co fusilamento de Solís e mailos seus compañeiros sublevados.

Na comarca eumesa ocorreran algúns sucesos importantes desta revolución, que deben pasar a estas páxinas.

Estando Solís en Betanzos, o 16 de maio, sabe que o batallón de Málaga estaba a dúas leguas da referida cidade, coa intención de entrar en Ferrol e reforza-la gornición desta praza. E como a Solís lle interesaba moito facerse coa cidade departamental, tratou de apresa-las forzas de Málaga, ordenando ó xefe de Estado Maior, Don Manuel Buceta, que lles cortase o paso; e, para facelo, saíra este, ás once da noite, co segundo batallón de Zamora e dúas compañías de cazadores para deter aquelas forzas na Ponte do Porco; mais os de Málaga, sabedores con tempo do plano, apuraran a marcha conseguindo pasa-la citada ponte antes da chegada de Buceta. Non perdera este o ánimo, e seguira, pola noite, atrás do inimigo ata chegar cabo del, conseguindo derrotalo despois de dura loita, facendo 108 prisioneiros e tomándolles varios cabalos e equipaxes.

As forzas do batallón de Málaga que deran fuxido de Buceta chegaran a Ferrol para se incorporar á gornición da praza. Pensando Solís que Ferrol había resistir, en especial ó poder contar con este reforzo, preparábase para volver a Lugo, cando foi avisado por unha comisión de ferroláns distinguidos de que aquela praza estaba disposta a se alzar entre os días 18 e 19, pedíndolle, en consecuencia, que fose coa súa tropa sobre este poboación. Así o fixo Solís, marchando cara a Pontedeume con 2.500 homes e embarcando antes no Mandeo a artillería, para recollela despois nesta vila. O 19, ás tres da tarde, seguira Solís desde Pontedeume a súa marcha cara Ferrol. Chegara ás portas da cidade e fora recibido con hostilidade. Os comisionados ferroláns que lle anunciaron que a cidade estaba da súa parte, non lle mandaran aviso ningún, nin a menor desculpa. E Solís, fondamente doído, regresara pola noite a Betanzos.

Ó seu paso por Pontedeume nesta ocasión, contestara Solís á Xunta Suprema de Santiago, que lle mandara un oficio da de Lugo, reclamando reforzos que había mandar a esta cidade desde Betanzos, consistentes en 160 infantes e as

Historia de Pontedeume

dúas pezas de artillería que levaba canda el, comunicándolle ó mesmo tempo o pouco éxito da súa excursión a Ferrol.

O documento, datado en Pontedeume, di así:

*“Ejército liberador. -
División expedicionaria de Galicia. -
E. M. G. -*

*Con esta fecha oficio a la Excm. Junta de Gobierno de Lugo, participándole que desde Betanzos le remitiré, no tan sólo artillería, sino también fuerzas suficientes para la defensa de la santa causa que tan heroicamente proclamaron el 2 del actual. - Al mismo tiempo pongo en conocimiento de V. E. como ayer dirigí todos mis esfuerzos a conquistar la plaza del Ferrol, teniendo no tan sólo esperanzas sino probabilidades casi ciertas de que en todo el día tremolase en sus muros el pendón de **independencia nacional**. Todas mis ilusiones y esperanzas fueron frustradas por la... (¿indolencia?) de sus habitantes. A su frente estuve todo el día sin que diesen la menor señal de vida, y a las siete de la noche me retiré a este punto, para seguir la marcha hasta Betanzos.-
¡Patria y libertad! -*

*“Puentedeume, 20 de abril de 1846. -
El general en jefe, Miguel Solís y Cuetos. -
Sr. Presidente de la Junta de Santiago.”*

X. O LEVANTAMENTO REPUBLICANO DE FERROL

Chega o ano 1872 e, no arsenal de Ferrol, prodúcese unha importante sublevación de carácter republicano, chegando os insurrectos a se apoderar da fragata **Carmen**, que dispara contra a praza o 15 de outubro do citado ano.

Por causa da sublevación foran declarados o día anterior en estado de guerra os distritos de Ferrol e Pontedeume.

Acosados polas tropas do Goberno, víronse por fin os insurrectos obrigados a abandona-lo arsenal, o que fixeron o 17 do dito mes, emprendendo a fuxida polo Seixo.

Chegando ó lugar do Areal, preto de Pontedeume, déranlles alcance as tropas que viñan atrás deles, disparando ámbolos dous bandos, caendo morto un soldado do Goberno

Acontecementos políticos e militares

chamado Apolinar García e dispersándose os insurrectos, entre os que viña o titulado brigadier Pozas.

O soldado morto na loita recibira sepultura no cemiterio de Pontedeume, e na igrexa da vila celebráranse solemnes funerais polo seu eterno descanso.

DESDE A FUSIÓN DA CASA DE ANDRADE COA DE LEMOS ATA OS NOSOS DÍAS

CAPÍTULO III VIDA ECONÓMICA

- I. POBOACIÓN; PRODUCCIÓN NATURAIS; BELEZAS DA COMARCA.-
- II. MANIFESTACIÓNS DO TRABALLO INDUSTRIAL; RIQUEZA AGRO-PECUARIA E ANTIGA EXPLOTACIÓN VINÍCOLA; PESCA DE MAR, A CESTERÍA E EXPORTACIÓN DE MARISCOS; O APROVEITAMENTO DO RÍO EUME; CONFECCIÓN DE ENCAIXES; CURTIMENTO DE SOLAS; ALGUNHAS INDUSTRIAS DESAPARECIDAS.-
- III. MOVEMENTO COMERCIAL; REGULACIÓN DE COMPRAS E DE VENDAS;
- IV.- COMUNICACIÓNS; ESTRADAS E CAMIÑOS VECIÑAIS; O FERROCARRIL BETANZOS-FERROL.-
- V. DON FRUTOS SAAVEDRA MENESES E A SÚA PROTECCIÓN Ó DISTRITO.

Historia de Pontedeume

I. POBOACIÓN; PRODUCCIONS NATURAIS; BELEZAS DA COMARCA

O partido xudicial de Pontedeume ocupa unha extensión de 1.280 quilómetros cadrados, cuns 50.000 habitantes. Non entramos en máis detalles nin sobre a clasificación destes nin tampouco da distribución nos nove concellos, porque todo iso pódese ver facilmente nas publicacións estatísticas oficiais.

Os únicos centros de poboación urbana relativamente importantes son: Pontedeume, con cerca de 4.000 habitantes; Mugardos, con case 3.000, e Ares, cuns 2.000. Tamén merecen cita Cabanas, cuns 700; Redes, con algúns máis e O Seixo, cuns 250, que lle debe a importancia que ten á súa posición na ría de Ferrol.

As localidades do partido que teñen condición de vilas son as catro devanditas de Pontedeume, Mugardos, Ares e Cabanas.

As produccions naturais da comarca eumesa son extremadamente variadas e as que hai no resto do territorio galego.

Todo o partido xudicial, e sobre todo o val do Eume, é fertilísimo. Produce abondoso maínzo, que é o cereal que máis se cultiva, trigo, centeo, cebada, viño e froitas, entre elas limóns, laranxas e outras de países meridionais; apáñanse patacas, legumes e toda clase de hortalizas de excelente calidade, e hai frondoso e baril arboredo; tamén abundan as flores en calquera tempo. Na montaña non hai falta de centeo, de maínzo, de trigo nin de legumes.

No val igual ca na montaña crían gando vacún, equino, mular, asinino, cabrún e porcos, que para todos hai moito pasto, e explotan as aves de curral. Hai ben caza menor e pesca nos ríos e sobre todo na costa; salientan as sardiñas e os mariscos.

A riqueza mineral, aínda sen se estudar ben, non parece que sexa moi importante. No concello de Pontedeume

Historia de Pontedeume

apareceu e explotaron un xacemento de amianto, e en Monfero atoparon un de pirita de arsénico e tamén ferro.

É terra moi loada pola súa beleza xa desde vello. O cóengo de Mondoñedo, natural de Málaga, licenciado Molina, que publicou en 1550 a súa obra **Descripción del reino de Galicia**, di, falando de Pontedeume, que “*é vila de tanta frescura de árbores e de tan gorentoso asentamento e vista, que se lle pode chamar o verxel de Galicia*”²⁹⁹.

En Pontedeume e nos arredores xúntanse, faino nota-lo ilustre escritor Don Ramón María Tenreiro³⁰⁰, os diversos aspectos da paisaxe galega, e o viaxeiro que veña pode adquirir idea suficiente deles, anque non teña máis ca unhas poucas horas: “*la alta y pobre meseta; las agrestes hoces de los ríos montañoses; la risueña suavidad de las rías, y la fiereza de las costas del indómito mar*”.

Pontedeume posúe naturalmente condicións excepcionais para atraer xentes forasteiras, sobre todo na estación estival.

Ás belezas da paisaxe xúntase o engado da fermosa praia da Magdalena, moi preto do apeadeiro de Cabanas, situado case nela. É cha, grande, abrigada dos temporais e admirablemente situada.

Tamén é digna de mención a praia de Miño.

299. Cit. por MURGUÍA, **Galicia**, páxina 1173.
Como este escritor non é galego e está exento, xa que logo, de parcialidades, reproducímo-lo xuízo sobre Pontedeume de Don Juan Rof Codina, daquela Inspector de Hixiene pecuaria na provincia (“Ecos del Eume” do 7 de Setembro de 1919):
“*De tódalas poboacións galegas que coñezo, non atopei xuntos en ningunha máis elementos e belezas naturais dignos da loanza maior e susceptibles de se converter en poderosas fontes de riqueza, ca na vila de Pontedeume. “Tesouros inesgotables son o río, a ría, as madeiras, as árbores froiteiras, as flores, o gando, os monumentos históricos e as vistas panorámicas desta fermosa comarca, se os seus habitantes se preocupan de os cultivar, fomentar e mellorar.”*”

300. **Tierras del Eume**, artigo publicado no número 188 de “Ecos del Eume” (7 de Setembro de 1913).

II. MANIFESTACIÓNS DO TRABALLO INDUSTRIAL

As manifestacións do traballo industrial en Pontedeume, chamándolle así ó que exporta ou vende afora os seus produtos, son arestora, sobre todo, a labranza maila gandería e a pesca de mar.

Da labranza e o gando viven case exclusivamente Pontedeume e o contorno. O cultivo, feito con esmero, ten carácter de intensivo e familiar, e a terra está extraordinariamente dividida e moi repartida a propiedade dela.

Antano tivo moito incremento en Pontedeume a industria do viño. Cada veciño recollía uva, e nin tabernas había. A filoxera acabou co viñado e o labrador non se ocupou de

repoñelo. A empezos do século pasado exportábanse anualmente non menos de cincuenta pipas.

O coidado do viñado e das hortas foi obxecto de minuciosas disposicións dos gobernantes locais, como as contidas nunhas curiosas ordenanzas da vila, aprobadas o 14 de Setembro de 1622, nas que se confirman prácticas que viñan de tempo inmemorial.

Nesas ordenanzas establécese, despois de recoñecer que a principal facenda e aproveitamento dos veciños da vila e da súa xurisdicción e alfoces consiste nas viñas e as hortas, que estas se teñan ben cerradas e gardadas, so pena de 200 marabedís e de as mandar cerrar á custa dos propietarios, e que os posuidores de gandos non os manden pacer nas ditas viñas e hortas, nin onde houber árbores, senón nos montes e pasteiros comunais e con garda, cominando con 300 marabedís e con que...

“hallando los ganados en las dhas viñas y huertas, y peses. onde ubiere los dhos harboles aciando daño en ellos, paguen los dueños, por cada pieza de buey, baca o bestia, quatrocientos mrs, y por las cabezas de eso arriva paguen mill mrs, y de halli avajo al mismo respeto, y los puercos y obejas por cada pieza un real, con mas el daño a sus dueños, y que hallando los dhos ganados en las dhas guertas teniendo fruto en qualquier tpo del año, y en las viñas dende primero de marzo hasta fenescida la vendima, no los pudiendo aprender los pueden matar sin caher en pena alguna, con que tengan obligación de avisar a sus dueños para que los aprovechen, y sin embargo puedan pedir el daño que ubieren recebido, y los que prendasen los dhos ganados tengan obligación de lo manifestar y denunciar delante de la just^a sin hacer ningún concierto ni yguala con los dueños dellos, conque esta denunciacion no la pueda hazer sino fuere la mis^a psa. que recibiere el daño o otra perssona que tuviere viña o guerta halli junto, y ninguno sea osado de quitar ni perturbar los dhos ganados a los que los traxeren pressos, y lo cumplan los unos y los otros so las dhas penas y de seic^o mrs. aplicado todo ello segun de suso”.

Ordenouse tamén que non se arrinquen as cepas nin as viñas, e que non se collan uvas nin folla delas, fóra dos propios donos, e castígase o contrario con 500 marabedís e indemnización do dano; que baixo a mesma pena ninguén, dentro dos agros e os cerrados da viñas, teña horta de ningunha hortaliza, *“porque de tenellas suscede que de ir a coxerla gurtan las ubas de las viñas questan junto aquellas”*, e que se manteña o costume, seguido desde moi antigo, de publicaren e pregoaren as vendimas persoas xuramentadas e nomeadas pola xustiza, sinalándose os días para

Historia de Pontedeume

facelas pola súa orde en cada finca, con pena de mil maravedís e de satisfacer-lo dano.

Varias veces reclamou a vila de Pontedeume contra a introducción de viños forasteiros, incluso os mesmos do país -Ribadavia, Ourense, Valdeorras, O Bierzo, etc.- xa prohibida nas ordenanzas que acabamos de mencionar³⁰¹. Imos lembrar a propósito disto unha carta do rei Don Carlos III, data-
da en Madrid, o 28 de Setembro de 1770, motivada por unha reclamación da vila contra o viño expendido por industriais cataláns, que o tachaban de adulterado, artificial e causante, incluso, de enfermidades e falecementos.

Pontedeume queixábase do gravísimo prexuízo que para o consumo de viños do país ocasionaba o establecemento das tabernas dos cataláns, que eran ás que ían preferentemente os consumidores, por seren viños máis fortes cós nosos, e producían embriagueces, enfermidades e ata mortes, segundo testemuño do doutor Don Pedro Temprado de Olivares, primeiro cirurxián da real armada, que declaraba:

“que os ditos cataláns recollen o viño que está perdido na dita vila e bótanlle pao de Campeche, uva de sabugueiro exprimida e pedra alume, déixano fermentar e teñen preparada unha vasilla que tivo dentro salmoira forte, botan dúas partes desta composición co viño do país e unha do de Cataluña ou Valencia, que clarifican con terra chamada de viño, e disto resultou que todos os que estaban enviados no uso del padeceron unhas febres que lles quitou a vida ó sétimo día, sen que as dese ningunha medicina cortado, porque a composición do mencionado viño asevera o referido médico ser bastante para matar a calquera que use del”.

Pídese, xa que logo, que se lles prohiba ós cataláns e a calquera outra persoa importar viños e que se quiten as tabernas que aqueles tiñan establecidas nos arredores, *“para que non acontezan as leas, quimeras e mortes que houbo nelas polo seu extravió, sen se decatar nin poder ocorre-las xustizas a tempo de as evitar e prevelas, como pasou poucos anos hai na intitulada de Campolongo, que houbo cinco mortes violentas sen se saber delas ata o día seguinte”.* Tendo en conta todo isto, o monarca resolveu así:

“Mandámosvos que, requiridos por esta carta nosa, non permitades que nin os cataláns nin outra persoa introduzan viño ningún para vender, que se lles faga suspender a venda do que introducisen, interín e ata que os labregos dela e do seu termo non vendan o da súa colleita, e neste caso que fagan tamén recoñece-lo que introduzan os cataláns se está ou non composto de ingredientes prexu-

301. *“Iten que por quanto el principal sustento de los vs de la dha villa consiste en la labranza de sus viñas y vta de su bino, y si se consentiese meter en ella bino de rribadabia, Orense, baldeorras, bierzo y otras partes, los vos de la dha villa no podrian bender el de su cosecha, por no ser tan bueno como de las partes arriba dhas, y padecerian gran detrimento por no tener otras labranzas de que se sustentar, y para rremedio de lo susodho y devitar los fraudes que podría haber en las alcabalas y dros devidos a su mag., conformandose con la hordenanza antigua, usada y guardada en la dha villa dende el dho tiempo ynmemorial a esta parte, hordenaron y mandaron que ninguna perssona, de cualquier calidade que sea, pueda meter ni vender vino en la dha villa sino fueren los vs della, y el que ansi metieren aya de ser labrado y coxido en la jurdición della y sus alfoces, y esto dende día de nuestra ss^a de setiembre hasta día de san martin de noviembre de cada un ano y no mas, ecepto que el vz^o que tubiere bino de su labranza o rrenta lo pueda meter en el dho tiempo, aunque sea de fuera de la dha jurdicion y alfoces, como sea labrado y coxido tres leguas al contorno de la dha villa y no de otras partes, y el tal bino lo pueda bender cada y cuando que quisiere de la cosecha, con que ponga ramo o señal de como se bende y tenga medidas conferidas de todas suertes, y los vs que quisieren meter bino comprado lo pueden hacer dentro del dho tiempo, con que sea de lo que se labrare en la jurdición de la dha villa y alfoces y no de otra manera nin de otras partes, y con que no lo puedan vender sin pedir primeiro licencia a la just^a y rregimiento” y que le ponga precio con moderada ganancia, con que mientras obiere bino de cosecha aya de preferir siempre al bino de compra, sopena que qualqui perssona qe contrabiniere a hesta hordenanza en qualquiera manera aya perdido y pierda el dho bino e yncurra en pena de tres mill mrs aplicado todo ello en la forma de arriba, con que no se entienda esta hordenanza con su ex^a dho señor conde ni con sus arrendatarios siendo vos de la dha u^a según se acostumbra”.*

diciais para a saúde humana, e se consta que está, non permitiredes de ningunha maneira que se venda, máis ben castigádeos segundo o mérito do delicto. E no caso de non abonda-la colleita de viño que se recolle no termo desa dita vila para cubri-lo gasto, mandámosvos tamén que esta o procure por asentamento e que para este se prefiran os veciños e naturais, con obriga de o dar do que se recolle na xurisdicción e a provincia e, a falta destes, do de Ribadavia e dos demais lugares dese reino de Galicia, sen permitir nin admitir para este asentamento a ningún veciño catalán ou doutra parte ou reino estranxeiro, e isto farédelo gardar e cumprir así, vós, a expresada xustiza da vila de Pontedeume, que é vontade nosa. E cumprirédelo pena da nosa mercé e de trinta mil mrs para a nosa cámara...”

Por outra carta do mesmo monarca, do 18 de Febreiro de 1772, e como Pontedeume denunciara unha taberna dos cataláns na xurisdicción de Cabanas e lugar do Areal polos seus viños aínda máis prexudiciais cós que tiñan en Pontedeume, dispúxose que:

“non permitades que ata que se consuman os viños das colleitas desta vila non se introduza nin se venda nela outro ningún de fóra, e en ningún caso permitades que se introduzan nin vendan os estranxeiros”.

O exposto demostra ben como o concello se manifestaba protector firme da industria vinícola da comarca. E engadimos aínda que eses propósitos de protección levárono a manter preito, que gañou, contra os relixiosos agostiños da vila, que pretendían abrir unha taberna a carón da ermida da Nosa Señora das Virtudes; mandouse cerra-la taberna en virtude de acordo do concello do 26 de Novembro de 1629, e logo del seguiu o preito aludido. O acordo di:

“E como o convento desta vila pretende, contra a posesión inmemorial dela, traer taberna nunha casa que está de par desta vila, a carón da ermida da Nosa Señora, que administra o dito convento, que nunca nesa parte houbo taberna semellante, nin poder habela, por ser parte indecente e en notable dano e prexuízo dos veciños da vila e da súa comarca e como o prior e os frades do dito mosteiro tentárono face-lo día da Nosa Señora do mes de Setembro pasado, prohibíuselle e quitóuselle”.

A industria do mar consiste, sobre todo, na pesca. Esta industria en importancia vén despois da agricultura e a ganadería.

Na vila hai non menos de 160 homes que traballan en tarrafas ou vaporciños, que non baixan de oito ou dez, e ademais hai uns 300 ou 350 pescadores de liña, rapeta, boliche

Historia de Pontedeume

e outras artes menores e mínimas; en total, uns 500 homes de mar.

As outras localidades pesqueiras do partido son Miño, Perbes, Centroña, Redes, Ares e Cervás na ría de Ares ou de Pontedeume, e Mugardos, O Seixo e Barallobre na de Ferrol, e teñen unha poboación de mariñeiros que ben chega ó milleiro.

Os datos que anteceden dinnos abondo sobre o considerable de tal industria.

A explotación da pesca na costa de Pontedeume estivo en auxe en todo tempo, sobre todo no tocante á sardiña.

Arredor desta industria desenvolveuse a da cestería, desaparecida hai moitos anos, que a monopolizaba o concello e quitaba dela grandes recursos. O que significaba pódese colixir dalgunhas escrituras, coma a do 26 de Xaneiro de 1704, pola que o concello acordou con Andrés Mariño, Juan Freire Varela e Roque Lorenzo, veciños de Pontedeume, que estes *“teñen que facer e lle daren a esta dita vila e ás súas mercés dúas mil oitocentas cincuenta cestas, metade **maragatas** e a outra metade **abadengas**, boas e de toda satisfacción, coas súas tapas, postas na casa da cestería desta vila, a metade para últimos de Maio e a outra metade para fin de Setembro deste ano, que por elas as súas mercés terán que lles dar e pagar mil catrocentos sesenta e sete reais vinte e cinco mrs., que é a razón cada cento de maragatas de corenta e seis reais e cada cento das abadengas a cincuenta e sete reais”*. Na mesma data estipulouse outro contrato nos mesmos termos cos cesteiros Domingo Beloso, veciño de Laraxe, Andrés de Vilela, de Limodre, e Domingo Díaz, de Pontedeume³⁰².

Había o cargo de fiel ou administrador da cestería, que, mediante escritura, conferíao e pagábao o concello, con tódalas obrigas do caso.

Era frecuente que os armadores e os traficantes efectuasen contratos con mariñeiros da comarca para pescar noutros sitios, e por exemplo vemos que o 26 de Marzo de 1633 Gaspar de Herrera, veciño da vila, contrata dous mareantes ferroláns para ir á pesca do congro e os **ollos moles** *“a la mar de Frouseyras y otras partes”*, obrigándose a lle entregaren o peixe...

302. *Notas viejas galicianas*, por PABLO PÉREZ COSTANTI, t. I, páxinas 139-140.

“...fresco y sin tripa al dho Gaspar de Herrera para azer escabeche para enviar al Reyno de Castilla y otras partes, y se lo ha de pagar a diez maravedises cada libra veinte-

na y seis maravedises por cada ollomol y besugo siendo grande”.

O mesmo Herrera, que debía ser traficante de consideración, aparece, o 15 de Maio do mesmo ano de 1633, concertando con Pedro de Lara, veciño de Quintanilla de Somoza, en terra de Astorga, o transporte de recuas de escabeche ata a vila de Medina de Rioseco, no reino de Castela, estipulando en 68 reais o aluguer de cada carga³⁰³.

O gremio de mareantes de Pontedeume socorría cunha parte do produto da pesca ós que chamaban para servir na real armada³⁰⁴.

En 1694 os mareantes da Coruña promoveron un preito contra os das rías de Ares, Betanzos, Ferrol, A Graña, Pontedeume, Redes e Sada, sobre mellor dereito e prohibición de pesca-los querelados na baía e no porto da Coruña e usa-lo aparello chamado do xeito; este preito, despois de estar parado catro anos, resolveuse o 18 de Marzo de 1699 e dispúxose que os mareantes coruñeses quedasen en posesión do dereito de pescar desde os castelos de San Antón e San Diego ata os fins da baía contra a cidade privativamente desde empezos de Xullo ata o día de Reis e que tódolos mareantes de tódolos portos podan pescar con toda clase de instrumentos e redes desde os ditos castelos contra o mar, con tal de que desde Xullo ata Reis non usen as redes que lles chaman xeito nin ningún armadouro prohibido por leis destes reinos e con tal que a pesca que colleren a levasen para vender á cidade da Coruña antes de nada³⁰⁵.

A falta de observancia rigorosa nas vedas e a inconsiderada destrución das crías fixeron que fose moito a menos a importante produción de marisco na ría. O que abunda máis agora son os mexillóns e a ameixa.

A produción de ostras foi moi abundosa ata hai poucos anos. No século XVII exportábase a Castela en barricas de escabeche. O devandito Gaspar de Herrera era un dos exportadores, vese polo contrato que efectuou na vila o 19 de Xaneiro de 1636, comprometéndose a ceder oito cargas de escabeche de ostras en barrica de a dez arrobas galegas cada carga, a razón de 108 reais cada unha. Outro exportador de ostra era Xácome de Puga, veciño de Pontedeume, que, o 8 de Febreiro de 1657, vendeu cinco cargas de barricas de escabeche de ostra, de a doce arrobas e media, pagadas cada unha a sete ducados³⁰⁶.

303. PÉREZ COSTANTI, op. cit., páxina 122.

304. Idem., páxinas 137-139.

305. FRANCISCO TETTMANCY Y GASTÓN: **Apuntes para la Historia comercial de la Coruña.**

Apéndice número 18. Sobre a pesca no derradeiro tercio do século XVIII, este autor escribe (páxs. 371-373) tocante á comarca á que nos referimos: “*Os pescadores das rías do Bur-go, Betanzos, Pontedeume e Ferrol pescaban a sardiña, formaban varias asociacións ou compañías, que variaban segundo os anos, e a pesca principal facían na ría de Betanzos, Sada ou Xunqueira (Fene), quitando ós da Coruña, que normalmente non se afastaban do seu porto... pola abundancia que desa especie había nel. As redes que usaban aqueles estendíanse a cercos reais, trañas ou sacadas grandes e rapetóns ou chinchorros... Os matriculados de Miño (distrito de Castro), con algunhas dornas, facían a pesca do congro e doutros peixes que despachaban en Betanzos, Pontedeume e Ferrol. Os de Pontedeume dedicábanse, igual cós da ría da Xunqueira, a pesca-la sardiña, empregando ordinariamente dúas trañas, e nos meses de Maio, Xuño e Xullo, á de reos, que abundan neste río, e que son de gusto tan delicado que merecen coñecerse, dicía Larruga, para disfrute das mesas reais e das xentes opulentas. Os matriculados de Redes e de Ares, non xa daquela, arestora tamén, dedícanse á pesca da sardiña, e á de pescada con volantes; e con tramallos e liñas á de maragotas, merlóns, robalizas, sargos, ollo-moles, sarretas, lagostas, etc. Daquela formaban: 9 trañas en outono, e 3 rapetóns, 4 trañas e un chinchorro no verán, e tiñan 8 galeóns, 28 barcos trincados, 32 lanchas, 3 dornas e 18 botes, que lles valían para a pesca e para fretes. Os do porto de Mugaros pescaban na ría da Xunqueira e facían moito comercio de sardiña, dedícanse ó congro con cordel e ó polbo. Arestora pescan en toda ría da nosa extensa costa, e dedícanse con especialidade á da pescada. Na ría de Ferrol a xente de mar ía á pesca para o consumo ordinario da poboación e das localidades inmediatas, sobre todo á pesca de ostras, tan abundosas daquela, que habitualmente traían para A Coruña, igual que fan agora de Pontedeume. Tamén pescaban (e arestora pasa o mesmo) moitas anguías de mar, moi apreciadas polo seu delicado gusto, contra o priorado de Xubia, situado case enfronte da vila de Neda”*

306. PÉREZ COSTANTI, op. cit., páxina 119

Historia de Pontedeume

Outra das grandes riquezas da comarca podería se-la pesca no río Eume, logo de repoboalo e lle da-los coidados conseguintes. “*No Eume -di Don José María Hernansáez³⁰⁷- pódese chegar a superar con moito a cifra anual de 25.000 salmóns que se chegaron a pescar no río Nalón de Asturias*”.

No Eume hai un gran encoro que se aproveita para enerxía eléctrica e subminístrase á Coruña, Ferrol e Sada. Ten 150 metros de alto e verte 3.000 litros por segundo; isto dá 6.000 cabalos de forza, pero deducidas as perdas queda nuns 4.500. Outro encoro dun afluente do Eume utilízase, xa desde hai moito, para lle dar enerxía eléctrica a Pontedeume.

A industria de encaixes de palillos practicárona principalmente, a empezos do século actual, na vila de Pontedeume. Esta industria, traída de Camariñas, tiña ocupadas a moitas mulleres e constituía un medio de ingresos en moitas casas. A venda non estaba ben organizada: o frecuente era que un señor a viñese recoller periodicamente polo prezo que el marcaba.

A curtume de solas é outra industria establecida en Pontedeume desde ben atrás. Arestora hai unha fábrica na vila que ten traballando uns trinta e tantos obreiros. Esta fábrica substituíu outras máis antigas e data do ano 1864.

Algunhas industrias desapareceron co progreso: tal a da fabricación de velas de sebo, que debeu ter algunha importancia, visto que dela tratan máis dunha vez os libros municipais. O 13 de Xaneiro de 1620 “*dáse licencia para que todos e calquera persoa poda facer e vender velas de sebo, sen incorrer en pena, con que cumpran as condicións do arrendamento*”, e o 11 de Agosto de 1629 ordénaselles a tres individuos que antes se dedicaran a fabricar velas daquelas, que fornecesen delas a tódolos da vila ou de fóra dela que o solicitasen, “*xa que -di o acordo- nesta dita vila houbo e hai falta moi grande de velas e non se venden nin se atopan en ningunha parte casa desta vila nin nas que ordinariamente as adoitaban facer e estaban obrigados, que por teren gañado e adquirido moitos bens con este oficio e pasado a outro trato diferente e por atranca-la venda de sebo dos obrigados e os carniceros desta vila e do contorno, comprándoo para outro efecto e ter outra correspondencia, de maneira que os que queren tratar nisto e fornecer, nin teñen man nin as poden facer, e como no tempo presente son moito máis necesarias por concorrer moita xente e cabaleiros e persoas de importancia ás festas que a vila fai o últi-*

307. *Conferencia sobre Piscicultura* dada con el auxilio de 17 proyecciones por el Presidente de la Sociedad de Amigos de los Árboles de la Coruña la vispera de la primera Fiesta del Pez en Puente deume, A Coruña, 1914.



Casa e arco de Maldonado

Historia de Pontedeume

308. PÉREZ COSTANTI, op. cit., paxs. 264-265.

309. PABLO PÉREZ COSTANTI, **Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII**, Santiago, 1930, páxina 523.

310. PÉREZ COSTANTI, **Diccionario...**, páxina 332.-

O oficio de prateiro non debeu ter moito desenvolvemento ou importancia en Pontedeume, visto que aparecen traballando para a vila e igrexas do contorno outros artistas, todos aveciñados en Santiago. PÉREZ COSTANTI na obra citada dá noticia dos que seguen:

En 1563, Guillermo de Gante, prateiro flamengo, recibiu do concello de Pontedeume un encargo dunha cruz de 24 marcos de peso para a igrexa parroquial (Dic., pax. 222). O mesmo, en 1568, confeccionou unha cruz para Santiago de Franza (Dic., pax. 224). En 1568, Rodrigo de Pardiñas ou Paradiñas fixo, para a igrexa de Santo Estevo de Eiris, unha cruz de prata de seis marcos de peso “cos brazos ben labrados ó romano acicelados de medio relevo” (Dic., pax. 418).

En 1571, Xácome de Cortinela labrou, para San Fiz de Monfero, unha cruz de prata de sete marcos, “*de romano*”, coas figuras de Cristo, a Virxe, San Xoán e máis os catro Evanxelistas (Dic., pax. 140).

En 1595, Rodrigo Azedo o Mozo, fillo de Rodrigo Azedo o Vello, cobrou trinta e oito reais e medio por “*aderezar*” a cruz procesional de prata da parroquial de Pontedeume (Dic., pax. 5).

En 1596, Francisco Pardiñas recibiu do fabriqueiro da parroquial de Pontedeume douscentos corenta e oito reais por unha naveta e un cáliz de prata (Dic., pax. 417). Jorge López de Lemos, que floreceu a empezos do século XVII, executou as cruces procesionais de San Salvador de Maniños e de Santa María de Doroiña (Dic., pax. 330).

En 1627, Pedro de la Iglesia contratou co convento de Santo Agostiño de Pontedeume “*un guiñón de prata de doce marcos de peso... e ha levar nos cadros, dun lado un Santo Agostiño e do outro unha Nosa Señora da Concepción*”; tiña que percibir a razón de trinta e sete reais por marco (Dic., pax. 299).

Os artistas mencionados residían todos en Santiago, xa queda dito.

O autor que seguimos só nos dá conta dun que non fose veciño de alí: Felipe de Ugarcalde, domiciliado en Betanzos. En 1622 (1º de Marzo) deulle carta de pagamento

mo domingo deste mes de Agosto, que é costume, por honra do señor San Roque e que nese tempo convén que se fagan e se lles dean a todos polos seus cartos... ”.

En Pontedeume practicábase, entre outras, tal a de tecidos domésticos -tan espallada por Galicia-, a industria da sombreirería; sabémolo por un contrato do 28 de Novembro de 1649, que en virtude del Alonso de Leira, veciño da freguesía de San Pedro de Vilar, concertou co sombreireiro de Pontedeume Andrés da Fonte para que lle aprendese a un fillo daquel a arte de facer sombreiros de la fina e basta no prazo de catro anos, polo prezo de doce ducados en dúas pagas, e percibindo o aprendiz, despois do primeiro ano, “*a metade do valor que tiveren os sombreiros vellos de aprestar e tinguir*”, comprometéndose a non saír do servizo so pena de pagar cada día de falta tres reais, como tamén o mestre se obriga a aboa-lo mesmo ó día se despois dos mencionados catro anos non llo dese aprendido³⁰⁸.

Un contrato análogo ó anterior é o do prateiro Francisco Suárez de Ponte, veciño de Pontedeume, co de Centroña Francisco Rodríguez, outorgado o 7 de Novembro de 1762, comprometéndose a lle aprender a este o dito oficio no prazo de dous anos, por un estipendio de 340 reais, a condición de o manter na súa propia casa, sen o poder mandar “*á fonte buscar sella de auga, nin canado, nin feixe de leña, nin cavar nas viñas*”, e se non asistise o tal aprendiz, o mestre poría pola conta del “*un oficial con catro reais cada día*”³⁰⁹.

En 1644 traballaba en Pontedeume o prateiro Pedro López de Losada, que, o 13 de Febreiro dese ano, tiña compromiso de facer, para a igrexa de San Xulián de Ferrol, unha cruz grande, “*de valor e peso de sete libras de prata*”³¹⁰.

En Pontedeume houbo cerralleiros, tallistas e pintores, e o seu labor non debía ser de pouco mérito.

Veciño desa vila era o cerralleiro Mestre Jerónimo, que o concello lle encomendou, o 27 de Febreiro de 1555, unha rella de ferro para a capela de San Xoán Bautista, situada na parroquial, por un prezo de corenta ducados, rella que tería que levar un palmo máis de altura cá da capela maior, “*con sus dos puertas e su ferrollo e fechadura y las varas de las rejas estañadas y bien labradas*”³¹¹.

Contra mediados do século XVII vivía en Pontedeume o tallista Francisco López, que se lle coñecen algunhas obras, pero non executadas dentro do termo xudicial. Outro tallista da vila era Mestre Gregorio, a quen o concello lle aboou en 1548 vintecinco ducados “*en pago del retablo que faze para la capilla de San Juan*”, e en 1550 cincuenta e cinco ducados “*con que se le acabó de pagar dicho retablo*”³¹².

O pintor, aveciñado en Pontedeume, Alonso Boceta de la Fuente, contratou as obras seguintes: o 11 de Xaneiro de 1626, a pintura e douradura do retablo da capela maior de Santiago de Barallobre, que debían “*i-las caixas dos santos cos seus damascos e teas diferentes, e o Apóstolo Santiago, co saio dourado e capa azul cos seus floróns de ouro e prata, e o Apóstolo San Pedro, co saio azul e a capa colorada cos seus floróns e estrelas e as orlas da roupa de prata e ouro*”, todo por trinta e un ducados; no mesmo ano, por vintecatro ducados e un termo de dous meses, a pintura e douradura do retablo maior de San Mamede de Laraxe, que tiña que levar “*unhas teas de ouro as caixas dos tres santos de abaixo e o Cristo encarnado e a caixa del ha ser un nubrado cos seus lonxes*”; o 25 de Abril de 1628, o retablo de Santa María de Ombre, e tiña que pintar “*nos gardapós catro figuras de pincel de medio corpo, que teñen que ser dos catro Evanxelistas*”, e asignábanlle por materiais e man de obra cincocentos vintedous reais; o 1º de Maio de 1631, con Alonso Pernas e Gabriel do Fojo, “*mestres das traíñas*”, e por un prezo de trece ducados “*e dous milleiros de sardiña fresca ó pé do barco para a primeira sazón que vén deste ano*”, dar pintadas e douradas as andas da Santísima Trindade, da confraría de mareantes. Outro pintor veciño de Pontedeume, Pedro de Veyroa, aceptou, por 1.275 reais, a pintura e douradura da capela que fundara na igrexa parroquial Alonso de Nogueirido³¹³.

III. MOVEMENTO COMERCIAL

Toda a reseñada produción veu determinando un tráfico considerable, que arestora faise principalmente por ferrocarril e o movemento do porto quedou case limitado á exportación de madeiras.

ó fabriqueiro de San Xoán de Callobre por un relicario de prata para o Santísimo Sacramento daquela igrexa; en 1632 o concello de Pontedeume encomendoulle unha custodia e relicario para o Sacramento da parroquial da vila, co pé de bronce e o demais de prata dourada, dándolle un cáliz quebrado de prata, e para o pé da custodia e comprar metal e azougue, sesenta e cinco reais, e tería que lle pagar, pola feitura, cento setenta reais; en 1637 (22 de Xaneiro) fixo para a mencionada igrexa de San Xoán de Callobre un cáliz coa súa patena e un relicario para o Santísimo nas procesións, percibindo doce ducados; consta tamén que labrou unha cruz de Santo Tomé de Bemantes. Hai noticia dun contrato que el realizou en 1613 para lle aprende-lo oficio, por un tempo de seis anos, a Juan Espiga, veciño de Mugaridos (Dic., paxs. 533-534).

311. PÉREZ COSTANTI, **Diccionario de artistas...**, páxina 306.

312. PÉREZ COSTANTI, **Diccionario de artistas**, páxs. 326 e 272-273.- Para igrexas da comarca traballaron: Xoán de París, francés, aveciñado en Santiago, que fixo en 1610 o retablo de San Vicente de Caamouco, e en 1613 (16 de Xaneiro), para San Pedro de Perbes, unha efíxie de San Miguel de catro palmos de alto e outra da Nosa Señora, de cinco palmos (Dic., páx. 421). Alonso González Salgado, de San Pedro da Porta (Sobrado), que se concertou, o 10 de Outubro de 1667, co prior de Monfero, para a obra dun tabernáculo e custodia na capela maior, que executaría en tres anos.

313. PÉREZ COSTANTI, **Diccionario de artistas**, páxinas 58-59 e 556.- Forneceron obras para outras igrexas da comarca eumesa: Blas de Mariño de Caamaño, veciño de Betanzos; débenselle, por encargo do 13 de Marzo de 1617, a pintura e douradura do retablo de Santa María de Centroña, por trinta ducados “*e ademais cada fregués a súa pita*”, e maila “*pintura de dous escudos de armas e outras cousas e bandeirñas que pintou para recibir á Súa Ex^{ma}*” (o conde de Andrade), que recibiu por elas do concello de Pontedeume, en 1619, cento cincuenta reais (Dic., páxinas 356-357). Pedro de Landeta, veciño da Coruña, que aceptou por 350 reais, o 11 de Abril de 1655, a obriga de pintar e doura-lo retablo da capela maior de San Pedro de Vilar (Dic., páxina 312). Francisco de Andrade, de nature

Historia de Pontedeume

Na estación do tren de Pontedeume recíbese e expíde-se cada ano unha media de mercadorías que pasa de 1.200 toneladas.

A exportación de gando vacún chega a máis de cen vagóns ó ano.

Polo porto sae moita madeira de construción, hai anos que chega a 12.000 toneladas.

Completan as necesidades do tráfico varias empresas de automóviles.

Pontedeume era aduana de cuarta clase e constituía un distrito mandado por un axudante de Mariña.

O tráfico marítimo foi a menos desque se construíu a vía do tren, e xa nunca o favoreceran as condicións naturais do porto, arestora cerrado para embarcacións maiores por culpa da ponte que se fixo na entrada del.

Non pasaba iso antano, porque as condicións naturais non chegaran ó grao desfavorable de agora, segundo o que se ve polo areal da **Magdalena**, que unha gran parte del é de formación recente, e encontramos testemuños coma o que hai nas **Memorias** do cóengo visitador da diocese compostelá Don Jerónimo del Hoyo, que di que polo Eume “*soben moitos navíos de Francia e de Flandres e de Biscaia e de Portugal e doutras partes, con toda clase de mercadorías, e así na dita vila hai homes que tratan nelas e que se veñen facendo ricos axiña, e tamén se embarca neste río toda clase de viño do que se colle na terra e lévase a Asturias e a Biscaia e a outras partes*”.

No partido arestora fanse unhas dez feiras ó mes.

As vendas que se facían na vila, do peixe, as froitas e outras mercadorías, estaban reguladas polo miúdo, e estas prácticas recolléronse nas ordenanzas de 1622.

Alí establécese que as mercadorías que viñeren, tanto por mar coma por terra, para fornece-la vila, que ninguén as compre por xunto para as volver vender, e que ninguén saia ós camiños para as adquirir nun cuarto de legua na redonda nin na ría ou na praia, ata despois de tres días de estar á venda, con pena da perda de tales mercadorías e mil maravedís; o peixe e as demais cousas que veñan por mar que haxa que os descargar e vendelos na vila, quitado os navíos

za e veciñanza descoñecidas, que o 16 de Novembro de 1684 comprometeuse a pintar e dourar, por 660 reais, o retablo que se fixera para a capela de San Roque de Pontedeume; da que pintaría as armas no medio (Dic., páx. 23).

grandes que non podan entrar, que terán que descargar nou-tros pequenos, logo da licencia correspondente e mailo paga-mento dos dereitos debidos, e autorizaráselles cargar *“de naranja, limón, fruta y otras cosas de la tierra, con tal que, aunque ayan concertado la dha naranja, limón y fruta en otras partes fuera de la dha vi^a, ayan de tomar y comprar primero la de los vs de la dha vi^a y su jurdición y alfores que la de los de fuera”*, baixo a mesma pena ca no caso anterior; os que traían peixe que *“lo bendan en la plaza pu^a o en el peyrao y muelle por peso, a los precios que les fueren pue- tos por la Jus^a o por el behedor de los mantenimientos y no en casas ni otra pte, ecepto que los de fuera lo puedan ben- der en sus barcos y en la rribera, y si el pescado que traje- ren fuere sardina, xurelo o otro menudo, ansi los unos como los otros lo puedan bender puc^amente a todos en los barcos y rribera, después que le sea puesto precio por la jusz^a o por el behedor”*, e que haberá que agardar polo menos tres horas para que se fornezan os veciños e os comarcáns, e se alguén o collese para o volver vender e non houber dabondo, que se poda recuperar del ó prezo de adquisición, pena de perde-lo peixe e 500 marabedís, *“y se entiende que al pescado grue- so se le haya de poner y ponga postura y precio por todo el tpo del año, pero a la pescaría que pesse pescado menudo solo se le a de poner el dho precio dende principio de abril hasta fin de sete. de cada año”*; e o trigo, o centeo, o millo miúdo, a cebada, que non se vendan máis ca no almacén e na praza da vila *“y en el suelo bajo della, sin subirlo arriba, y por la medida marcada que se ussa, pena de perderlo y de quatrocientos mrs”*, que han incorrer nela os vendedores e compradores e mailo arrendador da praza e do almacén.

IV. COMUNICACIÓNS

O partido de Pontedeume posúe unha abundancia regular de vías de comunicación.

A máis vella desta vías do Estado é a estrada de Betanzos a Xubia (Narón), de segunda orde, con 43 quiló- metros, que empalma coa de Ferrol a Lugo e utiliza desta 7 quilómetros para chegar ata a cidade departamental. Dela forma parte a ponte de pedra sobre o Eume, de 850 metros. Dispúxose a construción desta estrada en reais ordes do 28 de Xullo e o 14 de Decembro de 1806, sen que se fixese nada ó vir despois a invasión francesa; e anque en real orde do 31

Historia de Pontedeume

de Outubro de 1839 se pediu informe sobre os arbitrios para abrir esa vía, e por outra do 26 de Agosto de 1834 mandou-se continua-lo ramal de Xubia a Betanzos, pasando por Pontedeume, todo quedou en suspenso, por causa da guerra civil. Por fin, a real orde do 26 de Agosto de 1851 mandou que se sacase a subhasta o primeiro treito, comprendido entre Betanzos e A Ponte do Porco, isto executouse o 5 de Outubro e de seguida empezaron a traballar. En 1856 estaban rematadas as obras, agás as principais de fábrica, que eran as pontes de Pontedeume, Neda, Baxoi e a do Porco³¹⁴.

Da estrada de Betanzos a Xubia saen as seguintes, todas de terceira orde: cara o N., no concello de Cabanas, a de Mugardos, duns 11 quilómetros, que é a máis vella destas derivadas, porque estaba en construción en 1863, con ramais a Redes de 1'5 km., a Ares de 3 e ó Seixo de 2, e maila das Pontes de García Rodríguez, que ata hai pouco remataba no concello da Capela e que conclúe os seus 20 kms. en Vilavella, no termo municipal das Pontes, e alí xúntase coa estrada de Ferrol a Lugo, 2 quilómetros antes da mencionada vila das Pontes de García Rodríguez; e cara o S., no lugar de Campolongo, freguesía de Vilar, no concello de Pontedeume, a de Curtis, que polo de agora conclúe en Monfero, despois de 17 quilómetros de percorrido.

Ademais das reseñadas hai estas: as estradas militares que van desde Mugardos ó castelo da Palma, a Montefaro e a outros sitios da costa e da ría de Ferrol, cunha lonxitude de 10'5 quilómetros; a estrada provincial de 3 kms. que une Redes e Ares; a de 4 kms. a Ares, que sae de entre Mugardos e a parroquia de Lubre; a de 6 kms. que por Maniños se xunta en Fene coa de Betanzos a Xubia; a provincial de 5 kms. que sae de Campolongo e conclúe en Vilarmajor, e, por último, o treito de máis dun km. que une a Pontedeume coa estación do ferrocarril.

A estas estradas hai que lles engadir bastantes camiños veciñais que se construíron en tódolos concellos do partido nestes últimos tempos e que sería prolixo reseñar aquí.

Agora temos que falar da principal das nosas vías de comunicación: o ferrocarril de Betanzos a Ferrol.

Inaugurouse oficialmente o 5 de Maio de 1913. Así e todo, o 4 de Febreiro do ano anterior xa pasara, ás 10'30, pola estación de Pontedeume cara a Ferrol, o primeiro convoi, procedente de Madrid, levando ós convidados para a botadura do acoirazado *España*, outro tren de convidados

314. O concello elevou unha exposición a El-Rei, o 24 de Outubro de 1817, e nela consta que cando a invasión francesa o superintendente de camiños estaba facendo abrir, por orde de Carlos IV, o camiño real proxectado desde Betanzos, por Pontedeume e Neda, ó departamento de Ferrol, que xa estaba medio construída e en condicións de se transitar a terceira parte da distancia de Betanzos a Pontedeume e demarcado todo o resto do espazo, e que continuaba, cando a mencionada exposición, no mesmo estado. Píden que se constrúa o dito camiño ou estrada desde Betanzos e non desde Baamonde.

chegou ás 12'30 do mesmo día, e ás 3'19 da tarde entrou en agullas o tren real, con Don Alfonso XIII e Dona Victoria Eugenia. O regreso foi nos mesmos trens o día 6 seguinte ³¹⁵.

O ferrocarril de Betanzos a Ferrol foi, desde logo, o máis lento dos que se abriron en España.

O 12 de Maio de 1864 o deputado daquela a Cortes por Pontedeume, de tan grata lembranza, Don Frutos Saavedra Meneses, que era director xeral de Obras Públicas, conseguiu que se estendese a real orde para estudia-lo proxecto deste ferrocarril. Desde aquela levaban os habitantes da comarca nada menos ca 49 anos a agardar que a arelada liña se fixese realidade.

O 27 de Xullo de 1883 autorizouse ó Goberno para levar a cabo, con fondos do Estado, as expropiacións, explotacións e obras de fábrica; o 10 de Agosto de 1896 realizouse a subhasta; en 1898 empezaron os traballos e o 6 de Setembro de 1900 a raíña rexente inaugurou as obras da estación de Ferrol.

Ata o ano de 1913, xa queda dito, non se inaugurou oficialmente a liña, e desde aquela quedou establecido normalmente o servicio.

Ás seis e trinta e cinco da mañá do luns cinco de Maio dese ano chegou á estación de Pontedeume o primeiro tren de viaxeiros procedente de Ferrol, composto por 18 vagóns e dúas máquinas tirando del, unha delas artisticamente enfeitada con grilandas de flores e con bandeiras, e cun gran rótulo co nome de Saavedra Meneses e por riba do rótulo os escudos de Ferrol e de Betanzos.

Ese día circularon oito trens, catro ascendentes e outros catro descendentes, e as horas de paso pola estación de Pontedeume foron, segundo horario: ascendentes, 6'42, 8'17, 13'53 e 18'50; descendentes: 9'39, 11'34, 16'6 e 20'40.

En Pontedeume agardaba moitísima xente cunha banda de música polo tren descendente das 11'34³¹⁶.

Os demais servicios de comunicacións (correos, telégrafo e teléfono) van cubrindo, analogamente ó que acontece en comarcas do mesmo carácter, as necesidades do país.

315. A devandita foi a segunda vez que Don Alfonso XIII pasou por Pontedeume. A tarde do 25 de Xullo de 1909 o monarca estivo un pouco na vila, procedente da cidade do Apóstolo e de camiño para Ferrol. Fixera a viaxe en automóbil, e ian canda el o que era presidente do Consello de Ministros Don Antonio Maura, o ministro de Mariña Sr. Ferrándiz e mailo gobernador civil da Coruña Sr. Crespo de Lara.- No ano 1690 a vila do Eume recibiu outro soberano: a raíña Dona María Ana de Neoburg, que, procedente de Mugaros, onde chegara o 8 de Abril do mesmo ano, ía por terra á Coruña. Viña directa desde Alemaña para desembarcar nesa capital e, logo de sufrir risco inminente a escuadra que a levaba, tivo que arribar a Ferrol, pasou desde alí a Mugaros e desta vila a Pontedeume, para seguir ata a actual capital galega. Parou no pazo dos Andrade.

316. Imos dar aquí unhas breves notas descritivas da liña. É de vía ancha ordinaria e alcanza 43 quilómetros de longo. Empalma coa liña de Palencia á Coruña na estación do Norte de Betanzos e baixa por un traxecto de pendente máxima, cun túnel, para chegar á estación nova construída na poboación, a 6 kms. Saíndo de Betanzos (poboación) atravesa o Mandeo por riba dunha ponte metálica, e a continuación dela ábrese o segundo túnel. Despois de pasa-lo apeadeiro de Paderne, km. 4, logo se entra no terceiro túnel, a seguir crúzase unha alta ponte sobre o Lambre e ó pouco encóntrase a estación de Miño., km. 13. Sobe en liña recta ata o apeadeiro de Perbes, km. 18, e despois está a estación de Pontedeume, km. 24, que se chega a ela despois de pasar polos altos terrapléns de Vizús e Centroña, que están recubertos por sólidas pontes de pedra de cantería. Do outro lado da gran ponte metálica sobre o Eume está o apeadeiro de Cabanas, km. 25, case situado na mesma praia. Despois de pasa-lo túnel cuarto e último da liña, está a estación de San Xoán de Piñeiro, mal chamada

Historia de Pontedeume

O de embarcadoiros é deficiente, porque só os teñen Pontedeume, Ares e Mugardos.

V. DON FRUTOS SAAVEDRA MENESES

Ó falar do desenvolvemento económico da terra eumesa é de absoluta xustiza lembrar ó eficaz promotor das súas comunicacións Don Frutos Saavedra Meneses.

E é que velaí, pregoando o seu interese polos distritais que representaba en Cortes, o peirao de Pontedeume e os de Ares e Mugardos, e a maioría das estradas que cruzan aquel país; velaí tamén o ferrocarril de Betanzos a Ferrol, que tanto traballara a prol da súa concesión, e chegara a obte-la real orde pola que se manda estudia-lo proxecto do mencionado ferrocarril.

En catro lexislaturas representou a Pontedeume aquel destacado persoeiro; elixírono a primeira vez o 20 de Novembro de 1860, e despois o 12 de Outubro de 1863, o 12 de Abril de 1864 e o 24 de Novembro do mesmo ano ³¹⁷.

Saavedra Meneses naceu en Ferrol o 25 de Outubro de 1823 e bautizouse o 27 do mesmo mes na igrexa parroquial de San Xulián. Os seus pais foron don Antonio Saavedra, propietario no partido de Pontedeume e cabaleiro maestran-te de Sevilla, e Dona María de la Candelaria Meneses.

Ó noso biografiado non só o hai que lembrar como político, senón tamén como militar distinguido, que, cunha brillante folla de servicios, acadou a graduación de coronel de Infantería. Estivo na campaña de África contra o imperio de Marrocos, distinguiuse varias veces e por iso recom-pensárono coa cruz de San Fernando, co nomeamento de comendador ordinario da orde de Carlos III e co diploma de cabaleiro da orde de San Hermenxildo, a maiores dos ascen-sos que se lle outorgaron desde comandante a tenente coro-nel.

Era home de ampla cultura, que viaxara por Francia, Alemaña, Bélxica, Holanda e Inglaterra, e escribiu impor-tantes traballos de carácter militar. Tales foron: **Estudios de fortificación. Atrincheraamiento de campaña** (Madrid, 1864), que é a principal das súas obras; **Descripción de**

antes de Franza, km. 29. Logo veñen a de Barallobre, km. 32, Perlío, km. 34, e Neda, km. 37, despois esténdese unha longa ponte metáli-ca en liña curva sobre a ría, e, por último, chégase a Ferrol no km. 43. O traxecto é case todo pola beira do mar, e canto se podería dicir de lou-vanza da fermosísima comar-ca que atravesa non había chegar para ponderala no grao que merece.

317. Esa vez, desque saíu eli-xido, mandoulles ós seus electores este manifesto:

"Electores del distrito de Puenteume.- Acogidos hace pocos días con públicas manifestaciones de afecto, que nunca se borrarán de mi memoria, recibo hoy la señalada distinción de que me nombréis por cuarta vez para representaros en el congreso de los diputados. Vuestra actitud, noble y decidida, haciendo imposible una empeñada lucha electoral, os ha preservado de disgustos y desavenencias, que hubieran sido en extremo sensibles para quien, como yo, sólo desea vuestro bien. Los deberes del cargo con que me honráis me alejarán pronto de las riberas del Eume; pero mi pensamiento estará siempre fijo en esta bellísima comarca, a cuya prosperidad consagraré, como hasta aquí, mis constantes esfuerzos, cumpliendo la sagrada obligación de un hijo agradecido a tantas bondades. Todos me conocéis y estáis por lo mismo seguros del placer que tendrá en servirios vuestro afectísimo amigo y paisano - Frutos Saavedra Meneses.- Puenteume, 24 de noviembre de 1864."

algunos instrumentos de geodesia y topografía; Apuntes para la historia de los sucesos de julio de 1854; Memoria sobre la fabricación en distintos países de las armas de fuego portátiles, en colaboración co coronel Don Francisco Elorza, e **Experiencias verificadas con el aparato de bases**, en colaboración co comandante de Enxeñeiros Don Carlos Ibáñez, que se traduciu ó francés e que se refire á regra para medir bases xeodésicas, inventada por ambos, aplicada á medición da de Madridejos.

Pertenceu como numerario á Real Academia de Ciencias, e cando ingresou nela leu un discurso sobre **Progresos de la Geodesia**, era electo da Española da Lingua, membro da Sociedade Xeográfica de París e da Meteorolóxica de Francia, etc.

Formou parte de importantes comisións, entre elas a encargada de traza-lo mapa xeral de España.

O 16 de Marzo de 1864 nomeárono director xeral de Obras Públicas³¹⁸.

Saavedra Meneses faleceu en Madrid o 23 de Outubro de 1868.

No salón de sesións do concello de Pontedeume hai un retrato de tan ilustre patricio, e de proba de grata lembranza déuselle o seu nome ó peirao da vila.

Hai outro retrato no Instituto de Ensino Medio da Coruña, cunha inscrición na que consta que á edificación del contribuíron as xestións de Saavedra Meneses.

Son merecentes de se cita-las súas campañas parlamentarias, por ser nota saliente delas o seu amor a Galicia e a defensa dos intereses do distrito que lle confiara os seus poderes.

Reclamando a construción do ferrocarril galego de Palencia á Coruña, co desexado ramal ata Ferrol, expresábase así nas Cortes:

“Galicia está chamada a ter un gran porvir. É un país que necesita ser máis coñecido polos españois en xeral, e ata cómpre levantar un pouco naquelas provincias a opinión que teñen de si mesmas. Galicia contén a oitava parte dos habitantes de España, a súa densidade de poboación é o dobre da media da da Península, e supera nalgunhas comarcas da costa á dos países máis poboados de Europa.

318. O coñecido autor de **El idioma gallego**, Don Antonio de la Iglesia, publicou unha minuciosa biografía de Saavedra Meneses no número 20 do t. IV da revista “Galicia”. Esa biografía reproducíuse no folleto **Colección de escritos publicados en octubre de 1864 con motivo de la llegada a Galicia del Ilmo. Sr. Don Frutos Saavedra Meneses**; Ferrol, 1864.

Historia de Pontedeume

Se as altas mesetas e as montañas producen pouco, os seus vales son amenísimos e o seu litoral marítimo non ten superior nin en España nin fóra de España. A súa produción por hectárea é un tercio maior cá media da Península, e nalgunha das súas provincias, a de Pontevedra, excede nun quinto da media da produción por hectárea do imperio francés. En instrucción primaria, Galicia, anque atrasada, compite con Inglaterra e con Francia. O número de indixentes, que con tanta razón preocupa ós galegos, amantes dos seus paisanos, non excede, sen embargo, da media da indixencia na Península enteira, e é unha terceira parte menor cá media relativa a toda Europa; e, por último, señores, Galicia comparte con Asturias e as provincias Vascongadas a honra sobranceira de se-lo país de menor criminalidade de toda a Península...

“Tal é o campo aberto ós capitais e á actividade das empresas que se propoñan construír e explotar esta vía férrea. Os ricos minerais, os productos vexetais de todas clases, os excelentes gandos, a abundancia de peixe, fan de Galicia un xacemento de riqueza que o camiño de ferro está chamado a facer fecundo, dándolles verdadeira vida comercial ás poboacións da costa, que desde a boca do Eo á do Miño presenta un conxunto admirable de portos sen competidor en Europa. Para contribuír a que todo isto sexa coñecido e apreciado como merece dentro e fóra de España, préggolles ós señores deputados que se dignen tomar en consideración o proxecto de lei que tiven a honra de apoiar...”

Máis adiante segue nestes termos:

“España ten comprometidos 1.800 millóns para subvencións de ferrocarrís; as provincias de Galicia pagan a sétima parte dunha das contribucións xerais, a duodécima parte doutra, e estando nós abandonados ata de agora en materia de ferrocarrís, ¿temos ou temos dereito a pedi-la parte alícuota que nos corresponde no reparto de subvencións?. Pode ser que dentro dun ano e medio se vaia en ferrocarril desde Madrid a Santander, San Sebastián, Tarragona, Cartagena, Málaga, Cádiz e Lisboa, como xa se vai a Bilbao, Barcelona, Valencia e Alicante. ¿Non temos dereito a preguntar cando se irá a Galicia?.

“Trátase, señores, da oitava parte dos españois que veñen pedi-lo que como a tales se lles debe: que os seus irmáns lles axuden, como eles lles axudaron. Se isto non é xusto, non sei eu o que é xustiza na terra. Teñan en conta, ademais, os señores deputados que non se atende só un interese provincial, senón tamén ó da nación enteira. Agora que imos ter axiña unida a capital da monarquía cos departamentos marítimos de Cádiz e Cartagena, o primeiro dos nosos departamentos, Ferrol, ¿ha quedar incomunicado co centro de goberno?”

Que abonden os parágrafos transcritos para se formar unha idea do que Galicia representaba nas arelas do deputado por Pontedeume.

Así se comprende a extraordinaria alegría con que Galicia o recibiu, en xusta correspondencia, cando volveu á terra natal no ano de 1864.

Despois de o declarar A Coruña fillo adoptivo seu, recorre triunfalmente as diversas localidades da comarca eumesa, e nelas aínda perdura a lembranza do entusiasmo co que todos o aclamaban.

O ilustre deputado chegara a Pontedeume, procedente da Coruña, o 12 de Outubro do mencionado ano de 1864, no vapor *León*, e estivo na vila ata o 19 do mesmo mes; nese tempo recibiu manifestacións constantes do afecto popular.

Realzou o magno acontecemento que se lle deu que daquela se inaugurara o peirao de Pontedeume, construído gracias ás xestións do eximio hóspede.

Os escritos que publicara a prensa daquela fálannos dalgúns detalles curiosos daqueles festexos, como a serenata coa que o *Liceo de Artesanos* que había daquela na vila festexou ó Sr. Saavedra Meneses, levando cada un dos socios da expresada colectividade a súa correspondente facha de cera, e presididos por outro que conducía un gran farol de forma octógona con versos alusivos; tamén é de notar que, cando foi a función de igrexa coa que o obsequiou o clero da comarca, acompañárono os mariñeiros vestidos coa maior uniformidade e cun ramo de palma cada un.

O Sr. Saavedra saíu de Pontedeume o día 19, e foi por mar ata Ferrol, parando en Redes, Ares e Mugardos.

Non imos concluír este relato sen deixar consignado que o *León*, no que fixo a viaxe o Sr. Saavedra Meneses, foi o primeiro buque de vapor que entrou no porto de Pontedeume e que aqueles días luciu por primeira vez na vila a luz eléctrica: instalouse unha lámpada mediante unha batería de pilas.

DESDE A FUSIÓN DA CASA DE ANDRADE
COA DE LEMOS ATA OS NOSOS DÍAS

CAPÍTULO IV

DESENVOLVEMENTO CULTURAL

- I. DON JUAN BELTRÁN DE ANIDO ESTABLECE UNHA CÁTEDRA DE LATINIDADE EN PONTEDEUME.-
- II. DONATIVO DE DON FRANCISCO PÉREZ.-
- III. COMO O CONCELLO CUMPRIU O ESTATUÍDO.-
- IV. UN EPISODIO DA CÁTEDRA DE LATINIDADE.-
- V. AS ESCOLAS DA VILA; FUNDACIÓN DE RAJOY.-
- VI. O CONCELLO APLÍCALLE A ESTA FUNDACIÓN OUTROS FONDOS.-
- VII. ESCOLAS NACIONAIS E ACCIÓN CULTURAL PARTICULAR; OS COMARCÁNS RESIDENTES EN AMÉRICA.-
- VIII. XORNALISMO.-
- IX. FESTAS DE CULTURA.

Historia de Pontedeume

I. DON JUAN BELTRÁN DE ANIDO ESTABLECE UNHA CÁTEDRA DE LATINIDADE

A máis antiga das institucións de cultura da vila de Pontedeume, da que se ten noticia, é unha cátedra de latinidade que se lle debe a Don Juan Beltrán de Anido, rexedor do concello, que e deixou establecida por testamento outorgado na vila o 5 de Febreiro de 1580.

Esta fundación incluía tamén a creación da capela de Santa Catarina na igrexa parroquial.

Para ese efecto, dispuxo que os seus cumpridores tratasen con Gregorio Carnero para que dese orde de abri-la capela de Pedro Bermúdez de Castro, e, no caso de non ser posible, que se visen co prior do convento dos agostiños para que cedese a de Pedro da Fraga polo que for xusto, e de non conseguir tampouco isto, ordena que se digan as misas que establece no seu testamento na da Nosa Señora do Rosario, que, igual cás outras dúas, formaba parte da igrexa parroquial.

O capelán, que había que o nomear preferentemente entre a parentela do outorgante, sen que se puidesen engadir máis capeláns, tiña obriga de dicir misa tódolos días, ademais de da-lo ensino na cátedra de latinidade.

Estableceuse esta na casa que habitaba o mesmo Beltrán de Anido, que é o edificio que limita polo S. a praciña chamada da Cátedra, onde funcionou despois unha escola pública de nenas e onde ultimamente se levaron diversos servizos oficiais.

Podían recibir ensino os fillos de veciños da vila e da comarca, e o preceptor presbítero tiña que ter canda el e para o seu servizo catro rapaces pobres, ou seis a poder ser, por un tempo de seis anos cada un, con obriga de lles dar ensino, vestilos coa súa roupa parda a maneira de colexio e mantelos.

Nomeou de testamenteiros ós seus primos Antonio Beltrán de Anido e Pedro Díaz Teijeiro e á súa muller Isabel Jaspe; de acusador ó P. Prior que é ou que for do mosteiro da

Historia de Pontedeume

Nosa Señora da Gracia, e mándalle polo seu traballo un ducado, e para en diante institúe de patróns da capela e do colexio á Xustiza e Rexemento da vila de Pontedeume.

Ordena tamén que o día de Santa Catarina se obsequie ó concello cunha comida e que tamén se lle faga este obsequio ó prior e a dous frades do convento dos agostiños, para que uns e outros velen mellor polo cumprimento do estatuído.

Para este obxecto deixa tódolos bens que posuía na vila, comarca e xurisdicción, e maila casa na que vivía, herdada dos seus pais Alonso García de Mourelle e María Fernández de Anido³¹⁹.

II. DONATIVO DE DON FRANCISCO PÉREZ

Don Francisco Pérez, que foi cóengo da colexiata da Coruña, educado como fillo de veciño pobre na dita cátedra, e despois catedrático dela durante varios anos, fundou, en 1707, perante o escribán Don Francisco Antonio Vizoso, outra cátedra de menores agregada á anterior, para que un repetidor ensinase mínimos e menores, baixo a dirección e a orde do catedrático principal, encargado de medianos e maiores, e asignoulle a este repetidor as súas rendas, e nomeou tamén de patrón ó concello; no seu testamento encargou que se tivese moito coidado cos documentos e as escrituras da súa facenda, e para iso dixo que estarían no consistorio da vila, nunha huchiña de dúas chaves, que unha delas tiña que ter un señor capitular e a outra o secretario do concello, de maneira que cando houber necesidade de ver algún papel despois se volveuse pór no seu sitio³²⁰.

319. O secretario interino do concello, Don Juan Vadell e Taboada, certifica, o 28 de Agosto de 1855, que no arquivo da corporación atopou o documento que segue, relativo á fundación dunha capela e cátedra de latinidade. (ve-lo documento I nas paxs. 449-450 deste libro)

320. Na mesma certificación de Vadell e Taboada á que se refire a nota anterior acredítase a existencia do documento seguinte. (ve-lo documento II nas paxs. 451-452 deste libro)

III. COMO O CONCELLO CUMPRIU O ESTATUÍDO

O concello, como patrón, veu cumprindo fielmente o estipulado na fundación; e así, cada tres anos, sacou a oposición pública as cátedras, proveunas con individuos que considerou dignos, asignoulle-las súas rendas, e fixo sempre celebrar por tres tempadas cada ano exames públicos ós educandos en presenza súa e da extinguida comunidade de

Desenvolvemento cultural

Santo Agostiño, ata que a Universidade de Santiago, obedecendo a máxima centralizadora do Goberno deposto en Xullo de 1854, reclamou para si as aludidas rendas en 1851. En vista diso, o concello, o 18 de Agosto de 1854, acordou pedirlle á Excma. Xunta Superior da Provincia que se devolvesen para o obxecto que tiñan, aquela cualificou a petición de rigorosa xustiza e acordou que o concello retivese as rendas e acudise ó Goberno, segundo comunicación do 30 de Agosto do dito ano de 1854, e a Deputación Provincial aprobouno.

E, en efecto, acudíuse ó ministro de Fomento por medio de instancia datada o 28 de Agosto de 1855, pedindo “*que o señor Rector da Universidade Literaria de Santiago lle devolva ó Padroado as rendas referidas, co importe delas, recadado e depositado desde 1850, xa que ningunha aplicación para o seu obxecto lles deu, non causaron alteración ningunha, nin aparecen no seu orzamento anual, para que a Municipalidade as poda dedicar á ensinanza pública e gratuíta de matemáticas e debuxo, que determinou por necesaria conmutación, e a satisfice-las demais atencións de piedade e beneficencia impostas nas fundacións expresadas, das que o beneficio é exclusivo de Pontedeume e da súa comarca*”. Levou outra súplica a corporación municipal, desta volta á raíña, o 15 de Febreiro de 1857, para que se dignase “*revoga-la translación das explicadas rendas ó Instituto agregado á Universidade de Santiago e da-la orde correspondente para crear unha escola superior elemental ou unha cátedra de matemáticas e debuxo lineal na mencionada vila de Pontedeume, para ensino dos seus fillos, conforme á vontade do expresado fundador, e que ordene tamén que para a organización dunha ou da outra e a adquisición do material se lle entregue ó concello, como tal patrón, a suma recadada pola Universidade e que conserva en calidade de depósito, sen menoscabo de que se cumpran as máis altas cargas de xustiza que gravan as ditas rendas*”.

Todo foi para nada, porque as leis desamortizadoras acabáronlle dando o golpe de gracia a esta institución, que un dos seus alumnos fora o ilustre Rajoy, arcebispo de Compostela.

Ultimamente, o catedrático de maiores, que era sacerdote, cobraba unha renda de nove reais diarios, pero a obriga de manter, vestir e darlles ensino ós seis nenos pobres había moitos anos que non se cumpría; e o catedrático de menores, que era segregar, só percibía cinco reais ó día.

Historia de Pontedeume

A corporación municipal, por mor do seu padroado desta fundación, e tamén das de Noguerido e Mancebo, e da congregación das Dores e das escolas fundadas por Rajoy, efectuaba a recadación das rendas correspondentes, formaba patrimonio común con elas e dispoñía a súa aplicación respectiva para as atencións ás que estaban destinadas, por si ou por medio de representantes. As rendas, no último decenio anterior a 1855, con 1272 reais de propios, subían anualmente ata os 31.000 reais.

Do que eran as rendas que administraba o concello antes do alleamento pode dar unha idea a relación seguinte de cantidades que tiña ultimamente, como ingresos, derivadas das percepción e a administración daquelas rendas:

Renda do catro por cen de inscricións intransferibles entregadas ó concello en representación dos bens alleados, 1.456'28 pesetas.

Outra partida polo mesmo concepto, 1.668'52 pesetas.

Intereses de dúas accións do Banco de España a favor da obra pía de Noguerido, 190 pesetas.

Renda do catro por cen das inscricións intransferibles de instrucción pública, en representación dos bens alleados polas leis de desamortización, 748'90 pesetas.

A estas partidas, que suman 4.063'70 pesetas, habería que lles engadir unhas láminas que aparecen no ramo de instrucción pública, de produto da venda dos bens da cátedra de latinidade, e tamén habería que ter en conta a renda

Casa da Cátedra de Latinidade



dalgúns bens que quedaron sen vender. A verdade é que por ambos conceptos nada ingresaba o concello.

IV. UN EPISODIO DA CÁTEDRA DE LATINIDADE

O concello, o 26 de Xaneiro de 1840, acordou afastar da cátedra de latinidade ó presbítero Don Ramón Fernández Barbeyto, por non cumprir nela, por non desempeña-las misas fundacionais e pola súa mala conducta moral.

Na acta do 29 de Febreiro do mesmo ano lese:

“Que o concello soubo extraoficialmente que os Sres. Gobernadores desta diócese, para evita-lo escándalo público, mandaran que o Barbeyto afastase da súa casa e compañía unha muller que, coma se fose a propia, acompañao en tódolos paseos, vai e vén canda ela de dicir misa, etc; pero cando esperaban que se cumprise esta xusta determinación, ven con sentimento cristián que a dita muller vive canda el igual ca antes, e aínda con máis descaro, tanto que se presentou na aula dúas veces resentida da determinación do concello, acompañada polo Barbeyto; aldraxaron ós nenos estudantes parentes dos concelleiros e sobre todo aquela proferiu palabras que a decencia non permite escribir, ofendendo con elas groseiramente os inocentes oídos dos alumnos; e por iso mesmo, para evitar que prosigan en modo semellante de vivir, acordan que se lles dea conta diso ós ditos Gobernadores para efecto de que as SS.SS. se dignen adopta-la providencia que a súa xustificación e a súa rectitude estimen oportuna”.

O afastamento do Barbeyto estaba daquela pendente de confirmación por parte do xefe político ou gobernador, e esta tivo efecto.

Hai outros acordos confirmatorios da mala conducta moral que observara o dito presbítero.

V. AS ESCOLAS DA VILA: FUNDACIÓN DE RAJOY

Algúns concellos que se preocupaban do ensino público subvencionaban escolas de primeiras letras, e tal debía oco-

Historia de Pontedeume

rrer en Pontedeume desde ben vello. Había na vila unha destas escolas para nenos o ano 1611, que a visitou o cóengo de Santiago, dignidade de cardeal, Don Jerónimo del Hoyo, e prohibiulle ó mestre Esteban Fandiño que os escolares lesen procesos de preitos, máis ca en obrigas e testamentos, para que non se afeccionasen a ser preiteiros desde nenos, e mandou que se lles aprendese a Doutrina cristiá e que os pais lles mercasen libros de devoción³²¹.

Estas escolas non funcionaban seguido, cando remataba o contrato co mestre, ou por calquera outra causa, suspendíanse. O concello de Pontedeume, o 29 de Outubro de 1629, aparece procurando o establecemento dunha escola de nenos, en virtude do interesante acordo que segue:

“Por quanto en esta dha. via., según es noto., siendo como es caveza del estado de Andrade, lugar de mucha vezindad y donde ai tantas personas nobles y de ymportancia, y de otras partes que son notorias, y que la falta de maeso de niños, desde muchos años a esta parte, no a tenido ni tiene el qe. combiene pa. el buen enseno y doctrinas de los hijos de los tales vezinos y de su contorno, por no saver vien leer ni reglas de quenta ni otra capacidad ni demostración, y qe. los qe. a abido les han sacado mui siniestros de todo buen enseno, como lo an experimentado, en notable daño de la republica y en total perdición de sus hijos, de que se siguen los yncombinientes qe. se dejan considerar, para cuyo remedio, abiendose dado nota. al ayuntamiento que en la jurisdicción de Moeche avia persona benemrita y de las partes neçesarias para el dho oficio de tal maeso de niños, que se llama Franco. López, le avian ordenado pareçiese ante sus mrs., y aviendo visto y examinado el modo de leer y escribir, ordenaron qe. por un año entero se le den quatro mill. mrs de salario sobre los propios desta villa, atento la dha falta y la qe. ai de mantenimientos y baleren las cosas a tan subidos precios, y que deste asiento se le hagan tito. y nombramio. por el dho año y lo mas u menos que fuere la voluntad de sus mrs., consintiendo el dho Franco. López asistir con puntualidad y enseñar los niños con la misma asi de leer y escribir con horden y proporción y de contar y la doctrina cristiana y buenos respetos, qe. aciendolo ansi de parte de la via. se le asegura toda buena comodidad y gratificación de lo bien que lo hiciere y se procurara todo su aumento por el mucho que combiene a su republica”.

Por doazón do licenciado Meira, que fora cura rector da vila, esta posuía unha casa denominada **da Roda**, “*co seu alto, o seu sobrado, cuartos e adega*”, que era para vivi-lo mestre de nenos e ter escola alí. O procurador xeral Don Antonio de Saavedra tivo necesidade de acudir á autoridade competente para que a casa a reparase convenientemente Dona Rosa de Ribera, viúva de Don Juan Bautista Piñeiro,

321. *Notas viejas galicianas*, por PABLO PÉREZ COSTANTI, t. I, páxina 386.

por mor de que este, por habitar enfronte da tal casa, solicitara e obtivera do concello utilizar unha parte dunha adega, en troques de atender á conservación do edificio e parece que isto non o cumprira. Na demanda lese que *“por estar -a casa- ben feita e habitable, sempre viviron mestres que tiñan escola nela e dábanlles ensino ós ditos nenos a disposición das súas mercés os señores xustiza e rexemento desta dita vila, como patróns desta obra tan proveitosa para os veciños e os naturais, e perante eles foi o dito Don Juan ofrecéndose, e obrigouse a tela sempre en ser vivideira e habitable por se valer da adega dela, menos parte na que o dito mestre puidese ter unha pipa de viño e un porco, e con esta condición déronlle o permiso e licencia...”*. Despois di que nin o referido Don Juan Bautista Piñeiro, nin a viúva a Dona Rosa de Ribera se coidaron de cumprir coa obriga consignada, *“aunque se axudaron e se valeron da dita adega, deixaron derramar e arruina-la dita casa por falta de reparos, e con isto desamparouna o mestre que nela había, e non puido nin pode ir outro, por estar así arruinada e a punto de caer, ameazando gran ruína, tanto co teito e as madeiras coma coas paredes, e disto poden acontecer mortes repentinas, que o Noso Señor non o permita, e caeren as casas a ela circunveciñas, que temen iso os moradores, e expresárono, segundo estou noticioso, por presentación que presentaron, e non se puxo remedio en caso tan perigoso, ademais de se faltar á vontade do dito fundador, ó ben e ó alivio dos ditos veciños, que teñen e tiveron fillos para lles dar ensino, e que, por non teren casa na que habitar e ter escola, deixan de ter mestres suficientes de fóra, por non os haber na vila, e os que hai nela menos teñen casas de seu...”*.

Os graves inconvenientes da falta de continuidade no primeiro ensino ou da permanencia dos mestres esquivounos o insigne arcebispo Rajoy, natural da vila, coa fundación de dúas escolas, unha de nenos e outra de nenas.

Esta fundación tivo efecto o 16 de Maio de 1769, mediante escritura outorgada ese día no priorado de Cernadas.

Nesa escritura dispón que o mestre teña de salario cada ano cen ducados de prata e oitenta a mestra.

É curiosa a obriga que se lle impón a aquel de saír cos nenos cantando o rosario pola rúa tódolos sábados; esta obriga tamén se facía estensiva á mestra, pero só en canto a rezalo no local da escola.

Historia de Pontedeume

A escolla dos mestres tiña que face-lo cóengo de Santiago Don Tomás Moreira, e logo de que el morrese o P. Prior do convento de Santo Agostiño da vila e os dous eclesiásticos máis antigos fillos de veciños dela.

Para soste esta fundación cede os dez almacéns que fixera fabricar na ribeira da mencionada vila; estes daquela andaban arrendados en 5.400 reais de prata, e deles manda reservar cada ano 50 ducados para o administrador dos expresados almacéns e 60 reais para o prior e os eclesiásticos encargados de facer cumpra-la fundación.

Ademais, do resto do produto dos almacéns ordena que se fagan lotes de 50 ducados para lles repartir a cada unha das fillas de veciño que sinalasen os patróns, e que sexan esas mulleres tales que vivisen en santo temor de Deus e con honra, e tiña que asistir tamén á elección con voto o cura e rector propio da vila de Pontedeume, e a designación facerse dentro da parroquia o día da Pascua e Resurrección³²².

As escolas había que as establecer nun edificio construído á conta de Rajoy a carón da igrexa parroquial.

Os almacéns ós que fai referencia a escritura estaban dedicados para salgar peixe e para gardar cousas dos mariñeiros, igual que seguen arestora.

VI. O CONCELLO APLÍCALLE A ESTA FUNDACIÓN OUTROS FONDOS

Como a industria da salgadura producía moi pouco por falta de pesca, quedaron sen arrendar ou sen ocupar algúns daqueles almacéns, e os que se arrendaron houbo que os deixar por tan pouco prezo que case que nin producían para reparos neles.

En vista daquilo, o concello, como patrón que era das obras pías de Nogueirido e Mancebo, creou e dotou, coas rendas delas, dúas escolas no ano 1838, unha para nenos no local vello, e outra para nenas nalgúns cuartos do suprimido convento dos agostiños, que lle dera daquela interinamente para ese obxecto o Intendente de provincia, e que pouco

322. Reproducímo-la escritura de referencia.(ve-lo documento III , nas páxs. 453-454 deste libro).

Desenvolvemento cultural

máis tarde, o 19 de Xaneiro de 1842, se cedeu de vez para tal fin.

Nas dúas escolas aprendíase a ler, escribir, contar, principios de Relixión, gramática castelá, xeografía e historia, e ademais na das nenas a calcetar, coser, bordar e outros labores propios do sexo.

O mestre disfrutaba ó primeiro de nove reais diarios, o seu axudante de catro e a mestra de seis, pagados mensualmente dos fondos das ditas obras pías e da cátedra de menores.

Na escola de nenos salientou o mestre Don José Serapio Casal, que a veu rexentando durante uns corenta anos, ata 1903 e 1904. En tempos de tan celoso e ilustrado mestre, que tiña a cargo seu máis de cen alumnos, ben se podía considera-la escola de Pontedeume como modelo entre as da súa clase. O Sr. Serapio Casal escribiu varios libros de ensino; entre eles salienta unha **Aritmética**, declarada de texto por real orde. Faleceu na súa casa de Cabanas en 1936.

Ata estes últimos tempos as dúas escolas que tiña Pontedeume víñanse provendo en propiedade, como de padroado, analogamente a como establecera Rajoy.

VII. ESCOLAS NACIONAIS E ACCIÓN CULTURAL PARTICULAR

No partido xudicial de Pontedeume funcionan algo máis dun cento de escolas nacionais, e con elas resultan bastante ben atendidas as esixencias da cultura primaria. A metade máis ou menos desas escolas son de creación recente.

A insuficiencia das dúas únicas escolas oficiais que veu habendo na vila³²³ determinou a acción supletoria dos particulares en tal sentido. En todo tempo houbo en Pontedeume escolas de primeiro ensino fundadas e mantidas por veciños da vila, que mediante unha módica retribución instruían ós seus alumnos na arte de ler, escribir e contar e nas nocións máis básicas das outras materias primarias.

323. Arestora hai cinco: tres de nenos e dúas de nenas. Unha de nenos procede de conversión en nacional das do Pósito de Pescadores.

Historia de Pontedeume

324. Naceu en Pontedeume e faleceu en Santiago de Compostela o 4 de Abril de 1943. Ingresou no Corpo xurídico militar, chegou nel á graduación de xeneral e foi fiscal do Consello Supremo de Guerra e Mariña. Austeridade e cultura foron as notas distintivas da súa vida. Na colección da importante revista "*Prácticas modernas*", que se publicou na Coruña, e no diario "*La Voz de Galicia*", da mesma capital, deixou moitos artigos sobre cuestións agrícolas, gandeiras e de economía rural, e con eles acreditou o referido pseudónimo. Na cuarta semana social, celebrada en Santiago o ano 1909, pronunciou tres interesantes conferencias sobre a **Organización del cultivo y de la ganadería en las regiones de pequeña propiedad del Norte y del Noroeste de España**, que constitúen unha apreciable síntese do problema agropecuario na rexión e que despois se recolleron nun folleto. No concurso aberto en 1917 pola "*Casa de Galicia*", de Madrid, acadou o premio de cinco mil pesetas pola obra *Medios prácticos más eficaces de impulsar el progreso material y moral de Galicia y de conservar las virtudes y de corregir los defectos de sus hijos*, que forma un volume de 300 páxinas. Para o tomo da **Geografía de Galicia**, dedicado á parte xeral, editado pola casa Martín de Barcelona, redactou un tratado sobre a nosa **Agricultura**. Deixou rematado un estudio sobre cuestións de economía social que ten o seu ilustre fillo o doutor Don Ulpiano Villanueva de Castro, catedrático da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago; este seguro que ben merece a honra de que se publique.

325. Nuns xogos florais que se celebraron na Coruña o ano 1884 obtivo accésit nunha composición poética que se titula **Adiós a la Patria**.

A mesma insuficiencia de escolas nacionais en todo o partido orixinou a creación de centros de ensino por núcleos de fillos do país residentes na Illa de Cuba -onde aflúe principalmente a nosa emigración- que dotaban estas escolas con locais construídos aposta e con material de ensino moderno.

Estas escolas fóronse extinguindo, e pasaron a ocupar os seus edificios as que mantén o Estado.

A máis antiga delas foi a de Ares, para nenos, fundada en 1904 pola sociedade "*Alianza Aresana*". Seguiu "*La Unión Mugardesa de Instrucción*", para nenos tamén, inaugurada o 2 de Outubro de 1910. O 9 de Agosto de 1914 abríronse dous centros, un para nenos e outro para nenas, que sufragaba a "*Agrupación Instructiva Redes-Caamouco*". E por último, a colonia de fillos de Fene creou unha escola de nenos e outra de nenas para cada unha das localidades de Fene e Maniños, que se inauguraron o 5 de Novembro de 1916.

VIII. XORNALISMO

Cando o xornalismo case que nin o había nas vilas pequenas, apareceu en Pontedeume o semanario *El Eume*, do que o primeiro número viu a luz o 16 de Febreiro de 1890, dirixido por Don Juan Tejada Velasco. Foi curta a vida de *El Eume*: ós poucos meses da fundación, o 31 de Agosto do mesmo ano de 1890, publicou o último número. Imprimíase na Coruña, no prelo de Puga. Tiña *El Eume* unha colaboración moi valiosa de cultos rapaces da localidade ou residentes nela, que as súas sinaturas, tempo adiante, habían ser estimadas en toda Galicia: alí fixeron as primeiras armas Valeriano Villanueva, que tanto popularizou máis tarde o seu pseudónimo "*Un labrador a la moderna*"³²⁴; Vicente Pardo Tenreiro, poeta laureado, redactor do diario coruñés *La Mañana* e deputado provincial por Pontedeume³²⁵; Manuel Serapio Seco, da Compañía de Xesús, ex-rector do colexio de Xixón e máis tarde misioneiro na China; Ricardo Caruncho, poeta, autor dramático e de contos; Galo Salinas Rodríguez, dramaturgo, que exerceu particularmente na vila de mestre de primeiro ensino e nela escribiu *A Torre de Peito Burdelo*, o primeiro drama histórico en verso galego.

Desenvolvemento cultural

Ó cabo de doce anos Pontedeume volveu ter outro periódico, *La Verdad*, tamén semanal, do que o primeiro número apareceu o 5 de Outubro de 1902, dirixido por Don Antonio Bello Varela. Só 11 números tirou *La Verdad*, e o último exemplar apareceu o 14 de Decembro do mesmo ano de 1902. Editábase en Ferrol, no prelo de *El Correo Gallego*.

Transcorren catro anos, e a vila de Pontedeume volve estar representada no mundo da letra impresa por outro periódico: a revista quincenal *El Eco de Puente deume*, do que o primeiro número se puxo á venda o 4 de Febreiro de 1906. Esta publicación apareceu o primeiro e o terceiro domingo de cada mes, ata o número 25, correspondente ó 3 de Febreiro de 1907. Desde aquela saiu á luz os días 5, 15 e 25 ata o 20 de Febreiro de 1910, que se publicou unha folla en vez do número 123 comunicando a suspensión da revista. A partir do número 83, que corresponde ó 1º de Novembro de 1908, cambiou de nome e titulouse *Galicia Pintoresca*. Desde o número 48 (25 de Outubro de 1907) comezou a publicar gravados. Dirixíaa Don Edmundo Roberes Alonso e imprimíase en Mondoñedo, no prelo de César González-Seco Romero. A primeira tirada dela foi de 400 exemplares, que logo houbo que reducir a 200, e estes non custaban máis có prezo inverosímil de dez pesetas.

Desapareceu *El Eco de Puente deume* convertido en *Galicia Pintoresca* ó tempo que aparecía o semanario *Ecos del Eume*, do que o primeiro número ten a data do 6 de Febreiro de 1910. Fundárono Don Ramón Pena Miró e Don Rosendo Vilariño Tenreiro, e este figuraba como director. Publicou o derradeiro número, o 449, o día 30 de Setembro de 1918, logo de entrar no ano noveno. Insería a miúdo foto-gravados, debuxos e caricaturas cunha aquela local. Editou, entre outros, tres notables números extraordinarios, de moitas páxinas, con selecta lectura e abondosos gravados. Foron os números 31 (8 de Setembro de 1910, 188 (7 de Setembro de 1913) e 291 (8 de Setembro de 1915). Neles colaboraron distinguidos escritores da rexión: Murguía, Vaamonde Lores (Con César e Don Florencio), Marqués de Figueroa, Ponte e Blanco, Tenreiro (Don Ramón María), Wais (Don Julio), Pérez Lugín, Villar Ponte (Don Antonio), Tettamancy, Sanz (Don Rodrigo), P. Samuel Eiján, Pedreira (Don Leopoldo), Roberes (Juan José)³²⁶ e outros. Moitos destes escritores colaboraban tamén nos números ordinarios. Imprimíase na Coruña, nos obradoiros de *La Voz de Galicia*.

326. Este escritor, natural da vila, emigrou a Cuba, alí fixo a carreira de sacerdote e conseguiu desempeñar unha importante parroquia despois de ser maxistral da catedral de La Habana. Naquela capital premiárono, nun concurso que abrira a revista *"Bohemia"* o ano 1912, como autor do *Himno a la Virgen de la Caridad del Cobre*, a patrona de Cuba.- É xusto mencionar aquí a outro fillo sobranceiro de Pontedeume, formado tamén na emigración: Don Constantino de Horta e Pardo. Cursou en La Habana a carreira de Comercio, despois os estudos de Dereito e graduouse de doutor. Dedicouse ó profesorado e ó xornalismo e publicou a serie de libros que constitúen a súa "Biblioteca de Ciencias Comerciales"; entre eles salientan a *Aritmética mercantil universal* e o *Tratado universal de Teneduría de libros*. Faleceu na terra natal o ano 1923.

Historia de Pontedeume

Breamo chamábase outro semanario da vila, que o seu primeiro número apareceu o 31 de Maio de 1914. Desapareceu ó entrar no terceiro ano de publicación. Dirixíao Don Frutos Fernández Illá e editábase en *El Noroeste* da Coruña.

Imos dar agora algunha referencia do xornalismo no partido. Na vila de Cabanas publicouse en 1910 un periódico quincenal titulado **¡Arde o eixo!**. En Mugar dos apareceu o semanario Democracia en 1913. De tódalas localidades do partido, en Fene foi onde houbo máis periódicos: alí saíron á luz *La Voz de Fene*, *Fene Solidario*, *Fene Moderno*, *El Imparcial* e ultimamente a revista mensual *Cultura Campesina* (1917), todos no curto período duns seis anos. As publicación devanditas tiveron unha vida moi efémera.

IX. FESTAS DE CULTURA

E imos dicir algo, por último, dos festivais de cultura.

Deixando as veladas literario-musicais, orfeóns, coros rexionais, cadros de declamación, etc., que en diferentes épocas se organizaron na vila, ímonos referir, antes de nada, á festa da árbore.

Celebrouse esta por primeira vez en Pontedeume o 3 de Marzo de 1912, foi na estrada da estación do ferrocarril e a plantación de árbores fíxose a un lado e ó outro da mencionada estrada. A festa da árbore volveuse realizar na vila ó ano seguinte, o 6 de Marzo de 1913, e non tivo menos solemnidade cá anterior³²⁷.

Por este tempo a corporación municipal, que quería responder ás ensinanzas inculcadas nas festas aludidas, dispuxo que se plantasen árbores nas prazas do Conde, do Convento e de San Roque, na praciña da Angustia, no paseo de Rajoy e no Peirao.

A festa da árbore realizouse tamén con gran solemnidade por primeira vez en moitas das localidades pequenas inmediatas. En Miño foi o 22 de Febreiro de 1913 e colocáronse varias árbores na estrada de Betanzos a Xubia. En Ares efectuouse o 23 de Febreiro do ano mencionado, e a plantación foi na praza da Constitución, no adro da Igrexa o

327. Nesta segunda festa tres membros da sociedade da Coruña "*Amigos de los Árboles*" plantaron unha árbore na praza do Conde, enfronte da casa na que naceu Don Bernardo Piñeiro Barro, iniciador e organizador da primeira festa da árbore en Pontedeume, que falecera había pouco. O Sr. Piñeiro dirixía na Coruña unha academia particular de primeiro e de segundo ensino.

Desenvolvemento cultural

no paseo do Marqués de Figueroa. As vilas de Ares e Mugardos, xuntas, celebraron esa festa tan simpática o 15 de Marzo de 1914, no monte da Seaña, linde de ambos distritos municipais, e na estrada nova que os comunica, e plantáronse unhas duascenas árbores. Ultimamente a vila de Cabanas seguiu o exemplo das mencionadas, e celebrou a súa festa da árbore o 19 de Marzo de 1914.

Se se pode xulga-la importancia destas cultas festas polo número de plantacións, é indubidable que a de Cabanas foi a que máis tivo de tódalas verificadas ata daquela, porque se levaron a cabo nada menos ca catrocentas plantacións. Realizáronse estas desde o lugar do Areal ata a igrexa de San Martiño do Porto, desde o Penso á Torre, desde o dito Penso á igrexa de Cabanas e desde a estrada de Ferrol ata o apeadeiro do ferrocarril: unhas grandes plantacións, todas por estrada, que ofrecen un fermoso aspecto.

A sociedade coruñesa “*Amigos de los Árboles*” contribuíu moito a que tales festas tivesen feliz realización.

O 9 de Marzo de 1913 quedou constituída en Pontedeume unha sociedade titulada “*La Protectora*”, que tiña de fins a defensa e o fomento da caza, a pesca e o arboredo en todo o termo xudicial, procurando, para este efecto, non só que se cumprisen as leis, senón tamén a repoboación e a introducción de especies novas e adecuadas. Despois estableceuse un laboratorio ictioxénico preto da estación do ferrocarril, dedicado, como di o seu nome, a obter peixiños para repoboa-lo Eume, e pensaron celebra-la festa do peixe, que ata daquela nunca se fixera en Galicia. Nesa piscifactoría incubáronse, para esa festa, trinta mil ovos de troita e vinte mil de salmón.

Por fin fíxose a festa o 31 de Maio de 1914. Moi anunciada por toda a prensa rexional e de Madrid, a festa do peixe en Pontedeume provocou unha considerable expectación e trouxo varios milleiros de persoas de fora. Efectuouse nas beiras do Eume, no sitio que se lle chama **Souto de Freixeiro**.

O día antes desta festa deu unha conferencia sobre piscicultura, na praza da Constitución da vila, axudándose de dezasete proxeccións, o culto presidente da sociedade *Amigos de los Árboles* da Coruña e catedrático do Instituto Don José María Hernansáez. Esta conferencia publicouna en folleto a sociedade coruñesa.

DESDE A FUSIÓN DA CASA DE ANDRADE
COA DE LEMOS ATA OS NOSOS DÍAS

CAPÍTULO V

INSTITUCIÓN BENEFICAS

- I. HOSPITAIS DOUTRORA.-
- II. O ASILO DE ANCIÁNS.-
- III. SERVICIO MÉDICO.-
- IV. FUNDACIÓNS DE NOGUERIDO E MANCEBO; COMO SE VIÑERON CUMPRINDO ESTAS
DÚAS FUNDACIÓNS.-
- V. PROXECTOS DE CONVENTOS DE RELIXIOSAS.

Historia de Pontedeume

I. HOSPITAIS DOUTRORA

A vila de Pontedeume tivo dous hospitais en tempos que xa quedan algo lonxe: o que estaba no medio da ponte, para pobres peregrinos que ían para Santiago, e que se lle debe, igual ca aquela obra, a Fernán Pérez de Andrade **o Bóo**, e outro baixo a advocación de Santa María Magdalena, situado nas aforas da vila, lugar do Areal.

Tocante ó primeiro destes centros benéficos, que se fundou no ano 1393, reedificouse en 1708 e os seus últimos restos destruíronse cando, en 1867, empezaron as obras da ponte actual, non podemos engadir ningunha noticia ó que queda consignado onde se trata sobre o referido Andrade **o Bóo**.

Do hospital de Santa María Magdalena, destinado para leprosos, elefanciácos e enfermos de padecementos análogos, poucos datos demos acadado. Non se sabe cando se fundou e a quen se lle debeu. En 1794, e por se suprimir outro establecemento da mesma índole en Ferrol, o concello desta cidade resolveu remitir-lle os seus doentes e xuntar esmolas para mantelos. O hospital da Magdalena de Pontedeume extinguiuse contra mediados do século pasado, en 1838. A capela, que aguantou de pé ata o ano 1919, e que carecía de mérito artístico, reedificouse despois. Entre as rendas que tiña, que eran produto de doazóns que non queda lembranza delas, estaba unha parte das que producían as fundacións de Noguerido e Mancebo³²⁸.

O concello preocupábase da crianza de expósitos, e iso demostrao un acordo do 29 de Maio de 1621, no que, como se seguen moitas custas e gastos da crianza daqueles, e a vila non lles pode acudir, mándase pór orde e moderación de alí para adiante, concertando o menos que se puider.

328. A lepra, unha enfermidade antiquísima, xa nos falan dela os Libros Sagrados, penetrou en Europa contra o ano 60 da Era cristiá, cando volveron de Siria e Exipto as tropas de Pompeo, e de Italia pasou a España. “A Igrexa Católica -escribe Estrada Catoyra (**Contribución a la historia de la Coruña. Breves apuntes para la de sus hospitales**)- conseguiu vencer-la repugnancia que daban os leprosos, sinaloulles sitio especial nos lugares sagrados e nos cemiterios, instituíu no ano 365 a orde militar de San Lázaro, designou de padroeiro dos leprosos ó irmán de Marta e María, que segundo a Biblia morreu de lepra, e esta orde militar foi a que empezou a crear hospitais para estes enfermos”. É ben sabido que eses establecementos multiplicáronse moito ata habelos en case tódalas vilas dalgunha importancia. Segundo o autor mencionado, o primeiro hospital para leprosos que houbo en España foi o de Palencia, que se lle debe ó Cid Campeador en 1007, e despois o de Sevilla, creado por Alfonso o Sabio, e un dos máis antigos de Galicia é o de San Lázaro de Santiago, fundación de Alfonso Anaya e da súa muller Adorinda Menéndez, co cóengo Pedro Pardo, no ano 1149.

II. O ASILO DE ANCIÁNS

Extinguidos os establecementos dos que se fixo mérito, a vila non tivo outros análogos ata hai moi pouco, cando se realizou a edificación do hospital-asilo “*Agustín Tenreiro*”, nos primeiros anos deste século.

Foi o concello quen dispuxo que se construíse o dito hospital-asilo; investiu niso a cantidade que deixara para un cemiterio o filántropo, natural da vila, Don Agustín Tenreiro, e de aquí o nome que se lle deu á dita casa de caridade. Como a vila tiña xa un cemiterio novo e como o referido doador outorgara o testamento moitos anos atrás, na cidade de Lugo, a Corporación municipal, con moi bo tino, non dubidara en altera-lo que o finado establecera.

Aínda que leva o nome de *hospital* a carón do de *asilo*, só se dedica ós fins propios desta última designación.

Arestora o asilo está instalado no edificio novo, moito máis capaz có anterior, que custeou, e tamén a súa capela, o filántropo, ex-alcalde da vila, Don Manuel Paadín Pardo.

Está situado na estrada de Aguabar, en fronte da edificación anterior.

Por mor da protección dispensada ás irmás da caridade púidose adquiri-la finca na que está o novo edificio.

Inaugurouse o 12 de Agosto de 1919.

As campás que ten a capela foron obsequio do veciño Don Rodrigo Pardo Tenreiro, daquela rexistrador da propiedade no partido.

No edificio vello agora hai locais de escola e vivendas para os mestres.

Á caritativa obra que representa esta institución contribúen xenerosamente os veciños da vila.

Nisto tense distinguido a colonia pontumiense residente en América, abrindo subscricións para manter e melloralas expresada fundación.

Entre os protectores do Asilo, a máis do xa mencionado Sr. Paadín, é merecente de lembranza o fillo da vila Don Antonio Tenreiro Filgueiras, falecido en Buenos Aires en 1912, que, por testamento outorgado naquela cidade, o 10 de Xaneiro dese ano, dispón que se lle entreguen ó hospital de Pontedeume bastantes cartos. Ei-la cláusula do testamento referente a isto: *“Para os gastos que orixine a entrega do meu capital e intereses, deixo a suma de corenta mil pesos, e no caso de non haber gastos, a dita cantidade repartirase desta maneira: quince mil pesos ó Hospital Español; quince mil ó hospital da miña vila; e á sociedade de San Vicente de Paúl dez mil pesos, entendéndose que o que deixo para o Hospital Español e San Vicente de Paúl son desta capital”*. Dispón, ademais, que despois de se entregar tódalas cantidades que se mencionan no testamento, se fagan de contado catro partes do seu capital social e dos beneficios a repartir que obtivese a sociedade. Das ditas catro partes unha é para lles distribuír en esmolos ós pobres de Pontedeume en moitas veces.

Como particularidade notable do testamento, consignamos por último que a unha irmá déixalle dez mil pesos para que mande edificar un panteón no que se depositen as cinzas dos seus pais, recomendando que isto se faga coa urxencia maior.

III. SERVICIO MÉDICO

Pontedeume aparece preocupándose de ter servizo médico pagado polo concello desde mediados do século XVI.

En 1560 exercía este cargo o licenciado Coca; sucedeu o bacharel Antonio Paz, de Betanzos, e con el, en 1565, fíxose contrato por tres anos, obrigándoo a traer boticario examinado por causa de carece-la vila de botica; por outros tres anos, desde o 17 de Xullo de 1569, nomearon médico ó licenciado Leytón, con soldo de dez mil marabedís anuais, para curar *“ós pobres da vila, hospital e cárcere, graciosamente por amor de Deus”* e compromiso de *“traer a esta vila boticario examinado, con botica fornecida do*

Historia de Pontedeume

necesario”. Desde aquela debeu queda-la vila sen médico, e para evita-los inconvenientes que se derivaban daquilo, o concello acordou, o 12 de Maio de 1579, invitar ó licenciado Láinez, de Betanzos, “para que benga a se concertar con esta villa de los días que podrá benir cada semana con salario moderado, y lo mismo el boticario”³²⁹.

O concello láíase da carencia de médico o 25 de Abril de 1640, e di: *“Que o ano pasado de 1639, a 7 de Marzo, considerando os inconvenientes que lle viñan a esta vila e á súa república de non ter nela médico que procurase ós enfermos e as moitas conveniencias que procedían de telo, maiormente habendo, como había, nela botica, decretárase que se fixese asiento co doutor Felipe Varo, médico, durante tres anos, como consta todo do libro de concello ós sete do dito ano, e por iso entre os particulares desta vila e de propios habíanselle dar de salario fixo da súa asistencia mil reais, coas condicións inseridas no dito decreto, que unha delas era que o dito salario había que o repartir entre os veciños por ser cousa que vai en utilidade súa, e como se foi o dito doutor Felipe Varo sen cumpri-la condicións do dito asiento, que o sacaron da vila para cura-la infantaría e leva que no presente asistía na cidade da Coruña para remitir ós estados de Flandres, con iso fixéronse dilixencias por esta vila para buscar outro médico que asistise nela, porque se empezara a experimentar que viña de telo, e como para ese efecto veu a esta vila o doutor Francisco de Villasana, que se ten del bastante noticia exercerá o dito oficio con toda a puntualidade e ser profesor de letras e experiencia para o usar”, mandouse facer asiento nas mesmas condicións que para o médico anterior.*

O concello aparece sucesivamente procurando fornecerlle á vila un servizo médico, e iso é proba de que este sufría interrupcións frecuentes, seguramente por causas de tipo económico. Ó médico subvencionábao a vila con cantidades variables e percibía tamén un pequeno estipendio polas visitas ós que non eran pobres de solemnidade.

IV. FUNDACIÓNS DE NOGUERIDO E MANCEBO

Don Alonso Noguerido, que foi rexedor do concello de Pontedeume, fundou, no ano 1530, na igrexa parroquial, a capela de San Xoán Bautista, a testemuña do escribán Don

329. *Notas viejas galicianas*, por PABLO PÉREZ COS-TANTI, t. III, páxina 28; Vigo, 1927.

Institucións benéficas

Juan Fariña, e instituíu de herdeira á dita capela e mandou que se investise a terceira parte dos seus bens en comprar rendas para ela e os outros dous tercios en misas que celebrasen os capeláns elixidos polo concello, que deixou a este de patrón, e habían ser dúas semanais e unha cantada con vixilia e responso cada un dos días de Santa María de Marzo, San Xoán Bautista, Santiago, San Salvador e Santa María de Agosto.

Dona María Rodríguez, esposa de Nogueirido, polo seu testamento do 14 de Novembro de 1534, e a testemuña do escribán Rodrigo da Leira, aprobou o testamento do marido, instituíu de herdeira á dita capela e mandou que a metade dos seus bens se distribuíse en casar orfas, privilexiando ós seus parentes, e a outra metade en misas e trintanarios, e tamén elixiu de patrón ó concello³³⁰.

Dona Inés Fortúnez, parente dos ditos fundadores, polo seu testamento outorgado o 12 de Xuño de 1575, a fe de Don Alonso Pita, institúe tamén de herdeira á mesma capela e padroado.

Don Alonso Mancebo, rexedor do concello, e a súa esposa dona Catalina Torquemada, no seu testamento outorgado o 7 de Marzo de 1557 e codicilo do 29 de Xullo de 1560, a fe do escribán Don Pedro de Aguirre, e por outro testamento da devandita, o 22 de Marzo de 1548, ante Don Juan Fariña, dixeron que edificaban a capela da Trindade na parroquial, e quixeron que para ela houbese catro capeláns obrigados a dicir cada un naquela seis misas semanais; que estes capeláns fosen temporais á vontade dos patróns, e que a metade do que disto sobrase se investise en casar fillas orfas e mozas pobres e a outra metade en dar de comer a pobres e remedia-las súas necesidades, a xuízo do padroado; que este vestise a trece mozos e mozas necesitados pola Nosa Señora das Candeas, e que este día se lles dea esmola e de comer a tódolos pobres; para isto os fundadores nomearon de patrón ó concello³³¹.

As dúas fundacións reseñadas cumpríronse relixiosamente ata o ano de 1778, que o padroado, como observou a concorrencia considerable das familias a este e pola vila de tránsito, sobre todo nos días de feira, e que moitos mariñeiros que, como poboación marítima e de fomento de pesca, aquí chegaban e saían a distintas horas á mar, e consideran-do que o principal e único obxecto foi servir ó público tanto espiritual coma temporalmente, determinou, conmutando parte dos ditos sufraxios e misas, establecer, con bula da Súa

330. O 27 de Maio de 1532, a María Rodríguez, con relación do testamento outorgado polo seu esposo Alonso Nogueirido e cláusulas que inclúe, apróbaos, con tal que os bens que ela trouxera de dote e casamento e os que herdara do pai e da nai lle quedasen libres para dispor deles, non embargante o dito testamento, e isto aceptouno o alcalde maior, e pasou a aprobación perante Rodrigo da Leira, notario. Perante o mesmo Rodrigo da Leira, e na data que se menciona no texto do 14 de Novembro de 1534, outorgou testamento a dita María Rodríguez, que fora muller de Alonso Nogueirido e despois de Pedro Fernández, dispoñendo os seus funerais e varios legados a distintas persoas, e nunha cláusula di: “Que a metade dos seus bens mobles e raíces déixalla a dous sobriños, fillos de Fernando de Naraío, que os leven para todo o tempo de sempre, e se morre un que lle queden ó outro, e se os dous morren menores, que a expresada metade de bens se venda publicamente, o que se der por ela que se distribúa en misas e en trintanarios a metade e coa outra que se casen orfas, e se hai algunha da súa parentela, que sexan as primeiras; que todo isto se execute á vista do capelán maior da igrexa de Santiago e do rexemento desta vila, e para que teñan vontade mellor de o cumprir, déixalle a cada rexedor medio ducado. Que de cumprido o testamento e os legados contidos nel, déixalle tódolos seus bens mobles e raíces, ouro, prata e diñeiros, bois, vacas, bestas, casas, casais, soutos plantados que comprou e adquiriu durante o matrimonio con Alonso Nogueirido, á capela de San Xoán Bautista, que a institúe de herdeira, e que nela se digan as misas que deixou fundadas o dito Alonso de Nogueirido, coas cláusulas que nel se conteñen”. Nomea cumpridor a Alonso de Nogueirido, o Mozo.

331. O principal das cláusulas do testamento do Alonso Mancebo referentes a esta fundación di (ve-lo documento IV, nas páxs. 455-456 deste libro)

Historia de Pontedeume

Santidade, unha misa ás horas de unha, doce, once, dez e de alba tódolos días festivos nas capelas referidas.

Desde o ano 1838, que se suprimiu o hospital de San Lázaro ou de Santa María Magdalena, a parte do importe da fundación de Mancebo que se dedicaba a manter esa institución, acordouse investila en instrucción pública, e fornecer ós nenos e ás nenas pobres, ademais do ensino, dos libros de texto necesarios e das outras cousas que fan falta para coser e calcetar.

Máis tarde o Estado fíxose dono destes bens, e das referidas fundacións non foi quedando máis cá lembranza.

V. PROXECTOS DE CONVENTOS DE RELIXIOSAS

Por dúas veces tentouse establecer en Pontedeume un convento ou casa de relixiosas, pero as xestións efectuadas non sabemos que producisen ningún resultado.

No libro de acordos do concello hai asentado un con data do 18 de Xaneiro de 1620, e nel dise que o P. Francisco de Vega, prior do mosteiro de Santo Agostiño da vila, presentou unha carta do Conde de Lemos ó concello, datada en Monforte o 27 de Decembro do ano anterior de 1619, na que comunica a intención de que se traian á referida vila monxas recolectas descalzas agostiñas, que o compracería, e, xa que logo, pide que se lle comunique a resolución que sobre isto se adopte; e en vista súa, a xustiza e rexemento acordaron, como o que a súa excelencia propón é cousa moi importante e conveniente para servicio de Deus o Noso Señor e a autoridade da vila e beneficio universal dos veciños dela e do contorno, que se trate o asunto con todo o coidado, e para ese fin nomean “*ós señores Antonio García Montejano e Julio Fernández Montero, rexedores, para axusta-los propios da vila e os seus mesteres e mailo que se podía facer despois de cumprir con eles, e ó señor Juan Piñeiro da Veiga e ó dito Julio Fernández Montero para que, co P. Prior, falen coas persoas que lles parecer que poden axudar para este beneficio, e que despois traian a este concello relación para que se lle responda á Súa Excelencia conforme ó que se atopar...*”.

Institucións benéficas

As xestións que se mencionaron non deberon ser favorables para o fin proposto, e do referido proxecto do Conde de Lemos non encontramos máis noticias.

Despois dalgúns anos, o 19 de Xaneiro de 1637, Dona María Pardo de Andrade, veciña de Viveiro, viúva do que fora oidor do Reino de Galicia Don Agustín Guedeja, funda un convento de monxas do título da Concepción na vila de Pontedeume, por escritura; desta consérvase copia no arquivo municipal, perante Luís de Santa Baya, escribán da S.M., número e concello da expresada vila de Viveiro. Esta fundación non se chegou a realizar, e non coñecemos as causas.

As principais condicións da fundación, de obtida a licencia do reino, son as que seguen:

“Primeiro, que se obriga coa súa persoa e cos seus bens e o máis ben parado deles, que edificará o dito convento na parte que a xustiza e rexemento da dita vila de Pontedeume sinalar, que sexa capaz para trinta monxas, coa súa igrexa, sancristía, ornamentos, campá e o resto do necesario para o culto divino e coas oficinas necesarias para goberna-la dita casa, de abondo para o número das ditas monxas.- Iten sinala de renda perpetua, para as monxas que abaixo irán sinaladas e para mante-la dita casa e convento seiscentos ducados cada ano, que sinala sobre o mellor e máis ben parado de tódolos seus bens, os xuros, censos e especialmente sobre o xuro que ten de trescentos ducados de renda, a razón de trinta o milleiro, sobre as súas salinas e sal pidres de e neste bispado de Cuenca e sobre os demais censos que ten tanto nesta vila de Viveiro e na súa xurisdicción, coma no condado de Santa Marta, e sobre a facenda raíz que ten nas ditas partes e sobre o mellor e máis ben parado de tódolos seus bens mobles e raíces, coas condicións que seguen: - Primeiro é condición que no dito convento a dita fundadora teña que meter quince monxas polo seu nomeamento, sen outro dote ningún nin propinas, e que a elas, se despois se quer recoller nalgunha casa particular mentres se edifica o dito convento, lles teña que dar a cada unha en cada ano corenta ducados sobre a dita renda, e non máis.- Iten que estas quince monxas, tres se entendan as fundadoras mentres viviren, e serán abadesa, vicaria e mestra de novicias, e as outras doce tenas que nomea-la dita fundadora as que quixer delas despois, que é á súa vontade, sen que podan compeler a que nomee o dito número enteiro ata que estea feita tal casa e posta en perfección.- Iten que as outras quince monxas, a cumprimento das trinta, as poda recibi-la dita abadesa e monxas cos seus dotes competentes, con que sexan limpas, fillas de bos pais e que non entren con falta das súas persoas, e isto á vista da dita fundadora mentres estiver viva e do patrón que for perpetuo despois dos seus días e deixará nomeado no seu testamento, ou do herdeiro que suceder nos seus bens.- Iten é condición que o dito patrón que for do dito

Historia de Pontedeume

convento ou suceder nos seus bens, polo nomeamento seu-despois dos días da dita fundadora, ten que nomear e que nomee as ditas quince monxas e mailas que faltaren do dito número para sempre, de maneira que se morre calquera das ditas quince monxas, despois ten que nomear outra dentro de dous meses desque veña ó seu coñecemento, e que as ditas monxas e o convento teñan obriga de a recibir como está dito, sen dote ningún, de non a recibiren, que teñan que desfalcar e desfalquen a dita renda pro rata do tempo que non a recibiren a razón de corenta ducados por ano que van taxados para cada unha das ditas monxas, que llos dan en utilidade da dita nomeada e que os teña e que os leve para os seus alimentos e que os poda cobrar do dito convento mentres non a recibiren.- Iten é condición que as ditas quince monxas que ten que nomea-la dita fundadora e despois dos seus días o patrón para sempre, que sexan parentes da fundadora nove polo seu pai e a nai ou descendentes do seu irmán mentres houber, e, se as hai, que o dito patrón non poda elixir outra, e se a nomear de feito, que a dita abadesa e as monxas non lla reciban, máis ben que por aquela vez perda o dito patrón o dereito da presentación da tal monxa, e a dita abadesa e relixiosas podan elixir no seu nome outra da dita liñaxe que lles parecer, con que sexa virtuosa e honesta.- E así mesmo é condición que as outras seis que quedan para cumprimento das quince sexan parentas do licenciado Agustín Guedeja, o seu marido da fundadora, ou descendentes das liñaxes de Guedejas e Valenzuelas de San Clemente e Alcaraz de la Mancha de Toledo, e que para que isto teña efecto, atento a que son fôra do reino, a dita fundadora halles facer sabe-lo dito nomeamento, para que acudan coas ditas nomeadas, con que sexan das ditas liñaxes e limpas e honestas pola súa persoa, que de todo iso terán que traer información para que as reciban, e se a fundadora non avisa nos seus días de tal cláusula o patrón que sexa do dito convento terá obriga de o facer saber, para que se reciban as ditas monxas nas ditas partes, e en dous meses con certificación e en dez meses para adiante despois da morte de calquera das ditas seis monxas que estean obrigadas a mandar outra para o dito convento, con información segundo vai dito, e cando pase o dito ano sen a traer o dito patrón, que a poda nomear das liñaxes da dita fundadora, pero permíteselle licencia ó dito patrón para que, se o avisan os pais ou parentes de que a tal monxa que se ha de recibir non a poden traer dentro do dito ano por xusta causa, lles poda conceder outros seis meses de prazo, máis ou menos o que lle parecer.- Iten é condición que a capela maior do dito convento sexa sempre enterramento da dita fundadora e dos seus patróns in perpetuum, sen que nela se poda enterrar ningunha outra persoa, máis cá dita fundadora e os seus patróns, os fillos e as mulleres e quen quixeren os ditos patróns, nin podan ter asiento nin estrado na dita capela maior.- Iten que na dita capela, do lado do Evanxeo, se faga un fornelo na parede para sepulcro da dita fundadora e os seus ósos, para os trasladar alí de onde for que estiveren, e que o patrón terá obriga de o cumprir cando for que se acabase o dito convento.- Iten con condición de

Institucións benéficas

que o dito convento terá que dicir misa cantada con ministros o día da Encarnación, que é a advocación do dito convento, e como esa festa cae moitas veces na Semana Santa ou nos días de Pascua, que non se pode rezar da dita festa, que a transfiran ó día no que rezar dela a Igrexa, e así mesmo o día da Inmaculada Concepción da Virxe outra misa cantada con ministros, e o día da Purificación outra da mesma forma, e dentro da oitava de Tódolos Santos misa e vixilia pola súa alma”.

A mesma Dona María Pardo de Andrade, por escritura outorgada en Viveiro ante o mencionado Luís de Santa Baya, ó día seguinte da anterior, ou sexa, o 20 de Xaneiro de 1637, nomeou de fundadores do proxectado convento “*a soror María da Encarnación e a soror María da Asunción e a soror Catalina de Belén, que están monxas no convento da Concepción franciscana da dita vila de Viveiro, por seren, como son, das calidades, virtude, ciencia e experiencia que convén para a dita fundación, e pide e suplicalle á súa paternidade o padre provincial da dita orde de San Francisco que aprobe este nomeamento e que dea a súa licencia e facultade para que as ditas monxas aquí nomeadas saian do dito convento funda-lo que se ha de facer na dita vila de Pontedeume...*”.

DESDE A FUSIÓN DA CASA DE ANDRADE
COA DE LEMOS ATA OS NOSOS DÍAS

CAPÍTULO VI
O CULTO

- I. FESTAS RELIXIOSAS.-
- II. CONCORDIA DO CONVENTO DE AGOSTIÑOS CO PÁRROCO.-
- III. CONFRARÍAS.-
- IV. A CONFRARÍA DA VERA CRUZ.-
- V. CONFRARÍA DA SOIDADE.-
- VI. A CONGREGACIÓN DA NOSA SEÑORA DAS DORES.-
- VII. O VOTO DE SAN NICOLAO DE TOLENTINO.-
- VIII. FESTEXOS PROFANOS.

Historia de Pontedeume

I. FESTAS RELIXIOSAS

As festas relixiosas que celebra a vila son as que seguen: a da Virxe das Dores, as de Semana Santa, as do Corpus e maila súa Oitava, Corazón de Xesús, Santiago Apóstolo, Virxe das Virtudes, San Nicolao de Tolentino, Inmaculada Concepción e Conmemoración dos Fieis Defuntos. Estas son as máis nomeadas, e hai que engadir como menos solemnes as da Purificación da Nosa Señora, San Xoán Bautista, a Virxe do Carme, San Roque, a Virxe do Rosario e algunha máis.

De todos estes cultos son moi notables os da Semana Santa, que Pontedeume procura celebrar co maior esplendor. As procesións do Domingo de Ramos e as de Xoves Santo véñense verificando desde tempo inmemorial³³². A do Enterro de Cristo o Venres Santo data do ano 1643, no que se instituíu a confraría da Soidade. Cando se fundou en 1765 a congregación das Dores, fíxose cargo daquelas procesións, das que ó primeiro se ocupaba a vila; pero esta mantivo as súas tradicións asistindo a tódolos actos relixiosos, e antes, no nome do dono xurisdiccional, patrón da igrexa, levaba a chave da custodia o alcalde maior e pola tarde o Calvario. A cerimonia do Encontro, que se celebra na Praza da Constitución a mañá do Venres Santo, e a do Desencravamento pola tarde na igrexa parroquial, datan probablemente dos primeiros tempos da congregación das Dores: é de sospeitar por algúns acordos desta, coma o do 3 de Decembro de 1766, polo que consta estaren feitas e pintadas as imaxes de San Xoán e da Verónica que participan na cerimonia do Encontro, e mailos do 5 e o 12 de Maio do mesmo ano, polos que se admite como congregante a José Joaquín Pardo, escultor, eximíndoo do pagamento das cotas correspondentes, por mor de se comprometer a forma-lo estrado do Desencravamento de balde, dándolle a congregación os materiais, e que prometeu tamén coidar do sepulcro e das imaxes e facer á custa del as pezas que non fosen maiores.

Requiren tamén mención especial os cultos do Corpus e maila súa Oitava, polas procesións que se verificaban en cada un destes días, con moitas imaxes. Ata o ano de 1910 veuse practicando nestas procesións unha cerimonia estraña:

332. Por acordo municipal do 25 de Febreiro de 1630, e como nas procesións que se fan o día de Xoves Santo, e que saen da igrexa de Santiago, non figuran as insignias convenientes, dispúxose que *"se saque un Cristo que vaia no medio da procesión, de diante do de S.E., que o leve o rexedor máis antigo e que o alumen e o acompañen dous dos ditos rexedores, e que isto se garde e observe así este ano como para adiante, tan e mentres se procura sacar facer algunhas insignias que vaian na dita procesión, por non ir tan soa e falta de insignias e de imaxes que a adornen e que saia coa decencia que conven, e así mesmo se faga o Cristo resucitado para a mañá da Resurrección"*. No ano seguinte de 1631 houbo un incidente pola saída do Cristo á que se refire o acordo anterior, e así consta no do 23 de Abril, no que se di que *"como o Xoves Santo pasado se tratara sacar un Cristo que adornase a procesión e que o levase en forma de vila o capitán José González do Vilar, rexedor da dita vila, estorbárao Juan Beltrán de Seijas e outras persoas do seu bando e causando por iso moi gran ruído e alboroto"*, que de todo se fixo indagación e déuselle conta ó señor da vila.

Historia de Pontedeume

ó pasa-lo Santísimo por diante da casa consistorial e desque se arriaba a bandeira, o sacerdote que levaba o Viril pisábaa, e a un tempo a música facía soa-la marcha real. Este costume, que viña de tempos moi antigos, e que se verificaba sempre con nobre e sa intención, para significa-lo señorío de Deus sobre tódalas realezas da Terra, así e todo moita xente vía mal, e por iso, o que daquela era párroco, Don Manuel Montes Méndez, acordou suprimilo.

A festa de Santiago non parece que tivese importancia, e o Concello, o 19 de Xuño de 1621, determinou que *“como a advocación da igrexa maior e parroquia desta vila é do glorioso Apóstolo Santiago, e o día da súa festa viuse ben que os oficios divinos se fan con algunha indecencia, porque os sacerdotes e moitos dos veciños saen fóra da vila para outras freguesías da mesma advocación, e para que isto se remedie de aquí en diante e non se note falta da devoción nos ditos veciños con padroeiro e santo a quen tanto se lle debe, que se celebre a súa festa, que é o 25 de Xullo, o mellor que se puiden, segundo a posibilidade da vila, e tocante ó culto divino, que se digan as vésperas e misa cantada con toda a solemnidade posible, e que haxa sermón, e que se avise ós capeláns de prover da vila e da súa excelencia que aquel día nin a véspera non falten, so pena de se multe a cada un en seis reais”*³³³.

As funcións relixiosas da Semana Santa, quitando os sermóns, que os pagaba o concello, as de Corpus e a súa Oitava, Santiago Apóstolo, os cultos do mes do Rosario e a novena das Ánimas van pola conta dos fondos parroquiais; as da Purificación da Nosa Señora, San Xoán Bautista, San Roque e a Virxe das Virtudes sufragábaas o concello, e as demais realízanse en virtude de esmolos de particulares que sosteñen a tradición das antigas confrarías, ou por efecto das novas asociacións de fieis.

Aínda non hai moito celebrábanse outras festas a máis das mencionadas, tal a de San Sebastián, San Brais, Patrocinio de San Xosé, San Sidro, San Antonio de Padua, San Luís Gonzaga, Santa Lucía, etc., que foron desaparecendo á medida que desaparecían as antigas confrarías.

333. O concello lexislaba frecuentemente en asuntos eclesiásticos. O 3 de Febreiro de 1620 acorda que dous comisarios fagan que non coincidan as festas e as procesións que se celebran nas igrexas da vila. É curioso o acordo do 25 de Febreiro de 1843 sobre a diferenza no toque das campás a morto, que di: *“que como é incompatible coa igualdade cristiá a diferenza de toques que se observa nesta vila unicamente, cando morre algún suxeito, que se oficie ó señor cura párroco co fin de que se sirva dispoñe-lo oportuno para que o clamor das campás ou toque a morto sexa igual para toda clase de persoas e que este sexa a maneira que arestora se chama a pobre”*. Por outro acordo do 22 de Abril do mesmo ano 1843 fíxose o arancel de fábrica, para sufragar-las necesidades do culto, xa que por consecuencia da desamortización quedara a igrexa parroquial sen bens; e o arancel era: *“Por cada bautismo que se celebra na igrexa parroquial pagaránselle de dereitos á súa fábrica 4 reais; por cada casamento id. id., 10; por cada bendición post partum ou entrada de igrexa, 4; por cada función de enterro ou acto fúnebre, 16; idem usándose a Cruz maior, 8; os dereitos de sepultura non baixarán de 15 reais nin subirán de 60, e a súa graduación queda a xuízo do fabriheiro, segundo a maior ou menor posibilidade do finado; id. os da de párvulos serán de 4 a 29 reais id. id.; por cada función maior con exposto pagaránselle á fábrica 16; sendo con órgano, 20; por cada misa cantada solta, 6 reais; polos ciriais en calquera función, 2; e por último, ademais nas ditas funcións pagaranse por cada sacerdote que asista a elas por razón de piso 18 mrs.”*.

II. CONCORDIA DO CONVENTO DE AGOSTIÑOS CO PÁRROCO

O convento de Santo Agostiño e mailo párroco da vila disentiron algunhas veces sobre asistencia a cultos e lugar que tiñan que ocupar neles. Productu desas disensións foi a proposta que, con tendencia harmonizadora, lle fixo o prior daquel convento, Frei Tomás Cliquet, a Don Jacinto Pardo, cura da vila, sobre a presidencia e as saídas da comunidade, tanto a procesións coma a actos públicos, e da que as conclusións din:

“1ª.- Que asistirá ás procesións solemnes e ós funerais, nas que presidirá o prior ou o que for por servido á súa comunidade, sen se mesturar cos señores eclesiásticos, ou á dereita ou á esquerda, conforme ó señor cura lle parecer.

“2ª.- No caso de que a comunidade asista xunto cos señores eclesiásticos para cantar, háselle dar na igrexa a ala dereita ou a esquerda; que aquí executarase o mesmo; ou no caso de que non queiran que os señores relixiosos alternen en vixilia e misa cos señores eclesiásticos, que se lles dea capela para que por separado fagan o seu oficio; que, finalizado, a comunidade volverá para a casa, a non ser que queira o padre prior deixar dous relixiosos para o acompañamento como se estila en política con persoas de distinción.


“3ª.- Que o padre prior presidirá na súa igrexa, como o señor Don Jacinto na súa, e en caso de que se concorde con el, á dereita ou á esquerda; aínda que chamen outra comunidade non se ha de innovar.

“4ª.- Que se o señor Don Jacinto quixer por razón do voto (o que se fixo cando era igual a correspondencia) con capa na bendición dos panciños, nosoutros habemos de entrar na súa igrexa con ela, sempre e cando saia en procesión San Nicolao, ou outro santo desta casa, que esta nobre vila busque de intercesor á Súa Maxestade.

“5ª.- Que a mesma esmola en número háselle dar a esta comunidade, que non saia con capa nin cruz coma que saia.

“Última.- Que o mesmo que executar o señor Don Jacinto connosco, o mesmo habemos executar coa súa mercé ; nestes capítulos conveñen os relixiosos, e se non conviñer o señor Don Jacinto na falta que lle fixer este convento a

Historia de Pontedeume



Capela maior da Igreja Parroquial

esta nobre vila, constará con evidencia que fomos destinados para coadxutores seus e será para todos notorio o xusto dereito ó que renunciámos para que haxa paz e acougo”³³⁴.

Asina o mencionado Frei Tomás Cliquet, e o documento, que se conserva no arquivo municipal da vila, non trae data.

Ignorámo-lo resultado desta concordia.

III. CONFRARÍAS

Das tradicionais confrarías conserva aínda o seu esplendor de vello a da Virxe das Dores.

Ándanlle cerca en florecemento as da Purísima e mailo Corazón de Xesús, esta de non hai moitos anos aquí. As dúas celebran diversos cultos durante o ano, especialmente nos meses de Maio e de Xuño, cadansúa. Os cultos do Corazón de Xesús na súa festividade tiñan unha pompa inusitada, e o mesmo os da Purísima en Decembro.

As confrarías antigas, representativas dos diversos gremios profesionais, pódese dicir que desapareceron. Ata arestora chegaron a dos zapateiros, que festexaban a San Sebastián; a dos carpinteiros a San Xosé no seu Patrocinio, a dos labregos a San Isidro, a dos mariñeiros a San Roque, a dos xastres a Santa Lucía, etc. Todas adoitaban engadir ós actos relixiosos algo de festa profana.

Moi importante foi a confraría de San Roque, que comezou -segundo se di nunhas ordenanzas dela do 28 de Agosto de 1624 que hai no arquivo municipal- *“por beneficio xeral que esta vila e os seus veciños recibiron pola intercesión do glorioso Santo, cesando a peste xeral que daquela había nestes reinos, e púxolles nome de festas principais da vila...”*.

Houbo outras confrarías noutrora das que case non quedou lembranza e que non presentan particular interese, quitando as da Vera Cruz e a Soidade, que son un precedente da congregación das Dores. Falamos delas a seguir.

334. Alúdese aquí á fundación do convento por Don Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas, que -segundo se expresa no limiar das mencionadas conclusións - *“coma pai bo dos seus vasalos”* - tivo que a efectuar, con oito relixiosos confesores por mor de que *“sería intolerable o peso de pobo tan numeroso para os ombros dun pastor só”*. No limiar referido invócase tamén a tradición da comunidade nestes termos: *“Pola mesma tradición que hai que esta comunidade asista a esta nobre vila en tempo contaxioso, no que a desampararon os señores eclesiásticos seculares, desde o tempo dos que, sen contradición, usaron os relixiosos capa e cruz en tódalas funcións, sen que isto se poda vulgar descoido entre tantos doutos e vixiantes párrocos que tivo esta ilustre vila. Acreditan esta tradición as procesións de Semana Santa, o alternar de sermón e procesión coa parroquia o preciso día da Resurrección de El Señor, e mailo día solemnisimo do Santísimo traer á Súa Maxestade en procesión a esta igrexa e polos claustros do convento, acompañados polo padre prior coa súa comunidade, o padre prior do lado dereito do señor párroco, e señores eclesiásticos e regulares mesturados, facendo todos un corpo de comunidade”*.

IV. A CONFRARÍA DA VERA CRUZ

Había a confraría da Vera Cruz, moi antiga, na capela que se chama así, localizada contra o pórtico da igrexa parroquial, correspondéndose co altar actual do Ecce Homo.

Da capela era dono e patrón o concello, que asistía en corporación a unha misa cantada que se celebraba alí o día da Santa Cruz de Maio, unha práctica conservada ata hai pouco.

Venerábase na capela un Ecce Homo que saía nas procesións do Domingo de Ramos e do Xoves Santo. Había tamén catro urnas nas que se tentaron pór os misterios dolorosos da Paixón, en relevo ou pintados tipo cadro.

Por disposición testamentaria do 15 de Agosto de 1560, estableceu unha importante fundación de misas na capela mencionada, deixándoa por universal herdeira de tódolos seus bens, o mareante e veciño de Pontedeume Xoán de Castro, que se mandou enterrar nela.

Ordenábase na referida fundación que cada semana se dixese naquela capela unha misa de finado, con responso e auga bendita sobre a sepultura do doante e da súa muller María Afonso; que se a misa se celebrase en día de festa, se dixese do santo do día e con conmemoración de finados, e que a véspera da festa principal da capela ou o mesmo día, se efectuase unha vixilia con responso e auga bendita sobre as sepulturas do dito Xoán de Castro e da súa muller.

Pola mencionada misa había que lle pagar ó crego celebrante catro ducados anuais, e esa cantidade podíaase aumentar segundo lles parecese ós cumpridores testamentarios.

Tamén se consignaban outros catro ducados anuais, ou máis se fixese falta, para sustento e reparacións da capela, ornamentos, cera, etc., e desque quedasen atendidas as consignadas obrigas, ordénase que o sobranse se gastase en esmolos ós pobres cada ano, preferentemente ós parentes do doante e da muller e aténdose a que fosen da vila ou da comarca; habería que atender igualmente á dotación de

mozas pobres emparentadas co outorgante que quixesen contraer matrimonio.

Nomeou cumpridores testamentarios a Pedro de Aguirre e Juan Vizoso, escribáns, veciños de Pontedeume, mándalles polo seu traballo “*a metade dunha viña de cepa, situada na Chousa de Porto de Baixo, que son oito ferrados e é a propiedade do mosteiro de Breamo*”, e dálles poder para modifica-lo estatuído mellorándoo, con consello de letrado de ciencia e conciencia ou do prior que é ou que for do mosteiro da Nosa Señora da Gracia da orde do Señor Santo Agostiño da vila.

Mortos os cumpridores e patróns mencionados, tiña que os suceder a persoa que o prior do referido mosteiro designase, co alcalde ordinario da vila ou un dos rexedores dela, e se estes non quixesen aceptar, que se elixise outro veciño da vila “*franco e aboado e de boa conciencia*”, e por todo iso asígnalle ó prior seis reais anuais³³⁵.

Máis adiante os bens da confraría da Vera Cruz pasaron á congregación das Dores.

V. CONFRARÍA DA SOIDADE

O 26 de Abril de 1643 quedou fundada a confraría da Soidade da Virxe, que vén sendo, xa se dixo, un precedente da congregación das Dores, na que quedou absorbida, igual cá da Vera Cruz.

Aquel día xuntáronse en Pontedeume, perante o escribán Antonio Saco de Nóvoa, o licenciado Don Benito Parceró, rexedor da vila, o comisario Alonso Lobén de la Pena, o licenciado Francisco Rodríguez Barral, o licenciado Miguel López Pulleiro, o licenciado Francisco Pérez de León, o licenciado Julio de Lamas, o licenciado Antonio de Caamaño, o licenciado Mateo Pérez e mailo licenciado Juan Casanovas, presbíteros, e Beatriz R. de Lago, dona, viúva, e Francisco de Juan Montero, mercador e familiar do Santo Oficio da Santa Inquisición deste reino, e todos unánimes, sentados en cabido, dixeron que xa que na vila nin no contorno ata o presente non había Confraría da Soidade da Virxe, e como algúns devotos fixeran a procesión da Soidade o Venres Santo daquel ano, e para que tal devoción prospe-

335. Extracto dunha cláusula do testamento de Xoán de Castro. Hai copia dela no arquivo da parroquial de Pontedeume.

Historia de Pontedeume

rase no sucesivo, fundaron a mencionada confraría na igrexa parroquial ou de Santiago, e estableceron as ordenanzas polas que tiña que se rexer, que eran en número de sete³³⁶.

Nelas dispónse que un venres de cada mes se diga misa cantada de Paixón no altar maior da parroquial ou na parte na que se poña o altar da Soidade. Esta misa estaba a cargo dos confrades sacerdotes, que non podían recibir estipendio ningún por ese concepto; para iso estaban libres do pagamento de dous reais anuais co que tiñan que contribuílos congregantes segrares. Resolveuse que as misas ó primeiro e provisionalmente fosen rezadas.

Estipúlase tamén que o día do Venres Santo de cada ano, ás tres da tarde, se presentasen tódolos confrades na parroquial para iren na procesión da Soidade, que había segui-lo mesmo itinerario ca na de Xoves Santo que desde tempo atrás se viña celebrando. Na procesión tiñan que figurar tódolos pasos da Paixón do Noso Señor Xesucristo, *“segundo e da mesma maneira que sae na Coruña, en Santiago e noutras partes deste reino”*, e detrás dos pasos a insignia da Cruz, e despois o Santo Sepulcro, e maila Virxe Santísima co seu loito, e a ela e ó Santo Sepulcro téñenas que levar coas sobrepelices os confrades sacerdotes, sen que segregar ningún se entremeta directa nin indirectamente a conducir ningún dos pasos aquí declarados. Tódolos confrades estaban obrigados a ir alumando, e isto permitíase tamén a calquera que, sen o ser, quixese practicalo por devoción súa.

A Virxe da Soidade tivo a súa capela correspondente na parroquial, no cruceiro, onde está arestora o altar da Dolorosa.

VI. A CONGREGACIÓN DA NOSA SEÑORA DAS DORES

A congregación das Doreas ou de Escravos de María Santísima das Doreas fundouse no ano de 1765.

336. O orixinal da escritura e das ordenanzas desta confraría gárdase no arquivo da parroquial de Pontedeume.

Antes estivera en Pontedeume para predicar misión o P. Romy, relixioso terceiro de San Francisco, e tentou funda-la tal congregación de servitas, e malia térense xunta-

do varios devotos e recadárense esmolos, a idea non tivo daquela realización.

Ó construírse a igrexa nova por orde de Rajoy, desfíxose a capela das Dores, igual cás demais do templo, agás a capela maior, e cos cartos que se xuntaran cando o P. Romy e mailo que se acadou desque a asociación quedou constituída, fíxose o retablo actual no cruceiro no que está, e para isto tamén contribuíran varios devotos con esmolos. Por ese motivo, a congregación encargouse de custear a procesión do Venres Santo, que antes estaba a cargo da confraría da Soidade, á que substituíu.

O diñeiro que se xuntara no tempo do P. Romy é, sen dúbida, o que consta no documento que segue:

"Ilmo Señor Dn. Bartholome de Rajoi y Losada -Señor-Juº Basques de Allegue vecino desta Villa con el maior redimto., puestos a los pies de VYllma. dice, que por muerte de su tío Pedro Basques quedaron en mi poder mil y trescientos rrs. prata, que algunos debotos dieron para la congregación qe. yntentaron acer de Nuestra Señora de los Dolores en la Parrochia desta Villa, cuia cantidad dejó expresada en su testamto., como también la de ducientos rrs. vellon que desta limosna tiene en su poder D. Nicolas Piñeiro; y porno saber quien deba entregar los mil y trescientos que yo tengo-Suplico a Vlllma. sedigne determinar aquiendeba entregarlos: Merced que espere recibir dela grde. caridad de Vlllma.-Ilmo. Señor-Señor-Juº Basques de Allegue-Suppª a-Vlllma".

O documento precedente non leva data. Na marxe hai un decreto que di:

*"Pte. De Heume y Dre. 8 de 1767 - Aplicamos los Mil y Quinios. reales qe. se refieren para ayuda Del retablo que pretenden hacer los Devotos a Nra. Sra. de los Dolores en la Igla. Parrochial desta Villa, los quales, entre tanto, retengan en su poder los en el qe. actualmte. paran, y los entregarán al Cura y mas qe. cuidan de dha. Devon. qdo. se fuesen necesitando - Bme Arzº de Santiago - Por mando. del Arzobpº mi Sor. - Dr. Bernardino de Prado Ulloa, Srio"*³³⁷.

Por acordo da congregación das Dores do 17 de Agosto de 1766 dispúxose que o diñeiro procedente das entradas dos congregantes se empregase para adquirir un palio e para a fábrica do retablo da Virxe.

O establecemento da actual congregación das Dores débesele ó arcebispo Rajoy, que, no mencionado ano de

337. Documentos do arquivo da parroquial de Pontedeume.

Historia de Pontedeume

1765, mandou ós PP. Frei Juan Miguel de Santo Domingo e Frei Pedro do Espírito Santo, misioneiros apostólicos e franciscanos descalzos, para predicar misión en Pontedeume, e eles, logo de que esta rematou, pretenderon que quedase establecida algunha particular obra de virtude que servise para lembranza da misión, e propuxeron que se formase a congregación de Escravos de María Santísima das Dores, conforme á que os PP. Servitas tiñan en Barcelona e noutros puntos de España, e conseguir tódalas indulxencias e as grazas que os Sumos Pontífices lle concederan a tan piadosa fundación.

En vista da resolución dos veciños respondendo unanimemente a ese obxecto, os padres misioneiros déronlle a resposta a Rajoy, suplicando a un tempo que lles dese o seu consentimento, bendición e licencia, e el accedeu de boa gana.

A carta de Rajoy contestándolles ós padres misioneiros di isto³³⁸:

“Rmos. Pes. - Mui señores mios: Quedo mui gozoso delos admirables efectos que an producido las Stas. fervorosas tareas de V. RR. y entre ellos las ansias de fundar la Congregaon. delos Dolores de María SSma nna Me. y sra.: Y desde luego por esta carta conzedo a V. RR. y alas más pnas. que puedan yntervenir todas las facultades necesarias. p^a dha fundaon. qe. espero en lapiedad desta soberana Reina adaser del divino agrado, y de grandisima vtilid. espiritual p^a esa mi amada Patria: No hago memoria deque hubiesen benido aquí los ynstrumentos. qe. años antes se formaon. sre este asumpto, y pr. lo menos no pudo. hallarse, y pr. no detener al propio, ni dilatar mas el zelo de V. RR., tengo por bastes. las referidas facultades qe. conzedo en esta carta; y rindiendo muchas gracias a V. RR. merepito asu servicio, con la mas reconocida boluntad, rogando a Nro. Sor. guarde su vida muchos años. Santiago y Julio veinteynueve de mil setecientos sesenta y cinco - B.I.M. de V.R.R. su favorezdo. servior. y Cappllan. Barne Arzobispo de Santiago - Rmos. Pes. Fray Miguel de Stº Domingo y Fray Pedro del Espiritu Stº”.

Con esta licencia, formaron constituicións os padres e lidas en presenza de tódolos alistados, pareceulles moi conveniente observalas.

As constituicións primitivas son dezaoitto, e logo vai unha disposición sobre os oficios da congregación, que debían ser: corrector, prior, sub-corrector, dous discretos, sete consultores, tesoureiro, mestre de novicios, dous secretarios e dous sacristáns. Algunhas das constituicións con-

338. Archivo parroquial de Pontedeume.

teñen acordos moi curiosos, e é por iso que as damos en extracto a seguir³³⁹.

1ª.- Trata sobre as condicións dos solicitantes, que teñen que ser de boa conducta, e dispón que pedirán o ingreso por medio de memorial ó corrector, e se non consta a mencionada boa conducta, que o corrector lles pida informes a dous dos sete consultores, e en caso favorable, que se asente no libro que se ha levar para ese efecto.

2ª.- Fixa a cota de entrada en seis reais de prata e di que a recepción se faga en pública congregación o primeiro día de exercicios, entregándolle coroa e escapulario e asentándoo no libro correspondente.

3ª.- Manda que desque pase o ano de noviciado, o interesado avise ó corrector para que se efectúe a profesión o primeiro día de exercicios, que contribúa con seis reais de prata e media libra de cera, e que de aí para adiante terá que pagar dous reais de prata anuais.

4ª.- Di que se nomeen dous irmáns congregantes para pediren co prato en tódalas funcións públicas, que lle terán que entrega-lo recadado ó secretario o primeiro domingo de cada mes, e este ó tesoureiro.

5ª.- En atención ás ocupacións que soen te-los veciños da vila, estes, en vez de se xuntaren os venres de cada semana para exercicios de piedade, xuntaranse cando as nove festividadeas da Virxe, a saber: Natividade (8 de Setembro), Doce Nome (o domingo seguinte), Presentación (21 de Novembro), Concepción (8 de Decembro), Expectación (18 de Decembro), Purificación (2 de Febreiro), Anunciación (25 de Marzo), Visitación (2 de Xullo), Asunción ó ceo (15 de Agosto) e tódolos domingos, mércores e venres do Advento e da Coresma. Estes exercicios conmutábanse co setenario cantado tódolos días festivos, que principiaba ó saí-lo sol e convocábase para el con campaña tanxida pola rúa e entoando este pregón: *“Despertad del sueño - hijos de María: - ya amanece el alba - anunciado el día”*.

6ª.- Ordenase que despois do setenario cantado dos días festivos celebre o capelán unha misa de alba, aplicándoa polos irmáns vivos e defuntos, e que se lle dean de esmola tres reais de prata e medio.

7ª.- Prescribe que os irmáns reciban a Comunión cinco veces no ano: o día das Dores, o primeiro día da Pascua de

339. Arquivo parroquial de Pontedeume.

Historia de Pontedeume

Pentecoste, na Asunción da Nosa Señora, o primeiro domingo de Outubro ou do Rosario e na festa da Concepción. O que faltase quedaba obrigado a facelo o día seguinte, e ó incorrer en falta por terceira vez, había que o expulsar. *“Para que todo se faga coa decencia posible, repartiránlles los irmáns sacristáns a cada congregante a súa vela, e acendidas comungarán de catro en catro, na capela da Virxe Dorida, precedendo os homes ás mulleres, dous dos congregantes, que serán os enfermeiros, cunha toalla estendida nos chanzos do altar; e outro congregante, que será o máis moderno, terá preparado un vaso de auga coa súa toalla para que tomen enlavatorio os que queiran”*.

8ª.- Que tódolos anos se celebre o novenario da Dolorosa, empezando o xoves antes da dominica da Paixón; para isto farase sinal con repenique de campás ás doce do día anterior, e ó anoitecer avisará o irmán sacristán con campaiña tanxida pola rúa, e se os fondos excedesen de 500 reais, haberá prédica diaria, que será de carácter doutrinal.

9ª.- *“Item se ordena que cuando algún ermano Congregante enfermarse de peligro sea visitado de los hermos. enfermeros, y antes de sacramentalre avisaran al Sachristan menor pª que con campanilla tañida por las Calles de noticiaa los Congregantes, quienes acompañaran al SSmo. Sacramento que se llebara en público conpalio y cuatro achas, y la asistª dedos sacerdotes Congregantes vestidos de sre pelliz alos que sedara de limosna vn real de vellon por cada bez que asistieren. Y por quanto se ha deconocer mejor la Charidad delos ermanos seordena que si alguno de los ermanos Congregantes se hallase sin medios pª su remedio le asista la Venere. Congregación con lo que le pareciere convenie., avisando pª esto los enfermos al P. Corrector”*.

10ª.- Ó día seguinte de defuntos hase cantar misa e vixilia polos congregantes falecidos, e o corrector mandará toca-las campás o día antecedente para dar aviso e convidará para o oficio ós sacerdotes congregantes, e cada un destes dirá unha misa e percibirá catro reais de prata.

11ª.- Logo que faleza un congregante, avisará o sacristán menor pola rúa con campaiña, para que o encomenden a Deus con tres Pais Nossos e tres Avemarías, e os sacerdotes con tres responsos, e o día seguinte do enterro celebrarase misa cantada.

12ª.- O día do enterro sairá o capelán cantando o setenario desde a igrexa á casa do defunto, alí cantarase un responso, e volverá á igrexa facéndolle compañía, precedendo sempre a confraría do Rosario, cando concorran as dúas xuntas, e o capelán, antes ou despois do enterro, dirá unha misa que terá tres reais de prata e medio de estipendio.

13ª.- Se algún doase cantidades grandes, participáraselles ós demais congregantes para que o encomenden como especial benfeitor, e ó falecer, ademais dos sufraxios ordinarios, cantaranse pola súa alma misa e vixilia con catro sacerdotes congregantes e a estes daránselles catro reais de prata. Faráselle o mesmo ó que en testamento deixe esmola que exceda de catro ducados.

14ª.- O que queira ingresar na hora da morte pagará por excepción de regra 60 reais de prata e unha libra de cera; se fose novicio, daráselle a profesión, e se quixese que se lle fagan os sufraxios de congregante, pagará 20 reais de prata e unha libra de cera.

15ª.- Os mariñeiros das traíñas coas súas mulleres e as viúvas admítense pagando de entrada catro reais de prata, e darán de esmola un quiñón de cada traíña, entendendo que non só ha ser do que partisen en diñeiro, senón da sardiña que non se beneficiar; a congregación encargárase de nomear un de cada traíña que mire por isto, recobrando a sardiña que se reparta e vendéndoa fresca. Por isto quedan exentos os mariñeiros de pagaren as cotas anuais, pero as súas mulleres e as viúvas pagarán medio real. Ós mariñeiros halles dar cera a congregación nas procesións de Xoves e de Venres Santo, e para o que gastaron quedan obrigados, ademais do importe, a pagar un real da renovación.

16ª.- Que como son a cargo da congregación as procesións de toda a Semana Santa, especialmente O Encontro e O Desencravamento, e como fan falta varias imaxes, que se adquiran.

17ª.- Trata das penas que se lles poden impor ós congregantes.

18ª.- Que o demais que se ofrezca para ben da congregación, que se faga co parecer dela, asentándoo no libro correspondente.

Como para funda-la congregación cumpría a licencia da orde dos PP. Servitas, para acada-las gracias e as indul-

Historia de Pontedeume

xencias concedidas pola Cadeira Apostólica peculiarmente á referida orde, houbo que acadar tal licencia, que expediu, redactada en latín, Frei Félix María Dalmau, no convento de Santa María del Bon Sucés de Barcelona, o 21 de Agosto de 1765, e referendada por Frei Enrique Riera, secretario.

O 8 de Setembro do mesmo ano inaugurouse oficialmente a congregación, e bendiciu o escapulario e maila coroa da Virxe para tódolos asociados o Sr. Don Mauro Valladares, cura párroco de Ferrol, xa congregante e comisionado para ese efecto polo P. Provincial dos Servitas.

O 15 de Marzo de 1766 dictou un auto o arcebispo Rajoy, referendado por don Bernardino de Prado e Ulloa, secretario seu, mandándolle as constitucións da confraría ó fiscal xeral eclesiástico para informe sobre elas. Como este foi favorable, Rajoy aprobou definitivamente as constitucións por auto do 21 do mesmo mes de Marzo de 1766.

O auto di isto:³⁴⁰.

“En la Ciudad de Santiago aveinte y un días del mes de Marzo ano de mil setezos, sessª y seis: el Illmº Sor. Dn. Bartholome de Rajoy y Losada, mi señor Arzobispo y Sor. de la Stª Iglesia, Ciudad y Arzobpdo de Santiº del Consejo de su Magd. su Capellan maior, Juez hordinario desu Rl. Capilla, Casa y corte, notario mayor Rnº de Leon - Aviendo visto las constituciones antezcdtes. firmadas con su lizencia, y del P. Prior Provincial de la Orden de Servitas, pª la elección y régimen dela Congregaon. de nra. sra. de los Dolores en la Parrochia de Santiº dela villa de Puente heume, con el ynforme fiscal, dixo: su Sria. Illma. qe. por aora y sin perjuicio de enmendar, añadir oquitar loque segun da obcurrancia de los tiempos pareciere combenie. a arbitrio desu Sria. Illma. y sus Subzesores, las aprovava, y aprobo, yaellas ynterpone su authoridad y judicial decreto ecclo. ordino. quanto aia lugar, contal que loque señala la constituon. catorze sea yse entienda haver dedarse de limosna pª expensas enel culto de nra. sra.; y que en el acto de mandar tocar campanas, qe. contie. la constituzn. diez, sea con el permiso y dependiª del cura parrocho, al que asi enesta constituzn. como en las demas deja yleso, y entodo salvo su drco. sin que sea su voluntad perjudicarle encosa algª, y para evitar discordias encarga S.I. alos Congregantes dedha. Congregaon. que procuren facilitar lapráctica desus egercicios espirituales enla Capilla de Sn. Roque dela espresdª villa, y enesta conformidad manda su Sria. Illma. se cumplan y observen dhas. constituciones. sin egecutarse locontrario con apercivimiº dela providª qe. aia lugar: Asi lo dijo, mandó y firmó el Arzbpo. mi Sor.: dn. Bernardino de Prado y Ulloa, secrto.- Gratis”.

340. Archivo parroquial de Pontedeume.

De consecuencia, e en xuntanzas que houbo os días 5 e 12 de Maio dese ano, acordouse, entre outras cousas, “*que se pasen los oficios con los capitulares dela Villa como Patronos de la Capilla de San Roque p^a qe. den facultad pa. hacerse en ella los ejercicios, segn. lo aconseja su Illma.*”. O corrector presentoulles un memorial ós capitulares, e nun decreto na marxe del deron o permiso solicitado, o 17 de Maio de 1766, sen menoscabo do seu padroado nin de poderen usa-la capela en tódalas súas funcións.

O arcebispo Rajoy, no ano 1771, quedou inscrito como congregante das Dores.

Cando se lle notificou o nomeamento, contestou coa seguinte carta ó corrector e ós congregantes³⁴¹:

“Muy Srs. mios: Estimo con el maor. aprecio las singulares finezs. con qe. me onrra esa devota y sta. Congregaon. â qn. des^o servir muy devers. en qto. pueda y los aumtos. espirits. de tan devoto establecimto., sin duda util p^a consuelo de esa Villa y remedio p^a alcanzar de Ds. Nro. Sr. pr. medio de su ssma. Me. la Virgen de los Dolores. proteja y ampare a todos sus Vezos. y argns ? que con tanto fervor se emplean en obra tan sta. y tan piadosa, agradeciendo sumamte. me hiciesen el honor de admitirme pr. su erm^o lo qe. aprecio mucho, y supco. me tengan preste. en sus stas. ejercicios. y oranes.; y quedo spre con verdas. ansias del mr. aumeto. de dha Sta. Congregaon, â qe. concurrie pr. qtos. medios me sean posibles; y ruego a Nro. Sr. ge. ass ms ms. as. - Sant^o y Dizve. 29 de 1771 - B L M de V ms. su mui favdo. Servor. y capp - Bme Arz^o de Santi^o.”.

Con este mesmo motivo escribiu Rajoy, ó ano seguinte, 1772, a carta que reproducimos a seguir, dirixida a Don Gaspar Vicente Maldonado e Pita da Veiga³⁴²:

“Muy sor. mio y mi estimo. Dueño: Agradezco assm. el favr. qe. se sirve dispensarme en remitirme el Septenrio., escapul^o y Carta de ermandad dela Venere. Congregon. de Ma. SSa. delos Dolores., qe. con tanto fervor se digna favorecerme, teniendome preste. en sus stas. fervorosas Devociions., â qe. no puedo explicar mi digno reconocimto. sino con todo el corazn. y con el me ofrezco al servo. de dha Venre. Congregon. con la mas eficaz völd. de obedecer lo que se dignare mandarme yde procurar con qtos. medios me sean posibles concurrir â su aumto.: Y asi lo pido a Ds. Nro. Sr. pr. medio de su ssma. Me. y â ssm. qe. se sirva acer prestes. estas mis verdas. reverts. insines. â la Vene. Congregon. y disponer vm. pr. su pte, en qe. pueda yo servirle, qe. lo aré spre con la mas pronta y agradez^a völd. - Dios ge. assm ms. as. Sant^o y Abril 22 de

341. Archivo parroquial de Pontedeume.

342. Archivo parroquial de Pontedeume.

Historia de Pontedeume

*1722 - B L M de V M su mui. favdo. amº y capp Bme,
Arzº de Santgº.”.*

A congregación das Dores perdeu o antigo carácter de institución de caridade a un tempo ca relixiosa, e arestora mantense só con este último.

Á conta da congregación faise anualmente a festa do Venres das Dores, que aínda non hai moito a precedía un setenario solemnísimoo, con misa cantada tódolos días e exposición do Santísimo, nos cultos da mañá e tamén á tarde, e sermón tamén diario e dous os venres da festa. Este día levan a imaxe da Virxe en procesión polas principais rúas da vila.

Tamén en Setembro, celébrase outra festa que se lle chama da Dominica das Dores, con misa solemne e procesión, e durante esta cántase o setenario.

VII. O VOTO DE SAN NICOLAO DE TOLentino

A tradición sinala entre os motivos da devoción de Pontedeume a San Nicolao de Tolentino o de este sufocar milagrosamente un incendio que sufriu a vila o 11 de Agosto de 1607.

Deste incendio e queima, Juan Lourido, procurador xeral da vila, pediulle ó Sr. Don Diego de las Mariñas, gobernador e capitán xeral do reino de Galicia, que se lle recibise competente información, e isto verificouse o 7 de Setembro do mesmo ano. En presenza do mesmo Capitán Xeral e con asistencia do Dr. Don Francisco Varela, o oidor máis antigo e auditor da guerra do dito reino, perante o escribán Alonso Pérez, no auto de aprobación datado nesta mesma vila o 9 do mencionado Setembro, testemuñan “*que despois de a andar toda, viron que a dita vila estaba toda queimada e abrasada, que parece que se queimasen máis de 300 casas e canda elas a igrexa maior, sen que quedase dela máis ca unha capela de bóveda, e que se queimasen as casas de consistorio e concello, e que o lume fose tal de non deixar en toda a dita vila máis ca dez ou doce casas pequenas, e no presente ver por vista dos ollos seus que algúns veciños pobres fixeran algunhas choupaniñas de pouco durar, e que*

se acollían nelas, que os demais veciños saíran ás aldeas do contorno, e que provisionalmente vivían ali”³⁴³.

Pontedeume, á vista do considerable do desastre, acudiu ó monarca pedindo a exención de certos tributos por un tempo de vinte anos -as alcabalas, o dezmo da mar, o servizo ordinario e extraordinario e os demais dereitos pertencentes á coroa- e esta, tendo en conta a magnitude do sinistro e os auxilios prestados pola vila ás tropas que a miúdo a visitaban, e tamén que contribuíra á edificación e á garda dos fortes de Ferrol, tivo por bo, o 24 de Setembro de 1609, *“lle facer gracia e mercé á dita vila de tódalas cousas devanditas por tempo de dez anos, entendéndose só do que se comprobase que lle tocaría pagar á vila mesma e non ás freguesías nin ós coutos e á feira do burgo do seu distrito...”*³⁴⁴.

No mencionado documento do monarca fálase do incendio en termos análogos ós que quedan transcritos: *“que o once de Agosto do ano de mil e seiscentos e sete -di- prendeu nela un lume tan forte que, como non se deu atallado, queimáraa toda, que é de máis de trescentas casas, sen que quedasen máis de nove ou dez das máis pequenas e de menor importancia, e a tódolos veciños os bens que nela tiñan, roupa, alfaias, pan, viño e outras mantenzas que tiñan preparadas e xuntas para o dito ano por causa da gran esterilidade que había en todo aquel reino, que tamén se queimaran algunhas casas do concello e maila igrexa maior, e con iso a vila quedara de todo devastada e destruída e os veciños perdidos e imposibilitados para a poder compensar nin reedificar...”*.

Disque no momento que o incendio era maior, saíron os frades agostiños en comunidade e botaron no lume unha xoia ou reliquia de San Nicolao de Tolentino e que, como as chamadas foron a menos de contado, o pobo acolleu este feito como sinal de milagre e con iso aumentou a devoción ó mencionado santo e puxéronse as bases do voto que imos historiar. Iso é o que asegura a tradición, con todo e que en ningún dos documentos coñecidos relacionados co voto en cuestión haxa referencia ningunha ó incendio, anque si que se fala dos favores acadados *“nalgunhas necesidades públicas”*.

O voto de San Nicolao de Tolentino realizouse quince anos despois de acontecer este feito.

343. Dunha reseña manuscrita antiga de Pontedeume, sen data.

344. Arquivo municipal de Pontedeume.

Historia de Pontedeume

O concello decidiu efectua-lo voto na sesión do 19 de Xuño de 1621 e en acordo que di:

“Tamén se acordou e se regulamentou que como esta vila, nalgunhas necesidades públicas que se lle presentaron, valeuse da intercesión do glorioso Santo San Nicolao de Tolentino, e a este lle debe con evidencia a mercé que por ela lle fixo O Noso Señor, e confiado de que en diante recibir en tódalas súas necesidades, e desexando tomar por protector seu un Santo tan milagroso e demostrar con particular devoción o agradecemento que lle debe - Que se lle vote o seu día para gardalo, que é o dez de Setembro de cada ano, e que nel se lle diga unha misa solemne cantada, e se lle faga procesión levando nela a súa imaxe, e que haxa sermón, e mailo día antes vésperas solemnes, e todo iso facelo no convento do señor Santo Agostiño desta vila, e para o que se lle ha de dar ó dito convento, noméase ó señor capitán Pedro Martínez de Mación, alcalde ordinario, e mais ó señor Juan Fernández Montero, para que o compoñan e o concerten co padre prior do dito convento, e para que o dito voto se faga da forma e coa solemnidade que se require, mandaron convocar ó pobo e que fagan o dito voto en concello aberto, que iso se faga mañá domingo e que se lle dea aviso ó dito licenciado Antonio Díaz e se lle avise na tribuna”.

345. Ei-lo texto da licencia, con ortografía actual:
“Nós Don Juan Beltrán de Guevara, pola gracia de Deus e da Santa Sé Apostólica arcebispo e señor da Santa Igrexa, cidade e arcebispado de Santiago, do consello da S.M. e capelán ordinario maior seu da súa real capela, casa e corte, notario maior do reino de León, etc. Como se nos fixo relación de que a vila de Pontedeume, pola devoción que os veciños dela teñen no Benaventurado San Nicolao de Tolentino, polos beneficios recibidos da man do Noso Señor pola súa santa intercesión, ten determinado en recoñecemento deles facer voto de xaxua-la véspera do seu día e ir en procesión o mesmo día ó convento de Santo Agostiño da dita vila e dicir alí a súa misa e o sermón, e como para todo iso nos pediron licencia e que concedesemos que o fixesen e asistisen á dita procesión e oficios, e desexando Nós axudar tan bos intentos, e para que esta devoción vaia adiante en maior servizo do Noso Señor, honra e gloria súa e do seu Santo, tivemos por ben concede-la dita licencia para face-lo dito voto de xaxuín e de ir en procesión ó dito convento de Santo Agostiño da dita vila e dicir alí a misa e o sermón do glorioso San Nicolao de Tolentino, e ós que xaxuaren a véspera ou interviren na procesión, misa e sermón como queda dito, concedémoslles corenta días de indulxencia. Dada na nosa cidade de Santiago, o primeiro de Setembro de mil e seiscientos e vinte e un”.

Malia se mandar aquí convocar ó pobo para o día seguinte, o voto en cuestión aínda tardou un ano en se formalizar. Primeiro xestionouse, como procedía, a conseguin-te licencia do prelado de Santiago, que era Don Juan Beltrán de Guevara, e este deuna o 1º de Setembro de 1621, e concedeu corenta días de indulxencia³⁴⁵.

O 9 de Setembro do referido ano acordouse celebrar solemnemente a festa de San Nicolao, sen menoscabo de face-lo voto no seu día, xa que naquela ocasión non era precedente, porque *“por ser tempo de colleitas, están ausentes moita parte dos rexedores e os veciños”*. Dispuxéronse os actos relixiosos, consistentes en misa, sermón e procesión e que *“se avise a tódolos veciños que prendan luminarias nas casas, baixo pena de 300 mrs. a cada un”*, e tamén se mandou *“que na procesión se disparen as tres cámaras que están na fortaleza e ata cincuenta arcabuces, e para iso que se dean da pólvora da vila oito libras de pólvora, das que se dispoña libranza, e o facer xunta-los ditos arcabuceiros queda pola conta do dito tenente de alcalde, e o facer cargar e dispara-las ditas cámaras que sexa facela pola conta do dito procurador xeral”*.

O concello, o 15 de Maio de 1622, acordou recibir de padroeiro a San Nicolao de Tolentino e festexar solemnemente o seu día, e ese acordo ratificárono ó día seguinte os

habitantes da vila, segundo consta en actas das que dá fe Gregorio López, escribán.

O mesmo día 16 de Maio de 1622 procedeuse ó voto e xuramento, que se fixo na igrexa conventual de Santo Agostiño, e alí xuntouse todo o pobo vindo procesionalmente desde a igrexa parroquial con tódalas confrarías, cera e pendóns. Logo de verificada unha misa solemne, tomou xuramento o celebrante, rector da dita igrexa, licenciado Antonio Díaz de Neira, acompañado polos ministros que axudaran, revestidos todos coas vestiduras sagradas, e en presenza, ademais, do P. Frei Agustín Antolínez, prior do convento, dos demais relixiosos e de todo o pobo. Pronunciaron o voto e xuramento, no nome da veciñanza, o licenciado Don Pedro Labora de Andrade, alcalde maior, e Don Gaspar Maldonado y Ponce de León, cabaleiro do hábito de Santiago, que, axeonllados no altar principal, perante o sitial no que estaban sentados os ditos rector e ministros, dixeron:

“Prometemos e xuramos por Deus O Noso Señor e Santa María a súa Nai bendita e polos Santos catro Evanxeos a Cruz en que corporalmente pómo-las mans dereitas, que desde o presente día en diante, para todo tempo de endemais, haberemos e teremos, e esta vila haberá e terá por protector e avogado seu ó glorioso San Nicolao de Tolentino, co Santo Apóstolo Señor Santiago, padroeiro principal dela e de toda España. E que a véspera e a vixilia do seu día, que é o dez de Setembro de cada ano, para sempre teremos, e esta vila terá, por día de venres, absténdose de comer carne e toda clase de gordura sen obriga de xaxún: e o primeiro domingo seguinte, a xustiza e rexemento celebrará a festa do dito Santo e asistirá en forma de vila ás vésperas do sábado antes, e o domingo á misa, sermón e procesión neste convento do Señor Santo Agostiño, e virá a ela con procesión xeral desde a igrexa maior e traendo nela os panciños que se adoita e se ten costume de bendicir aquel día e festa para o mesmo efecto. E a vila cumprirao así para sempre. E así o votamos e o xuramos solemnemente no nome dela e en virtude da comisión e do poder a nós dado”.

Outro xuramento igual fixoo despois o rector ou párroco da igrexa de Santiago, por si e polos seus sucesores, nas mans do P. Frei Luis Valdivieso.

Deu testemuño do acto o escribán Gregorio López, e foi testemuña case todo o pobo³⁴⁶.

En 1720 a xustiza e rexemento da vila tentou altera-la celebración do voto e sinalar días diferentes para a función, e por iso o convento de Santo Agostiño, e no seu nome Blas

346. CÉSAR VAAMONDE LORES, **San Nicolás de Tolentino es elegido, recibido y jurado por abogado y patrón de la villa de Puente deume en 1622**; número 291 de “Ecos del Eume” (8 de Setembro de 1915).

Historia de Pontedeume

Lores de Castro, querelouse ante o vicerrei de Galicia, e este, por auto do 3 de Setembro do mesmo ano, dispuxo que o voto se axustase á escritura primitiva, baixo pena de cincuenta ducados.

Arestora aínda se cómpre o voto de San Nicolao de Tolentino, e no seu día celébrase misa con sermón, bendición dos boliños e procesión do Santo polo adro da parroquial; e no tocante á abstinencia de carne na véspera desta festa, son moitas as familias que a practican, malia terlle advertido o clero ó pobo que a observancia do referido voto non é obrigatoria.

O concello custea os boliños de San Nicolao, que teñen uns catro centímetros de circunferencia e que logo de bendicidos repártense entre a veciñanza. Antes levaban a imaxe de San Nicolao gravada no medio.

O pobo estímaos e venéaos moito. No ano 1892, como arderan tres casas na travesía do Alfolí, botaron no lume presadas destes boliños, lembrando o que practicaran os agostiños en 1607, e levaron a imaxe de San Nicolao ó sitio do sinistro, e isto repetiuse en 1941 cando outro incendio que houbo na rúa da Inmaculada.

O de 1607 non foi o único arrepiante incendio que destruíu Pontedeume: hai noticias doutro non menos arrepiante de 1533.

Menciónase este nun antigo documento que é, probablemente, un fragmento dunha carta que lle mandaran desde Santiago ó cardeal Don Juan Tabera³⁴⁷, que empeza relatando unha tempestade que houbera naquela cidade “*el domingo XXIII de noviembre de DXXXIII anos*”. Di que “*en las puentes devme hubo el sábado antes deste domingo grande fuego, que se ençendió a culpa de una moça, y como hazia recio vendaval, dio a hobra de veynte casas de la entrada de la villa, y aquellas quedaron, y toda la otra villa que tomo por delante se ardio, que no quedó casa por arder syno aquellas veynte que quedaron guardadas del fuego*”. Engade despois que se queimaron dous nenos.

347. **Historia de una tempestad en Santiago**, por FRAY ATANASIO LÓPEZ, t. VIII do “*Bol. de la Real Acad. Gall.*”, páxina 104.

VIII. FESTEXOS PROFANOS

Asociados ós actos relixiosos que se celebraban en Pontedeume adoitaban ir festexos profanos; deles arestora só son dignos de mención os organizados na honra da Virxe das Virtudes e de San Nicolao de Tolentino do día 7 ó 11 de Setembro.

A comezos do século tiñan importancia os festexos que se celebraban para solemniza-lo Patrocinio de San Xosé. Iluminábase vistosamente a praza de San Roque, que era onde se facían, e queimábanse varias pezas de fogos artificiais. Un detalle típico desta festa era o de sortearen dezaseis onzas de ouro, a real o número, que expostas nun cadro lévábanse polas rúas da vila durante os días da novena e da festa do Santo.

Noutroora, hai xa máis dun século, tiñan moita sona as festas do San Roque, porque se corrían becerros, había xogos de anel, representábanse comedias e facían outros divertimentos públicos. Esta festa, xa con inda ben menos pompa, veuna celebrando o gremio de mariñeiros ata empezos deste século.

En varias ordenanzas da confraría correspondente, recompiladas con data 28 de Agosto do 1624, hai disposicións curiosas relativas ós festexos en cuestión, sen conta-las referentes ós cultos divinos, que tiñan que consistir en vésperas, misa solemne, procesión, etc, a máis da obriga que se lles imponía ós confrades de asistiren ó enterro e ós funerais do que falecer. Isto é o que din as ordenanzas que se refíren ós divertimentos populares:

“7ª Iten que el tal mayordº tenga obligación a hacer las fiestas y regocijos conforme es costumbre y se animare conforme a su posibilidad, procurando siempre el sucesor qe. estas fiestas vayan en aumento., y pª las máscaras u otros regocijos qe. trataré, haya de avisar a los que an de salir a ellas, pª qe. con tiempo se prevengan de lo necesario, y esso mismo tenga obligación a dar de comer a los señores sacerdotes qe. vinieren a assistir a los divos. oficios.

8ª Iten qe. el vicario tenga obligación a cobrar toda la cera qe. está prometida y las caridades y hacer decir la

Historia de Pontedeume

missa el jueves de cada semana por lo que se saca de la plaça de la hermita y petitorio, y assi mismo a de ordenar que se aga el tablado p^a las comedias, cerrar las calles de la plaza y hacer las garruchas p^a los toros y arar y alimpiar de piedras la carrera p^a la sortija y cumplir con lo demas a qe. esta obligado como es costumbre, y entregar la çera que hubiere al mayordomo por qta. y raçon, y el mayordomo la a de recibir con obligación precisa de dejar la cantidad augmentada cuando dejare el cargo en dos libras mas de la que se le entregare, y el mayordomo que le sucediere y los demas consiguientemte. tengan esta misma obligación, aunque pongan estas libras de zera de su casa.

9^a Iten. que qualquier cofrade y vecino desta villa que tubiere hijo, familiar o criado capaz p^a representar en las comedias, tenga obligación a recibir el papel qe. se le repartiere y encargar p^a que haga inviolablemente que el dho. hijo, familiar o criado lo estudie y represente, pena de qe., no lo cumpliendo, el mayord^o, a costa de tal vecino o cofrade, busque otra persona que haga y represente el dho papel y personage, y esso mismo el tal vecino y cofrade tenga obligación a vestir y adornar de todo lo necesario el hijo, familiar o criado conforme al personage que le fuere encargado, pena de dos ducados, con los quales el mayord^o busque y prevenga el dho. adorno.

10^a Iten. que todos los vecinos y cofrades ayan de salir a las mascararas y regocijos con sus libreas, disfraces, mascarara y pretal de cascabeles a caballo, y siendo de noche con su hacha de cera, y todos se an de juntar a la hora señalada en casa del mayord^o, y habiendo de hacer alguna historia, haya de salir a hacer el personage que se le repartiere con todo el adorno necesario p^a le representar, y todos hayan de salir de la dha suerte disfrazados, o poner persona en su lugar, pena de tres ducados el que faltare, sin escetuar a ning^o, salbo la Justi^a, Mayord^o y Vicario qe. an de salir con la autoridad que se acostumbra”.

Os cargos de maiordomo e vicario eran obrigatorios, baixo pena de doce ducados o primeiro e catro o segundo.

As festas das Virtudes, as únicas que arestora son merecentes de consideración especial, non van para alá de empezos do século XIX. Daquela abundaban o viño e a froita, e era imposible exportalos: o viño constituíu unha das produccions principais de Pontedeume ata que, espallada considerablemente por toda Galicia unha epidemia de filoxera, quedaron destruídos os viñedos, sen que se volvesen repor.

O concello, á vista da inusitada abundancia de froitos, acordou celebrar grandes festas na praza de San Roque, e

anuncialas por tódalas parroquias e as aldeas de arredor, para acadar unha maior concorrencia a elas e desa maneira ter venda de produtos. A xente respondeu ó chamamento e convite do concello, e así quedaron instauradas as festas das Virtudes.

Un detalle curioso dos divertimentos populares que se organizaban co gallo dunha solemnidade relixiosa era o de repenica-las campás para anuncia-los festexos da noite no momento que comezan, e o de se colocaren as imaxes dos santos festexados en ventás das casas que daban ó sitio onde se efectuaban os festexos. A supresión destas prácticas vén xa de bastante tempo.

Nas aldeíñas inmediatas a Pontedeume celébranse tamén tradicionais romarías que son moi concorridas. Como máis notables son merecentes de cita a do Espírito Santo o luns de Pentecoste en Ombre; as de San Pedro e Santa Margarida en Vilar; as do 8 de Maio e o 29 de Setembro en Breamo na honra de San Miguel; as da Ascensión de El Señor, da Virxe do Carme (o domingo despois do 16 de Xullo), A Asunción da Nosa Señora e San Roque en Centroña; a de Santa Marta (o domingo despois do seu día) no Areal; as de San Andrés e Santo Estevo en Cabanas; a de San Cosme en Nogueirosa; a de San Lourenzo en Laraxe; a de Santa Eulalia en Limodre; a da Virxe das Neves na Capela; a de San Ramón en Doroña; a da Nosa Señora da Cella en Monfero; a de San Bartolomeu en Bañobre e a de San Martiño na freguesía de Porto.

DESDE A FUSIÓN DA CASA DE ANDRADE
COA DE LEMOS ATA OS NOSOS DÍAS

CAPÍTULO VII

A VILA DE PONTEDEUME

- I. O ANTIGO RECINTO DA VILA.-
- II. OS ADIANTOS DESDE O SÉCULO XVI.-
- III. RÚAS, PRAZAS, PASEOS E XARDÍNS.-
- IV. EDIFICACIÓNS RELIXIOSAS.-
- V. EDIFICACIÓNS CIVÍS.-
- VI. ASPIRACIÓNS PARA O FUTURO.-

Historia de Pontedeume

I. O ANTIGO RECINTO DA VILA

A vila de Pontedeume ó primeiro foi cerrada, e tiñase acceso a ela por **tres portas** principais: unha, **a da Ponte**, que se mantivo ata o ano 1905, e que se adquiriu para tirala, cunha cocheira contigua, por 20.000 pesetas doadas polo Estado; outra, a chamada **da Vila**, situada na entrada da praciña da Angustia, segundo se baixa da rúa do Empedrado; e a terceira, **de Porto, ou de San Miguel**, a carón dunha capela da que quedaban de pé restos das paredes no ano 1912. Cerraba a vila polo O. o pazo dos Andrade e polo E. o extinguido convento de Santo Agostiño.

Doutras tres portas fálase en documentos antigos, a saber: a da **Carnicería**, que debeu estar situada onde está a actual rúa dos Ferreiros, daba ó mar; a da **Salga**, probablemente inmediata ó torreón dos Andrade, e a do **Postigo**, na que se desembocaba vindo pola rúa da Fonte Nova.

Desque desapareceu a porta de San Miguel, logo pasou á freguesía de Pontedeume todo o arrabalde de Porto, que antes era da de Brema, unida arestora á de Vilar. Cando desapareceu tamén a porta da Vila ou da Angustia, San Roque e Azogue, incorporáronse os lugares do Empedrado, Souto da Vila e A Fonte Nova, pertencentes antes á mencionada de Vilar.

A carreira das Virtudes e as rúas da Atafona e do Postigo eran, seguramente, o antigo recinto de circunvalación arredor das murallas que rodeaban a vila, que sobre elas, igual ca sobre as súas torres e as medidas adoptadas para a conservación, xa tratamos máis atrás. A rúa das Virtudes era tamén outro camiño que, continuando co de San Isidro, rodeaba polo N. o antigo Souto da Vila.

O convento dos agostiños tiña unha horta que chegaba ata o mar, parte dela feita arestora fermosa alameda; á beira dela pasa a estrada de Betanzos a Xubia.

O peirao actual, que é de onde sae a estrada da estación do ferrocarril, non o había noutroa, e o mar chegaba a cubrir, polo menos parcialmente, os solares nos que arestora

Historia de Pontedeume

348. Por escritura desa data, perante Gregorio López, escribán de número da vila, obrigáronse Xoán do Río, Pedro de Lourido e outros mareantes, por si e no nome dos demais, a pagárenlles a Domingos do Couto e Pedro de Fojos a reedificación do Peirao, e declararon que *“como o Peirao, que sae pola porta da Salga desta vila para a beiramar, á man dereita, segundo sae da dita porta da Salga e van arredor do muro á dita ribeira, caeu por telo comido e gastado o mar e está desfeita unha parte do dito Peirao, de maneira que non se pode carretar nin andar por el, e para trae-la súa sardiña e pescaría desde a dita ribeira ás súas casas teñen que ir rodeando por outras portas e camiños moi diferentes e duros”*, procedían a reparalo, e a reparación tiñana que efectuar os mencionados Domingos do Couto e Pedro de Fojos desta maneira: *“que teñen que volver cimentalo dito Peirao na area e na beiramar na que adoitaba estar cimentado e aínda máis abaixo onde todos teñen sinalado, que é pasado o torreón contra a casa de Xoán do Casal, e de alí en liña dereita teñen que face-lo paredón no que ha de bate-la mar, do alto que for mester, a cordel dereito ata a parte onde teñen feito outro sinal, que é pasada a esquina do torreón, que vindo de alí haberá que empezar a cimentar para a porta, e que o dito paredón ten que ir de pedra grande e ben xuntas e caleadas as dúas ou tres primeiras ringleiras onde ha de bate-la auga da mar e moi forte e entullado, e terá que ser dun ancho de doce pés, e mais se máis for mester un pé, que será así trece pés de ancho, e terá que seguir coa dita obra desta maneira ata adiante e poñer chan a entrada e a saída da dita porta, ora sexa á man dereita, ora sexa á esquerda, pola parte dos pelamios”*. O custo da obra tiñan que ser trece ducados, pagos a metade ó empezar e a outra metade ó concluír, ademais de levar ó pé da obra toda a pedra miúda e gorda e cal e area que se necesitase, e contribuiría tamén ó pagamento o maiordomo do

están as casas, ata a rúa da Inmaculada, que hai pouco aínda se chamaba da Ribeira.

O pazo dos Andrade lindaba co mar pola parte do torreón e a horta. Por alí era o **peirao** primitivo, que, como estaba moi estragado, o 17 de Novembro de 1602 acordouse reedificalo pola conta dos pescadores ou mariñeiros³⁴⁸. Máis tarde disque o reconstruíu Rajoy á custa súa. Despois, o deputado ás Cortes Don Frutos Saavedra Meneses conseguiu unha ampliación do dito peirao, con dúas ramplas e unha escaleiras, desque empeza a ponte ata detrás do cárcere. Aínda se pode ver unha parte do que se lle atribúe a Rajoy diante das lonxas ou almacéns que construíra tamén aquel gran arcebispo, que lles serven ós mariñeiros para gardaren os útiles de pescar³⁴⁹. Posteriormente, en 1911, sendo deputado ás Cortes Don José Lombardero³⁵⁰, conseguiu unha ampliación nova do peirao deica a segunda das ramplas mencionadas. Durante o período da Dictadura do xeneral Primo de Rivera prolongouse o peirao desde a fábrica de curtidos ata a ponte do ferrocarril. En 1917 a Deputación provincial custeou a construción dunha rampla ou embarcadero do lado E. da ponte, para o servizo das barcas que van ó Eume.

Do que levamos dito dedúcese que o casco da antiga vila limitaba polo S. coas rúas actuais da Carreira das Virtudes, a Atafona e o Postigo; polo O. co pazo dos Andrade; polo N. coa rúa da Ribeira, que daba directamente á ría; e polo E, co convento dos agostiños.

II. OS ADIANTOS DESDE O SÉCULO XVI

Desde o século XVI ata empezos do actual non son moi considerables os adiantos da vila, en relación co que aconteceu con outras localidades próximas: Ferrol, coa súa factoría marítima a mellor, de España, e A Coruña, coa acumulación do elemento oficial da rexión e o seu porto tan atendido polos poderes centrais. É como para dicir que a vida da vila estaba ligada de tal maneira coa dos seus grandes benfeitores os de Andrade, que, ó desapareceren estes pola fusión cos de Lemos, a antes importante poboación estacionase e esmorece.

A vila de Pontedeume

Despois de destruída a vila polos grandes incendios dos anos 1533 e 1607, e reedificada sobre a base da antiga, non se debeu diferenciar moito dela.

Un documento do ano 1751 dinos que eran 389 casas, 8 delas inhabitables, con 400 veciños e 30 pobres, e que, como non había termo, tampouco había veciñanza en casas de campo nin en granxas. Medía polo ancho, desde a porta da Ponte ata a da Vila, 200 varas, e o arrabalde desde esta ata a fin, 150 varas; e polo longo, desde o convento de Santo Agostiño ata a porta de Porto, 300 varas, e o arrabalde que saía desta, 50 varas, alcanzando unhas 2.000 todo o casco ou circunferencia. Arestora ten algo máis de 700 edificios.

III. RÚAS, PRAZAS, PASEOS E XARDÍNS

Consta agora a vila dunhas corenta rúas regularmente urbanizadas, sobre todo despois das obras impostas polo concello a partir de 1941. As principais son a vella rúa Real, cos enxebres soportais, as de Santo Agostiño, Santiago, Cátedra, etc.³⁵¹.

Ten prazas boas: a da Constitución; a de San Roque ou Calzada, que a hai desde 1840, cando tiraron a igrexa que estaba alí; a do Convento, que antes foi cemiterio dos relixiosos agostiños; a do Conde, enfronte de onde estivo o alcázar dos Andrade; a praciña que ocupa o sitio dun mercado que lle chamaban “*do pan*”, que o tiraron hai pouco, etc.

Lugares para o lecer certamente notables hai que citar: a Alameda -antes Horta dos Frades e logo Campo da Feira- que se empezou a urbanizar en 1919; o paseo de Rajoy, contiguo a aquela, que se realizara a fins do século pasado, tirando a igrexa que fora dos agostiños, e mailos Xardíns que se fixeron en 1917 nunha parte da horta que pertenceu ó pazo dos condes.

A urbanización das rúas levouse a cabo xa en tempos remotos. O 23 de Febreiro de 1619 acórdase empedralas e que os veciños lles paguen ós oficiais o que lles toque, por non estaren aquelas “*da maneira e na forma que adoitaban estar antes do incendio pasado*”, e tamén se manda cerrar e cubri-los canos e que se fagan conductos. A preocupación porque estivesen ben as rúas e maila rede dos sumidoiros

conde, “*pola fortificación que se lle fai ó dito torreón onde se arriman as casas do estanque da súa excelencia e mailo muro da vila*”.

349. Para construír estas lonxas outorgouse contrato, o 28 de Setembro de 1763, entre Don Tomás Moreira e Montenegro, daquela cura da vila, por orde e con facultade do arcebispo Rajoy, e mailo mestre de obras Alberto Ricoy, natural de San Miguel do Campo, xurisdicción de Cotobade, que levaba residindo en Pontedeume máis de catro anos. As lonxas ou bodegas habían ser dez, de 18 varas en oco e 8 de ancho, “*para fabricar nelas sardiña salgada e outras cousas, na beiramar, enfronte da muralla que cerra a horta da Exma. Sra. Condesa de Lemos e a torre pegada ó seu pazo*”. Entre a muralla e mailas lonxas tiña que quedar un oco no que coubesen dous carros de par, e por toda a obra obrigarónlle a Rajoy a pagar 112.000 reais. Vid. José COUSELO BOUZAS, **Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX** (Santiago, 1933), páxina 566.

350. Conferíuselle a representación parlamentaria o 10 de Maio de 1910, ata o 23 de Outubro de 1912, o día no que faleceu en París. Antecedeneo o marqués de Figueroa, Don Juan Armada e Losada, que representou ó distrito durante uns vinte anos, sen que este lle deba beneficio ningún de consideración. O sucesor de Lombardero foi Don Julio Wais San Martín, o derradeiro deputado polo distrito ou demarcación electoral de Pontedeume.

351. A Corporación Municipal, en sesión celebrada o 14 de Decembro de 1895, acordou cambiárlle-los nomes a algunhas rúas, que, así e todo, ségueselles chamando igual ca antes. Esas rúas cos seus nomes novos son estas:
Muelle e Carretera, que se mandou designar de *Saavedra Meneses*; *Porto*, de *Juan II*; *Postigo ou Picho*, de *Bravo*; *Empedrado*, de *Pedro de Ombre*; *Virtudes*, de *Copeiro*; *Corredera de las Virtudes*, de *Pita da Veiga*;

Historia de Pontedeume

quedou reflectida nas ordenanzas aprobadas o 14 de Setembro de 1622; nunha delas dispónse que: “*Por quanto la dha vi^a tiene muy grande necesidad, para su limpieza y quitar los malos olores, que las calles se rreparen y que en ellas ayan conductos p^a conducir y heepeler las ynmundicias, hordenaron y mandaron que en las casas aya caños y sumideros que tengan correspondencia a los conductos generales, para que salgan a la mar; y que los vos. desta vi^a que tubieren casas en ella hesten obligados, dentro de tr^a dias despues que hesta ordenanza fuere publicada, a hacer la pte. de condutos que les tocare, conforme a las pertenencias de sus cassas, y enpedrar la pte. que les tocasse dellas, conforme a las dhas. pertenencias, y la just^a les conpela a hello por todo rigor; y los qe. vivieren en cassas de alquiler requieran a sus dueños que los hagan, y en defecto a costa de las dhas cassas y alquileres la dha just^a lo haga cumplir y guardar*”. Despois hai varios acordos respondendo ó propósito da ordenanza reproducida, por exemplo o do 1º de Xuño de 1623 dispoñendo que se empedrasen varias rúas e o do 17 de Xaneiro de 1626 en sentido análogo. Todo iso pon de manifesto que a vila de Pontedeume, xa a fins do século XVI ou empezos do XVII, viña estando urbanizada de maneira análoga á presente.

Deficiente era o servicio de **fontes públicas**. No ano 1622 non había máis cá de Santo Agostiño, e referíndose a iso din as ordenanzas dictadas ese ano:

“Por quanto en esta vi^a no ay mas de una fuente y un charfaris, en que conbiene aya mucha limpieza, ordenaron y mandaron que ning^a persona sea osada de labar en ella ni dho charfaris ninguna ropa, carne ni pescado, ni fregar ninguna baxilla ni otra cossa, pena de ducientos mrs, aplicados por terceras partes Camara, Juez y denunciante y dos dias de carcel, y en la misma pena yncurra el behedor que no tuviere cuydado de que se guarde esta hordenanza”.

Herreros, de Nogueirido; Real, del arzobispo Rajoy; Trepadizo, de Mancebo; Pescadería, de Beltrán de Anido; Atahona, de Alonso Pérez; Fuentenueva, de Padilla; Ribera, del Marqués de Figueroa; Cantón, de Cervantes; Aguabar, de Tenreiro; Iglesia, de Balmes; Campo de la Feria, Avenida de Maldonado; Plazuela de la Angustia, Plazuela de San Nicolás, e Plaza del Conde, Plaza de Fernán Pérez. Ben se ve que os nosos edis tiveron o bo desexo de perpetua-lo nome dalgúns fillos sobranceiros da localidade ou que lle prestaron notorios beneficios, e de honrar a un tempo ás eminencias nacionais Balmes, Cervantes e aquel rei Don Juan II, tan protector das belas letras e, así mesmo, ós tres célebres caudillos das comunidades de Castela Padilla, Bravo e Maldonado.

O 4 de Novembro dese ano 1622, a un tempo que se manda repara-la fonte principal da vila, acórdase facer outra no río de Porto. De máis tarde deben se-las do Conde e de Santiago, e, desde logo, a Fonte Nova.

En época moderna estableceuse o servicio de traída de augas.

Houbo un **lavadoiro público** preto da fonte do Conde, contra o centro da praza con este nome, que despois se tras-

ladou a carón do torreón, e outro emprazado na actual alameda, do lado do O., lindando coa estrada.

No inmediato barrio do Esteiro, pertencente á parroquia de Nogueirosa, construíuse un destes servicios, subvencionado pola Deputación provincial.

IV. EDIFICACIÓNS RELIXIOSAS

Arestora os templos que se conservan na vila son dous: a igrexa parroquial e a capela das Virtudes -sobre eles habemos tratar en capítulos independentes- e podemos engadírlle-la capela edificada no cemiterio e maila que pertence ó asilo de anciáns.

Pontedeume en templos veu bastante a menos: no ano 1840 derrubaron unha capela moi vella dedicada a San Roque, que estaba na que a arestora é a praza co mesmo nome³⁵²; a capela do Espírito Santo, contigua ó hospital que construíra Fernán Pérez o Bóo no medio da ponte, tirárona cando, no ano 1867, se comezaran as obras para a ponte actual; a mediados do século pasado derrubaran tamén a igrexa pertencente ó convento dos agostiños, que, segundo a tradición, era fermosa e ampla, baixo pretexto de ameazar ruína e co obxecto de ensancha-la vila por aquela parte, abrindo o que arestora é paseo de Rajoy, malia ter acordado o concello, na sesión do 22 de Abril de 1843, ser indispensable que aquela igrexa se conservase aberta; á capela de San Miguel, pegada ó pazo dos Andrade, pasoulle o mesmo non hai moito, que se permitiu que o tempo e mailos homes levasen a cabo a súa acción destructiva³⁵³; e temos que mencionar aquí tamén, anque sexa unha propiedade particular, o oratorio dedicado a San Nicolao de Tolentino, situado na entrada da vila, enfronte da ponte, por riba do arco que se lle chamaba **Arco da Ponte**, que era o único resto do recinto murado da vila e que constituía un detalle pintoresco, merecente de se ter conservado.

Foi costume antigo o de verifica-los enterramentos nas igrexas, e nos adros delas, e así veu pasando en Pontedeume, igual ca noutras partes.

O primeiro cemiterio do que sabemos era dos relixiosos agostiños e estivo onde é arestora a praza do Convento.

352. O derrubamento acor-douse en sesión o 16 de Outubro de 1840, atendendo ó estado de ruína e á carencia de rendas, e mandouse trasladar con toda a solemnidade para a parroquial a imaxe do Santo. Pouco antes, o 15 de Setembro do mesmo ano de 1840, subhastárase a madeira, que custou 120 reais de prata. O 7 de Novembro, tamén de 1840, déuselle conta ó concello dunha instancia de José de Vales e Nicolás Santos, apoderados do gremio de mar da vila, pedindo a cesión do altar maior da mencionada capela de San Roque para colocalo no da Santísima Trindade da igrexa parroquial “*que caeu*”, e acordouse que, como aquel está colocado por orde do concello no sitio que expresan, e xa que se accede a cederllo ó dito gremio, que este lle aboe á obra pia de Mancebo os gastos de colocación con obriga, ademais, de o pintar dentro de seis meses, coloca-la efixie nova da Santísima Trindade na urna principal, no cimo del a da Purificación e nas laterais as de San Roque e San Xosé; neste altar celebráranse as funcións destes Santos e máis de costume, a non ser que o maiordomo ou vicario o queiran realizar no maior para máis solemnidade. Segundo oficio do capelán de San Roque, Ramón Francisco de Ulloa, do 12 de Agosto de 1818, aquel ano fixéronse, en virtude de subscripción popular, as obras seguintes en capela:

“*Fixose nova a porta da sancristía mais unha mesa para os ornatos; reparouse en moita parte o artesoado da capela maior; nova a tarima do altar de San Caetano; pintadas as urnas dos dous colaterais; compostas e pintadas as portas da igrexa; novo algo máis da metade do coro, cerrado con división, dous bancos nel para os señores sacerdotes; reparado o faiado; compostos os eixes da campá; branqueado todo o corpo da igrexa e un friso tirado por todo ela e polo coro; cinco bancos de respaldo novos para o corpo da igrexa; unha toalla de tea para o altar maior; corda para a lámpada; media libra de cera que se gastou na bendición e na misa cantada; e todo retellado outra vez*”.

A subscripción era tamén para lle facer un vestido ó Santo, e con ese obxecto algúns veciños regalaron

Historia de Pontedeume

Chamouse da Nosa Señora da Gracia, igual có convento mesmo. Don Rodrigo de Ávila, visitador xeral do arcebispado de Santiago, bendiciu este cemiterio, e dedicouno para honra e reverencia da Virxe da Gracia, o día 7 de Marzo de 1563, no nome do arcebispo Don Gaspar Zúñiga. Tiña 131 pés de longo e 46 de ancho, e “saía da porta principal da igrexa e portería e ía dar á rúa, e pola outra parte chegaba ata o paredón da fonte e conforme ó paredón ía dar dereito á rúa e pola outra parte horta de Pedro López, fabricante de peites, e coa dita rúa da vila”. Ben se ve que chegaba máis ca dabondo para o obxecto que tiña, tendo en conta o número de individuos que se habían enterrar alí³⁵⁴.

No ano 1838 construíuse un cemiterio contra o oriente, situado extra muros da vila e en termos que pertencían á freguesía de Vilar. Este cemiterio debeu ser ampliación do que había no adro do santuario das Virtudes, que se mandara tirar e achandar, por acordo municipal do 15 de Outubro de 1842, por mor de as súas murallas ameazaren próxima ruína. Naquel cemiterio viñéronse efectuando enterramentos durante cincuenta anos, ou sexa, ata o de 1888, que se inaugurou o actual. No terreo que ocupaba edificouse máis tarde, a primeiros deste século, un asilo pequeno que para o facer investíronse as cantidades que deixara para outro cemiterio o filántropo Don Agustín Tenreiro. A circunstancia de que a vila xa tivese un cemiterio novo e o de que o dito testamento se outorgase moitos anos atrás na cidade de Lugo, foron causa -xa o contamos noutro lugar- de que os gobernantes locais se decidisen a modifica-lo que dispuxera o finado. Esta edificación xa dixemos que serviu de asilo ata o 12 de Agosto de 1919, que se inaugurou o actual, custeado polo xeneroso fillo da vila e ex-alcalde dela Don Manuel Paadín Pardo.

O **cemiterio** que ten arestora a vila, inaugurado, xa queda dito, en 1888, é relativamente magnífico e capaz, e contén bastantes luxosos mausoleos. Na entrada hai unha fermosa capela, que pertenceu ó convento dos agostiños e formaba parte da súa igrexa. Cedeu a capela para este fin o seu propietario Don Manuel Azpilcueta Yáñez. Da bóveda hai pendurada unha lámpada de cristal e no altar un Cristo da Agonía, ambos ofrecidos por varias persoas da vila. A un lado e ó outro da escalinata que hai á entrada da necrópole pola parte de dentro, están dúas esculturas de pedra gra, unha de San Nicolao de Tolentino e a outra de Santo Agostiño, que tamén pertenceron ó convento mencionado. Este cemiterio está emprazado ó O. da vila, extra muros e en termo que correspondía á freguesía de Centroña.

varios materiais, e efectos para a reparación da igrexa. No oficio do capelán di que hai quince doentes.

353. No ano 1909, cando a tiraron, só se mantiñan os muros e un cacho do teito. Tiña a porta principal mirando para o O., como se adoita, e era de arco de medio punto, coa fachada coroada por unha torre moi sinxela, de forma tamén de arco. Unha das campás da parroquial, designada “*chocallón grande*”, pertenceu a esta igrexa de San Miguel, e era a única campá que tiña. Dentro conservábase unha escultura de madeira representando ó Arcanxo Glorioso, que pasou ó poder dun particular que a restaurou con moito aquel. Nunha comunicación ó concello de Miguel Antonio Pérez Rodríguez di que na capela de San Miguel anexa ó pazo había que celebrar unha misa semanal pola alma do conde Don Fernando de Andrade, que polo seu testamento outorgado en 1540 deixoulle ó concello con esa condición a casa de mesón que fixera na vila (Libro de acordos municipais de 1815).

354. FLORENCIO VAA-MONDE: **El cementerio de Nuestra Señora de Gracia**, número 291 de “Ecos del Eume” (8 de Setembro de 1915).

A vila de Pontedeume

Para os nenos que morrían sen recibi-lo bautismo houbo un cemiterio pequeno especial, pegado ó adro da igrexa parroquial polo S. Chamábanlle “**A Hortiña**”.

V. EDIFICACIÓNS CIVÍS

As edificacións civís de Pontedeume relativamente notables -quitado o destruído pazo dos Condes e mailo torreón, que xa se tratou sobre eles no seu lugar- son a casa consistorial e mailo cárcere público.

A primeira é un edificio de dous pisos, con tres ventás de moita abertura cada un, balcón no primeiro e un portón amplo ó que levaron o oso e o xabaril, emblemas dos Andrade, que estiveran postos na ponte vella, e ademais un escudo dun rexistro de augas que houbo na praza do Conde, a carón da extinguida capela de San Miguel, e tamén outros obxectos con valor arqueolóxico. A carón da casa consistorial está a torre do reloxo, de bastante altura, con dúas campás, e que enriba do pórtico e contra a dereita ten un notable escudo.

O reloxo da vila, instalado desde moi vello na casa consistorial, trasladárono, por mor de quedar esta destruída no incendio xeral de 1607, á torre da igrexa parroquial, e despois, *“por ser parte incómoda e non se oíren as horas na maior parte do lugar”*, o 25 de Setembro de 1628 acordouse volvelo para o seu emprazamento primitivo. O 13 de Xullo do ano seguinte dispuxéronse tódalas obras necesarias para ese efecto, e o 28 de Agosto do mesmo ano resolveuse pagarlle a un artista flamengo, mestre na arte de facer reloxos, 34 ducados por amaña-lo da vila, recoñecendo que merecía máis.

O cárcere público é un edificio bo que consta de planta baixa e outro piso, construído na ribeira o ano 1856. Ten no medio un patio con fonte e ademais capela. Neste edificio están instaladas as oficinas do xulgado de primeira instancia.

As edificacións particulares, que contribuían a lle dar á vila o aspecto típico, característico, das vilas históricas, fóronse anovando pouco a pouco. Con todo, consérvase sen modificacións esenciais a casa que mandou construír Rajoy

Historia de Pontedeume

na rúa Real, e hai restos notables noutras casas de obras efectuadas no século XVII.

Por riba da porta principal da casa que foi da cátedra de latinidade, e á dereita, hai unha pedra que ten esculpidas as armas da vila, consistentes nunha ponte formada por tres arcos e, encima, o oso á esquerda e o xabaril á dereita, e por riba deles, unha torre ou castelo.

A ponte alude á construída por Fernán Pérez o **Bóo**.

O **oso** e o **xabaril** foron símbolos privativos deste Fernán Pérez, sen que conste que nin antes nin despois del os usasen outros da familia. Menos usado foi o oso, e non se sabe de que houbese outro máis có que estaba na ponte de Pontedeume e o do sartego do dito personaxe en San Francisco de Betanzos. *“Pola contra -segundo nota que nos facilitou Don César Vaamonde Lores- o xabaril non faltaba nunca nos monumentos que mandara construír Andrade o Bóo nin nos que estaban baixo as súas encomendas. Arestora aínda se ve o que está por riba da fachada posterior da igrexa monasterial de Bergondo, nos conventos e parroquiais de Betanzos, en Montefaro, na torre de Vilalba e en moitos outros edificios”.*

A torre, segundo o mesmo autor, *“non hai dúbida de que representa as antigas fortalezas e muros cos que estivo rodeada a vila”.*

As armas da casa, familia e apelido dos Andrade consisten nunha banda engolada en dragantes.

VI. ASPIRACIÓNS PARA O FUTURO

Pontedeume está chamado para un espléndido porvir se chegan a ter realización adecuada os proxectos que ten o Concello. De momento, xa se acordou solicitar do Estado que lle cedese ó concello o sitio coñecido por *“As Gabarras”*, para facer un malecón seguindo unha recta que saíndo do extremo do muro que sostén o primeiro arco da ponte de pedra vaia morrer ó bordo da rampla ou escaleiras que dan acceso ó mar desde unha finca que é propiedade dos herdeiros de Don Antonio Corral Meirás, que un ou máis técnicos de urbanización estudien como mellor se pode apro-

A vila de Pontedeume

veitar e distribuír toda a zona comprendida entre o mencionado malecón e maila estrada de Betanzos a Xubia, e que se determinen os espazos apropiados para un gran campo da feira, de tanta necesidade coma de indubidable rendemento económico; outro para deportes, igualmente imprescindible e remunerador; outro con destino a un grupo de vivendas protexidas; outro para cuartel da Garda Civil e o resto para lugares de instalación de industrias. O concello, en sesión do 10 de Abril de 1944, estudiou co máximo interese as devanditas realizacións, que levarían implícita unha transformación radical de Pontedeume e eleva-la vila a un plano de superior categoría; e co mellor desexo de que todo isto pase axiña a vías de feito, adoptou entre outras resolucións a que segue:

“Como a limitada capacidade económica do Concello é evidentemente insuficiente para abordar de por si o gasto que demanda un proxecto de tanta envergadura, que se solicite o concurso de tódolos distritais e de tódalas persoas que, sen seren veciñas deste termo municipal, lle dispensen ou lle podan dispensar axuda económica ou doutro tipo para a consecución do fin proposto; e que así mesmo se requira a asistencia económica do Estado, ben por provisión directa que facilite a libre disposición dos fondos necesarios, ou por procuración de arbitrios -non difíciles de obter en obras tan remuneradoras coma as citadas...- que posibiliten moverse dentro dun artificio financeiro polo que a propiedade reciba practicamente a renda equivalente á posesión do capital; e para o Concello a posesión dun crédito, a prazo longo dabondo, que lle posibilita acciona-las súas posibilidades e obter en prazo prudencial o necesario rendemento, a un tempo que verá satisfeitas as súas lexítimas e vitais aspiracións.”

Pontedeume renovouse ostensiblemente nestes últimos anos e, ben se ve, non foi a menos en ímpetus progresivos.

En 1910 trazaba a galana pluma do ilustre novelista Don Ramón María Tenreiro, tan vencellado á nosa vila, unha impresión sobre el, de tintas un pouco recargadas; a ela pertencen os parágrafos seguintes.

“En vano es que trigales y maizales, brañas y viñedos, al retozar el sol por valles y colinas, lo llamen con risas, tendiéndole un amistoso puente desde la orilla fronterá; en vano que el viento cante en los pinos de las cumbres su grave canción de la libre anchura de los aires; en vano que las olas del vecino mar, besando la playa o mordiendo la peña, hablen con rudeza de inquietos azules horizontes sin término: el pueblo, cerrado hostilmente a toda

Historia de Pontedeume

liviandad de los sentidos, sigue arrodillado a pie del monte, en húmeda penumbra, como ermitaño en su cueva.

“De sus hombros roñosos pende el viejo sayal de los tejados pardos del caserío. Son las casas como hidalgos señores venidos a menos: aún suelen llevar con soberbia un escudo de armas en su haz mohoso y carcomido; pero se caen podridos los negruzcos aleros, y los grandes balcones se inclinan cansadamente a tierra: un soplo de acabamiento vaga silencioso por las melancólicas calles costaneras. En señal de su vetusta nobleza guarda también la villa un torreón guerrero, ceñuda fortaleza en otro tiempo, pero que ahora, con delirio senil, envuelve sus almenadas sienes en guirnalda de hiedras, y se mira en el espejo amoroso de la ría como moza coqueta.

“Dominándolo todo alza la iglesia los sillares de su orgullosa fachada, sus torres pregoneras: su señorío gravita sobre la villa; eclesiástico es el espíritu del pueblo: en hombres y mujeres vense nobles figuras enjutas, de magreza penitente; en los rostros graves, en los ojos mansos, hechos a mirar la verde amenaza del monte, tiembla una lucecita de místico anhelo, de resignación a las miserias terrestres.”

¡Que lonxe queda o Pontedeume de agora do que os fermosos parágrafos transcritos rememoran, por moito que o seu autor non lle poña límite neles á súa brillante fantasía!. Aquel Pontedeume morto, descoñecido da nova xeración, pasou á categoría de cousa histórica. E é ben gustoso que a vila actual, rexurdida moi diferente daquela decadencia, experimente aínda amplas arelas e revele poderosa enerxía para as realizar.

DESDE A FUSIÓN DA CASA DE ANDRADE
COA DE LEMOS ATA OS NOSOS DÍAS

CAPÍTULO VIII

**A IGREXA
PARROQUIAL**

- I. A CAPELA MAIOR.-
- II. A EDIFICACIÓN DE RAJOY.-
- III. CONSAGRACIÓN DA IGREXA.-
- IV. FUNDACIÓNS QUE RAJOY DEIXOU NELA ESTABLECIDAS.-
- V. ALFAIAS QUE POSÚE.

Historia de Pontedeume

I. A CAPELA MAIOR

A igrexa parroquial de Pontedeume, dedicada ó Apóstolo Santiago, está na parte máis alta da vila.

O edificio presenta dous corpos ben distintos: a capela maior e o resto da igrexa, que constitúe a parte principal.

A dita capela maior edificouse, xa o sabemos, en 1538, e foi Don Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas. O resto do templo é obra do arcebispo Don Bartolomé de Rajoy e Losada, natural desta vila.

Da mencionada capela maior apuntamos xa algunhas noticias curiosas ó tratar sobre ese Andrade, e remitimos a elas ó lector.

Esta capela, cunha espléndida bóveda sucada por vinte nervaduras, descríbena Murguía desta maneira³⁵⁵: *“É cadrada, alta, espaciosa, xenerosamente ornamentada, cun arco formoso fermosísimo, recorrido o piar de cada lado, desde preto do pavimento á altura dun home, por columnas delgadas e arabescos que, arrancando de aguias, acaban confundíndose na clave desta arquivolta”*.

“Se xulgamos pola capela maior, o único que queda da antiga edificación -escribe tamén o autor mencionado-, debeu ser de importancia: no exterior renacemento e por dentro o oxival terciario, tan propio das construcións relixiosas daquel tempo, coas súas bóvedas de complicada nervadura, arcos con colgantes e parecidos ós que enriquecen a espléndida igrexa de Santa María de Pontevedra; tal, polo menos, se pode supoñer pola parte do templo que afortunadamente se conservou”.

355. Galicia, páxina 1179.

II. A EDIFICACIÓN DE RAJOY

A mediados do século XVIII non se conservaba máis cá capela maior, e ameazaba cae-lo resto do templo. O arcebispo Rajoy determinou reedifica-la igrexa.

O padroado non deixou que se lle tocase á dita capela maior, e se cadra é por esa circunstancia que arestora a podemos admirar. Rajoy pediulle permiso ó conde sucesor dos Andrade para trasladar a un nicho, que se abriu do lado do Evanxeo, o sartego do conde Don Fernando, que estaba no centro da mencionada capela.

As obras que levou a cabo Rajoy remataron no ano 1763. Teñen bo aspecto -di Murguía³⁵⁶- pero non superan o que é corrente na súa clase e no seu tempo.

Custaron máis dun millón de reais.

A igrexa ten tres naves, tres torres e, na fachada principal, tres portas.

Na torre central, de dous corpos, hai cinco campás, tres delas no primeiro; na do N. unha carraca xiratoria de martelos, e a do S. non se utiliza para fin ningún. A torre N., de planta cuadrangular igual ás outras dúas, ten de particularidade, que non somos quen de dar explicado, o non ser paralela a elas, se cadra por algún simbolismo relixioso.

Debaixo da torre principal hai unha escultura do Apóstolo Santiago feita de pedra.

Dúas grandes columnas arrancan, á altura da porta principal, e as súas cornixas rematan preto das bases das torres laterais.

Enriba desta porta principal está o escudo de armas da casa dos Andrade, nel aparecen as dezaioito bandeiras que recolleu nos campos de Italia o vencedor de Seminara. Debaixo do escudo hai unha placa do Corazón de Xesús co coñecido lema "*Reinaré en España*". Colocouse o 31 de Decembro de 1900, cando unha festividade relixiosa celebrada para solemniza-lo empezo do século. Despois da placa

356. Op. cit., páxina 1179,
nota.

A igrexa parroquial

hai unha cruz de mármore branco, que se puxo en 1895 para lembranza dunha misión predicada polos padres xesuítas Conde e Santos, tan coñecidos en toda Galicia.

Suponse fundadamente que dirixiría tódalas obras o mestre Alberto Ricoy, natural de San Miguel do Campo, na xurisdicción de Cotobade, que se lle deben moi notables edificios, entre eles o Seminario de Confesores ou Consistorio de Santiago.

Sábese que en 1761 levaba residindo en Pontedeume dous anos, e por este detalle pensa o Sr. Couselo Bouzas³⁵⁷ que estaría ocupado na construción da igrexa. Desde logo, nesa data comprometeuse a face-las torres da parroquial por 80.000 reais, e por conta de Rajoy a madeira para os andamios, as bolas de cobre para remata-las torres, o importe de abri-lo escudo de armas da condesa de Andrade enriba da porta principal e maila imaxe do Apóstolo Santiago de a cabalo, en medio relevo, debaixo da cornixa da torre alta.

O interior da igrexa, fóra da capela maior xa descrita, non presenta peculiaridades dignas de especial mención.

O altar maior, colocado na capela edificada por Don Fernando de Andrade, está separado do retablo. Este está integrado por seis cadros grandes ó óleo que, igual có marco, non parece que teñan interese artístico particular.

No cruceiro hai catro altares, os dous da dereita dedicados á Purísima (antes a San Antonio de Padua) e á Virxe das Dores, e os da esquerda á Virxe do Rosario e ó Santísimo Cristo e ás Ánimas. En cada nave hai tamén catro altares, que son: á dereita, os de San Xoán Bautista, Santísima Trindade, Sagrada Familia (antes A Nosa Señora da Consolación) e Ecce Homo, e á esquerda, o da Virxe das Neves, San Luís Gonzaga, a Virxe do Carme e San Antonio (antes da Purísima). Os de máis mérito son os de San Antonio e San Xoán Bautista e os seus correspondentes da Virxe do Rosario e A Nosa Señora das Neves³⁵⁸.

A igrexa tiña un órgano bastante bo. O organista, noutrora, disfrutaba de tres reais diarios de dotación dos fondos propios. Desde se suprimiu esta praza, o órgano chegou a se estragar co pouco uso.

O pavimento desta igrexa é de cemento Portland, dado no ano 1897. Por isto quitouse o vello pavimento de pedra, abriron as sepulturas que ocupaban toda a planta do templo

357. **Galicia artística**, páxinas 565-567.

358. Os altares de San Antonio e da Virxe do Rosario son obra do escultor natural ou veciño de Pontedeume José Pardo, que, o 3 de Outubro de 1753, concertounos, por 3.300 reais cada un, con Antonio Piñeiro de Ulloa, confrade do Rosario, e Gil Antonio de Lamas, confrade de San Antonio e das Ánimas, ambos no nome dos demais veciños da parroquia de Santiago (COUSELO BOUZAS, **Galicia artística**, páxina 490). As imaxes da Virxe do Rosario e de San Antonio fíxoas, en 1759, o escultor de Pontedeume José Castro (Ibid., páxina 256). Alejandro Nogueira, escultor de Santiago -falecido en 1775- labrou o retablo da capela de San Xoán, da que tiña o padroado o concello da vila, en 400 ducados. Fixera postura del, fixando o tipo de 7.000 reais, José Ibarra (Ibid., páxina 474).

Historia de Pontedeume



A igrexa parroquial

e trasladaron ó cemiterio os restos de cadáveres que se atoparon. Por culpa desta reforma perdéronse varias lápidas sepulcrais, que se cadra poderían dar luz nalgúns puntos escuros da historia da vila. Varias das pedras deste pavimento empregáronse, en 1911, para coroa-lo muro da praza de San Roque ou Calzada.

Despois de feita a igrexa, Rajoy sufragou, a petición do concello, o amaño do adro e sobre todo a parte máis custosa, que era a comunicación coa rúa da Fonte Nova.

Ei-lo texto da súplica elevada a Rajoy:

“Ilustrísimo señor: mui señor mio.- Como V.S.Y. es el vnico protector y anparo que tiene esta villa, a cuia sombra a logrado sienpre su maior lustre y felizidades, no siendo de las menores la hermosa y costosa fabrica de su Parroquial Iglesia, que la poderosa liberalidad de V Y a mandado construir a sus espensas, y la posteridad zelebrara como uno de los maiores tinbres de las piedades de V.S.Y. allandose. Señor en el dia sin medios rrespecto no puede vsar de los pocos que tiene de sus arbitrios, sin expresa horden del concejo, y priuada, pr. su yndigencia, de subenir al preziso gasto de la conclusion de su atrio qe. se alla pr. todas partes, y particularmte. por la de arriua, camino de la fuente nueva, en un continuo peligro de despeñarse qualquier persona, como suzede, algunas beses, a los ganados menores, y puede con espezealidad a los caminantes que transitan de noche, por estar el borde del murallon aun mas uajo qe. el pabimento de dho camino; Rendidamente suplica a V.S.Y. que, si lo tiene por conveniente, se sirua ynclinar su caridad para la conclusión y perfección de dha obra, qe. con esto se rredime tanuién la mucha bejazion que amenaza a la justicia si suzediese, como puede, alguna dygrazia pr. aquel paraje tan peligroso, cuió fabor rreconocerá sienpre esta villa por espezealísimo, para añadir a los mas que tiene rreciuido de la magnanimidad, cordialisimo y filial afecto de V.S.Y., qe. desea conserue el zielo en el maior auge de felizidades quanto puede y nezesita. Puente deume y septiembre tres de mill. setes. sesenta y ocho.”.

Non tardou a contestación de Rajoy, que di:

“Mui s^or mio: Hago el mar. aprecio de las generosas expresions. con qe. V.S. se sirve honrarme: Y ciertamte. si pudiera ejecutar todos mis desos., se aseguraria bien V.S. del amor con qe. apetezco concurrir a sus obsequios: Y con gran gusto concurriré al remedio de qe. el Atrio de la Parroq^a se ponga sin los perjuos. qe. V.S. medice; ps. la parte del Camino de la Fuente nueva he compensado que se haga alli una Escuela p^a niños, con cuiá Obra se pone aquel paso en la dispon. mas segura: Y como desps. de algas. Semanas pasara mi Sobrino Dn. Thomas Moreyra a esa Villa, ira encarg^o de ponerse de acuerdo con V.S. p^a

Historia de Pontedeume

qe. todo se proporcione al alivio de todos y al mejor Ornamento del Atrio de la Parroq^a, en qe. tendre mui particular Consuelo, y especialisimo gusto en obedecer... a V.S. en qto. sea de su ma^r Satisfacon.- Dios gue. a V.S. ms. años como des^o. Santi^o y Septre. 7 de 1768.- B.L.M. de V.S.-Bartolome, Arzobispo-SSrs. Just^a y Regimto. de la M.N. y M.L. Villa de Puente deume.”

III. CONSAGRACIÓN DA IGREXA

A consagración desta igrexa verificouse o 7 de Setembro de 1761, aunque as obras non se remataron ata 1763; ese acto realizouno o mesmo arcebispo Rajoy.

Co gallo daquilo celebráronse en Pontedeume extraordinarios festexos, e a eles asistiu moitísima xente, non só das poboacións inmediatas, senón tamén da Coruña, Ferrol e Betanzos.

En canto o concello tivo coñecemento de que o insigne arcebispo tiña mentes de asistir a tan solemne acto, tentoulle dispensa-lo recibimento que correspondía.

Isto consta en acta do 15 de Xullo de 1761, que di:

“En este Aiuntamiento Representó el Procuradr. General Tiene noticia cierta el rrever^d Arzobp^o de St^o hijo de vezino de esta citada Villa, se alla determinado a uenir a ella en todo el mes entrante, lo que no ejecuto asta aora desde que es tal sor. Arzobispo, en cuia atenzion y que todos los vezinos del pueblo claman sobre que la Villa le aga alguna demostraon. de rregocijo a su vien venida. con el agradecimiento que merece su Yllma. a los veneficios que ha echo a esta citada Villa con la magniffica Yglesia Parroquial que a sus expensas ha fabricado de nueuo, en que gasto mas de ocho cientos mill. rrs., y aun para la ultimacion de sus Torres y Cerca del Atrio tiene donado a dha Yglesia ciento y cinquenta mill. rrs., y doctado a la fabrica una Casa que tubo de coste mas de sesenta mill. rrs., y admas dello esta dando mensualmente de limosnas a muchos Pobres mendicantes y vergonzantes de la Villa mas de setecientos rrs., y según lo que tiene declarado, se promete del amor y celo que tiene a la Patria dejara doctada la fabrica de manera que la Vi^a y sus propios se escusen a lo subcesiuo de suplir poco o nada para la manutencion de dha Yglesia, todo lo que cede en veneficio comun deste Pueblo, su adorno y rregalias, lo que rrepresente a sus mrds., a fin de que, teniéndolo presente, y de que el gremio de los marineros, como yndependente de los

A igrexa parroquial

mas de la Tierra, se preuiene, en su modo posible, a festejar la vien venida de dho Yllmo. S, que los de la Tierra se allan prontos a concurrir con sus personas a todo aquello que mira rrespecto al festejo, agradecido a tanto veneficio, con que esta Villa lo aga con los gastos de Fuegos, Funcion de Yglesia, si acaueziese que el dho Yllmo. la consagre, como se dice de publico, y luminaciones y mas que ocurran, como se estila y corresponde al Lugar.”.

En acta do 2 de Agosto do ano mencionado, o de 1761, consta que o procurador xeral da vila comparecera na Coruña perante o intendente xeral do reino cumprindo acordo do 31 de Xullo anterior, en solicitude de autorización para que dos fondos propios ou por medio dun reparto se contribuíse nos festexos proxectados na honra de Rajoy, e o mencionado intendente non accedera. A acta segue desta maneira:

“Que visto por sus mr. acordaron, teniendo presente qe. los señores eclesiásticos de esta villa se an ofrecido a zelebrar la función de Yglesia sin estipendio alguno: que el Reuerendísimo Padre fray Juan de o campo, Maestro de la orden de Nuestro Padre san Agustín, hijo de vezº de esta villa, asimismo se ha ofrecido a predicar el sermon, y que algunos particulares también lo hicieron de dar algun contingenti para fuegos, correr sortija, hazer danza de acha, y juntamente dhos Eclesiásticos dar hasta quatro cientos o quinientos rrs. de fuegos; que asimismo el Gremio de la mar esta haciendo sus preuenciones de fuegos para echar desde la mar frente y a uista del Bancon de la Casa que tiene en dho sitio su Yllma. para azer manzion en ella, y ultimamente que el pueblo esta clamando en qe. se aga por la villa alguna demostracion qe. acompañe a la de los eclesiásticos, particulares y marineros, y que para todo ello se allan prontos los gremios a concurrir con lo que se les comparta; y teniendo yualmente presente que el señor Yntendente, en la Carta que cita el acuerdo treinta y uno de Julio pasado, previene que si esta villa se valiere de los propios o hiciere algun repartimiento entre los vezinos para el asunto, quedara rresponsable a las rresultas,

“Acordaron, sin valerse de los fondos de la Villa ni azien- do rrepartimientos de cantidades algunas entre sus vezos. mas de lo que boluntariamte. quieran dar, azer en vn modo posible la funzion de grazias al dia siguiente al que consagrare su yllma. la Yglesia, para lo que se dara auiso a los eclesiasticos y a dho Pe. Mro fray Juan de O campo, que anda actualmente haziendo visita de provincial en el Rno., para que distine la del conuento de esta Villa en el Tpo que se aga dha funzion; Y asimismo acordaron se echen papeletas a los Gremios para que formen una Mascara en la forma acostumbrada en este Pueblo para el dia que se señalare: E yualmente el de Labradores para una danza de Bolantes; el de los Erreros, Carpinteros y Banasteros, Canteros, otra de Peregrinos y Peregrinas; el

Historia de Pontedeume

de los Sastres otra de Turcos y turcas, y el de los Maestros de obra prima otra de Indianos, p^a qe., acompañando a otras dos que forma el Gremio de la mar, zelebren y festejen la venida de S Yllma. y funzion de Yglesia consagrada; Y para los fuegos que se necesiten se da comisión a su mrd. Dn. Jpf Lauora para que los encargue, rreciuiendo de mano de los Vezos. que se an ofrecido y ofrecieren el continjenti que dieren, y lo que faltare lo suplira de los efectos de la obra pia de Noguerido, que, como su Maiordomo, paran en su poder para rrepartirlo entre sus mrdes. quando la qta. de lo suplido en caso de que el ssor. Yntendente no solezite del Rl. consejo se supla de los propios de la Villa, para cuio fin, acauada la funzion, se le dara auiso, y quando llegue su yllma. protestan sus mrds. acompañados de los dependientes de la Audi^a yr en forma de comunidad a rreceuirle y darle la bienvenida pr. la villa.”

No acto de consagra-la igrexa pronunciou Rajoy un elocuente discurso, do que damos a seguir extracto, posto en oitavas reais polo célebre cura de Fruíme, Don Diego A. Cernadas e Castro³⁵⁹:

“No vengo, amada patria, aquí buscando - del aura popular el vago ambiente -, que aunque suele halagar su soplo blando -, saludable jamás lo halló el prudente: - bien veo lo estais todos respirando, - y hago el aprecio de él correspondiente; - mas, aunque agradecido me convengo - en dejarlo venir, por él no vengo.

“Vengo, sí, dulce Patria, a confesarme - al ver qué te debí, reconocido; - vengo, sí, con el fin de congraciarme - con el Cielo feliz en que he nacido; - vengo, ya blanco cisne, a consolarme - por las orillas en que tuve el nido, - para que aquí, del Eume en la ribera, - me oigáis cantar mi dicha antes que muera.

“Aquí el primer aliento he respirado, - y a la piedad de Dios mi pecho estima - por favor especial haberme dado - horizonte feliz en tan buen clima: - el nacer en país proporcionado - a una buena crianza al hombre anima, - pues desde los arrullos de la cuna - se va haciendo la cama a la fortuna.

“Esta (ya lo sabeis) no es otra cosa - que de Dios la inefable providencia; - mas requiere por tácita y forzosa - condición nuestra humana diligencia: - nuestra cooperación hace dichosa - del auxilio divino la influencia: - si quereis que obre Dios, mano a la obra, - que con El nada falta, todo sobra.

“No sé si me expliqué; mas como quiero - ostentar más lo amante que lo sabio, - escuchadme con ánimo sincero - lo que fino el amor dicta a mi labio: - los conceptos sutiles no profiero, - porque a mi ingenuidad le haría agravio: -

359. Dunha composición que leva esta dedicatoria: *“A la muy Ilustre Villa de Puente de Eume, Patria feliz del Ilustrísimo Señor Don Bartolomé Rajoy y Losada, Arzobispo y Señor de Santiago. Un súbdito el más humilde y más reverente de su Ilustrísima le felicita en la extraordinaria complacencia, con que todos sus Vecinos y Comarcanos celebran la fortuna de ver a su Ilustrísima consagrar la Iglesia en que fué bautizado, magníficamente reedificada a costa de su Ilustrísima”.*

A igrexa parroquial

el discurso en mi amada Patria fijo, - y a mi Madre hablaré como humilde hijo.

“¿Quién te diría, amada Patria mía, - cuando de ti salí sólo Estudiante, - que me habías de ver en este día - en una dignidad tan relevante? - La ambición más audaz no llegaría - a pensar en fantasma tan distante; - mas la inmensa bondad de Dios alcanza - aun mucho más allá de la esperanza.

“¿Quién te diría, cuando en mis niñeces - de este Templo en el Atrio travesaba - y a su justo respeto algunas veces - con orgullo inocente no miraba, - que el alto Dios sobre estas pequeñeces - su reedificación premeditaba? - Nadie, si no el que bien cargo se hiciere - que hace con su poder Dios cuanto quiere.

“Apliqueme al principio obedeciendo; el uso fué el trabajo suavizando; - el gusto que en saber iba sintiendo - a saber más y más me fué alentando; - después el pundonor me fué encendiendo, - y Dios fué mis fatigas porsperando. - ¿Sería por mi mérito? ¡Qué exceso! - Nada, luego, aprendí si aprendiese eso.

“Fué, sí, mi Patria amada, por premiarte - la antigua firme fe que en ti se advierte: - fué con tan raro estímulo avisarte - que tu dormida emulación despierte: fué para que este ejemplo provocarte - pueda el honroso afán de engrandecerte: - y fué por darte a ver, con luz no corta, - cuánto la buena educación importa.

“Si tal vez mi buen padre desmayase - y en ponerme a estudiar se detuviese, - si a su juicio y prudencia me negase - y en Dios la confianza no pusiese; - si en el santo temor no me educase - para que así mi dicha promoviese, - no admiraríais hoy como contemplo - las grandezas de Dios en este Templo.

“Nada me debes, nada, Patria amada: - todo es justo que a Dios se le atribuya: - nada te pude dar, porque soy nada: - si alguna gloria tengo, es suya y tuya: - suya, por su piedad en mí empleada; - tuya, porque es razón que en tí refluya; - pues todo el bien que hacerme se ha servido, - no yo, tú fuiste quién lo ha merecido.

“Si es que me debes algo, Patria honrada, - son estas paternas expresiones - con que el alma, en tu bien interesada, - te hace estas amorosas prevenciones: - si fecunda tu prole dilatada - con la buena crianza la dispones, - floreciendo en virtudes numerosa, - tu feliz filiación te hará gloriosa.

“En tí, mi dulce Patria, en tí percibo - una fecundidad proporcionada: - ¡qué dolor si por falta de cultivo - la mies se queda escasa o malograda! - De hábil disposición, de ingenio vivo - sé que tu juventud está dotada: - alienta-

Historia de Pontedeume

la a más altos pensamientos; - no queden enterrados sus talentos.

“¿No te alegras de verme hoy ensalzado? - Tu gozo universal es buen testigo; - y pudiéndolo ver multiplicado, - ¿por qué lo has de tener sólo conmigo? - No tus hijos en mí se han acabado, - aptos para este honor que yo consigo: - no con sólo una palma te consueles, - pudiendo estar colmada de laureles.

“¿Valor tiene tu gente? Siga a Marte. - ¿Tiene ingenio? Minerva lo despierte: - por las armas y letras agenciarte - procure lauros con que engrandecerte: - cuida que siempre esté Dios de su parte, - porque con su favor tengas tal suerte - que de otros muchos hijos te coronas - que te echen como yo mil bendiciones.”

Despois de consagra-la igrexa, Rajoy puxo na ara do altar maior, dedicado a honra-la lembranza do Apóstolo Santiago, unha caixiña que levaba, envoltas en papel, reliquias dos Santos Mártires Constancio, Fortunato, Gaudencio e Modestino, e deixou concedidos para cada un dos fieis que a visitasen aquel día e nos seus aniversarios, corenta días de indulxencia.


IV. FUNDACIÓNS QUE RAJOY DEIXOU NELA ESTABLECIDAS

Por escritura que outorgou Rajoy, o 27 de Abril de 1769, perante Don José Antonio de Neira, secretario do cabido da igrexa de Compostela, estableceu a fundación de Minerva, para que se celebrase na parroquial de Pontedeume tódolos primeiros domingos de cada mes. A parte esencial da escritura di:

“...funda para en todo tempo unha Minerva, que se ha de celebrar tódolos primeiros domingos de cada mes na igrexa parroquial da vila de Pontedeume, coa maior solemnidade, expoñendo patente ó Noso Señor Sacramentado, que terá que estar manifesto ata a tarde os ditos días, e neles haberá que cantar completas e facer procesión polas naves da dita parroquial, e reservarse á S.M. coa solemnidade que dispón a Santa Igrexa, e no seu altar terán que arder incesantemente dezaoto velas de a seis en libra, de cera branca, desde o empezo da misa ata que se reserve á Súa Divina Maxestade; con tal disposición que á dita misa, igual ca a completas e á procesión, terán que asistir coas sobrepelices doce señores sacerdotes, ademais do párroco, e a este, por causa da misa maior,

A igrexa parroquial

habirá que lle dar de esmola seis reais de prata, e ó diácono e ó subdiácono, e tamén ós outros dez señores sacerdotes, catro reais a cada un, con obriga de asistiren a canta-la misa, procesión, completas e reservación do Santísimo; e os ditos señores sacerdotes, tal corresponde, terán que levar velas acendidas durante a procesión”.



Don Bartolomé Rajoy e Losada

Segue a relación dos bens que doa, co gallo disto, para a fábrica da dita parroquial de Pontedeume, e manifesta despois que

“para a celebración da dita Minerva serán preferibles os sacerdotes fillos de veciño e patrimonistas que haxa na mencionada vila”³⁶⁰.

A dita Minerva xa a fundara Rajoy o 2 de decembro de 1761, por instrumento perante Francisco Vicente de

360. Hai unha copia desta escritura no arquivo parroquial de Pontedeume.

Historia de Pontedeume

Palacios, escribían da S.M. e de número da xurisdicción de Caaveiro, e para iso sinalara na escritura cen ducados cada ano, que lle tiña que pagar Don Gaspar Maldonado, veciño de Pontedeume, con outra cantidade maior, polos réditos de dez mil ducados que o outorgante lle dera a censo. Pero como os redimira e faltaba a dotación, outorgou a escritura que queda reseñada primeiro, coa cesión dos diversos bens que constan nela.

Tamén o mencionado día 2 de Decembro de 1761, e perante o dito Francisco Vicente de Palacios, fundou Rajoy unha capelanía eclesiástica colativa, para en todo tempo, na igrexa parroquial, con obriga de 52 misas rezadas cada ano, ditas en cada semana por intención do outorgante en calquera altar da mencionada parroquial, e, ademais desas misas, había que celebrar cada ano outras dúas na capela da Nosa Señora das Neves, que é da confraría dos señores sacerdotes, incluída na dita parroquia. Estableceu que o capelán se puidese ordenar a título da dita capelanía, e para iso nomeou de primeiro a don José Antonio Paadín e Piñeiro. Para a fundación podía chamarse a tódolos parentes do outorgante, sen atención de grao, con tal que o electo fose capaz de se ordenar de presbítero a título da capelanía no prazo dun ano. O capelán era, a un tempo, patrón, para nomear sucesor, con intervención do párroco, a un dos da liña referida que fose de bos costumes, e se a elección non se executase o capelán posuía por descoido, que a fixese de por si o párroco nos parentes do outorgante, e, a falta destes, nun fillo de veciño da dita vila, digno e benemérito.

Entre os bens que doou Rajoy para a igrexa de Pontedeume hai unha casa que comprara na rúa da Ribeira, que arestora é rectoral e que o mencionado arcebispo reedificara con mentes de a deixar para a fábrica da dita igrexa ou para vivenda do párroco³⁶¹ e despois recordou no seu testamento que a dita casa tiña dúas misas de fundación cada ano na parroquial³⁶².

361. En escritura que outorgou en Santiago, o 14 de Abril de 1761, perante Diego Antonio Pereira, despois de doar 150.000 reais de prata para concluí-la parroquial e a fábrica das súas torres, pódese ler:
“...e igualmente o dito Ilmo. Señor fáielle doazón á fábrica da referida parroquia dunha casa que lle comprou na dita vila a Don Francisco Tenreiro Montenegro, Cura de San Xoán de Leyro, que foi dos herdeiros de Don Facundo Taboada e Dona Maria Bravo, a muller del, que está na rúa da Ribeira, que despois da adquisición mandouna reedifica-lo o Ilmo. Señor Outorgante, co fin de que fose para a dita fábrica e que a renda servise para aumento dela. E que co que suman os seus alugueres poda máis ben ter con que reparala referida igrexa e asistir ós misteres do culto divino; e se se considerase conveniente destinala para que vivan nela os curas, xa que non ten casa rectoral, poderao face-lo Maiordomo Fabriqueiro, pagando de renda o que fôr xusto, e serán preferibles os ditos curas polo tanto que outra persoa der por ela”
(José COUSELO BOUZAS, **Galicia artística**, Apéndice V).

362. O testamento de Rajoy, outorgado no Priorato de Cernadas o 16 de Maio de 1769, saíu publicado íntegro na **Historia da S.A.M.I. de Santiago de Compostela**, de ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, t. X, Santiago, 1908, ap. número XXI.

V. ALFAIAS QUE POSÚE

A igrexa parroquial de Pontedeume posúe algunhas xoias de bastante mérito.

A igrexa parroquial

Mencionaremos de primeiro o **portapaz**, que o trouxera, segundo a tradición, un capitán que estivo co de Andrade na campaña de Calabria. Pero, dío o Sr. Balsa de la Vega³⁶³, *“daquela cando o de Andrade combatía en Italia, lucía xa a arte do renacemento na patria dos Médicis e os Gonzagas, e o dito **portapaz**, non presenta influencias renacentes máis ca na disposición, o debuxo e o modelado da figura espida do Neno Deus. Pola contra, a da Virxe é oxival, e a disposición e a pregadura dos vestidos (medio agachados pola brutana peza que, en forma de media lúa, lle aplicaron en tempos moi modernos) fan lembra-las Madonas flamengas das escolas de Bruxas e Amberes. Xulgamos -engade o mencionado autor- que procede dos obradoiros burgaleses dos derradeiros días do século XV”*.

Contan que o cardeal arcebispo de Santiago Sr. Martín de Herrera quixo levar esta xoia para a capital da diocese, e que se opuxo o párroco daquela, Don Nicolás Novo Gayoso, manifestando que o pobo era o único que podía consentir niso³⁶⁴.

Tamén é merecente de cita unha preciosa custodia, que é reprodución do altar maior da catedral de Lugo.

O **portapaz** e a custodia foron premiados nunha exposición rexional que se verificou na cidade do Sacramento.

O palio, que sae nas procesións do Corpus e da súa oitava, é unha xoia de gran valor, e tiña uns magníficos borlóns de ouro.

A **custodia**, e igual o palio, foron regalo do arcebispo Rajoy, e tamén unha notable lámpada de prata, moda romana e de moito peso e tamaño, tanto que, disque, pesaba 25 arrobas; esta vendeuse por mandado dos gobernantes locais, sendo alcalde Don Joaquín María Maldonado, que tiña medo que a roubasen por causa da revolución republicana que había daquela, e o produto da venda investíuse en facer un baptisterio e un altar maior novo e en adquirir dúas lámpadas que se colocaron a ambos lados deste. A lámpada débelle ó artista santiagués Jacobo Piedra, e *“fíxolles moita impresión ós ourives composteláns e marcoulles unha maneira nova de modelar estas obras”*³⁶⁵.


Rajoy tamén lle regalou á igrexa de Pontedeume estes obxectos: seis candeiros, un Cristo de prata, un viril, un cáliz, unha patena, viñateiras, un pratiño de prata dourada, dous ternos enteiros de tea de ouro e prata con fondos bran-

363. **Portfolio Galicia**, número 5 da segunda serie, correspondente a Agosto de 1910, editada na Coruña.

364. O Sr. Novo Gayoso faleceu o 25 de Marzo de 1908, logo de rexer con acerto extraordinario a parroquia de Pontedeume durante dezasete anos.

365. COUSELO BOUZAS, **Galicia artística**, páxina 533.

Historia de Pontedeume



Portapaz e custodia donadas polo Arzebispo Rajoy para a igrexa parroquial

co un e encarnado o outro; un Neno Xesús vestido de peregrino, con bordón e carteira de prata afilegranada; unha aguia de dúas cabezas de prata, en forma de ramallo, con reliquias de santos gravadas no medio; unha casula con fondo branco entretecida de ouro, con orla encarnada tecida de cunchas e flores de ouro e floco do mesmo; seis casulas máis, catro delas encarnadas con orlas brancas e azuis e gornición branca e as outras dúas con encaixe de ouro; un terno enteiro de damasco negro con orlas branca e morada, e, antes de chegar á mitra, regalou, ademais, unha efixie de San Nicolao de Tolentino, con vestido de seda bordado con estrelas de prata, e diadema e pratiño tamén de prata.

Na sancristía da parroquial, o 3 de Xaneiro de 1764, entregáronselle a Don Francisco Caruncho os obxectos da igrexa; de entre eles reséñanse os que van a seguir:

“A Cruz grande de prata, outra vez reedificada, só con falta dun parafuso pequeno que se entrega por separado, co seu pedestal, sen falta nin aboladura ningunha.- Outra Cruz máis pequena, tamén de prata, coa súa hasta do mesmo, que vale de guión nas procesións, con falta dunha lasca ó lado do pomo e o parafuso que remata arriba, que

A igrexa parroquial

a dita hasta comprende en si cinco divisións, e outro anaco da mesma hasta quebrantado e separado, que así se lle entregou.- Outra Cruz, tamén de prata, pequena e de man, cos seus remates, faltosa dun debaixo dos brazos.- A Paz, de prata sobredourada, coa efíxie da Nosa Señora da Concepción, faltosa do remate de arriba, que se lle entregou por separado.- O Viril, de prata, con seis serafíns no pedestal e na base catro anxiños pequenos, e outros catro serafíns por riba deles, e na caixa vintecatro raios con doce pedras brancas e verdes comúns, coas súas estrelas que lles valen de enganche ás ditas pedras, e no seu remate unha Cruz, e nela un Santísimo Cristo e maila Concepción.- A lámpada de prata con seis asas e en cada unha o seu escudo e serafín, sen falta ningunha, composta de seis cadeas completas.- Un cáliz coa súa patena de prata dourado e o seu pedestal cicelado de realce.- Dous cálices de prata coas súas patenas, e un deles da capela do glorioso San Roque, segundo se expresou, cada un coas súas culleres.- Outro cáliz de prata coa súa patena, abolido, que serve de levalo os señores sacerdotes defuntos nas mans.- O Copón que está no Sagrario, dourado por adentro.- Unha caixa de prata pequena que serve para lles administra-lo Viático ós enfermos.- Un incensario do mesmo, faltoso nas cadeas, que suple esta falta uns cordóns, e tamén faltoso dalgúns remates e todo desfeito.- A naveta do incenso, tamén de prata, rompida, deslucida e abolada, coa súa culler tamén de prata.- Unha chaviña de prata da Custodia que serve o Xoves Santo na Custodia; os tres cubos das Christmas coas tapas, todo de prata.- Catro candeiros de aramio, que serven no altar maior, máis ca usados.- Unha obreiras de hostias de ferro.- Dúas campaiñas de man, de metal, máis ca usadas.- Un farol de folla de lata, sen porta, vello.- Un caldeiro de aramio, novo, co seu hisopo do mesmo.- Outro vello, con aro de ferro, de moi pouco valor.- Un cántaro de cobre estañado, de carretar auga para as misas, coa súa tapa do mesmo”.

Segue a relación de ornamentos, panos de altar, etc. e de obxectos de menos importancia. Menciónase tamén

“unha Lámpada nova que está na Capela maior e que deu a súa Ilma. o Ilmo. Señor Dn. Bartholomé de Rajoy, arcebispo de Santiago, que ademais de ser toda de prata, ten seis Cartelas ou láminas no corpo Principal pegadas, tres delas inclúen en si tres serafíns e as outras tres as Armas do santo Apóstolo, unha e outras sobredouradas, e os seus fondos, e abaixo no último corpo outras seis cartelas e os seus fondos sobredourados, e na coroa e principio das tres cadeas ten a dita Lámpada outros tres serafíns sobredourados, e toda enteira pesa setecentas corenta e tres onzas de Prata”³⁶⁶.

Nun acordo adoptado polo concello o 3 de Xuño de 1629 di que o conde de Lemos Don Fernando Ruíz de Castro, fillo de Dona Catalina de Zúñiga, unha señora que lle

366. Arquivo municipal de Pontedeume.

Historia de Pontedeume

fixera moitas e sinaladas mercés á vila, mandaba para a igrexa parroquial, cumprindo disposición testamentaria, *“un palio de veludo carmesí bordado de ouro e de perlas, alxofres e granates, de moito valor, que polo menos vale mil ducados, e catro casulas ordinarias para servizo da dita igrexa, que son de seda”*, e, por aquilo, mandouse aplicar en sufraxio da finada cincuenta misas, que se lle encargaron ó rector da vila Don Antonio Díaz de Meira.

Posuía a fábrica desta igrexa unha renda anual de cinco mil reais de prata, produto de varias fincas rústicas e urbanas, censos e foros que doaran para ela o mesmo Rajoy ou outros piadosos fundadores; estes bens, xa se sabe, pasaron para o Estado por virtude das leis desamortizadoras.

No ano 1885 roubaron moitas das alfaías do templo, e os ladróns leváranas en tres grandes sacos que se atoparon cerca de Betanzos. O mesmo día, que era mércores santo, roubaron tamén a igrexa das Virtudes. Algúns transeúntes que oíron pola noite martelos petando creron que eran os carpinteiros a face-los monumentos que habían lucir na Semana Maior. Ese ano inaugurouse o monumento que ten arestora a parroquial.

Un dos malfeitores era unha muller, e contan que ela dixo que cando se lle tentaba quita-la coroa e a espada á Virxe das Dores, a imaxe botouse para adiante, e que, visto iso, os ladróns renunciaron a tocar nada do que había no camarín.

DESDE A FUSIÓN DA CASA DE ANDRADE
COA DE LEMOS ATA OS NOSOS DÍAS

CAPÍTULO IX

O SANTUARIO DAS VIRTUDES

- I. A CAPELA PRIMITIVA.-
- II. DEVOCIÓN Á VIRXE DAS VIRTUDES.-
- III. COPEIRO REEDIFICA A IGREXA.-
- IV. FUNDACIÓN ESTABLECIDA POR EL.-
- V. UNHA PREGARIA DE MURGUÍA.

Historia de Pontedeume

I. A CAPELA PRIMITIVA

A primitiva fundación da capela das Virtudes atribúeselle a un dos personaxes da casa de Andrade.

Na parede do N. da capela hai unha pedra de granito coa imaxe da Virxe e unha inscrición na que consta a data da erección do templo. Publicouna Don Antonio de la Iglesia, e di:

ESTA IREGA MANDOU FAZER
NUNO FREIRE DANDRADE A ONRA DE SANTA
M. (MARÍA) ERA DE
MILL E CCCC E X (CATRO CENTOS E DEZA)
SEIS ANOS³⁶⁷.

Non sabemos de certo a que ano lle corresponde esta inscrición.

Se a era “*mil catrocentos dezaseis*” a consideramos “*era hispánica*”, dáno-lo ano 1378, e daquela resulta que non se pode referir a Nuno Freire de Andrade o **Mao**, o terceiro señor de Pontedeume, porque o primeiro destes señores, Fernán Pérez o **Bóo**, morreu en 1397, sucedeuno por pouco tempo o seu sobriño Pedro Fernández e a este seu fillo Nuno Freire, que morreu no ano 1431; e se a capela das Virtudes se erixiu en 1378, ou sexa, 19 anos antes da morte de Fernán Pérez e 53 antes da de Nuno Freire, máis ben que lle atribuír a este a mencionada capela, pódese pensar que a edificaría outro Nuno Freire, contemporáneo de Fernán Pérez. En tal caso, ¿quen sería este Nuno Freire?. Probablemente o irmán de Fernán Pérez, Mestre da orde de Cristo de Portugal, que xa falamos del noutro sitio.

Para que a data en cuestión correspondese ó tempo de Nuno Freire o Mao habería, contando por “*era hispánica*”, que interpretar por 40 o signo X cun trazo curvo cara arriba a continuación do trazo inferior da dereita, e así leríase “*era mil catrocentos corenta e seis*”, ou sexa, ano 1408; ou non facer tal interpretación e contar por “*era cristiá*”, porque se non, obtemos 1446, e esa data é posterior á morte do tan repetido Nuno Freire.

Don Angel del Castillo, que tivo a bondade de nos dar unha lectura da mencionada inscrición, coincidente coa do

367. El idioma gallego, t. II, páxina 71.

Historia de Pontedeume

señor de la Iglesia, dinos que: “*Convén advertir que ou é era cristiá (en 1383 dispuxo Juan I que non se contase por “era hispánica”), nese caso é do ano 1416, e parece que aboa isto o de “anos” ó final, ou o trazo da X é, posto abaixo e non arriba, o signo de 40, e daquela, sendo “era hispánica”, dá o ano 1408, coido que os dous da época de Nuno Freire; para pór XXXXVI anos non había sitio no tímpano, e por iso creo na abreviatura de X co trazo abaixo por 40, en vez de X co trazo arriba, que é o signo verdadeiro*”.

Vemos, xa que logo, que no derradeiro tercio do século XIV ou nos primeiros anos do XV foi cando se construíu a primitiva igrexa da Nosa Señora das Virtudes, chamada tamén *do Souto* en documentos antigos.

II. DEVOCIÓN Á VIRXE DAS VIRTUDES

Se a fe de hai seis séculos levaba a un nomeado prócer a levantar un templo na honra da Virxe das Virtudes, esa fe non foi en decadencia durante os séculos sucesivos.

Esa Virxe acadou sona grande de moi milagreira en toda a comarca. O seu santuario visitábano moitos romeiros.

Había costume de que estes durmisen dentro da mesma igrexa, e isto daba orixe a feitos nada edificantes; por iso, o xuíz eclesiástico do arcebispado de Santiago colleu a cousa da súa man e prohibiu, en 1585, durmir no templo, baixo pena de excomunión e dez mil maravedís de multa. Por esta decisión protestou o procurador do convento de Santo Agostiño da vila, Blas Pantoja, pero o xuíz eclesiástico ratificouse no auto dictado, “*por evita-los pecados e sucidades e deshonestidades que durmindo homes e mulleres mesturados dentro da dita ermida de noite e de día se podían seguir*”, e ademais dispuxo, por mor do ordenado polo Concilio de Trento, que non se publicasen os milagres obrados na ermida, porque non estaban autorizados³⁶⁸.

No mesmo ano de 1585 o mencionado Blas Pantoja solicitou que se abrise información sobre os milagres obrados pola Nosa Señora do Souto na ermida do seu nome, chamada tamén das Virtudes, citando para ese fin a varias persoas, e o xuíz eclesiástico do arcebispado de Santiago deu auto ordenándolle a Juan Ares, escribán da vila, que lle remi-

368. FLORENCIO VAA-MONDE, *Milagros de Nuestra Señora de las Virtudes*, número 31 de “Ecos del Eume” (8 de Setembro de 1910).

O Santuario das Virtudes



Altar maior do Santuario das Virtudes

Historia de Pontedeume

tise traslado da información e investigación dos ditos milagres.

Pantoja presentou catorce testemuñas, seis de Pontedeume e os demais doutros sitios máis ou menos inmediatos, Mugardos, Betanzos, etc.

Ei-la moi curiosa declaración que alí prestou Xoán Rico das Loiras. Este manifesta que *“estando haciendo una labor con un machado, dió un pique en el pie izquierdo y lo cortó, de suerte que atravesó con el dicho pique los dedos del pie y cortó una vena que dicen que procede de la arca, y en todo un día no le pudieron estancar la sangre con ninguna cosa; se sentó de rodillas y se ofreció a Nuestra Señora do Souto con una misa y se encomendó a ella muy devotamente, y luego en un momento se le estancó la sangre, de suerte que no volvió más a sangrar; y cayó en el suelo, no se pudo mudar, sino como lo llevaron en una cabalgadura y dos hombres que tenían mano de él, cada uno de su parte, y lo echaron en una cama, y estuvo mes y medio en la cama, y tenía mucho dolor, y le vino a hinchar la pierna de suerte que daba voces y venían las gentes a verlo por el gran trabajo que tenía, e preguntándole si tenía otra enfermedad del pie; y no le bastaban cerujanos que lo curaban, ni melecinas ni medicamentos que le ponían, y estuvo de muerte y hecho su testamento, e confesado e comulgado, e viendo que no le aprovechaban los dichos medicamentos, se encomendó a Nuestra Señora do Souto con una misa y las más que pudiese decir; y le ofreció el parto de una vaca paridera con las crías que pudiesen venir, si Nuestra Señora le diese favor y ayuda para que él pudiese venir a su casa de oración y cumplir la romería que tenía prometida; y luego, dende allí a pocos días, se halló más aliviado y bueno, de manera que le pudieron poner en una cabalgadura e traerlo a Nuestra Señora do Souto con otras gentes que vinieron con él; y traía el dicho pie envuelto en unas almohadas en un estribo de una tabla y unas muletas de palo en las manos para andar sobre dellas, y en llegando a la dicha ermita de Nuestra Señora do Souto, lo tomaron cuatro personas para lo meter dentro de la iglesia, y casi no lo podían meter dentro sino fuese que éste que declara se ayudó de las manos en lugar de pies; y de rodillas se entró dentro, en el mesmo día se confesó y comulgó y encomendó a Nuestra Señora, y luego se fué hallando mejor, andaba sobre dichas muletas y sobre el pie sano, y trabó unas novenas, y acabadas se halló bueno y sano, y andaba a pie sin muletas, y por su devoción y encomendándose a Nuestra Señora trabó unas novenas y al pre-*

O Santuario das Virtudes

sente está sano y bueno, de tal suerte que anda sin muletas y se puede ir sin ellas a su casa como denantes solía”³⁶⁹.

Teñen análogo carácter as outras declaracións que figuran na información.

Andando o tempo foi diminuindo a concorrencia de doentes para visita-la imaxe da Virxe das Virtudes, pero con todo seguiu tendo moita veneración. Non hai máis de medio século aínda se exhibían no templo uns cadros con cadansúa lenda alusivos a diversos milagres obrados pola excelsa Señora.

COPEIRO REEDIFICA A IGREXA

Da fábrica primitiva da igrexa das Virtudes non queda nada.

Non nos foi posible conxectura-lo que sería o antigo templo, por non encontrarmos dato ningún pertinente para este obxecto nos documentos que puidemos estudar.

O que si que sabemos é que o volveron levantar no século XVII, á conta dun xeneroso fillo da vila que se chamaba Don Andrés Copeiro e Parga.

Polo seu testamento, outorgado no couto de Breamo, de onde era veciño, o 25 de Decembro de 1675, temos referencias de bastantes noticias de non escaso interese para o asunto que historiamos³⁷⁰.

Copeiro residira en México, onde o levaran as arelas de mellora-la súa fortuna. De regreso ó país natal, topou con que a capela da súa “*patroa, avogada, amparo e defensa*”, que lle chama el á Virxe das Virtudes, estaba en ruínas de todo e resolveu reedificala.

Cando outorga o testamento levantara xa a capela maior e mailas colaterais, todo de cantería, con bóveda e cúpula³⁷¹. Como faltaba por reedifica-lo resto do templo, concertouse con Domingo Guemes Solarzano³⁷², arquitecto, e este quedou en facelo por vinte e cinco mil reais, nas condicións contidas na escritura outorgada perante Luis Rodríguez de Armesto, escribán de número da vila, que

369. FLORENCIO VAA-MONDE, loc. cit.

370. Hai unha copia deste testamento no arquivo da igrexa parroquial de Pontedeume.

371. A estas obras refírese, sen dúbida, o contrato efectuado o 22 de Marzo de 1672 por Pedro Flores, mestre de cantería, veciño de Pontedeume, con Toribio de la Vega, veciño de San Vicente de la Barquera (Santander) e residente na vila de Cabanas, para executar obras na capela das Virtudes, consistentes en “engadir de oco seis pés de ancho, facer parede de cantería; os catro arcos para a cúpula, tamén de cantería, igual cá dita cúpula coa súa lanterna e maila súa cornixa labrada por adentro e por afora con catro efíxies de anxos pola parte de adentro nas catro pendentes arredor da cúpula; de remate desta un globo de cantería cun cataventos... Levanta-las pilastras dos arcos torais trece pés... Facer dous altares colaterais e unha sancristía de bóveda e cantería de dez pés de longo, do lado do Evanxeo... No catro recantos da lanterna hai que facer catro pirámides de cantería e no medio unha bola do mesmo...”. Axustouse en corenta mil reais e un prazo de oito meses.- PABLO PÉREZ COSTANTI, *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, páxina 215.

372. Mestre de cantería, veciño do lugar de Omoño, Xunta de Ribamontán (Santander). De falecido o Don Andrés Copeiro, o seu testamento, Don Teodoro de Parga Rubiños, encomendoulle o 26 de Xuño de 1677 outras obras na mencionada ermida, que habían artesoa-lo seu teito. Tiña que facer nela catro ventás, “ademais da que se ha facer no frontispicio da porta principal”, dous arcos de cantería coas pilastras, etc.; estas obras debían ter algunha importancia, porque se axustaran en trinta e catro mil reais.- PÉREZ COSTANTI, *Diccionario de artistas*, páxina 273.

Historia de Pontedeume

nelas constaba que a obra había ser de cachotes, con recantos, cornixa, portada e ventás de granito. Decidiu primeiro que o teito se construíse de madeira; pero despois ordenou que se fixese de cachotes, coa bóveda do mesmo e os estribos necesarios pola parte de fóra para máis seguridade.

Conforme a licencia obtida do padre provincial dos agostiños, Frei Alonso de Villarroel, mandou que na capela maior e na custodia do seu altar se colocase o Santísimo Sacramento, cunha lámpada que había alumar noite e día.

Mandou tamén que a el o sepultasen na referida capela maior, na sepultura que estaba no derradeiro banzo do altar, amortallado co hábito de San Francisco e mais co escapulario de Santo Agostiño, *“mediante -di- estou sendo irmán da dita orde e relixión, por particular patente e recibimento do noso moi reverendísimo padre provincial Frei Alonso de Villarroel, na provincia de Castela, a data de 20 de Xullo pasado de 1675”*.

Copeiro faleceu ó ano seguinte de ter outorgado o testamento.

Do tempo que transcorreu deica remataren o edificio, non sabemos nada. Anque na fachada da igrexa, mesmo debaixo do campanario, está esculpida a data 1817, seguro que máis ca á conclusión das obras refírese a reparacións posteriores, se cadra á construción do campanario. É de pensar isto pola traza actual do templo, que corresponde en todo ó que Copeiro deixou consignado nas súas disposicións testamentarias.

A edificación carece de mérito artístico e só merece cita o precioso retablo churrigueresco da capela maior³⁷³.

373. Este retablo é obra do tallista Alonso González, veciño de Santa María de Souto (Betanzos). Encomendóuselle, o 22 de Xaneiro de 1679, por virtude de cláusula testamentaria do mencionado Copeiro, por tres mil reais. Acordouse que o retablo había ser de madeira de nogueira, “con dúas columnas de cada lado, coas súas molduras de acios e aves, columnas que terán de alto once cuartas... Enriba da cornixa estará a figura do Padre Eterno e dous anxos sentados”. PÉREZ CONS-TANTI, **Diccionario de artistas**, páxina 247.

A fins do ano 1906 pechouse para o culto a capela das Virtudes, logo do recoñecemento efectuado por un mestre de obras, que a declarou en estado ruinoso. Despois de que en 1908 se realizaron varias reparacións, sobre todo na bóveda, volvéronse celebra-los divinos oficios no histórico templo, especialmente desde que estivo agregado ó asilo “*Agustín Tenreiro*” ata que, o 12 de Agosto de 1919, se inaugurou o actual, que ten capela propia. Por esta circunstancia o templo das Virtudes non se abre arestora ó público máis ca de vez en cando, por exemplo na festa da Natividade da Nosa Señora.

IV. FUNDACIÓN ESTABLECIDA POR EL

Don Andrés Copeiro casara con Dona María Jacinta Piñeiro Saavedra, daquela defunta, e non tiña sucesión dela.

Tendo isto en conta, e co fin de prover para o remedio da súa alma e á da esposa, instituíu na mencionada capela das Virtudes unha fundación de dúas misas rezadas cada día e mais unha cantada anual, no altar que está do lado do Evanxeo, e esta tería que se dicir nunha das festividades principais da Nosa Señora.

Imos reseñar algunhas particularidades desta fundación.

Establece que haxa dous capeláns, un relixioso, do convento de Santo Agostiño da vila, e outro crego secular, parente máis próximo do outorgante ou da súa esposa. Co fin de fixa-la renda precisa para ese fin e os bens que a han producir, dispón que os seus testamentarios se aveñan co padre prior de Santo Agostiño, e se sobrase algo da renda estipulada, que se invista en facer un retablo no dito altar do Evanxeo e nos ornamentos necesarios para celebrar misas, que para iso xa doara un cáliz coa súa patena e viñateiras e prato correspondente de prata.

O alcalde maior da vila quedaba de acusador ou fiscal desta fundación; xa que logo, estaba obrigado a asistir á misa cantada e estar pendente de como se efectuaba a celebración das demais, e o día da misa cantada había que lle dar unha vela de cera branca de media libra. E por se o prior dos agostiños non estivese conforme con tal fiscalización, dispón que esta pase para o padre provincial, con obriga de que se lle dea conta de todo.

Como a capela das Virtudes dependía do convento dos agostiños, que tiñan nela un capelán ermitán, e para prevención de que o prior non consentise que se celebrasen alí as misas, manda que en tal caso se digan na parroquial, que se suprima o capelán relixioso e que se substitúa por outro que sexa crego secular e, a ser posible, parente do outorgante.

En vista do que queda reseñado, extendeuse a correspondente escritura de fundación, perante Luís Rodríguez, na

Historia de Pontedeume

vila de Pontedeume e dentro do convento de Santo Agostiño, o 5 de Abril de 1677, comparecendo, dunha parte, Don Teodoro de Parga Rubiños, como testamenteiro e cumpridor do outorgante, e da outra Frei Sebastián Vara de Rey, prior do convento, Frei Francisco de la Reina, subprior, Frei Ambrosio Maldonado, predicador de táboa, Frei Juan Blanco, Frei Andrés de San Nicolás, Frei Antonio de Miranda, Frei Sebastián Blanco, Frei Gaspar de Quiroga, Frei Agustín Varela, Frei Juan Calderón e Frei Pedro Arnedo, e asinaron a escritura tódolos concorrentes dunha parte e da outra, quitado Frei Pedro Arnedo, que dixo que non sabía, e fíxoo por el unha das testemuñas, que foron Juan Rodríguez, Antonio León e Figueroa e José de Castro, estudantes e veciños de Pontedeume.

Acordouse que se dicesen as misas no altar que expresa o testamento, unha ás oito da mañá e outra ás once, alternando por semanas o capelán relixioso e mailo secular; que o dito capelán relixioso non había se-lo ermitán das Virtudes, e que non o puidese elixi-lo padre provincial nin ningún outro prelado, senón só o prior da vila, e, por último, que a esmola pola misa fosen cincuenta ducados a cada capelán cada ano, pagados de seis en seis meses pola metade, en moeda corrente, tendo en conta que se ó capelán non relixioso se lle aumentase o estipendio na cantidade que fose, habería que lle aumenta-lo mesmo ó asignado ó capelán do convento.

Por virtude da doazón de Copeiro e dalgunhas outras menos importantes, a capela das Virtudes percibiu rendas considerables.

Logo de efectuada a incautación polo Estado dos bens eclesiásticos, aínda lle quedou a esa capela o disfrute de varias pensións sobre fincas en freguesías do concello e doutros circunveciños, das que aínda se viña efectuando o cobro nestes últimos tempos.

V. UNHA PREGARIA DE MURGUÍA

O ilustre patriarca das letras galegas Don Manuel Murguía escribiu no ano 1915 a seguinte fermosísima pregaría dedicada á milagrosa Virxe³⁷⁴:

374. Escribiuna expresamente para o número 291 de “**Ecós del Eume**” (8 de Setembro de 1915).

“Virgen de las Virtudes, Tú, ante quien tantas almas afligidas se habrán postrado, pidiéndote auxilio en las amar-

O Santuario das Virtudes

gas horas de su vida, ten piedad, Señora, de los que en los momentos de su dolor te ruegan acojas piadosísima a los heridos por el infortunio; por el desamparo de sus hermanos; por las penas que amargan los días de la soledad que sobre ellos pesan; por los que buscan en las mieles de tus labios las palabras de perdón que necesitan para poder soportar las ocultas penas que les agobian; por los pobres de espíritu a quienes todo hiere y nada consuela; por aquellos que viven en el frío apartamiento del mundo, y, sobre todo, por el que agobiado por el peso de sus culpas y necesidad del celestial perdón, a Tí se dirige contrito y pide, con las angustiosas ansias del pecador, que lo llesves cogido de la mano hasta el trono del Señor que todo conoce y todo perdona”.

APÉNDICE

FILLOS

NOTABLES

- I. RAZÓN DESTE APÉNDICE.-
- II. FERNÁN MARTÍS.-
- III. VASCO DA PONTE.-
- IV. ALONSO PITA DA VEIGA.-
- V. DONA ISABEL DE CASTRO E ANDRADE.-
- VI. DON PEDRO TIMIDAOS DE SEIJAS.-
- VII. DON FRANCISCO DE SEIJAS E LOSADA.-
- VIII. DON FERNANDO RIOBÓO E SEIJAS.-
- IX. DON BARTOLOMÉ RAJOY E LOSADA.-
- X. DON PEDRO DE OMBRE E VARELA.-
- XI. DON AGUSTÍN DÍAZ ROBRES.-
- XII. DON FRANCISCO BERMÚDEZ DE SANGRO.

I. RAZÓN DESTE APÉNDICE

Pontedeume e a súa comarca foron en todo tempo berce de ilustres fillos dos que temos que lembra-lo nome con todo agarimo, para exemplo da xeración de arestora.

No corpo desta historia xa tivemos que falar dalgúns persoeiros distinguidos nados en Pontedeume ou na súa terra, ou que tiveron aquí o teatro principal dos seus feitos memorables, pero o noso labor quedaría incompleto se non nos ocupasemos de ampliar noticias referentes a varios deses persoeiros ou de dar coñecemento doutros que, como a súa actuación non estaba vencellada ós feitos narrados máis atrás, tivémolos que pasar por alto. Velaí a razón deste apéndice, que forzosamente faltarán nel algúns nomes, imposibles de librar do esquecemento.

II. FERNÁN MARTÍS

Fernán Martís, o capelán de Fernán Pérez o Bóo, que por mandato e para uso del copiou en galego a **Crónica Troiana**, atribuída a Benoist de Sainte-More³⁷⁵, non consta que sexa natural de Pontedeume e ignórase o lugar onde naceu, pero non hai dúbida de que era galego.

É merecente de figurar entre os fillos sobranceiros da comarca, porque foi aquí onde realizou o labor polo que pasou á historia das letras rexionais, protexido por aquel nobre prócer, o primeiro señor de Pontedeume, que ás súas xenerosidades en favor do país engadíalles dotes excepcionais de intelixencia e cultura.

Sen dúbida Fernán Martís estaba -é o que cre Martínez Salazar³⁷⁶- “*considerado polos seus conveciños como un verdadeiro **Magister scriptorii**, e procurábano para escribir ou copiar documentos de importancia*”.

O códice da versión galega da **Crónica Troiana** por Fernán Martís formou parte da biblioteca do célebre

375. Publicouna DON ANDRÉS MARTÍNEZ SALAZAR en dous tomos en folio, con apuntamentos gramaticais e vocabulario, a cargo de DON MANUEL R. RODRÍGUEZ; A Coruña, 1900.

376. Op. cit., t. I, páxina XIV, nota 3.

Historia de Pontedeume

Marqués de Santillana, pasou despois á dos duques del Infantado e de Osuna, destes adquiriuna o Estado e está ares-tora na Biblioteca Nacional de Madrid.

III. VASCO DA PONTE

Tampouco de Vasco da Ponte consta evidentemente que sexa natural de Pontedeume, anque varios historiadores tendan a crelo.

Sábese, con todo, que era vasalo do Conde Don Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas, porque el mesmo lle chama “*seu señor*”.

A súa obra, tan coñecida e tan interesante, **Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia** ou **Casas y linajes del Reino de Galicia**, perdeuse por desgracia para a historia rexional, e ata nós non chegaron máis ca copias incompletas. Unha delas é a publicada por Vicetto no tomo VI da súa **Historia de Galicia**, que é copia da que di ser un traslado do orixinal que estaba na librería do condestable de Castela e tiña Don Gaspar Ibáñez de Segovia, por Don Feliciano de Puga y Sandóval.

A obra de Vasco da Ponte ficou inédita ata que Vicetto sacou á luz o devandito manuscrito en 1872, e lle prestou un gran servicio, que nunca se ha estimar dabondo, á historia de Galicia nos séculos medios.

Vasco da Ponte debeu escribi-la súa obra en idade madura, despois de ir pobablemente canda o seu señor Don Fernando de Andrade nas súas campañas de Italia, anotando polo miúdo e coa fidelidade maior o que lembraba que presenciara na mocidade e o que puido oír de persoas que lle merecían creto.

Ei-lo xuízo que a López Ferreiro lle merece o noso cronista³⁷⁷: “*Sen esta obra curiosísima, a Historia de Galicia durante este período (o derradeiro tercio do século XV) sería pouco menos ca un logogrifo indescifrable. En Vasco da Ponte non hai que procurar método, nin orde, nin pulcritude nin elegancia; pero hase atopar inxenuidade e unha naturalidade que agrada e deleita*”.

³⁷⁷. Galicia en el último tercio del siglo XIV, t. II, 2ª edición, páxina 369.

IV. ALONSO PITA DA VEIGA

Alonso Pita da Veiga sobrancea, sobre todo, pola prisión do rei Francisco I de Francia que realizou na batalla de Pavía, un feito de tanto relevo que escurece outras importantes fazañas súas das que habemos dar noticia máis tarde.

Os escritores rexionais, segundo Gándara, teñen a Pita da Veiga por natural da vila de Pontedeume; pero non hai unanimidade de pareceres, aínda que non se chegou a probalo contrario³⁷⁸.

A batalla de Pavía ocorreu o 24 de Febreiro de 1525. O P. Gándara conta que como o rei Francisco I se viu pouco seguro nesta batalla, quixo fuxir porque era moi coñecido: *“acudiron a el moitos soldados españois -segue- dos que tentaba, valente que era, defenderse coa espada, e con isto foi recuando ata unha fontíña e nela caeu o seu cabalo morto. Foron contra el os que o seguían, e o primeiro que lle botou man foi un soldado galego que se chamaba Alonso Pita da Veiga...”*³⁷⁹.

Protesta despois o cronista mencionado porque se lle pretendese quitar esta gloria ó valente Pita da Veiga, e para desface-lo erro insire a cédula seguinte, traducción da que expediu Francisco I e que conservaba orixinal canda el o relator da Audiencia de Galicia, licenciado Alonso Pita da Veiga, descendente do heroe de Pavía:

“Francisco, pola gracia de Deus rei de Francia. Facemos saber a todos e a calquera que lle pertencer que Alonso Pita foi dos primeiros que nos foron prender cando nos colleron preso diante de Pavía. E coa súa axuda e poder asistiunos para salva-la vida da que lle estamos atidos. E como esa é a verdade, asinámolo da nosa man, en Píscolón, a catro días de Marzo de 1525.- Francisco”.

En vista da devandita cédula, e atendidos os enco-miásticos informes que o emperador Carlos I tiña do noso heroe, expediu a favor del, en Barcelona, o 4 de Xullo de 1529, o privilexio que reproducimos a seguir, con relación de diversos feitos de armas nos que participou³⁸⁰:

“Don Carlos, pola clemencia divina, emperador sempre augusto, rei de Alemaña; Dona Juana súa nai e o mesmo Don Carlos pola gracia de Deus reis de Castela, de

378. Vid. **Alonso Pita da Veiga**, por NICOLÁS FORT Y ROLDÁN, “Almanaque Gallego para el año 1903” por Manuel Castro López (Año VI, Buenos Aires). O Sr. Fort tende a pensar que o ilustre guerreiro, se non é natural da parroquia de Serantes, como afirma Riobóo e Seijas, debeu nacer en terra ferrolá; pero non aduce ningún argumento de valor que lle quite tal merecemento a Pontedeume.

379. **Armas y triunfos**, capítulo 35.

380. Vid. *Un privilegio del emperador Carlos V y una cédula firmada por Francisco I a favor de Alonso Pita da Veiga por su intervención en la captura del monarca francés en la batalla de Pavía (Informe a la vista de los documentos originales)*, por EL MARQUES DE RAFAL, “Bol. de la Real Acad. de la Historia”, t. CIV, caderno 1º, Xaneiro-Marzo de 1943, páxinas 89-100.- O informante di (páxina 93): *“Xaora, dou por establecida a autenticidade dos dous documentos: as súas condicións externas aboano: pergamino, letra, selo, pintura do escudo, asinatura de Carlos I, como rei, nun deles; e papel, letra e asinatura do outro, habian abondar para que tivese credibilidade, que neste caso se ve confirmada por seren documentos de existencia e redacción coñecida, xa o direi máis tarde, polo menos desde 1662, e que garda a mesma familia; os descendentes dela son quen arestora a nolos fornecen”*

Historia de Pontedeume

Aragón, de León... Acatando os bos e leais servicios que vós, Alonso Pita da Veiga, galego, vasalo noso, nos fixestes en tódalas guerras que se presentaron así en España coma nas partes de Italia onde estiveses, especialmente na batalla de Vicencio, que Don Ramón de Cardona, vice-rei e capitán xeral que foi do católico rei meu avó e señor, que teña santa gloria, no noso reino de Nápoles deu contra Bartolomé de Alusano, capitán xeral de venecianos, que alí estiveses e sinalástesvos moi ben; e así mesmo na batalla que Próspero Coluna, que foi capitán xeral noso de Italia, tivo na Vicoso con Mr. de Lesai, capitán xeral do rei de Francia e dos seus exércitos; e así mesmo na que Don Carlos, duque de Borbón, capitán xeral noso que foi de Italia, e Don Carlos de Lanoy, vice-rei noso de Nápoles, e Don Francisco Hernando Davalos de Anguino, marqués de Pescara, capitán xeral noso de infantería, lle deron en Gatinara ó exército de franceses do que era capitán xeral o almirante de Francia, que alí estiveses e sinalástesvos como home de bo ánimo e de esforzo, e de todo isto estamos informado e certificado por cartas dos ditos capitáns xerais nosos de Italia e doutras persoas que viñeron dela. E a maiores diso cóstanos que na batalla sobre Pavia que os ditos duque de Borbón e Don Carlos Lanoy e marqués de Pescara tiveron co rei de Francia, que alí o desbarataron e o prenderon, vós, continuando a vosa lealdade e o esforzo, e o desexo que tedes de nos servir, loitastes coma home valente, e acadastes do poder dos franceses o estandarte do serenísimo infante Don Fernando, que arestora é rei de Hungría, moi caro e moi amado fillo e irmán noso, que nel ía a insignia do noso ducado de Borgoña, e collérono os ditos franceses, logo de morre-lo alférez que o levaba, e que de premio por esa fazaña vos fixemos mercé de seiscentos ducados de ouro; e na mesma batalla fixestes tanto que chegastes ata a mesma persoa do dito rei, e estiveses a prendelo, coas outras persoas que o prenderon, e fostes vós quen lle quitou a manopla esquerda do arnés e unha banda de brocado que levaba por riba das armas con catro cruces de tea de prata e un crucifixo de Veracruz, que diso o mesmo rei de Francia deu fe e testemuño por unha cédula súa asinada da propia man, e nós fixémosvos mercé de trinta mil maravedís -de trinta e catro ducados di Gándara- cada ano para durante toda a vosa vida, a máis do voso salario ordinario de home de armas. E para lembranza disto, e como os emperadores e os reis e os príncipes adoitan honrar e facerlles mercés ós que ben os serven, para que nas súas liñaxes e sucesión quede deles perpetua lembranza e outros polo exemplo deles se esforcen e se animen a ben servir; pola presente, do noso propio motu e ciencia e poderío real absoluto que nesta parte queremos usar e usamos, como señores e reis naturais, é mercé e vontade nosa facervos mercé e concedervos e darvos de armas un escudo cuarteado, o cuarto de encima colorado, da color do sangue, e nel unha manopla, en sinal da que lle collestes ó dito rei de Francia, e unha coroa real de ouro un pouco por riba da dita manopla, e no cuarto de abaixo o campo azul con tres flores de lises de ouro, que son as armas verdadeiras dos reis de Francia, e que o cuarto

*dereito teña o campo colorado igual có cuarto de arriba e nel a banda devandita coas súas cruces, e o campo do cuarto sinistro tamén colorado, e nel o dito estandarte do dito serenísimo rei de Hungría coas armas do noso duca-
do de Borgoña, e o dito escudo timbrado segundo e como da maneira que vai posto e pintado aquí; estas armas que dámosvolas e concedémolas para vós e para os vosos fillos e descendentes, nados e por nacer, e para os seus descendentes deles, perpetuamente, para sempre endexa-
mais...”*

Polo tempo no que a Pita da Veiga se lle outorgou a cédula precedente debía estar xa na terra natal, de volta de Italia.

Contraeu matrimonio con María García, da antiga e nobre casa de Vilouzás, e deste matrimonio quedaron tres fillos homes: Alonso, Juan e Pedro. O primeiro, por carecer de fillos propios, vinculou tódolos seus bens, en virtude de testamento outorgado o ano 1587, no seu irmán Juan, que del proceden os Maldonado de Pontedeume; na casa señorial destes camparon, ata empezos de século, as armas concedidas por Carlos I a Pita da Veiga.

V. DONA ISABEL DE CASTRO E ANDRADE

A ilustre poetisa Dona Isabel de Castro e Andrade, máis coñecida polo seu título de condesa de Altamira, floreceu no século XVI.

O seu nacemento tivo lugar na por tantos títulos ilustre vila de Pontedeume.

Juan Pérez de Guzmán, no seu **Cancionero de la Rosa**, di que viu a luz primeira en Pontedeume ou en Monforte, e sinala, mal sinalado, a data do seu nacemento en 1576.

Estas cuestións aclarounas definitivamente o erudito escritor Don Eugenio Carré y Aldao³⁸¹.

A ambigüidade do texto de Guzmán no tocante ó lugar do nacemento de Dona Isabel queda destruída pola información que se abriu para a adopción de hábito de santiaguista dun fillo daquela, Don Lope Osorio de Moscoso, e do fillo deste Don Gaspar, porque tódolos declarantes afirman que foi en Pontedeume onde naceu a ilustre poetisa, quitado un

381. *Una poetisa gallega del siglo XVI*, “*Bol. de la Real Acad. Gall.*”, tomo X.

Historia de Pontedeume

que asegura que foi Pontedeume de Monforte -querendo, sen dúbida, dar a entender que Pontedeume pertencía ós estados de Monforte, ou sexa, ó conde de Lemos-, e hai outro que consigna concretamente “*que é natural de Pontedeume, a un cuarto de legua de Cabanas*”.

Dixemos antes que a data de 1576, que se creu que era a do nacemento de Dona Isabel, está confundida, e ímolo demostrar.

Os pais de Dona Isabel, Don Fernando Ruíz de Castro e Dona Teresa de Andrade, estaban casados en 1516; “*xa que logo -di Carré y Aldao- mal puido nacer Dona Isabel, como di o Sr. Pérez de Guzmán, e como, seguindo a el, se veu facendo ata aquí, en 1576, porque, á parte da data do seu casamento, aparece en escrituras e en documentos como maior dos vinte anos en 1549, e porque a súa nai faleceu moi nova en Madrid o 8 de Outubro de 1528; por isto, e vistos os antecedentes, é doado colixir que o nacemento de Dona Isabel debeu ser antes de 1528, moito máis cando o seu casamento co seu parente Don Rodrigo de Moscoso, mozo tamén maior de vinte anos e menor de vintecinco, efectuouse en Valladolid en 1555*”.

As composicións poéticas desta ilustre neta de Don Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas perdéronse. Pérez de Guzmán refire que viu unha colección de versos admirables, en galego e en castelán, desta escritora, na sala de manuscritos da Biblioteca Nacional; pero que, cando tentou volver buscar esa colección, non a atopou. Arestora só se coñecen dúas únicas poesías da autora mencionada: o soneto *A la rosa*³⁸², en castelán, e outro en galego, dedicado a Alonso de Ercilla, que aparece en **La Araucana**, terceira parte, Madrid, 1589, e despois na edición íntegra de 1597.

VI. DON PEDRO TIMIDAOS DE SEIJAS

Ó bacharel Don Pedro Timidaos de Seijas cítano como home moi douto na ciencia xurídica, que reunira dela unha copiosa biblioteca de tódolos autores antigos.

Considérase que é natural da vila de Pontedeume. Procedía da casa familiar de San Paio de Narla, no bispado de Lugo.

382. Este soneto está inserido na **Antología de poetisas líricas**, t. I, páxina 50, editada pola Academia Española de la Lengua; Madrid, 1915.

Foi avó do arcebispo de Santiago Don Francisco de Seijas e Losada.

Non se coñecen as datas do seu nacemento nin da morte: só se sabe que viviu no século XVI³⁸³.

VII. DON FRANCISCO DE SEIJAS E LOSADA

O preclaro arcebispo de Compostela Don Francisco Seijas e Losada naceu na vila de Cabanas, anque os pais estaban aveciñados en Pontedeume. Estes foron Don Diego Gómez de Seijas, rexedor da vila, e Dona Francisca de Losada.

Don Francisco Seijas foi colexial maior de Fonseca en Santiago, onde rematou a carreira literaria, e despois pasou ó de Santa Cruz de Valladolid.

Elixírono cóengo penitenciario de Santiago o 19 de Xullo de 1645, e tomou posesión do cargo o 7 de Setembro; despois designárono administrador do hospital de San Roque e do dos Reis Católicos; o rei Felipe IV nomeouno predicador seu, logo de apreciar a súa elocuencia nunha gran xunta de teólogos que houbo na corte; en 1664 o mesmo rei presentouno para o bispado de Valladolid, rexentou este durante seis anos e desde alí trasladárono a Salamanca; rexeu aquela diócese dez anos e, por último, no outono de 1680 propuxérono para a sé de Santiago.

“Pola dita igrexa de Santiago mandárono á Xunta da Inmaculada Concepción e, con ser da escola tomista, votou dos primeiros por este misterio. Para veneración e culto da Purísima edificou unha capela con este título.

No seu tempo tivo creto de home doutísimo. Coa súa virtude, ciencia e prudencia calmou o temible tumulto que se levantou en Santiago, composto por toda clase de xentes e de estados, contra Don Juan de Feloaga, ministro do Real Consello, por querer este introducir na cidade impostos novos, e puxo en seguranza a persoa daquel; por isto o rei Don Carlos II -que foi quen o propuxera para arcebispo de Santiago- deulle as gracias con expresións do seu real agrado.

Serviu ó mencionado monarca cunha compañía de infantés, á conta del, que pasou a Alemaña en 1682, para se pór ás ordes do emperador Leopoldo contra os turcos”.

383. Vid. **Breve compendio de varones ilustres de Galicia**, recompilado de varios autores, por JOSÉ PARDIÑAS; A Coruña, 1887.

Historia de Pontedeume

Don Francisco de Seijas faleceu o 26 de Outubro de 1684, ás nove da noite, e o seu cadáver recibiu sepultura no centro do cruceiro da catedral compostelá, entre o coro e a capela maior³⁸⁴.

VIII. DON FERNANDO RIOBÓO E SEIJAS

Don Fernando Riobóo e Seijas é fillo de Antonio Gómez Riobóo Pardiñas e Villardefrancos e de Dona María Seijas e Losada, que era irmá do arcebispo Don Francisco.

Morreu en Granada, a fins do século XVII, duns cincuenta anos, logo de acadar sona de xurisconsulto insigne.

Seguiu estudos en Santiago e continuou en Salamanca; alí foi colexial de San Salvador de Oviedo, e tanto se distinguiu, que logo lle conferiron a cátedra de *Instituta* en substitución, e dela pasou en propiedade á de vésperas de Leis. Despois de se graduar en cánones e en Teoloxía, puxérono no provisorato do bispo salmantino e del xuíz metropolitano dos Votos de Santiago.

Opositou con éxito a tódalas clases da súa facultade - en total, dezanove oposicións- e logo renunciou ós postos que acadara, porque parece que non quería máis ca comprobar e demostra-la súa competencia.

En 1691 era fiscal do civil na Real Chancelería de Granada, e nese cargo ós seis meses sorprendeuno a morte.

Consultado pola Real Cámara para o propoñer de auditor da Rota, sempre o rexeitou.

“Non consta -di Amor Meilán³⁸⁵- que deixase libro ningún escrito da súa man; pero que isto non fose obstáculo -que non o foi- para que se recoñecese o vasto tesouro da súa ciencia e que a sona desta perdure a través das xeracións, é o testemuño máis firme do alto valer do noso biografiado e do xusto que é que o citan entre os galegos que de veras honraron a súa rexión ausentes dela”.

384. ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela*, t. IX, Santiago, 1907, páxinas 182-185.

385. *Biografías gallegas*, no diario de Lugo “La Provincia”, 1917.

IX. DON BARTOLOMÉ RAJOY E LOSADA

Don Bartolomé de Rajoy e Losada, esclarecido galego e modelo de prelados, naceu na vila de Pontedeume o día 24 de Agosto de 1690 e bautizouse na mesma parroquia o día 25³⁸⁶. Os pais chamábanse Nicolás e Dominga. Daquela era párroco da vila o licenciado Don Martín Inturain, fora mestre bautizante Don Simón Menaya e padriños Don Francisco Menaya e Dona Francisca Fernández de Losada, tía do bautizado.

Rajoy estudiou gramática na cátedra de latinidade de Pontedeume. Foi *obispillo* de estudantes e predicou o seu sermón desde o púlpito da igrexa da súa terra o día de San Nicolao de Bari.

Despois cursou filosofía no colexio de San Xerome de Santiago; e así que rematou e acadou a bolsa de estudos, seguiu leis e cánones, e, feito bacharel, foi á Pasantía da cidade da Coruña, e na súa Real Audiencia graduouse de avogado. Exercendo aquí, comezou a escribir, o 11 de Agosto de 1711, unha compilación, por orde alfabética, de citas e cuestións de Dereito, seguramente para o seu uso particular, e que, anque non pasa da letra F, ocupa 746 folios, que se conservan no arquivo da catedral compostelá.

Pouco despois dedicouse á carreira eclesiástica, e fixo os estudos con tanto aproveitamento que, como quedara desocupada a Penitenciaría de Ourense, algúns amigos, que lle coñecían a sabedoría e a grandeza de enxeño, instárono a ir á oposición; el non quería, pola humildade e pola desconfianza que tiña de si mesmo, pero ó final animouse e acadou a praza. O mesmo lle pasou despois coa de Doutor de Lugo. Máis tarde pretendeu, tamén por oposición, a Penitenciaría de Santiago, e en primeiro e segundo escrutinio (24 de Novembro de 1730) obtivo catorce votos. En 1734 presentouse á Doutoría da mesma cidade e elixírono en primeiro escrutinio por vinte votos o día 21 de Outubro.

Máis adiante, estando Rajoy na corte en comisións do cabido, o rei nomeouno Comisario xeral de Cruzada, e para a cadeira arcebispal o 30 de Maio de 1751. Tomou posesión dela o 15 de Agosto seguinte.

386. LÓPEZ FERREIRO dáo como nado o 25 de Agosto dese ano. Vid. a extensa biografía que lle dedica no t. X, caps. IV e V da súa citada **Historia**; Santiago, 1908.

Historia de Pontedeume

A pesar das repetidas insinuacións de El-Rei, Rajoy escusouse de acepta-lo cargo de gobernador do Consello, e preferiu desempeñar persoalmente o da súa dignidade.

Ademais dos cargos mencionados, Rajoy tivo os títulos de Capelán Maior de El-Rei Católico e da súa Real Capela, Casa e Corte, Xuíz Ordinario, Notario maior do Reino de León e Conselleiro de El-Rei.

O seu principal desexo era distribuí-las rendas da mitra en esmolos e en obras de caridade pública. Imos reseñar algunhas destas obras benéficas que realizou Rajoy en Pontedeume, Santiago, Lugo e Ourense.

Construíu, xa o sabemos, a igrexa parroquial de Pontedeume, e ó tratar sobre ela xa demos conta das fundacións que deixou alí establecidas e das xoias que lle regalou.

As outras obras que fixo Rajoy en Pontedeume foron: amplia-lo convento de Santo Agostiño da vila, e para iso doou catro mil ducados, con obriga de tres misas cantadas que terían que dicir tódolos anos no mesmo convento os días de Santo Agostiño, San Nicolao de Tolentino e Santo Tomás de Villanueva ou dentro das respectivas oitavas³⁸⁷; fundar dúas escolas, para nenos e nenas, asignándolles renda ós mestres, edifica-las lonxas ou almacéns no peirao primitivo e pode que reconstruír este; facer unha casa para si na que agora é Rúa Real, cun fermoso escudo no máis alto da fachada; custea-la igrexa de San Martiño do Porto (concello de Cabanas), toda de pedra de cantería, e custear tamén a capela de Covés (concello de Pontedeume)³⁸⁸.

En Santiago, Rajoy edificou o grandioso edificio que arestora está dedicado a casa consistorial, e que tamén están instaladas nel outras dependencias oficiais. Este fermoso pazo mide 84 metros de longo, é de estilo xónico e de dous corpos, con áticos semicirculares nos extremos e outro triangular no centro. Encima deste hai unha bela estatua ecuestre do Apóstolo, e o pedimento é un baixorrelevo que representa a batalla de Clavijo, que o seu debuxo deseñouno o pintor de Cámara da S.M Don Gregorio Ferro e esculpírono Gambino e mailo seu xenro Ferreiro, todos tres notabilísimos artistas galegos. A fronte do edificio descansa en 25 arcos de medio punto. Está asentado sobre os alicerces do castelo dos Churruchaos. Principiouse en 1766 e concluíuse en 1777. Nesta obra investiu Rajoy 400.000 ducados.

387. Consta iso dunha escritura estendida en Santiago o 29 de Maio de 1761, perante Cristóbal Rodríguez de Lagoa, subscrita por Rajoy e por Frei Domingo García, prior do convento e lector xubilado, en representación del, que recibiu no momento a cantidade mencionada; deste documento deixounos copia autorizada polo dito Lagoa o historiador coruñés Don Antonio A. Rey Escariz.

388. A capela de Covés -arestora en ruínas- axustouna o mestre de cantería Romay -o mesmo que construíu a parroquial de Pontedeume- en 14.000 reais, conforme á planta que Rajoy lle encargara.- COUSELO BOUZAS, *Galicia artística*, pax. 566.

Reedificou na catedral a capela de Don Lope, agora da Comuñón, que é na que, nun ben labrado mausoleo, repou-san os seus restos mortais. Custoulle esta obra 15.000 ducados.

Regaloulle á catedral, para o altar maior, seis candeiros de ouro e unha Cruz do mesmo metal, fabricados en Madrid, que, segundo a conta do prateiro, importaron: o ouro 116.306 reais e 17 maravedís, o labor 33.000 e a emba-laxe 1.860. Para a imaxe do Apóstolo encargou unha esclavina e un bordón de ouro que custaron 277.056 reais e 11 maravedís, ós que lle hai que engadir 4.275 reais por con-ducción e gratificación ó que realizou en Madrid a obra.

Ampliou o pazo episcopal edificando os dous corpos saíntes que miran para o Este.

No barrio de Tarás edificou, en 1767, un hospital con 50 camas para pobres eivados, chamado, por iso mesmo, **de Carretas**.

A carón deste hospital fundou unha casa de mulleres arrependidas do mal vivir, co necesario para mantelas.

Dispuxo que se pagasen por conta súa os empeños que tiña o convento de Santo Agostiño da dita cidade de Santiago.

No hospital de San Roque fixo unha enfermería para os pobres convalecentes, provista de 30 camas e cos fondos precisos para os alimentar.

En 1769 formou un hospicio no cuartel do **Río de los Sapos**, que o pedira para recolle-los pobres, ocupalos en varias manufacturas e dispoñer escolas para os nenos. Para conservar esta institución impuxo 8.000 ducados sobre as rendas da Mitra, a maiores de 4.000 que ofreceu para ese obxecto o cabido e de 3.000 o mosteiro de San Martiño Pinario.

Por último, no mesmo ano de 1769, remediou a fame que castigaba as poboacións da diócese facendo vir de fóra do reino moita provisión de gran.

Á catedral de Ourense, de lembranza de que fora o seu Penitenciario, fíxolle un donativo de mil pesos.

Historia de Pontedeume

Á igrexa de Lugo, que pertenceu a ela máis tempo ca á outra, entregoulle mil dobróns de ouro, un precioso cáliz con moitas esmeraldas, un magnífico terno con seis capas de tea de prata e dúas suntuosas coroas de ouro e pedras preciosas para a Virxe dos Ollos Grandes.

Tamén foi valedor de moitas igrexas pobres da diócese, que lles regalaba cálices e copóns.

Rajoy faleceu o venres 17 de Xullo de 1772, ás tres da tarde -e a súa morte foi causa de pesar xeral dos diocesanos- asistido por dous padres agostiños, que non o deixaron ata o final.

Ponderando a caridade do eximio prelado, Frei Juan de Ocampo -agostiño natural de Pontedeume que chegou a ser provincial da Orde- na oración fúnebre pronunciada en Santiago para solemniza-las exequias de Rajoy dixo que *“a esmola que daba diariamente na porta subía ó ano a cento cincuenta mil reais, e a mensual asignada, a oitenta e catro mil”*. E resume a bondadosa prodigalidade do eximio pontumiense desta maneira: *“Non nos cansemos: asustan en algarismo as esmolas visibles e ocultas que repartiu este gran arcebispo. As visibles, que sen fatiga se lle representan á memoria, son cerca de dezasete millóns de reais. As segredas, só as pode enumera-la liberalidade do prelado; e eu só podo dicir: que computando o que expediu os anos de rendas que deixa vencidas e non cobradas, as grandes pensións que tiña sobre a Dignidade, gasto de bulas, consagración e precisa manutención do seu pazo, non é doado compoñe-lo espléndido co estado do recibo”*.

*“Ó Sr. Rajoy -escribe López Ferreiro- que tamén foi merecente do nome de Xusto, pódesele de certo aplicar aquela louvanza que contén o salmo CXI: **Dispersit, dedit pauperibus, justitia ejus manet in saeculum saeculi.**”*

X. DON PEDRO DE OMBRE E VARELA

O licenciado Don Pedro de Hombre e Varela, natural da vila de Pontedeume, foi cóengo prebendado da igrexa compostelá, e serviu ó arcebispo Rajoy nos empregos de fiscal xeral eclesiástico e de obras pías, xuíz eclesiástico e de rendas da dignidade arcebispal, secretario de cámara durante as

ausencias do propietario na santa visita e xuíz metropolitano. Ó morrer Rajoy nomeárono vicario capitular, co deán Don Policarpo de Mendoza.

Por escritura estendida en Santiago, o 26 de Agosto de 1785, perante o escribán Mateo González de Mourentán³⁸⁹, funda catro capelanías titulares e colativas na igrexa parroquial da súa vila natal, coas advocacións de Santiago, San Pedro, San Bartolomeu e a Nosa Señora das Dores, e para dotalas asigna 500.000 reais de prata. Dispón tamén que estas sexan sempre de padroado leigo, e elixe de primeiro patrón a Don Juan de Hombre, sobriño seu, crego de primeira tonsura, doutor graduado en Cánones Sagrados e fillo de Don Bartolomé de Hombre, veciño da vila de Pontedeume, e, cando morra, que o suceda o irmán ou o sobriño seu que lle corresponda, de maneira que o padroado resida nunha persoa soa, empezando na liña do dito Don Bartolomé de Hombre e, a falta dela, seguindo os irmáns e os parentes do outorgante, con preferencia do home á muller e do maior ó menor.

Nomea para a capelanía de Santiago a Don José Jacinto del Río, cura do beneficio de Santa María de Gonzar e sobriño do outorgante, como fillo lexítimo de Dona Catalina López e Hombre, a súa irmá, e de Don José del Río; para a de San Pedro elixe ó mesmo Don Juan de Hombre, e faino patrón; para a de San Bartolomeu a Don Francisco Bernardo Pardo, crego tamén de primeira e doutor en Sagrados Cánones, fillo lexítimo de Don Jacinto Pardo e de Dona Jacinta López e Hombre, irmá tamén do outorgante, veciños de Pontedeume; e para a da Nosa Señora das Dores a Don Gabriel del Río, estudante, irmán do Don José Jacinto, tamén sobriños seus e veciños de Pontedeume.

Se quedase libre algunha desas capelanías, por morte ou por renuncia dos nomeados, o patrón teraas que presentar nos parentes máis próximos do outorgante, aínda que non teñan idade dabondo, porque é vontade súa que a renda das capelanías lles sirva ós presentados para seguir escolas e estudos, con obriga precisa de que ós vintecinco anos, ou, todo máis, ós trinta, teñan que estar ordenados **in sacris** e continua-las demais ordes ata presbíteros, a título das capelanías ditas e das súas rendas, e cumpri-las misas delas, e entrementes, teñen que as cumprir por medio doutros sacerdotes, pagándolles a esmola que acordasen.

A obriga dos capeláns era encomendar a Deus ó outorgante, celebrar e aplicar pola súa alma, as dos seus pais e as

389. Arquivo da parroquial de Pontedeume.

Historia de Pontedeume

demais obrigas unha misa rezada cada mes na igrexa parroquial e altar respectivo da advocación da capelanía, e ademais das ditas misas rezadas mensuais, tódolos capeláns, ou quen os escusaren, tiñan que celebrar outra cantada o día da festa de cada Santo das advocacións, procurando asisti-lo patrón.

Este quedaba obrigado a realiza-los pagamentos que seguen, á conta dos xuros producidos polo capital da fundación: a cada un dos capeláns, 3.300 reais de prata anuais; á fábrica da parroquial, por razón de piso e oblata, 200 reais; ó párroco, por dereitos e celo que tiña que ter para cumprilo estatuído, 80 reais; ó patrón, polo seu traballo e o celo, 1.100 reais, e o resto facúltase ó dito patrón para o distribuír a arbitrio seu, segundo a súa conciencia e prudencia, en esmolas e axuda de dotes para os parentes pobres do outorgante dos dous sexos.

O auto de erección das mencionadas capelanías expedíuse na cidade de Santiago, o 17 de Xuño de 1789, sendo arcebispo Frei Sebastián Malvar e Pinto, que asina o escrito correspondente, e referéndao o doutor Don Antonio Fernández Boado, secretario.

Neste documento consta que o outorgante xa falecera.

XI. DON AGUSTÍN DÍAZ ROBRES

Agustín Díaz Robres e Quiroga -designado tamén Agustín Robres, que se pensaba que era natural de Ferrol-naceu na parroquia de San Salvador de Leiro, arestora do concello de Miño, o día 31 de Outubro de 1785. Os seus pais chamábanse Don Antonio e Dona María.

Viviou de novo en Madrid e estudou con proveito as matemáticas e a física e a química; a un tempo dedicouse con tesón á pintura, e suponse que nesta sería discípulo de Don Rafael Meng.

Foi mestre instrumentista no Observatorio da Academia de Gardas mariñas de Ferrol e despois profesor de Debuxo dela.

Estivo comisionado, con Don Andrés Antelo, para dirixi-la fábrica de moeda de Xubia, e alí conseguiu o aproveitamento dos lixumes de bronce. Substituíu interinamente ó director da fábrica desde o 14 de Setembro de 1813 ata o 22 de Abril de 1816.

Cando se suprimiron as compañías de Gardas mariñas, en consecuencia do regulamento do 8 de Outubro de 1825, Díaz Robres quedou exento do profesorado; pero isto non o quitou de desempeñar varias comisións científicas conferidas polo Goberno español nin de continua-las súas artísticas tarefas.

Casou con Dona Manuela Díaz, filla dun oficial primeiro do Corpo de Contaduría, e quedou viúvo dela. Morreu ós 82 anos en Ferrol, o 24 de Febreiro de 1841.

Velaquí unha lista das obras máis coñecidas de Díaz Robres: **Patriarca San Xosé na Agonía**, restaurado, colocado nun dos altares colaterais da capela do Hospital da Caridade de Ferrol; **Retrato de Don Dionisio Sánchez Aguilera**, fundador do mencionado hospital, na sala capitular do mesmo establecemento; **Retrato de Dona Josefa Pardo de Cela**, colección de familia, en Ferrol; **A Unción e o Enterro de Cristo**, copia de Meng, con trece figuras de tamaño natural, na capela do cemiterio da mesma localidade; **A Anunciación**, na parroquia de San Xurxo da Coruña; **As Ánimas do Purgatorio**, na mesma parroquial; **Santa Teresa**, na parroquial de San Nicolao da Coruña; **A Aparición da Virxe co Neno no colo a un relixioso capuchino**, no mesmo templo; **Desposorios da Virxe con San Xosé**, na catedral de Mondoñedo; **San Fernando na toma de Sevilla, recibindo as chaves da cidade**, con moitas figuras, na mesma igrexa; **Santo Domingo entregándolle á Virxe o Rosario**, tamén para a catedral de Mondoñedo; **San Sebastián sufrindo o martirio**, na mesma catedral; **A Purísima Concepción**, tamén para ese templo, a máis de seis óvalos que pintou para alí tamén; e **A Magdalena**, na catedral de Lugo.

Seguro que hai máis cadros de Díaz Robres, e é unha pena que sigan ignorados³⁹⁰.

390. Vid. **Don Agustín Díaz Robres**, por NICOLÁS FORT ROLDÁN, número 55 de "El Eco de Puente deume" (5 de Xaneiro de 1908).

XII. DON FRANCISCO BERMÚDEZ DE SANGRO

Don Francisco Bermúdez de Sangro naceu en San Vicente de Caamouco, do actual concello de Ares.

No ano 1808, vivindo na Coruña, o 25 de Maio nomeárono representante da cidade para a asemblea que o francés quería xuntar en Baiona; non chegou a asistir a ela por causa dos acontecementos que ocorreron nos días seguintes.

Foi dos primeiros en lles dar apoio ós comisionados da Xunta de Asturias, que chegaron á Coruña pedíndolle para combater ó invasor.

A Xunta Suprema do reino de Galicia mandou a Sangro a Londres, o 15 de Xuño de 1808, cun oficio para o Secretario de Estado da S.M.B. Sir George Caning, pedindo auxilio do Goberno inglés, e el desempeñou este encargo satisfactoriamente, malia non ter daquela máis ca 29 anos. Polos seus esforzos conseguiuase que o goberno de George III mandase cuantiosos auxilios en numerario, calzado, vestiario e artigos de guerra; que viñese a Galicia, en calidade de enviado especial, Sir Charles Stuart; que desembarcase en Portugal a expedición de Wellesley e que o caudillo se presentase na Coruña para conferenciar coa Xunta; que se dispuxese o regreso a España dos soldados de la Romana; que se establecese a liberdade da navegación e a protección das nosas costas por parte da mariña inglesa e o servizo directo de correos entre Plymouth e Falmouth e maila Coruña; que se realizase o empréstito dos banqueiros ingleses con garantía de Sangro e de Don Pedro Agar (un hispano-americano bo patriota); e, por último, que volvesen para a terra patria os prisioneiros españois doutras guerras, sometidos a duro labor nos pontóns británicos.

Caning estimaba moito a Sangro. O rei George III fíxolle o prezado agasallo dunha tabaqueira de ouro co seu retrato orlado de magníficos brillantes.

Desque volveur para Galicia, Sangro seguiu a axudar extraoficialmente nos traballos da Xunta Superior. En 1810 tivo que resolver esta, dándolle a razón a Sangro, unha cues-

Fillos notables

tión suscitada por exceso de celo do intendente Gardoqui, sobre o investimento dos caudais.

En 1812 elixírono deputado ás Cortes por Betanzos, e foi un dos que asinaron e xuraron a Constitución de Cádiz e dos que máis traballaron na Comisión de Mariña. Pertenceu a ela por razón do seu cargo de capitán da Real Armada.

Estivo casado con Dona Jacoba Montenegro e Páramo.

En Santiago de Sumio, parroquia situada no val de Barcia, descansan, desde 1818, os restos venerables deste home ilustre³⁹¹.

391. Vid. **Don Francisco Bermúdez de Sangro**, por F. MARTÍNEZ MORÁS, que é de onde están entresacadas estas noticias; t. IV do “Bol. de la Real Acad. Gall.” páxinas 7-10.

T E X T O S

DOCUMENTO I

Unha copia dada a pedimento da xustiza e rexemento desta vila, con mandato do seu alcalde maior, o 27 de Febreiro de 1635, polo escribán Juan de Nogueirido, signada e asinada polo mesmo en dezanove follas de papel común, na que se insire o testamento cerrado outorgado por Juan Beltrán de Anido, o 5 de Febreiro de 1580; a copia sacouse da matriz que está no arquivo do ex-convento dos agostiños desta vila, e nela, despois das dilixencias de apertura, insérese literalmente o testamento mencionado, outorgado a testemuño de Juan Ares, escribán, notario público nos estados de Lemos; nel, logo de face-la protestación da fe, hai varias cláusulas polas que o Juan Beltrán de Anido dispón e declara o que ten por conveniente; e desas cláusulas son as que din así:

“Iten mando, digo e declaro e é vontade miña que de tódolos meus bens mobles e raíces, dentro dun ano enteiro e cumprido se faga deslinde, dos propios coma dos de foro, e reconto de gando e de enxovais, para que haxa luz de todo - e que deles se recollan os froitos, para que o que renderen se poña en depósito para compra-la capela por min instituída e facela como máis adiante neste meu testamento se declarará.

“Iten quero e é vontade miña que despois de tida, comprada e feita a dita capela, que se me diga unha misa cada semana nela polas ánimas do Purgatorio.

“Iten mando que desque morra Isabel Jaspe, miña muller, que a renda que renderen as aceas e mailo que renderen os meus bens raíces, casas, viñas e herdades desta vila, comarca e xurisdicción, que estean suxeitos a esta casa na que vivo, que foi e ficou do meu pai Alonso García de Mourelle, e María Fernández de Anido, miña nai, e esa casa déixoa deputada e nomeada para o efecto seguinte - que haxa nela un perceptor presbítero de misa, que lles aprenda gramática ós fillos de veciños desta vila e da súa comarca e que teña canda el catro rapaces pobres que o sirvan, e que el estea obrigado a dicir unha misa na capela e a ensinar como teño dito, que ningún dos rapaces poda estar máis de tres anos, e que se lles dea a cada un a súa roupa parda a maneira de colexio, e se a miña facenda dese mantido seis rapaces, como ós meus cumpridores e á xustiza e rexemento dese lugar lles parecer, encárgolles que miren pola súa república e que o cumpran e teñan dó disto que lles encargo, e mando que cada día de Santa Catarina, a festa principal da dita capela, os meus cumpridores e patróns lles dean unha comida, para que vexan e dean orde no que máis cómpre niso do preceptor e dos pupilos, para que esta vila aumente.

“Iten digo e mando que os meus cumpridores traten con Gregorio Carnero, rexedor desta vila, para que dea a orde de que se abra a capela de Pedro Bermúdez de Castro, e de non a poder ter, que traten co prior que é ou que for desta vila para que lles dea a capela de Pedro de Fraga, que está na igrexa de Santiago desta dita vila, polo que for xusto, e que lla paguen, e se non se pode ter ningunha delas, que me digan as misas que mando dicir cada ano na capela da Nosa Señora do Rosario, que está na dita igrexa.

“Iten mando que se houber capela das que así mando comprar ou facer, nomeo e deixo a dita casa na que vivo, que ha de vivir nela o preceptor, con todo o resto da facenda e os bens que se encontraren logo de cumprido o que contén esta miña manda e testamento para o dito efecto por heredera insolidum, e dótoa cos ditos bens para o efecto devandito - e encárgolle-las conciencias ó alcalde e ós rexedores da dita vila para que ma fagan ter reparada e feita a maneira de estudio e que se poda ler nesa casa e crialos ditos rapaces e vestilos como digo, de maneira que non sobre ningunha cousa de todo o que os meus ditos bens renderen, tanto no do da dita capela que instituíu e mando facer a advocación e en honra da Señora Santa Catarina coma no demais do dito estudio e preceptor de gramática, e para o dito efecto de que se garde e se cumpra para sempre deixo, nomeo e instituíu de patróns a Antonio Beltrán de Anido e a Pedro Díaz Teijeiro, primos meus, e se morre un, que quede e resida no outro, e se morren os dous, deixo e nomeo de tales patróns da dita capela e colexio á xustiza e rexemento desta dita vila que son ou que foren, e a eles encárgolle-las súas conciencias como queda dito para que o garden e o cumbran e o fagan gardar e cumprir e poñan para ese efecto a mellor orde que lles parecer, tanto en beneficia-la facenda para o devandito coma para que se garde e se cumpra e vaia adiante todo o que contén esta cláusula, e mando que o dito preceptor que for da dita gramática e estudio que así mando que se faga, que sexa rector da dita capela e que diga nela misa tódolos días, non habendo xusto impedimento para iso, coma se for habendo algún morto na igrexa que llo empezan, e se hai que a poda dicir outro día, porque así é a miña vontade, e mando que non podan engadir máis capeláns, senón que sempre o dito preceptor sexa rector dela.

“Iten mando que se houber algún meu parente, do tronco e da xeración miña, que sexa crego e hábil para ensina-la dita gramática, que sexa preferido na dita capela e estudio, que así mando que se faga, antes ca outro, con que cumpra e garde a orde que os ditos meus patróns lle puxeren, que é vontade miña.

“Iten mando que tódolos meu bens raíces e a facenda, ora sexan da capela ora sexa pola demais orde que así mando, que non se podan vender nin allear en ningún tempo, senón que fiquen sempre de pé para a dita capela e estudio que así mando facer para sempre, porque esa é vontade miña.

“Iten mando que a dita capela que así mando facer non a poda visitar nin o ordinario nin outro prelado que teña poder para iso, anque haxa bula da súa maxestade, e cando de feito o tentaren facer pola forza, mando que tódolos meus bens, casas, viñas, casais, herdades labradías e montesías e moendas se lle vendan publicamente a quen por eles máis der e que se gasten e se distribúan en obras pías á vista do prior que é ou que for do mosteiro de Santo Agostiño desta vila da Pontedeume pola miña ánima e a dos que teño ó meu cargo, e ó dito prior que é ou que for déixoo de acusador deste meu testamento e do que contén, porque é así a miña vontade”.

DOCUMENTO II

Nun expediente promovido no ano 1742 por Don Nicolás Rey, presbítero, sobre a provistación da cátedra de menores, preséntase unha real provisión librada polas S.E. os Sres. da Audiencia de Galicia o 16 de Xuño do mesmo ano de 1742, e nela insérese unha parte do testamento outorgado por Don Francisco Pérez, crego presbítero, que foi cóengo da colexiata de Santa María do Campo da Coruña, perante o escribán Francisco Antonio Vizoso, o 2 de Decembro de 1707. O testamento empeza coa protestación da fe e as demais cláusulas de estilo, e conclúe co seu outorgamento e sinalamento de testemuñas, e entre as varias disposicións que comprende está a que di:

“E procurando que todo o demais remanente dos meus bens ceda para gloria e honra do noso Deus e Señor, de quen é todo que temos, e para ben e utilidade doutros, coñecendo, como de certo coñezo, que a cátedra de gramática da dita vila de Pontedeume que hai anos que estou a rexentar ten moi pouco renda e é intolerable o traballo de a rexentar un suxeito só, que, anque teña moito celo de aproveitar, non pode perfectamente acadar este fin máis ca con indíctible traballo e fatiga, se non se reparte polo menos entre dous a ensinanza dela, e coñecendo tamén qué necesario e proveitoso é o coñecemento perfecto desta facultade para tódalas demais literarias, porque se ten por nai universal de tódalas ciencias, quero e é vontade miña que co que renderen o resto da facenda raíz e os cartos que se quítaren dos bens mobles e as débedas cobradas que ha de entrar nas mans dos patróns da dita cátedra, que son os señores xustiza e rexeimento da dita vila, que se funde unha cátedra de menores, para que un repetidor ensine ós estudantes de mínimos e de menores que concorreren á dita cátedra, e que estea, tocante ó ensino, á dirección e á orde do catedrático principal: que examinará ós estudantes de menores que tiveren que entrar na clase de medianos, e que o dito repetidor procure asistir ós exames que o dito catedrático fixer no xeral, e os sábados que se xuntan todos para tomar conta do pasado na semana, asistindo co catedrático para algunhas advertencias do que se ensina - e o dito repetidor nomearano e elixirano os señores patróns, precedendo algunha oposición ou exame para a idoneidade e suficiente do suxeito que teñan que elixir, e se concorre á dita posesión ou exame algún sacerdote ou ordenado de orde sacra, que sexa preferido ó que non o for, se o merecen igualmente, e non doutra maneira, e se é natural da mesma vila que teña esta preferencia exteris parebus ós de afora, coa distinción dita da orde - e préngolles ós ditos señores patróns que provean nisto con todo o coidado, por ceder en utilidade e ben

público dunha vila e unha comarca e ser esta ensinanza e educación a base fundamental para os maiores progresos da mocidade - e o dito repetidor que obteña a dita cátedra polo tempo e o espacio que se elixise ó catedrático principal, contando que cumpra ben coa súa ocupación e que non teña deméritos, porque se os hai e constan claramente antes de cumpri-lo tempo polo que se lle dese, poderano remove-los ditos señores patróns, porque o ben público débese preferir sempre ó particular, e queda a disposición deles, cando remate o dito tempo polo que lle desen, ou antes se hai a causa dita, deixala vacante para nova oposición, anque se cumpre ben o que a rexenta, terá dereito particular a que ser reelixido, e non se lle poderá dar a ninguén para se ordenar a título dela”.

DOCUMENTO III

Na freguesía de San Cristovo de Portomouro e casa do priorado de Cernadas, anexo ó real Mosteiro de San Martiño da cidade de Santiago, a 16 días de Maio, ano de 1769. Por min, escribán e testemuñas, o Ilmo. Sr. Don Bartolomé de Rajoy e Losada, arcebispo e señor da dita cidade e do seu arcebispado, do Consello da S.M. o capelán maior, xuíz ordinaria da súa real capela, casa e corte e notario maior do reino de León, dixo: Que polo teor deste instrumento funda perpetuamente na vila de Pontedeume dúas escolas, unha para nenos e outra para nenas, que pola conta da súa Ilma. se están fabricando as casas para elas, e para este fin sinalalle en cada ano de salario ó mestre dos nenos cen ducados de prata, coa obriga que ha de ter de lles aprender ós rapaces a ler e a escribir, criándoos no santo temor de Deus, e que saiban ben a doutrina cristiá, e cada sábado pola tarde terá que saír con eles a canta-lo Rosario pola rúa. E á muller mestra das nenas sinalalle de salario oitenta ducados cada ano, con obriga de lles aprender a ler e a escribir, coser e outros labores de mulleres, tendo especial coidado en que saiban a doutrina cristiá, que se crien no santo temor de Deus e que tódolos sábados pola tarde ten que reza-lo santo rosario con elas na dita escola; que a elección de mestre e mestra haa facer Don Tomás Moreira, cóengo da Santa e Apostólica Igrexa da dita cidade durante a vida, e logo da súa morte o padre prior que fôr do convento de Santo Agostiño da dita vila e dous eclesiásticos fillos de veciños dela os máis antigos; que os salarios se han pagar da renda de dez almacéns que a súa Ilma. fixo fabricar na ribeira da dita vila, que no presente andan arrendados en cinco mil e catrocentos reais de prata, dos que tamén destina de salario cada ano cincuenta ducados para o que coidar da súa administración, arrendamento, percepción de alugueres e reparacións necesarias para a subsistencia dos ditos dez almacéns, que o seu administrador terá que ser eclesiástico e fillo de veciño da vila mencionada, preferindo sempre a tódolos demais quen sexa cordo e hábil para o dito cargo, que tamén o nomeará o dito Don Tomás Moreira mentres viva e despois o padre prior e os eclesiásticos que quedan expresados, que a eles e a cada un hánse-lles dar do producto dos ditos almacéns sesenta reais cada ano, tanto polo nomeamento coma polo coidado de lle tomar contas ó administrador e de face-lo destino cada ano do resto do producto dos ditos almacéns ata onde chegar, repartíndoo en dotes de cincuenta ducados para cada unha das fillas de veciño que sinalaren os expresados electores, que as ditas mulleres sexan tales que vivisen en santo temor de Deus e con honra, e a esa elección asistirán con voto o cura e rector propio que fôr da parroquia en cada un dos días de Pascua de Resurrección. E como algunha eventualidade terá o producto fixo dos ditos almacéns, se for necesario para o seu reparo e subsistencia gastar algunha cantidade do que produza, antes consumir primeiro antes dos mencionados dotes, porque mira á conservación dos fondos. E dos das reparacións ha de andar o pro-administrador valéndose de mestres que o fagan, tomando recibo do seu custo para presentar nas contas que lles ha de dar tódolos anos ós ditos padre prior e dous eclesiásticos que van sinalados. E para esta fundación de escolas,

Historia de Pontedeume

dotes e o demais que vai expresado cede e doa para en todo tempo os ditos almacéns e o seu producto e de tódolos cartos que a eles hai e ten o ilustrísimo señor outorgante; desde o día de hoxe afástase, demite e desapodérase, e enteiramente, sen reservación de cousa ningunha, cédeos e dóaos como queda dito, para o fin que vai expresado; e como isto é en favor de causa pía, desde logo, para que quede irrevocable, estando presente Don Lorenzo Folgueira, fiscal eclesiástico e de obras pías deste arcebispado, dixo que aceptaba e aceptou esta fundación e doazón que fai para elas. E a súa Ilma. pola traducción deste instrumento, que das súas mans pasou ás do dito fiscal eclesiástico e delas volveu ás de min, escribán, dixo que lle daba e facía a posesión real, corporal, actual, civil, dos ditos dez almacéns que para esta fundación leva cedido e doado, e poder cumprido para que se a quixer tomar máis en forma que o poda facer, que desde logo a consigna e dáse por citado e obrígase coa súa persoa e bens espirituais e temporais de ter por bo e firme e valedoiro este instrumento, e contra o seu contido non reclamar en tempo ningún, e que se o fixer consiga non ser oído nin en xuízo nin fóra del, e para ese fin dálle todo o seu poder ós xuíces do seu foro e xurisdicción e sométese a eles para que lla fagan cumprir e ter por firme coma se fose sentenza pasada en cousa xulgada; renuncio a tódalas leis ó meu favor e o capítulo... Sacros Cánones e o demais que conforme á miña Dignidade poda e deba renunciar. Dixo así e outorgouno, asinou co fiscal eclesiástico, a quen eu, escribán, avisei de que en conformidade da real Pragmática ten que manifestar copia deste instrumento no oficio de hipotecas correspondente dentro dun mes, que sen ese requisito non ha facer fe contra os bens aquí cedidos e doados nin poderá usa-lo dito instrumento xudicialmente, a todo isto foron presentes para todos Don Pedro Feijóo, Don Fernando de Salas e Don Manuel Seoane, veciños da cidade de Santiago, familiares da súa Ilma., e disto eu, escribán, dou fe e de que coñezo ó señor outorgante e ás testemuñas.- Bartolomé, arcebispo de Santiago.- Dr. Don Lorenzo Antonio Folgueira e Saavedra.- Pasou perante min, José Antonio de Neira.”

DOCUMENTO IV

O principal das cláusulas do testamento do Alonso Mancebo referentes a esta fundación di:

“Iten digo que por quanto yo y la dha catalina mancebo, mi muger, edeficamos la dha capilla de la trenidad e p^a el serbiçio debino e descargo de nuestras animas e conçiencias e de los que somos a cargo, quiero y es mi boluntad quella aya hordinariamente para sienpre quatro capellanes de buena bida, los quales sean tomados y elegidos por mis conplidores y que los dhos capellanes sean obligados a dezir cada uno dellos en la dhacapilla cada semana seis misas, la una el lunes por las animas de purgatorio, y otra el martes que sea del yspiritu santo, y otra el miércoles, y otra el jueves, y otra el biernes que sea de la pasión, y otra el sabado, misa cantada de nra señora, e con cada misa digan rresponso sobre mi sepultura e de la dha mi muger e de mi madre, y que para todas las dhas misas se de çera e bino lo que fuere menester, e quen dho dia sabado a la tarde los dhos capellanes de la dha capilla digan la salva cantada en ella como aora se acostumbra, y que se les de y pague de salario quatro mill mrs a cada un de los dhos capellanes en cada un ano, pagos por terçios del dho ano, e conque ninguno de los capellanes no pueda ser perpetuo, sino que en cada un ano los dichos mis cunplidores o patronos en cuyo tiempo fuere, los puedan quitar y rremober y poner otros, como mejor les paresciene que conbiene al serbiçio divino, e que ninguno de los dhos capellanes no pueda dexar de dezir las dihas misas el dia que le cupiere, ni poner otro en su lugar que sirba la dha capellania por el eçeto sini fuere por enfermedad o por prisión de su persona, y quel tal capellán no pueda dexar de dezir la dha misa con dezir que ai sepultura de muerto para dexar de dezir la dha misa, y que faltando de las dezir si no por las causas suso dhas, que mis conplidores le quiten y desquenten dos rreales y se den a un clérigo o flaire que diga la dha misa, por manera que ningún dia falte de se dezir misa en la dha capilla, e que ninguno de mis conplidores pueda dar ni de liçençia al tal capellán para que diga misa de un dia para otra, sino fuere por las causas suso dhas, e que sean ansimesmo obligados los dhos capellanes a dezir el dia de nra senora de setiembre, fiesta prinçipal de cada un ano, misa cantada con bisperas y rresponso, y lo mismo digan todos los dias de la fiesta del señor santiago, de san juan ebangelista e san juan baptista, el dia de santo agustín e san nicolás e de trenidad misa cantada en la forma sobre dha, e que ansimismo ayuden al capellaan que es o fuere de la dha yglesia de santiago de la dha villa a serbir el culto debino quando fuere menester, sin perjuizio de lo que se le encarga, y espiçialmente pongo por condición en este mi testamento que en ningun tiempo las dhas capellanias, ni ninguna dellas ni la dha capilla que asi fundo, ni la rrenta della, por ninguna bia que sea ni ser pueda, se puedan anexar, ni perpetuar, ni bacar, ni a presen-

Historia de Pontedeume

tarse, ni bisitarse, ni a titularse por ningun perlado bisitador, ni otra ninguna persona, sino serbirse en la forma y manera suso dha en cada un ano, y haziendo lo contrario, que no bala, e que en tal caso sea en helecion e boto de los dhos mis conplidores e de los que despues dellos subçedieren en el dho cargo e hofiçio, que fueren personas de mejor conçiencia, de quitarse los dhos capellanes y rentas de las dhas capellanias y los mas a ella pertenescente y hazer dezir por ella en cada un ano para siempre, por el anima de la dha mi muger... y de los a que somos a cargo quatro trintanarios de misas, çerradas en el monasterio de nra senora de graçia, exstramuros desta dha villa, o en el monesterio de san francº de la cibdad de la coruna, en cualquiera de los dhos monesterios que a los dhos mis conplidores paresciere que hes mejor, e por ellos paguen la limosna que conçertaren, y sobre todo les encargo las conçiencias pª que lo agan e cumplan segun lo mando...”.

Noutra cláusula ordena que, de pagados os gastos da capelanía e o demais que se declara no testamento, *“do que sobrare y rremaneçiere de la dha rrenta que la mitad dello se de y enprehee en casar hijas huérfanas y moças pobres mis parientas si las ubiere, y la otra mitad para dar de comer y bestir a pobres mis deudos y de la dha mi muger que mas menester lo obieren y padesçieren neçesidad, y asi satisfecha y cunplida la dha limosna, si alguna cosa sobrare dello, se rreparta a otros que a mis conplidores paresciere y tiene nesçesidad...”*.

“Iten mdº que mis cunplidores o patronos en cuyo tiempo fuere e subçediere de de bestir a treze pobres moços e moças, mis deudos y de la dha mi muger si los obiere, o sino a otros que dello tengan nesçesidad y les paresciere que lo an menester y tienen nesçesidad, el dia de nra senora de las candelas, que es la fiesta principal de la dha capilla, en cada un ano para siempre, dando al hombre o moço dos baras de pano de pardo negro y a las mugeres o moças tres baras de pardo blanco a cada una, dando asi mesmo limosna a todos los otros pobres que el dho dia se allegaren o benieren a la dha fiesta a bista y pareser de los dhos mis conplidores o patronos y que a todos los dhos pobres, juntamente con los rregidores, prior, capellanes y escribano, se de una comida en dicho dia de la dha fiesta cada un ano para siempre, asta tanto que con ellos se gaste y cunpla la dha limosna y bestido neçesario, como ba declarado”.

Designa de cumpridores a Alonso Sardina, veciño de San Martiño do Porto, e a Fernán Martínez, mercador, criado seu, e desque morresen estes nomea de patróns ó alcalde e ós rexedores, e de acusador ó prior que é ou que for do convento de Santo Agostiño, que manda que lle dean de salario cincocentos maravedís, e ó alcade, ós rexedores e ó escribán, catrocentos a cada un e en cada ano.

O testamento contén diversas mandas a igrexas, confrarías, etc., e a particulares, e hai orixinal no arquivo municipal de Pontedeume.

ÍNDICE DE CAPÍTULOS

Historia de Pontedeume

P R I M E I R A P A R T E TEMPOS PRIMITIVOS ATA A CASA DE ANDRADE

PAX. 9-29 I.- Os ANTIGOS POBOADORES

- 11..... I. POBOACIÓN PRE-CELTA.-
- 13..... II. OS CELTAS E OS OUTROS POBOADORES COETÁNEOS DA PENÍNSULA;
OS CELTAS NA TERRA EUMESA: CASTROS, TORQUES, TOPONIMIA,
LUBRES, CIDADES CELTAS; O PORTO DOS ÁRTABROS.-
- 17..... III. RECTIFICACIÓNS SOBRE A COLONIZACIÓN FENICIA,
GREGA E CARTAXINESA.-
- 18..... IV. OS ROMANOS: TOMA DE LÁMBRICA E LIBUNCA; RESTOS ROMANOS
EN PONTEDEUME; OS MOEDAS DE ALGARA; A VÍA ROMANA DE
LÁMBRICA A LIBUNCA; PONTUMIO.-
- 22..... V. O CRISTIANISMO: A SÚA PREDICACIÓN NA TERRA EUMESA; PRIMITI-
VAS AGRUPACIÓNS MONÁSTICAS.-
- 23..... VI. SUEVOS E VISIGODOS; OS TERRITORIOS DE PRUZOS E BEZOUÇOS
AGREGADOS Á DIÓCESE DE ÍRIA.-
- 24..... VII. OS ÁRABES: O NOME ALGARA; BATALLA DE PONTUMIO; AS EXPEDI-
CIÓNS DE ÁLABER E MELICH; A IRRUPCIÓN DE ALMANZOR; PIRATERÍAS
DOS ÁRABES; O TRIBUTO DAS CEN DONCELAS.-
- 27..... VIII. OS NORMANDOS.-
- 28..... IX. A ESTADÍA DE ÁRABES E NORMANDOS NA TERRA EUMESA.

PAX. 31-56 II.- Os SEÑORÍOS

- 33..... I. CONDICIÓN DAS PERSOAS NESTE PERÍODO.-
- 34..... II. SÍNTESE DO MESMO.-
- 35..... III. LITIXIOS ENTRE O BISPO DE SANTIAGO E OS DE LUGO E
MONDOÑEDO SOBRE OS DOMINIOS DE PRUZOS E BEZOUÇOS.-
- 40..... IV. DON PEDRO FROILA, CONDE DE TRABA.-

Índice de capítulos

V. DON BERMUDO PÉREZ DE TRABA E O MOSTEIRO DE NOGUEIROSA.-	42
VI. DON FERNANDO PÉREZ DE TRABA, OS TEMPLARIOS E A IGREXA DE MIÑO.-	45
VII. MOSTEIROS E IGREXAS ANTIGAS: BREAMO, DOROÑA, ANDRADE E VILANOVA; LUBRE E AS NEVES.-	46
VIII. FUNDACIÓN DA VILA DE PONTEDEUME.	53

III.- CAAVEIRO PAX. 57-74

I. ORIXE DA PALABRA CAAVEIRO.-	59
II. FUNDACIÓN DO MOSTEIRO.-	60
III. SAN ROSENDO.-	64
IV.- ALGUNHAS DOAZÓNS FEITAS A CAAVEIRO.-	68
V. A SÚA EXTINCIÓN.-	71
VI. A SÚA RESTAURACIÓN.	73

IV.- MONFERO PAX. 75-103

I. A SÚA FUNDACIÓN.-	77
II. PRIVILEXIOS E DOAZÓNS.-	80
III. A IGREXA E MAILLO CONVENTO.-	85
IV. MILAGRES DA VIRXE DA CELA.-	92
V. OS RELIXIOSOS DE MONFERO.-	94
VI. CONCORDIA ENTRE O ARCEBISPO DE SANTIAGO E MAILLOS MONXES DESTE MOSTEIRO.-	95
VIII. DESPOIS DA EXCLAUSTRACIÓN	96

Historia de Pontedeume

S E G U N D A P A R T E A CASA DE ANDRADE ATA A SÚA FUSION COA DE LEMOS

PAX.107-113 I. INDICACIÓNS XERAIS

- 109 I. FERNÁN PÉREZ O BÓO E OS SEUS SUCESTORES.-
- 110 II. OS SEÑORES DE ANDRADE E A HISTORIA DE PONTEDEUME.-
- 111 III. ORIXE DESTA CASA.-
- 112 IV. A SÚA IMPORTANCIA.

PAX.115-168 II.- FERNÁN PÉREZ “O BÓO”

- 117 I. NOTICIAS XENEALÓXICAS.-
- 117 II. DOAZÓN DOS SEÑORÍOS DE PONTEDEUME, FERROL E VILALBA.-
- 120 III. O FRATRICIDIO DE MONTIEL.-
- 122 IV. BENEFICIOS DO DE ANDRADE ÓS SEUS ESTADOS.-
- 124 V. A SÚA INTRUSIÓN NOS BENS DOS RELIXIOSOS.-
- 125 VI. FEITOS DE ARMAS DE FERNÁN PÉREZ.-
- 128 VII. A SÚA PERSONALIDADE NOUTROS ASPECTOS.-
- 129 VIII. O SEU PASAMENTO.-
- 131 IX. A PONTE DE PONTEDEUME E MAILAS DE PONTE DO PORCO, XUBIA E SIGÜEIRO.-
- 137 X. A TORRE E MAILLO ALCÁZAR DE PONTEDEUME.-
- 142 XI. O CASTELO DE ANDRADE.-
- 146 XII. O CASTELO DE MOECHE.-
- 148 XIII. O CASTELO DE NARAÍO.-
- 151 XIV. O CASTELO DE VILALBA.-
- 152 XV. AS IGREXAS DE SANTA MARÍA DO AZOUGUE E SANTIAGO E MAILLO CONVENTO DE SAN FRANCISCO NA CIDADE DE BETANZOS.

Índice de capítulos

XVI.- MONTEFARO E CHANTEIRO.-	159
XVII. O CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE FERROL.	167
III.- PEDRO FERNÁNDEZ DE ANDRADE	PAX.169-173
I. ESCASAS NOTICIAS DESTE PERSONAXE.-	171
II. A GRANXA DE REPARADA.-	171
III. A CAPTURA DE BALEAS EN GALICIA.-	172
IV. DONA MENCÍA DE MEIRA.-	173
IV - NUNO FREIRE DE ANDRADE	PAX.175-185
I. CARÁCTER DESPÓTICO DESTE PERSONAXE.-	177
II. A POSESIÓN DOS COUTOS DE MUNIFERRAL E FEÁS.-	178
III. A SÚA INTRUSIÓN NOS BENS DO MOSTEIRO DE SOBRADO.-	179
IV. A SUBLEVACIÓN DE ROI XORDO.-	180
V. SERVICIOS PRESTADOS POR NUNO FREIRE E DISTINCIÓNS QUE MERECEIRA.	182
VI.- A SÚA PROTECCIÓN A MONFERO E O SEU SEPULCRO NESTE MOSTEIRO.	183
V.- PEDRO FERNÁNDEZ DE ANDRADE II	PAX.187-194
I. LEGADOS A MONTEFARO E MONFERO.-	189
II. DIEGO DE SAMBOULO.-	190
III. A PROTESTA DE PEDRO PADRÓN.-	191
IV. EFECTOS DELA.	193

Historia de Pontedeume

PAX.195-214 VI.- DONA MARÍA DE ANDRADE E FERNÁN PÉREZ II

- 197 I. FERNÁN PÉREZ SUCEDE Á SÚA SOBRÍÑA DONA MARÍA.-
- 197 II. CONFÍRMASE A FERNÁN PÉREZ NO SEÑORÍO DE FERROL.-
- 198 III. INTRUSIÓN NAS PROPIEDADES DA IGREXA DE SANTIAGO.-
- 200 IV. CABALEIROS QUE TIÑA FERNÁN PÉREZ Ó SEU SERVICIO.-
- 202 V. ESTADO FLORECENTE DA CASA DE ANDRADE.-
- 203 VI. A GUERRA DOS IRMANDIÑOS: AS SÚAS CAUSAS; CONCORDIAS E IRMANDADES.-
- 206 VII. OS CAUDILLOS.-
- 207 VIII. FORTALEZAS DERRUBADAS.-
- 211 IX. A GUERRA DOS IRMANDIÑOS NAS TERRAS DO DE ANDRADE.

PAX.215-237 VII.- DIEGO DE ANDRADE

- 217 I. CARÁCTER DESTE PERSONAXE.-
- 219 II. PRINCIPAIS DA SÚA CASA ÓS QUE DADA SOLDÓ.-
- 220 III. AS SÚAS RIQUEZAS.-
- 222 IV. O SEÑORÍO ECLESIAÍSTICO DE SAN MARTIÑO DE XUBIA.-
- 223 V. O DE ANDRADE, DESPOIS DE SE APODERAR DE PONTEDEUME, AXUDA A LOPE SÁNCHEZ DE MOSCOSO CONTRA O ARCEBISPO FONSECA: BATALLAS DE ALTAMIRA, VIMIANZO, MESÍA, ALCOBRE E PICOSACRO.-
- 226 VI. AXUDA DIEGO DE ANDRADE A LOPE SÁNCHEZ DE MOSCOSO CONTRA SANCHE SÁNCHEZ DE ULLOA.-
- 227 VII. LOITA DO DE ANDRADE CON PARDO DE CELA EN SAMARUGO.-

Índice de capítulos

VIII. ESTADO ANÁRQUICO DO PAÍS GALEGO Ó COMEZO DO REINADO DOS REIS CATÓLICOS; LOITA O DE ANDRADE POLOS REIS EN VIVEIRO, PONTEVEDRA E A CORUÑA.-	227
IX. A SANTA IRMANDADE E A INSTITUCIÓN DA XUSTIZA.-	230
X. RESISTENCIA DOS NOBRES A OBEDECE-LO PODER REAL; O MARISCAL PARDO DE CELA; A REBELIÓN DE FERNÁN ARIAS DE SAAVEDRA.-	232
XI. VIAXE DOS REIS CATÓLICOS A GALICIA; LEVAN Á CORTE ÓS CONDES DE MONTERREI E ALTAMIRA E A DIEGO DE ANDRADE; ESTRAÑO CASAMENTO DE DON RODRIGO OSORIO; INTERVÉN O DE ANDRADE NA GUERRA DE GRANADA.-	234
XII. O SEU PASAMENTO.	237
VIII.- DON FERNANDO DE ANDRADE	PAX.239-266
I. LAMENTABLE ESQUECEMENTO NO QUE SE TIVO A ESTE PERSONAXE.-	241
II. OS SEUS PRINCIPAIS FEITOS DE ARMAS.-	242
III. AS SÚAS CAMPAÑAS EN ITALIA.-	245
IV. RECLAMA PARA GALICIA O VOTO DE CORTES.-	252
V. XESTIONA SER NOMEADO CAPITÁN XENERAL DE GALICIA.-	256
VI. FUNDA O CONVENTO DE AGOSTIÑOS DE PONTEDEUME E MAILA IGREXA PARROQUIAL.-	260
VII. O SEU CASAMENTO CON DONA FRANCISCA DE ZÚÑIGA.-	264
VIII. PASAMENTO DE DON FERNANDO DE ANDRADE.-	265

Historia de Pontedeume

T E R C E I R A P A R T E DESDE A FUSIÓN DA CASA DE ANDRADE COA DE LEMOS ATA OS NOSOS DÍAS

PAX.269-276 I.- A CASA DE LEMOS

- 271 I. CARÁCTER DA HISTORIA DESTE PERÍODO.-
- 271 II. A XURISDICCIÓN DE PONTEDEUME NOS ÚLTIMOS TEMPOS DOS SEÑORÍOS.-
- 273 III. DEREITOS QUE RECIBÍA A CASA DE LEMOS.-
- 274 IV. DON PEDRO DE CASTRO E ANDRADE E MAILOS SEUS SUCESTORES.

PAX.277-307 II.- ACONTECEMENTOS POLÍTICOS E MILITARES

- 279 I. AS TROPAS DE PONTEDEUME; AS MURALLAS.-
- 282 II. OS INGLESES E O PORTO DE FERROL; BLOQUEOS DO 1800 E 1804.-
- 283 III. GUERRA DA INDEPENDENCIA; SUCESOS ACONTECIDOS NA BISBARRA.-
- 289 IV. CURIOSO INCIDENTE ENTRE PONTEDEUME E BETANZOS SOBRE UNHA CONTRIBUCIÓN DE GUERRA IMPOSTA POLOS FRANCESES.-
- 297 V. REBELIÓN DE PORLIER; PONTEDEUME AHÍRESE Ó MONARCA.-
- 299 VI. PARTIDAS DE FACCIOSOS.-
- 300 VII. XURAMENTO DA CONSTITUCIÓN NO 1836 E 1837.-
- 303 VIII. OS PRONUNCIAMENTOS E A SÚA REPERCUSIÓN NO PAÍS.-
- 304 IX. A SUBLEVACIÓN DE SOLÍS NO ANO 1846.-
- 306 X. O LEVANTAMENTO REPUBLICANO DE FERROL NO 1872.

PAX.309-329 III.- VIDA ECONÓMICA.

- 311 I. POBOACIÓN; PRODUCCIÓN NATURAIS; BELEZAS DA COMARCA.-
- 312 II. MANIFESTACIÓNS DO TRABALLO INDUSTRIAL; RIQUEZA AGROPECUARIA E ANTIGA EXPLOTACIÓN VINÍCOLA; PESCA DE MAR, A CESTERÍA E EXPORTACIÓN DE MARISCOS; O APROVEITAMENTO DO RÍO EUME; CONFECCIÓN DE ENCAIXES; CURTIMENTO DE SOLAS; ALGUNHAS INDUSTRIAS DESAPARECIDAS.-

Índice de capítulos

III. MOVEMENTO COMERCIAL; REGULACIÓN DE COMPRAS E DE VENDAS.-	321
IV. COMUNICACIÓNS; ESTRADAS E CAMIÑOS VECIÑAIS; O FERROCARRIL BETANZOS-FERROL.-	323
V. DON FRUTOS SAAVEDRA MENESES E A SÚA PROTECCIÓN Ó DISTRITO.-	326
IV.- DESENVOLVEMENTO CULTURAL.	PAX.331-345
I. DON JUAN BELTRÁN DE ANIDO ESTABLECE UNHA CÁTEDRA DE LATI- NIDADE EN PONTEDEUME.-	333
II. DONATIVO DE DON FRANCISCO PÉREZ.-	334
III. COMO O CONCELLO CUMPRIU O ESTATUÍDO.-	334
IV. UN EPISODIO DA CÁTEDRA DE LATINIDADE.-	337
V. AS ESCOLAS DA VILA; FUNDACIÓN DE RAJOY.-	337
VI. O CONCELLO APLÍCALLE A ESTA FUNDACIÓN OUTROS FONDOS.-	340
VII. ESCOLAS NACIONAIS E ACCIÓN CULTURAL PARTICULAR; OS COMARCÁNS RESIDENTES EN AMÉRICA.-	341
VIII. XORNALISMO.-	342
IX. FESTAS DE CULTURA.	344
V.- INSTITUCIÓNS BENÉFICAS.	PAX.347-357
I. HOSPITAIS DOUTRORA.-	349
II. O ASILO DE ANCIÁNS.-	349
III. SERVICIO MÉDICO.-	351
IV. FUNDACIÓNS DE NOGUERIDO E MANCEBO; COMO SE VIÑERON CUM- PRINDO ESTAS DÚAS FUNDACIÓNS.-	352
V. PROXECTOS DE CONVENTOS DE RELIXIOSAS.-	354

Historia de Pontedeume

PAX.359-383 VI.- O CULTO.

- 361 I. FESTAS RELIXIOSAS.-
- 363 II. CONCORDIA DO CONVENTO DE AGOSTIÑOS CO PÁRROCO.-
- 365 III. CONFRARÍAS.-
- 366 IV. A CONFRARÍA DA VERA CRUZ.-
- 367 V. CONFRARÍA DA SOIDADE.-
- 368 VI. A CONGREGACIÓN DA NOSA SEÑORA DAS DORES.- VII. O VOTO DE
SAN NICOLAO DE TOLENTINO.-
- 381 VIII. FESTEXOS PROFANOS.-

PAX.385-396 VII.- A VILA DE PONTEDEUME

- 387 I. O ANTIGO RECINTO DA VILA.-
- 388 II. OS ADIANTOS DESDE O SÉCULO XVI.-
- 389 III. RÚAS, PRAZAS, PASEOS E XARDÍNS.-
- 391 IV. EDIFICACIÓNS RELIXIOSAS.-
- 393 V. EDIFICACIÓNS CIVÍS.-
- 394 VI. ASPIRACIÓNS PARA O FUTURO.

PAX.397-414 VIII.- A IGREXA PARROQUIAL.

- 399 I. A CAPELA MAIOR.-
- 400 II. A EDIFICACIÓN DE RAJOY.-
- 404 III. CONSAGRACIÓN DA IGREXA.-
- 408 IV. FUNDACIÓNS QUE RAJOY DEIXOU NELA ESTABLECIDAS.-
- 410 V. ALFAIAS QUE POSÚE.

PAX.415-425 IX.- O SANTUARIO DAS VIRTUDES.

- 417 I. A CAPELA PRIMITIVA.-

Índice de capítulos

II. DEVOCIÓN Á VIRXE DAS VIRTUDES.-	418
III. COPEIRO REEDIFICA A IGREXA.-	421
IV. FUNDACIÓN ESTABLECIDA POR EL.-	423
V. UNHA PREGARIA DE MURGUÍA	424

A P É N D I C E FILLOS NOTABLES

I. RAZÓN DESTE APÉNDICE.-	429
II. FERNÁN MARTÍS.-	429
III. VASCO DA PONTE.-	430
IV. ALONSO PITA DA VEIGA.-	431
V. DONA ISABEL DE CASTRO E ANDRADE.-	433
VI. DON PEDRO TIMIDAOS DE SEIJAS.-	434
VII. DON FRANCISCO DE SEIJAS E LOSADA.-	435
VIII. DON FERNANDO RIOBÓO E SEIJAS.-	436
IX. DON BARTOLOMÉ RAJOY E LOSADA.-	437
X. DON PEDRO DE OMBRE E VARELA.-	440
XI. DON AGUSTÍN DÍAZ ROBLES.-	442
XII. DON FRANCISCO BERMÚDEZ DE SANGRO.-	444

TEXTOS

DOCUMENTO I.-	449
DOCUMENTO II.-	451
DOCUMENTO III.-	453
DOCUMENTO IV.-	455